CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 10

2008

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretaria Xeral de Política Lingüística
María Sol López Martínez

Coordinador científico do CIRP
Manuel González González

Director Técnico de Lingüística
Guillermo Rojo Sánchez

Estrada Santiago-Noia, Km. 3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.es
http://www.cirp.es

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008

Autor Varios

Título *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008

Periodicidade Anual.

ISSN: **1698-7861** (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISSN: **1698-787X** (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L.: VG 1302-2004

Imprime: Galigraf Galicia, S.L.

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: DICE, DIALNET, LATINDEX, REBIUN, e SUDOC-ABES, e pode lerse en tódalas bibliotecas das Facultades de Letras, Humanísticas e de Tradución de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont).

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 10

2008

ISSN: 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Secretaria: María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)

CONSELLO CIENTÍFICO

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luís González García (Universidade da Coruña)
Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Carme López Taboada (I.E.S. Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Cristina Rodríguez Nieto (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María do Rosario Soto Arias (I.E.S. Eusebio da Guarda da Coruña)
Emma Mª Salgueiro Veiga (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Alba Vidal Fernández (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseolóxica, está redactada en lingua galega porque, en primeiro lugar, pretende estimula-la recolla e investigación da fraseoloxía galega e da fraseoloxía universal en Galicia; pero tamén porque forma parte dun proxecto social de normalización da lingua propia de Galicia. Importantes fraseológos de Europa e de América colaboran xenerosamente neste proxecto de ecoloxía lingüística publicando en galego traballos inéditos nesta revista, que chega xa gratuitamente a cincuenta dos máis importantes fraseólogos do mundo e, en intercambio, a tódalas bibliotecas universitarias de España e Portugal. Chegará tamén a tódalas outras bibliotecas universitarias que o soliciten en intercambio. Os números anteriores, xa esgotados, poden baixarse integramente en formato PDF da Rede en http://www.cirp.es/pub2/index.html.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista de investigación fraseológica, está redactada en lengua gallega porque, en primer lugar, pretende estimular la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal en Galicia; pero también porque forma parte de un proyecto social de normalización de la lengua propia de Galicia. Importantes fraseólogos de Europa y de América colaboran generosamente en este proyecto de ecología lingüística publicando en gallego trabajos inéditos en esta revista, que ya llega gratuitamente a cincuenta de los más importantes fraseólogos del mundo y, en intercambio, a todas las bibliotecas universitarias de España y Portugal. Llegará también a las demás bibliotecas universitarias que lo soliciten en intercambio. Los números anteriores, ya agotados, pueden descargarse íntegramente en formato PDF de Internet en http://www.cirp.es/pub2/index.html.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, annual review of phraseological research, is edited in Galician language, firstly because it aims at promoting the collection and research of both Galician and universal phraseology in Galicia, but also because it is part of a social project of normalization of the autochthonous language of Galicia. Important European and American phraseologists generously contribute to this project of linguistic ecology by publishing unpublished works in Galician in this review, which is already received at no cost by fifty of the most important phraseologists in the world and, as an exchange, by all Spanish and Portuguese university libraries. It will also be received by those university libraries which apply for it in exchange. The previous numbers, already sold out, can be entirely downloaded on PDF format from the Internet at http://www.cirp.es/pub2/index.html.

Presentación

A sección de ESTUDOS do décimo volume de Cadernos de Fraseoloxía Galega ofrece doce traballos que se reparten así: dez estudos taxonómicos ou fraseográficos entre os que se inclúen: *Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas*, de Véselka Ángelova Nénkova e Carlos González-Espresati; *As unidades fraseolóxicas no castelán de Cataluña. Revisión dunha norma constituínte a partir da perspectiva histórica*, de Jenny Brumme; *Elementos de descrición dos adverbios fixos do catalán no dominio culinario*, de Dolors Català Guitart; *Apuntamentos sobre fraseoloxía e literatura*, de Isabel Echevarría Isusquiza e Javier Arbulu Aguirre; *Literal/metafórico, proverbio/non proverbio? Para unha identificación das locucións estereotipadas expresivas*, de Abdendi Lachkar; e *Locucións e colocacións: algunhas causas da coaparición dos seus formantes*, de Juan A. Martínez López e Gunn Aarli.

O antropólogo Marcial Gondar Portasany explora a necesaria colaboración entre antropólogos e fraseólogos no artigo *A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseoloxía. O caso dos "dicta" populares sobre o paseo e a paisaxe*.

A comparación plurilingüe está presente cos traballos de Mª José Corvo Sánchez (*Dúas seccións fraseolóxicas plurilingües nos Sprachbücher de Juan Ángel de Zumaran*); Angelika Menaker (*As funcións da cor verde en unidades fraseolóxicas españolas, húngaras e alemás*); Silvia Molina Plaza (*Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos*); e Mona Noueshi (*Os grandes pícaros nas anécdotas e modismos alemáns e árabes. Un estudo comparativo*).

A fraseodidáctica ten tamén presencia neste número co traballo de Stefan Ettinger *Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación*.

Na sección de RECADÁDIVAS Xesús Ferro Ruibal dá conta do *Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro*, onde se recompilan 254 refráns. Segue a publicación das *Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo* recollidas por Dorinda Penín Rodríguez en San Lourenzo de Abelendo (A Limia), onde se ofrecen 119 expresións cos correspondentes exemplos de uso.

Na sección de RECENSIÓNS Luis González García analiza *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología,* de María Álvarez de la Granja; Emma Mª Salgueiro Veiga *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*, e Cristina Rodríguez Nieto *El componente etnolingüístico de la paremiología*, de Xermán Conde Tarrío; Xosé María Gómez Clemente o *Dicionario de Fraseoloxía Galega*, de Carme López Taboada e María Rosario Soto Arias; Xermán Conde Tarrío *La didactique du français idiomatique*, de Isabel González Rey Claudia

Herrero Kaczmarek *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*; Alba Vidal Fernández *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, de Carmen Mellado Blanco. Mª Isabel González Rey dá conta da obra de Marion Netzlaff, *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol* e Carmen Mellado Blanco de *Fraseografía teórica y práctica*, de Maria Eugênia Olimpio de Oliveira Silva. Por último, Paula Quiroga Munguía reseña a obra *Hai Voluto la bicicletta… Esercizi su fraseología e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2*, de Pablo Zamora Muñoz, Arianna Alessandro, Eleonora Ioppoli e Federica Simona.

Esta sección complétase coa de NOVAS na que se dá noticia de libros e artigos chegados á Redacción, así como tamén se fai unha presentación de Fraseonet (o novo grupo de Investigación sobre Fraseoloxía e Paremioloxía, creado por profesores e profesoras da Universidade de Santiago de Compostela) e Frasespal (proxecto de investigación interuniversitario *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico*).

Inclúese por último un BALANCE dos dez primeiros números de Cadernos de Fraseoloxía Galega.

Neste número están representadas as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo; a Escola Oficial de Idiomas de Vigo; o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; a Universidade Autónoma de Barcelona (Universitat Autónoma de Barcelona); a Universidade Pompeu Fabra (Universitat Pompeu Fabra); a Universidad de Valladolid; a Universidad Politécnica de Madrid; a Universidade do País Vasco (Euskal Erico Unibertsitatea); a Universidade do Cairo (Exipto); a Universidade Eötvös Loránd de Budapest (Eötvös Loránd Tudományegyetem), Hungría; a Universidade de Augsburgo (Universität Augsburg), Alemaña; a Universidade Ibn Zohr (Université Ibn Zohr), Marrocos; a Universidade Norueguesa de Ciencias Empresariais (Norges Handelshøyskole – Forsiden –NHH) e a Universidade de Bergen (Universitetet i Bergen), Noruega.

Cadernos de Fraseoloxía Galega agradece as colaboracións recibidas e mais as que xa se anuncian, así como a atención con que a reciben diferentes investigadores e Universidades de Europa, África e América. E, como algúns dos números anteriores xa están esgotados, informa que se poden baixar íntegros en formato PDF da nosa páxina na Rede http://www.cirp.es/pub2/index.html.

As colaboracións para o vindeiro número deberán estar na Redacción antes do 1 de marzo do 2009, e a data de aceptación é o 15 de maio de 2009. Como a conversión de formatos entre diferentes procesadores de texto non sempre é doada, CFG solicítalles ós futuros colaboradores que se ateñan estritamente ás normas de estilo, que se inclúen ó final deste número (pp. 349-351).

O Consello de Redacción

Índice

ESTUDOS..... **13**

ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka e GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos. *Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas*..... 15

BRUMME, Jenny. *As unidades fraseolóxicas no castelán de Cataluña. Revisión dunha norma constituínte a partir da perspectiva histórica*..... 35

CATALÀ GUITART, Dolors. *Elementos de descrición dos adverbios fixos do catalán no dominio culinario*..... 55

CORVO SÁNCHEZ, Mª José. *Dúas seccións fraseolóxicas plurilingües nos Sprachbücher de Juan Ángel de Zumaran*..... 67

ECHEVARRÍA ISUSQUIZA, Isabel e ARBULU AGUIRRE, Javier. *Apuntamentos sobre fraseoloxía e literatura*..... 79

ETTINGER, Stefan. *Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación*..... 95

GONDAR PORTASANY, Marcial. *A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseoloxía. O caso dos "dicta" populares sobre o paseo e a paisaxe*..... 129

LACHKAR, Abdenbi. *Literal/metafórico, proverbio/non proverbio? Para unha identificación das locucións estereotipadas expresivas*..... 163

MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A. e AARLI, Gunn. *Locucións e colocacións: algunhas causas da coaparición dos seus formantes*..... 175

MENAKER, Angelika. *As funcións da cor verde en unidades fraseolóxicas españolas, húngaras e alemás*..... 189

MOLINA PLAZA, Silvia. *Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos*..... 207

NOUESHI, Mona. *Os grandes pícaros nas anécdotas e modismos alemáns e árabes. Un estudo comparativo*..... 221

RECADÁDIVAS..... 239

FERRO RUIBAL, Xesús. *Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro*..... 241
PENÍN RODRÍGUEZ, Dorinda. *Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo*..... 255

RECENSIÓNS..... **265**

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María. *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Por Luis González García..... 267
CONDE TARRÍO, Germán. *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Por Emma Mª Salgueiro Veiga..... 274
CONDE TARRÍO, Germán. *El componente etnolingüístico de la paremiología*. Por Cristina Rodríguez Nieto..... 279
GONZÁLEZ REY, Isabel. *La didactique du français idiomatique*. Por Xermán Conde Tarrío..... 283
LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario. *Dicionario de fraseoloxía galega*. Por Xosé María Gómez Clemente..... 284
MELLADO BLANCO, Carmen. *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Por Claudia Herrero Kaczmarek..... 287
MELLADO BLANCO, Carmen. *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Por Alba Vidal Fernández..... 290
NETZLAFF, Marion. *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol*. Por Mª Isabel González Rey..... 294
OLIMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia. *Fraseografía teórica y práctica*. Por Carmen Mellado Blanco..... 298
ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora e SIMONA, Federica. *Hai Voluto la bicicletta… Esercizi su fraseología e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2*. Por Paula Quiroga Munguía..... 304

NOVAS **309**

Fraseonet: Grupo de investigación en fraseoloxía e paremioloxía.... 311

Frasespal: Proxecto de investigación interuniversitario *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico*..... 312

Libros, revistas ou artigos recibidos..... 313

BALANCE..... 333

Índice dos dez primeiros números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 1,2000 – 10,2008..... 335

Notas para a presentación de colaboracións..... 349

Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1994-2007..... 353

Estudos

Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas

Véselka Ángelova Nénkova e Carlos González-Espresati[1]

Universidad de Valladolid

O diminutivo funciona como estratexia cortés na modulación dos actos de fala, na toma de quendas e na negociación do significado. As unidades fraseolóxicas, que en ocasións posúen unha estrutura oracional, constitúen un bo campo de probas para estudar os distintos valores dos diminutivos e a súa relación co grao de fixación da propia unidade. Neste traballo estudaremos tres tipos de unidades fraseolóxicas nas que aparecen diminutivos: 1) as fixadas na súa orixe con diminutivos, 2) ás que se lles engadiu un diminutivo na súa estrutura e 3) as fixadas na súa orixe con diminutivo ou sen el.

Palabras clave: diminutivos, unidades fraseolóxicas, actos de fala.

Diminutives act as a courteous strategy in the modulation of speech acts, in turn-taking and in negotiation of meanings. Phraseological units –which sometimes have a sentence structure, constitute a good testing field to study the different values of diminutives and their relationship with the degree of fixation of the own unit. In this paper we will analyse three types of phraseological units where diminutives are present: 1) units originally fixed with diminutives, 2) units which added a diminutive in their structure, and 3) units originally fixed with or without diminutives.

Keywords: diminutives, phraseological units, speech acts.

1. Introdución

Nos estudos sobre morfoloxía apreciativa contraponse a natureza dos sufixos diminutivos ao resto dos sufixos derivativos dado que os primeiros non alteran nin o marco de subcategorización, nin a categoría sintáctica e, ademais, o significado da base case non varía. É no plano da enunciación onde se activan os múltiples valores semántico-pragmáticos do diminutivo. O diminutivo funciona como estratexia cortés na modulación dos actos de fala, na toma de quendas e na negociación do significado. As unidades fraseolóxicas, que en ocasións posúen unha estrutura oracional, constitúen un bo campo de probas para estudar os distintos valores dos diminutivos e a súa

[1] Tradución de Lucía Álvarez e María Villarroel.

relación co grao de fixación da propia unidade. García-Page (1989: 60-61) subliña que nunha expresión fixa "cualquier modificación que se produzca, puede convertir la UF en una combinación de elementos de la técnica libre de discurso, y, por lo tanto, funcionar con las propiedades características de esta". A nosa intención é comprobar se, como sería o esperable, os diminutivos desautomatizan as unidades fraseolóxicas e, en todo caso, observar se se activan as súas funcións pragmáticas. A perspectiva de análise do diminutivo adoptada neste traballo é debedora das análises de Dressler e Barbaresi (1994) e de Schneider (2003) que comparten a opinión de que os diversos mecanismos lingüísticos, que serven para expresar os valores diminutivos, posúen unha orixe cognitiva común aínda que a súa manifestación difira intralingüística e extralingüisticamente. O mecanismo particular que estudaremos aquí non é outro que o sufixo diminutivo.

2. O corpus

En cada exemplo analizaremos o tipo de sufixo, o tipo de base, o tipo de acto de fala ou de contexto, e os efectos pragmáticos logrados segundo a escala pragmática de Leech (1983). Canto ao corpus seleccionado, a maioría dos exemplos están extraídos da televisión e da radio, medios de comunicación cuxa linguaxe é cada vez máis próxima á linguaxe coloquial e que, por iso, constitúen un bo banco de probas para dar conta dos modos en que o falante utiliza os diminutivos en español. As expresións fixas a miúdo adáptanse de diversas maneiras ao contexto lingüístico que as inclúe. Dito procedemento é moi típico no discurso literario, na linguaxe publicitaria e periodística. Neste traballo estudaremos dous tipos de unidades fraseolóxicas nas que aparecen diminutivos: 1) as fixadas na súa orixe con diminutivos, 2) ás que se lles engadiu un diminutivo na súa estrutura e 3) as fixadas na súa orixe co diminutivo e sen el.

3. As unidades fraseolóxicas

O termo "unidade fraseolóxica" inclúe, convencionalmente, as combinacións fixas de palabras que se coñecen tamén coas seguintes denominacións: *modismos, locucións, frases feitas, idiomatismos, fórmulas pragmáticas, proverbios, refráns*, *sentenzas*, *ditos* etc. Partindo da concepción ampla da fraseoloxía, englobamos baixo o termo "unidade fraseolóxica" todas aquelas combinacións que se caracterizan por unha alta frecuencia de aparición na lingua e que están formadas por dúas ou máis palabras cuxo límite superior é a oración composta.

Para o noso fin, tendo en conta as características das expresións fixas (a fixación dos elementos, a idiomaticidade, a estrutura sintáctica, a independencia textual e enunciativa), propoñemos o estudo dos conceptos que se agrupan baixo o termo de "unidade fraseolóxica" seguindo a clasificación que propón Corpas Pastor (2000: 484), a saber: 1) colocacións, 2) locucións e 3) enunciados fraseolóxicos; unha clasificación que hoxe en día goza de gran aceptación entre os fraseólogos.

3.1. Unidades fraseolóxicas que recibiron diminutivos

3.1.1. Colocacións

As colocacións son sintagmas usuais e estables como as locucións e os enunciados fraseolóxicos. Trátase de sintagmas completamente libres aos que o uso lles conferiu certo grao de restrición combinatoria. *Guiñar un ojo, calar hondo, ignorancia supina, inflación galopante* etc. son combinacións habituais, de menor grao de fixación que as locucións (Corpas 1996: 53; Wotjak 1998: 258; Koike 2001: 27). As colocacións son aquelas unidades fraseolóxicas formadas por dúas ou máis unidades léxicas en relación sintáctica, que non constitúen, por si mesmas, actos de fala nin enunciados e que, debido á súa fixación na norma, presentan restricións de combinación establecidas polo uso, xeralmente de base semántica (Corpas Pastor 1996: 66).

Segundo Wotjak (1998: 258), as colocacións posúen un determinado grao de "socialización, utilización e lexicalización" e aseméllanse ás outras unidades fraseolóxicas, posto que son expresións fixas que gozan de certo grao de preditibilidade. Non se deben confundir coas outras unidades fraseolóxicas idiomáticas pero pódense comparar coas non idiomáticas. Son pezas "prefabricadas" da fala e elementos do "discurso repetido", segundo a teoría de Coseriu ([1980] 1981). Trátase, pois, dun subgrupo bastante frecuente de unidades fraseolóxicas que se opoñen claramente aos sintagmas libres. E, segundo Koike (2001: 37), a distinción entre unha colocación e unha locución débese establecer sobre a base da distinción entre o sentido literal (colocación) e o sentido figurado (locución). É dicir, "se trata de colocaciones que, empleadas con uso figurado, se convierten en locuciones".

Vexamos os seguintes exemplos de colocacións que sufriron un cambio na súa estrutura a través dun diminutivo, sen perder o seu sentido colocacional:

(1) *eliminar/ bajar kilos*

"Para *eliminar* esos *kilitos* de más. No tiene físico para jugar en el R. Madrid. Le falta bajar unos *kilitos*".

(Radio *Marca*, 17-1-06, 11:31)

Quilo é un substantivo masculino concreto. En principio, o seu contido semántico está inherentemente delimitado e non admite a variación da perspectiva do tamaño, que é o valor denotativo do diminutivo. Polo tanto, a interpretación máis plausible que se deriva da aplicación do diminutivo non é de tipo semántico senón que é de tipo pragmático. No seu discurso, o falante emite un xuízo de valor sobre a condición física dun futbolista e o diminutivo serve para atenuar a crítica neste acto de fala expresivo. O diminutivo degrada a forza da crítica ao presentar o obxecto da crítica como algo pequeno e fácil de superar. Neste caso, o diminutivo actúa máis no nivel oracional (semántico-pragmático) que no propiamente pragmático.

(2) *perder la fe*

"La gente salía del Bernabeu con la fe por su equipo completamente *perdidita*".

(*Maracaná 05*, 21-11-05, Barça gañou 3-0)

A unidade fraseolóxica *perder la fe* é unha colocación de tipo verbo + substantivo que neste exemplo, como podemos ver, está transformada nunha colocación de tipo substantivo + participio na que, ademais, se introduciu un adverbio (completamente) entre os dous compoñentes da colocación transformada. O participio do verbo *perder* (participio regular) é a base de afixación. Isto pon de manifesto que o diminutivo tamén se engade a bases participiais e adxectivais, coas que desenvolve unhas funcións peculiares, posto que non pode referirse á súa base en relación co seu significado denotativo 'tamaño' polo que hai que buscar outros significados alternativos. A reporteira realiza un novo xuízo de valor sobre a situación psicolóxica dos afeccionados do Real Madrid tras unha derrota contra o Barcelona. En contraste coa colocación de *La gente salía del Bernabeu con la fe por su equipo completamente* ***perdida*****,** neste acto de fala asertivo o diminutivo intensifica de modo redundante o participio do verbo 'perder' e, lateralmente, toda a unidade fraseolóxica 'perder la fe'.

(3) *hacer una llamada*

"Tu padre ha hecho una *llamadita*, puedes irte […]"

(Dille un policía a un presunto asasino dunha adolescente, insinuando que se sae da cela é só porque o pai utilizou as súas influencias para logralo)

Neste exemplo, *llamadita* pertence a un grupo de substantivos relacionados semanticamente (*llamadita*, *charlita*, *parlita*, *recadito*, *mensajito*) que, ao recibir un diminutivo, pon de manifesto a actitude ou a avaliación negativa do falante sobre o contido no amigable da mensaxe. O substantivo feminino concreto *llamada* está formado sobre o verbo *llamar*. Neste exemplo, o diminutivo utilízase nun acto de fala asertivo que fai referencia a unha acción realizada por unha terceira persoa. Por un lado, a chamada é avaliada negativamente polo diminutivo ao diminuír a súa importancia cando a posibilidade de levar a cabo unha acción deste tipo implica ter moito poder. Por outro lado, o diminutivo expresa a actitude negativa do falante cara ao emisor e ao contido da chamada (este aspecto compleméntase coa entoación irónica). O contraste entre o peso importante da chamada e a nota de pouca entidade semántica do diminutivo provoca un choque irónico que tinxe de burla toda a expresión. Así pois, o diminutivo atenta contra a imaxe positiva do destinatario (e do seu pai).

(4) *mandar un recado*

"Roberto Carlos, jugador del Madrid, le *mandó un recadito* a Eto'o: 'en dos semanas atraparemos al Barcelona y seremos líderes'".

(*Maracaná 05*, 16-11-05)

Atopámonos perante un acto de fala asertivo no que a acción é avaliada negativamente polo diminutivo no sentido de que o recado non é un recado normal: é un aviso ou unha chamada de atención a Eto'o. O diminutivo produce ironía mediante o choque que se produce entre a diminución da forma dun substantivo e, asemade, da intensificación do seu contido semántico. Neste tipo de contextos, os substantivos que designan medios ou soportes de comunicación como *mensaje*, *recado*, *llamada*, *palabra* etc. producen resultados irónicos cando son empregados con diminutivo. Dende un punto de vista

simplemente semántico, un *mensajito* pode ser unha mensaxe curta, pero tamén unha mensaxe que se distancia do que prototipicamente entendemos pola maneira de comunicar algo, isto é, unha variante dunha mensaxe 'X', ou sexa, 'X + modificación'. Se a proposición non contivese o diminutivo, o seu valor sería neutro e non existiría a ironía.

Analizamos o valor dos diminutivos nalgunhas colocacións atopadas nos medios de comunicación. A seguir, propoñémonos realizar unha proba formal con algunhas colocacións descontextualizadas para comprobar o grao de aceptabilidade dos nosos sufixos. A nosa intención é, ademais, comprobar que bases aceptan os diminutivos e baixo que premisas:

(1) *desempeñar un papel / desempeñar un papel**ito***

A base de afixación é substantiva. O diminutivo minimiza a importancia do papel.

(2) *declarar la guerra / declarar la guerr**ita***

A afixación é posible. Talvez existise unha restrición semántica que imposibilitaría unir a algo tan serio como unha declaración de guerra un diminutivo nalgunhas situacións, mais sempre é posible pensar nun contexto o suficientemente absurdo ou sarcástico no que isto sexa posible. Por outro lado, non existen restricións formais sobre a base substantiva.

(3) *trabar amistad* / *trabar amistadita

Neste caso existe unha restrición formal e semántica. Os substantivos abstractos formados co sufixo *–dad*, *–idad*, non admiten o sufixo diminutivo. En xeral, os substantivos demasiado abstractos e os que pertencen a rexistros demasiado elevados (Rainer 1990) non admiten o diminutivo a non ser que os contextos se volvan extraordinariamente afectivos.

(4) *calar hondo / calar hond**ito***

O adxectivo *hondo* admite a sufixación. O valor que transmite é de intensificación do adxectivo e do valor ostensible de toda a colocación.

(5) *ignorancia supina* / *ignorancia supinita

(6) *inflación galopante* / *inflación galopantita

(7) *sentir dolor / sentir dolorc**ito***

(8) *batalla campal / batall**ita** campal*

(9) *apagar la sed /* *apagar la sedita

(10) *saldar una deuda / saldar una deud**ita***

(11) *enemigo acérrimo /* *enemigo acerrimito

(12) *resultar ileso* / *resultar iles**ito***

(13) *tocar el piano* / *tocar el pian**ito***

En xeral, compróbase que as restricións de emprego de diminutivos nestas colocacións son as mesmas que se manifestan en estruturas máis simples como a palabra. De feito, estas restricións só actúan sobre as bases das unidades fraseolóxicas que non admiten este tipo de sufixo, ben por motivos semánticos (existe unha restrición semántica que actúa sobre palabras con significado abstracto ou cuxo ámbito de emprego é demasiado técnico ou culto: *amistad*, *acérrimo*, *supina*), ben pola estrutura morfofonolóxica cuxa lonxitude e final de palabra bloquea o emprego do diminutivo como sucede con *sed* ou *galopante*. Sufixar *enemigo* atenuaría e entraría en contradición co significado global da colocación. É un caso inverso ao anterior porque o diminutivo traballa na mesma dirección semántica que a colocación.

Nas colocacións, o diminutivo non actúa modificando o seu contido semántico xa que este continúa inalterado. Posto que non parece haber unha gran resistencia no emprego de diminutivos nas colocacións, isto parece reforzar a idea de que as colocacións non constitúen unha categoría cerrada e estable. Polo contrario, as colocacións son combinacións frecuentes que ás veces se achegan ás expresións libres e, en certos casos, se aproximan ás expresións idiomáticas. É o falante o que posúe a opción estratéxica de engadir un diminutivo a estas formacións e, polo tanto, a súa función é de natureza pragmática. O diminutivo pode modificar a base de afixación dun modo semántico-pragmático ou ben pode afectar a toda a preferencia dunha maneira plenamente pragmática (Briz 2001). Non parece haber diferenza entre o efecto que o diminutivo produce nas colocacións e no resto das palabras tanto dende un punto de vista semántico- pragmático coma dende un punto de vista pragmático.

As colocacións non perden as características que lles son propias, tales como a estabilidade nin a súa recorrencia no uso, nin o seu grao de preditibilidade, incluso a suma do significado das súas partes segue correspondendo ao significado da expresión. Talvez contribúa o feito de que as colocacións non sexan en si unidades cun alto grao de fixación, ou talvez se deba ás características propias do diminutivo que non alteran a natureza semántica do referente.

No que atinxe aos tipos de bases analizadas, a maioría das consideradas nestes exemplos son substantivos. O diminutivo do español posúe unha tendencia natural a preferir os substantivos como base de afixación. Neste tipo de bases desempeña a función pragmática de mitigar a palabra ou a forza ilocutiva do acto de fala para evitar a rudeza. Por outro lado, os diminutivos poden tamén actuar como intensificadores dunha avaliación negativa. Nos casos con adverbios e adxectivos a súa función máis frecuente é a de intensificar, aínda que estas categorías poden desenvolver outros valores. En conclusión, as colocacións non cambian a súa orde fixada cando se insire un sufixo diminutivo pero si que ven alterado o seu nivel pragmático.

3.1.2. Locucións

As locucións son sintagmas que se comportan como palabras simples. Unhas poden reflectir anomalías estruturais (*a pie juntillas*), outras poden recoller trazos fonéticos peculiares de ritmo ou de rima (*a troche y moche*) ou de palabras diacríticas (*de marras*).

Segundo Zuluaga, Corpas Pastor e Ruiz Gurillo, as locucións son os sintagmas máis estables do español. Ruiz Gurillo (2001: 19) emprega tres exemplos, *cortar el bacalao, dársela con queso* ou *tomar las de Villadiego*, para demostrar que ningún deles permite ampliacións ou substitucións de ningún tipo. Non se pode engadir un sufixo diminutivo (**cortar el bacaladito*), nin un adxacente (**cortar el bacalao salado*), tampouco se permite a transformación en voz pasiva *(*el bacalao fue cortado por Isabel*), nin unha nominalización (**el corte del bacalao*). Calquera substitución non preestablecida, segundo a autora, transforma o sintagma fixo noutro libre e este deixará de actuar en bloque, co cal perderá a fixación e de aí o sentido. Porén, como subliña Koike (2001: 34), hai moitas locucións verbais que admiten a substitución dun verbo por outro (*añadir/echar/poner leña al fuego*, *tomar/coger las de Villadiego*) ou a dun substantivo por outro (*enseñarle los dientes/las uñas a alguien*), sen que cambie o sentido idiomático das locucións. O mesmo podemos dicir do uso dos diminutivos nos seguintes exemplos extraídos dun corpus de xornais e programas de televisión:

(1) *buen rollo* 'bo ambiente'

"No me puedo de [íbd.] creer ese déficit *de buen rollito* […]"

(Pérez-Reverte, *Semanal*, 22 de xaneiro de 2006)

A palabra *rollito* é un substantivo masculino contable que se insire nunha locución para describir unha actitude psicolóxica positiva. Dende un punto de vista formal, existiría unha restrición no uso da variante *–illo*. En principio, o diminutivo cumpre unha función semántica de diminución do tamaño dun rolo. O significado do contexto aclara que a auténtica función do diminutivo é a de intensificar a actitude psicolóxica de 'simpatía' que metaforiza a expresión *buen rollo*. Dende un punto de vista pragmático, o diminutivo ten un peso menor. Encontrámonos ante un acto de fala asertivo que opina sobre o estado das cousas dun terceiro aludido que non é o lector. O peso do diminutivo neste caso non cambia a forza ilocutiva do acto de fala: a avaliación negativa do aludido era previa ao seu emprego, que neste caso intensifica esa avaliación negativa algo cínica.

(2) *dar más bola* 'facer caso a alguén'

"Si tú me lo pides, *le daré más bolilla*".

(frase da xerga adolescente dita por un adolescente arxentino)

O substantivo feminino contable *bola* conforma nesta locución unha metáfora que significa 'hacer más caso'. Dende a perspectiva pragmática estamos ante un acto de fala comisivo, unha oferta, que compromete o falante a unha acción futura. O diminutivo minimiza o custo da aceptación da oferta por parte do destinatario ao presentar a acción como algo pequeno e fácil.

(3) *no dar más bola* 'non facerlle caso'

"Usted lo que tiene que hacer es *no darle más bolilla*"

(*Rebelde way* (serie arxentina), Localia 19-12-05)

Acto de fala directivo que pretende que o oínte pare de facer caso a un terceiro. Como estes actos en esencia danan a imaxe do destinatario, o diminutivo é unha estratexia de cortesía negativa que reduce a ameaza que supón a imposición dunha acción e o custo de levala a cabo por parte do oínte. Neste caso o diminutivo minimiza a acción.

(4) *echar una mano* 'axudar'

a) "Los grandes equipos, cuentan siempre con dos ventajas. La primera, disponen de grandes jugadores, y, la segunda y fundamental, que cuando un rival se le sube a las barbas siempre hay un momento puntual en que el clásico colegiado suele *echar una manita*".

(*Diario As* 18-12-05, páxina 12)

Atopámonos ante un substantivo feminino contable cun diminutivo. Neste caso *mano* posúe unha restrición formal co sufixo *–illo* por homofonía coa palabra *manilla*. O uso deste diminutivo é moi frecuente nas conversacións con nenos que dan lugar a unha linguaxe altamente afectiva. Porén, o caso presente é distinto: *manita* é un dos elementos dunha metáfora co valor de 'ayudar', 'una ayudita' (substantivo feminino contable). Atopámonos, novamente, ante un acto de fala asertivo que critica a actuación dun terceiro aludido que non é o lector: refírese a un penalti pitado inxustamente a favor do Barcelona. O peso do diminutivo neste caso non cambia a forza ilocutiva do acto de fala, a avaliación negativa do aludido era previa ao seu emprego. O diminutivo neste caso intensifica esa avaliación negativa engadindo certa ironía.

b) "Manolo Lama. Grande, pese a que no le hayan dado el Ondas. Por cierto, Manolo, *a ver si me echas una manita* con el tema de los árbitros, que me estoy quedando más solo que la una y así le va a nuestro fútbol".

(Radio *Marca*, 17-3-06)

Neste exemplo atopámonos ante un acto de fala directivo que demanda unha acción *a ver si me echas una mano* que está atenuada mediante o emprego do diminutivo. O diminutivo '*–ita*' trata de reducir a ameaza de que se produza unha imaxe negativa no destinatario minimizando a imposición e o custo da petición. O diminutivo é compatible coas perífrases e outros tipos de atenuadores, pois unha petición realizada como unha obriga forte non permite o emprego do diminutivo sen avaliar negativamente o acto de fala mediante a ironía ou o sarcasmo *échame una manita*.

(5) *sacarse la espina* (col.) 'desquitarse'

"Siempre he querido *sacarme esa espinita* de que me hubiesen dado por lo menos la oportunidad [de ser el portero titular del Atlético de Madrid]"

(*El Norte de Castilla*, 21-12-05. P. 38)

O substantivo feminino contable *espina* recibe un sufixo diminutivo. Neste exemplo a locución é unha metáfora da acción de 'desquitarse dun mal'. Este acto de fala asertivo inclúe un diminutivo que atenúa (diminúe o beneficio propio e busca aprobación) unha

acción con ánimo de vinganza que pode ser mal vista por parte do oínte, aínda que non se inclúa nela.

(6) *entrada (metida) en carnes* 'persoa grosa'

"Está *entradita en carnes*".

(*Rebelde way* (serie arxentina), *Localia* 19-12-05)

Un novo participio con diminutivo esta vez nun acto de fala asertivo que expresa unha opinión. O diminutivo busca unha maior aprobación do interlocutor atenuando unha crítica. En función do tamaño do referente, pode producirse un choque entre o significado do diminutivo 'non serio' e o tamaño do referente que produza ironía.

(7) *hacerse el tonto* 'afectar ignorancia ou distracción'

"[…] ya sabéis la posición que tenéis en mi corazón y si no la sabéis la intuís, no os *hagáis los tontitos*".

(crónica dunha viaxe dunha muller de 28 anos a Alxer)

Acto de fala directivo que demanda unha acción que en principio encarna un risco social: *hacerse el tonto*. En realidade, o acto de fala directivo é só formal porque desde un punto de vista ilocutivo posúe o valor expresivo dun insulto. *Hazte el tonto* formúlase negativamente por un lado e atenúase mediante o diminutivo. A distancia social entre ambos é mínima, trátase de dous amigos e, ademais, o falante adaptou un ton paternalista fronte ao destinatario.

(8) *tener (algo) claro* 'estar seguro de algo'

"Uno de los jugadores, P. García, que ahora no cuenta para el entrenador, lo tiene *clarito*".

(A3, *Telenoticias* 21:30, 17-12-05)

No caso presente, atopámonos ante un acto de fala asertivo que informa sobre a situación laboral dun xogador de fútbol. Non resulta tan importante o acto de fala en si mesmo coma o plano do enunciado, aspecto realmente modificado. O diminutivo intensifica a proposición avaliando máis negativamente, se cabe, a situación.

(9) *paso a paso* 'pouco a pouco'

"Alvaro Mejía, jugador del Real Madrid: Queremos ir *pasito a pasito* y no mirar al Barça".

(Radio *Marca*, 19-1-06, 00:50)

A base *paso* é un substantivo masculino contable que admite gradación de tamaño. Por isto, o diminutivo pode interpretarse semanticamente como un paso pequeno. Esta estrutura reduplicada intensifica a precaución do paso e o uso dobre do diminutivo faino aínda máis. Polo que se refire a este tipo de estruturas, serían axeitadas formacións do tipo *pasito a paso* como sucede tamén con *poquito a poco*. En cambio, a construción inversa non parece posible **paso a pasito*. O acto de fala ante o que nos

atopamos é un acto comisivo no que o falante anuncia o desexo de realizar unha acción futura no seu beneficio. Os diminutivos utilízanse para anticiparse a unha crítica do ouvinte que podería consideralo pretensioso. Así, o diminutivo serve para diminuír o risco social da aseveración.

> (10) *dar una palmada* 'acto físico mediante o que se felicita ou se "ten empatía" con outra persoa '
>
> "Un día te *da una palmadita* en la espalda y, al otro, te mete la cabeza en el retrete".
>
> (dito dun traballador sobre como é o seu xefe, en todo caso, este sempre é un xesto paternalista que en si encerra una xerarquización social)
>
> (*Primera Línea* Nº 183, 2000, páx. 68)

O substantivo feminino *palmada* está configurado como un substantivo designador de golpe ou efecto. O diminutivo, desde un punto de vista oracional, diminúe o golpe. Estamos ante un acto de fala de reproche. Observamos que na primeira proposición a acción levada a cabo polo xefe é positiva para o subordinado, pero o seu xesto é percibido como paternalista e avaliado como negativo por isto. O diminutivo intensifica o substantivo, subliña os efectos positivos do acto e mitiga o feito de que a relación entre os interlocutores se realice en termos de desigualdade de poder e de paternalismo. A proposición 'dar una palmada' sería demasiado ruda, dado que implica contacto físico e é unha acción algo violenta. Na segunda proposición o contido do argumento é dunha dirección oposta e a súa valoración é completamente negativa. O diminutivo neste acto de fala serve para intensificar o contraste entre as dúas proposicións, pero tamén marca a desigualdade entre os personaxes desde un punto de vista sociopragmático.

Como vemos, ao igual que as colocacións, as locucións que admitiron un diminutivo na súa estrutura, non perden as súas características principais. Conservan a estabilidade e a relación entre os compoñentes que as constitúen. Isto débese a que, no castelán, a aplicación do diminutivo non cambia nin o marco de subcategorización da base nin na súa semántica; en todo caso, *altéraa*, segundo a definición de Dardano (1978). O feito de que existan locucións que admitan o emprego do diminutivo é índice de que este elemento non acaba coa súa unidade estrutural, do mesmo modo que non o fai coa das palabras coas que habitualmente se combina. O ámbito de actuación do diminutivo é o do nivel pragmático (ou se acaso o da escasa modificación secundaria segundo a terminoloxía de Coseriu). A súa aparición activa os mecanismos de inferencia pragmática, pero non mina os principios definitorios das locucións. Isto non implica que os diminutivos se poidan utilizar con liberdade nas locucións fraseolóxicas. Parece evidente que o grao de utilización de diminutivos neste tipo de unidades é menor que o que pode recibir as colocacións. Dado que o fenómeno do diminutivo neste tipo de formas fixadas é un fenómeno pragmático, poderiamos argumentar que, nunha escala gradual dependente do falante, a frecuencia dos diminutivos sería maior nas colocacións que nas locucións.

Polo que respecta ao tipo de bases nas que aparecen diminutivos, nestes exemplos aparecen substantivos, adxectivos e participios. Tamén encontramos unha interesante estrutura reduplicada (procedemento avaliativo intensificador) cun diminutivo (con funcións similares) en dous substantivos idénticos: *pasito a pasito*.

No caso dos adxectivos e participios, preséntasenos o problema de como adiviñar se o valor do adxectivo con diminutivo é superior ou inferior ao da súa base de adxunción. En principio, parece que é o falante quen establece dun modo subxectivo o punto de contraste. Porén, o valor intensificador do diminutivo con estas categorías é innegable xa que está máis presente que a característica da pequenez nos substantivos. Unha posible solución sería a proba da substitución polo elativo *–ísimo*, que debería darnos a clave. O sufixo superlativo só debería poder substituírse polos sufixos que despregan un valor de intensificación. Para o resto dos casos deberíamos indicar que non é esta característica do diminutivo a que predomina. Debe existir un valor máis pragmático que prevaleza. Nos seguintes exemplos vemos como o valor pragmático afectivo ou atenuador cortés trata de preservar a propia imaxe positiva do falante ou de non lesionar a imaxe negativa do destinatario.

clarito / *clarísimo* 'máis que claro'

tontito / *tontísimo* 'menos que parvo'

loquito / *loquísimo* 'máis que louco'

entradita 'menos que entrada'

perdidito / *perdidísimo* 'máis que perdido'

Nas seguintes liñas someteremos ás locucións a unha análise similar ao presentado máis arriba coas colocacións. Imos comprobar que unidades admiten a alteración con diminutivo e que unidades non a admiten.

a troche y moche - NON

a tontas y a locas - SI

dársela con queso - SI

cortar el bacalao - SI

coser y cantar - NON

en un santiamén - SI

tomar el pelo - SI

santo y seña - NON

estirar la pata - SI

a carta cabal - NON

a todas luces - NON

balde de agua fría - NON

del tiempo de Maricastaña - NON

de rompe y rasga - NON

gota a gota - SI

de ninguna manera - SI

paño de lágrima - SI

cabeza de turco - NON

En principio, palabras como *turco, luces, santo, seña, cantar, troche, moche* e *locas* admiten formal e semanticamente o diminutivo. Porén, se empregamos o sufixo nestas locucións, a diferenza do que ocorrería coas demais, desautomatizariámolas. As restricións que hai no emprego dos diminutivos coas locucións atenden, por un lado, as semánticas e formais que posúe a base e, polo outro, as que se aplicarían ao significado total da unidade e a súa inserción nun contexto determinado. En cambio, a posibilidade de afixación dunha estrutura máis sinxela e menos fixada como a colocación é maior. Por suposto, se se cumpren as condicións mencionadas, calquera locución fraseolóxica é susceptible de recibir un diminutivo.

3.1.3. Enunciados fraseolóxicos

Os enunciados fraseolóxicos son expresións fixas equivalentes ou superiores á frase (Zuluaga 1980: 191), como as fórmulas de fixación pragmática (*Buenos días, Feliz cumpleaños, Feliz Año*), fraseolóxicos interxectivos (*maldita sea, bendito sea Dios*), os clixés e retrousos (*¿cómo no?, ¿y yo qué sé?, ¡qué va!, ay, sí*), insultos da vida diaria (*¡Hijo de puta!, ¿Qué cabrón!* etc.) e as paremias (sentenzas, axiomas, proverbios, refráns, citas e máximas: *averígüelo Vargas, ojos que no ven, corazón que no siente, divide y vencerás*).

Zamora Muñoz (1998: 107-125) destaca entre os enunciados fraseolóxicos unha categoría de frases chamadas *idiomáticas pragmáticas*, tales como *¡ya lo creo!, ¡ya ves!, ¡desde luego!, ¡pero bueno!*, que non gozan de autonomía textual. Entre as frases idiomáticas pragmáticas, o autor sinala as interxeccións que teñen unha alta frecuencia de uso en situacións comunicativas informais nas que o locutor expresa estados emocionais e subxectivos: *venga ya, no me fastidies, ¡vaya con el niño!, no digo más, óyeme bien* etc.

No seguinte exemplo, o autor utilizou en diminutivo o substantivo na interxección "*vaya" + substantivo + que*.

"Pero vaya *añito* que llevamos de lesiones (futbolísticas)"

(J. J. Santos, 7-12-05)

O diminutivo enmárcase dentro dun acto asertivo que dá conta do estado das cousas. O diminutivo aplicado a substantivos concretos temporais adoita expresar imprecisión; porén, o marco de análise deste diminutivo non é o do contido semántico da súa base,

nin inflúe directamente na configuración da forza ilocutiva da frase. O diminutivo non actúa máis alá do plano da oración *Pero vaya año que llevamos*, e constitúe un índice que intensifica a queixa sobre a que recae unha avaliación negativa: *año* é menos negativo que *añito* porque *añito* se afasta máis do prototipo de *año* normal.

Os retrousos malsoantes e insultos da vida diaria son expresións que posúen un alto grao de estereotipación e frecuencia de uso, tales como *Joder macho, Anda, coño, ¡Me cago en Dios!, ¡Qué mierda!, ¡Hijo de puta!, ¡No jodas!, ¡Qué cojones!, ¡De qué cojones te ríes!, ¿Qué coño quieres que haga? etc.* Do mesmo xeito que outras formas fixadas coma as locucións, se a súa estrutura e a súa semántica o permiten, poden ser sufixadas sen que cambie a súa natureza, coma tal, *Que hijo de putita eres, Que cojoncitos tienes, Qué coñito quieres que haga*.

Por outra parte, as paremias son unidades fraseolóxicas que constitúen en por si actos de fala (oracións exhortativas, declarativas, concesivas etc.) e funcionan como enunciados con carácter de texto. Cando un falante utiliza unha paremia non só profire senón que, xeralmente, manifesta unha determinada intención, isto é, quere facer unha advertencia, dar consellos, recomendar, conxecturar, xulgar, aceptar, replicar, cuestionar etc. As paremias funcionan como descricións valorativas aceptadas pola comunidade falante e serven para aclarar ou explicar algo ou para apoiar unha postura, para unha afirmación ou para xustificar unha decisión. Nos textos, as paremias adoitan apoiar o fío argumental e incluso serven de punto de partida para a contraargumentación. A miúdo utilízanse para cerrar un texto debido aos seus valores persuasivos.

Os termos *refrán, proverbio, sentenza, máxima, aforismo, axioma, frase proverbial* etc. teñen puntos de contacto e gardan tal relación entre si que son o motivo de definicións pouco precisas á hora de establecer o contido semántico dos conceptos. Consultadas as fontes sobre as paremias, podemos resumir que, na maioría dos casos, se trata de expresións fixas que destacan polo seu carácter anónimo, polo seu carácter popular, metafórico, xeral, repetitivo, práctico, rexoubeiro, agudo, célebre, rítmico e didáctico. Fixémonos no seguinte exemplo:

> "Como ir con el cochecito de San Fernando, un *ratito* a pie y otro caminando".
>
> (Radio *Marca*, 18-01-06, 18:19h)

Esta unidade expresa unha irónica e simpática resignación que refire que as propias pernas son en ocasións o único medio de transporte cando non se ten outro nese momento ou cando se é pobre. Esta paremia emprégase tamén sen diminutivo, aínda que para equilibrar os dous sintagmas coordinados pola conxunción 'y' parece preferible alongar o substantivo "rato" cun diminutivo. Ademais, as formas con diminutivo engaden un valor afectivo que enriquece o ton rexoubeiro e emotivo dos ditos e refráns polo que, ante a posibilidade de elección, sempre parece máis oportuno o seu emprego.

3.2. Unidades fraseolóxicas fixadas na súa orixe con diminutivos

3.2.1. Locucións

(1) *Creerse algo a pies juntillas*

(2) *Pelillos a la mar*

(3) *Picarle* (a alguén) *el gusanillo*

"Sí, me empieza a *picar el gusanillo*".

(entrevista a Javo Irureta no *Diario Marca*, 28-12-05, páx. 24)

(4) *Hacer algo a toda pastilla*

"[…] iba ganando en este momento y nos tocó volver *a toda pastilla* a la cama, pero viendo lo que hacen los ejércitos ahora, llamar degeneración a echar unas manitas a las cartas, era eso: cosa de monjitas".

(Francisco Cantalapiedra, *El Norte de Castilla*, o 26 de marzo de 2006)

(5) Está *haciendo sus primeros pinitos*

(6) *Ser* (alguén) *manitas*

"Mi padre *es un manitas*, pero ahora está en el paro".

(María Valverde en una entrevista, *Magazine* Nº 332. 5-02-06, pág. 13)

(7) *Coger el tranquillo*

(8) *Conejillo de indias*

"[…] me puse mala como los primeros días en Argel, con colitis, y fiebre, pero no fui la única según dicen es algo común allí por el tiempo, no sé, hay que creer a la gente del lugar que sabe de esas cosas, me embutieron con un medicamento natural hecho de acacia "wuarktalj" se llamaba, en fin que parecía *un conejillo de indias*".

(crónica dunha viaxe dunha muller de 28 anos a Alxer)

(9) (Saber) *al dedillo*

"Tienes que saberte los numeritos y las fichas *al dedillo*".

(Tele 5, 3-12-05)

(10) *Hacer manitas* 'acariciárense as mans (dúas persoas)'

"*Hacer manitas*".

(*Saraband*, Ingmar Bergman)

(11) *Poner* (a alguén) *de patitas en la calle*

(a) "Harta de sus continuas fiestas, la cantante B. Spears puso el viernes –una vez más– a su marido Kevin Federline, *de patitas en la calle*".

(*El Norte de Castilla*, 6-12-05, páx. 64)

(b) "Mucho cuidado si te enrollas con alguien de la oficina. ¡Sobre todo si se trata de la secretaria de dirección! Puede que tu jefe se sienta traicionado y, en "beneficio de los intereses de la empresa", poneros a los dos *de patitas en la calle*".

(*Primera Línea*, Nº 183, julio 2000, páx. 70)

(12) *rascarse el bolsillo*

"Si no se rasca el *bolsillo* Don Manuel y bien rascadito […] para no descender de categoría el Betis deberá comprar un delantero en enero".

(Radio *Marca* 28-11-05)

(13) *ser la comidilla* 'unha persoa ou acontecemento é a *comidilla* cando todo o mundo anda con chismes ou comenta iso'.

"Me imagino que en el entrenamiento (la noticia) el sorteo (del Madrid en Champions League) ha sido la *comidilla*".

(Radio *Marca*, 16-12-05, 18.42h)

Nalgúns dos exemplos expostos máis arriba, parece rastrexable unha base de afixación neutra, coma nos seguintes: *pelillos*, *manita*, *conejillo*, *dedillo*, *patitas*. Por outro lado, nalgúns dos restantes exemplos o proceso de lexicalización encóntrase claramente concluído (*pastilla* ou *bolsillo*), mentres que noutros parece máis complicado estar seguro do seu status léxico (*gusanillo*, *tranquillo*, *pinitos*, *comidilla*, *juntillas*), entre outras cosas, porque algúns dicionarios os recollen como entradas independentes cando isto sería máis que discutible xa que o proceso metafórico, do que proceden, non é aínda suficientemente opaco. En todo caso, o estudo dos exemplos dubidosos sería obxecto dun futuro traballo no que se debería incidir, máis profundamente, en cuestións de tipo diacrónico para aclarar o status léxico dos mesmos. Intentaremos resolver esta cuestión en vindeiras investigacións.

Despois do establecido máis arriba, é preciso afirmar que na orixe de toda lexicalización cun diminutivo existiu un sufixo con funcións pragmáticas identificables. Os efectos pragmáticos ou a semántica connotativa existente nestas pezas léxicas poden perfectamente transferirse ao contido semántico ou connotativo das novas unidades. En efecto, todas estas pezas activan unha expresividade e unha carga connotativa de gran intensidade. Aínda que en moitos casos as unidades fraseolóxicas encontran un sinónimo formalmente expresable mediante un lexema simple ou complexo, noutros expresan unha variedade de informacións que non encontraría eco nunha soa palabra. Por isto, a selección dunha unidade fraseolóxica pon de manifesto a intencionalidade do falante dunha maneira máis perfilada que outras unidades léxicas. O que Dressler e Barbaresi (1994) denominan factores reguladores dos diminutivos,

tales como a emotividade, a intimidade, o eufemismo, a ironía, o lúdico, parecen integrados no contido semántico das unidades fraseolóxicas con diminutivos. Así, *ser la comidilla* connota burla, ou *ser un animalito de Dios* connota conmiseración e paternalismo etc.

3.2.2. Proverbios e refráns

(1) ***Chiquito**, hasta el asno es bonito*

(2) *De lo que come el grillo, **poquillo***

(3) *De verde claro a amarillo, va **poquillo***

(4) *Cada **maestrillo** tiene su **librillo***

(5) *Con un carro y un **borrico**, el hombre se hace rico*

(6) *La venganza es el **platillo** que sabe mejor frío*

Como podemos deducir dos exemplos, nos proverbios e refráns o diminutivo cumpre unha función estética, principalmente a de servir á rima coma nos casos anteriores. Parece que o emprego do diminutivo nestes casos depende máis ben de factores retóricos. Con todo, non deixan de estar presentes as funcións semántico-pragmáticas do diminutivo, que achegan secundariamente unha avaliación da forza ilocutiva do enunciado. Aínda que este tipo de información se evidenciaría con maior claridade nunha análise diacrónica, non resulta imposible rastrexar as funcións prototípicas do diminutivo na sincronía: o diminutivo atenúa o grao de imposición que ten unha sentenza, convertendo o seu obxecto en algo chistoso ou non tan serio e que, polo tanto, o ouvinte pode aceptar máis doadamente.

3.3. Unidades fraseolóxicas fixadas na súa orixe con diminutivos e sen diminutivos

As unidades fraseolóxicas que se lexicalizaron cun diminutivo e sen diminutivo na súa estrutura constitúen en español un grupo minoritario, xa que os exemplos encontrados nas fontes non son numerosos. Por exemplo:

pera (perita) en dulce (Seco *et al*. 2004: 774)

arrieros (arrieritos) somos y en el camino (caminito) nos encontraremos (Seco *et al*. 2004: 157).

O uso dunha ou doutra expresión, con diminutivo ou sen diminutivo, depende exclusivamente do falante: el elixe unha das dúas opcións lexicalizadas en función do seu discurso.

4. Conclusións

Os exemplos do corpus mostran como as unidades fraseolóxicas cuxa estrutura orixinal non está fixada cun diminutivo admiten normalmente a alteración (sufixación) diminutiva sen que cambie o sentido principal da expresión nin se produza unha desautomatización. Os diminutivos recaen sobre diferentes bases no seo da unidade

fraseolóxica. A elección dun tipo de base ou doutro depende de factores diversos como a frecuencia inherente de sufixación de cada unha ou o tipo de efecto semántico-pragmático que se pretende crear. Como vimos non é o mesmo sufixar un substantivo que un adxectivo. Neste sentido, atopamos sufixacións en substantivos ("echar una *manita"*), adxectivos ("estoy *loquito* por tus huesos"), adverbios ("de verde claro a amarillo va *poquillo"*) e participios ("*entradita* en carnes"). Así pois os sufixos diminutivos dotan ás unidades fraseolóxicas de relevancia pragmática (cortesía, atenuación da obriga, crítica atenuada, intensificación da avaliación negativa etc.).

O diminutivo é un mecanismo capaz de *alterar* a forza ilocutiva dos actos de fala. É un mecanismo que o falante pode utilizar para darlle forma á súa intención comunicativa para ser máis cortés ou todo o contrario. Porén, os diminutivos non se poden engadir a frases proverbiais formadas só por verbos, coma tal: s*er o no ser*, *llegué, vi, vencí*, *divide y vencerás* etc. Os procesos de formación de diminutivos con verbos son dunha índole particular dentro da apreciación, non só debido a aspectos formais (a súa inserción prodúcese dentro do lexema verbal), senón tamén debido a cuestiones semánticas, xa que máis que expresar diminución poden mostrar outros valores, como a iteración, por exemplo.

A hipótese de que as unidades fraseolóxicas non admiten modificacións polo risco de sufrir unha desautomatización perde forza tras realizar a análise do corpus por motivos distintos:

- O contido semántico idiomático da unidade non se ve modificado.
- As unidades continúanse percibindo como un todo diferenciado doutras estruturas sintácticas.
- As restricións sintácticas que non funcionan nalgúns casos para o diminutivo (entre outros elementos) seguen funcionando para outros mecanismos lingüísticos (sufixos derivativos, cambio de pezas léxicas), malia a aparición do diminutivo.

Porén, é preciso salientar algunhas observacións. As unidades fraseolóxicas máis fixadas, tales como as locucións, admiten con máis dificultade a aplicación de diminutivos. O control do falante sobre a súa alteración é moito menor que aquel que se produce sobre as colocacións, que neste sentido se prestan moito máis á interacción pragmática. Pode afirmarse que as colocacións posúen un carácter máis flexible fronte á "rixidez formal", sintáctica, das locucións. Con todo, tamén existen numerosas excepcións de aplicación de diminutivos en locucións pragmaticamente motivadas como vimos nos exemplos. Porén, a incidencia proporcional do diminutivo nas locucións é menor.

As colocacións sen diminutivo parecen admitir unha versión equivalente con diminutivo. Isto é así porque as colocacións están máis próximas ao discurso libre que outras unidades e, xa que logo, o seu grao de variación é maior. A idiosincrasia do sufixo diminutivo permítelle alternar nas palabras libremente coa súa non aparición. O seu grao de combinatoria coas colocacións é, polo tanto, análogo ao que resulta de

engadilo ás palabras, dado que o seu efecto consiste, seguindo a Dardano (1978), na *alteración* da connotación pero non da designación. Canto ás restricións morfosemánticas, as que rexen nas palabras, fano tamén nas colocacións.

No que atinxe ás unidades fraseolóxicas con diminutivos lexicalizados que, daquela, non admiten a súa supresión, aínda parece enxergarse o valor apreciativo que se foi cristalizando na diacronía, mesmo que talvez isto se deba máis ao carácter lúdico dalgunhas construcións que ao diminutivo en si que, como tal, está completamente fusionado coa palabra e a unidade fraseolóxica. Entre os diferentes valores despregados polo diminutivo nos actos de fala estudados, atopamos o de mitigación, apreciación e intensificación.

O camiño que abren os diminutivos, canto á súa liberdade de aplicación neste tipo de estruturas máis ou menos fixadas, abre a posibilidade de investigar se outras unidades léxicas ou gramaticais poden interactuar coas unidades fraseolóxicas sen alterar as súas características fundamentais.

5. Referencias bibliográficas

BRIZ, Antonio (2001): *El español coloquial en la conversación coloquial. Esbozo de pragmagramática*. Barcelona: Ariel.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

(1998): "Criterios generales de clasificación del universo fraseológico de las lenguas, con ejemplos en español y en inglés", en Ezquerra, M. A. e Corpas Pastor, G. (eds.): *Diccionario, frases, palabras*. Málaga: Universidad de Málaga, pp.157-187.

(2000): "Acerca de la (in)traducibilidad de la fraseología", en G. Corpas Pastor (eds.): *Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, Fraseografía y traducción*. Granada: Comares, pp. 483-522.

COSERIU, Eugenio [1980] (1981): *Principios de semántica estructural*. Madrid: Gredos.

DARDANO, M. (1978): *La formazione delle parole nell'italiano di oggi*. Roma: Bulzoni.

DRESSLER, W. e BARBARESI, L. M. (1994): *Morphopragmatics. Diminutives and Intensifiers in Italian, German and other Languages*. Berlin e New York: Mouton de Gruyter.

GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, M. (1989): "Sobre los procesos de deslexicalización en las expresiones fijas", en *Español actual*, 52, pp.59-79.

KOIKE, Kazumi (2001): *Colocaciones léxicas en el español actual: estudio formal y léxico-semántico.* Universidad de Alcalá / Takushoku University.

LEECH, G (1983): *Principles of pragmatics*. London: Longman.

RAINER, F. (1990): "Appunti sui diminutivi italiani in –etto e –ino", en Beretta, M. *et al.* (a cura di): *Parallela 4: Morfologia*. Tübingen: Narr, pp. 207-218.

RUIZ GURILLO, Leonor (2001) : *Las locuciones en español actual*. Madrid: Arco/ Libros.

SCHNEIDER, K. (2003): *Diminutives in English*. Tübinguen: Max Niemeyer Verlag.

SECO, Manuel *et al.* (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.

WOTJAK, Gerd (1998): "Reflexiones acerca de construcciones verbo-nominales funcionales", en Wotjak, G. (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*. Frankfurt am Main/Madrid: Vervuert/Iberoamericana, pp. 257-279.

ZAMORA MUÑOZ, P. (1998): "Las frases idiomáticas pragmáticas italianas: los marcos de situación y sus equivalencias en español", en *Estudios Románicos*, vol. 10, pp. 107-125.

ZULUAGA, Alberto (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt am Main: Peter D. Lang.

As unidades fraseolóxicas no castelán de Cataluña. Revisión dunha norma constituínte a partir da perspectiva histórica

Jenny Brumme[1]

Universitat Pompeu Fabra, Facultat de Traducció i Interpretació, Barcelona

A constitución dun repertorio autónomo e estable de expresións fixas usado en particular na comunidade lingüística de Cataluña é un aspecto pouco investigado. Neste traballo sinálanse algunhas posibilidades de describilo e determinar o seu enlace a partir dun exemplo, o *Vocabulario de catalanismos* de Marcet.

Palabras clave: norma, catalán, expresións fixas.

The setting-up of an autonomous stable compilation of fixed expressions used by the linguistic community of Catalonia has not been object of much research. In this paper we provide some possibilities to describe it and to determine its link from an example: the Vocabulario de catalanismos by Marcet.

Keywords: norm, Catalan, fixed expressions.

1. Introdución

Nos últimos anos, unha serie de traballos postularon a existencia dunha norma rexional do castelán de Cataluña, que se constituiría dende hai tempo polo uso continuado dos códigos lingüísticos no mesmo territorio, aínda que de diferente distribución social para cada unha destas dúas linguas (cf. Sinner 2004 e 2007).

Se na actualidade dispoñemos de suficientes datos para corroborar esta hipótese, resulta máis difícil comprobalo no eixo diacrónico. Como xa se constatou en varias ocasións, os tratados de barbarismos e outros documentos de reflexión metalingüística ofertan unha fonte de riquísima información, que permite reconstruír, en certa medida, o contraste entre a norma "exemplar" (académica) e a norma rexional de uso. Se ben xa se ten recorrido a este tipo de fontes, paga a pena volver explotalo perante os datos

[1] Tradución de Coromoto Souto Taboada, María Domínguez Martínez e Elena Vázquez Domínguez.

recollidos nos estudos que se dedican a describir a situación lingüística actual dos territorios catalanofalantes.

Neste senso, propoñémonos explorar o *Vocabulario de Catalanismos* (1885; reeditado en 1892 e 1928) de Miguel Marcet Carbonell quen xa pertence, segundo afirma Lebsanft (1993: 262), á xeración daqueles estudosos quen comezan a describir o castelán en Cataluña de xeito obxectivo e sen entrar en polémica como era o caso doutros contemporáneos seus.

2. Edicións e prólogos

Como xa indicamos, o *Vocabulario* experimentou tres edicións, dúas das cales se poden considerar idénticas, coa excepción de que a primeira de 1885 leva só as iniciais do autor, mentres que a segunda de 1892 dá a coñecer o seu compilador. Como nos explica o propio autor, velou o seu nome "porque no terminada aún mi carrera literaria, no me sentía á la verdad con fuerza suficientes para darlo á la estampa" (1892: V). O título tamén varía lixeiramente: na primeira edición fálase de "errores en los que suelen incurrir los catalanes". Polo contrario, na segunda edición son "disparates cometidos por traducir al pie de la letra", que suprime, deste xeito, o axente da acción para recuperar na terceira edición o título orixinal. Esta última edición, que marca na portada interior o ano 1928 e na exterior a data de 1930, retoma igualmente a expresión de "errores [...] que non tienen exacta correspondencia en la lengua castellana" e engade "oficialmente por antonomasia lengua española" (cf. V. Marcet / Solà 1998: 1391-1392 e 1613).


VOCABULARIO
DE
CATALANISMOS,
Ó SEA
DE NUMEROSOS ERRORES
EN QUE SUELEN INCURRIR LOS
CATALANES POR TRADUCIR AL PIE DE LA
LETRA CIERTAS VOCES, LOCUCIONES Y FRASES DEL
LENGUAJE CATALÁN, QUE NO TIENEN
EXACTA CORRESPONDENCIA EN
LA LENGUA CASTELLANA
COMPUESTO Y ORDENADO
POR
M. M. C.
BARCELONA.
LIBRERÍA DE JUAN GRAMUNOSA, BUENSUCESO, 11.
1885.

VOCABULARIO
DE
CATALANISMOS
Ó SEA
DE NUMEROSOS DISPARATES
COMETIDOS POR TRADUCIR AL PIE DE LA
LETRA CIERTAS VOCES, LOCUCIONES Y FRASES DE
LENGUAJE CATALÁN, QUE NO CON-
GENIAN CON EL CASTELLANO
COMPUESTO Y ORDENADO
POR
D. Miguel Marcet Carbonell
Licenciado en Filosofía y Letras,
Miembro del Colegio de Profesores de Cataluña,
Profesor de 2.ª Enseñanza en el Liceo Poliglota y otros
acreditados Centros docentes incorporados
al Instituto Provincial, Autor de varias obras, etc.
BARCELONA
TIPOGRAFÍA DE F. ALTÉS, Elisabets, 11.
1892

VOCABULARIO
DE
CATALANISMOS,
O SEA,
DE NUMEROSOS ERRORES EN
QUE SUELEN INCURRIR LOS CATALA-
NES POR TRADUCIR AL PIE DE LA LETRA
CIERTAS VOCES, LOCUCIONES Y FRASES
DEL LENGUAJE CATALAN, QUE NO TIENEN
EXACTA CORRESPONDENCIA EN LA LEN-
GUA CASTELLANA, OFICIALMENTE
POR AUTONOMASIA
LENGUA ESPAÑOLA
COMPUESTO Y ORDENADO
POR
D. Miguel Marcet Carbonell
Maestro, Licenciado en Filosofía y Letras, Meritísimos
en el Bachillerato en Sagrada Teología
TERCERA EDICION
CORREGIDA Y AUMENTADA
BARCELONA
Gráfica Esmandía, Provenza, 244
1928

No prólogo de tres folios, o autor resume brevemente como obxectivo do seu tratado emendar os frecuentes e "crasísimos errores" nos que incorren "[l]os catalanes, por lo general, al hablar y escribir la hermosa lengua castellana" (Marcet 1885: V). Clasifica,

como segue, as dificultades coas que se atopan "al pretender hablar y escribir castellano":

> 1.º Palabras catalanas que no sufren traducción literal.
>
> 2.º Palabras catalanas que la permiten.
>
> 3.º Palabras catalanas que, no obstante tenerla, por no amoldarse á la índole del idioma castellano, el buen uso las rechaza. (Marcet 1885: V)

O que lle interesa a Marcet é este terceiro grupo, xa que para poñerse a salvo dos erros do primeiro abondan, segundo el, "el manejo de Diccionario y una práctica constante" e canto ao segundo grupo afirma que é suficiente ter "una migaja de sentido común" (1885 V). O obxectivo da obra é opoñerse "al impetuoso torrente de CATALANISMOS que desgraciadamente está desbordándose en nuestra Cataluña" (1885:VI), é dicir, frear a entrada destas voces do terceiro grupo da clasificación que Marcet ofrece e que comporta a flutuación "entre la expresión propia y la no castiza y que lastimosamente desbarren hasta personas algo ilustradas" (1885: V).

Provisto da duodécima edición do *Diccionario de la Real Academia* (1884; cf. NTLLE) e os repertorios anteriores, Marcet presenta os artigos sen ánimo de polémica senón "coma controversia científico-literaria" (1885: VII). Marcet cita, entre outros, a Francisco José Orellana (1891) e Joaquín Casanovas y Ferrán (1883), sen esquecer naturalmente o *Diccionario de galicismos* (1855) de Rafael María Baralt (citado aquí na edición facsímile de 1995).

O prólogo da terceira edición de 1928, que abrangue cinco folios e que, nada máis nin nada menos, se intitula "El castellano de Cataluña", fai aínda máis patente esta intención de achegarse de maneira obxectiva ao obxecto de estudo. Marcet deféndese categoricamente da acusación que lanzou Lorenzo Salcedo no seu libro *Lima del lenguaje* (1919) de pertencer ao "ejército de literatos" cegos por aceptaren "el dictamen de la Academia" como "ley infalible de verdad" (Marcet 1928: 7).

Ademais, ao retomar a clasificación dos prólogos anteriores, Marcet introduce a perspectiva da outra lingua, é dicir, o catalán que sofre a "que, plagada de «castellanismos» resulta bastardeada y empobrecida, y sólo constante labor del filólogo podrá depurarla, y no menos consciente esfuerzo del literato, enriquecerla" (1928: 5). As referencias ao labor de "depuración y enriquecimiento de la lengua catalana" (1928: 6) que realizou Pompeu Fabra, cualificado por Marcet de "reputado gramático" (1928: 5), e moitos outros traballos citados no prólogo mostran que o autor anhela dar unha visión equilibrada dos datos empíricos e encamiñar o uso das dúas linguas sen mesturalas.

O que critica e emenda Marcet pode comprender tanto interferencias coma préstamos e non só tomados do catalán (cf. Brumme 2007). O que probablemente o leva a incorporalos no seu *Vocabulario* non será só a súa observación senón tamén a tradición lexicográfica, é dicir, unha tradición marcadamente purista (cf. Lebsanft 1993). Por iso, paga a pena botarlle unha ollada ás diferenzas entre as tres edicións, xa que o período

de case medio século pode resultar significativo, e estudar brevemente os recursos metalingüísticos dos que se serve o autor.

3. Diferenzas entre as edicións e os comentarios metalingüísticos

Mentres non hai diferenza ningunha entre a primeira e a segunda edición, na terceira aprécianse varios cambios. Se comparamos, por exemplo, as entradas da letra M podemos constatar que se reducen de 60 a 52 na edición de 1928. Pero Marcet non só quita entradas, senón que tamén engade outras novas ou modifica algunhas das xa existentes.

3.1. Omisións

Entre as entradas que desaparecen na terceira edición atopamos a seguinte:

Quitar la lana del cogote. ─Sacar la lana del cogote (Marcet 1885: 195)

Porén, Marcet mantén a entrada que documenta o calco da locución a partir do catalán que utiliza o verbo *sacar*:

Sacar la lana del cogote (traurer la llana del clatell). —Fr. *ilustrada* y muy vulgar en Cataluña; en Castilla para hacer perder á uno la rudeza, ó quitarle la rusticidad por medio de la enseñanza lo *desasnan*; y para avivar y ejercitar el entendimiento ó el ingenio de alguno se lo *despabilan*. (Marcet 1885: 203; 1892: 203)

SACAR LA LANA DEL COGOTE (treure la llana del clatell). —Fr. ilustrada y muy vulgar en Cataluña; en Castilla para hacer perder á uno la rudeza ó quitarle la rusticidad por medio de la enseñanza lo *desasnan*; y para avivar y ejercitar el entendimiento ó el ingenio de alguno lo *despabilan*. (Marcet 1928: 147)

Se comparamos as dúas entradas nas tres edición vemos, así, que os cambios atinxen sobre todo a corrección de erros e de grafías equivocadas e o uso das ortografías normativas catalá e española. No resto non se aprecian modificacións.

Canto á omisión de *quitar la lana del cogote* quédanos a dúbida de se corresponde a razóns de espazo ou a algunha razón de fondo. A locución verbal *treure-li la llana del clatell (a algú)*, rexistrada polo DSFF baixo o concepto de ENSEÑAR e o significado de "espavilar algú/llevar-li la ignorància, la neciesa" (espelir a alguén/quitarlle a alguén a ignorancia, a necidade), pode calcarse en castelán empregando tanto o verbo *quitar* coma o de *sacar*, posto que *treure* en catalán cobre o significado dos dous. De feito, este solapamento de significados constitúe a fonte para unha serie de interferencias (ou préstamos) que persisten ata a actualidade.

3.2. Engadidos

A pesar de que na terceira edición Marcet comprime**,** en xeral, o contido, tamén engade algunha entrada. Entre estas figura a fórmula rutineira utilizada no contexto das poxas *¿Quién da más?*, que nos semella perfectamente correcta en castelán:

¿Quién dice más? (¿quí diu mes?) — Catal.; en castellano se dice: ¿QUIÉN PUJA? (Marcet 1885: 195; 1892: 195)	¿QUIÉN DA MÁS? —V. artículo siguiente. ¿QUIÉN DICE MÁS? (¿qui diu mes?) — En castellano se dice: *¿Quién puja?* (Marcet 1928: 141)

Malia a outra fórmula *¿Quién dice más?* ser un calco a partir do catalán, a primeira non o é, sendo hoxe mesmo máis frecuente ca a fórmula ofrecida como correcta en castelán. Polo tanto vemos que Marcet non sempre acerta coas modificacións que introduce.

Noutro caso, podemos observar que Marcet se cadra sentira a necesidade de precisar as explicacións da primeira e segunda edición. Este é o caso da expresión catalá *de mala mort:*

Pueblo de mala muerte (poble de mala mort: id. de cuatro casas) — Modismo catalán; en castellano se dice *Villorrio*. (Marcet 1885: 192; 1892: 192)	PUEBLO DE MALA MUERTE (poble de mala mort).—Modismo catalán; en castellano se dice Villorrio. A la población pequeña y poco urbanizada se le llama *villorrio*. *De mala muerte*, en castellano es una locución fig. y fam. que significa de poco valer o importancia; baladí, despreciable: *un empleadillo de mala muerte*. (Marcet 1928: 139)

Como no caso do verbo *treure*, o significado de *de mala mort* cobre máis acepcións en catalán ca en castelán. O DSFF reúne ás que podemos reagrupar en tres: a) 'non frecuentado, pouco animado, con pouca actividade'; b) 'miserable, insignificante'; e c),

relacionado con este último 'de ínfima calidade'. Segundo a explicación do DRAE, copiada tal cal por Marcet, o castelán só abrangue os últimos dous significados: "de mala ~. 1. loc. adj. coloq. De poco valor o importancia; baladí, despreciable. Un empleo de mala muerte." (DRAE). O primeiro dos significados indicados cóbreo *villorrio*, que designa segundo o DRAE "1. m. despect. Población pequeña y poco organizada".

Na primeira e segunda edición, o significado a) viña indicado pola expresión sinónima *de cuatro casas*, é dicir, unha vila pequena, pero que non quedaba dabondo claro cal era a diferenza entre as expresións nunha lingua e na outra.

3.3. Modificacións no discurso metalingüístico

Se ben Marcet cultiva un discurso metalingüístico pouco polémico, comparado cos seus contemporáneos, e bastante obxectivo e sobrio, este rexistra modificacións importantes. Na primeira e na segunda edición, a entrada de Marcet sobre a palabra *quimera* acaba cunha advertencia dirixida directamente aos seus lectores. Quítaa na terceira edición como podemos observar a seguir:

Quimera. — Para los catalanes significa pesadumbre, desazón, ojeriza, tirria, mohína, enemiga; ansiedad; riña. Para los castellanos vale lo que se propone á la imaginación como posible ó verdadero, no siéndolo, esto es, ilusión, pendencia, riña o contienda. Cuidadito, pues, con esta palabra ¡Catalanes! (Marcet 1885: 195; 1892: 195)	QUIMERA. — Para los catalanes significa pesadumbre, desazón, ojeriza, tirria, mohína, enemiga, ansiedad, riña. Para los castellanos vale lo que se propone a la imaginación como posible o verdadero no siéndolo, esto es, ilusión, pendencia, riña o contienda. (Marcet 1928: 141)

Podémonos preguntar por que Marcet introduce unha palabra pouco frecuente no seu *Vocabulario*, pero parece que provén dunha expresión usada na súa época (hoxe pouco corrente), listada noutra parte en todas as edicións do mesmo xeito:

ME DA QUIMERA ESTO. ─ Dígase: *me ocasiona ira, disgusto esto.* V. QUIMERA. (Marcet 1885: 154; 1892: 154; 1928: 112)

Malia coincidiren hoxe moitas acepcións en catalán e castelán, se comparamos as explicacións que indican, por exemplo, o DRAE e o DIEC2 sobre a palabra *quimera*, esto último perpetúa nas acepcións 3 e 4 os sentidos que recolle Marcet: "3 f. [LC] Malvolença contra algú. *Li tinc quimera. Es tenen molta quimera.* 4 f. [LC] Ansia, inquietud. *No passis quimera.*"

3.4. Recursos metalingüísticos

Entre os recursos metalingüísticos que Marcet usa para presentar as entradas salienta a marca de 'catalanismo' presente na primeira e segunda edición, eliminada, porén, na terceira como se pode apreciar no seguinte exemplo:

[1]1885 y [2]1892	[3]1928
Males de cabeza (mals de cap). — Catal.; *dígase:* quebraderos de cabeza; o *quebradero*, *quebrador de cabeza*, si es un *mal de cap* lo que molesta, fatiga e inquieta. (Marcet 1885: 152)	MALES DE CABEZA (mals de cap). — *Dígase:* quebraderos de cabeza; o *quebradero*, *quebrador de cabeza*, si es un *mal de cap* lo que molesta, fatiga e inquieta. (Marcet 1928: 109)

Esta unidade pluriléxica composta escríbese, segundo a normativa actual, nunha soa palabra: *maldecap* (plural *maldecaps*) significa en castelán *quebradero de cabeza:* "Allò que pertorba i inquieta l'ànim, que preocupa pregonament. *Passar maldecaps per algunha cosa. Aquest afer li dóna molts maldecaps. Haver d'atendre a tot és un maldecap*". (DIEC2)

Outro exemplo que recibe a marca de 'catalanismo' na primeira e segunda edición, suprimida na terceira é a fórmula rutineira de despedida *Vés en nom de Déu,* rexistrada no DSFF a partir da descrición que ofrece o DCVB. O significado que Marcet atribúe á fórmula catalá queda recollido no castelán por fórmulas como *Vete con Dios* ou *Vaya con Dios*: "1. espr. U. para despedir a alguén, cortándole la conversación o el discurso. 2. loc. interj. U. para manifestar la conformidad en la divina voluntad" (DRAE).

[1]1885 y [2]1892	[3]1928
Vete en nombre de Dios (vésten en nom de Deu). — Catal.; en Castilla para despedir á una ó varias personas con enfado, desprecio ó disgusto, ó por burla, se emplea la expresión fig. y fam.: ANDA Ó ANDAD; VETE Ó IDOS *á paseo.* Para despedir a uno cortándole la conversación o el discurso, se usa la expresión VAYA CON DIOS. (Marcet 1885: 261)	VETE EN NOMBRE DE DIOS. —En Castilla, para despedir a una o varias personas con enfado, desprecio o disgusto, o por burla, se emplea la expresión fig. y fam. *anda o andad; vete o idos a paseo*. Para despedir a uno cortándole la conversación o el discurso, se usa la expresión *vaya con Dios*. (Marcet 1928: 184)

Para explicar o significado de *anda, andad, vete,* ou *idos a paseo*, Marcet sérvese literalmente da definición que ofrece o DRAE: "exprs. coloqs. eufems. U. para despedir a una o varias personas con enfado, desprecio o disgusto, o por burla, o para rehusar o denegar algo".

Canto ao catalán, se *vés-te 'n en nom de Déu* xamais existiu co significado que documenta Marcet, está claro que xa non se usa. Por outra banda, o catalán actual posúe a mesma fórmula *vés-te'n a passeig* (ignoramos se é un calco ou non) ca o castelán. Segundo consta no DSFF, significa 'deshacerse' ou 'despachar' (por exemplo, *No vull saber res més de tu, vés-te'n a passeig ─ No quiero saber más de ti, vete a paseo*).

Como vemos, pois, 'catalanismo' é a marca máis xeneralizada nas dúas primeiras edicións, a pesar de que as referencias á fala dos cataláns son constantes (cf. Brumme 2007):

> **Maestro de casas** (mestre de casas). —Así llaman los catalanes al oficial que trabaja en la fábrica de casas ú obras en que se empleen ladrillo, piedra, cal, arena, yeso ú otros materiales semejantes. En castellano se llama: *Albañil, maestro albañil, maestro ú oficial de albañilería*. (Marcet 1885: 151; tamén 1892: 151; 1928: 109)

> **Muela del sentido**. —Erradamente llaman los naturales de Cataluña á la última muela que sale muela del sentido. Nómbrenla MUELA DEL JUICIO, cabal traducción de *caixal del seny*. (Marcet 1885: 159; tamén 1892: 159; 1928: 115)

O procedemento xeral é o de presentar a voz errada indicando a orixe catalá para logo expoñer a voz ou locución correcta. No canto de engadir un comentario, o autor limítase ás veces á simple corrección do erro: "**Me pensé que estabas enfermo.** ─Dígase ME FIGURÉ, o bien PENSÉ QUE..." (Marcet 1885:155) etc.

Para xustificar as súas correccións e emendas, Marcet evoca como autoridade:

a) a Real Academia

b) o uso (común): **"Madre de Dios de la Merced.** ─ Es más común decir: VIRGEN DE LA MERCED, o bien NUESTRA SEÑORA DE...etc." (Marcet 1885: 151) e

c) a propiedade: **"Mal agradecido** (mal agrahit). dígase: DESAGRADECIDO, y se hablará con más propiedad" (Marcet 1885: 151).

Por tanto non favorece calidades coma a pureza ou a enxebreza da lingua, senón o que interesa é implantar unha conciencia de que o castelán ten unha función interrexional e, por conseguinte, precisa unha expresión que sexa intelixible nas demais partes de España.

4. Análise das expresións fixas

Na breve descrición que Joan Solà presentou en 1980 deste *Vocabulario* critica, tanto a Marcet coma ao seu precursor Joaquín Casanovas y Ferrán (1883; cf. a análise que ofrece Lebsanft 1993: 261-262), certa actitude impresionista e falta de seriedade na presentación dos catalanismos como se desprende da seguinte cita:

> A manca d'un estudi crític d'aquests treballs, diguem almenys que hi ha una certa proporció de materials que deuen tenir ben poca vitalitat, que els autors deuen haver arreplegat (si tant és) de llavis comptats o que enregistren com a simplement possibles. Una part d'aquest material sembla més aviat d'un llibre d'acudits [...]. És el cas de: huevo herrado 'ou ferrat', llegar a misas dichas, (no) mirar delgado '(no) mirar prim', que nabos que coles, venir con cirios rotos. (Solà 1980: 567)

Visto que os exemplos presentados atinxen en grande parte ás expresións fixas, propuxémonos analizar algunhas destas.

Se partimos da idea de que o castelán de Cataluña forma unha variedade rexional independente, hai que ter en conta do mesmo xeito a constitución dun repertorio autónomo estable de expresións fixas usado, en particular, nesta comunidade lingüística, que se trata ademais dun aspecto pouco explorado na investigación.

Propoñemos as seguintes clases que establecemos a partir dunha lectura atenta das tres edicións do *Vocabulario*. Na liña do que comenta Solà podemos distinguir entre as expresións equivocadas, introducidas por erro do autor, e as expresións ocasionais.

1. Das primeiras formaría parte a fórmula rutineira *¿Quién da más?*, que non é un catalanismo (cf. 3.2)

2. A segunda clase, é dicir, a das expresións ocasionais, pertencería á expresión citada por Solà:

> **Mirar delgado** (mirar prim): Frase que emplean algunos catalanes para expresar que se procede con extremada exactitud y sutileza en los discursos ó acciones. Los castellanos se valen de la frase HILAR DELGADO. (Marcet 1885: 157)

Non podemos descartar que esta expresión se utilizara na súa época sen ter sido moi frecuente. O propio Marcet refírese a "algúns cataláns", observación verosímil se a relacionamos cos nosos propios estudos sobre o uso das frases feitas entre os bilingües (Brumme 2008a/2008b). Como verificamos na tradución literal dos compoñentes dunha unidade fraseolóxica, o calco semántico e estrutural non é nada infrecuente e dáse tamén en situacións de discurso planificado como unha tradución escrita.

Tamén pode ser o caso de *charlar más que dieciséis*, expresión pertencente ás unidades fraseolóxicas con numeral, que estudamos coa axuda de enquisas entre os falantes bilingües (cf. Brumme 2008a).

> **Charlar más que diez y seis** (xarrar més que setze). —Catal.; úsese de la expr. fam. castellana «Hablar más que una urraca». (Marcet 1885: 70)

3. Formarían unha terceira clase as expresións que Marcet inclúe no *Vocabulario* porque os cataláns, segundo o seu parecer, as cren catalanismos. Tamén é un fenómeno observado a partir dos estudos actuais sobre falantes bilingües. Así, Marcet corrixe o seu predecesor, Casanovas y Ferrán, quen tachara de catalanismo a expresión *cabello* ou *cabellos de ángel* (Marcet 1885: 45), e remite ao DRAE que a perpetúa ata a actualidade co significado de "Dulce que se hace con la parte fibrosa de la cidra cayote y almíbar".

4. Constitúen a cuarta clase as expresións fixas que puideron pertencer durante algún tempo á norma rexional, sobre todo, se pensamos na situación lingüística a finais do século XIX e comezos do XX, cando cada vez máis partes da poboación catalá entraban en contacto directo co castelán.

> **Quemarle de vivo en vivo**.—V. De vivo en vivo. (Marcet 1885: 194)

> **De vivo en vivo** (de viu en viu). —Modismo catalán; basta con decir vivo. (Marcet 1885: 87)

Dado que en catalán tanto se pode dicir *menjar-se (algú o alguna cosa) viu* como *menjar-se (algú o alguna cosa) de viu en viu* 'comerse (a alguien o algo) vivo' (DSFF) e xa que a construción da unidade fraseolóxica corresponde a unha estrutura modelo (*de tant en tant, de temps en temps, de trast en trast, de tard en tard*), podemos admitir que a expresión formou parte da norma rexional durante algún tempo. Sosteñen esta interpretación as dúas ocorrencias atopadas no CORDE, procedentes da obra *El sabio instruido de la gracia* (1688) do xesuíta Francisco Garau ou Guerau (Francesc Guerau; Girona 1640 – Barcelona 1701). Non deixa de ser significativo que as ocorrencias resultan dun escritor e predicador oriúndo de territorios catalanofalantes e, polo tanto, é probable que se trate dunha interferencia ou un préstamo temporal en castelán.

5. A cuarta clase está estreitamente relacionada cun quinto grupo de expresións fixas: as que caeron en desuso nunha das dúas linguas ou nas dúas. É o caso de *aprender de coro*, locución que se indica como adverbial *de coro* en todas as edicións do DRAE, aínda que a partir da vixésimo primeira edición de 1992 aparece coa marca de "pouco usado" ("loc. adv. p. us. De memoria. *Decir, saber, tomar, de coro*"; NTLLE). O DFEA indícaa do mesmo xeito coas marcas "*lit* [erario], *raro*" (2004: 321) e remite a *de memoria*.
Marcet mantén a entrada nas tres edicións:

> **Aprender de coro** (*aprender de cor*). —De ligero creen muchos catalanes que la fr. *aprender de coro* es catalanismo. Sépase, pues, que está admitida por la R. Academia, al par que sus equivalentes *aprender, decir, tomar, saber* DE CORO; DE MEMORIA; pues todas ellas equivalen á *retener en ella lo que se leyó ú oyó*. (Marcet 1885: 30)

Mentres que en catalán se conserva esta expresión como indica o DIEC2, aínda que probablemente perde vitalidade pola influencia do castelán, nestoutra lingua a expresión é case inusual. De aí explícase a suposición de que sexa catalanismo tanto na época de Marcet coma na actualidade.

6. Para rematar, podemos indicar unha sexta clase: a das expresións que, con toda probabilidade, forman parte da norma rexional do castelán. Naturalmente é esta a

clase que maior interese ten para reconstruír a grandes trazos a constitución da norma rexional catalá. Neste senso, o *Vocabulario* de Marcet e as demais publicacións desta índole adquiren outro valor: deixan de ser repertorios de barbarismos ou tratados de catalanismos para ser fontes de documentación sobre a formación paulatina dunha norma histórica.

Un dos casos máis "famosos" e mellor documentados é o de *encontrar a faltar* e *echar a faltar* por *echar de menos*, citados como catalanismos nos principais dicionarios de dúbidas (Seco 2002: 188; Martínez de Sousa 1996: 203). O DPD, publicado en 2005 segue a advertir da influencia catalá nas entradas *echar* e *encontrar*, respectivamente.

Perante este panorama, as observacións de Marcet poderanse interpretar doutro xeito: documentan un uso arraigado, un uso que non se erradicou nin coa intensa educación lingüística que reciben as actuais xeracións de catalanofalantes nin co autocontrol lingüístico dos falantes. Polo tanto, semella que estamos realmente ante un uso rexional transmitido; é dicir, un préstamo, fortalecido probablemente polas continuas novas interferencias que se dan entre as dúas linguas.

5. Observacións sobre as construcións co verbo "hacer"

Dado que nos últimos anos o emprego do verbo *hacer* atraeu a atención dos especialistas (Szigetvári / Morvay 2002; Sinner 2004: 522-532; Raemdonck / Sinner 2005; Bernal / Sinner 2007), gustaríamos revisar someramente as consideracións de Marcet sobre este verbo.

A entrada ao respecto remite, en primeiro lugar, ao *Diccionario de galicismos* de Rafael María Baralt (cf. Lebsanft 1993: 253-254) para reproducir despois todo o artigo do DRAE sobre o verbo *hacer* (Marcet 1885: 124-125). A continuación compila 28 locucións co verbo *hacer*, parte das que imos presentar.

1. En primeiro lugar, salientan aquelas expresións nas que o verbo *hacer* desempeña o papel dun verbo de apoio (Colominas 2001), é dicir, que forma parte dunha locución verbonominal como cast. *tomar una decisión* para *decidir*, cat. *prendre una decisió* para *decidir* ou, para poñer un exemplo co verbo *hacer*, cast. *hacer una promesa* para *prometer*, cat. *fer una promesa* para *prometre.* Non sempre existe tamén un verbo simple, por exemplo, para *fer un petó* 'dar un beso' en catalán (o verbo *petonejar* é denominal).

A influencia do catalán maniféstase naquelas expresións nas que en castelán se adoita utilizar outro verbo de apoio. Marcet comenta o catalanismo *hacer besos* para *dar, imprimir besos* (Marcet 1885: 127; cf. cast. *dar besos*, Soler Janer 1977: 46; fr. *faire* o *donner une bise*, TLF).

A partir deste uso estereotipado de *fer + complemento directo* en catalán, cálcanse no castelán de Cataluña outras locucións inusuais fóra deste dominio lingüístico. Marcet indica por exemplo:

- *hacer bondad* para *ser bueno, honrado, portarse bien* (Marcet 1885: 127; cf. cast. *portarse bien*, Soler Janer 1997: 40);

- *hacer cartas* para *escribir cartas, despachar el correo* (Marcet 1885: 127);
- *hacer gozo* "fer goig (no es DAR GLORIA)" (Marcet 1885: 128; cast. *lucir; quedar bien; dar gloria*, Soler Janer 1977: 43);
- *hacer medio-día* "fer mitj-diada" para *dormir la siesta* (Marcet 1885: 128; cf. Soler Janer 1977), pero tamén *hacer siesta* (Szigetvári / Morvay 2002: 127-128);
- *hacer país* para *crear, generar, restaurar un pueblo (país)* (Marcet 1885: 128);
- *hacer política* para *dedicarse a la política, abismarse en la política* (Marcet 1885: 128; fr. *faire de la politique*, TLF) etc.

Algo diferente é o caso do hoxe moi coñecido catalanismo *hacer campana* para *hacer novillos*, *rabona* (Marcet 1885: 127), no que o verbo de apoio coincide en catalán e castelán.

As observacións de Marcet non só se limitan a locucións como *hacer besos, hacer bondad, hacer campana, hacer gozo* o *hacer país*, que nos estudos actuais se cualifican de típicas para o castelán de Cataluña (Szigetvári / Morvay 2002: 123, 127 e 136). No seu *Vocabulario*, Marcet comenta tamén ultracorreccións que documenta na inseguridade dos cataláns cando falan castelán (Szigetvári / Morvay 2002: 124-126). É o caso de *hacerse tarde,* comentado por Marcet coas seguintes palabras: "[…] «pasarse el tiempo oportuno para ejecutar una cosa» no es catalanismo" (Marcet 1885: 129).

2. Se para o primeiro grupo que acabamos de comentar o contacto do castelán e o catalán pode ser base suficiente como para explicar as locucións citadas, o segundo grupo mostra un panorama máis complexo. Agrupamos aquí aquelas locucións que Marcet cualifica de galicismos, por fundamentar a súa opinión ou ben no *Diccionario de la Real Academia* ou ben no *Diccionario de galicismos* de Baralt:

> **Hacer el amor**. —Según la R. Academia «van fuera de todo razonable discurso» los que HACEN EL AMOR: *enamoren, galanteen, obsequien, cortejen*… en todo caso. (Marcet 1885: 127; cf. igualmente Baralt 1995: 284)

Ademais constan:

- *hacer lectura* (Marcet 1885: 128) para *leer* (cf. Baralt 1995: 285-286; *donner lecture, faire la lecture à qqn. d'une lettre, d'un livre*, TLF);
- *hacer las delicias, el encanto* etc. (Marcet 1885: 128) para *ser la delicia, el gozo, la gloria, el orgullo de alguien* (cf. Baralt 1995: 282);
- *hacerse ilusiones* (Marcet 1885: 128) para *forjarse ilusiones, quimeras* (cf. Baralt 1995: 283);
- *hacerse el, un deber* (Marcet 1885: 128) para *ser el deber, la obligación de alguien* (cf. Baralt 1995: 283).

Coa excepción da locución *hacer el amor* que tomou outro rumbo na integración ao castelán e catalán, a meirande parte das locucións verbonominais citadas admiten engadirlle outro aspecto á nosa análise. Cando comenta a locución *hacer furor* Marcet remite ao francés como lingua de onde provén a expresión tanto en catalán coma en castelán. Malia iso, o exemplo documenta o uso do catalán:

> **Hacer furor**. —Galicismo que se nos ha pegado: En Castilla *se alborota, entusiasma al auditorio*, no se FA FUROR. (Marcet 1885: 128)

Efectivamente, esta locución rexístrase nos principais dicionarios das tres linguas estudadas como se pode apreciar a seguir:

> cast. **furor** […] *hacer* ~. 1. loc. verb. Ponerse o estar muy de moda. (DRAE 1992)

> cat. **furor** […] **4** 1 Entusiasme o exaltació general per alguna cosa. *Ara hi ha un furor per les faldilles llargues*. 2 *fer furor* Suscitar un gran entusiasme, tenir molt d'èxit. *La nova moda fa furor*. (GDLC)

> fr. *Loc. verb., fam. Faire fureur*. Être l'objet d'un engouement excessif. (TLF)

Neste caso advirte o feito de que paga a pena considerar ou admitir máis dunha lingua fonte. Neste senso, Szigetvári / Morvay mencionan a existencia de "europeísmos", isto é, combinacións de palabras ─e os seus derivados─ existentes en varias linguas de Europa, como é o caso de *hacer la corte, fer la cort, fazer a corte, faire sa cour, far la corte* etc." (2002: 118).

A coincidencia entre o cat. *fer furor* e o cast. *hacer furor* pódese atribuír á influencia do fr. *faire fureur*, pero tamén hai que admitir a posibilidade de que o emprego estereotipado de *fer* + *complemento directo* en catalán contribuíu a fixar este galicismo.

3. Como neste último caso situámonos nun terreo escorregadizo e de difícil documentación, imos tratar con brevidade dúas locucións que reagrupamos nun terceiro grupo. Este inclúe a construción *hacer* + *infinitivo* con valor factitivo, posible, en menor ou maior grao, tanto en francés e catalán coma en castelán (cf. Raemdonck / Sinner 2005; Bernal / Sinner 2007). Marcet indica as seguintes:

> **Hacer correr noticias**. —Será *divulgar, propalar, esparcir* etc.; no la traducción literal de FER CÓRRER. (Marcet 1885: 127)

> **Hacer entrar**. —El docto Baralt en su afamado DICCIONARIO DE GALICISMOS tacha de *grosera* esta frase cuando se trata de *Introducir á alguno, franquearle la entrada en alguna parte*. No se diga, por tanto, «*Hágale V. entrar*.» (Marcet 1885: 127-128)

Podemos parafrasear a primeira construción por "X hace que corran o se divulguen las noticias", é dicir, coa posición do suxeito ocupado polo verbo auxiliado *correr* (Raemdonck / Sinner 2005: 167); e a segunda por "X hace que Y entre (en algún lugar)", isto é, coa posición de suxeito libre para o auxiliado (*entrar*). Vemos, así, que nas dúas construcións a posición do suxeito do que resulta ser o auxiliario, isto é, o coverbo *hacer*, queda libre (Raemdonck / Sinner 2005: 167).

Segundo o que documenta o TLF, a expresión respectiva do catalán *fer córrer* en francés sería anticuada: "Au fig., *Faire courir* (vieilli), *laissez courir* (usuel). Laisser faire, le plus souvent par résignation, ne plus intervenir dans une action en cours" (TLF). En cambio, a correspondencia de *fer entrar* é totalmente usual en francés *faire entrer* (TLF).

Segundo os estudos sobre a construción *hacer* + *infinitivo* en francés, catalán e castelán, o grao de gramaticalización resulta ser maior nas dúas primeiras linguas (Raemdonck / Sinner 2005: 173; Bernal / Sinner 2006: 14), feito que explicaría a posibilidade de que tanto o francés coma o catalán aparezan como orixe de interferencias no castelán de Cataluña. Daquela, a desemantización dos verbos fr. *Faire* e cat. *Fer* parece estar máis adiantada nestas linguas que *hacer* en castelán.

Igual ca no caso das locucións do segundo grupo, os dous exemplos indicados por Marcet con valor factitivo fomentan a hipótese de que o "substrato" catalán, por dicilo así, non é abondo como para explicar ou documentar a constitución dunha norma rexional de castelán en terras catalás. Se nos situamos no eixo diacrónico, non se pode excluír a influencia doutras linguas, en particular, o francés ata mediados do século XX e o inglés a partir de entón. Así mesmo hai que ter en conta os desenvolvementos comúns ou paralelos que experimentaron as linguas europeas.

Por conseguinte, é posible que, dende unha perspectiva estritamente sincrónica, estas construcións poidan "explicarse de dos formas, con y sin intervención de la estructura castellana genuina", como mantén Sinner nos seguintes gráficos (2004: 522-523):



Porén, a revisión diacrónica do esquema reduce as dúas posibilidades a unha, isto é, a unha interpretación máis xeral (panrománica ou, para corresponder aos

desenvolvementos actuais, multilingual), que considera a existencia, por exemplo, de galicismos antigos en catalán, cuxa integración no castelán de Cataluña se facilitou pola presenza de estruturas e tendencias de desenvolvemento paralelas en francés (o uso de *hacer* como verbo de apoio ou con valor factitivo). Non hai que desatender o feito de que tanto o catalán coma o castelán recibiron a influencia do francés, ademais de ser posible que o catalán desempeñara nalgún outro caso a función de lingua ponte á hora de integrar galicismos nas dúas linguas. Neste senso, queremos sinalar co noso modelo que a presión exercida polas construcións con *faire* en francés se aprecia nas dúas linguas, malia os resultados, é dicir, os cambios introducidos, non seren os mesmos.



6. A modo de conclusión

A modo de conclusión, quixéramos engadir as seguintes reflexións:

a) Se partimos da existencia dunha norma rexional do castelán en terras catalanofalantes como se puido demostrar nos estudos efectuados durante os últimos anos, teriamos que ampliar o campo de observación cara á constitución histórica de dita variedade (cf. Kailuweit 1996).

b) Ante a dificultade de localizar as fontes que documenten o castelán rexional -o cal adoitaba manifestarse, por diversas razóns, no uso oral da lingua-, as reflexións metalingüísticas e os intentos para implantar a norma académica, por exemplo nos tratados de barbarismos, son de primeira importancia para o estudo histórico e precisan ser revisados e relacionados entre eles. Neste senso, o estudo presentado do *Vocabulario* de Marcet débese completar co baleirado do resto de documentos deste ou

doutro tipo de fontes que non só teñen importancia para a lingua catalá senón que poden ser útiles para a reconstrución da norma rexional do castelán. O repertorio crítico da lingüística catalá editado por Marcet e Solà (1998) constitúe unha excelente base para tal obxectivo.

c) Queda patente que o enfoque diacrónico ten que completar as análises realizadas no eixe sincrónico. Non se debe esquecer a influencia doutras linguas como a que exerceu, por exemplo, o francés ao longo da historia de ambas as dúas linguas, tanto do catalán coma do castelán, para evitar que o sinxelo enfoque sincrónico distorsione a análise. A presenza doutras linguas puido desencadear algúns desenvolvementos xa latentes en catalán e/ou castelán e puido reforzar algunhas tendencias que posteriormente se mostran tanto na norma rexional do castelán coma no catalán.

d) Mentres que ata o de agora se prestou maior atención aos trazos léxicos, morfolóxicos e fonéticos etc. do castelán de Cataluña, non podemos afirmar o mesmo para a fraseoloxía. A constitución dun repertorio autónomo e estable de expresións fixas usado en particular na comunidade lingüística de Cataluña constitúe un aspecto pouco investigado. Por iso, quixemos sinalar algunhas posibilidades de describilo e determinar o seu enlace a partir dun exemplo: o *Vocabulario de catalanismos* de Marcet. A exploración deste tipo de fontes tamén pode ser de proveito para concretar aspectos no ámbito da investigación fraseolóxica, por exemplo, os trazos de fixación e variación das unidades fraseolóxicas (Corpas Pastor 1997: 20).

7. Referencias bibliográficas

BARALT, Rafael María (1995): *Diccionario de galicismos. Voces, locuciones y frases de la lengua francesa que se han introducido en el habla castellana moderna, con el juicio crítico de las que deben adoptarse, y la equivalencia castiza de las que no se hallan en este caso*. (Biblioteca Filológica Hispana, 21) Prólogo de Juan Eugenio Hartzenbusch. Madrid: Visor.

BRUMME, Jenny (2007): "El castellano de Cataluña. Revisión de una norma constituyente a partir de la perspectiva histórica", en *XXVe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, *Section 9, Constitution de la norme dans les langues romanes, 3 – 8 septembre 2007.* Institut für Romanistik der Leopold-Franzens-Universität Innsbruck (no prelo).

(2008a): "La frase hecha, entre variabilidad e interferencia", en Sinner, Carsten / Wesch, Andreas (eds.): *El castellano en tierras de habla castellana*. Frankfurt am Main: Vervuert / Madrid: Iberoamericana, pp. 287-322.

(2008b): "La traducción de la frase hecha. El caso del castellano de Cataluña", en Mª Isabel González Rey (ed.): *Studies on Phraseology from Translatorial Perspective/Beiträge zur Phraseologie aus übersetzungswissenschaftlicher Sicht*. Hamburg: Verlag Dr. Kovac, pp. 55-72.

CASANOVAS Y FERRÁN, Joaquín (1883): *Colección de vocablos y modismos incorrectos y viciosos usados por los catalanes cuando hablan el castellano, tomados al oído ó leídos en los periódicos*. Barcelona.

COLOMINAS VENTURA, Carme (2001): *La representació semàntica de les construccions de suport des d'una perspectiva multilingual*. Tesis doctoral. URL: Tesis doctorals en xarxa, Universitat Autònoma de Barcelona, http://www.tesisenxarxa.net/TDX-0321102-141320/index.html [Data da consulta: 1-1-2008].

CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en liña]. *Corpus diacrónico del español*. URL: http://www.rae.es [Data da consulta: 1-1-2008].

CORPAS PASTOR, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

DCVB = ALCOVER, Antoni M. e MOLL, Francesc de B. (2001-2002): *Diccionari català-valencià-balear* (DCVB). Barcelona: Institut d'Estudis Catalans. URL: http://dcvb.iecat.net/ [Data da consulta: 5-1-2007].

DFEA = SECO, Manuel / ANDRÉS, Olimpia / RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles. Basado en el Diccionario del español actual de Manuel Seco, Olimpia Andrés y Gabino Ramos.* Dirigido por Manuel Seco. Madrid: Aguilar.

DIEC2 = INSTITUT D'ESTUDIS CATALANS (2007): *Diccionari de la Llengua Catalana.* Segunda edición. Barcelona. URL: http://pdl.iecat.net/entrada/diec.asp [Data da consulta: 1-1-2008].

DPD = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2005): *Diccionario Panhispánico de Dudas*. URL: http://www.rae.es/ [Data de consulta: 9-1-2007].

DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la Real Academia*, 22ª ed. URL: http//:www.rae.es [Data de consulta: 11-1-2007].

DSFF = ESPINAL I FARRÉ, M. T. (2004): *Diccionari de sinònims de frases fetes*, Barcelona: UAB, Publicacions de l'Abadia de Montserrat.

GDLC = ENCICLOPÈDIA CATALANA (1999): *Gran Diccionari de la Llengua Catalana. Barcelona, Enciclopèdia Catalana*. URL: http://www.grec.net/home/cel/dicc.htm [Data de consulta: 11-1-2007].

KAILUWEIT, Rolf (1996): "El castellano de Barcelona en torno a 1800. La formación de un dialecto terciario", en Alonso González, Alegría *et al*. (eds.): *Actas del III Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española, Salamanca, 22 - 27 de noviembre de 1993*. Madrid: Arco/Libros, pp. 737-746.

LEBSANFT, Franz (1993): "Cazadores de gazapos. Die 'dianormativen' Wörterbücher zum Spanischen im 19. und frühen 20. Jahrhundert", en Strosetzki, Christoph (ed.): *Akten des Deutschen Hispanistentages, Göttingen, 28.2. - 3.3. 1991*. Frankfurt am Main: Vervuert, pp. 251-269. (*Studia Hispanica,* 2)

M[ARCET]. C[ARBONELL]., M[iguel]. (1885): *Vocabulario de catalanismos, ó sea de numerosos errores en que suelen incurrir los catalanes por traducir al pie de la letra ciertas voces, locuciones y frases del lenguaje catalán, que no tienen exacta correspondencia en la lengua castellana. / Van intercalados algunos interesantes artículos sobre las principales cuestiones gramaticales que en la actualidad se agitan; á más, un conciso y claro artículo respecto al uso del acento ortográfico en catalán y castellano; y por remate, una completa lista alfabética de los artículos contenidos en la obra. / ...es carrera más desembarazada la de desatinar cada cual a su antojo, que la de escribir*

con pureza y corrección. (Salvá). / Compuesto y ordenado por M. M. C. Barcelona: Librería de Juan Grabulosa.

MARCET CARBONELL, Miguel (1892*): Vocabulario de catalanismos ó sea de numerosos disparates cometidos por traducir al pie de la letra ciertas voces, locuciones y frases del lenguaje catalán, que no congenian con el castellano. / Van intercalados algunos artículos sobre cuestiones gramaticales, en especial sobre el USO DEL ACENTO ORTOGRÁFICO EN CATALÁN Y CASTELLANO. Sigue completa lista alfabética de los artículos contenidos en la obra. / Edición aumentada con un ESTUDIO ORTOGRÁFICO SOBRE EL USO DE LAS LETRAS EN CATALÁN Y CASTELLANO; y por via de Apéndice, un breve TRATADO SOBRE EL APÓSTROFO. / Compuesto y ordenado por Miguel Marcet Carbonell. Licenciado en Filosofia y Letras, Miembro del Colegio de Profesores de Cataluña, Profesor de 2.ª enseñanza en el Liceo Poliglota y otros acreditados Centros docentes incorporados al Instituto Provincial, Autor de varias obras, etc*. Barcelona: Tipografía de F. Altés.

(1928): *Vocabulario de catalanismos o sea de numerosos errores en que suelen incurrir los catalanes por traducir al pie de la letra ciertas voces, locuciones y frases del lenguaje catalán, que no tienen exacta correspondencia en la lengua castellana, oficialmente por antonomasia lengua española. / Van intercalados algunos artículos sobre fonética y sintaxis castellana; y por remate, completa lista alfabética de los 1075 artículos contenidos en la obra. / Compuesto y ordenado por D. Miguel Marcet Carbonell. Maestro, Licenciado en Filosofía y Letras, Meritíssimus en el Bachillerato en Sagrada Teología. / Tercera edición corregida y aumentada*. Barcelona: Gráfica Escandía [1930 na portada].

MARCET I SALOM, Pere / SOLÀ, Joan (1998): *Història de la lingüística catalana 1775-1900. Repertori crític*. Volume II. (Biblioteca Universitària, Història de la Llengua; Sèrie Major) Girona: Universitat de Girona/Vic: Editorial Eumo.

MARTINEZ DE SOUSA, José (1996): *Diccionario de usos y dudas del español actual*. Barcelona: Biblograf.

NTLLE = *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*. URL: http://buscon.rae.es/ntlle/SrvltGUILoginNtlle [Data da consulta: 1-1-2008].

ORELLANA, Francisco J. (1891): *Cizaña del lenguaje. Vocabulario de disparates, extranjerismos, barbarismos, pedanterías y desatinos introducidos en la lengua castellana*. 4.ª ed. corr. y aum. Barcelona: Antonio J. Bastinos.

SALCEDO, Lorenzo (1919): *Lima del lenguaje. Manual teórico-práctico de depuración lingüística, arreglado para los colegios y centros de enseñanza*. Barcelona: s.n. [Imprenta Editorial Barcelonesa]

SECO, Manuel (2002): *Diccionario de dudas y dificultades de la lengua española*. Prólogo de Salvador Fernández Ramírez. 10.ª edición, revisada y actualizada. 4.ª reimpresión. Madrid: Espasa.

SINNER, Carsten (2007) *Bibliografía sobre el castellano de Cataluña*. URL: http://www.carstensinner.de/castellano/bibliografia.html [Data da consulta: 1-9-2007].

(2004): *El castellano de Cataluña. Estudio de aspectos léxicos, morfosintácticos, pragmáticos y metalingüísticos*. Tübingen: Max Niemeyer.

SINNER, Carsten / VAN RAEMDONCK, Dan (2005) : " « Faire » et « se faire », c'est toujours faire ? Le médio-factitif en espagnol et en français", en Sinner, Carsten / Veldre, Georgia (eds.) (2005): *Diathesen im Französischen / Les diathèses en français*. Frankfurt am Main: Peter Lang, pp. 155-175.

SOLA, Joan (1980) : "Tractats de catalanismes", en *Miscel·lània Aramon i Serra, 2 (1980). Estudis de llengua i literatura catalanes oferts a R. Aramon i Serra en el seu setantè aniversari* [revisado por Manuel Jorba]. Barcelona: Curial, 1979-1984.

SOLER JANER, Josep M. (1977): *Gràcia i desgràcia de les traduccions literals*. Barcelona: Claret.

SZIGETVARI, Mónika / MORVAY, Károly (2002): "Apuntes sobre las propiedades combinatorias del verbo hacer en el español de Barcelona", en *Lingüística Española Actual* 24 (2002) 1, pp. 115-143.

TLF = *Trésor de la Langue Française informatisé. Cédérom du texte integral et son livre d'accompagnement* (2004). Paris: CNRS Editions.

Elementos de descrición dos adverbios fixos do catalán no dominio culinario

Dolors Català Guitart[1]

Universitat Autònoma de Barcelona

Adoito, a descrición de linguas específicas está limitada á terminoloxía nominal e a importancia que acadan os adverbios é, ás veces, rexeitada por irrelevante, se non ignorada de vez. Presentamos o dicionario de expresións adverbiais fixas do catalán, usado no ámbito culinario, fixamos a nosa atención na súa descrición formal e mostramos un exemplo dunha gramática que usa técnicas de estado-finito. O marco teórico e metodolóxico é o léxico-gramática, baseado nos principios da gramática transformacional de Zellig S. Harris e desenvolto por M. Gross.

Palabras clave: adverbios fixos, linguas específicas, dominio culinario, dicionario electrónico.

Specific languages description is often limited to nominal terminology and the importance of adverbs is sometimes dismissed as irrelevant if not altogether ignored. We present the electronic dictionary of Catalan adverbial frozen expressions used in culinary field and we focus on their formal description and show an example of a local grammar using finite-state techniques. The theoretical and methodological framework is the Lexicon-Grammar, based on the principles of the transformational grammar of Zellig S. Harris and developed by M. Gross.

Keywords: frozen adverbs, specific language, culinary domain, electronic dictionary.

1. Introdución

O aumento de documentos informatizados fai necesario o tratamento automático das linguas para xestionar a súa información e ter doado acceso a eles en operacións de procura. Xa hai tempo que esta tarefa se leva a cabo en linguas como o francés, o inglés ou o español, pero os recursos lingüísticos na lingua catalá aínda non abondan. A descrición das linguas de especialidade limítase xeralmente á terminoloxía nominal; os verbos e adxectivos, considerados como secundarios, teñen pouca relevancia. Igualmente os adverbios, que son predicados estruturantes do léxico, practicamente están esquecidos. A maior parte dos léxicos non poden dar conta do funcionamento

[1] Tradución de Omar García del Campo e Estefanía Rodríguez Casal.

dunha lingua de especialidade coa precisión necesaria para usos informáticos. No marco deste artigo interesarémonos por un tipo de expresión fixa, os adverbios fixos utilizados no dominio culinario. Nese campo atopamos adverbios que se refiren ás calidades dunha comida que aparecen en frases do tipo:

aquesta carn és amarga com el fel

aquest panellet és dolç com una bresca

Tamén atopamos adverbios que modifican predicados específicos como: *[cuinar] a foc lent, [tallar] a (daus+ llesques)*. Trátase de adverbios que presentan problemas á hora de definir os formatos dos dicionarios electrónicos como ferramentas para o tratamento automático.

2. Marco teórico

2.1. O léxico-gramática e as clases de obxectos

Para describir as linguas de especialidade, adoptamos os principios de análise e descrición do léxico-gramática tal e como foi desenvolvido por Maurice Gross (1986) e da teoría das clases de obxectos (Gaston Gross 1995). Tamén introducimos certos conceptos e formalismos propios da teoría Sentido⇔Texto (Igor Mel'čuk 1994) como as funcións léxicas.

No marco do léxico-gramática baseado na teoría transformacional de Z. S. Harris (1976), a unidade de sentido non é a palabra tal como a entendía Saussure senón a oración simple, composta dun predicado acompañado dos seus argumentos que responde ao esquema seguinte:

Predicado (argumento 1, argumento2, argumento 3)

O predicado constitúe o núcleo da oración e selecciona os seus argumentos:

En Joan compra pastissos

**La taula compra llibres*[2]

Con certos predicados, pódese omitir un ou máis argumentos pero o esquema de argumentos que hai por baixo da interpretación desta frase permite reconstruír o tipo de argumento ausente:

parlar (arg1, arg2, arg 3)

En Joan parla

En Joan parla de política

[2] Utilizamos as convencións notacionais empregadas nos traballos do LADL (Paris7) e LLI (Paris13) Así, o asterisco * indica que a estrutura que lle segue é agramatical. Escribimos entre *[ ]* a frase sobre a que se aplica o adverbio. O produto de factores [*tallar*] *a (daus +llesques)* equivalerá a *tallar a daus i tallar a llesques.* As indicacións *N*, *Prep* e *Det* referiranse respectivamente ao nome, á preposición e ao determinante; *C* corresponderá ao núcleo ou parte fixa do adverbio e *Modif* ao modificador ou expansión do nome nun grupo nominal.

En Joan parla de política amb en Pere

En cambio, no exemplo seguinte, a ausencia do argumento cambia o sentido do predicado:

En Joan viu a Paris = En Joan resideix a Paris

En Joan viu = En Joan no és mort

Do mesmo xeito que os verbos, os adxectivos ou os substantivos poden ser predicados, pero necesitan ser asociados a un verbo que actualice a frase. O adxectivo é actualizado por un verbo copulativo e os substantivos por verbos chamados *verbos soporte*:

*Juan **está** ausente*

*Juan **da** un paseo*

Gaston Gross observa que os trazos sintácticos utilizados polo léxico-gramática na descrición dos predicados (*Humano (hum), animal (anl), vexetal (vex), inanimado concreto (concr) inanimado abstracto (abs)…*) permiten evitar ambigüidades en certo número de usos:

En Joan ha atracat al moll

En Joan ha atracat una parella al moll

atracar <hum>= roubar

En Joan ha atracat la barca al moll

atracar <concr> = amarrar

Pero, no segundo exemplo, o trazo concreto é demasiado xeral para delimitar o sentido preciso da oración, xa que pode dar lugar a frases como:

**En Joan ha atracat la taula al moll*

A caracterización en trazos sintácticos non é suficiente para estremar o dominio dos argumentos dun operador, xa que os predicados non só seleccionan o número, a natureza e a distribución dos seus argumentos senón o conxunto semántico ao que pertence. Neste exemplo é posible caracterizar con precisión a distribución do predicado atracar: *barca* pertence á clase de medios de transporte marítimo que comprende unidades como *embarcació, bot, llanxa, barcassa, falutx…*Estes conxuntos constitúen clases léxicas semanticamente homoxéneas establecidas a partir de propiedades léxico-sintácticas que Gaston Gross (1994) chama "clases de obxectos". O predicado *atracar* pode ser considerado como un dos operadores apropiados que permite construír a clase dos <medios de transporte marítimo>. A constitución das clases de obxectos nas linguas de especialidade está aínda en fase de elaboración. Nun traballo anterior (Català, no prelo), propuxemos unha estruturación sintáctico-semántica do dominio culinario seguindo os postulados que acabamos de presentar. Este enfoque permitiunos introducir informacións semánticas nuns dicionarios electrónicos baseados case exclusivamente en criterios léxico-sintácticos.

2.2. O adverbio

No que atinxe aos adverbios, partimos dos traballos de Maurice Gross (1986). Gross amplía a definición tradicional de adverbio aproximándoa á de complemento circunstancial; así, baixo o nome de adverbio xeral, abrangue os complementos máis ou menos facultativos da frase ou do verbo que teñen propiedades combinatorias restrinxidas nas formas libres. En realidade, comprende as categorías da gramática tradicional como a de complemento circunstancial, complemento adverbial e as proposicións subordinadas circunstanciais, así como algunhas exclamacións, onomatopeas e conxuncións. Por exemplo:

> "L'única persona que podia explicar-li ***fil per randa*** l'autèntica naturalesa de Juan Lloris era Oriol Martí" (Torrent 2003: 65).

A noción de adverbio xeneralizado que está na base do noso traballo pódese representar coa fórmula xeral dos grupos preposicionais seguinte:

Adv = Prép Dét N Modif

A combinación dos diferentes elementos da estrutura dá lugar a 16 clases de adverbios. Así, a clase PC comprende adverbios de tipo preposición máis o elemento fixo C que pode ser un nome, un adxectivo, un adverbio ou un verbo:

[La sang raja] a doll

En concret [marxarem demà]

Per començar [posarem la farina]

[Els helicòpters passejaven] per damunt

A clase PCDC, coma tal, reúne os adverbios fixos cuxo modificador corresponde a un complemento preposicional introducido pola preposición *de* como *a les negres de la nit.*

Os adverbios fixos presentan propiedades limitadas en relación cos adverbios libres pero as modificacións sintácticas están lexicamente condicionadas. Dende o punto de vista semántico, son expresións compostas cuxo significado é simple e ten que ser recoñecido como un todo.

Sinclair (1991) defíneas da seguinte maneira:

> *The principle of idiom is that language user has available to him or her a large number of semi-preconstructed phrases that constitute single choices, even though they might appear to be analysable into segments* (Sinclair 1991: 110).

Pola nosa parte, distinguimos diferentes tipos de fixación. Como exemplo, diremos que existen adverbios cuxo significado é transparente e composicional, a pesar de que constitúan un marco fixo para a expresión de determinado contido semántico como en:

Durant els anys 40

Os *quasi-frasemas* son expresións fixas cuxo sentido global corresponde ao sentido dos seus compoñentes ao que se lle engade un sentido suplementario:

[El van rebre] amb els braços oberts

Os frasemas completos son expresións cuxo significado non corresponde ao sentido dos seus compoñentes:

[Aquest any, hi ha bolets] a banderes desplegades

Numerosos adverbios fixos expresan valores semánticos como a intensidade, a atenuación ou a avaliación. Trátase dos semi-frasemas ou colocacións (Mel'čuk 1994):

[En Joan llença els diners] a gavadalls (Magn)

=[En Joan llença els diners] en gran quantitat

[Marta menja] com un pardalet (AntiMagn)

= [Marta menja] poc

[En Joan viu] com un rei (Bon)

[En Joan viu] bé

Maurice Gross e o seu equipo do Laboratoire d'Automatique Documentaire et Linguistique (LADL) catalogaron e clasificaron 7.284 adverbios para o francés. Seguindo as mesmas premisas, constituímos un módulo de 6.000 construcións adverbiais do español (Català 2003) incluídas no dicionario electrónico do español $Delac_s$ (Blanco 2000) e unhas 4.000 do catalán (Català 2004) incorporadas no dicionario electrónico do catalán (Sastre 2007).

3. Os adverbios no dominio culinario

Estas nocións que presentamos brevemente foron elaboradas e aplicadas á lingua xeral. Utilizaremos ese mesmo modelo para describir os adverbios fixos do dominio culinario xa que, seguindo a Pierre Lerat (1995), a especificidade dunha lingua de especialidade reside nos usos especializados que se fan da lingua xeral en contextos particulares.

3.1. Os adverbios nas linguas de especialidade

Se observamos un corpus de receitas de cociña na web, por exemplo, podemos distinguir diferentes tipos de unidades adverbiais:

1) adverbios xerais non específicos do dominio culinario como *poc a poc, de mica en mica*:

> "i començarem a remenar fins que els ous i el sucre estiguin ben desfets. Després anirem afegint *poc a poc* la farina i anirem remenant." (http://sudanell.ddl.net/oci_cultura/fugons/)

> "Continuem remenant i afegint, *de mica en mica*, tres mesures *de* iogurt *de farina*. Recordeu-vos d'afegir el sobre *de* llevat amb *la farina*." (http://www.lesmevesreceptes.com/recepta/68)

2) usos especializados de adverbios xerais como *en fred /en calent*:

> "La cuina de l'antic Egipte, un regal per als déus i els homes (...) Fermentaven el blat o l'ordi *en calent* i feien cervesa de diversos tipus, com la rossa o (...)" (http://www.sapiensdigital.com/ftp/sapiens/R0303001.htm)

> "El més convenient és utilitzar a la cuina l'oli d'oliva i els de llavors, (...) El premsatge es pot realitzar *en calent* o *en fred*." (http://revista.consumer.es/web/ca/20001101/alimentacion/?print=true)

3) adverbios propios do dominio culinario como *a punt de merenga, al bany maria*:

> "Es posa en un bol i s'hi afegeix l'all i el julivert trinxats, el rovell de l'ou i la clara *a punt de merenga*. Després de barrejar-ho bé es poden fregir els (...)" (http://www.lesmevesreceptes.com/recepta/251)

> "Foneu la xocolata al bany maria o al microones. Un cop fosa, hi afegiu la mantega a trossos i ho (...) el pastís i deixeu-lo refredar; un cop fred, escampeu (...)" (http://www.diba.cat/delmercatalataula/fitxers/recepta_pag134.pdf)

Algúns destes adverbios propios do dominio culinario poden aparecer na lingua xeral cun sentido metafórico despois dun proceso de xeneralización, como podemos observar nas concordancias seguintes extraídas do diario *Avui* co programa *Unitex* (Paumier 2006):

> *e la politica italiana ahir tot es coia* **a foc fort**, *gairebé frenètic. l'endemà que Silvio B*

> *ema, quan la fas al Parlament, qu es fa* **a foc fort,** *i si destapes l'olla, el contingut esquitx*

> *què seguir amb els atemptats és morir* **a foc lent** *la novetat de la carta dels històtics era*

> *El sentiment antisirià es va anar coent* **a foc lent** *al llarg dels darrers anys, però va arrib*

Neste novo uso, que constitúe unha nova entrada léxico-sintáctica, as oposicións do uso culinario non funcionan:

> **això és morir a foc viu/fort*

> **l'han cremat a foc viu/fort*

Polo tanto, hai que describir estes adverbios de forma detallada para elaborar ferramentas lexicográficas para o tratamento automático e a tradución automática de textos de especialidade.

3.2. Os adverbios propios do dominio culinario

No marco dos sistemas de dicionarios electrónicos do grupo *f*LexSem (fonética, Lexicografía e Semántica) da Universidade Autónoma de Barcelona, elaboramos un dicionario de adverbios fixos do catalán (Català 2004). O noso dicionario está

composto por 4.418 lemas que foron extraídos, por unha parte, de dicionarios de lingua catalá e, pola outra, de diferentes fontes (corpus do diario *Avui* de 40 megas e corpus de textos de páxinas web catalás). A partir dese dicionario, constituímos un módulo aproximado duns 200 adverbios específicos do dominio culinario. Seguindo a clasificación proposta por Maurice Gross (1986), atopamos adverbios de todas as clases, por exemplo, da clase PC, que presentan a estrutura Prep C:

[Joan talla el pernil] a llesques

Algúns destes adverbios pode presentar diferentes graos de intensidade:

[El brou bull] a borbolls (Magn)

Tamén atopamos moitos adverbios da clase PDETC (de forma *Preposición+ Determinante+elemento fixo C*):

[Joan rosteix la botifarra] a la brasa

Nos seguintes exemplos de adverbios que se aplican ao verbo *coure* observamos a forma regular *a Det N*:

coure (a l'ast+ a la brasa+ al caliu)

Coure a la (sal + vapor+ aigua)

Coure (al forn)

Coure a la (cassola+graella+ planxa)

Son formas relativamente produtivas. Os N coma *forn, cassola, graella, planxa* corresponden semanticamente a instrumentos de cocción. Maurice Gross afirma respecto do seu equivalente francés:

> *Nous avons représenté dans la table PDETC quelques situations relativement productives. […] Nous avons procédé de même pour les adverbes techniques du verbe cuire qui ont la forme régulière à LE N :* [Max a cuit la viande] (à la broche + au four + au gril + à la casserole). *La productivité de cette forme est attestée par l'acceptabilité de termes récents comme* au four, au micro-ondes *ou au* (butagaz + butane + propane)*, etc. qui peuvent mettre en jeu un procédé technique ou une marque commerciale quelconques. On a encore :* [Max a cuit la viande] (au beurre + à l'eau + à la vapeur + ...) (Gross 1986: 166).

Porén, para Mi-Seon Hong (2000: 178), o complemento circunstancial *al vapor* asociado ao verbo *coure* non é un adverbio senón un complemento esencial fixo que corresponde en coreano a un único verbo, igual que *coure a l'aigua, a la cassola, al forn*. Nas linguas catalá e española, a expresión francesa *cuire (à l'étoffée + à l'étuvée)* tradúcese polo verbo simple *estofar*; en portugués emprégase tamén *estufar*. A expresión *coure a la graella* corresponde en inglés ao verbo simple *to braise*, e *rostir a la graella* equivale a *to griddle* ou *to broil* en inglés e a *grelhar* en portugués.

Nos casos en que o verbo se impón de maneira case única pero no que o seu significado non cambia, seguiremos, de momento, considerando o complemento circunstancial

coma un adverbio, aínda que pensamos que, máis adiante, será necesario afondar sobre estes casos para delimitar ben estas expresións.

Nos adverbios da clase PDETC, tamén observamos outra situación relativamente produtiva cando o núcleo está formado por un adxectivo na forma feminina, como podemos ver no seguinte exemplo:

[Joan cou (les cloïsses+ els fideus + l'arròs)] a la marinera

Constitúe un paradigma no que a palabra *manera* está implícita:

a la manera (marinera+antigua+española+francesa, etc).

Na clase PCA (*preposición+elemento fixo+ modificador adxectivo*), tamén atopamos outras estruturas produtivas como:

coure a temperatura (alta + mitja + mitjana + forta + ben forta+ constant + suau + molt suau+ fluixa + moderada + baixa+ ambient)

coure a foc (viu + dolç+ mitjà+ moderat+ suau+ molt suau+ lent+ fort)

coure al forn (calent+ suau+ moderat)

Temos ademais adverbios que pertencen a clases máis complexas, as denominadas locucións preposicionais da gramática tradicional. Por exemplo, na clase PCDC (*Preposición+ elemento fixo C+ preposición de + elemento fixo C)*, destacamos o grupo de adverbios empregados para falar das diferentes transformacións da clara do ovo:

a punt de (neu+ neu dura, merenga)

"Mentre escalfem la xocolata, barregem en un bol les clares d'ou amb la goma de xantana i muntem aquesta barreja *a punt de neu*. Una miqueta abans que arribin (...)"

(http://www.tv3.cat/pprogrames/lacuinadelisma/cdiSeccio.jsp?seccio=recepta&idint=3593)

"En una safa d'obra fina envernissada (pisa), de les de batre, s'alcen les clares *a punt de neu dura*, (...)" (http://www.coneixercanals.com/cuina/postre3.htm)

"Quan estigui tebi, batre les clares *a punt de merenga* i afegir-les a aquesta crema. Abocar-ho en el motlle folrat de melindros i posar-ne més al damunt (...)" (http://hemeroteca.lafura.cat/pdf-split/925/fura-925-pg-041)

Tamén se pode salientar esta serie de adverbios empregados para presentar as diferentes transformacións do azucre pertencentes á clase PCDC:

a punt de (bola+ bola fort+ bola fluixet+ caramel+ fil)

al grau d'anís

Nesta serie, hai dous adverbios da clase PCA:

a punt volant

a punt (E + casi) trencant

"Batre la llet i els ous, afegir poc a poc el sucre *a punt de fil*. caramelitzar el motlle del flam amb sucre fet, omplir el motlle i preparar la vaporetto o (...)" (http://lacuinadelaiaia.bloc.cat/)

"En un cassó s'hi posen 6 cullerades d'aigua i 75 g de sucre la vainilla i suc de mitja llimona, es fa un almívar *a punt de bola*, es retira la vainilla i es (...)" (http://lesreceptesdelalola.net/detall.php?id=172)

"Escalfa el sucre fins *a punt de caramel*, alhora que en un altre casset es calfa la llet i a poc a poc es va removent fins a mesclar-se." (http://www.ajumiramar.org/web/index2.php?content=contingut&fitxer=gastronomia&idioma=val)

4. Exemplo dunha gramática local do dominio culinario

O dicionario de adverbios complétase mediante gramáticas locais que serven para efectuar buscas nos textos, así como para describir diferentes fenómenos lingüísticos. Distribúense en gramáticas léxicas e sintácticas. Represéntanse mediante transdutores ou autómatas de estado finito. Construímos diversas gramáticas locais agrupando os adverbios por subgrupos coma os que se refiren á transformación do azucre e da clara de ovo, os que atinxen á preparación ou ao adubo ou á maneira de cocer (Fig.1.). Para a construción de ditos grafos e a explotación de corpus, utilizamos o sistema *Unitex* (Paumier 2006).

Os adverbios son predicados que se aplican necesariamente sobre outros predicados aos que impoñen as súas restricións de selección. Así, algúns destes adverbios soamente se aplican sobre un abano restrinxido de predicados:

[Salar + assaonar + condimentar + rectificar de sal i pebre] al gust

Outros teñen un abano máis amplo e seleccionan diferentes predicados:

[Coure + cuinar]+ [sofregir]+ [reduir]+ [confitar] a foc suau

A aplicación destes autómatas sobre un corpus de receitas permitiunos verificar o conxunto de predicados sobre os que se aplican estes adverbios e establecer os grupos semánticos seguintes despois de ter observado manualmente as concordancias:

- *bullir, coure, cuinar, fregir, sofregir, escalfar, rostir, torrar, guisar*.
- *tallar, trinxar, laminar, pelar, picar*.
- *assaonar, condimentar, salpebrar*.
- *compondre, adornar, preparar, preparació*.
- *hidratar, remullar, empapar, fondre, dissoldre, desfer, muntar, pujar, alçar, batre, treballar, confitar*.



Fig. 1. Adverbios fixos "*manera de coure*"

5. Conclusións

Neste estudo presentamos brevemente un dos elementos esquecidos ou descoidados das linguas de especialidade: os adverbios; centrámonos nos adverbios propios do dominio culinario, co obxectivo de elaborar un dicionario electrónico. Os recursos lingüísticos que utilizamos constitúen un punto de partida no tratamento automático. A súa posta en funcionamento en forma de autómatas debería permitirnos tratar corpus máis amplos e, tamén, usalos noutras aplicacións coma a tradución automática ou en didáctica das linguas.

6. Referencias bibliográfícas

BLANCO, X. (2000): "Les dictionnaires électroniques de l'espagnol, Delass et Delacss", en *Lingvisticæ Investigationes* 23. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, pp. 201- 218.

CATALÀ, D. (2003): *Les adverbes composés : approches contrastives en linguistique appliquée.* Ph. D. Tesi. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.

(2004): "Formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6. Santiago de Compostela: CIRP, pp. 11-26.

(no prelo): "Les adverbes spécifiques au domaine culinaire. étude contrastive espagnol-français) 1st Iberian Worshop on Comparative Grammar, proceedings".

GROSS, G. (1986): *Grammaire transformationnelle du français, vol 3, Syntaxe de l'adverbe*. Paris: ASSTRIL.

(1994): "Classes d'objets et description des verbes", en *Langages* 115, París: Larousse, pp. 15-30.

(1996): *Les expressions figées en français*. Paris: Ophrys.

HARRIS, Z. (1976): *Notes du cours de syntaxe*. Trad. Maurice Gross. Paris: Seuil.

HONG, M-S. (2000): *Modèle théorique et représentation formelle de la sémantique de langues éloignées : application au couple coréen-français en Traduction Automatique*. *Thèse de Doctorat en Linguistique et Informatique*. UFR, Université de Franche Comté.

LERAT, P. (1995): *Les langues spécialisées*. Paris: PUF.

MEL'ČUK, I. (1994): "Fonctions lexicales dans le traitement du langage naturel", en *Actualité Scientifique*, AUPELF-UREF, 193-219.

PAUMIER, S. (2006): *Unitex - manuel d'utilisation*. (v.1.2) Paris: Univ. Marne-la-Vallée. (http://www-igm.univ-mlv.fr/~unitex/UnitexManual.pdf)

SASTRE, J. (2007): *Dictionnaire électronique de catalan coordonné avec le français: le module NooJ*. *Treball de recerca*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.

SINCLAIR, J. (1991): *Corpus. Concordance. Collocation*. Oxford U. P.

TORRENT, F. (2003): *Espècies protegides*. Barcelona: Columna.

Referencias electrónicas

http://sudanell.ddl.net/oci_cultura/fugons/ [Data de consulta: 23/11/07]

http://www.lesmevesreceptes.com/recepta/68 [Data de consulta: 23/11/07]

http://www.sapiensdigital.com/ftp/sapiens/R0303001.htm [Data de consulta: 23/11/07]

http://revista.consumer.es/web/ca/20001101/alimentacion/?print=true [Data de consulta: 23/11/07]

http://www.lesmevesreceptes.com/recepta/251 [Data de consulta: 23/11/07]

http://www.diba.cat/delmercatalataula/fitxers/recepta_pag134.pdf [Data de consulta: 02/09/08]

http://www.tv3.cat/pprogrames/lacuinadelisma/cdiSeccio.jsp?seccio=recepta&idint=3593 [Data de consulta: 23/11/07]

http://www.coneixercanals.com/cuina/postre3.htm [Data de consulta: 23/11/07]

http://hemeroteca.lafura.cat/pdf-split/925/fura-925-pg-041 [Data de consulta: 23/11/07]

http://lacuinadelaiaia.bloc.cat/ [Data de consulta: 23/11/07]

http://lesreceptesdelalola.net/detall.php?id=172 [Data de consulta : 02/09/08]

http://www.ajumiramar.org/web/index2.php?content=contingut&fitxer=gastronomia&idioma=val [Data de consulta: 23/11/07]

Dúas seccións fraseolóxicas plurilingües nos *Sprachbücher* de Juan Ángel de Zumaran

Mª José Corvo Sánchez[1]

Universidade de Vigo

Neste traballo preséntanse dúas seccións fraseolóxicas plurilingües contidas en dous manuais de linguas do século XVII e que son unha mostra do labor docente e tradutolóxico do seu autor.

Palabras clave: *Tyrocinium*, *Thesaurus*, *Sprachbücher*, seccións plurilingües,fraseoloxía.

The current article is concerned with two phraseological sections included in two Sprachbücher or books of languages from the 17th century. They show the work of their author, as translator and teacher of languages.

Keywords: *Tyrocinium*, *Thesaurus*, *Sprachbücher, multilingual sections, phraseology*.

1. Introdución

Os libros de linguas de Juan Ángel de Zumaran configuran o grupo das catro obras seguintes: o *Tyrocinium* de 1617, *Das Newe Sprachbuch* de 1621, o *Thesaurus* de 1626 e a *Grammatica* de 1634.[2]

Aínda que non son manuais concibidos sempre da mesma maneira, nin para idénticos alumnos, todos eles presentan unha estrutura similar: unha primeira parte preliminar de carácter introdutorio na que, como se facía na época, se atopaban os escritos da dedicatoria e da advertencia aos lectores, que constitúen un tipo de prólogos moi interesantes pola diversidade da información vertida neles polo seu autor, que nos permiten identificar personaxes reais do contexto histórico que lle tocou vivir e que, ademais, conteñen a declaración persoal da súa doutrina como mestre de linguas estranxeiras; unha parte central, que é a principal e máis extensa en todas as obras,

---

[1] Tradución de María Domínguez Martínez e Sara Álvarez Pola.

[2] Os títulos completos recollémolos á fin do traballo, no apartado da bibliografía. As diferentes edicións dos mesmos coñecidas poden consultarse en Corvo 2007a: 145-6.

dedicada por enteiro aos diferentes elementos de contido lingüístico e unha parte final en forma de índice ou de *laudatio* que serve de colofón para rematar a obra.

Na súa parte central todos presentan un contido máis ou menos común no referente á gramática, á nomenclatura e aos diálogos, así coma outras seccións menos fáciles de clasificar e que, aínda que poidan ser comúns a algúns destes manuais de linguas, non sempre presentan idénticos contidos.

Son algunhas destas seccións precisamente as que nos interesa tratar neste traballo en concreto, as únicas dúas seccións fraseolóxicas que presentan a particularidade de seren exclusivas a un único libro de linguas: o tratado de sentenzas das "cousas tanto útiles coma inútiles e das que un debe protexerse" do *Tyrocinium* de 1617 e o catálogo de fórmulas de tratamento epistolar do *Thesaurus* de 1626.

Abordarémolas fundamentalmente dunha forma descritiva e ilustrarémolas para entender a súa funcionalidade nestes libros ou manuais de linguas; con isto, pois, o obxectivo final destas páxinas será presentar ambas as seccións de frases, enormemente interesantes e ilustrativas do quefacer docente e do labor de tradución que levou a cabo este nobre cántabro nas primeiras décadas do século XVII.

2. Tratado trilingüe de sentenzas no *Tyrocinium* de 1617

O título deste tratado preséntase en alemán e italiano da seguinte maneira:

> "TARATATO DELLE COSE profiteuoli, e contrarie, et anche di quelle dalli quali ci debbiamo guardare. Composto e raccolto perutilè di quelli ch`imparano le lingue, di me I. A. di S. Maestro et Interprete di lingue in Monaco.
>
> Ein Tractat der jenigen sachen/ so nutzlich vnd vnnútzlich/ auch deren von welchen man sich behúten soll." (Tyrocinium 1617: 156)

Constitúe unha sección trilingüe que se estende dende a páxina 156 ata a 185 da obra e na que a cada frase en italiano lle seguen as súas traducións en francés e en alemán.

Estas frases de "cousas tanto útiles coma inútiles das que un debe protexerse" configuran un global de setenta e unha sentenzas redactadas nas tres linguas empregadas no *Tyrocinium 1617* e nunha orde, poderiamos dicir, de maior a menor número de cousas contidas, dende dúas ata dez. Exemplificámolas a seguir tomando unha de cada grupo:

Per due cose l huomo è amato.

La prima per prudenza, a seconda per lealta.

"Pour deux choses est l`homme aymè.

La premiere pour sa prudence, la deuxsieme pour sa leaultè.

Vmb 2. sachen wirdt der Mensch geliebt.

Die erst von wegen seiner Weiβheit/ die andere vmb sein redlichkeit". (p. 159)

Tre cose buone a mantener l'amico.

Honorarlo in presentia, lodarlo in absentia, e seruirlo al bisogno.

"Trois bonnes choses à maintenir l'amys.

L'honorer en sa presence, le loüer en absence, & le seruir au besongn.

Drey gutte sachen ainen Freundt zubehalten.

Denselbigen in gegenwertigkeit Ehren/ abessendt loben/ vnnd dem in der noht dienen". (p. 166)

Quattro cose non si deuono imprestare.

Buon cauallo, moglie fidele, seruitore leale, et arma buona.

"Quattre chose ne doit on pas prester de hors.

Vn bon cheual, femme fidele, seruiteur loyal & bones armes.

4. Sachen soll man nich avβleihen.

Ain guttes Pferdt/ trewes Weib/ trewe Diener/ vnd ain gutte Wehr". (p. 172)

Di cinque cose non si deuono fidare.

Di cane forestiero, d'ogni cauallo, di moglie loquace, di seruo superbo, e di torbido fiume.

"De cinq choses ne se doit on fier.

De chien estranger, de chasque cheual, de femme caqueteresse, de seruiteur superbe, & de fleuue troublè.

Auff 5. sachen solle man sich nicht verlassen oder trauen.

Auff ein frembden hundt/ ain jedweders Pferdt/ ain geschweziges Weib/ hoffertigen knecht/ vnd ain trübes Wasser". (p. 180)

Sei cose si deono scacciar con ogni diligenza.

Malatia del peccato del corpo, ignoranza del'animo, lussuria del ventre, discordia di casa, soditione di città, ambitione di gouernar altri.

"Six choses doit on chaffer diligement.

Maladie du pechè & du corps, ignorance d'esprit paillardise du ventre, discorde de maison, sedicion de ville, Ambition de gouuerner les autres.

6. Sachen soll einer fleissig verbergen.

Die kranckheit der Sünd vnd deβ Leibs/ die narrheit/ vnzucht deβ Leibs/ vnainigkeit deβ Hauβ/ Auffruhr der Statt/ Ehrgeizigkeit andere zuregieren". (pp. 181-2)

Sette cose piaciono.

Casto in giouentù, allegro in Vecchiezza, largo in pouertà, misura in ricchezza humil in grandezza patiente nelle auersita, et auferente nelle sue volontà.

"Sept choses nous plaisent.

Chaste ieunesse, allaigre en vieillesse, liberal en pouretè, mesure en richesse, humble en grandeur, patient aux aduersites, & chasser ces Desirs & volontes.

7. Sachen gefallen.

In der Jugent weiβ/ lustig im Alter/ freygebig in der Armut/ messig in reichtumben/ demütig in der hochheit/ gedultig in widerwertigkeit/ vnnd verbergen seine begir vnnd willen". (p. 182)

Otto cose fanno l'huomo pouero.

Femina, giuoco, mala compagnia, far lite, stare in otio, far vendetta, seguir la gola, et viuer senza meta, fa l'huomo impouerir qualunque sia.

"Huict coses font l'homme poure.

Femmes, Ieu, Mauuaise compagnie, faire procez, estre oisis, faire reuanche, fuiure sa geule, & viure sans mesure, fait l'homme poure, Quel qu'il soit.

8. Ding machen den Menschen arm.

Das Weib/ spilen/ böse Gselschafft/ verzechten/ müessig seyn/ sich rechen/ dem fraβ anhangen/ leben ohne maβ/ das macht den Menschen armb/ sey wer er will". (pp. 182-3)

Nuoue cose si accordano insieme.

Buona compagnia, et allegrezza, vn hosto et vn ingordo, vna bella donna e belle vesti, vna donna ostimata, et vn bastone, un'auaro et dinari assai, vn ladro robba et la fune o corda, vn asino e chilo cacci.

"Neuf choses se concordent ensemble.

Bone compagnie, & ioye, vn hoste & vn gourmand, vne belle femme, & beaux habillements, vne femme opiniastre & vn baston, vn auaricieux & beaucoup d'argent, vn larron, de biens & vne corde, vn asne & quile chasse.

Neun ding vergleichen sich.

Gute Gesellschafft/ vnnd Fröligkeit/ ein Wirth vnd ein Fresser/ ein schöne Frau vnnd schöne Klaider/ ein halsterrigs Weib vnd ein stecken/ ein geiziger uñ genueg Gelt/ ein Dieb vnd ein strick/ ein Esel vnd einer so jn treibt". (p. 183)

Dieci cose non s'accordano insieme.

Huomo pauroso et guerra, lauorante fedele et chitien le mercedi, viandante affamato et hosto pouero, carre picciolo et peso grande, cani et gatti in vna cucina, vn vecchio con vna giouane, buon maestrò e cattiuo discepolo, chi ha gran sete et picciolbicchiero, gran gabella et poueri mercanti, buon caciatore e tristi cani.

"Dix choses ne se concordent ensemble.

Homme craintif & guerre, vn laboureur loyal & qui retient le loyer, voyageur affamè & vn poure hoste, vn petit charreau & grand pois, chiens & chats en vne cuisine, vn vieillard & vne ieune femme, bon maistre & mauuais disciple, qui a grand soif & petite coupe, grosse gabelle, & poures marchands, bon chaffeur & mauuais chiens.

10. Sachen vergleichen sich nicht.

Ain verzagter vnnd Krieg/ ain treuer arbeiter/ vnd der so das gelt behelt/ ain raissiger hungriger/ vñ ain armer Wiert/ ain kleiner wagen/ vnd grosser last/ hundt vnd Katz in ainer kuchen/ ain alter Mann/ vnd ain junges Weib/ ain gueter maister/ vnd bóser jung/ ainer so grossen durst hat/ vnd ain klaines geschirr/ groβ mantl/ vnnd arme kauffleut/ guette jáger vnd schlime hund". (p.184)

Este tratado de sentenzas conclúe na páxina 185 do libro coa número 71, a última sentenza desta sección e a única que non segue a orde exposta de "número de cousas", pois preséntase coma a resposta á pregunta universal de que é o amor:

Amore che cosa sia.

Amore è vna paβione accocatrice dell'animo, disuiatrice dell ingegno, ingrossatrice anzi priuatrice delle terrene facultadi, guastatrice delle forze dell corpo, nimica della giouenezza, et della vecchiezza morte: Genetrice d'i vitis, habitatrice d'i vacuipetti, casa senza ragione, et senza ordine et stabilità alcuna, vitio delle menti non sane, et sommergetrice dell'humana libertà.

"Que chose soit amour.

Amour est vne passion aueugleresse du coeur, desuoyeresse de nostre esprit, de priueresse des biens terriens, desgatteresse des forces du corps, ennemie de la jeunesse, & de la vieillesse mort, engendreresse des vices, de meureresse des vuides cœurs, maison sans raison, & sans ordre & sans aucune constance, vice des entendemẽts & pensees non saines & bones, noyeresse de l'humaine libertè.

Was die Lieb ist.

Die lieb ist ein verblendtes leiden deβ herzens/ ain verführung vnsers Geists/ ain beraubung vnserer zeitlichen güetter/ ain abbruch deβ leibs sterck/ ain Feind der jugendt/ vnd ain todt des alters/ ain gebererin der laster/ ain wohnung der láren herzen/ ain hauβ oder wohnung ohne vernunfft/ ohne ordnung vnd ohne ainige bestendigkeit/ ain laster deβ verstandts vñ gedankhen/ nit hailsame oder güetter/ ains schaden der zeitlichen Freyheit". (p. 185)

2. Catálogo do *Thesaurus* de 1626

O catálogo do *Thesaurus 1626* preséntase en latín co seguinte título: "*EPITHETA SEV TITVLI* APPLICANDI, ET ATTRIBVENDI OMNIBVS HOMINIBVS, CVIVSCVNQVE DIGNItatis, status siue Conditionis sint, hodie ab omnibus recepti, & diuersis quinque linguis expressi, & c." (p. 117); contén cinco apartados aparentemente sen conexión entre eles, un en cada unha das cinco linguas empregadas na obra e na

seguinte orde: en latín (pp. 117-24), italiano (pp. 125-31), francés (pp. 132-9), español (pp. 139-42) e alemán (pp. 142-50).

O correspondente apartado en español, por exemplo, preséntase do seguinte modo: "TITVLOS Y SOBRE ESCRITVRAS DE CARTAS SEGVN Y CONFORME EL DIA DE oy se dan, y vsan con grandes Principes y Señores en Espannà, assi Ecclesiasticos, como seglares" (p. 139), do que deducimos que o seu contido consiste nunha relación de diferentes fórmulas de tratamento útiles e necesarias para poder dirixirse por escrito tanto ás dignidades eclesiásticas coma ás seculares, ou a certas institucións, do tipo:

> *Ad summum Pontificem.*
>
> "Beatissimo & sanctissimo in Christo Patri & Domino Vrbano Octauo diuina prouidentiâ Papæ, Sacrosanctæ Romanæ; Et vniuersalis Ecclesiæ Pontifici maximo". (p. 117)
>
> *Ad Imperatorem*.
>
> "Potentissimo, Inuictissimoque Monarchæ, ac Domino, Domino Ferdinando Secundo,Romanorum Imperatori semper Augusto, ac Vngariæ, Bohemiæ, Dalmatiæ, Croatiæ, ac Sciauoniæ Regi Felicissimo, Archiduci Austriæ, Duci Burgundiæ, Comiti Habspurgensi, & c." (p. 119)
>
> "Alla Molto Illustre, Cattolica, famosa, e celebre Vniversità di Ingolstatt insieme col Molto Illustre e Magnificentissimo Signor Rettore, e tutti li altri Professori, Amplissimi e Clarissimi Signori miei Osseruandissimi, & c." (p. 125)
>
> *Au Roy tres Chrestien.*
>
> "Au tres puissant & tres Chrestien Louys treizies me Roy de France & de Nauarre, & c." (p. 133)
>
> *A la Serenißima Infanta de Flandes.*
>
> "A la Serenissima Señora Infanta Doña Margarita mi Señora. Que dios guarde, & c." (p. 139)
>
> *An den Churfûrsten in Bayrn*.
>
> *Dem Hochwúrdigisten auch Durchleutchtigisten Fúrsten*… (p. 145)

Non sempre hai unha correspondencia destes textos nas cinco linguas contidas na obra; si se dá, non obstante, naqueles casos nos que as personalidades ou as institucións mencionadas teñen un carácter internacional, coma cando, por exemplo, se trata dos diferentes reis europeos, ou naqueles casos nos que os destinatarios non reciben un trato personalizado, coma cando se trata dun gobernador ou dun mercador calquera. Noutras ocasións o que fai Zumaran é reproducir certos encabezamentos nas linguas nas que de forma usual existe correspondencia postal coas personaxes ou institucións referidas, permitíndonos observar a súa clara intención de redactar un catálogo útil e próximo ás circunstancias e ás necesidades reais de quen tivese que facer uso del.

3. Propósito e utilidade: Valoración

Estes elementos que acabamos de describir, exclusivos das dúas obras citadas, constitúen un material didáctico plurilingüe desigual.

En primeiro lugar porque, mentres que no tratado do *Tyrocinium* o cualificativo "plurilingüe" fai alusión a un mesmo contido presentado realmente de forma plural, pois son textos paralelos que conteñen diferentes versións dun mesmo contido entre as que figura a da lingua materna do alumno co fin de facilitar a aprendizaxe, no segundo caso, este cualificativo debe entenderse coa seguinte matización: é certo que son textos plurilingües pero só o son na medida en que están redactados en máis dunha lingua e ata nun total de cinco diferentes: latín, italiano, francés, español e alemán. E en segundo lugar, porque a finalidade ou utilidade dunha e doutra sección tampouco é a mesma: a utilidade das sentenzas do *Tyrocinium 1617* atopámola na súa capacidade de servir como modelos de sentido, dos que se extrae unha ensinanza aplicable tanto no plano conversacional coma no escrito; a finalidade das diferentes fórmulas de tratamento ofrecidas no *Thesaurus 1626*, en cambio, atópanse subordinadas só á linguaxe escrita.

Dende a perspectiva do alumno, o uso destes elementos de contido léxico desigual –máis cotián no caso das sentenzas e menos cotián canto ás fórmulas de tratamento– co fin de atender a outras tarefas específicas tras unha aprendizaxe básica da lingua estranxeira, en calquera caso, presupón un coñecemento medio-alto da lingua e, dende a perspectiva do mestre, o seu emprego como material docente sitúanos, en definitiva, no que podemos denominar a última fase do programa de iniciación de adquisición dunha lingua estranxeira deseñada por Zumaran, destinada a que o alumno reforce as destrezas básicas adquiridas xunto ao mestre antes de pasar á fase de perfeccionamento no país estranxeiro, o cal presupón a súa integración entre quen fala a lingua que el aprende.

A explicación da súa inclusión nos libros de linguas de Juan Ángel de Zumaran atopámola no feito de que, na época deste mestre, estes elementos resultan útiles para os fins didácticos perseguidos.

O emprego das sentenzas, en primeiro lugar, exemplifica una práctica habitual no proceso de ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira, cuxo antecedente máis inmediato atopámolo no proceso de ensino da lingua latina, a lingua que na época serve como modelo de aprendizaxe para todas as demais en Europa. E o emprego deste tipo de sentenzas en concreto, o das sentenzas numéricas, é ademais unha mostra máis de continuidade dunha longuísima tradición que se remonta á literatura sapiencial do Antigo Testamento e cuxa fonte, como nos fai lembrar Curtius, "debe ser la poesía y la sabiduría populares", pois "El contar, el recontar, el enumerar son recursos que ayudan a orientar el pensamiento" (1955: 713).

Este tipo de sentenzas sempre resultaron moi útiles á hora de "condensar" ideas, pensamentos ou saberes e á hora de ensinalos; delas valéronse os sofistas, outros moitos pensadores e mestres despois. E o certo é que na Idade Media esta clase de

sentenzas gozaba dunha enorme aceptación; as seguintes palabras de Curtius axúdannos a comprender a razón disto:

> *Toda la Edad Media, desde la invasión de los bárbaros hasta la aparición de la escolástica, fue para el Occidente un largo período de aprendizaje. La enseñanza, con su subdivisión de temas y su mnemotécnica, vino a hacer muy populares las sentencias numéricas y en general la técnica enumerativa.* (1955: 714)

E así seguiu sendo despois e tamén na época do mestre que nos ocupa. Proba da súa popularidade é que outro gran mestre do seu tempo, o estremeño Gonzalo de Correas, catedrático de grego e hebreo na Universidade de Salamanca, tamén inclúe algunhas destas sentenzas no seu *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*, unha obra recompilatoria elaborada dunha forma moi curiosa, a teor das seguintes palabras:

> *... es fama en Salamanca que ya en sus últimos años tenía la humorada de hazerse poner los días de mercado un sillón a la cabeza del puente, junto al famoso* Toro*, compañero de los* Toros de Guisando*; i al charro que le dezía un refrán que él no tuviese en su Colezión le daba un cuarto por cada uno.*[3]

Como exemplo sérvenos a seguinte, moi parecida á que tomamos como ilustración das sentenzas de "catro cousas" do tratado de Zumaran: "Cuatro cosas ha de procurar tener y sustentar el hombre principal: buena mujer, buena casa, buen caballo y buenas armas" (p. 142).

E tamén é posible atopar algunhas noutras obras recompilatorias posteriores, como na do italiano Giulio Franceschi de primeiros do século XX e en onde, por exemplo, podemos ler a seguinte:

> *Sette cose fa la zuppa - cava fame e sete attuta - empie il ventre - netta il dente - fa dormire – fa smaltire – e la guancia fa arrossire.*
>
> "Siete cosas hacen las sopas: quitan el hambre y la sed, llenan el vientre y limpian el diente, hacen sufrir y dormir, y la mejilla roja venir"[4].

Antiga e tradicional é igualmente a descrición do amor, do que versa a última páxina do tratado de Zumaran. Coñecidas son, por exemplo, as alusións ao amor que podemos ler en *El Quijote*, do que recordamos a seguinte:

> *El amor unas veces vuela y otras anda; con éste corre, y con aquél va despacio; a unos entibia, y a otros abrasa; a unos hiere, y a otros mata; en un mesmo punto comienza la carrera de sus deseos, y en aquel mesmo punto la acaba y concluye; por la mañana suele poner cerco a una fortaleza, y a la noche la tiene rendida, porque no hay fuerza que la resista.* (Leonela, I 34)[5]

---

[3] Palabras de Bartolomé José Gallardo que citamos a través de Cantera (1996: 25).

[4] Citamos a través de Barrado (1994: 86).

[5] Citamos a través de Cantera (2005: 120).

Canto ao catálogo de títulos do *Thesaurus*, o fin práctico é aínda superior ao obxectivo lingüístico didáctico suposto a un libro de linguas da época. As relacións de Zumaran con personaxes influíntes do seu tempo, tanto os que servía coma aos que lles aprendía as linguas, permitiulle comprender a necesidade de elaborar un tratado multilingüe deste tipo, pois o emprego da lingua latina xa non era exclusivo no panorama plurilingüe de aquel entón, a pesares de ser a máis estendida no mundo diplomático, administrativo e comercial nunha Europa transitada sen descanso por grupos plurinacionais de estudantes, comerciantes, soldados, viaxantes e diplomáticos, entre outros.

E é que estes eran os grupos de destinatarios das ensinanzas de Zumaran, un conxunto moi amplo e desigual, no que, por diversos motivos, se encontraban nobres, cortesáns, doutores, letrados, comerciantes e viaxeiros en xeral, é dicir, todo aquel interesado en aprender linguas estranxeiras como parte complementaria da súa formación ou da súa actividade profesional; todo isto queda reflectido na seguinte cita do escrito aos lectores que Zumaran inclúe no seu *Tyrocinium* de 1617:

> *Ljeber vnd gúnstiger Leser/ dir ist bewust/ was heutiges tags die jenige Personen/ so mit vilen sprachen begabt/ geacht werden/ vnd wie nutzlich deren wissenschafft menigklich/ wes standts oder wúrde die seye/ anzufangen von dem hóchsten biß auff den nidrigsten/ vnd fúrne'mlich da die personen eines hohen Standts/ desto mehr schuldig solche zuwissen seyn. Die Fúrsten vmd Audientz andern Fúrsten vnd Abgesanten zuegeben/ Die Hofleut/ damit sie von jren Fúrsten in vnderschidlichen geschefften vnnd Commissionen gebraucht werden: Die von Adel/ die da den Fústen nit vorhabês seyn zu dienen/ vmbzusehen die Lánder/ vnd von dem so sie gesehen in den Lándern/ da sie gewesn/ wissen zu discurriren vnd reden/ vnd also dartun/ dz sie das jenig nit vmb sonst außgeben haben: Die Doctores zulesen vnd zuuersteen die Autores jrer Profession/ als die in der H. Schrifft/ Rechtsgelehrten vnd Artzney: Die Kauffleut/ damit sie kúndê mit vnderschidlichen Nationen/ was es berúrt zu kauffen vnd verkauffen kúnden handlen: Die gemainen Personen/ daß sie in Krieg kúnden ziehen/ dienê den Herren/ mit jnen in frembde Lánder zuraisen/ vñ was zulernen.* (6^r)[6]

Diríxese a todos eles, como vemos, facendo unha defensa aberta do estudo das linguas estranxeiras, da súa importancia e da necesidade de coñecelas nos tempos que lles tocou vivir e expoñendo, asemade, a motivación que xustifica tanto o seu traballo como mestre das mesmas e publicista dos seus libros de linguas, coma o obxectivo que debe perseguir quen se inicie neste estudo.

Unha última observación antes de rematar en forma de xustificación terminolóxica, á vista do interese que mostran os paremiólogos e fraseólogos actuais por analizar e determinar terminolóxica e apropiadamente os diferentes tipos de enunciados

---

[6] Correspóndese co texto en italiano recollido nos folios 3^v-4^r.

paremiais[7]. Neste traballo seguimos a terminoloxía tradicional e, de acordo con Curtius (1955: 713), describimos o tratado de "cousas tanto útiles como inútiles e das que un debe protexerse" de Zumaran coma un tratado de sentenzas numéricas e non coma refráns, tal como tamén é posible atopar recompilados este tipo de enunciados, como tivemos ocasión de ver, por exemplo, nos traballos mencionados de Correas e Franceschi.

Cremos que é importante facer esta diferenciación porque así é como debemos entender este "tratado de cousas" dentro do conxunto dos libros de linguas de Zumaran, xa que el o inclúe no seu *Tyrocinium* de 1617, o seu primeiro libro de linguas, e exclúeo de todos os seus *Sprachbücher* ou libros de linguas posteriores, nos que si se ocupa doutros enunciados paremiais "condensadores dalgunha ensinanza" que denomina "proverbios" ou *Sprichwörter*[8], é dicir, refráns, de acordo coa terminoloxía actual:

> *...el refrán es un enunciado autónomo, generalmente breve, genérico, sentencioso, de carácter popular, que presenta en sentido directo o alegórico un pensamiento que puede recoger diferentes connotaciones –consejos, experiencias, admoniciones, exhortaciones–, tendente al bimembrismo y a la rima y susceptible de cambios morfológicos, semánticos y léxicos.* (Barsanti 2005:33)

Tomamos esta definición de refrán como referencia porque nos parece especialmente acertada dentro do conxunto dos intentos máis actuais propostos de definición e delimitación deste tipo de enunciados ou fórmulas paremiolóxicas. E con isto, queremos salientar, para finalizar, o feito de que Zumaran, ao diferenciar nos seus libros de linguas as sentenzas do seu *Tyrocinium* de 1617 dos refráns, que incluíu en todos os seus manuais posteriores, fixo unha distinción destes enunciados paremiais que nos permite concluír que a súa idea de refrán estaba moi próxima á concibida polos paremiólogos actuais.

4. Referencias bibliográficas:

BARRADO BELMAR, Mª Carmen (1994): "*Tavola, cibi, vini*. Traducción o adaptación sociocultural de estructuras paremiológicas italianas y españolas", en *Paremia* 3, pp. 83-88.

BARSANTI VIGO, Mª Jesús (2003): *Estudio paremiológico contrastivo de la traducción de* El Quijote *de Ludwig Tieck*. (Colección Vitor 107). Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.

(2005): *Análisis paremiológico de* El Quijote *de Cervantes en la versión de Ludwig Tieck*. Frankfurt a. M.: Peter Lang.

---

[7] Poderiamos citar moitos traballos; entre os máis recentes, por exemplo, atópanse Barsanti (2003: 19-40 e 2005: 17-33) e Cantera (2005: 11-15).

[8] Véxase Corvo 2007b: 50 e ss.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús *et al*. (2005): *Refranes, otras paremias y fraseologismos en* Don Quijote de la Mancha. [*Supplement Series of Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship,* vol. 17]. Madrid.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (1996): "Supervivencia y triunfo del refrán en las letras españolas al llegar la Edad Moderna", en *Paremia* 5, pp. 23-30.

CORREAS, Gonzalo (1627): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana en que van todos los impresos antes y otra gran copia*. 1992: Edición de Víctor Infrantes. Madrid: Visor Libros.

CORVO SÁNCHEZ, Mª José (2007a): *Los libros de lenguas de Juan Ángel de Zumaran. La obra de un maestro español entre los alemanes del siglo XVII*. Frankfurt a. M.: Peter Lang.

(2007b): "Los refranes en los manuales de lenguas extranjeras", en Mª Isabel González Rey (dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Idioms Acquisition. Methodology and didactic Resources*. Cortil-Wodon: E.M.E.

CURTIUS, Ernst Robert (1948): *Literatura europea y Edad Media Latina* (1955: Tradución de Margit Frenk Alatorre e Antonio Alatorre). Madrid: Fondo de Cultura Económica.

ZUMARAN, Juan Ángel de (1617): *Tyrocinivm gallicvm, italicvm et germanicvm: profitentibvs ac discentibvs hasce lingvas vitilissimvm et apprime necessarivm. Opus novvm, ex probatis avtoribvs collectvm, & ante hac in talem formam & ordinem nunquam redactum. adivnctis non minvs vtilibvs et ivcvndis dialogis, ac nomenclatura præfatarum linguarum*. Múnich.

(1621): *Das Newe Sprachbuch. Liure & instruction pour apprendre les langues. Libro fondamentale per le lingue. Libro muy prouechoso para aprêder las lenguas.* Múnich.

(1626): *Thesavrvs fvndamentalis, qvinqve lingvarvm hoc est, liber ex qvo velvti clivite cornv copiæ rectissima eaqve facillima methodo, qvidqvid ad pronvntiationem. nominum, iuxta ac verborum inflexionem, Dialogos item & prouerbia, ac tandem ad ipsa quinq; totius Europæ primariarum Linguarum videlicet Latinæ, Hispanicæ, Gallicæ, Italicæ, & Germanicæ Fundamenta spectare potest, quasi nullo negotio depromitur, & ad oculum demostratur. Pars prima.* Ingolstadt.

(1626): *Florilegivm sev liber, in qvo dialogi, nomenclatvra, epitheta, proverbia, latine, italice, gallice, hispanice, et germanice expressa, omniumq; totius Christiani orbis Academiarum Cathalogus, cum vberrimò, omnium quinq; Linguarum Indice continentur. Pars secvnda*. Ingolstadt.

(1626): *Nomenclatvra omnivm rervm voces et nomina qvinqve diversis lingvis continens. Pars Tertia*. Ingolstadt. Imprenta: Gregorii Hænlini. Impensis Auctoris.

(1634): *Grammatica y pronvnciacion alemana y española. española y alemana. Compuesta en beneficio de estas dos Naciones, que quieren*

aprender vna destas lenguas. (...) Teutsche vnnd Spannische Spannische vnd Teutsche Grammatica vnd außsprach. Diesen baiden Nationen die eine aus disen Sprachen begehren zu lehrnen zu gutem an tag geben. Viena.

Apuntamentos sobre fraseoloxía e literatura

Isabel Echevarría Isusquiza e Javier Arbulu Aguirre[1]

Euskal Erico Unibertsitatea

A Literatura atópase co Dicionario (obxecto cultural e compoñente lingüístico) na fraseoloxía, polo movemento permanente entre repetición e ruptura, automatización e creatividade, visible neste plano. Ademais, a lexicalización de alusións, os múltiples e complexos vínculos que os enunciados fraseolóxicos manteñen coa tradición, iluminan o camiño que leva da literatura, como produción cultural, á fala.

Palabras clave: fraseoloxía, literatura, lexicalización, refráns e frases proverbiais.

Literature meets the Lexicon (and also the Dictionary) at the phraseological level, showing the permanent movement between repetition and break, automation and creativity. Furthermore, literary allusions that enrich some lexicalizations outline the way that leads us from literature as cultural production to the speech. Finally, prhaseological utterances shape a field that displays many and complex links with literary tradition.

Keywords: phraseology, literature, lexicalization, idioms and proverbs.

1. Introdución

Poética nº4

"Poesía eres tú,

dijo un poeta

─y esa vez era cierto─

mirando al Diccionario de la Lengua".

(Ángel González 1976)

E o poeta que o dixo, un deles, quixo repetilo no seu discurso de ingreso na Real Academia Española:

[1] Tradución de Cristina Kovacs Soto.

> *Ya sé que la poesía no se hace a partir de los diccionarios, pero, así como Miguel Ángel pensaba que un bloque de mármol contiene todas las formas que el artista puede concebir, yo también creo que todos los textos que un poeta puede concebir, yo también creo que todos los textos que un poeta puede imaginar están implícitos en esos gruesos y sustanciosos volúmenes*[2]

Este traballo discorre sobre os textos que o dicionario promete; e asómase, ademais, ao feito de que tamén o dicionario se fai cos textos que os poetas concibiron, cos que imaxinaron. O noso artigo trata en parte da poesía do dicionario, dalgunhas das distintas formas en que a literatura se atopa no dicionario. E máis concretamente, fala da literatura da fraseoloxía, pois as unidades fraseolóxicas (UF) teñen un sitio nese inventario.

Valémonos do termo *literatura* para aludir a dous sentidos principais: 'arte verbal', é dicir, "el arte que emplea como medio de expresión una lengua", e "producción literaria" (DRAE, s. v. *literatura*, 1ª e 3ª acs.). No referente a *dicionario*, ben se sabe que é, por unha banda, sinónimo de *lexicón*, etiqueta dun nivel ou compoñente lingüístico identificable na competencia dos falantes dunha lingua; e é tamén unha obra descritiva, o obxecto da lexicografía nas súas múltiples facetas[3]. O primeiro dos citados é o noso horizonte, pero imaxinamos o segundo ─sinalado polo poeta─ como un proxecto, sempre perfectible, de representación do outro.

2. Combinacións léxicas e sentidos figurados

> *He pasado una gran parte de mi vida sumergido en la lectura como un buzo pasa gran parte de la suya sumergido en el agua. […] Inmersión, sumergirse: hay mucha poesía en las expresiones más comunes. Uno se sumerge en un libro, desciende lentamente hacia el fondo de un medio más denso y menos iluminado que la realidad exterior*. (A. Muñoz Molina 2005)

Cando Muñoz Molina repara na combinación *mergullarse na lectura* estase a fixar no sentido figurado do verbo *mergullarse*, que se manifesta como colocación de verbo máis complemento. É dicir, unha relación binaria de base semántica, da cal o predicado (o chamado colocativo) presenta un significado metafórico, e que polo seu uso mostra un sinal de grupo institucionalizado (García-Page 2006: 114). O estatuto fraseolóxico das colocacións non está igual de claro para todos os especialistas. Mentres G. Corpas Pastor lles concede un sitio no seu coñecido *Manual* (1996) e M. Alonso Ramos dedicou numerosos traballos e unha longa investigación a defender esta natureza (1994-5, 2002 e 2007); outros, coma A. Zuluaga (1997: 631), exclúenas na medida en que exista unha explicación sintáctica para a combinación.

---

[2] O discurso non está dispoñible na sección "Discursos de ingreso" do apartado de "Publicacións" da direción electrónica da Academia (http://www.rae.es). Por esta razón citamos dende a columna de J. F. de La Sota, titulada como a obra máis completa do poeta González: "Palabra sobre palabra", *El País*, 28-7-05.

[3] Lembremos só que, na medida en que se adoita contrapoñer a dicionario o lexicón, a gramática corresponde ao conxunto de categorías, paradigmas e principios organizativos semánticos, sintácticos, morfolóxicos e fonolóxicos. En contraste, o lexicón é unha lista finita, para cada falante, de elementos estruturais, máis ou menos fixos. O lexicón é un concepto teórico mentres que o diccionario é unha descrición de orientación práctica. (vid. L. J. Brinton e E. C. Traugott 2005: 4, e bibliografía alí citada).

Segundo Bosque (2001), esas construcións, que pertencen á unión entre léxico e sintaxe, constitúen manifestacións do principio de selección léxica, polo cal os predicados seleccionan os seus argumentos restrinxindo así o conxunto de entidades que poden denotar, en función de trazos semánticos que poden ser máis ou menos abertos ou considerablemente restritivos. A selección léxica constitúe unha armazón de propiedades que conforma un molde de requisitos, nunca ríxido, pero si condicionante da predicación, tanto na confirmación das vías que sinala (as restricións) coma na súa negación ou posible superación: "Arrecian los archisílabos", titulaba Aurelio Arteta nun artigo (*El País*, 10-8-2005) sobre o temporal de palabras de "notoria e artificial extensión" que sofre o español nos medios de comunicación. Velaquí o noso primeiro foco de interese.

Posta así a mirada na comprensión da poesía das colocacións, o propio Bosque (2004: 37 e ss.) distingue un conxunto de colocativos cuxos argumentos posibles se dividen en dúas clases, unha de natureza física e outra inmaterial. Por exemplo, *planear* dise dos avións e das aguias pero tamén "planean" as dúbidas, sospeitas, misterios e temores, entre outros; e analogamente se comportan *acariciar* (gato, neno / soño, proxecto), *atravesar* (rúa, parede / dificultade, crise), *derrubarse* (casa, parede / soños, esperanzas), *salpicar* (tinta, viño / escándalo, crise), *sementar* (trigo / dúbidas, terror) etc. A clase de posibles argumentos inmateriais ou extensións figuradas mostra catro propiedades fundamentais:

a) Non se obteñen do coñecemento da realidade, senón da análise do idioma.

b) Non se alongan indefinidamente, polo que poden ser descritas e caracterizadas.

c) Non se deducen directamente da definición da palabra, da información denotativa ou intención dos conceptos.

d) Teñen que ser aprendidas especificamente, porque "no estamos ante un ejercicio racional de cálculo individual, sino ante el conocimiento de un sistema lingüístico compartido" (Bosque, *ibidem*). Diremos daquela que a necesidade da aprendizaxe dos sentidos figurados proba desta maneira que ocorreu unha codificación dos descubrimentos que os falantes realizan cando se arriscan a transformar a selección de partida dos predicados; neste caso, a clase de argumentos de natureza material ou sentidos literais. A aplicación dunha combinatoria diverxente é tamén un recoñecemento das posibilidades do sistema daquelas constricións inscritas no dicionario e do máis alá, sempre coa intelixibilidade como límite.

Ademais, o exame das equivalencias interlingüísticas das colocacións permite que nos asomemos á delimitación cultural das extensións semánticas non materiais. Nos procesos de metaforización interveñen —como tamén sinala o propio Bosque (*ibidem*)— factores históricos e culturais de gran complexidade. A tradución literal dos predicados non permite a súa aplicación mecánica aos sentidos figurados, e idéntica dependencia da metaforización con respecto á cultura é a que liga as locucións directamente á literatura e á literatura nacional.

Dun xeito máis xeral, ao tratar sobre as propiedades das unidades fraseolóxicas, Tristá (1988: 20-25, *apud* Iñesta e Pamies 2002: 40) subliñou o fundamento semántico da xénese dos fraseoloxismos: Tristá sérvese do concepto de reinterpretación semántica para designar o proceso polo que xorde un novo sentido que se manifesta só na combinación como tal e confírelle, polo tanto, carácter de unidade léxica. A interpretación produce, pois, unha globalización do significado que o afasta da simple composición: o todo significa máis ca a suma das partes, o que R. Martin (1997: 297-8) denomina enriquecemento semántico. O resultado non pode preverse dende os sumandos e o produto manifestarase, finalmente, coma unha alteración das propiedades dos factores nun movemento inverso ao de toda operación compositiva.

Unha metáfora nace por mor dunha necesidade expresiva e introduce descubrimentos do mundo e desvelamentos das posibilidades da linguaxe. A nova expresión que, finalmente, cambia os nosos significados e a nosa visión das cousas constrúese a base de experimentar os confíns do xa dado na lingua, que son as súas condicións de partida; de traspasalas e modificalas. En cada momento da súa historia, o léxico recolle metáforas nos distintos estadios de consolidación semántica: a lexicalización e a creatividade son os pólos entre os que se orientan as demais nunha zona intermedia e variable de semilexicalización, que é a situación máis habitual. As chamadas metáforas mortas pasaron a formar parte da linguaxe literal, pero un día foron insólitas e o suficientemente elocuentes como para substituír outros significados, anteriormente literais[4]. Se a creación se revela como tensión entre descubrimento, transformación e comunicación, a súa propagación social e a lexicalización forzan a situación de equilibrio entre os tres elementos a favor dun dos pólos, a función comunicativa.

3. Lexicalización e desautomatización

3.1. O primeiro sentido de *lexicalización* é 'creación léxica', inserción dun novo elemento léxico no inventario de unidades. A formación consciente e individual de palabras conta co singular testemuño das chamadas "voces voluntarias" do primeiro dicionario académico, forxadas polo enxeño de autores como Quevedo:

> "ARCHIGATO. S.m. Príncipe de los gatos. Es voz jocosa e inventada. Lat. *primus inter feles*. QUEV. 'El archigato mandó que enmudeciessen entrambos'". (*Autoridades* I, 378)

Como *archigato*, *Autoridades* rexistrou outras moitas formacións inusitadas, como "*adonicida*, que usó Lope de Vega por el que mató a Adonis; *piogicida*, que dixo Calderón por el que mata piojos; *adanismo* que usó Quevedo por el conjunto de gente desnuda, y otras muchas que se forman arbitrariamente"[5]. Unha innovación deste tipo

[4] Goatly (1997: 31-35) distingue metáforas activas e inactivas, como os dous flancos entre os que se sitúan as metáforas mortas, mortas e ademais enterradas, as durmidas e aquelas que aparecen só cansas. Vid. O que expón P. Chamizo (1998: 45-70) acerca da vida e a morte das metáforas, e pode lerse asimesmo Echevarría (2003).

[5] É parte do parágrafo na que xustifica a eliminación destas voces (e as súas excepcións) o "Prólogo" da 2ª ed. do *Diccionario de autoridades* (1770), citado por P. Álvarez de Miranda (2004: 400), quen neste artigo, que persegue a pegada de Quevedo na historia da lexicografía española, dá conta non só das

(*nonce word* ou *nonce formation*)[6], froito da aplicación de regras produtivas, só pasa a ser convencionalizada como parte do dicionario (lexicón, acervo colectivo) a través dun proceso de institucionalización; é dicir, a circulación dunha unidade léxica no uso dunha comunidade lingüística e o seu establecemento na norma[7].

Polo que se refire aos fraseoloxismos, A. Zuluaga (1997: 632-3) destaca que a "institucionalización ou fixación na norma lingüística social" é trazo definitorio da función fraseolóxica, única común a tódalas UF; é dicir, as UF, como tales, deben ser de dominio colectivo, feito ao que aluden precisamente os chamados presentadores ("como se adoita dicir", e outros semellantes). Desta propiedade despréndese xeralmente o efecto de argumentación que teñen, pola súa apelación á "autoridade do saber colectivo" e a súa pretensión de *incuestionabilidade* racional.

Cando falamos dos produtos folclóricos, "la colectividad es cocreadora", di Lázaro Carreter (1980a: 211), porque "pone aduana al empeño de esas acuñaciones por penetrar en los saberes comunes, abriéndola o cerrándola según designios misteriosos". A institucionalización acompaña, pois, os procesos de lexicalización e os de folclorización; e podemos, ademais, referirnos conxuntamente a refráns e xéneros breves da lírica popular, porque todos eles son manifestacións do *discurso repetido*, son *mensaxes literais*, destinados a seren reproducidos nos seus propios termos, e incorporados á competencia dos falantes que forman unha comunidade idiomática (Lázaro Carreter 1980a: 108-109)[8]. Como ben se sabe, a mensaxe literal recoñécese, á marxe da literaria, en múltiples manifestacións, entre as que figuran os refráns e toda clase de frases e enunciados recibidos e reproducidos como entidades cuñadas (Lázaro 1980b: 214).

3.2. Afirmaba Lázaro Carreter (1980b: 223) que refráns e locucións, como xéneros da linguaxe literal, "son la negación misma de la creatividad lingüística". Se cadra, por iso reviste particular interese a forma en que os falantes modifican deliberadamente calquera tipo de estruturas institucionalizadas. Compostos sintagmáticos e locucións verbais, que se presentan en formas sintácticas inalterables e comportan conceptos unitarios, admiten a posibilidade de mudar o significado non composicional no uso consciente e lúdico da súa lingua: *tomar el cabello, estirar la pierna, hacer de tripas que me duelen corazón ardiente* etc. (Val Álvaro 1999: 4827 e 4831). Como amosan os exemplos, nestes contextos o falante permítese quebrantar as propiedades fixadas, e establece unha vinculación entre os significados literais dos constituíntes implicados e

historias particulares, ás veces moi notables, destas voces, senón tamén dun interesante conxunto de problemas que definen as relacións profundas entre lexicoloxía e lexicografía.

[6] Cando se trata dun único testemuño histórico, coñecese como *hapax legomenon*; a este respecto, e polo que se refire á fraseoloxía, vid. M. I. González Rey 2005.

[7] "It is the integration of a lexical item with a particular form and meaning, into the existing stock of words as a generally acceptable and current lexeme" (vid. L. J. Brinton e E. Closs Traugott, 2005: 45-47 e bibliografía alí citada).

[8] Esta noción foi cuñada por E. Coseriu en 1964, data da primeira aparición da súa "Introducción al estudio estructural del léxico"; vid. Coseriu 1981: 113-118. Lázaro Carreter, a quen pertence esta descrición, non utiliza a mesma denominación porque o discurso repetido "pertenece a un tipo de lenguaje, el literal, en el cual cabe incluir el literario, que no es repetido, sino repetible" (*apud* Almela y Seville 2000: 11 e 12)

o sentido figurado, que participan conxuntamente na nova análise da expresión idiomática.

Os diversos procedementos creativos postos ao servizo do significado —supresións, adicións e substitucións: *ponerse manos a la bartola*, *lo prometido es duda*; *dadme un prejuicio y moveré el mundo* pertence a Carlos Fuentes; *lo cortés no quita lo caliente* e *un hombre sin guerra y sin gloria*, son de G. García Márquez, citados por Zuluaga (1997: 636)— son ferramentas do dinamismo expresivo que libera a linguaxe dos seus automatismos[9]. E iso é, xustamente, o que fai Muñoz Molina cando esperta e amplifica a metáfora tendida na expresión *mergullarse na lectura*.

Seica, canto maior é a motivación ou transparencia do significado da expresión, maior é a súa dispoñibilidade para a transformación. Precisamente, segundo Burger (2005: 22), o uso intencionadamente modificado ou desviado dunha expresión fraseolóxica, que obriga a que se activen simultaneamente os sentidos literal e figurado, constituiría un indicio metalingüístico da vitalidade do modismo, "dado que en estos casos el autor del texto tiene que estar convencido de que el lector será capaz de (re)motivar el modismo". Así, a desautomatización non só constitúe unha proba contra a inmodificabilidade dos fraseoloxismos, senón que, ao se estear nela, o demostra. Porén, o que agora desexamos salientar é o papel que, certamente, tales automatismos desempeñan como propostas para a creatividade lingüística, cando os falantes se fixan neles e utilizan as súas substancias para despregar recursos que, aplicados nestas estruturas prefabricadas, mostran o seu "extraordinario potencial expresivo"[10].

4. Alusión e eponimia literaria

Unha das formas de enriquecemento semántico que experimentan as UF procede das alusións que filtran as expresións de orixe literaria (Martin 1997: 298). Se ata o de agora nos referimos á Literatura como arte verbal que, en grande medida, nace da exploración das posibilidades e límites da lingua, as evocacións literarias que enriquecen o dicionario marcan o camiño que vai da Literatura como produción cultural á fala. Atopámonos daquela noutro plano da análise e a maneira máis inmediata coa que nos atopamos esa literatura (contos, fábulas, mitoloxía, relixión) ao abrir un dicionario é a eponimia. A lexicalización de nomes de personaxes (*quijote, dulcinea, maritornes, celestina, donjuán, lazarillo*) defínese como autonomasia, figura que a tradición retórica identifica "cuando se reemplaza un nombre común por el nombre propio de un personaje al que se considera como el arquetipo de la cualidad

[9] Tamén en Psicolingüística se explica a fixación fraseolóxica co concepto de automatismo, propio da teoría da aprendizaxe: reproducións de comportamentos sen intervención cognitiva (Zuluaga 1997: 636). A principal premisa da concepción formalista da evolución histórica da literatura é a "Lei da automatización-perceptibilidade", segundo a cal o automatizado deixa de percibirse; a nova forma que ten que substituír a antiga ten que ser maximamente perceptible. Débese a V. Sklovski a teoría do estrañamento, aparecida en 1916 (vid. Sklovski 1975: 16 e ss.). M. Bajtín (1994: 142 e ss.) considera que tales nocións só poden fundamentar a simultaneidade histórica das formas antiga e nova; é dicir, que poden explicar a coexistencia da liña maior coa menor, pero non a súa sucesión.

[10] É a expresión que utiliza Zuluaga (1997: 637) ao se referir aos efectos da desautomatización; e vid. outra bibliografía de Zuluaga sobre o mesmo asunto, citada tamén nese artigo.

designada por ese nombre común" (Estébanez Calderón 1999, s. v.)[11]. A literatura constrúe significados que o vocabulario filtra e, ás veces, con notables diverxencias entre a creación e o resultado léxico.

Participan en certa natureza fraseolóxica algúns epónimos habilitados como adxectivos ao xuntarlles os afixos correspondentes, que teñen a particularidade da súa combinatoria restrinxida, como case sempre se indica no artigo do dicionario, ata o punto de formar clixés e expresións que poderían cualificarse de semifixas. Por exemplo, *dantesco, ca*, segundo a DRAE (s. v., 3ª ac.), "que causa espanto", e dise de "una escena, de una situación etc."; este adxectivo atópase correntemente na combinación *espectáculo dantesco,* por alusión aos tormentos do Inferno da *Divina Comedia*. García Remiro (2001: 100) móstrase sorprendido ante a especialización semántica que ignora as moitas belezas da obra de Dante, e o feito de que "si algo destaca en la obra es la pintura de algunas admirables mujeres, particularmente Beatriz, su *donna angelicata*; pues también esas bellas escenas son dantescas"[12].

Dunha situación absurda e angustiosa, dise que é *kafkiana* (DRAE, s. v., 3ª ac.), por Frank Kafka e, principalmente, a súa obra *O proceso*. Unha persoa "extremadamente pequena ou feble" é un *liliputiense*, "por alusión a los habitantes de Liliput, imaginados por J. Swift (1667-1745) en sus *Viajes de Gulliver*" (DRAE, s. v.). E *pantagruélico, ca*, alude a Pantagruel, personaxe e título da obra de Rabelais (1532), que se di habitualmente dunha comida excesiva en cantidade (DRAE, s. v.): *festín, banquete pantagruélico*. Como observa García Remiro (2001: 225), o cualificativo *pantagruélico* reduciu o seu significado "a pesar de que en el prólogo a su obra *Pantagruel*, el autor nos define lo pantagruélico como 'cierta alegría de espíritu en menosprecio de las cosas fortuitas'".

Hai, ademais, unha notable creación de compostos sintagmáticos e frases: *amor platónico*, definido polo dicionario como "amor idealizado y sin relación sexual" (DRAE, s. v. *amor*), unha das clases de amor que Platón distingue en *O banquete*, lexicalizado probablemente de forma máis acorde coa reinterpretación humanista neoplatónica, en parte herdeira do xogo cortés dos poetas provenzais (vid. García Remiro 2001: 254). A *Síndrome de Pickwick*, caracterizada por hipoventilación, somnolencia e obesidade extrema, é denominación que alude a Joe, un dos personaxes de *Os papeis póstumos do Club Pickwick*, de Charles Dickens (Gutiérrez Rodilla 1998: 117). E *efecto Pigmalión*, termo da Psicoloxía non rexistrado polo DRAE, designa a influencia que unha persoa exerce sobre outra polo feito de confiar na súa superación, e

[11] Ao falar da *alusión*, Estébanez Calderón (1999, s. v.) cita a antonomasia como unha das figuras nas que tal alusión se encontra implícita: "En la tradición literaria ha surgido una serie de personajes que se han convertido en prototipos a los que se hace referencia para aludir a formas de conducta que ellos representan por excelencia: *Celestina* (la alcahueta), *Don Quijote* (el idealista), *Hamlet* (el indeciso), *don Juan* (el seductor)".

[12] Galdós utiliza o adxectivo con outro sentido: 'marabilloso', 'sobrenatural', cando en *La Primera República* (1911) dos *Episodios Nacionales* nos conta esa experiencia alucinante pola que levan a Tintín as ninfas de Mariclío, o xenio da Historia: "Estupendas cosas había yo visto en aquel mundo dantesco; pero aún me quedaban nuevos motivos de asombro"(García Remiro 2001: 100).

recolle o mito do lendario rei Pigmalión, e a recreación teatral de George Bernard Shaw inspirada nel (vid. García Remiro 2001: 248).

5. A literatura dos enunciados fraseolóxicos

Os enunciados fraseolóxicos[13] configuran un espazo no que Literatura e Fraseoloxía se unen con fortes lazos. A historia da paremiografía verifica que os repertorios de refráns tenderon a mesturar unidades fraseolóxicas de natureza distinta[14]; aínda máis, enunciados e locucións xúntanse entre si e con outros enunciados non propiamente fraseolóxicos, e a eles súmanselles testemuños folclóricos de moi diversa índole.

O *Vocabulario* do mestre Correas (1627), culminación da tradición paremiográfica medieval castelá, é un vasto engadido de mostras do que poden considerarse refráns típicos con outros textos diferentes, coma os seguintes xogos e ditos infantís:

> "*¡Ay! —¿Qué tenéis, amor? —Mal de corazón. —¿Quién os lo causó? —El de lo verde.* O la de lo azul; u otra cualquiera color que quieran decir. Dícese en juegos de conversación".
>
> "*Sopla, vivo te lo doy.* Salió de un juego en que se dan un palillo encendido en brasa, y penan a aquel en cuyas manos muere".
>
> "*Sal, lagartija, que matan a tu hija; sal al sol, sal, que la llevan a quemar.* Dicen esto los chiquillos, buscando lagartijas entre las piedras". (Correas 1627: 114, 755 y 718).

Movido polo seu interese pola lingua viva, Correas rexistrou todo aquilo que lle pareceu notable na comunicación cotiá: retrousos e fórmulas estereotipadas de todo tipo, disparates, chistes, xuramentos e maldicións, cunha infinidade de coplas, refráns e cancións en xeral; así coma outros moitos xéneros populares tradicionais: adiviñas, nanas, fragmentos de romances etc. (R. Jammes 2000: XI)[15].

5.1 Refráns e poesía popular

Di Menéndez Pidal (1982: 35) que "los romances estaban tan presentes en la memoria de todos, que sus versos fluían a cada paso, en la conversación ordinaria, como elementos fraseológicos del idioma"[16]. O propio Correas advirte e recoñece en numerosos casos a relación dos refráns cos cantares.

---

[13] Para a definición e tipoloxía destas unidades remitimos a G. Corpas Pastor (1996).

[14] Todas as obras de paremioloxía, tanto antigas coma modernas, ofrécennos un revolto de refráns, frases proverbiais e simples locucións (Casares 1950: 196).

[15] "El *Vocabulario de refranes*, más que cualquier otro texto de su época, aporta al paremiólogo y al folklorista una suma de documentos de primer orden, a menudo inéditos" (R. Jammes 2000: XI).

[16] "Para disculpar benévolamente las palabras del interlocutor, se decía: *Mensajero sois, amigo, no merecéis culpa, no*, verso de un romance del conde Fernán González; para el disimulo u ocultación, *En figura de romeros, no nos conozca Galván*, verso del romance de Gaiferos; para la indiferencia, *Él de nada se dolía*, que es hemistiquio del romance de Nerón. Multitud de frases como éstas abundan en la lengua del Quijote; después, hacia 1640, caen en desuso" (Menéndez Pidal, *ibidem*).

Así o observa a propósito de *Madre de la mi madre, guardas me ponéis,* que "es refrán que salió de cantar". E de *¡Para la muerte que a Dios debo, de perejil está el mortero!* sinala que "es estribillo de aquel cantar: 'Comadres, las mis comadres, / yo tengo dos criadas / muy bellacas y muy malas; / por estarse arrellanadas / nunca limpian el majadero; / ¡para la muerte que a Dios debo, / de perejil está el mortero!'". Así mesmo, *Pésame de vos, el conde*, que, segundo Correas, "quedó en refrán del cantar viejo", procede do romance do Conde Claros, que forneceu doutros versos o caudal fraseolóxico da lingua (Correas 1627: 481, 622 e 634).

A incuestionable relación entre os refráns e a primitiva lírica castelá deu lugar á fecunda investigación de M. Frenk Alatorre (1961/1978), quen volveu sobre as moitas ligazóns que se dan entre o refraneiro e o cancioneiro popular españois dos séculos XVI e XVII. Subliña unha vez máis os seus vínculos, entrecruzamentos, superposicións e analoxías; e confirma a existencia de "una zona fronteriza en la que se hermanan unos con otros". A conexión do refrán coa poesía popular ten, sen dúbida, moito que ver co carácter poético ou semipoético dos máis típicos destes enunciados (Frenk, 1997). Lázaro Carreter (1980a) referiuse a Frenk noutro artigo non menos célebre, cuxo obxectivo é subliñar, precisamente, que "relación no implica confusión". E como indica L. Combet (1971: 55) e o propio Lázaro reitera, habería que disociar prudentemente o refrán dos produtos da lírica popular como as seguidillas, cantares, panxoliñas etc., para respectar a distancia media entrambos, que é xustamente a que separa Literatura e Folclore. Segundo Lázaro, o frecuente cruzamento entre folclore oral e Literatura, que ten múltiples manifestacións históricas (como a incorporación do romanceiro vello ao novo, ou á comedia) foi posible só mediante "un cambio radical de funcións". Así pois, reparar nas propiedades formais comúns de refráns e versos non debería esluír uns límites seguramente precisos para definir con exactitude e comprender a verdadeira función da literatura. Mais xa que non imos resolver tan grande dúbida, dende o Refraneiro e Correas, nunha acrobacia que se cadra non será en van, ocorrésenos recordar algunhas palabras do poeta Rimbaud:

> *Depuis longtemps je me vantais de posséder tous les paysages possibles, et trouvais dérisoires les célébrités de la peinture et de la poésie moderne.*
>
> *J'aimais les peintures idiotes, dessus de portes, décors, toiles de saltimbanques, enseignes, enluminures populaires; la littérature démodée, latin d'église, livres érotiques sans ortographe, romans de nos aïeules, contes de fées, petits livres de l'enfance, opéras vieux, refrains niais, rhythmes naïfs.* (J. A. Rimbaud 1990: 80-82)

O fragmento pertence a "Alquimia do verbo", un poema coñecido, sobre todo, porque pouco despois da nosa cita Rimbaud pon cor ás vogais. A crítica fixo fincapé na fundación dos sons-cor, e non di nada dos contos de vellas, dos refráns parvos e dos ritmos inxenuos; porén, canto parece que cómpren no nacemento da poesía moderna.

5.2 Contos populares e frases proverbiais

O conto proporcionou á fraseoloxía locucións denominativas (*cuento de viejas, cuento de horno, cuento largo, el cuento de nunca acabar*), locucións verbais (*despachurrar o*

destripar el cuento, tener más cuento que Calleja) e fórmulas (*acabados son cuentos, como digo de mi cuento, ese es el cuento,* e outras que rexistra o DRAE, s. v. *cuento*). Deixou tamén na lingua os seus comezos e os seus remates, que serven para construír novos contos e para acabalos, ou concluír dándolle ao dito a figura dun conto: *érase una vez, colorín colorado, y fueron felices y comieron perdices*.

Pero se regresamos á historia da paremioloxía, atoparémonos inevitablemente cunha cuestión substancial: a gran masa dos relatos propostos como explicación dos ditos. Porén, a pesar das hipóteses etiolóxicas, e ao igual que ocorre entre cantares e refráns, non parece posible postular unha clara prelación entre contos e frases, pois, como afirma Correas, "De cuentos fingidos se hacen refranes, y de refranes se fingen cuentos"[17]. E en termos parecidos maniféstase tras despregar este mínimo esquema narrativo:

> "*No escupiré, aunque me ahogue.* Quería escupir la mujer y dijo al marido que la diese lugar; dijo él: 'No escupáis, que me iré de la cama'; ella le detuvo diciendo: 'No escupiré, aunque me ahogue'. Fíngese el cuento para para refrán, y el refrán para el cuento". (Correas 1627: 567)

O feito é que o relato folclórico do Século de Ouro adoitaba chegar a nós en forma de frases alusivas, de modo que, destacou Chevalier (1978: 28), cabe a posibilidade de "leer el refranero como colección de cuentos tradicionales y no únicamente como repertorio de proverbios". Porque os recolledores de refráns coleccionaron de maneira espontánea contos folclóricos, reducidos a miúdo a frases chave, que se comportaban a diario como retrousos nos diálogos. E esas frases funcionaron "como contraseña que asegura[ba] la constante presencia del cuento en la conversación" (Chevalier 19878: 41 e 50).

A categoría *frase proverbial*, deslindada por Casares (1950: 189 e ss.), conecta certamente a fraseoloxía co conto tradicional: tales frases evocan unha anécdota, real ou imaxinaria, un feito histórico, un relato. Casares (1950: 185-204) reúne unha longa lista de exemplos:

> "*Las paredes oyen; muérete y verás; a más moros, más ganancia; nadie las mueva que estar no pueda con Roldan a prueba; ahora lo veredes, dijo Agrajes; digan, que de Dios dijeron; otro gallo me cantara; si te vi no me acuerdo; hasta verte, Jesús mío; no está el horno para bollos; no está la Magdalena para tafetanes; dijolo Blas, punto redondo; mucho va de Pedro a Pedro; habló el buey y dijo mu; del lobo un pelo; pelillos a la mar; tarde piache; envaine, seor Carranza; salga pez o salga rana; tú lo quisiste fraile mostén, tú lo quisiste tú te lo ten; viejo es Pedro para cabrero; de todo hay en la viña del Señor; dame pan y dime tonto; tijeretas han de ser; ese pan no se coció en su horno; paciencia y barajar; al buen callar llaman Sancho; de menos nos hizo Dios; siempre lo fue*

[17] "*Buen provecho te hagan los salvadillos.* De cuentos fingidos se hacen refranes, y de refranes se fingen cuentos; el déste es: que la zorra tenía un vecino que muy a menudo daba salvados a un cebón; ella, con hambre, tenía envidia de aquel regalo; mas consolóse viéndole matar por san Martín, diciendo: 'Buen provecho te hagan los salvadillos'" (Correas 1627: 132).

> *don García; a Segura lo llevan preso; éste no es mi Juan que me lo han cambiado; apenas me llamo Pedro; vamos a ver cómo baila Miguel; lo pasado, pasado; contigo pan y cebolla; con su pan se lo coma; cualquier tiempo pasado fue mejor; ya vendrá el tío Paco con la rebaja; eso será lo que tase un sastre; que lo canten los ciegos de París; Lisardo, en el mundo hay más; al campo, don Ñuño, voy; manos blancas no ofenden; a lo que estamos tuerta; aun hay patria, Veremundo; peor es meneallo; con azúcar está peor; etc.*" (Casares, 1959: 189)

E engadimos aínda outra atopada nun dicionario académico[18]: *tarde piache*, de orixe galega, frase que a tradición lle atribúe a un soldado que, ao tragar un ovo choco, oíu piar o pitiño. É unha expresión coloquial para indicar que alguén chegou tarde, ou que non estaba a tempo nun negocio ou pretensión (DRAE, s. v. *piache*).

O emprego de tales frases proverbiais debeu ter o carácter dunha cita, dunha lembranza da historia orixinal, pois o seu valor expresivo estéase naquilo que evocan. Porén, aínda que moitas parecen caídas en desuso, outras, que deixaron de ser plenamente alusivas, mantéñense aínda vivas en virtude dunha condensación semántica que permite recuperar o seu significado esencial. E isto mesmo vese nas locucións que, como *el sastre del Campillo* ou *la carabina de Ambrosio*, proceden do degaxo de frases proverbiais (Casares 1950: 177-178).

5.3 Citas

As *citas* propiamente ditas (Corpas 1996: 143-6) son enunciados que proveñen de textos literarios coñecidos (entre outras orixes coñecidas), que sufriron un proceso de fraseoloxización, de modo que o fragmento en cuestión perdeu o seu axuste a un contexto único e adquiriu unha nova semántica. Mencionemos o cervantino *Con la Iglesia hemos topado*, cuxo sentido orixinal, soamente denotativo, modificouse e enriqueceuse, do mesmo modo que tamén se alterou a forma: "Con la Iglesia hemos dado, Sancho", di don Quixote na pasaxe do Toboso.[19]

O coñecemento das citas depende da cultura dos falantes, que poden non identificar a expresión como enunciado fraseolóxico ou ben ignorar a súa orixe. É o caso que os exemplos que propoñemos, aínda sendo bastante correntes, han mostrar con todo graos variables de dito recoñecemento. Proceden de fábulas, e o seu vigor deriva seguramente do papel didáctico que durante tanto tempo desempeñou este xénero na instrución de nenos. O famoso *¿Quién le pone el cascabel al gato?* provén dun apólogo difundido por Europa na Idade Media, e Covarrubias (1611: 633) cítaa como frase proverbial: "¿Quién echará el cascabel al gato?". Samaniego (*Fábulas*, 1781) púxoo en verso castelán co título de *El congreso de los ratones* (vid. García Remiro 2001: 63)

---

[18] Lembremos que os refráns desapareceron do *DRAE* en 1970 (19ª ed.), entre outras razóns, por motivos de espazo (vid. S. Ruhstaller 2003). Porén, o diccionario alberga aínda numerosos enunciados fraseolóxicos, principalmente fórmulas cotiás, e entre elas hai que rexistrar aínda algunhas frases proverbiais como a citada.

[19] "'Hemos tropezado con el edificio de la iglesia', el mayor del pueblo y, por eso, de fácil confusión con el imaginado alcázar de Dulcinea. Con la variante *topado* por *dado*, se ha convertido en frase proverbial para indicar un enfrentamiento con cualquier tipo de autoridad a la que puede resultar problemático contradecir" (Cervantes 1615: 759, nota 12).

Sonó la flauta por casualidad é un dito que, na súa literalidade, atopamos nas *Fábulas literarias* (1782) de Tomás de Iriarte, quen a titulou *El burro flautista*.

Aunque la mona se vista de seda, mona se queda xa era refrán que Iriarte fabulou co título *La mona* (*Fábulas literarias*, 1782; fáb. 26, *apud* García Remiro 2001: 191):

> "*Aunque se vista de seda / la mona, mona se queda.*
> *El refrán lo dice así: / yo también lo diré aquí,*
> *y con esto lo verán / en fábula y en refrán*".

Traíao Correas (1627: 109): "Aunque la mona se vista de seda, mona se queda", e está así mesmo en *Autoridades* (IV: 594), onde se explica da seguinte maneira: "Refrán que enseña que la mudanza o fortuna de estado nunca puede ocultar sus principios baxos, sin mucho estudio y cautela".

Remitimos ao xa varias veces citado García Remiro (2001) para a historia doutras frases, cuxa transmisión e difusión presenta certa complexidade: do patrimonio común á elaboración literaria e de aí, de novo, ao acervo popular (*Quien no te conozca, que te compre; El rey está desnudo; Fuenteovejuna, todos a una; A veces se descuida el buen Homero; Los experimentos, con gaseosa* etcétera).

6. Función e movemento

A artificiosidade formal é un trazo que distingue a lingua dos refráns. García-Page (1990) considera que o compoñente fónico resulta determinante na configuración das paremias máis típicas, "ata o punto de condicionar, en non poucas ocasións, a presenza e o comportamento das demais convencións". Pola súa parte, os recursos fónicos principais e máis característicos do refrán, o ritmo e a rima, serven á súa fixación e memorización, ao igual que os frecuentes xogos de palabras[20]. Ademais, non poucas paremias se formaron sen outra pretensión que a de xogar coa propia linguaxe: refráns convertidos en simples asociacións fónicas, chistes, trabalinguas ou enigmas, que non parecen ter outra razón de ser que a de probar o enxeño e a habilidade dos falantes (García-Page 1993)[21]. De xeito que, sen lugar a dúbidas, a función lúdico-poética é unha das funcións inherentes dos fraseoloxismos, pois os procedementos fonoestilísticos condicionan decisivamente a "comunicabilidad e aceptibilidad" do enunciado que, como o literario, chama decididamente a atención sobre si (Zuluaga 1997: 635).

Por iso, preguntámonos tamén se a actitude definida pola pragmática lírica para a poesía podería proxectarse sobre a paremioloxía. Todo poema xera unha serie de expectativas sobre a súa mensaxe: distancia e impersonalidade, totalidade, coherencia e

[20] Vid. Ademais, M. García-Page (1997) e L. A. Hernando Cuadrado (1997) para un completo repaso de trazos formais e semánticos dos refráns. Cómpre mencionar que as locucións comparten eses trazos formais, con idénticos valores mnemotécnico e expresivo: aliteración (*rizar el rizo*), similicadencia (*menda lerenda, corriente y moliente, hecho y derecho, mondo y lirondo, ni arte ni parte*), efectos rítmicos, a miúdo conseguidos pola repetición (*a cal y canto, cara o cruz, cara a cara, paso a paso*) etc.; Corpas 1996: 111.

[21] Remitimos así mesmo aos numerosos traballos citados neste artigo, entre eles algúns do propio autor.

maior significación, que lle piden ao destinatario o esforzo preciso para salvar a resistencia que o texto poético levanta contra da súa comprensión (vid. Pozuelo Yvancos 1994: 216). Non paga a pena ver semellantes convencións na experiencia lingüística que afecta os enunciados fraseolóxicos, especialmente as paremias?

É verdade que, ata aquí, un feito, porén, separa a refráns e versos, talvez definitivamente: a liberdade creativa, singularidade e orixinalidade que o poema permite e ás que aspira nunca están no que esperamos dun enunciado fraseolóxico. E iso, cremos, reside na codificación propia da fraseoloxía, que non se dá na lírica a non ser, precisamente, que os seus elementos transitaran, dun ou doutro modo, ao dicionario. Mais sen esquecer o que de alucinación ou ilusión de autoría hai na creatividade individual, que agocha o peso certo da palabra dita, da propia tradición da literatura.

Neste punto, e para concluír, volvemos ao dicionario na súa dobre significación, compoñente lingüístico e catálogo, pois, ao igual que Ángel González, somos capaces de crer que todos os textos están nel. Inmerso no proceso de rexistrar o consumado e consabido e, ao mesmo tempo, o nacente e novo, o dicionario recolle os froitos do dinamismo entre a creación e a transmisión. Hai literatura no dicionario: historia da literatura e gran parte de tódalas literaturas futuras dun xeito insospeitado.

Di Sklovski (1975: 14) que "el trabajo de creación no es el trabajo del copista y ni siquiera el del ajedrecista. Es el trabajo de tensar la cuerda, de penetrar en nuevos caminos de nuevas contradicciones". Fixarnos na fraseoloxía permitiunos contemplar de moitas maneiras os movementos da repetición e a renovación: o xadrez da gramática, a meticulosa reiteración de construcións e a tensión permanente de fundar outros significados e expresións diferentes, repetilos e contaxialos, revivilos, transformalos e se cadra esquecelos. A beleza do xogo e a procura, en palabras de Bühler (1966: 211), o "placer en la función" e "la alegría de crear".

7. Referencias bibliográficas

ALMELA PÉREZ, R. e SEVILLA MUÑOZ, J. (2000): "Paremiología contrastiva: propuesta de análisis lingüístico", en *Revista de Investigación Lingüística*, 1, III, pp. 7-47.

ÁLVAREZ DE MIRANDA, P. (2004): "Quevedo en la Lexicografía Española", en *Edad de Oro*, XXIII. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid, pp. 389-416.

ALONSO RAMOS, M. (1994-1995): "Hacia una definición del concepto de colocación: de J. R. Firth a I. A. Mel'cuk", en *Revista de Lexicografía*, I, pp. 9-28.

(2002): "Colocaciones y contorno de la definición lexicográfica", en *LEA*, XXIV, 1, pp. 63-96.

(2007): "Actantes y colocaciones", en *NRFH*, pp. 55-2; 435-458.

BAJTÍN, M. (1994): "La teoría formalista de la evolución histórica de la literatura", en *El método formal en los estudios literarios*. Madrid: Alianza, pp. 245-265.

BOSQUE, I. (2001): "Sobre el concepto de 'colocación' y sus límites", en *LEA*, 23.1, pp. 9-40.

(2004): "La direccionalidad en los diccionarios combinatorios y el problema de la selección léxica", en *Lingüística Teòrica: anàlisi i perspectives*. Bellaterra: Servizo de Publicacións da UAB, I, pp. 11-56.

BÜHLER, K. (1966): *Crisis de la psicología*. Madrid: Eds. Morata.

BURGER, H. (2005): "Aspectos de la vitalidad de los fraseologismos", en Luque Durán, J. de D. e Pamies Bertrán, A. (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método eds./ Granada Lingvistica.

BRINTON, L. J. e E. CLOSS TRAUGOTT (2005): *Lexicalization and Language Change*. Cambridge: Cambridge University Press.

CASARES, J. (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: RFE, Anejo LII (Madrid: CSIC 1992).

CERVANTES, M. de (1615): *Segunda Parte del Ingenioso Cavallero don Quixote de La Mancha*. Madrid: Juan de la Cuesta. Edición do Instituto Cervantes; Rico, F. (dir.), Madrid, Galaxia Gutenberg-Círculo de Lectores-Centro para la Edición de los Clásicos Españoles.

CHAMIZO DOMÍNGUEZ, P. J. (1998): *Metáfora y conocimiento*. Málaga: Analecta Malacitana, Universidad de Málaga.

CHEVALIER, M. (1978): *Folklore y Literatura. El cuento oral en el Siglo de Oro*. Barcelona: Crítica.

COMBET, L. (1971): *Recherches sur le "refranero" castillan*. Paris : Les Belles Lettres.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

CORREAS, G. (1627): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales / texto establecido, anotado y presentado por Louis Combet*. Burdeos: Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Burdeos, 1967. Edición de Louis Combet, revisada por Robert Jammes e Maïte Mir-Andreu. Madrid: Castalia, 2000.

COSERIU, E. (1981): "Introducción al estudio estructural del léxico", en *Principios de semántica estructural*. Madrid: Gredos, 2ª ed., pp. 87-142.

COVARRUBIAS e OROZCO, S. de (1611-1674): *Tesoro de la Lengua Castellana o Española*. Madrid: Luis Sánchez; Barcelona: ed. de Martín de Riquer, S.A., 1943 (coas adicións de Benito Remigio Noydens á edición de 1673-1674).

ECHEVARRÍA ISUSQUIZA, I. (2003): "Acerca del vocabulario español de la animalización humana", en *CLAC (Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación)*, nº 15. (http://www.ucm.circulo.es)

ESTÉBANEZ CALDERÓN, D. (1999): *Diccionario de términos literarios*. Madrid: Alianza.

FRENK ALATORRE, M. (1961): "Refranes cantados y cantares proverbializados", en *NRFH*, 15, pp. 155-168.

(1978): *Estudios sobre la lírica antigua*. Madrid: Castalia.

(1997): "La compleja relación entre refranes y cantares antiguos", en *I Congreso Internacional de Paremiología. Paremia*, 6, pp. 235-244.

GARCÍA-PAGE, M. (1990): "Propiedades lingüísticas del refrán", en *Epos*, VI, pp. 499-510.

(1993): "La función lúdica en la lengua de los refranes", en *Paremia*, 2, pp. 51-58.
(1997): "Propiedades lingüísticas del refrán (II): el léxico", en *I Congreso Internacional de Paremiología. Paremia*, 6, pp. 275-280.
(2006): *Cuestiones de Morfología Española*. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces.

GARCÍA REMIRO, J. L. (2001): *¿Qué queremos decir cuando decimos…? Frases y dichos del lenguaje diario*. Madrid: Alianza.

GOATLY, A. (1997): *The language of metaphors*. London: Routledge.

GONZÁLEZ REY, M. I. (2005): "La noción de 'hápax' en el sistema fraseológico francés y español", en Almela, R.; Trives, Ramón E., e Wotjak, G. (eds.): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*. Murcia: Universidad de Murcia e Universität Leipzig, pp. 313-328.

GONZÁLEZ MUÑIZ, A. (1976): "Poética nº4", en *Muestra, corregida y aumentada, de algunos procedimientos narrativos y de las actitudes sentimentales que habitualmente comportan*. M. Turner. Citado pola antoloxía *Palabra sobre palabra* (1986). Barcelona: Seix Barral, p. 294.

GUTIÉRREZ RODILLA, B. M. (1998): *La ciencia empieza en la palabra. Análisis e historia del lenguaje científico*. Madrid: Península.

HERNANDO CUADRADO, L. A. (1997): "Estilística del refrán", en *Paremia*, 6, pp. 327-332.

IÑESTA MENA, E. M. e PAMIES BERTRÁN, A. (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Granada: Granada Lingvistica.

JAMMES, R. (2000): "Presentación" de G. Correas, *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*, texto establecido, anotado e presentado por Louis Combet. Burdeos: Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Burdeos, 1967. Edición de Louis Combet, revisada por Robert Jammes e Maïte Mir-Andreu. Madrid: Castalia, IX-XIII.

LÁZARO CARRETER, F. (1980a), "Literatura y folklore: los refranes", en *Estudios de lingüística*. Barcelona: Crítica, pp. 207-217.
(1980b): "La lengua de los refranes, ¿espontaneidad o artificio?", en *Estudios de lingüística*. Barcelona: Crítica, pp. 219-232.

MARTIN, R. (1997): "Sur les facteurs du figement lexical", en Martins-Baltar (ed.): *La locution, entre langue et usage*. Fontenay: ENS, pp. 291-305.

MENÉNDEZ PIDAL, R. (1982): "Proemio", en *Flor nueva de romances viejos*. Madrid: Espasa Calpe (5ª ed.).

MUÑOZ MOLINA, A. (2005) : "El vicio sin castigo", en *El País Semanal*, 18-XII-2005, pp. 94-5.

POZUELO YVANCOS, J. M. (1994): *La teoría del lenguaje literario*. Madrid: Cátedra.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (1726-1739): *Diccionario de la lengua castellana, en que se explica el verdadero sentido de las vozes, su naturaleza y calidad, con las phrases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras cosas convenientes al uso de la lengua*. Madrid: Imprenta de Francisco del Hierro, Impresor de la RAE, 6 tomos [edición facsímil: *Diccionario de Autoridades*, Madrid: Gredos, 1990, 3 vols.].

(1770): *Diccionario de la lengua castellana*, 2ª edición, t.I (A-B).
(2001): *Diccionario de la lengua española*, 22ª ed. Madrid: Espasa-Calpe.
RIMBAUD, J. A. (1990): *Una temporada en el Infierno. Iluminaciones*, ed. bilingüe de Carlos Barbáchano. Madrid: Montesinos.
RUHSTALLER, S. (2003): "Las obras lexicográficas de la Academia", en Medina Guerra, M. A. (coord.): *Lexicografía española*. Barcelona: Ariel, pp. 235-261.
SKLOVSKI, V. (1975): *La cuerda del arco*. Barcelona: Planeta.
TRISTÁ, A. M. (1988): *Fraseología y contexto*. La Habana: Ed. de Ciencias Sociales, Lingüística.
VAL ÁLVARO, J. F. (1999): "La composición", en Bosque, I. e Demonte, V. (eds.): *Gramática descriptiva de la Lengua Española*. Madrid: RAE / Espasa Calpe, vol. 3, pp. 4757-4851.
ZULUAGA, A. (1997): "Sobre las funciones de los fraseologismos en textos literarios", en *I Congreso Internacional de Paremilogía. Paremia*, 6, pp. 631-639.

Referencias electrónicas

http://www.rae.es [Data de consulta: 02/08]

Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación

Dr. Stefan Ettinger[1]

Universität Augsburg (Alemaña)

Este artigo trata, desde o punto de vista dun práctico da lingua e formulando dez preguntas clave, sobre o que se leva alcanzado ou non na fraseodidáctica. Neste indícanse posibilidades para continuar a mellorar o ensino e aprendizaxe de fraseoloxismos. Prégolle ao lector que desculpe as repeticións e solapamentos ocasionais que atope nesta colaboración.

Palabras clave: fraseodidáctica, mínimo/óptimo fraseolóxico, frecuencia, competencia fraseolóxica activa ou pasiva, etimoloxía, aprendizaxe autónoma/independente.

This paper poses 10 critical questions to examine, from the vantage point of teaching practice, what has and has not been achieved in the didactics of phraseology. I will point out means of further improving the learning of phaseologisms. Due to the nature of the material presented here there may be some overlap amongst different sections within this article which I hope the reader will excuse.

Key words: Didactics of Phraseology, Phraseological Minimum/Optimum, Frequency, Active or Passive Phraseological Competency, Etymology, Independent Learning.

1. Para que a fraseodidáctica? Son os fraseoloxismos dunha lingua realmente necesarios?

Quen acomete o estudo científico da fraseoloxía conta con infinitas posibilidades para satisfacer o seu pulo investigador.

1. Pode tentar ordenar e clasificar o obxecto da investigación, mellorar as clasificacións existentes ou, polo menos, renomealas con novos termos.

2. Pode acometer o estudo de cuestións diacrónicas ou sincrónicas no eido da fraseoloxía. Pode estudar a produción de novos fraseoloxismos, describir os cambios

[1] Tradución de Cristina Veiga Novoa.

semánticos que experimentan co paso do tempo ou indicar que fraseoloxismos xa non son de uso habitual.

3. Pode dedicarse á fraseoloxía confrontativa ou contrastiva, é dicir, a comparar fraseoloxismos da súa lingua materna con fraseoloxismos doutras linguas.

4. Máis concretamente, pode analizar fraseoloxismos que aparecen en determinadas tipoloxías textuais como, por exemplo, na linguaxe dos medios de comunicación; ou, concretando aínda máis, pode analizar en profundidade desde a perspectiva fraseolóxica as cartas ao director, os horóscopos ou a sección de opinión dos xornais.

5. Pode traballar cos fraseoloxismos empregados por determinados escritores o en obras concretas dun escritor.

6. Pode dirixir o seu interese científico cara aos fraseoloxismos que conteñen nomes de cores, animais, números, partes do corpo (chamados somatismos) ou nacionalidades.

Sería moi doado ampliar a lista anterior. Xa en 1992, Wotjak (1992: 197-217) apuntou numerosos eidos de investigación que se exploraron, desde entón, con máis ou menos intensidade e produciron resultados valiosos e frutíferos para a fraseoloxía. Os dous completos volumes sobre fraseoloxía da serie *Handbücher zur Sprach- und Kommunikationswissenschaft* (*Phraseologie - Phraseology. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung*. Editado por Burger, Dobrovol'skij, Kühn e Norrick. Vol. 28.1 e 28.2), publicados en 2007, reúnen os resultados da investigación neste campo dos últimos dez anos e ofrecen unha excelente visión de conxunto do seu estado na actualidade. En resumo, un fraseólogo ten 1001 boas razóns para investigar en calquera das ramas da fraseoloxía sen ter que xustificarse. Non ocorre o mesmo coa fraseodidáctica. A investigación nesta disciplina non é un fin en si mesma, senón un medio para alcanzar un fin. Os seus discursos teóricos han de someterse constantemente á proba da práctica, e a realidade pode resultar moi dura ás veces. A fraseodidáctica, unha disciplina relativamente nova, ocúpase do ensino e aprendizaxe sistemáticos e con base científica de fraseoloxismos no ensino de idiomas. A súa misión consiste en que os fraseoloxismos se recoñezan, aprendan e empreguen como unidades poliléxicas con significado propio, e que o aprendido se poida aplicar con adecuación á situación comunicativa. Unha finalidade importante da fraseodidáctica é descubrir as intencións particulares do emisor. O aprendiz debe saber por que un falante emprega fraseoloxismos e non simplemente as paráfrases destes. De cando en cando danse na fraseodidáctica analoxías e paralelismos útiles coa didáctica do léxico, pero polo xeral o ensino e aprendizaxe das expresións idiomáticas requiren unha didáctica propia. Un sinxelo exemplo permite explicar este complexo obxectivo da fraseodidáctica. O verbo castelán *burlarse de alguien* pode empregarse nunha infinidade de contextos sen limitacións canto ao suxeito ou ao obxecto. En cambio, se empregamos un fraseoloxismo do tipo *preparar/gastar una inocentada a alguien*, que se adoita parafrasear con 'burlarse de alguien' nos dicionarios monolingües, teremos que atender ás restricións respecto das persoas e da situación na que se pode usar o dito fraseoloxismo. Sevilla Muñoz e Cantera Ortiz de Urbina (2004: 231) explicaron moi ben isto cun breve comentario comparativo co francés: "Esta broma (= *poisson d'avril*) se realiza tradicionalmente el primero de abril, desde finales del siglo XVIII. En

España, se celebra el 28 de diciembre, el día de los Santos Inocentes. En Francia, se suele pegar una figura de pez a la espalda de la gente y, en España, un monigote". Polo tanto, o fin da fraseodidáctica é indicarlle ao alumno *quen* usa este fraseoloxismo, *en que situación* e *con que intención*. O concepto de "fraseoloxismo", que usamos como termo xenérico que abrangue todas as unidades fraseolóxicas dunha lingua, debe interpretarse neste artigo dun xeito amplo, sumándonos á coñecida taxonomía de Corpas Pastor (1996: 270-271), moi difundida no mundo hispanofalante. Como é sabido, esta autora clasifica os fraseoloxismos en tres categorías con varias subcategorías: 1. *colocaciones*, 2. *locuciones* e 3. *enunciados fraseológicos*, coas subcategorías *paremias* e *fórmulas rutinarias*. O noso interese céntrase, como é habitual na fraseoloxía, nas locucións, que ata o de agora foron estudadas case exclusivamente por fraseólogos e se adoitan denominar fraseolexemas ou expresións figurativas. Por motivos semánticos, preferimos excluír desta clasificación as *locuciones conjuntivas* e as *locuciones prepositivas* cuxos lexemas non dan lugar a un significado novo e propio do conxunto da locución.

Cómpre delimitar mellor o significado do termo "ensino de linguas". Os fraseodidácticos entenden por tal tanto o ensino na lingua materna coma o ensino na lingua estranxeira, para todas as idades e en todos os ámbitos de ensino (primaria, secundaria, universidade e escolas universitarias, formación de intérpretes e tradutores, cursos de linguas de especialidade, educación para adultos etc.). Con todo, pero só con fins de descrición puramente lingüística dos fraseoloxismos, o que, como xa vimos anteriormente, non require xustificación, o fraseodidáctico con pensamento crítico ha de preguntarse basicamente ao inicio do seu labor se os fraseoloxismos (locucións no noso caso) son realmente tan importantes, tan representativos e tan imprescindibles no uso dunha lingua como para ensinarse e aprenderse na lingua materna ou nunha lingua estranxeira. Existen en todas as linguas tipoloxías textuais suficientes, como as das linguas de especialidade, que practicamente non requiran o emprego de fraseoloxismos (Mellado Blanco 2008: 9)? É posible, como falante dunha lingua, expresarse sen fraseoloxismos e mesmo así comunicarse estupendamente cos mais? Como fraseólogo atento e crítico, non me sorprende comprobar que algunhas persoas son quen de falar sobre un tema con moita precisión e corrección durante un tempo prolongado sen usaren nin un só fraseoloxismo. Logo, podería dicirse que os fraseoloxismos dunha lingua son algo innecesario? Jesenšek (2007: 17) alude explicitamente ás dúas posturas contraditorias existentes no ensino de linguas estranxeiras, que enfrontan a lingüistas e didácticos da fraseoloxía. Para aqueles, os fraseoloxismos son un ornamento, un luxo, o condimento dunha lingua, algo, en fin, prescindible; mentres que para estes constitúen un requisito básico para o dominio dunha lingua. Hessky (2007: 9) cita unha opinión relevante e claramente formulada de Wandruszka (1990: 73), quen tamén ten tratado este problema. Nos anos 60 do século pasado, cheguei a aprecialo como docente en Tubinga, e non deixaba de sorprenderme o acerto co que introducía fraseoloxismos no seu sempre perfecto discurso en lingua estranxeira, en canto que o seu colega Coseriu, que de seguro non dispoñía de coñecementos do idioma menos profundos, expresábase en alemán, segundo lembramos, (case) sempre sen fraseoloxismo ningún. Existen entón falantes fraseófilos e fraseófobos consonte a súa personalidade? Non deixa de sorprenderme tampouco constatar que, mesmo nos congresos de fraseólogos, os

participantes non fan un uso de fraseoloxismos superior á media nas súas conversas privadas. De feito, obsérvase neste caso un emprego diafásico das expresións idiomáticas. A mesma persoa usa tranquilamente fraseoloxismos nas súas conversas privadas, pero nas conferencias ou nos escritos para publicacións especializadas evítaos completamente. Un dos poucos estudos que coñecemos verbo das actitudes do falante perante o uso do repertorio fraseolóxico debémosllo a Häcki Buhofer e Burger (1992: 11-32). Ambos os autores, no seu traballo *Gehören Redewendungen zum heutigen Deutsch?*, estudan a cuestión de se, por exemplo, os falantes do alemán coñecen e entenden un número razoable de 63 fraseoloxismos da linguaxe xornalística, se os usan e como os clasificarían canto ao estilo. Os resultados son ata certo punto abraiantes e desilusionantes para os investigadores fraseófilos. Está entón xustificado o signo de interrogación que pecha o título do importante artigo de Lüger (2004: 121-169) *Idiomatische Kompetenz- ein realistisches Lernziel?*, e podería mesmo dicirse, a xeito de *advocatus diaboli* da fraseodidáctica aplicada ao ensino de linguas estranxeiras, que o emprego de fraseoloxismos a miúdo se considera un dominio do falante nativo e que os *native speakers* o perciben como unha violación da súa esfera íntima? (Götz 1976: 70 e Lüger 2004: 31). Todo docente de lingua debe ser consciente do difícil que é transmitir o uso adecuado ao contexto de fraseoloxismos nunha lingua estranxeira. Na literatura ao respecto atópanse exemplos abondos do efecto irrisorio que produce usar fraseoloxismos de forma incorrecta noutra lingua e errar completamente no fin perseguido (cfr. con respecto ao francés Ettinger 1989: 95-115). Para obter respostas convincentes a estas preguntas, aínda é preciso levar a cabo moitos estudos exhaustivos, principalmente empíricos. Seguir a traballar de forma activa e consecuente nesta materia forma parte dos obxectivos dunha fraseodidáctica veraz, crítica e fundamentada na experiencia persoal docente. Espero que as próximas preguntas ofrezan algúns incentivos para facelo.

2. Que obxectivos didácticos formulou ata hoxe a fraseodidáctica e que tan realistas son?

Por desgraza, a resposta a esta pregunta segue a ser insatisfactoria tanto desde o punto de vista cuantitativo coma cualitativo (polo menos nas publicacións das que temos coñecemento). En xeral, simplemente publícanse libros de exercicios de fraseoloxía para distintas linguas que non inclúen comentario ningún, e prométeselle abertamente ao alumno: "Con ditos para una maior elocuencia". Kühn (2007: 881-893), no seu traballo sobre a fraseoloxía no ensino do alemán como lingua materna, expón con detalle e rigor os obxectivos didácticos habituais desta docencia, cos que non está en absoluto de acordo. Dos fraseoloxismos, especialmente as expresións idiomáticas e os refráns, abórdanse unicamente aspectos da historia lingüística e cultural, excluíndose as descricións e análises sistemáticas de tipo sincrónico, así como os aspectos pragmáticos. Alén disto, os fraseoloxismos estúdanse fóra de contexto, sen ter en conta o emprego situacional destes. Existen, por outra banda, obxectivos didácticos de carácter pedagóxico, de norma e uso da lingua e ideolóxicos, especialmente con respecto ao tratamento dos refráns. Lüger (1997: 69-120) foi un dos primeiros en desenvolver unha xerarquía sistemática de obxectivos didácticos para o ensino de linguas estranxeiras, que abrangue desde o recoñecemento dos fraseoloxismos no texto

ata a comprensión e rexistro da súa achega semántico-pragmática. A antoloxía *Phraseologie und Phraseodidaktik* (Lorenz-Bourjot e Lüger 2001), publicada baixo a dirección do dito autor, inclúe varios artigos nos que se describen auténticas unidades didácticas e se formulan obxectivos didácticos específicos, como no artigo de Henk (2001: 198): recoñecer os procesos semánticos da remotivación dun fraseoloxismo, identificar e comprender os compoñentes lúdicos ou críticos do texto ou analizar xogos de palabras. Nesta antoloxía explicamos o funcionamento dun curso universitario de fraseoloxía francesa que impartimos, definindo diversos obxectivos didácticos:

a) Clasificar fraseoloxismos, principalmente locucións, por conceptos clave, xenéricos ou principais consonte a ordenación onomasiolóxica das unidades fraseolóxicas do libro de exercicios (Bárdosi, Ettinger e Stölting 1992/1998/2003).

b) Determinar as restricións clasemáticas dos fraseoloxismos. Estes poden referirse a persoas, cousas ou conceptos abstractos e no seu uso han de terse en conta, ademais, as diferenzas de idade e xénero.

c) Identificar as restricións gramaticais. Nalgúns casos os fraseoloxismos emprréganse preferentemente en determinados tempos verbais e persoas gramaticais, mesmo ás veces só en forma imperativa, negativa ou interrogativa etc.

d) Definir as condicións de uso dun fraseoloxismo a partir de exemplos en contexto. *Quen* usa *que* fraseoloxismo *en que* tipos de texto? *A quen* se dirixe e *con que* intención usa o fraseoloxismo?

e) Adquirir, coa axuda da chamada folla de traballo, a capacidade de ampliar a competencia fraseolóxica e elaborar unha recompilación de fraseoloxismos mediante a aprendizaxe "autónoma".

Agora tamén é posible descargar este traballo (Ettinger 2001: 87-104) da Internet: http://www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudiumpdf.pdf ou http://www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudium.doc). No seu artigo, Lüger (2004: 121-169) retoma algúns destes requisitos de Ettinger, profundando neles e precisándoos. Cómpre salientar a súa tese 7 ("Para determinar o alcance da aprendizaxe é imprescindible realizar seleccións acertadas de entre o repertorio fraseolóxico"), na que propón unha posible orde para aprender os fraseoloxismos na clase de lingua estranxeira. De acordo co criterio de urxencia comunicativa, deberían ensinarse primeiro as fórmulas rutineiras e só despois os fraseolexemas, ou locucións na terminoloxía de Corpas Pastor. Así mesmo, parécenos importante a súa tese 9, na que reivindica, co realismo propio da didáctica de linguas estranxeiras, que "os fraseoloxismos deben dominarse primeiro de xeito pasivo". Este obxectivo didáctico está directamente relacionado coa súa tese 10 ("O emprego de fraseoloxismos tamén se pode entender como un sinal de maior aproximación cultural"), na que, como fraseodidáctico experimentado do alemán como lingua estranxeira e do francés, introduce as súas propias observacións. Este aspecto merecería un estudo máis detido precisamente en Europa, onde residen millóns de inmigrantes que desexan e deben integrarse lingüisticamente. Ata onde pode chegar a integración comunicativa no eido da fraseoloxía e ata que punto é razoable? Ou podería ter un

efecto contraproducente? Que fórmulas rutineiras son imprescindibles para un falante non nativo? Que expresións idiomáticas pode usar un falante non nativo na súa comunicación con falantes nativos sen chamar a atención canto ao idioma? En que medida se deberían ensinar refráns e ditos que, por exemplo, son pouco habituais nunha conversa coloquial en alemán e máis ben aparecen modificados na publicidade? A este respecto tamén cómpre acometer moitos estudos máis.

3. No ensino de linguas debe desenvolverse a competencia fraseolóxica activa ou pasiva?

Aínda que esta é unha pregunta esencial na fraseodidáctica, que debería contestarse no prólogo de todo libro de fraseoloxía orientado á práctica, non atopamos referencias específicas a este respecto nas recompilacións fraseolóxicas con fins didácticos de distintas linguas estudadas por nós. Lamentablemente, a fraseodidáctica encóntrase aínda nunha fase de desenvolvemento totalmente irreflexivo e, literalmente, "saltan aos ollos" paralelismos co obsoleto ensino da gramática de tempos pasados. Así, era completamente normal no ensino do francés en Alemaña, no meu período académico primeiro pasivo e despois activo, aprender sen distinción ningunha o *passé simple* e o *passé composé* como tempos do pasado xunto ao *imparfait*. Os profesores máis esixentes e "agudos" mesmo preferían o *passé simple* para os exercicios pola súa desconcertante variedade formal. Pero daquela nunca se formulou a pregunta de cal dos dous tempos do pasado (*passé simple* ou *passé composé*) era necesario para o coñecemento activo ou pasivo da lingua. Co paso do tempo, este capítulo da gramática examinouse a fondo, e os programas de estudo e libros de texto actuais distinguen claramente entre o coñecemento pasivo respecto do *passé simple* e o coñecemento activo no caso do *passé composé.* Algúns libros de texto con enfoques reformistas radicais e obxectivos didácticos menos estritos van máis alá, chegando a non tratar en absoluto o *passé simple*. Con todo, ben pode dicirse neste caso que *El remedio es peor que la enfermedad*. Volvamos á fraseoloxía. Sexa como for, atópanse ocasionalmente comentarios realmente cheos de lucidez acerca de que cómpre ser un pouco máis precavido no uso activo das locucións (Vigner 1981: 2): "Aussi importe-t-il de bien connaître ces locutions, afin d'abord de pouvoir les comprendre, éventuellement, dans un second temps, de pouvoir les utiliser, en prenant soin cependant d'être très attentif dans leur usage". Resulta moi divertido ver a celada na que caen a miúdo autores e casas editoriais. Para impulsar as vendas loan un libro de texto afirmando que é imprescindible para falar con fluidez na lingua da que se trate, pero máis adiante (coma se fose en letra pequena) recúan, advertindo contra o uso activo dos fraseoloxismos (Ettinger 2006: 29). Abraiounos e segue a abraiarnos o feito de que Galisson, a principios dos anos 80 do século pasado, introducise a distinción fundamental entre a ordenación semasiolóxica e onomasiolóxica dos fraseoloxismos na investigación fraseolóxica, mesmo publicando un dicionario de comprensión e de produción para o ensino do francés como lingua estranxeira (Galisson 1984a), sen reflexionar en absoluto sobre se e como debería empregar na produción estes fraseoloxismos un estranxeiro que está a aprender francés. Posto que non dispoñemos de estudos científicos sobre esta complexa cuestión, senón apenas de peticións, recomendacións ou teorías duns poucos fraseodidácticos, informaremos ao respecto unicamente desde a

nosa experiencia subxectiva como formandos e formadores neste eido. Cando estabamos a estudar en París e Santander nos anos 60 do século pasado, ás veces espertabamos admiración e, en moitos casos, ata hilaridade nos nativos co noso uso activo de locucións; máis tarde volvémonos máis cautos e tanto a admiración como a hilaridade diminuíron. A nosa dilatada experiencia como docentes de francés tennos demostrado constantemente que os estudantes, por motivos comprensibles, procuran empregar os fraseoloxismos aprendidos con esforzo ao falar ou escribir redaccións e, no intento, "levan un chasco" estrepitoso. As colegas francófonas do meu departamento queixábanse de que ensinaba cousas innecesarias e de que os estudantes protestaban porque non podían usar os "meus" fraseoloxismos. Como consecuencia destas queixas, radicalizouse a miña postura sobre o emprego de fraseoloxismos nunha lingua estranxeira e distinguín con total claridade entre o coñecemento activo e pasivo destes: os fraseoloxismos dunha lingua estranxeira han de aprenderse en primeiro lugar para adquirir unha competencia fraseolóxica pasiva, polo que a limitación ao número habitual de 1.000 unidades fraseolóxicas incluídas nas listas para a aula non abondaría para adquirir unha competencia lingüística máis elevada. Por outra banda, desaconsellouse en xeral o uso fraseoloxismos na lingua que se está a aprender. Esta paulatina materialización das ideas no ensino reflíctese tamén nas nosas publicacións dos últimos 25 anos. Os libros de texto de fraseoloxía do francés (Bárdosi, Ettinger e Stölting 1992/1998/2003), así como de alemán para estranxeiros (Hessky e Ettinger 1997), continúan a obviar de todo este problema. Con todo, o artigo *Techniques d'apprentissage des expressions idiomatiques* (Ettinger 1992: 98-109), a nosa colaboración *Einige Überlegungen zur Phraseodidaktik* (Ettinger 1998: 201-217) e a descrición do curso (Ettinger 2001: 101-102) xa trasladan algunhas recomendacións concretas ao respecto. No noso artigo para o manual *Phraseologie* esbozamos o programa dun libro de texto destinado á adquisición da competencia fraseolóxica produtiva (Ettinger 2007: 904-905) e detallamos as nosas reflexións no prólogo do libriño de fraseoloxía portuguesa (Ettinger 2006: 29-32). Despois desta colorida retrospectiva persoal, estamos en posición de facer un balance provisional e de tentar contestar a pregunta formulada ao principio.

3.1. No **ensino da lingua materna** non ha de haber restricións canto á competencia fraseolóxica de comprensión ou produción. É importante analizar os usos concretos dos fraseoloxismos segundo o receptor e a situación, a súa función en distintas categorías textuais (linguaxe literaria, dos medios de comunicación, da publicidade, dos deportes etc.) e as súas posibilidades de modificación. O falante nativo pode entón empregar os fraseoloxismos ou non seguindo a súa intuición lingüística. A experiencia indica que, en xeral, enténdense máis fraseoloxismos dos que se usan.

3.2. No **ensino de linguas estranxeiras**, en cambio, debe facerse unha clara distinción entre competencia activa e pasiva, e non simplemente xeneralizando. Deben estudarse con detalle partes concretas do inventario fraseolóxico en relación coa súa posible utilidade.

3.2.1. Con referencia á **competencia fraseolóxica pasiva**, en teoría pode non haber un límite. En todo caso, as limitacións derívanse da duración da aula e dos obxectivos didácticos. Contar con coñecementos fraseolóxicos profundos nunha lingua estranxeira

facilita a comprensión lectora, dá pistas sobre as intencións do falante, fai as alusións contidas nos textos máis transparentes, permite entender xogos de palabras, sobre todo na publicidade etc. Estes coñecementos son necesarios para o auténtico dominio dunha lingua, tanto como contar cun amplo vocabulario (Iglesias Iglesias 2007: 70-83).

3.2.2. Canto ao **emprego activo**, as *fórmulas rutineiras* deberían aprenderse desde o inicio da adquisición da lingua estranxeira, xunto coas *fórmulas discursivas* e as *fórmulas psicosociais*. O mesmo aplícase ás colocacións (Hausmann 2007). Pola contra, no que respecta ás locucións e aos fraseoloxismos oracionais (refráns, lugares comúns, frases feitas, slogans etc.), recoméndase a máxima cautela. Nesta materia faltan estudos preliminares acerca de que expresións idiomáticas se consideran ou non suxestivas, ou cales máis ben neutrais. Botando man dalgúns exemplos representativos e profusamente explicados a través de usos en contexto, poderían discutirse as complexas regras de uso e alertar sobre os perigos do emprego activo de fraseoloxismos. Pero para isto requírese un bo coñecemento da lingua estranxeira. Tras este debate, o alumno debería buscar por si mesmo documentos nos que apareza determinado fraseoloxismo, preferiblemente na Internet, e podería entón empregalo por propia iniciativa en contextos semellantes. De todos os xeitos, tras unha preparación tan intensiva, pode un atreverse, como falante non nativo, a empregar fraseoloxismos noutra lingua.

4. Merece a pena buscar o mínimo ou óptimo fraseolóxico? Reflexións verbo da frecuencia e coñecemento dos fraseoloxismos

Pasado o longo tempo en que o normal era considerar os fraseoloxismos, tanto na lingua materna coma en linguas estranxeiras, unicamente como unidades léxicas máis complexas, polo que se adquirían principalmente para ampliar o vocabulario, era inevitable que xurdisen paralelismos coa adquisición do léxico no relativo á limitación cuantitativa das unidades que aprender. Tomando como base os compendios de vocabulario elemental e complementario que tanto éxito teñen en todas as linguas, aspirouse a elaborar un mínimo fraseolóxico para a fraseodidáctica. Unha delimitación razoable e facilitadora da aprendizaxe coma esta debería, en principio, ser algo plausible para calquera fraseodidáctico. Con todo, han de establecerse certas distincións e restricións importantes xa ao inicio deste capítulo.

4.1. Para comezar, debemos abordar dun xeito máis preciso e crítico os supostos paralelismos entre as unidades léxicas e fraseolóxicas. Tal comparación non se sostén. A adquisición do léxico é esencial e indispensable tanto na lingua materna coma en linguas estranxeiras. Aínda que soe a tópico, no se pode falar ningunha lingua sen coñecer o seu vocabulario, pero, como vimos anteriormente, si se pode falar bastante ben unha lingua sen usar refráns, fraseoloxismos oracionais ou locucións. Dado que aprender o léxico é un requisito fundamental para adquirir unha lingua, a selección e redución do vocabulario poden facilitar a aprendizaxe e posibilitar unha progresión razoable. Por non falar da incriblemente motivadora idea, aínda aceptada cegamente nos anos 60 do século pasado, de que con 2.000 palabras do vocabulario elemental era posible entender o 85% dun texto normal, e que as 2.500 palabras do vocabulario complementario incrementaban noutro 10% a comprensión escrita (Nickolaus 1963:

11). Grandes áreas do inventario fraseolóxico, como os xa mencionados refráns, fraseoloxismos oracionais ou locucións, non son necesarias para a comunicación neutra, xa que expresan intencións particulares do falante con respecto a determinadas situacións. Daquela, debería resultar difícil reunir un repertorio mínimo de algo que non é imprescindible ou necesario. Pode que un exemplo concreto aclare isto. Verbos como, por exemplo, *täuschen* en alemán, *tromper* en francés ou *engañar* en castelán forman parte do vocabulario básico das respectivas linguas; pero non ocorre o mesmo coas locucións que se poden empregar en lugar destes verbos e que se inclúen nos dicionarios onomasiolóxicos (cfr. Hessky e Ettinger 1997: 117-119; Bárdosi, Ettinger e Stölting 1992/1998/2003: 70-71; Sevilla Muñoz e Cantera Ortiz de Urbina 2004: 228-230). Facendo unha comparación coa nutrición, o vocabulario elemental e complementario serían os alimentos básicos, polo que non debería ser complicado facer unha cesta. As locucións, fraseoloxismos oracionais ou refráns serían, en cambio, alimentos de luxo con padais moi distintos: ostras, caviar, champaña, ovos de paspallás, carne de tenreira de Kobe etc. Neste caso sería moi complicado chegar a un consenso.

4.2. O seguinte paso consiste en decidir que categoría do inventario fraseolóxico dunha lingua queremos rexistrar seguindo criterios de frecuencia: colocacións, locucións ou enunciados fraseolóxicos coas súas subcategorías (paremias e fórmulas rutineiras). Sorprendentemente, as investigacións científicas sobre a frecuencia comezan no ámbito dos refráns/paremias, probablemente porque en todas as linguas xa existían recompilacións extensas que facilitaron o traballo con corpus (Ďurčo 2001: 99-106, con outras referencias bibliográficas: Mieder 1994; Chlosta, Grzybek e Roos 1994; Baur e Grzybek 1996). Seguramente o soado mínimo paremiolóxico de Permjakov (1971), ben coñecido non só en círculos eslavísticos, tamén contribuíu. Así e todo, de non incluír os refráns no eido elemental do repertorio fraseolóxico dunha lingua (e hai bos motivos para facelo), pódese ter a impresión de estar a "poñer o carro diante dos bois" (= *mettre la charrue devant/avant les boeufs*; *empezar la casa por el tejado*; *das Pferd von Schwanz aufzäumen*). Por outra banda, xa se atopan os primeiros traballos de investigación sobre a frecuencia das locucións, cuxo rexistro lexicográfico tamén progresou moito. Pero aínda non existen estudos sobre a frecuencia das fórmulas rutineiras, particularmente importantes para o ensino de linguas.

4.3. Un enfoque moito máis prometedor da investigación sobre a frecuencia dos fraseoloxismos debémosllo a Koller (1977). Nos inicios da fraseoloxía, este autor desenvolveu un traballo manual minucioso (daquela non había corpus electrónicos nin a posibilidade de buscar na Internet) avaliando un corpus xornalístico de aprox. 700 artigos, que leu persoalmente, e atopando unhas 450 expresións idiomáticas nun total de 900 documentos. A significativa contribución de Koller consistiu en que non só investigou a linguaxe xornalística en xeral, senón que investigou por distintas tipoloxías textuais como, por exemplo, a información sobre política, as noticias sobre sucesos delituosos e informes xudiciais, os anuncios clasificados, as cartas ao director e as seccións de economía, deportes e cultura. Todos sabemos que os reformadores do mundo empregan nas cartas ao director fraseoloxismos distintos aos que empregan os estrategos publicitarios ou os que escriben os horóscopos. Pasados 30 anos, e coas

posibilidades técnicas facilitadoras do traballo que existen na actualidade, o enfoque de Koller debería retomarse e desenvolverse para poder obter mínimos fraseolóxicos de determinadas tipoloxías textuais en distintas linguas. Estes mínimos fraseolóxicos especializados serían unha grande axuda na adquisición da competencia fraseolóxica pasiva ou de recepción. Como complemento ás investigacións sobre frecuencia a partir dun corpus, Koller (1977) realizou tests de recoñecemento e cualificación de fraseoloxismos con informantes xermanófonos. Máis adiante veremos que é conveniente relacionar o coñecemento ou familiarización cun fraseoloxismo cos datos sobre a súa frecuencia (Hallsteinsdóttir, Šajánková e Quasthoff 2006). Tamén prometen moito os traballos máis recentes, nos que xa non se aplica o método dedutivo na análise de corpus (buscar o fraseoloxismo X nos documentos), senón que se tentan obter indutivamente os polilexemas con base na súa frecuencia. Facendo uso do chamado "método baseado en corpus" pódense atopar fraseoloxismos que aínda non constan nos dicionarios tradicionais (Bubenhofer 2008: 53-72).

Ettinger esboza outras posibilidades da fraseoloxía orientada á frecuencia (2007: 902-903).

4.4. Podemos pasar por alto as pouco serias e sempre irritantes notas introdutorias de moitas compilacións fraseolóxicas destinadas ao ensino de diversas linguas nas que se afirma recorrentemente que a compilación en cuestión inclúe os fraseoloxismos principais, máis usuais ou máis frecuentes para a adquisición da lingua, a comunicación cotiá ou a comprensión lectora. Desde Ettinger (1989: 100), denunciamos publicamente este engano consciente dos usuarios, aínda que sen éxito polo de agora. A publicidade destinada a promover as vendas segue a avantaxar o rigor científico, e seica os consumidores son demasiado inxenuos para defendérense!

4.5. Malia a situación bastante improdutiva da investigación, referida anteriormente, non debería cesar precipitadamente a busca da "flor azul"[2] do mínimo fraseolóxico. Talvez os investigadores máis novos se deixen entusiasmar polo *Marco común europeo de referencia para as linguas* e poñan ao dispor dos seus usuarios un completo material ilustrativo correspondente aos obxectivos dos niveis C1 e C2 en cada unha das linguas (véxase a este respecto González Rey 2006: 123-145). Así mesmo, é posible que a reforma dos plans de estudos europeos tradicionais no transcurso do Proceso de Boloña permita elaborar un módulo de fraseoloxía. Non sería de estrañar que baixo a presión da reforma política se publicasen axiña traballos sobre a limitación cuantitativa dos fraseoloxismos. Xa existen enfoques serios que apuntan a isto dunha metalexicógrafa moi coñecida no círculo romanístico alemán, quen desexa que se inclúa nos programas do francés para centros de ensino obrigatorio e superior un mínimo fraseolóxico obtido a partir do filtrado de dicionarios, así como que se faga un seguimento e avaliación deste en distintos exames do sistema educativo público de Alemaña (exame de acceso aos estudos universitarios, exame intermedio tras a finalización do primeiro ciclo

[2] Símbolo romántico inmortalizado polo poeta alemán Friedrich von Hardenberg (1772-1801), máis coñecido polo pseudónimo Novalis, e que representa o obxectivo arelado e nunca alcanzado, encarnado na poesía e no amor.

destes estudos, exame de máster e exame de Estado para obter a licenciatura) (Hausmann 2005: 34):

> *Es muss möglich sein, dem Lerner des Französischen zu sagen, wie viele Wörter er zu lernen hat und welche, um sich als kompetenter Rezipient der französischen Sprache fühlen zu dürfen. Denn Aussagen des Typs „Du musst ein Leben lang lernen!" sind didaktisch unbefriedigend und kaum geeignet, ihn zum energischen und konzentrierten Lernen zu motivieren. Es ist möglich, dem Lerner entsprechend den Prinzipien der Chrestolexikographie (Hausmann 2002) eine in drei Lernstufen aufgeteilte Liste von insgesamt 8500 opaken lernnützlichen Einheiten auszuhändigen und, erweitert um eine Liste von annähernd 1500 opaken Idiomen für die Meisterprüfung (Magister-, Master, Staatsexamensprüfung) zum realistischen Mindestkriterium zu erklären*[3].

Para o segundo ciclo dos estudos superiores engadiríase, a modo complementario, unha lista de 1.850 locucións (Hausmann 2005: 38). Con todo, as cifras que indica Hausmann (2005) son moi elevadas para o dominio léxico de recepción ou pasivo da lingua e difíciles de alcanzar se os plans de estudos non o esixen. De darse o caso, habería que falar dunha "obriga fraseolóxica"!

Despois de expoñer os resultados relativamente limitados da investigación fraseolóxica baseada na frecuencia, debemos e queremos sinalar o que afortunadamente xa se conseguiu. Teoricamente, a investigación ideal da frecuencia dos fraseoloxismos dunha lingua podería consistir en reducir, de cara a unha investigación lingüística de corpus, o repertorio existente máis extenso en función de determinados criterios como, por exemplo, o grao de coñecemento (descoñecido ou coñecido) e a forma de uso ("Eu non empregaría o fraseoloxismo" ou "Eu empregaría o fraseoloxismo") dos mesmos nun número considerable de informantes lingüísticos de diversos grupos de idade, preferentemente persoas maiores, e con distintos niveis de estudos. A seguir, analízase a frecuencia das unidades fraseolóxicas obtidas coma se se filtrasen nun corpus o máis amplo e representativo posible, debendo considerar, por exemplo, para as locucións verbais, ademais da forma infinitiva, tamén distintas formas conxugadas de uso preferente. Mesmo neste procedemento ideal obsérvanse de inmediato dous puntos débiles: a) que tan grande debe e pode ser o número de informantes e como se seleccionan? e b) de cantas unidades se debe dispoñer unha vez feita a redución? Se o diñeiro e o tempo non fosen factores que ter en conta, podería partirse de categorías máis xenerosas. O proxecto, lamentablemente inconcluso, da DFG (Fundación Alemá para a Investigación Científica) relativo á investigación da frecuencia dos refráns alemáns debería motivar os interesados nesta investigación a realizar un planeamento máis cauteloso (véxase ao respecto Ďurčo 2001: 99-106, con referencias bibliográficas

[3] Tradución: "Debe ser posible dicirlle ao alumno de francés cantas palabras ten que aprender para poder sentirse como un receptor competente desta lingua. Afirmacións como 'Hai que estar a aprender toda a vida!' son didacticamente insatisfactorias e inapropiadas para motivalo a aprender de forma activa e concentrada. Pódeselle entregar ao alumno, seguindo os principios da 'crestolexicografía' (Hausmann 2002), unha lista dividida en tres niveis de aprendizaxe cun total de 8.500 unidades fraseolóxicas opacas útiles, ampliada con preto de 1.500 expresións opacas para o exame de mestría (exame de maxisterio, máster e de Estado), co fin de explicar de xeito realista o criterio do mínimo".

relevantes e orientativas). En vista destas limitacións financeiras e temporais, tres lingüistas de Alemaña, Islandia e Eslovaquia optaron por outra estratexia máis realista para o alemán como lingua estranxeira. Nun primeiro termo, levaron a cabo dúas investigacións independentes, dando lugar deste xeito ao estudo da frecuencia das locucións do alemán máis extenso e fiable levado a cabo ata hoxe. Este estudo está dispoñible na Internet e pode consultarse e descargarse en http://www.linguistik-online.de/27_06/hallsteinsdottir_et_al.html (unha breve referencia ao cambio terminolóxico de mínimo a óptimo neste caso: o termo "mínimo" implica un resultado puramente orientado á frecuencia e ten connotacións máis ben negativas, mentres que no termo "óptimo", empregado por primeira vez por Hessky, tamén se ten en conta o grao de coñecemento e podería mesmo considerarse o uso activo dos fraseoloxismos).

Hallsteinsdóttir extraeu para o mencionado estudo da frecuencia todas as locucións rexistradas en dous dos dicionarios para o ensino de alemán como lingua estranxeira máis coñecidos e empregados no ámbito lingüístico xermano [*Wörterbuch Deutsch als Fremdsprache* de Gruyter-Verlag (Kempcke 2000) e *Langenscheidts Wörterbuch für Deutsch als Fremdsprache* (Götz *et al*. 1997)], e complementounas con unidades fraseolóxicas tiradas de libros de texto de fraseoloxía (Hessky e Ettinger 1997; Griesbach e Schulz 2000) e cunha lista de expresións idiomáticas alemás correntes e intersubxectivas de Dobrovol'skij (1997). As 5.000 unidades obtidas deste xeito estudáronse en Leipzig canto á súa frecuencia absoluta coa axuda do corpus *Deutscher Wortschatz*, dividíndoas en tres categorías: locucións de alta frecuencia (más de 500 documentos), locucións de frecuencia media (entre 100 e 500 documentos) e locucións de baixa frecuencia (menos de 100 documentos). Con independencia do anterior, Šajánková (2005), na súa disertación sobre varios libros de texto de fraseoloxía do alemán moi coñecidos (Hessky e Ettinger 1997; Wotjak e Richter 1993; Griesbach e Uhlich 1993; Herzog 1993; Dobrovol'skij 1997b; Buscha 1979), reuniu os fraseoloxismos que aparecían con maior frecuencia en todas as recompilacións existentes (1179 en total) e puxo a proba estas unidades servíndose de cuestionarios (máis de cen en total) sobre a familiarización con estes, é dicir, o grao de coñecemento que teñen dos mesmos os falantes xermanófonos. Para chegar a resultados máis precisos, combináronse os datos de frecuencia do corpus co grao de coñecemento ou familiarización, é dicir, co uso activo dos fraseoloxismos por parte de falantes nativos. Por primeira vez no eido da investigación da frecuencia, están a obterse resultados comprensibles, abarcables numericamente e representativos, susceptibles de aplicación posterior na fraseodidáctica do alemán. (Hallsteinsdóttir *et al*. 2006: 12): "Zum Kernbereich eines phraseologischen Optimums für Deutsch als Fremdsprache gehören 143 Phraseologismen mit hoher Frequenz (über 500 Belege) und hoher Geläufigkeit (76-101). Diese Phraseologismen sollten im Grundwortschatz enthalten sein"[4]. No anexo do seu artigo, os autores inclúen esta lista de 143 unidades, polo que calquera falante nativo do alemán pode comprobar que efectivamente se trata de fraseoloxismos frecuentes e coñecidos. Só queda esperar que este traballo revolucionario sexa

[4] Tradución: "O núcleo do óptimo fraseolóxico para o alemán como lingua estranxeira consta de 143 fraseoloxismos de alta frecuencia (máis de 500 documentos) e grao de coñecemento (76-101), que deberían formar parte do vocabulario elemental".

emprendido pronto noutras linguas e que nun futuro próximo se publiquen libros de texto para o alemán con base neste material.

5. Seguen a ser suficientes aínda hoxe "Os tres pasos fraseodidácticos"? Acerca da metodoloxía de aprendizaxe e uso de fraseoloxismos

Na investigación fraseolóxica do alemán temos que agradecerlle ao pioneiro fraseodidáctico Peter Kühn non só títulos doados de reter, con alusións a contos alemáns moi populares, de traballos como *Deutsch als Fremdsprache im phraseodidaktischen Dornröschenschlaf* (Kühn 1987: 62-79). Este xermanista de Trier tamén desenvolveu un método propio para recoñecer, descifrar e empregar fraseoloxismos, aplicable tanto no ensino de lingua materna coma no de linguas estranxeiras (Kühn 1992/1994/1996). O dito método, bautizado por Kühn co sinxelo nome de "Os tres pasos fraseodidácticos", xeneralizouse na fraseodidáctica e é aplicado en todas partes con moito éxito e satisfacción por profesores no seu labor docente. Para facilitar a comprensión, presentamos en síntese o método exclusivamente orientado ao texto de Kühn. Nun primeiro paso, o alumno ten que identificar o fraseoloxismo (el entende por tal unicamente as locucións figurativas) nun texto auténtico, sendo de axuda para o efecto, por unha parte, as posibles anomalías morfosintácticas ou o emprego de elementos singulares, así como, por outra parte, as incompatibilidades semánticas, que tamén facilitan o seu recoñecemento (Kühn 1992: 178-179). O seguinte paso ten que ver coa comprensión ou descifrado do fraseoloxismo. Debe levarse o alumno, formulando preguntas concretas, a deducir por si mesmo do contexto o significado completo do fraseoloxismo, fronte ás paráfrases simplistas dos dicionarios. O exemplo de Kühn trata sobre unha fuga tras un accidente de tráfico. Un condutor *macht sich aus dem Staube*, é dicir, marcha sen máis. No canto de expresar a idea cun simple 'marchar', o fraseoloxismo expresa ademais que se fixo algo prohibido ou ilegal e que o condutor se inculpou ao fuxir. No terceiro paso, o alumno debe usar a unidade fraseolóxica que acaba de aprender nun contexto similar. Con estes tres pasos fraseodidácticos trabállase a competencia fraseolóxica produtiva na lingua materna, aínda que tamén na lingua estranxeira. Debe levarse o alumno da recepción de fraseoloxismos á produción de fraseoloxismos. Pode que algúns postulados de Kühn parezan triviais á luz da fraseodidáctica actual, pero hai 20 anos, cando existían case exclusivamente exercicios de fraseoloxía simples e con mecánica mnemotécnica, estes tres pasos supuxeron un grande avance e trouxeron "aire fresco" ao ensino. Con todo, co paso dos anos apareceron algunhas propostas de mellora derivadas da experiencia docente. Lüger (1997: 102) quería engadir entre a fase de "descifrado" e a de "emprego" unha fase de fixación, é dicir, práctica dos fraseoloxismos e, ademais, aplicar a competencia fraseolóxica activa só a unha parte das "existencias expresivas fraseolóxicas", ou sexa, do repertorio de fraseoloxismos. Ettinger (2007: 897) móstrase crítico cos elaborados "procedementos de descubrimento". Estes complexos métodos de recoñecemento de distintas clases de fraseoloxismos no texto trasladan criterios lingüísticos da fraseoloxía á aprendizaxe de linguas. Pero a práctica tennos demostrado que o alumno realmente non precisa destes procedementos de descubrimento,

abondándolle con saber que non entende unha unidade poliléxica en contexto, que non é quen de explicar o significado da mesma a partir dos lexemas que a compoñen e que a seguir debe dar outros pasos, como usar os dicionarios ou preguntarlles a informantes. Grazas á nosa experiencia docente universitaria no ensino de francés como lingua estranxeira a estudantes alemáns, modificamos estres tres pasos nos últimos anos para adaptalos a un curso impartido periodicamente (Ettinger 2001: 87-104, ou na Internet en http://www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudiumpdf.pdf ou http://www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudium.doc).

Nun principio definimos cun pouco máis de precisión os obxectivos didácticos do noso curso. O obxectivo prioritario era a adquisición dunha ampla competencia fraseolóxica de recepción ou pasiva en francés para facilitar a comprensión oral, a comprensión escrita e a tradución de textos franceses reais. A competencia fraseolóxica activa debía practicarse unicamente cun número moi abarcable de fraseoloxismos. Ao igual que Kühn, tiñamos que limitarnos ás locucións figurativas xa que aínda non existían compilacións útiles das demais unidades fraseolóxicas, como as fórmulas rutineiras ou os fraseoloxismos oracionais. O resultado foi o seguinte procedemento por pasos:

a) Nun *primeiro paso* comentábanse, a modo ilustrativo, certos fraseoloxismos seleccionados en contexto. Explicábanse as diversas posibilidades de uso dos mesmos canto ao destinatario e á situación. Indicábanse as restricións gramaticais e clasemáticas, dábase información sobre o rexistro e tentábase atopar un concepto clave para cada fraseoloxismo a partir dun esquema onomasiolóxico. É moi importante que o alumno adquira a noción básica de que os fraseoloxismos non se poden explicar simplemente parafraseándoos posto que, na maioría dos casos, engaden un trazo ou valor semántico e están limitados no seu uso por cuestións pragmáticas e situacionais. Tense comprobado que, para dar este primeiro paso, ao estudante resúltalle moi útil comezar con unidades da lingua materna e logo pasar á lingua estranxeira. O primeiro paso equivale, *grosso modo*, á fase de descifrado de Kühn, na que se sensibiliza os alumnos sobre a función do fraseoloxismo no texto baixo a dirección do docente.

b) Nun *segundo paso* trabállanse unhas 500 locucións empregando un libro de texto. Os estudantes tiñan que estudar na casa un par de leccións con 50 unidades cada unha dunha semana para a seguinte, explicando entón na clase o profesor os fraseoloxismos máis difíciles.

c) Con exercicios mnemotécnicos do libro de texto, profundábase e comprobábase a aprendizaxe dos fraseoloxismos nun *terceiro paso*. Esta fase práctica pode ser máis ou menos prolongada en función do nivel do curso e dos alumnos (véxase ao respecto o punto 8 do noso artigo). Resultan especialmente determinantes e útiles as explicacións sobre a delimitación semántica dos fraseoloxismos dun concepto clave como /*SANTÉ*/, /*MALADIE*/ ou /*FAIM*/, posto que permiten descubrir máis matices diferenciadores. Dado que nesta fase o alumno ha de aprender o maior número posible de fraseoloxismos, prescíndese conscientemente de traballar con textos reais que consuman moito tempo. Pero o docente, grazas á súa experiencia, pode e debe comentar con detalle fraseoloxismos máis interesantes, máis difíciles e máis complexos

mesmo servíndose de textos máis curtos ou, na terminoloxía de Kühn, descifralos e así definilos con maior precisión desde o punto de vista fraseográfico.

d) A *cuarta fase* ou *cuarto paso* consiste en observar o uso dos fraseoloxismos aprendidos en textos auténticos. O alumno ten que buscar de forma autónoma os contextos correspondentes a cada fraseoloxismo. Os buscadores dispoñibles na Internet en todas as linguas, como é *Google*, devólvenlle ao interesado nuns poucos segundos numerosos documentos que lle permiten describir o fraseoloxismo con maior precisión que calquera dicionario monolingüe ou bilingüe. O aprendiz autónomo adoita avantaxar os "rexistros tardíos da norma oral" que son os dicionarios (Coseriu). Facendo uso da unidade fraseolóxica francesa *avoir maille à partir avec qn.* (= 'ter un desacordo/diferenzas con alguén'), fixemos unha demostración completa deste procedemento de traballo (Ettinger 2007: 901-902). Partindo dos referidos textos, un estudante autónomo resolto podería empregar despois activamente este fraseoloxismo en contextos semellantes. Así mesmo, este método autodidacta permite obter variantes semánticas non codificadas dunha unidade fraseolóxica. Moito antes de que dicionarios monolingües e bilingües documentasen a extensión semántica do fraseoloxismo francés *qn. a pignon sur rue* a *qc. a pignon sur rue*, xa se atopaban documentos que evidenciaban este cambio (Ettinger 1989: 97). Hausmann (2007: 116-117) trata a extensión semántica da locución francesa *mettre les pieds dans le plat*, rexistrada por primeira vez en 1891 no *Petit Larousse*, así como a que se produciu en *tirer les marrons du feu*. Exemplificamos a seguir o noso método de ensino e aprendizaxe cunha locución figurativa do castelán:

a) Familiarízase primeiro o alumno cos principais problemas fraseolóxicos existentes en castelán mediante a aprendizaxe ilustrativa, e despois este comeza a memorizar determinadas unidades fraseolóxicas.

b) Atopa para a locución castelá *cortar/partir el bacalao* a explicación "Se utiliza para definir a la persona más importante o que más manda en algún lugar", acompañada do exemplo "En esta oficina, como el jefe no está nunca, es su hijo quien corta el bacalao" (Buitrago 2000: 74). Mediante a correspondente aclaración etimolóxica, este fraseoloxismo é relativamente fácil de comprender para calquera estranxeiro que estea a aprender castelán. Pero un único exemplo non abonda para desenvolver a intuición lingüística.

c) Na fase de aprendizaxe sería moi conveniente delimitar este fraseoloxismo fronte a outras estruturas semánticas similares. Sevilla Muñoz e Cantera Ortiz de Urbina mencionan como variantes no concepto clave /INFLUENCIA/ ou /PODER/ *llevar la voz cantante en algo*; *llevar la batuta en algo*; *ser el que hace y deshace en algo*; *tener la sartén por el mango*; *ser el amo del cotarro*; *ser el mandamás*; *llevar el timón*; *manjar los hilos*; *dirigir el cotarro*. Unha vez coñecidos os problemas principais da fraseoloxía, un estranxeiro que está a aprender castelán comprende de inmediato que as locucións anteriores non son intercambiables entre si nin polas paráfrases neutras 'tener mucha influencia, mucho poder', 'ser el único que decide' ou 'mandar, dirigir en un negocio'. Lamentablemente carecemos dos materiais didácticos relevantes do castelán para profundar aínda máis neste aspecto.

d) Coa axuda da Internet atópanse facilmente exemplos de uso do fraseoloxismo *cortar/partir el bacalao*, o que lle permite ao aprendiz de castelán buscar por si mesmo contextos que lle parezan importantes e útiles. Pode marcalos, gardalos nun ficheiro e/ou imprimilos. Deste xeito dáse unha idea da súa frecuencia e pode facer rapidamente unha lista dos posible suxeitos do fraseoloxismo. O 7 de marzo de 2008 atopábanse en total 4.990 documentos con *cortar el bacalao* en http://www.google.es, pero eran 9.620 os documentos coa locución na forma de terceira persoa de singular do presente *corta el bacalao*. A variante *partir el bacalao* está representada en 1.001 documentos de *Google*, e da forma en terceira persoa de singular do presente *parte el bacalao* atopábanse 10.900 documentos, nos que obviamente se inclúe o uso concreto. A forma de terceira persoa de singular do presente, cun uso maioritariamente figurativo, aparece en 6.490 documentos no caso de *cortar el bacalao*, e en 2.950 no caso de *partir el bacalao*. Que conclusións se poden tirar entón de todos os exemplos? En función de suxeito do fraseoloxema atópase non só o "xefe de persoal", o preferido polos dicionarios, senón que o ámbito de influencia dos "cortadores de bacalao" se estende a eidos maiores. Como persoas con poder de decisión atopamos tamén *el juez Merlaska*, *un historiador*, *el auténtico cacique del barrio*, *Chávez en Venezuela* etc., alén de mulleres (*en la cocina y en la compra*), fumadores (*los fumadores en España*) ou familias influentes (*Los que cortan el bacalao. Las grandes familias aún dominan la economia por medio des sus "delfines"*). Atopáronse, ademais, grupos de persoas (*los partidos*), familias criminais de Sicilia (*Nuestro objetivo será demostrarles a esta banda que son los Corleone quienes parten el bacalao en Nueva York*), grupos de presión (*Otros lobbies que parten el bacalao en Bruselas son la Organización Mundial del Comercio*), empresas (*la compañia británica*; *el que parte el bacalao en internet es Google*), provincias, cidades, países e os seus respectivos habitantes (*los americanos*; *los galeses parten el bacalao por tercera vez consecutiva en el Torneo de Seis Naciones de rugby*) etc. Entre unha e dúas ducias de exemplos ben seleccionados deberían ser suficientes para a comprensión pasiva do fraseoloxismo, de xeito que a súa imaxe tamén quede gravada na mente dun alumno non nativo. Con todo, no noso método cómpre ser prudente canto a se e cando este alumno estranxeiro pode e debe empregar activamente o fraseoloxismo como seguinte paso. En que medida se expresa con este fraseoloxismo unha crítica ou, se cadra, admiración polas persoas con poder de decisión de que se trate? Como reaccionan as feministas militantes cando se usa este fraseoloxismo con suxeitos femininos? Os exemplos de uso atopados na Internet cobren as necesidades comunicativas particulares dun estranxeiro que está a aprender castelán?

6. Os fraseoloxismos equivalentes interlingüísticos serven de axuda fraseodidáctica no ensino de linguas estranxeiras? O problema dos verdadeiros e falsos amigos fraseolóxicos

Quen estuda fraseoloxismos en varias das principais linguas europeas comproba moi a miúdo que non poucas locucións figurativas da súa lingua materna teñen un equivalente formal e semántico absoluto noutra lingua, e en moitos casos en varias (Ettinger 1994: 109-136 para o francés e o alemán). Piirainen (2005: 45-75), quen

investiga intensamente neste eido, falou de "expresións idiomáticas estendidas" (*widespread idioms*) tras rexeitar outros termos como "europeísmo", "internacionalismo" ou "interfraseoloxismo". O seu ambicioso proxecto de investigación a grande escala céntrase na equivalencia total e pretende abranguer todas as linguas europeas (Piirainen 2007: 173-193). Algún día, cando se dean a coñecer os resultados deste proxecto, os fraseodidácticos disporán dunha fantástica ferramenta para poderen ensinar facilmente unha cantidade razoable (aprox. de 100 a 300 unidades?) de locucións figurativas totalmente equivalentes formal e semanticamente nas clases de primaria e secundaria das linguas europeas máis usuais e estendidas (inglés, francés, alemán, ruso, español e italiano). Unha relación como esta podería mostrar, coa axuda do fraseólogo, a enorme riqueza cultural común do pasado europeo.

Estes fraseoloxismos estendidos por toda Europa son, principalmente, unidades procedentes da relixión xudeo-cristiá, sobre todo citas da Biblia (véxanse para francés-alemán as citas bíblicas de Ettinger 1977: 1-20). Por outra banda, a cultura grecolatina tamén deixou unha fonda pegada nas linguas europeas. Basta con pensar nas fábulas de Esopo e nas recreacións que fixo destas La Fontaine, así como nos máis de 4.000 adaxios latinos que Erasmo de Rotterdam introduciu nas linguas europeas (Doyle 2007: 1078 *Erasmus and his influence*). Diversas figuras e feitos da mitoloxía grega e latina seguen vivos en frases feitas de toda Europa. Citas de célebres personalidades da Antigüidade, da Idade Media e da Idade Moderna, así como citas de grandes escritores da literatura europea, continúan a formar parte do patrimonio cultural común do continente. Ao anterior engádenselle os neoloxismos fraseolóxicos que apareceron en Europa e se transmitiron a varias linguas, como a expresión idiomática *quinta columna*, nacida en 1936 durante a guerra civil española (Rey e Chantreau 1993: 198; http://es.wikipedia.org/Quinta_columna). O maior número de coincidencias fraseolóxicas en distintas linguas dáse no eido dos somatismos fraseolóxicos (véxase Mellado Blanco 2004 para os somatismos do castelán e do alemán). Dado que aínda non existen recompilacións plurilingües fiables malia a profusión de casos destes tipos, temos que nos conformar cos poucos casos rexistrados das linguas europeas máis coñecidas.

Orixe bíblica (Wiznitzer 1975: 48; Sevilla Muñoz e Cantera Ortiz de Urbina 2004: 417):

- *seine Hände in Unschuld waschen* (alemán)
- *to wash one's hands of it* (inglés)
- *s'en laver les mains* (francés)
- *lavarse las manos* (castelán)

Orixe latina (Ferro Ruibal *et al.* 1984: 273):

- *alea iacta est* (latín)
- *die Würfel sind gefallen* (alemán)
- *les dés en sont jetés / le dé en est jeté* (francés)
- *botouse o dado / o dado foi botado* (galego)

Mitoloxía grega:

- *den Augiasstall ausmisten* (alemán)
- *nettoyer les écuries d'Augias* (francés)

Neoloxismos fraseolóxicos (Piirainen 2005: 65):

- *to be on the same wavelength as someone* (inglés)
- *(mit jmdm.) auf der gleichen Wellenlänge liegen* (alemán)
- *être sur la même longueur d'onde* (francés)
- *essere sulla stessa lunghezza d'onda* (italiano)
- *estar en la misma onda* (castelán)

Pero cómpre ter en conta certas restricións neste mínimo fraseolóxico paneuropeo, as cales definimos nun estudo comparativo do par francés-alemán (Ettinger 1994: 109-136). No dito estudo empregamos o termo "falso amigo fraseolóxico" e, por analoxía, o termo "verdadeiro amigo".

1. A equivalencia formal entre determinadas linguas debe interpretarse, con todo, de forma moi restritiva para fins fraseolóxicos e, especialmente, fraseodidácticos, xa que diferenzas formais menores poden dar lugar a imaxes insólitas ou mesmo erróneas. Así, a prodigalidade pode expresarse en alemán coa locución *(sein) Geld zum Fenster hinauswerfen* ou en castelán con *tirar/arrojar el dinero por la ventana*, mentres que os franceses [non en van din os portugueses *viver à grande e à francesa* (Ettinger e Nunes 2006: 90)] son máis xenerosos nesta clase de desbaratamento que nada ten que ver coa Bolsa e por iso precisan varias fiestras (*jeter l'argent par les fenêtres*). Nos libros para o profesor e o alumno poderían destacarse estas diferenzas mediante tipografías especiais ou chamar a atención sobre elas con comentarios ou notas á parte.
2. Neste tipo de fraseoloxismos paneuropeos, a equivalencia formal non implica necesariamente que exista tamén equivalencia semántica, feito que queda ben demostrado na locución *gegen Windmühlen kämpfen*. Este fraseoloxismo do Quixote de Cervantes adoita definirse en alemán como "einen sinnlosen, von vornherein aussichtslosen Kampf um etwas führen" (iniciar unha loita sen sentido e, a priori, inútil por algo. Klappenbach e Steinitz 1982: 4357). En cambio, en francés o fundamental nas explicacións deste fraseoloxismo é o perigo irreal que só existe na imaxinación de Don Quixote, ou sexa, o rival imaxinario. Rey e Chantreau (1993: 533): "se battre contre des ennemis ou des difficultés imaginaires"; Lafleur (1979: 389): "combattre des ennemis imaginaires comme Don Quijotte qui, dans sa folie, prenait les moulins pour des géants". Aínda que poida haber certas confusións ocasionais, a maioría dos exemplos de uso do fraseoloxismo en ambas as linguas correspóndense con estas definicións.
3. Finalmente, tamén se poden observar diferenzas de frecuencia e diastráticas (trazos distintos canto ao rexistro) nos fraseoloxismos máis estendidos e equivalentes formal e semanticamente. Así mesmo, atópanse diferenzas diacrónicas, como na locución francesa *faire d'une mouche un éléphant*,

marcada como "vieilli" (arcaica) nos dicionarios; en canto que o seu equivalente alemán *aus einer Mücke einen Elefanten machen*, de uso coloquial, non se pode considerar en absoluto un arcaísmo.

Se tentamos responder agora a pregunta formulada ao principio, podemos concluír que un mínimo fraseolóxico paneuropeo desenvolvido con esmero desde o punto de vista fraseográfico sería de feito unha grande axuda para a fraseodidáctica (Ferro Ruibal 2007: 305-311).

7. Son necesarias ou, como mínimo, útiles as explicacións etimolóxicas para a fraseodidáctica?

Esta pregunta, intimamente relacionada co estudo fraseolóxico de tipo diacrónico, non se pode contestar cun simple "si" ou "non". Os fraseodidácticos xermanófonos usarían neste caso un *Jein*, os falantes francófonos darían unha *réponse normande*, e no ámbito hispanofalante optaríase por *contestar a la gallega*. Como xa sinalou moi ben Burger (1996: 25-30) nun breve pero informativo artigo, as locucións figurativas son "ein Spiegel ihrer Zeit" (un espello do seu tempo), non resultando evidente e comprensible en moitos casos para un usuario de épocas posteriores esta clase de imaxe condicionada polo tempo. Pensemos, por exemplo, nos numerosos fraseoloxismos que conteñen moedas e unidades de medida doutras épocas que xa non se empregan, como acontece no refrán alemán *Wer den Pfennig nicht ehrt, ist des Thalers nicht wert* (literalmente "Quen non honra o penique, non merece o tálero", equivalente a *A quien cuida la peseta nunca le falta un duro*). Polo tanto, cómpre que precisemos un pouco a nosa resposta.

1. De existir unha única explicación etimolóxica convincente e xeralmente aceptada dun fraseoloxismo, entón a aclaración diacrónica vénlle moi ben ao alumno como axuda didáctica, mesmo se non contribúe ao uso sincrónico. Con todo, para isto é imprescindible que os significados diacrónico e sincrónico non variasen nin se restrinxisen ou estendesen. Moitas unidades fraseolóxicas con orixe no pasado grecorromano, na Biblia e nas literaturas nacionais e historias culturais cumpren esta condición (véxase ao respecto o punto anterior). A etimoloxía indicada por Neves (1992: 123-124) para a expresión idiomática portuguesa *algo para inglês ver* (= 'fazer algo apenas para fachada; fazer algo para causar boa impressão, sem preocupações de qualidade ou para iludir os inocentes') parece moi verosímil e útil para a aprendizaxe:

   > *Expressão surgida durante o Império, quando o Brasil firmou convénios com a Inglaterra, no sentido da repressão do tráfico de escravos, sendo estabelecidos tribunais mistos de julgamento, para os navios negreiros apreendidos. Tinha o Brasil a obrigação de patrulhar as costas, as quais eram também patrulhadas pelos navios britânicos. Mas o tráfico continuava, fazendo o governo vista grossa à traficância. Dizia-se, por isso, que o nosso patrulhamento era fictício, isto é, apenas para inglês ver, como uma satisfação platónica aos acordos oficialmente firmados*.

2. De existir, en cambio, para un fraseoloxismo varias teorías etimolóxicas contraditorias, a miúdo baseadas en simples suposicións, a etimoloxía convértese nun fin en si mesma, non cumpre ningunha función fraseodidáctica e, daquela, é aconsellable excluíla sen piedade dos libros de texto. Pode citarse como exemplo coñecido disto a locución francesa *reprendre du poil de la bête* (= 'recuperarse tras unha enfermidade, recuperar forzas ou enerxías'). Con autoironía forzosa, Rey e Chantreau (1993: 640-641) que, polo demais, como é habitual na fraseografía francesa, sobrevaloran a diacronía en detrimento da sincronía, escriben o seguinte sobre esta locución: "Cette locution, de par son obscurité, est une des vedettes de la phraséologie; de nombreuses explications en ont été données, dont la plus fréquente est la suivante (...)". Séguense explicacións máis detalladas que ocupan máis unha columna enteira do dicionario! Constátase que a exclusión da etimoloxía complexa das expresións idiomáticas se dá unicamente no eido da fraseodidáctica. Moitos dos estudos etimolóxicos xenuínos presentan un aliciente criminalista, como o demostran as seguintes análises profusas en detalles: Seifert (1998: 214-218) sobre a aparición da locución alemá *in trockenen Tüchern sein*; Hausmann (1986: 91-102) sobre a aparición da locución francesa *langue de bois*, ou Bárdosi (1989: 7-16) sobre a locución francesa *un ange passe.*
3. As etimoloxías que non carecen de certo interese histórico-lingüístico e histórico-cultural ocupan unha posición intermedia no ensino de linguas estranxeiras. Neste caso o profesor debe decidir se as explicacións etimolóxicas se adecúan ao nivel e obxectivo da clase de lingua e se favorecen a aprendizaxe. Segundo a nosa experiencia docente, polo xeral as aclaracións lingüísticas de carácter histórico estimulan a aprendizaxe nos alumnos universitarios que teñen que estudar tamén ao longo da súa formación en idiomas, de mal grado pero por imposición do plan de estudos, variantes lingüísticas arcaicas. As ditas explicacións tamén se poden empregar no ensino de linguas fóra do ámbito universitario se se introducen en doses homeopáticas.

En relación con isto, é especialmente digno de mención o sorprendente feito de que a etimoloxía causa unha estraña fascinación nos traballos e referencias fraseolóxicas de xornais, revistas, programas de radio, concursos e programas infantís da televisión ou mesmo da Internet. Nestes casos o importante non é o uso que se fai dun fraseoloxismo na actualidade, senón responder a pregunta sobre a procedencia, orixe ou aparición deste.

8. Deben aprenderse sistematicamente fraseoloxismos no ensino de linguas? Algunhas reflexións críticas sobre os materiais de exercicios fraseolóxicos

Desde que se incorporou a fraseoloxía ao ensino de linguas, existen moitos exercicios tanto para o ensino da lingua materna como de linguas estranxeiras cuxo común denominador consiste en relacionar un fraseoloxismo coa súa paráfrase, normalmente

moi sucinta, e profundar nesta equiparación con infinitos exercicios de tipo formal. Esta exercitación mecánica está teoricamente destinada a facilitar a aprendizaxe, a afianzar o aprendido e, por último, a avaliar a materia impartida. A ampla oferta de exercicios diríxese a todos os alumnos (principiantes ou avanzados) e céntrase principalmente nas locucións, xa que aínda non se adaptaron para a didáctica outros tipos de fraseoloxismos como as fórmulas rutineiras. Examinando superficialmente este material de exercitación fraseodidáctico en distintas linguas, non deixa de sorprender a gran creatividade dos autores, pero cómpre preguntarse se todos estes exercicios realmente teñen sentido. Desenganados por máis de 30 anos de docencia no eido da fraseodidáctica, afirmamos no noso traballo *Phraseme im Fremdsprachenunterricht* (Ettinger 2007: 893-908) que esta clase de exercicios formais adoitan resultar tediosos, a miúdo levan moito tempo e traballo e, alén disto, só son apropiados para desenvolver a competencia fraseolóxica pasiva ou de recepción. Na clase constatábase constantemente que os alumnos novos con memoria louzá e retentiva boa ou superior á media alcanzaban o obxectivo marcado no intre e sen moita práctica, memorizando rapidamente os fraseoloxismos que habían de aprender. Quizais estes exercicios máis mecánicos estimulen o alumno medio e sirvan de reforzo. Pero sendo realistas, tamén hai que ter en conta que o tempo dedicado á fraseoloxía na aula é limitado e que non se poden facer todos estes exercicios tan xeitosos nos cursos de lingua por falta de tempo. Para evitar a monotonía dos exercicios formais e superar o atranco da falta de tempo, hoxe en día ponse a disposición material de práctica electrónico e interactivo. Cómpre salientar o proxecto Ephras "Material de aprendizaxe fraseolóxico plurilingüe" da Unión Europea (http://www.ephras.org). Fraseólogos das universidades de Graz (Austria), Maribor (Eslovenia), Trnava (Eslovaquia) e Pécs (Hungría) elaboraron un CD-ROM de alemán, esloveno, eslovaco e húngaro con exercicios sumamente variados, que pode adquirirse contactando coa coordinadora do proxecto. Ofrécese máis información sobre este proxecto na Internet e tamén no volume publicado por Jesenšek e Fabčič (2007). Ao noso entender, este material deseñado no marco de Ephras podería aproveitarse sen problema para outras linguas (castelán, catalán, portugués e galego). Bergerová (2008) creou un material de exercicios fraseolóxicos interesante para checos nativos que están a aprender alemán, que tamén posibilita o traballo autónomo e está destinado, cunha gradación de contidos moi natural, a estudantes de primaria, secundaria e Filoloxía Alemá (http://frazeologie.ujepurkyne.com). Forment Fernández (1998) presentou unha proposta exemplar para superar os exercicios puramente mecánicos, consistente no ensino de fraseoloxismos formal e semanticamente idénticos na aula de lingua estranxeira, primeiro, e despois de fraseoloxismos con metáforas universais (http://www.ucm.es/info/especulo/numero10/did fras.html).

Coidamos que merece mencionarse tamén o proxecto da Universidade de Augsburgo: http://www.answer.uni-augsburg.de/woerterbuch/. Cómpre renderlle unha homenaxe á totalidade da investigación levada a cabo neste campo no ámbito hispanofalante, xa que nesta se retomaron e aplicaron axiña as ideas procedentes de Francia ou Alemaña, desempeñando hoxe en día unha función destacada na elaboración de libros de texto fraseodidácticos (Mellado Blanco 1999: 81-92; González Rey 2004: 113-130; González Rey 2007).

Máis esixentes que os exercicios repetitivos de tipo formal son os exercicios que traballan as relacións onomasiolóxicas dos fraseoloxismos, é dicir, as relacións semánticas entre un concepto clave, principal ou xenérico e as palabras clave ou a paráfrase do fraseoloxismo. Aínda que Galisson xa apuntou esta posibilidade en 1983, só se atopa material destas características en Bárdosi (1983/1986) e máis tarde en Bárdosi, Ettinger e Stölting (1992/1998/2003). Estes exercicios axudan a asociar mellor os fraseoloxismos dun campo semántico, así como a comprender máis claramente as pequenas diferenzas que existen entre estes. Así, por exemplo, no castelán poderían incluírse baixo o campo semántico descrito co concepto clave, principal ou xenérico /MIEDO/ todos os fraseoloxismos máis coñecidos e habituais que significan 'tener miedo'. Os exemplos seguintes extraéronse do dicionario semasiolóxico de Sevilla Muñoz e Cantera Ortiz de Urbina (2004: 90-92): *tener sudores fríos*; *tener (la) carne de gallina*; *ponérsele a uno la carne de gallina*; *tener canguelo*; *cagarse de miedo*; *estar como un flan*; *ponérsele los pelos de punta*; *tener mieditis/caguitis*; *tener más miedo que un caballo de su propia sombra*; *castañearle los dientes*; *dar un susto padre/un susto de muerte*; *dar escalofríos*; *temblar como una hoja (al viento)* etc. A seguir han de mencionarse as características comúns e as diferenzas entre os distintos fraseoloxismos. Obviamente, nestes exercicios de tipo cognitivo é fundamental a axuda dun docente con experiencia, que ofreza orientación tanto no ensino da lingua materna coma de linguas estranxeiras e lles explique aos alumnos os trazos semánticos máis sutís. Para este fin, mesmo podería volver resultar útil o semanálisis, que caeu case completamente no esquecemento (Negreanu 1979). De acordo coa nosa experiencia, os alumnos estaban en xeral máis motivados durante estas horas de práctica que durante as unidades de exercicios meramente formais. Así mesmo, o establecemento de relacións onomasiolóxicas ou ideográficas, ao que non estaban afeitos, espertaba na maioría deles un grande interese, malia algúns esforzos frustrantes e infrutuosos ao principio dos cursos. Como xa demostramos en Ettinger (2007: 900), estes exercicios onomasiolóxicos ou ideográficos poden considerarse como unha etapa previa se o obxectivo didáctico perseguido na lingua materna, pero eventualmente tamén no ensino de linguas estranxeiras, é desenvolver a competencia fraseolóxica activa ou de produción (véxase a este respecto o punto 3).

9. Por que se promove sempre precisamente na fraseodidáctica o desenvolvemento da competencia autodidacta? Algunhas propostas para aprender fraseoloxismos de forma autónoma, sen profesor nin libro de texto

Se lanzamos unha ollada retrospectiva aos traballos fraseodidácticos dos últimos 30 anos, comprobamos con sorpresa que, en diversos países e para distintas linguas, segue a demandarse que os fraseoloxismos, maioritariamente locucións, se adquiran a través da aprendizaxe autónoma. Baseándose no pasatempo inglés algo caprichoso do *train spotting* (http://en.wikipedia.org/wiki/Train_spotting), Götz (1976: 75-82) acuñou para este método o termo *idiom-spotting*. As súas recomendacións diríxense aos estudantes xermanófonos de inglés, os cales deberían recoñecer e comprender expresións idiomáticas en contextos auténticos de cara ao seu eventual uso activo. Galisson (1983:

87-160) tense ocupado intensivamente do autoestudo dos fraseoloxismos franceses, limitado tamén ás locucións. As súas recomendacións van dirixidas a falantes nativos mozos de francés e a estudantes non francófonos desta lingua. Este autor vincula o seu postulado do autoestudo á elaboración dun dicionario fraseolóxico personalizado ("la constitution d'auto-dictionnaires personnalisés d'encodage") cunha ordenación onomasiolóxica. Dada a súa experiencia neste eido, é consciente das dificultades que este método autodidacta pode presentar na práctica (Galisson 1983: 138):

> *J'ajouterai, pour terminer, que tout auto-dictionnaire à construire présente l'avantage, sur tout dictionnaire construit, de répondre aux besoins du rédacteur/consultant et de s'inscrire dans les limites exactes de sa compétence langagière. En effet, n'entame pareille tâche que l'apprenant qui y trouve intérêt et la métlangage définitoire qu'il mobilise à cette occasion ne saurait dépasser le niveau de ses connaissances acquises. Pareil outil pédagogique a donc pour lui de satisfaire à l'essentiel. Mais son maniement exige une constance et une organisation qui risquent de dissuader les velléitaires!*

En 1992 reunimos no traballo *Techniques d'apprentissage des expressions idiomatiques* algunhas das nosas experiencias docentes no ensino do francés, formulando reivindicacións semellantes ás anteriores. No prólogo dun libro de locucións francesas para estudantes xermanófonos tratamos este importante paso ("...vers l'apprentissage autonome") e escribimos verbo del o seguinte (Bárdosi, Ettinger e Stölting 1992: XXIII): "Das Erstellen eines eigenen, kleinen zitierenden Phraseologismenwörterbuch sollte man nicht von vornherein als didaktischen Utopismus belächeln - Sprachenlernen verlangt immer beträchtliche Eigenarbeit - oder als eine kaum zu bewältigende Herkulesarbeit abtun"[5]. En anos posteriores perfilamos o noso método autodidacta e estendémolo ao alemán e ao portugués como lingua estranxeira. Deseñamos a denominada folla de traballo para a comprensión das expresións idiomáticas a partir do contexto, probámola nas nosas clases de lingua e introducimos nela certas modificacións co paso dos anos. A dita folla de traballo permite, grazas ao seu formato eminentemente formalizado, descifrar e comprender fraseoloxismos dentro dunha situación comunicativa ou nun contexto escrito. No ano 1997 presentamos a folla de traballo para o alemán como lingua estranxeira (Hessky e Ettinger 1997: XXXVI-XLVI). En 2001 describimos un curso de fraseoloxía francesa (Ettinger 2001: 87-104), no que explicamos a aprendizaxe autónoma a través de exemplos concretos. En 2006 aplicamos este método de aprendizaxe ao portugués (Ettinger e Nunes 2006: 38-39):

> *Das Arbeiten mit einem solchen Merkblatt erscheint zunächst als eine Überforderung. Der Lernende sollte sich aber von dem großen Lernaufwand nicht erschrecken lassen. Im Laufe des autonomen Weiterlernens stellt sich nämlich sehr rasch eine erfreuliche Routine ein, die ein relativ schnelles Erarbeiten einer neuen Redewendung erlaubt. Es dürfte tröstlich zu wissen*

[5] Tradución: "A creación dun pequeno dicionario propio de fraseoloxismos non debe descartarse de entrada como unha utopía didáctica (a aprendizaxe dunha lingua esixe sempre un considerable traballo persoal) nin representar un traballo herculino imposible de afrontar".

> *sein, dass derart intensiv „gelernte" Phraseologismen wirklich zum sprachlichen Besitz werden, auf den man problemlos zurückgreifen kann. Einfaches kontextfreies Auswendiglernen von Phraseologismengleichungen erweist sich dagegen nach allen Erfahrungen als wenig ergiebig für die aktive phraseologische Kompetenz. Auch für eine unbedingt anzustrebende umfangreiche passive phraseologische Kompetenz kann ein solches Arbeitsblatt den Blick des Lernenden schärfen und zur besseren Verankerung im Gedächtnis beitragen*[6].

Lüger (2004: 121-169) destaca tamén a importancia do autoestudo na aprendizaxe de fraseoloxismos. Solano Rodríguez (2007: 216) adhírese ao traballo de 1983 de Gallison e propón tamén a creación dun "dicionario fraseolóxico personalizado":

> *Para su elaboración, los aprendices abrirán un fichero, tradicional o virtual, donde cada nueva unidad fraseológica será objeto de un apartado, encabezado por el lema de la unidad fraseológica, es decir, la forma con la que podría constituir una entrada en un dicionario, su transcripción fonética, la indicación de su ámbito y frecuencia de uso, las posibles secuencias homófonas, y sus sinónimos y antónimos, si los hay. A medida que progrese el aprendizaje, el aprendiz irá completando el apartado con ejemplos recogidos en documentos auténticos que contengan la unidad fraseológica. Finalmente, se reseñará las equivalencias, léxicas o fraseológicas, en la lengua materna. Poco a poco, guiado por el docente, y a medida que avance en su aprendizaje, el aprendiz irá completando su diccionario, que tendrá una doble utilidad, como herramienta de refuerzo del aprendizaje y como instrumento de auto-evaluación. El docente deberá revisar de manera periódica la evolución del mismo, como ayuda y estímulo al trabajo personal del alumno*.

Paréceme especialmente salientable o simpático libriño *De bouche à l'oreille*, escrito polo didáctico francés Montredon no renomeado Centre de Linguistique Appliquée de Besançon coa axuda dos seus estudantes estranxeiros de francés. Pedíaselles aos estudantes que tomasen nota de expresións idiomáticas usadas na comunicación cotiá, que describisen resumidamente as situacións en que estas se empregaban e que as explicasen a partir do contexto. Nos cursos de lingua pulíase lingüisticamente esta información e o profesor adoitaba completala con comentarios ou aclaracións (en cursiva). Este método digno de imitar pode ilustrarse cun exemplo (Montredon 2005: 102-103):

---

[6] Tradución: "A priori, o traballo con esta ficha descritiva pode parecer excesivo. Con todo, o aprendiz non debe deixarse intimidar polo grande esforzo que ha de realizar. A medida que avanza a aprendizaxe autónoma, xorde axiña unha agradable rutina que permite adquirir rapidamente novos fraseoloxismos. Debería resultar reconfortante saber que os fraseoloxismos 'aprendidos' intensivamente deste xeito chegan a converterse realmente en algo propio ao que se pode recorrer sen problema. Pola contra, tense demostrado, á vista de todas as experiencias vividas, que a simple memorización fóra de contexto de ecuacións fraseolóxicas é menos produtiva para a competencia fraseolóxica activa. Esta folla de traballo tamén pode agudizar a vista do alumno e contribuír a unha mellor retentiva para o necesario desenvolvemento dunha ampla competencia fraseolóxica pasiva".

> *Je parlais avec un ami qui venait de rentrer d'Allemagne. Il m'a raconté beaucoup d'histoires, mais celle que j'ai trouvée la plus intéressante évoquait le fait qu'il s'était un jour trompé de train et qu'il avait vécu à cause de ça une petite aventure. En me parlant du fait qu'il s'était trompé de train, il a utilisé l'expression:* "Je me suis mis le doigt dans l'oeil!" *Vu le contexe, j'ai compris que cela voulait dire qu'il s'était trompé de train.*
>
> *Oui,"se mettre le doigt dans l'oeil" ou "se fourrer le doigt dans l'oeil" sont des expressions familières pour exprimer le fait qu'on se trompe ou qu'on s'est trompé complètement.*

Como debe interpretarse entón este entusiasmo polo autoestudo xurdido independentemente no eido dos fraseoloxismos? Coidamos que existen dúas explicacións para este feito:

1. Por unha banda, a fraseoloxía deu pasos de xigante nos últimos anos en moitos países e ámbitos fraseolóxicos, tratándose de modo exemplar e intensivamente certas cuestións. Os fraseólogos identificaron de forma competente e minuciosa a achega semántica de locucións concretas, sinalaron a importancia das condicións pragmáticas do uso das locucións e, finalmente, investigaron exhaustivamente as tipoloxías textuais que máis abondan en fraseoloxismos (horóscopos, cartas ao director, publicidade, linguaxe dos medios de comunicación etc.). A fraseografía non puido seguir os pasos desta frenética evolución, polo que non dispoñemos en ningunha lingua dun dicionario que incorpore todos os resultados da investigación. Sen recursos fraseográficos fiables (dicionarios, bases de datos) non é posible desempeñar un labor fraseodidáctico frutífero, e o aprendiz vese obrigado a encher este baleiro mediante o traballo lexicográfico autónomo.

2. O segundo motivo posible é que ata agora as compilacións de fraseoloxismos estaban fortemente suxeitas a criterios de clasificación lingüísticos como, por exemplo, locucións comparativas, locucións con elementos únicos etc., ou que tamén pretendían abranguer todos os campos posibles onomasioloxicamente, perdendo así de vista as necesidades do aprendiz. O certo é que esta clase de exercicios non son prexudiciais para a adquisición dunha competencia fraseolóxica puramente pasiva ou de recepción, pero non responden en absoluto ás necesidades do alumno. Quen non cre nos horóscopos, tampouco estará encantado de ler este tipo de textos nunha lingua estranxeira! É importante para un falante non nativo aprender fraseoloxismos que aparecen con frecuencia nas cartas ao director? Sendo realistas, lerá moi a miúdo estes textos nos xornais ou escribirá el mesmo estas cartas? Por que unha estudante que está na flor da xuventude debería aprender un par de ducias de fraseoloxismos nunha lingua estranxeira para o concepto chave, principal e xenérico onomasiolóxico /MORRER/ ou /MORTE/? Se, en cambio, ao estudante lle interesan os deportes, sobre todo o tenis, entón *soigner son service*, *préparer son service service* (= 'preparar o seu servizo') serían dous fraseoloxismos importantes e usuais para o francés. O mesmo aplícase aos numerosos fraseoloxismos relacionados coa cociña como, en francés, *le lait se sauve* (= 'o leite reborda'), *saisir une côtelette, une viande* (= 'asar lixeiramente a carne') etc. Só o autoestudo lle permite ao aprendiz adquirir fraseoloxismos que lle interesen e se

adecúen ás súas necesidades lingüísticas pasivas, pero tamén de ser posible ás súas necesidades de produción. Para estas unidades acuñamos a expresión *Lieblingsredewendungen* (expresións idiomáticas preferidas), xa que se recorre a elas de bo grado e habitualmente, como acontece cos chistes favoritos. A folla de traballo que empregamos como punto de partida da aprendizaxe autónoma pode descargarse na seguinte páxina web: http://www.buske.de/download/Ettinger_Nunes/Arbeitsblatt_Port-RW.pdf. No apéndice do noso traballo (Ettinger 2001) está tamén a versión francesa: http://www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudiumpdf.pdf ou http://www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudium.doc. Para iniciar ou continuar o estudo autónomo han de exercitarse con moito esmero as primeiras entre 30 e 50 unidades fraseolóxicas. Nesta fase debe prestárselle toda a axuda necesaria ao falante nativo. Máis adiante debería abondar con destacar unicamente os puntos esenciais dos fraseoloxismos limitándose ao realmente factible. No transcurso dos anos demostrouse que existen catro pasos fundamentais: 1. parafrasear o fraseoloxismo na lingua estranxeira, aclarar palabras concretas, informar sobre a etimoloxía e parafrasear na lingua materna do aprendiz ou, se callar, indicar un equivalente apropiado; 2. asignar o fraseoloxismo a un concepto chave; 3. informar con detalle e precisión acerca das normas de uso; 4. de ser necesario e posible, dar indicacións sobre as restricións clasemáticas e gramaticais, sobre o rexistro e a frecuencia, así como sobre o acompañamento con xestos. As experiencias docentes de moitos anos demostran que *Todo comezo é difícil* ou, como se adoita dicir en francés, *Il n'y a que le premier pas qui coûte*. Pero pronto se desenvolve unha rutina cómoda e entón abonda con poñer a énfase nos aspectos principais de cada fraseoloxismo. Os buscadores da Internet facilitan o traballo, permitíndolle ademais hoxe a un alumno dunha lingua estranxeira adquirir moi rapidamente coñecementos sobre fraseoloxía, que mesmo poden superar a normalmente limitada competencia dialectal dun falante nativo. As unidades fraseolóxicas aprendidas deste xeito, mediante o estudo individual, permanecen máis tempo na memoria que as aprendidas de memoria cunha lista, polo que son máis fáciles de lembrar e empregar.

10. Que máis se pode facer no eido da fraseodidáctica? Propostas para futuros proxectos de investigación

Para concluír as nosas reflexións sobre a fraseodidáctica, non queremos deixar escapar esta oportunidade de manifestar dous desexos canto á súa evolución. Galisson (1983: 156) escribiu hai un cuarto de século que "Les didacticiens ont bien le droit de rêver puisqu'ils ont le devoir d'espérer".

1) O noso primeiro desexo está relacionado coa intensificación do intercambio de experiencias entre os fraseodidácticos. Ao igual que se cita recorrentemente a Bally como fundador da fraseoloxía cuxo labor investigador non foi acollido no territorio francófono senón na Unión Soviética, pasando máis tarde polos círculos xermanistas e eslavistas da ex RDA para acabar novamente en Europa Occidental, constátase tamén a falta de continuidade na fraseodidáctica, obviamente nun ámbito bastante máis modesto. Lendo certos artigos, a miúdo tense a impresión de que se volveu inventar a

roda ou a pólvora, pero noutra familia lingüística. Basta pensar na proposta de elaboración dun dicionario fraseolóxico personalizado realizada por Galisson en 1983. Burger (2005: 39) di o seguinte ao respecto:

> *Ein weniger erfreulicher Befund resultiert im Hinblick auf die Integration der geleisteten Forschung in den verschiedenen Sprachräumen. Bis vor nicht zu langer Zeit war es eine absolute Ausnahme, wenn man in einem englisch verfassten Artikel zur Phraseologie eine deutsche oder französische Publikation zitiert fand, obwohl zu genau dem behandelten Gegenstand bereits einschlägige Publikationen existierten. Umgekehrt haben die mitteleuropäischen Forscher sich von allem Anfang an bemüht, nicht nur die slawistische, sondern auch die anglistische und allgemein-linguistische Forschung in englischer Sprache zu berücksichtigen. Diese Diskrepanz hat sich seit der Gründung der "Europäischen Gesellschaft für Phraseologie" verringert, aber verschwunden ist sie immer noch nicht*[7].

Por iso é de celebrar que os *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, a través do seu intenso labor de tradución, desempeñen a sumamente importante función de intermediarios entre as linguas de Europa Central, do Norte e do Leste, por unha parte, e entre as linguas da Península Ibérica (catalán, castelán, galego e portugués), por outra; promovendo así o fluxo de información no eido da fraseoloxía, cuxos efectos chegan ata Sudamérica. Por suposto, aínda mellor sería que os investigadores fraseólogos con lingua materna lusa ou castelá aprendesen idiomas tan exóticos como o alemán ou, *horribile dictu*, o ruso para poderen ler os resultados actuais da investigación en versión orixinal.

2) A segunda das nosas peticións vai dirixida aos autores de libros de texto ou exercicios fraseodidácticos. En canto a fraseoloxía "vaia vento en popa" (= 'avoir le vent en poupe' = 'ir viento en popa' = 'sich im Aufwind befinden'), é posible vender axiña mesmo as publicacións menos logradas. Pero na lingüística un *boom* tamén pode pasar moi rápido. Pensemos só no curto tempo de vida da gramática xerativa transformacional. Sería unha verdadeira pena para a fraseoloxía e especialmente para a fraseodidáctica que non quedase publicación ningunha desta disciplina. De aí que nos pareza imprescindible que os fraseodidácticos conten cos seus propios cursos prácticos de lingua, que dean a coñecer aberta e sinceramente a experiencia e coñecementos adquiridos nos ditos cursos e que non caian en reflexións metafraseodidácticas completamente alleas á actividade docente. Unha próxima meta que alcanzar podería ser, por exemplo, lograr introducir definitivamente no ensino universitario de linguas as prácticas fraseolóxicas na forma dun módulo. Xa existen iniciativas moi prometedoras

[7] Tradución: "Unha situación menos grata é a que se deriva da integración dos resultados da investigación nos distintos territorios lingüísticos. Ata hai non moito tempo era totalmente excepcional atopar citas dunha publicación alemá ou francesa nun artigo escrito en inglés a pesar de que xa houbese publicacións relevantes sobre o tema tratado. Pola contra, os investigadores centroeuropeos esforzáronse desde o principio por ter presentes non só os traballos de investigación eslavistas, senón tamén os anglistas e de lingüística xeral publicados en lingua inglesa. Esta diferenza reduciuse desde a creación da Sociedade Europea de Fraseoloxía [EUROPHRAS], pero aínda non desapareceu de todo".

a este respecto, como demostra o libro de texto de fraseoloxía francesa de González Rey (2007). Desde a publicación da súa tese de doutoramento (González Rey 2002), esta autora ten publicado continuamente no eido da fraseoloxía (http://dialnet.unirioja.es/servlet/extaut?codigo=819415) e coñece a bibliografía máis relevante da fraseodidáctica. Ademais, o seu libro de texto *La didactique du français idiomatique* (González Rey 2007) está integramente escrito en francés, polo que pode empregarse no ensino desta lingua en calquera país. Este libro inclúe exercicios de distintos niveis sobre fraseoloxía no seu sentido máis amplo, é dicir, non só de locucións, como de costume, senón tamén de colocacións, fórmulas rutineiras e paremias. Finalmente, tamén cómpre mencionar a súa fundamentada e detallada introdución, que familiariza os alumnos coas cuestións principais da investigación fraseolóxica. Oxalá houbese libros como este para outras linguas. Como moi ben di o escritor alemán Erich Kästner: "Es gibt nichts Gutes, außer man tut es" (Non hai nada bo a non ser que se faga). Ao traballo! *An die Arbeit! ¡Al trabajo! Au travail!*

11. Referencias bibliográficas

BABILLON, L. (2001): "Übungstypologie zur Phraseologie des Französischen", en Lorenz-Bourjot, M. e Lüger, H. H. (eds.), pp. 105-124.

BARRERA-VIDAL, A., KLEINEIDAM, H. e RAUPACH, M. (eds.): *Französische Sprachlehre und bon usage*. München: Hueber.

BÁRDOSI, V. (1983): *Les locutions françaises en 150 exercices*. Budapest: Tankönyvkiadó.

(1986/1995): *De fil en aiguille. Les locutions françaises: recueil thématique et livre d'exercices*. Budapest: Eötvös Loránd Tudományegyetem.

(1989): "*Un ange passe*: Contribution à l'étymologie d'une locution", en Gréciano, G. (ed.), pp. 7-16.

BÁRDOSI, V., ETTINGER, S. e STÖLTING, C. (1992/1998/2003): *Redewendungen Französisch-Deutsch. Thematisches Wörter- und Übungsbuch*. Tübingen: Narr.

BUBENHOFER, N. (2008): "*Es liegt in der Natur der Sache*... Korpuslinguistische Untersuchungen zu Kollokationen in Argumentationsfiguren", en Mellado Blanco, C. (ed.), pp. 53-72.

BUITRAGO, A. (2000): *Diccionario de dichos y frases hechas*. Madrid: Espasa.

BURGER, H. (1996): "Sprache als Spiegel ihrer Zeit. Synchronie und Diachronie in der Phraseologie", en *Fremdsprache Deutsch. Zeitschrift für die Praxis des Deutschunterrichts* 15, pp. 25-30 ("Redewendungen und Sprichwörter").

(1998/2003/2007): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt.

(2005): "30 Jahre germanistische Phraseologieforschung", en *Hermes. Journal of Linguistics* 35, pp. 17-43.

BURGER, H.; DOBROVOL'SKIJ, D.; KÜHN, P. e NORRICK, N. R. (2007): *Phraseologie. Phraseology. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung. An International Handbook of Contemporary Research* (Handbücher zur Sprach- und Kommunikationswissenschaft, vol. 28.1 e 28.2). Berlin / New York: Walter de Gruyter. Índice de contidos en:

http://www.degruyter.de/cont/fb/sp/detail.cfm?id=IS-9783110171013-1 ou http://www.degruyter.de/files/pdf/9783110171013.pdf.

BAUR, R. S., CHLOSTA, C. e GRZYBEK, P. (1996): "Das Projekt Sprichwörter-Minima im Deutschen und Kroatischen: What is worth doing – do it well!", en *Muttersprache* 2, pp.162-189.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española* (Biblioteca Románica Hispánica, III. Manuales, 76). Madrid: Gredos.

DOYLE, C. C. (2007): "Historical phraseology of English", en Burger, H.; Dobrovol'skij, D.; Kühn, P. e Norrick, N. R. pp. 1078- 1092.

ĎURČO, P. (2001): "Bekanntheit, Häufigkeit und lexikographische Erfassung von Sprichwörtern. Zu parömiologischen Minima für DaF", en Häcki Buhofer, A., Burger, H. e L. Gautier (eds.), pp. 99-106.

EISMANN, W. (ed.) (1998): *EUROPHRAS 95. Europäische Phraseologie im Vergleich: Gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt* (Studien zur Phraseologie und Parömiologie, vol. 15). Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer,

ETTINGER, S. (1977): '"Wiederholte Rede' und Bibelsprache. Bemerkungen zur deutsch-französischen Übersetzung biblischer Zitate", en *Linguistica Biblica* 40, pp. 1-20.

(1982): "Formación de palabras y fraseología en la lexicografía", en Haensch, G., Wolf, L., Ettinger, S. e Werner, R. pp. 233-258.

(1989): "Einige Probleme der lexikographischen Darstellung idiomatischer Einheiten (Französisch-Deutsch)" en Gréciano, G. (ed.), pp. 95-115.

(1992): "Techniques d'apprentissage des expressions idiomatiques", en Dorion, G., Meissner, Fr.J., Riesz, J. e Wielandt, U. (eds.): *Le français aujourd'hui - une langue à comprendre - französisch heute. Mélanges offerts à Jürgen Olbert*. Frankfurt am Main, pp. 98-109.

(1994): "Phraseologische faux amis des Sprachenpaares Französisch-Deutsch", en Sandig, B. (ed.): *EUROPHRAS 92. Tendenzen der Phraseologieforschung*. Bochum, pp. 109-136.

(1998): "Einige Überlegungen zur Phraseodidaktik", en Eismann, W. (ed.), pp. 201-217.

(2001): "Vom Lehrbuch zum autonomen Lernen. Skizze eines phraseologischen Grundkurses für Französisch", en Lorenz-Bourjot, M. e Lüger, H. H. (eds.), pp. 87-104.

(2007): "Phraseme im Fremdsprachenunterricht", en Burger, H.; Dobrovol'skij, D.; Kühn, P. e Norrick, N. R. pp. 893-908.

ETTINGER, S. e NUNES, M. (1994): *Portugiesische Redensarten. Quiz- und Übungsbuch*. Stuttgart : Klett.

(2006): *Portugiesische Redewendungen*. Hamburg: Buske.

FERRO RUIBAL, X. *et al.* (1984): *Latín de onte a hoxe*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERRO RUIBAL, X. (2007): Recensión de LURATI, O. (2002): *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee*. Bologna: Clueb, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, pp. 305-311.

FÖLDES, Cs. (ed.) (1992): *Deutsche Phraseologie in Sprachsystem und Sprachverwendung*. Wien: Edition Praesens.

GALISSON, R. (1983): *Des mots pour communiquer. Eléments de lexicométhodologie*. Paris: Clé International.

(1984a): *Dictionnaire de compréhension et de production des expressions imagées*. Paris: Clé International.

(1984b): *Les mots. Modes d'emploi. Les expressions imagées*. Paris: Clé International.

GONZÁLEZ REY, I. (2002): *La phraséologie du français.* Toulouse: Presses universitaires du Mirail.

(2004): "A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, pp. 113-130.

(2006): "A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia para as linguas", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, pp. 123-145.

(2007): *La didactique du français idiomatique*. Fernelmont: E.M.E.

(2007a): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères - Las expresiones fijas en la didáctica de las lenguas extranjeras*. Fernelmont: E.M.E.

GÖTZ, D. (1976): *Stilistik und Idiomatik im Englischunterricht* (Linguistische Beiträge zum Fremdsprachenunterricht, Heft 2). Dortmund: Lensing.

GÖTZ, D., HAENSCH, G. e WELLMANN, H. (1997): *Langenscheidts Großwörterbuch Deutsch als Fremdsprache*. Langenscheidt: Berlin / München / Wien / Zürich / New York.

GÖTZ, D. e LORENZ, G. (2002): *Englische Idioms von A - Z. Mit Erklärungen, Beispielen aus dem Sprachgebrauch und Übersetzungen*. München: Hueber.

GRÉCIANO, G. (ed.) (1983): "Pour un apprentissage des unites phraséologiques", en *Nouveaux cahiers d'Allemand* 2, pp. 95-113.

(1989): *EUROPHRAS 88. Phraséologie contrastive. Actes du Colloque International Klingenthal-Strasbourg 12- 16 mai 1988* (Collection Recherches Germaniques, 2). Strasbourg: Université des Sciences Humaines, Département d'Etudes Allemandes.

HÄCKI BUHOFER, A. e BURGER, H. (1992): "Gehören Redewendungen zum heutigen Deutsch?", en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 21, pp. 11-32.

HÄCKI BUHOFER, A., BURGER, H. e GAUTIER, L. (eds.) (2001): *Phraseologiae Amor. Aspekte europäischer Phraseologie. Festschrift für Gertrud Gréciano zum 60. Geburtstag*. Schneider Verlag Hohengehren, Baltmannsweiler.

HAENSCH, G., WOLF, L., ETTINGER, S. e WERNER, R.: *La lexicografía. De la lingüística teórica a la lexicografía práctica* (Biblioteca Románica Hispánica, III. Manuales, 56). Madrid: Gredos.

HAUSMANN, Fr. J. (1986): "Langue de bois: Etude sur la naissance d'un néologisme" en Barrera Vidal, A., Kleineidam, H. e Raupach, M. (eds.): *Französische Sprachlehre und bon usage*. München: Hueber, pp. 91-102.

(2005): *Der undurchsichtige Wortschatz des Französischen. Lernwortlisten für Schule und Studium* (Wortschatz Lernen Französisch-WLF, vol. 2). Aachen: Shaker.

(2007): *Collocations, phraséologie, lexicographie. Etudes 1977-2007 et Bibliographie éditées par Elke Haag* (Wortschatz Lernen Französisch-WLF, vol. 4). Aachen: Shaker.

HENK, K. (2001): "Phraseologismen in literarischen Texten. Ein Unterrichtsbeispiel für Deutsch als Fremdsprache", en Lorenz-Bourjot, M. e Lüger, H. H. (eds.), pp. 179-203.

HESSKY, R. (1992): "Aspekte der Verwendung von Phraseologismen im Unterricht Deutsch als Fremdsprache", en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 21, pp. 159-168.

(2007): "Perspektivwechsel in der Arbeit mit Phraseologie im DaF-Unterricht", en Jesenšek, V. e Fabčič, M., pp. 9-16.

HESSKY, R. e ETTINGER, S. (1997): *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*. Tübingen: Narr.

IGLESIAS IGLESIAS, N. M. (2007): "Vermittlung von Phraseologismen im DaF-Unterricht für Anfänger", en González Rey, I. (2007a), pp. 71-83.

JESENŠEK, V. e FABČIČ, M. (2007): *Phraseologie kontrastiv und didaktisch. Neue Ansätze in der Fremdsprachenvermittlung* (Zora 17). Maribor: Slavistično društvo: Filosofska fakulteta.

KEMPCKE, G. (2000): *Wörterbuch Deutsch als Fremdsprache.* Berlin / New York: Walter de Gruyter.

KLAPPENBACH, R. e STEINITZ, W. (1982): *Wörterbuch der deutschen Gegenwartssprache*, vol. 6. Berlin: Akademie-Verlag.

KOLLER, W. (1977): *Redensarten. Linguistische Aspekte, Vorkommensanalysen, Sprachspiel*. Tübingen: Niemeyer.

KÜHN, P. (1985): "Phraseologismen und ihr semantischer Mehrwert. 'Jemandem auf die Finger gucken' in einer Bundestagsrede", en *Sprache und Literatur in Wissenschaft und Unterricht* 16, pp. 37-46.

(1987): "Deutsch als Fremdsprache im phraseodidaktischen Dornröschenschlaf. Vorschläge für eine Neukonzeption phraseodidaktischer Hilfsmittel", en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 16, pp. 62-79.

(1992): "Phraseodidaktik. Entwicklungen, Probleme und Überlegungen für den Muttersprachenunterricht und den Unterricht Daf", en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 21, pp.169-189.

(1994): "Pragmatische Phraseologie: Konsequenzen für die Phraseographie und Phraseodidaktik", en Sandig, B. (ed.), pp. 411-428.

(1996): "Redewendungen - nur im Kontext! Kritische Anmerkungen zu Redewendungen in Lehrwerken", en *Fremdsprache Deutsch* 15,2, pp.10-16.

(2007): "Phraseme im Muttersprachenunterricht", en Burger, H.; Dobrovol'skij, D.; Kühn, P. e Norrick, N. R., pp. 881-893.

LAFLEUR, B. (1979): *Dictionnaire des locutions idiomatiques françaises*. Bern: Peter Lang.

LORENZ-BOURJOT, M. e LÜGER, H. H. (eds.) (2001): *Phraseologie und Phraseodidaktik*. Wien: Edition Praesens.

LÜGER, H.-H. (1997): "Anregungen zur Phraseodidaktik", en *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung* 32, pp. 69-120.

(2004): "Idiomatische Kompetenz – ein realistisches Lernziel? Thesen zur Phraseodidaktik", en *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung*, Sonderheft 7, pp. 121–169.

MELLADO BLANCO, C. (1999): "Problemas específicos en la didáctica de la fraseología alemana", en Ubieto, C. (ed.): *Perspectivas actuales de la enseñanza del alemán como lengua extranjera en España*, pp. 81–92.

(2004): *Fraseologismos somáticos del alemán. Un estudio exico-semántico* (= Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation, vol. 13). Frankfurt am Main / Berlin / Bern / Bruxelles / New York / Oxford/ Wien: Peter Lang.

(2008) (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač.

MONTREDON, J. (2005): *De bouche à l'oreille. Dictionnaire des étudiants étrangers de Besançon*. Besançon: Cêtre.

NICKOLAUS, G. (1963): *Grund- und Aufbauwortschatz Französisch*. Stuttgart: Klett.

NEGREANU, A. (1979): *Exercices sur les expressions idiomatiques françaises*. Bucureşti: Editura didactică şi Pedagogică.

NEVES, O. (1992): *Dicionário das Origens das Frases Feitas*. Porto: Lello & Irmão.

PIIRAINEN, E. (2005): "Europeanism, internationalism or something else? Proposal for a cross-linguistic and cross-cultural research project on widespread idioms in Europe and beyond", en *Hermes. Journal of Linguistics* 35, pp. 45-75.

(2006): "Phraseologie und Areallinguistik", en Hallsteinsdóttir, E. e Farø, K. (eds.): *Linguistik Online* 27, 2/06: Neue theoretische und methodische Ansätze in der Phraseologieforschung. New Theoretical and Methodological Approaches to Phraseology: (http://www.linguistik-online.de/27_06/piirainen.html.)

(2007): "Locucións espalladas por Europa e máis alá", en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, pp. 173-193.

REY, A. e CHANTREAU, S. (1993): *Dictionnaire des expressions et locutions*. Paris: Robert.

SANDIG, B. (ed.) (1994): *EUROPHRAS 92. Tendenzen der Phraseologieforschung* (Studien zur Phraseologie und Parömiologie, vol. 1). Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer.

SOLANO RODRÍGUEZ, M., A. (2007): "El papel de la conciencia fraseológica en la enseñanza y aprendizaje de una lengua extranjera", en González Rey, I. (2007a), pp. 201-221.

SCHAFROTH, E. (2001): "Phraseologismen im Französischen zwischen Lernsituation und sprachlicher Wirklichkeit. Neue didaktische Perspektiven durch die modernen Medien?", en *Moderne Sprachen* 45, pp. 63-86.

SCHEMANN, H. (1989/1992): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten.* Stuttgart / Dresden: Klett.

SEIFERT, J. (1998): "In trockenen Tüchern", en *Der Sprachdienst* 42, pp. 214-218.

SEVILLA MUÑOZ, J. e CANTERA ORTIZ DE URBINA, J. (2004): *Diccionario temático de locuciones francesas con su correspondencia española* (Biblioteca Románica Hispánica, V. Diccionarios, 26). Madrid: Gredos.

STEIN, B. (1992): '"Avoir les locutions sur le bout de la langue?' – Idiome in Lehrwerken des Französischen", en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 21, pp. 140-158.

UBIETO, C. (ed.): *Perspectivas actuales de la enseñanza del alemán como lengua extranjera en España*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza.

VIGNER, G. (1981): *Façons de parler* (Collections outils). Paris: Hachette.

WANDRUSZKA, M. (1990): *Die europäische Sprachengemeinschaft. Deutsch-Französisch-Englisch-Italienisch-Spanisch im Vergleich*. Tübingen: Francke.

WIZNITZER, M. (1975): *Bildliche Redensarten. Deutsch-Englisch-Französisch*. Stuttgart: Klett.

WOTJAK, B. (1992): "Mehr Fragen als Antworten? Problemskizze – (nicht nur) zur konfrontativen Phraseologie", en Földes, Cs. (ed.), pp.197-217.

Referencias electrónicas

BERGEROVÁ, H. (2008): http://frazeologie.ujepurkyne.com. [Data de consulta: 02/03/08]

ETTINGER, S. (2001: 87-104): http://www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudiumpdf.pdf ou www.sz.uni-augsburg.de/franzphil/downloads/lehrbucheigenstudium.doc [Data de consulta: 02/03/08]
No anexo deste traballo (Ettinger 2001: 87-104) está dispoñible a versión en francés da folla de traballo.

ETTINGER, S. (2006): http://www.buske.de/download/Ettinger_Nunes/Arbeitsblatt_Port-RW.pdf [Data de consulta: 02/03/08]

FORMENT FERNÁNDEZ, M. del M. (1998): http://www.ucm.es/info/especulo/numero10/did_fras.html [Data de consulta: 02/03/08]

HALLSTEINSDÓTTIR, E. *et al.* (2006): http://www.linguistikonline.de/27_06/hallsteinsdottir_et_al.html [Data de consulta: 02/03/08]

A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseoloxía. O caso dos "dicta" populares sobre o *paseo* e a *paisaxe* [1]

Marcial Gondar Portasany

Universidade de Santiago de Compostela

A intención do texto que segue é propor unha nova ferramenta para a análise fraseolóxica, a Hermenéutica cultural, que complemente os métodos e técnicas ao uso. Para visualizar o modelo proposto utilízase o campo semántico do paseo e a paisaxe a través da fraseoloxía que xera.

Palabras clave: antropoloxía, fraseoloxía, paseo.

The aim of this paper is to provide a new tool for analysing phraseology: cultural hermeneutics, to complement the current methods and techniques. Phraseology of the semantic fields of walking and landscape is used in order to illustrate the model proposed in this paper.

Keywords: anthropology, phraseology, walking.

1. A hermenéutica cultural

1.1. Importancia do contexto no uso fraseolóxico

A primeira regra é darlle a debida importancia ao contexto. Non podemos analizar os fraseoloxismos só como tales fraseoloxismos, nin sequera considerando o conxunto deles coma se formasen un *corpus* autónomo, senón que, xunto a esta análise, debe figurar como complemento indispensable, os *contextos de uso* no que estas frases viven na linguaxe ordinaria. Analizar unha frase só por ela mesma produciría os mesmos erros que o crítico de arte que intentando estudar unha imaxe dun santo se limitase só á imaxe e considerase trazo non pertinente o feito de saber se esa figura está nun museo, nunha igrexa ou no salón dunha casa burguesa. Do contexto depende que a imaxe sexa un obxecto artístico, un obxecto relixioso ou, simplemente un obxecto decorativo. Cos fraseoloxismos pasa exactamente o mesmo: a pragmática é a que determina a

[1] Agradezo a Xesús Ferro Ruibal as súas suxestións.

semántica. O mundo dos alcumes galegos pode servirnos como exemplo. Hai algún tempo atopei o alcume *O xouba* en Rianxo (A Coruña) e en Coles (Ourense). No primeiro caso dixéronme que lle chamaban así porque era unha persoa moi viva e escapulida; no segundo, exactamente todo o contrario, porque seica era medio coitado e *sen sangue no corpo*. Ben, pois se pensamos como son as xoubas en Rianxo (á beira do mar) e como, sobre todo antes, chegaban a Ourense (zona do interior), enténdese perfectamente o por que de significados tan contrapostos.

Por sabido que esta chamada a ter en conta o contexto, non se refire só ao *tempo*, ao *lugar* e ao *para que* da unidade fraseolóxica (UF) abarca tamén as *cosmovisións* das persoas e das culturas que utilizan esas UFs. Un exemplo tirado da clínica psiquiátrica pode valer para aclarar o sentido no que uso o termo *cosmovisión*. Un psiquiatra galego relatoume a seguinte historia: cando, diagnosticando unha muller rural, comentoulle que os síntomas dos que se queixaba eran debidos á *tremenda ansiedade que esta tiña*, a resposta da paciente foi inmediata: *—Ai, señor, non. Ansia é o único que me falta!* O que na etiquetaxe clínica significa angustia e desacougo, na cultura campesiña galega supón todo o contrario: unha persoa ansiosa é aquela que ten gana de traballar, é buscadora de vida... nunha palabra, ten ganas de vivir. Se descoñecemos esas dúas formas culturais de valorar o campo semántico da ansia, estamos condenados a mal interpretar o discurso dos "outros".

1.2. Gramática do símbolo e gramática do concepto

A segunda regra é percibir que boa parte da fraseoloxía está construída coa gramática da metáfora e do símbolo; non coa da palabra e do concepto. Este novo estilo de traballar, máis que novo, profunda na regra anterior xa que tamén ten que ver coa pragmática e refírese á forma de entender o que sexa unha metáfora. Tendemos pensar, quizais porque así figura nas preceptivas literarias, que a metáfora, coma o resto das figuras retóricas, pertence á mesma clase lóxica que as restantes formas que utilizamos para describir obxectos. Eu podo pensar que se digo alguén *ten cara de bruxa* todo o mundo vai entender que se trata dunha persoa moi fea e polo tanto equivale a dicir "é unha persoa horrenda de cara": é dicir, "bruxa" e "horrenda" virían a ser sinónimos e, polo tanto, dúas formas de dicir o mesmo. Pero a realidade é que isto non é sempre así nin o é en todas as culturas: en moitas culturas, *ter cara de bruxa* non só é sinal de beleza senón de prestixio, mellor dito, é sinal de beleza porque implica prestixio. Quere dicir que estamos a traballar con dúas gramáticas distintas: a gramática da metáfora é unha gramática de símbolos, fronte á gramática de signos, que "describe" utilizando o "sentido recto" das palabras, é dicir, os "conceptos". A clave, como se ve, está nisto último: non hai unha única gramática senón dúas; e cada unha delas ten a súa sintaxe, a súa semántica e a súa pragmática propias.

Sobre esta dobre gramática cómpre facer algunhas consideracións. A primeira é que a gramática dos signos derívase ou, se se prefire, está construída sobre a gramática dos símbolos. Os conceptos non son máis que vellas metáforas petrificadas. Cando os filósofos falan, poñamos por caso, de *substancia* pensan estar a falar dun concepto (isto é, de algo puramente lóxico e, polo tanto, totalmente afastado do pensamento mítico, máxico e, mesmo, poético) que, máis ou menos, significa o que está por debaixo, o que

sostén. Pero, cando analizamos a orixe histórica deste concepto, atopámonos con que, antes de ser usado pola Filosofía tivo un uso popular, que aínda se conserva e significaba "o que mantén", "o que alimenta"; de feito, nós seguimos a falar hoxe da *substancia do caldo* ou dun caldo *con substancia*.

Se comparamos o uso culto (palabras-signo ou, o que é o mesmo, palabra-concepto) co uso popular (palabras-símbolo ou, o seu equivalente, palabra-metáfora) vemos que accedemos a dúas formas distintas de ver a realidade. Cando falamos con palabras-concepto, a realidade aparece fraccionada, xa que os conceptos, para seren conceptos, teñen que ter fronteiras (*de-finir* non é outra cousa que poñer lindeiros): e así, o "todo" non é outra cousa que a suma das súas partes ou, dito doutra maneira, a relación que hai entre as cousas é totalmente externa e superficial. Pero, cando falamos con palabras-símbolo, con metáforas, as cousas están intimamente relacionadas unhas coas outras ata o punto de que os "contrarios" non son realidades opostas e separadas por un abismo (Deus e o demo, por poñer un exemplo) senón simplemente as dúas caras dunha mesma moeda. Só desde esta lóxica distinta (a realidade vista como un todo complexo e non como un mero agregado de partes distintas) poderemos entender afirmacións coma a do refrán galego *Deus é bo pero o demo non é malo* que, olladas coa lóxica da palabra entendida como concepto, serían meras contradicións e, polo tanto, *sen-sentidos*. A linguaxe metafórica permítenos acceder ao soto da realidade, a un nivel de comprensión ao que os conceptos non dan accedido.

O coñecemento por metáforas non é, como tende o pensamento ilustrado a crer, menos perfecto ou menos evolucionado que o pensamento conceptual senón todo o contrario.

E o lector preguntarase: que importancia ten isto para a fraseoloxía? Pois nada menos que obrigala a *cambiar de chip*. A semántica convencional, cando quere explicar e facer comprensibles as metáforas, o único que sabe facer é traducilas a conceptos. O erro está en que, cando facemos iso, estamos a matar a metáfora porque o que era dinámico e vivo pasamos a velo como esclerótico e morto. É algo moi semellante ao que lle acontecería a quen pretendese captar o movemento dunha película pola vía de descompoñer a cinta nos distintos fotogramas que a compoñen e despois fixese a ecuación de que película=conxunto de fotos fixas que a forman. Este tipo de semántica non chega a percibir a existencia dunha trama, dunha historia, dunha emoción. Fronte a este tipo de semántica, cómpre decatarse de que as metáforas (no noso caso, as UFs) non se comprenden a través de conceptos senón a través doutras metáforas. Máis aínda: non son os conceptos os que explican as metáforas senón, ao revés, son as metáforas as que explican os conceptos. E isto pasa por reparar en que a realidade ten un pouso de inefabilidade que só é posible evocalo pero non definilo en conceptos. Cando, a pesar de todo, pretendemos facelo, o único que conseguimos é zugarlle a vida ao real. Pensemos, coma tal, nunha cor concreta: cando pretendemos comprendela situando a franxa cromática que lle corresponde no espectro da cor, estamos a prescindir de todas as resonancias, asociacións e suxestións que a realidade desa cor suscita en nós, na vida ordinaria e, por sabido, na nosa linguaxe. Utilizando unha expresión cara aos lingüistas, estamos a converter anacos de vida en trazos non pertinentes. Considerar non

pertinente o que, dito en romance claro, non sabemos como apreixar, non parece unha posición intelectual honesta.

1.3. Función da fraseoloxía e da tradición oral na cultura tradicional

Permítaseme aínda un par de observacións a medio camiño entre a epistemoloxía e a socioloxía do coñecemento.

As culturas letradas e eruditas utilizan as citas dos clásicos e das figuras sobresaíntes dos distintos sectores do saber como probas da solvencia do que se está a afirmar, de xeito que levar a contraria non implica só contradicir a quen fala ou escribe senón tamén á figura na que se buscou o apoio. As culturas campesiñas (e, en xeral, as culturas nas que o soporte comunicacional básico é a oralidade) utilizan para esta mesma función os refráns, as cantigas, as lendas etc.

Cada peza destes distintos xéneros literarios da oralidade ten para o nativo que a usa o peso da memoria histórica do seu pobo. É coma se toda a experiencia do pasado se concentrase en cada refrán ou cantiga e, en xeral, en calquera das outras formas estereotipadas da narrativa popular converténdoas nunha particular farmacopea de comprimidos de sabedoría. Como pasaba no mundo urbano coas citas dos clásicos, poucos serán na aldea os que ousen contradicir a sentenza dun refrán ou dunha cantiga. A pesar da súa aparencia fráxil por non dicir intranscendente e, mesmo, festiva e sen a menor conciencia temática por parte de quen a utiliza, estas UFs e elementos da tradición oral teñen tal capacidade performativa que as súas mensaxes teñen o poder de conformar o imaxinario de como debe ser a conduta ideal de quen as está a utilizar.

Esta particular capacidade para construír cosmovisións e deontoloxías que teñen as fórmulas da oralidade tradicional só se entenden se nos decatamos de dúas cousas. A primeira é a importancia que teñen os mecanismos de comunicación subliminar (toda a literatura oral funciona con este sistema) á hora de determinar a conduta das persoas. Hoxe é unha evidencia que, contra o que tendemos pensar, non é a gramática da razón e os argumentos os que determinan de facto as nosas condutas senón a gramática do sentimento e da sedución.

1.4. O referente de prestixio na cultura tradicional non é o futuro senón o pasado

A segunda cousa da que teremos que ser conscientes se queremos entender esta capacidade configuradora de mundos que teñen as fórmulas tradicionais da oralidade ten que ver coa forma de valorar a temporalidade. A diferenza da nosa, que está orientada cara ao futuro, as culturas tradicionais teñen no pasado o seu referente de prestixio. Calquera anuncio de hoxe tratará de convencernos de que o produto que promove é *a última moda*, está feito *coa tecnoloxía máis moderna* ou anticipa como as cousas *van ser no futuro*. Pola contra, cando a mentalidade tradicional quere destacar a calidade e prestixio (coma tal, dun negocio ou dunha marca comercial), o que destaca é a súa antigüidade con formulacións do tipo: *Casa fundada no 1870*. Mentres que no primeiro caso "antigo" se identifica con obsoleto, caduco e vello, no caso da cosmovisión tradicional antigo é sinónimo de fiable e con garantía.

2. Aplicación da hermenéutica cultural á fraseoloxía galega do *paseo*

2.1. A tese: os galegos de cosmovisión non urbana andan, non pasean

Para mostrar todo isto cun pouco máis de complexidade, vou utilizar o campo semántico do *paseo* e a *paisaxe* e algunha da fraseoloxía que xera.

O obxectivo desta reflexión concreta que tento que sirva de banco de probas para a teoría xeral é tentar contestar a pregunta de se o que os urbanitas entendemos por "paseo" é aplicable tamén ás culturas distintas da nosa e, nomeadamente, aos sectores non urbanos da sociedade galega ou se, máis ben, se trata dun concepto etnocéntrico que inadecuadamente aplicamos a outros que non comparten o noso universo mental coa pretensión de asimilalos á nosa maneira de mirar o mundo.

Se se me permite, ao modo dos vellos retóricos, fixarei desde o comezo a que vai ser a miña posición nesta cuestión: os galegos non urbanos "andan" pero non "pasean". Andar e pasear, se nos instalamos nunha visión multicultural das cousas e non raquiticamente etnocéntrica, lonxe de ser dúas formas perfectamente compatibles de conducirse na vida práctica (eu podo *andar* ou *pasear*) pasan a espellar dúas cosmovisións, dúas formas de estar diante da vida que, máis que complementarias son perfectamente antitéticas.

Seguindo na liña de anticipar os resultados desta miña reflexión, direi que desta tese inicial ("andar" fronte a "pasear") tírase un corolario, que se podería formular así: a "paisaxe" é unha experiencia exclusiva dos que "pasean" ou, se preferides que o diga en negativo, os galegos de cosmovisión non urbana están incapacitados para ter experiencia da paisaxe.

E remato xa con este poñer desde o comezo as cartas boca arriba anticipando unha conclusión final que é a que da sentido e aplicabilidade práctica a toda esta reflexión que vou facer: esta imposibilidade para o paseo e para a paisaxe non nace das limitacións do mundo campesiño (e demais "outras culturas") senón da incapacidade do mundo urbano, e, no caso que estou a tratar, da fraseoloxía tal como maioritariamente se practica, para acceder a unha experiencia integral da relación persoa-mundo que, como tantas veces acontece, na vez de recoñecela como unha limitación propia, proxectámola contra os "outros" como se foran eles os que tiveran o problema.

2.2. O vocabulario do *paseo*

Unha vez postas sobre a mesa as conclusións ás que pretendo chegar, só queda tratar de xustificar cada unha das miñas posicións. Comezarei por esa incapacidade para o "paseo" que estou atribuíndo ás culturas campesiñas e, en xeral, non urbanas, como aínda seguen a ser importantes sectores da poboación galega que están a vivir na máis absoluta subalternización cultural.

Basta con revisar os dicionarios das linguas románicas, non só os actuais senón tamén os históricos, para detectar que a voz *pasear* e os seus equivalentes nas distintas linguas teñen sempre entre as súas primeiras acepcións a de ser un *andar desinteresado*.

Voume limitar ao dicionario do español (DRAE), por estaren na Rede facilmente accesibles as sucesivas edicións históricas. O DRAE actual define *pasear* na súa primeira acepción como "andar por distracción" e nun dos sentidos figurados engade que significa tamén "estar ocioso. Dícese así porque quien lo está tiene más holgura para pasear".

Estas acepcións non son modernas no español. Xa as incluía o DRAE de 1791: "andar sin otro fin que el de recrearse" e "andar por diversión ó a tomar el aire ó gozar del tiempo". Formas parecidas seguen a repetirse ata o século XIX (DRAE 1817) onde atopamos: "andar poco a poco á pié, á caballo ó en carruaje con el fin de recrearse". Como se ve, o sentido de *pasear* como acción ociosa segue constante durante todo este tempo. De feito, O DRAE 1899 utiliza esta mesma expresión: *pasear* = "estar ocioso".

Se, en contraste con isto, tratamos de ver como se valora o paseo nas culturas non urbanas, atoparémonos con que se visualiza como unha práctica que está fóra do que eles entenden por estilo de vida "politicamente correcto" *para eles* e que, cando se dá en calquera membro da comunidade, tende ser xulgado negativamente.

Hai un dato complementario. Se consultamos os 26 dicionarios galegos reunidos no *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina[2] encontrámonos coa sorpresa de que a palabra *pasear* só aparece en dous deles, no de Eladio Rodríguez (que, ademais de recoller da lingua oral unha inxente cantidade de léxico, tivo a intención de incorporar moitos tecnicismos internacionais) (RODRÍGUEZ: s. v. *pasear*) e o *Glosario* de Constantino García (GARCÍA: s. v. *pasear*). O primeiro dá estas acepcións: "1. v. n. Andar a pie, a caballo, en carruaje o embarcación, por distrerse o tomar el aire. 2. v. a. Hacer pasear. 3. Llevar una cosa de una parte a otra. 4. Ir y venir repetidas veces por un mismo sitio". O segundo, que só dá a equivalencia castelá *pasear*, só o rexistra na cidade de Compostela.

Tomarei os rexistros da literatura oral (refráns e cantigas principalmente) como banco de probas da tese que estou establecendo para as xentes da ruralía galega. Con el tentarei acceder ao imaxinario que sobre o paseo e o pasear existe na súa cosmovisión.

2.3. Os materiais galegos do *paseo*

2.3.1. *Pasear* é cousa de ricos ociosos (*señoritos*). O decente é traballar

Penso que contamos xa cos instrumentos teóricos precisos para comezar a abordar o concepto e, sobre todo, a valoración do paseo na cosmovisión tradicional galega. Hai unha cantiga galega que, con esa requintada capacidade de síntese que ten o verso, expresa o punto de vista da xente rural verbo do tema que estou a tratar:

Andar éche para os pobres
Que teñen que traballar.
Pasear é cousa de ricos
Que llelo dan por folgar.

[2] Todos os dicionarios galegos que cito están consultados mediante a ferramenta electrónica (Santamarina 2003); está incluído naturalmente o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (1958-1961).

Como pode verse, a cantiga recolle o mesmo concepto de paseo que atopabamos no DRAE (pasear = folgar) pero cun engadido, por outra parte lóxico, que conecta o feito do paseo coa cuestión da clase social. Só os ricos poden pasear porque non precisan do traballo para o seu sustento.

Pero de que ricos se trata? dos da propia comunidade? dos de fóra? de todos?... Botemos man doutra cantiga que nos vai permitir seguir avanzando no discurso:

Miña nena, non pasees
Que é cousa de señoritas.
Tes que lucirte na casa
Andando pola cociña

Mentres a cantiga anterior nos dicía que os que podían pasear eran os ricos, esta aponlle esa actividade ás *señoritas*. Unindo a información das dúas vemos que non basta con ter posibles para ter dereito a pasear: cómpre pertencer a ese rango social dos privilexiados (os *señoritos*) que, no imaxinario popular, non precisan traballar porque *viven de rendas* e por iso, como a copla di, pode afirmarse con propiedade *que llelo dan por folgar*.

Inda que só tanxencialmente afecta ao que estou a falar, cómpre non perder de vista que no mundo tradicional os *señoritos* non pertencen estritamente á comunidade. Dado que a súa vida se desenvolve entre eles (sexan de dentro ou de fóra) formando un coto pechado co que a xente normal nunca entra en relación de igualdade senón de subordinación, *os de abaixo* páganlles na mesma moeda configurando unha idea de corpus social ou identidade colectiva no que a clase alta no fondo (aínda que as aparencias parezan negalo) tampouco ten cabida. Para as xentes do rural os *señoritos*, por moito que vivan na aldea, son percibidos como urbanitas porque, e non sen razón, considérase que comparten os códigos vilegos e non os rurais. Tan é así que licenzas de conduta, vestido etc. que nunca lles permitirían aos propios compaisanos, son aceptados con naturalidade cando son as clases altas as que as poñen en práctica.

A liña divisoria, asumida por uns e outros como distintivo de pertenza, que separa eses dous estratos sociais estancos entre eles é a que vén dada pola oposición traballo-ocio:

As señoritas da vila
Están moi ben nos paseios
Mellor están as da aldea
Nas bailadas do turreiro

O imaxinario popular está cheo de advertencias sobre a necesidade de xulgar a xente en relación ao traballo e non á folganza. Permítaseme traer a colación outra cantiga que é o correlato masculino da anteriormente citada *Miña nena non pasees*:

Non busques moza na feira
nen menos na romaría:
tes que atopala na casa
coa roupa de cada día.

A calidade máis sobresaínte que unha muller podía ter para un home desde os criterios da deontoloxía matrimonial era a de ser traballadora. O perigo radicaba en que o mozo,

seducido polas aparencias, esquecese o criterio fundamental de selección. Esa é a razón de por que ese auténtico almacén da manipulación social (que non outra cousa é a literatura popular) está saturado de imaxes publicitarias, basicamente de natureza oral, que enxalzan a cultura do traballo ao tempo que denigran a folganza e o perder o tempo. Da multitude de paremias, ditos e cantigas neste sentido, só presentarei unha mínima escolla cinguíndome ao xénero literario dos refráns:

Nace o home para traballar e non para folgar.
O que ten carro e muller, nunca lle falta que facer.
Traballar con tento pero sen perder alento.

Ata chegan a contrapoñerse traballo e saúde con vantaxe para o primeiro:

O traballar é virtude, o non traballar saúde.
Mellor virtude que saúde.

Con todo, a contradición é só aparente:

O traballo cansa pero non mata.

Tan importante é o triunfo do traballo sobre a preguiza que o refraneiro chega a dicir:

Mellor é traballar de balde que vivir de balde.

E facendo gala dunha ironía a medio camiño entre Sócrates e a retranca atopámonos con esta pirueta dialéctica que obriga a pararse a pensar para poder comprender:

Quen foxe do traballo, foxe do descanso.

Se ben se pensa, parece difícil descansar sen primeiro cansar. Xunto a este conxunto de proposicións en positivo exaltando o traballo como forma de estar diante da vida, atopámonos tamén cunha panoplia de dardos igualmente abundante que perseguen o mesmo fin pero utilizando o camiño de denigrar o estar sen facer nada:

Muíño parado non gana maquía.
Mariñeiro que dorme, peixes non colle.
Besta parada non fai xornada.
Camarón que se dorme, vaino levando a corrente.
Barco parado non gaña frete.
Quen folga non medra.
Dona que pouco fía, sempre fai ruín camisa.

Algunhas cantigas critican os novos tempos no que os vellos valores están cambiando:

As mociñas que hai agora
non saben lavar a roupa;
saben pasear os mozos
dunha parte para outra

As rapaciñas de agora
non saben segar a herba;
saben pasear cos mozos
coa cara chea de merda

É ben perceptible que a filosofía de fondo de todos estes estímulos consiste en ir construíndo e internalizando nos que comparten esta cosmovisión o sentimento e a convicción de que o ideal de vida para un campesiño está en converterse, por parafrasear noutro sentido a expresión heideggeriana, en *seres-para-o-traballo* onde o tempo libre máis que un ideal é un perigo porque *Canto máis un folga, máis preguiza ten*. De feito, tan adiante se leva o ataque á ociosidade que ata o imperativo do descanso dominical parece ser vivido máis como unha obriga que como un pracer:

*Para descansar, os domingos; e porque o manda *Dios.*

2.3.2. Os vellos xubilados non pasean: andan por algo e para algo

Alguén puidera pensar, como contraargumento á miña tese de que os campesiños non pasean, nesas ringleiras de vellos e vellas que, aguilloados pola insistencia do seu médico en que "paseen", podemos atopar na tarde de calquera día percorrendo os camiños das nosas aldeas. Contestaría brevemente dicindo que tales vellos non "pasean" senón que "andan". Lonxe deles ese "andar sin otro fin que el de recrearse" que o DRAE esixe para falar de *paseo*. Con só estar atentos ao tipo de conversas que normalmente teñen entre eles nesas camiñadas poderase percibir que o tema dominante de conversa, cunha monotonía que aburre, é a saúde, a influencia que tales paseatas teñen no colesterol ou na hipertensión en función das analíticas que cada quen exhibe etc. En fin, non andan para encher o ocio; andan coma quen toma unha medicina, andan para cumpriren co traballo de estar sans; andan para tentaren recuperar un chisco a saúde perdida. Andan por algo.

2.3.3. Máis fraseoloxía galega do *paseo*

Chegados aquí, seguro que máis dun lector estará sorprendido coa miña tese dado que a expresión *dar (un) paseo* existe en galego e no cantigueiro (*Fun ao serán a Leirado, / din volta por Tortoreos, / se non foran os amores / non se daban os paseos*). Tamén existe *ir ao paseo*, *irse todo en paseo*, *ir de paseo* e, por suposto *perder o tempo en paseos*, *mandar a paseo* (alguén ou algo) ou *sacar / botar a lingua a paseo* ou *tirarlle a paseo a alguén* ("tirarlle indirectas").

O P. Sarmiento xa rexistra no século XVIII a locución *facer paseo* e di que é modismo que vén do francés pero naquela época debía haber en galego outras locucións sinónimas que, aínda sendo minoritarias, perviven no século XX, como *andar de riola*, *andar de venteo*, *dar paseadas*, *dar un aire*, *dar un borde*, *dar un cudillo*, *dar un venteo*, *dar unha volta***.** E están vivos os seguintes sinónimos: *darlle ao zoco*, *tocar o zoco*, *estirar as pernas*, *ir tomar o fresco*. E, por suposto, *andar de varanda*, *ir ás mozas* etc.

Tamén se rexistra a fórmula de expulsión *mandar a paseo* que ten os seus sinónimos: *mandar* [alguén] *ao vión*, *mandar* [alguén] *ao rollo*, *mandar* [alguén] *a pasear*; e as

fórmulas *Vaite á mosca!*, *Vaite a onde foi a mai de Roque!* e mailas xa obsolescentes *Vaite á bórea!* [3], *Vaite á boria! Vaite á búcera!* [4], *Vaite á arola!* [5].

E, se das locucións imos ós refráns, acontece o mesmo. A primeira vista parece que o refraneiro ten un concepto trivalente do paseo:

Positivo:

> *A comida repousada, a cea paseada. Despois de comer, reposar; despois de cenar pasear* [este é do Bierzo galegófono]. *Gaivotas ao mar, vellos a pasear. O domingo non é pra traballar, pra oír misa e pra pasear.*

Neutro:

> *Dime con quen paseas e direiche quen es. O que non se queira manchar, que non vaia ao bulleiro pasear.*

Negativo:

> *A muller que moito pasea, non tece a súa tea. En agosto non pasearás i en decembre non embarcarás. Fillo de comerciante, paseante; e de paseante, confiscante. Irse tarde e recadar cedo todo se vai en paseo. Non hai atallo sen traballo nin rodeo sen paseo. O da aldea, pola cidá non pasea. Quen andando gana o xantar, non se adique a pasear. Xogo e paseo, sólo por recreo.*

Aínda hai outras expresións coma *andar ao fresco*, *papar a raiola*, *estar á raxeira*, que significan "saír tomar o aire fresco nas tardiñas ou nas noites de verán cando vai moita calor", actividade á que Sarmiento lle chamaba *catar o fresco*. Pero tamén se di *pillar o fresco* (*Adiós, Pepiña, / e que faguemos? / Vamos o monte / pillar o fresco?*) ou tamén *tomar o fresco*[6], que, por certo, tamén din os portugueses co significado de "saír a pasear"). Pero debo advertir que este último grupo non necesariamente implica paseo, movemento físico, acción de camiñar porque pode simplemente significar "estar sentado en lugar fresco en días de calor".

2.3.4. Valoración

En vista do dito, parece que a idea de *andar por andar* está ben documentada, de xeito que, cos datos fraseolóxicos á vista, non parece suficientemente fundamentada a miña afirmación da incapacidade das culturas tradicionais para aceptar a actividade de "pasear".

A resposta a ese contraargumento que veño de citar pasa porque o lector ou lectora teña claro que non é a miña intención dicir que no léxico galego non urbano non exista a

---

[3] Para RODRIGUEZ era expresión moi común en Compostela a mediados do século XX. Define *bórea ~ boria* como "1. s. f. Holgorio, diversión, algazara. 2. Bolsa en que llevan sus herramientas y materiales los cerrajeros que recorren las aldeas para componer enseres de cocina.".

[4] A búcera ou búzara é unha cousa desapracible ou sucia (RODRÍGUEZ s. v. *búcera*). *Co aquel de vir á verme / trasme bolos de pantrigo; / o teu pan non che m'agrada, / ¡Váite á búcera che digo!*

[5] A *arola* é unha ameixa moi pequena e de moi pouco alimento.

[6] *Cando eu era pequeno, e xa de gaiolo, nos meses do vraun, e aínda que as tarefas do campo foran suorosas e duras, ralo era o día que a xente, non se poñía a tomalo fresco na carreira* (FERREIRO 1966:132).

palabra *paseo* e, mesmo, todo un campo semántico arredor dela. Só pretendo sinalar que na cosmovisión tradicional a realidade que designa está socialmente mal vista no sentido de que ou se considera cousa allea (*de señoritos*), ou de xente que non se conduce como debera (*muller que moito pasea non tece a súa tea*) ou queren aparentar o que non son, ou non se trata dun "andar desinteresado" ou por distracción como esixe o concepto urbano. O caso da cantiga que se cita *Fun ao serán a Leirado* demostra isto último, basta reparar no verso final: *se non foran os amores / non se daban os paseos*. O mesmo se diga de expresións como *botar a lingua a paseo* na que, como claramente se ve, a intención e o interese non están para nada alleos. *Darlle ao zoco* e *tocar o zoco* teñen connotacións negativas e *estirar as pernas* ten un forte compoñente de utilidade para poder mellor traballar. O mesmo se diga de *andar de baranda* e *ir ás mozas*, *a comida descansada e a cea paseada* etc. *Gaivotas ao mar, vellos a pasear* o que sinala é a incapacidade dos vellos para un traballo produtivo: así como o normal das gaivotas é que anden no mar, o normal dos vellos é que para pouco se pode contar con eles. Quero dicir con isto que, por máis que a primeira vista o pareza, considerar estes "dicta" como expresión dunha valoración positiva parece xustificado pero no fondo non o é. Respecto a que *O domingo non é para traballar* ademais de que a práctica e outros refráns o negan, só demostraría que estamos diante dunha imposición da Igrexa e non dunha opción "desinteresada". Os que na clasificación anterior parecerían "neutros": *Dime con quen paseas e direiche quen es*. *O que non se queira manchar, que non vaia ao bulleiro pasear*, de neutros teñen pouco, porque o primeiro está dando un criterio de xuízo para coñecer as persoas; e o segundo é claramente crítico no sentido de que se un anda entre a merda empórcase. Como se ve, non se trata de que as culturas tradicionais sexan incapaces de pasear senón de como se xulga esa actividade.

A respecto desa imaxe do "traballo" da que dixen que sobredetermina toda a vida campesiña, na mesma liña do que acontecía co "paseo", puideran moitos pensar que, sendo verdade que o refraneiro eloxia a laboriosidade e critica a ociosidade (*Home ruadeiro, nin boa meda, nin bo palleiro*) sería falso considerar o labrego tradicional como unha máquina de traballar, como un ser hiperactivo, traballador compulsivo, que nunca encontra gusto en perder o tempo, en papar a breva. Fronte ao que eu afirmo, o refraneiro parece defender tamén o dereito á folganza e a non facer nada: *O traballo quer descanso*. *Sol posto, home composto; sol posto, obreiro solto*. *Sempre andar e andar sen descansar, non hai corpo que o poida aturar*. *Ao traballo acabado, descanso gañado*. *Deus fixo a noite para durmir e o día para traballar* (*~ para descansar*). *Deus fixo as bestas para descanso dos homes*. *En poñéndose o sol, acabouse o labor*. *A Nosa Señora de marzo* (25.3) *entra a merenda e mais o descanso* (os xornaleiros teñen dereito a merenda e a descanso). Mesmo para os animais: *Labra feita, bois ao monte*. *Para o carro e mexaranche os bois*. Mesmo para a terra: *Deixa descansar a terra, se queres que bon fruto dea*. E mesmo se rebelan as cantigas contra a excesiva produtividade que impuxeron os cataláns (*Catalán de Cataluña, / barbas de coello manso, / por que non dás ao galego / unha hora de descanso?*).

Coma no caso anterior dos fraseoloxismos do paseo, tamén penso que a contradición entre estes refráns que veño de citar e a miña tese do traballo e o ocio é só aparente. Todo se aclara se se ten en conta que non estou a afirmar que o campesiño se considere

a si mesmo como unha especie de "máquina de traballar"; o que si digo é que, cando falamos do mundo rural, debemos evitar o etnocentrismo de mirar o semantema "traballo" con ollos urbanos. Non se trata de que os galegos e galegas do campo estean sempre traballando (non hai corpo que o resista) senón que teñen un concepto de traballo e de ocio que é distinto do urbano. Onde nós vemos dúas actividades distintas e "discretas", *pasear* ou *traballar*, eles ven unha realidade complexa onde traballar e pasear, esforzo e diversión, descanso e actividade etc., son non dúas cousas separables senón as dúas caras dunha mesma moeda. Sen falar dos traballos comunais onde, como pronto veremos, esta complementariedade dáse en toda a súa plenitude; vénme á cabeza o comentario dun vello dunha aldea galega cando, sachando na finca, fai un alto e, como desculpándose fronte aos outros compañeiros, comenta: ─*En todos os traballos se fuma*. Claro que hai tempo para a festa e a troula pero isto está integrado dentro dunha cultura do traballo. Voume valer dunha pequena graza para explicar o que pretendo dicir. Trátase dun frade que pretende facer unha consulta ao seu confesor sobre a posibilidade de combinar rezo e tabaco e, na vez de preguntarlle se pode fumar mentres reza, o que pregunta é se pode rezar cando fuma. Como pode verse, nos dous casos as actividades a realizar (rezar e fumar) son as mesmas, o único que cambia é a óptica, a cosmovisión, na que estas actividades se sitúan.

2.3.5. Traballo e ocio na visión urbana e na visión campesiña

Unha vez que visualizamos as razóns de por que os conceptos de "paseo" e "pasear" non teñen cabida no que podiamos chamar a vida dun campesiño *comme il faut*, isto é, aquel que non quere aparentar o que non é pola vía de imitar os señoritos nin tampouco converterse nun parasito social, imos dedicar un chisco do noso tempo a revisar como é ese seu concepto de traballo que continuamente sobredetermina as súas vidas.

Os urbanitas estamos moi afeitos a categorizar o tempo en dúas clases: tempo de ocio e tempo de traballo, perfectamente definidos e cuantificados cada un deles. E así como, cando estamos en tempo de traballo, o que se espera de nós é que cumpramos coa actividade produtiva que esteamos a facer sen que teñamos que sentir por iso o máis mínimo pracer (máis ben ao revés), así tamén, cando estamos en tempo de ocio (sexan o final da xornada, fins de semana, festivos ou feiras) parece que dalgún xeito estamos obrigados a divertirnos, a pasalo ben e a "recrearnos" por máis que non sintamos unha especial necesidade. Descansar e producir, *otium* e *nec-otium* (de onde procede a nosa palabra "negocio"), naturalmente que en distintas cantidades, van marcar ata a xubilación o ritmo das nosas vidas.

Na aldea as cousas son moi doutra maneira. En primeiro lugar, e isto nesta altura da reflexión xa nos resulta familiar, porque non só non existe ningún tipo de definición da xornada laboral que a limite senón que dificilmente atoparemos momentos do día ou da semana sen traballo. Mesmo nos festivos máis sagrados, e por suposto, nos domingos, sempre haberá que buscar tempo para muxir as vacas, irlles por herba aos animais, recoller a herba seca ou facer fronte ás mil e unha necesidades imperiosas que van xurdindo ao longo da xornada. Direi máis: nesas datas festivas o que se trata de evitar é o traballo público, quer dicir, aquel que hai que facer á vista dos demais membros da

comunidade. Cando se trata de traballos recollidos que quedan agachados na intimidade da casa non existe o máis mínimo reparo en facelos.

En segundo lugar, por máis que puidera a primeira vista parecelo, o ocio e, sobre todo, o lecer e a diversión non están expulsados deste mundo do traballo que todo o permea. Calquera que teña relación coa aldea viviu algunha vez esta situación: un campesiño fai un alto no seu traballo para botar unha parrafeada co camiñante; este, vendo que a conversa se prolonga mentres o campesiño aínda ten por facer o seu labor, trata de cortala aducindo que lle está a roubar o seu tempo. En casos coma este eu recibín ducias de veces respostas parecidas a esta:

> —*Nós na aldea* [a diferenza do que pasa na vila] *somos donos do tempo. Empezamos cando nos parece, descansamos cando nos parece e arreamos cando nos parece. É certo que, se eu fago un alto agora contigo, terei que desquitalo máis tarde; pero, por enriba de min, ninguén manda no meu traballo.*

Pero, ao lado desa capacidade para planificar a duración e os *tempos* da xornada laboral introducindo nela os ritmos que mellor lles van ás persoas que teñen que levala a cabo, o traballo na aldea ten outra característica impensable no traballo urbano e de moito maior calado desde o punto de vista da calidade de vida por canto, con frecuencia, non se dá en estado puro senón que leva incorporada a festa e a diversión. Fronte a esa nidia separación entre tempo de traballo e tempo de festa que caracteriza o mundo urbano, o típico nas aldeas era que os traballos, especialmente os máis esforzados e duros do ano, estivesen impregnados dun aire de festa no que non faltaban os xogos, os cantos, os bailes, a comida extraordinaria e ata os desafíos en verso entre os participantes, sobre todo entre mozos e mozas. Nas mallas, pero tamén nas botas, nas seituras, nos carretos e en toda a serie de traballos, por veces esgotadores, nos que os veciños colaboraban uns cos outros para paliar o déficit de man de obra familiar e, no fondo, a imposibilidade económica de boa parte das familias para recorrer ao traballo asalariado, tiñan lugar unha serie de actividades e condutas festivas e lúdicas que, ao tempo que estimulaban o traballo, convertían en atractivo e desexado un acto duro e fatigoso.

No caso das mallas, por exemplo, como era normal que na contorna se celebraran varias ao mesmo tempo, establecíase unha retesía entre os traballadores dos distintos grupos de modo que os primeiros que remataban de facer o palleiro celebrábano con foguetes e ata con bombas de palenque. Por suposto que desta vitoria íase presumir con bromas e chanzas deica a próxima malla en festas e tabernas co conseguinte cabreo dos grupos que quedaran atrasados. Como é fácil ver, a broma e o xogo cumpren simultaneamente varias funcións: estimular a competitividade no ritmo de traballo, converter un traballo especialmente duro como este en algo apetecible e, ao tempo, crear ese cemento social que, como Durkheim sinalaba, é o que converte os meros grupos de asociados en comunidades.

Non era este o único acto de sociabilidade e diversión, outro elemento que non podía faltar neste tipo de traballos duros era a comida e a bebida dos *días de festa*. Canto máis esgotador fose o traballo, máis se procuraba que o compango fose o máis apetecible que o poder económico da casa permitira. Bacallau fritido, callos, carne

asada, torradas de leite e moito viño eran cousas que raramente faltaban nestes actos. Cando a casa onde se facía o traballo non podía permitirse ese dispendio, os propios veciños que lle ían axudar, con discreto disimulo, facían chegar o alimento e a bebida. Para que os nosos ollos urbanitas de hoxe se habitúen a valorar con xusteza estas auténticas vodas de Camacho e o seu atractivo e capacidade de convocatoria, cómpre ter en conta, amais do apetito e da sede que espertan traballos deste tipo, a situación de distrofia, cando non de fame declarada, que era a situación maioritaria en Galicia niso que podemos chamar os momentos floridos da mentalidade tradicional. Por poñelo en datas concretas, estoume a referir aos estilos de vida que chegan con auxe ata finais dos cincuenta, momento no que comeza paseniñamente a ir infiltrándose tamén nas aldeas a cosmovisión moderna.

Os momentos de descanso que daba a comida era cando se aproveitaba para ir introducindo outras diversións. Unha moza podía lanzar unha cantiga criticando a un dos mozos presentes e este tería que contraatacar igualmente en verso coa conseguinte algarada, risas e pullas do resto dos asistentes. Estaba tendo lugar unha regueifa ou un parrafeo. Cando un dos competidores quedaba calado ou non era quen de responder segundo as regras da arte, para evitar os apupos da concorrencia e a ollada irónica do vencedor ou vencedora, era probable que se lanzase contra o seu contrincante e o que comezara como enfrontamento verbal convertíase nunha loita física a medio camiño entre o erotismo e a broma. E como se da apertura dun valse se tratara, detrás da parella de protagonistas íanse lanzando o resto dos asistentes solteiros á súa loita particular co mozo ou moza a quen lle tiñan botado o ollo.

Por máis que tendía a ser o colectivo de solteiros, sobre todo as mozas, quen levase a voz cantante, non quedaban excluídos os casados. Unha vez máis, tamén aquí eran as mulleres as que desafiaban a mozos ou a outros homes casados ben sexa a loitar ou mesmo tamén a parrafear ou a manter unha regueifa. No caso das mulleres casadas, a medida que ía aumentando a súa idade, aumentaba tamén o descaro co que actuaban non só cando estaban amparadas polo verso senón tamén nas loitas e camballetadas cos homes entre a palla. Condutas (as das solteiras pero, sobre todo, as das casadas) que noutros escenarios serían obxecto de severas críticas parecían pasar desapercibidas neste e, todo o máis, eran obxecto de burlas intranscendentes. Como a válvula de seguridade dunha ola a presión que evita que esta estale, parece coma se a sociedade concedera unha certa patente de corso, relaxando o seu sistema de control moral co obxecto non só de mellorar a produtividade senón tamén de desinchar a presión emocional que as relacións de desigualdade de xénero (pénsese por exemplo nos casamentos concertados pola casa, de costas aos intereses dos protagonistas) impoñían sobre o colectivo das mulleres.

2.3.6. Na visión campesiña tradicional non hai nin puro ocio nin puro traballo

Despois destas pinceladas, penso que temos as claves para entender como é posible que unha colectividade poida subsistir cunha cultura do traballo que transcende todas as dimensións da súa vida. Sintetizando a resposta, teriamos que dicir que na sociedade tradicional non atopamos ocio porque non existe ese tempo de *puro ocio* como tampouco existe o *puro traballo* como estamos habituados a atopar no mundo urbano.

Ocio e traballo non son dúas actividades independentes e autónomas senón que forman unha unidade complexa; son as dúas caras dunha única e mesma moeda.

Se nós, con categorías da sociedade urbana e tal como recollen os dicionarios, entendemos que para que haxa *paseo* ten que darse un "andar desinteresado", un "andar por distracción e divertimento"; nunha palabra, que para *pasear* é condición necesaria estar ocioso, teremos que concluír que non é aplicable á cultura tradicional o concepto urbano de paseo. Por iso, un pouco a modo de *boutade*, afirmei que na ruralía galega dificilmente cabe o paseo e, a diferenza do que acontece na cidade, a maiores está mal visto.

Pero se é verdade que non existe o paseo e o ocio tal como o entendemos os urbanitas, tamén é verdade que o noso concepto de traballo tampouco coincide co deles e, polo tanto, o sentido que para nós ten ese *andar atarefado*, ese trasladarse dun lugar a outro para un fin ou interese concreto, como contraposto ao *pasear* ocioso e por recreo tampouco van coincidir. Vímolo xa no que se refire a integrar a diversión, a festa e unha certa desregulación e autonomía de planeamento no mundo do traballo.

2.4. O medio no que traballa o campesiño tradicional non é inerte; ten vida e é fonte de vida: a natureza está humanizada e o home é natureza

Imos agora analizalo noutro campo que tamén choca frontalmente contra a cosmovisión urbana: a humanización do medio e dos elementos sobre os que se leva a cabo a acción de traballar.

Partindo desa potencialidade para socializar aos individuos nas cosmovisións colectivas que, como xa sinalei, teñen as formas orais tradicionais, sobre todo aquelas que chegan a acadar o nivel da ritualización, imos partir dunha delas, neste caso dun mito bastante estendido por Galiza, que nos vai permitir entender como a sociedade campesiña galega constrúe o imaxinario que describe a relación entre os humanos e a natureza. O mito en cuestión trata de contestar á pregunta de onde veñen as cousas? Di así:

As cousas veñen do que comen.
De onde veñen os homes?
-Do que comen
E que comen os homes?
-Os animais.
De onde veñen os animais?
-Do que comen
E que comen os animais?
-As plantas.
De onde veñen as plantas?
-Do que comen
E que comen as plantas?
-Terra
De onde vén a terra?
-Do que come
E que come a terra?

-Area
De onde ven a area?
-Do que come
E que come a area?
-Xabre
De onde vén o xabre?
-Do que come
E que come o xabre?
-Pedra.

Mentres o mundo urbano parte da división entre mundo humano, animal, vexetal e mineral (os chamados tres grandes reinos da natureza) e, sobre todo, da radical *distinción* entre animado e inanimado, o mito participa dunha concepción do planeta na que todo o que nel existe comparte unha natureza común e onde unha realidade para nós tan morta coma a pedra pasa a ser a fonte da vida de todo canto existe, a gran nai de onde todo procede. Chama a atención a forma case infantil de facer as deducións tan no estilo dos tempos nos que pensabamos que era o sol o que daba voltas á terra porque así nolo dicían os nosos ollos. Chegamos a entender que se nos diga que as plantas se alimentan da terra pero que pasa coa area, co xabre e coa pedra? Basta con que pensemos que escavando na terra termina por aparecer a area e, indo máis ao fondo, o xabre e a pedra, para ver a lóxica desta forma tan inxenua de representar. Insisto nisto porque estas formas infantís, case de fillo a nai, de achegarse ao noso contorno posibilitan ter con el unha relación quente e viva tan allea a ese distanciamento frío a que nos leva (co gallo do cientifismo) a nosa maneira abstracta e mecánica de ollar.

O lector pode estar pensando que a filosofía que espella esta narración non pasa de ser un traste máis no faiado da memoria dos que a seguen a recitar pero que nunca tivo influencia ningunha nas súas vidas máis alá do valor como *historia* que se conta para entreter os nenos nas longas veladas de inverno. Nada máis fóra da realidade. Esa concepción totalmente humanizada da natureza non se limita á linguaxe do mito que comento, reflíctese nos máis variados ámbitos da vida rural. Vou comezar por algo, hoxe en total esquecemento, pero que tivo plena vixencia e aínda se conserva na memoria dos que teñen ou tiveron relación coa vida da aldea. Entre as distintas estratexias das que se podía botar man cando unha parella que quería ter fillos estaba afectada por problemas de infertilidade, ademais de acudir a *tomar as nove ondas* no mar da Lanzada, podía tamén decidir realizar o acto sexual enriba de determinadas pedras (algunhas delas aínda existen por Galicia adiante) que son coñecidas como "pedras da fertilidade" (as *petrae genitrices* dos antigos). O Padre Sarmiento dá noticia dunha que foi destruída no seu tempo "para evitar la superstición" sinalando que ían as parellas *durmir* sobre elas para daren tido fillos. A lóxica dun tal ritual permanecerá inaccesible (isto é, teremos que contentarnos con ese *sempre se fixo así* ou, o equivalente, *é cousa dos vellos* que tanto nos incomoda aos antropólogos) ata que caiamos na conta de que a pedra, na cosmovisión campesiña, lonxe de ser, como é para nós, un elemento inerte é a fonte da vida. Cando unha parella realiza o acto sexual sobre ela, a súa forza xeratriz contáxiaselles con tal potencia que é quen de arranxar os problemas que puideran ter para a concepción.

Non só neste complexo e exótico mundo do ritual se visualiza esta comuñón natureza-persoa da que participa a cosmovisión tradicional. Atopámola tamén nos espazos e momentos máis ordinarios da vida cotiá. Dous retallos da vida na aldea penso que poden bastar como ilustración. Do primeiro tiven coñecemento xa hai anos. Contábanme nunha aldea galega bastante retirada a situación dun vello só e bastante enfermo que mataba o tempo coidando de dúas pequenas viñas. O único fillo que tiña, que vivía na altura nunha vila bastante afastada da casa matriz, teimaba con el utilizando os argumentos máis variados para que deixase aquilo e fose para a súa casa. A dificultade maior que poñía o vello era que non podía deixar as viñas soas. O fillo contraatacaba alegando que non só non tiña ningunha necesidade deses cartos senón que, a maiores, estaba perdendo diñeiro. Cando ao pai xa non lle quedaba motivo ningún para xustificar a súa postura, agarrouse como xustificación definitiva a esta razón: —*É que a min as cepas fálanme.* As viñas para el non eran un *mero obxecto* do que se espera tirar rendibilidade económica ou calquera outro tipo de utilidade, eran auténticos suxeitos cos que se establecen relacións de diálogo.

O segundo retrinco tivo lugar nos días en que eu redactaba este texto. Na aldea onde vivo, a miña veciña María, unha vella labrega de máis de oitenta anos, ten a súa horta pegada coa miña. Só nos separa unha sebe de loureiros que a min me proporciona certa intimidade e a ela unha tamén certa dificultade para controlar o que eu estou a facer en cada momento. Ten ademais alí unhas galiñas das que recibo algún que outro galano cando a súa ama ten que ir ao médico, a un enterro ou a calquera das múltiples romarías ás que se ofrece e eu lle fago de taxista. Unha tarde, xa cara á noitiña, sinto berrar María con alguén: —*Putas! Que sodes unhas putas!* repetía unha e outra vez con toda claridade. —*Aí está María lidando coas súas galiñas* —pensei. No instante decateime de que iso non era posible porque a aquela hora luz xa non quedaba practicamente ningunha e as galiñas, por forza, tiñan que estar recollidas. Deixei o que estaba a facer, achegueime á sebe, como ela tantas veces facía, e por entre os loureiros vin con toda claridade o que pasaba: —*Putas! Mais que putas! Eu reghándovos a toda a hora, eu sachándovos e limpándovos a herba; e vós nin medras nin carallos! Pois sabedes que vos digho? Como sighades así, vouvos mandar a tomar polo cu!* Que que pasaba? María, coa regadeira na man, estaba a reprender as súas leitugas porque, a pesar dos coidados recibidos, parece que elas se negaban a medrar.

A conclusión que sacamos destes tres escenarios (a pedra, as cepas e as leitugas) están todas na mesma clase lóxica. A diferenza do que ocorre na cultura urbana, estamos nunha cosmovisión panhumanista na que, no espírito de Spinoza, é de aplicación o principio *Homo sive Natura*. O ser humano está naturalizado por canto establece co mundo unha relación de fraternidade, por non dicir, quizais máis exactamente, de filiación e de destino (*po es e en po te has converter*). Pero, ao tempo, a natureza está humanizada porque ten todas as calidades humanas e vitais: intelixencia, sensibilidade e ata afectividade. Cando María berra coas leitugas, cando o vello fala coas súas cepas e cando a parella fai coa pedra esa especie de *ménage à trois*, os tres están dentro dun universo mental panvitalista onde as cousas non son distintas e alleas unhas ás outras senón caras dun único poliedro.

3. Aplicación da hermenéutica cultural á fraseoloxía galega da paisaxe

3.1. Ten o campesiño tradicional experiencia da paisaxe?

3.1.1. A palabra *paisaxe* nos dicionarios

Chegados a este punto, imos dar un paso máis na nosa reflexión. Dado que o concepto urbano de "paseo" está relacionado coa distracción e co recreo e isto, á súa vez, co andar de vagar e coa contemplación desinteresada das cousas, se seguimos por ese camiño sáenos ao encontro a noción de "paisaxe". E, como fixemos co paseo, non sexa que aconteza unha manipulación parecida, imos enfrontarnos á seguinte pregunta: É a "paisaxe" unha experiencia exclusiva dos que "pasean"? ou, se se prefire que formule a cuestión en negativo: Os galegos de cosmovisión non urbana están incapacitados para ter experiencia da paisaxe?

Da mesma maneira que no caso do paseo e do pasear, tamén aquí vou comezar polos dicionarios e, nomeadamente, polas distintas edicións do DRAE. Para nada se trata dunha escolla azarosa. Así como os mapas contribúen a fixar nas mentes de quen os contempla a imaxe dun territorio e por iso teñen tanta importancia á hora de socializar entre os cidadáns a identidade dun país ou de calquera tipo de territorio, o mesmo acontece cos dicionarios. As palabras a través das respectivas definicións son como mapas mentais que van internalizando en quen as aprende o sistema de categorización do mundo que cada lingua comporta. Un dicionario é, logo, un mapamundi da linguaxe onde, con máis ou menos exhaustividade, podemos atopar a cartografía dos universos mentais e das cosmovisións hexemónicas da xente que fala esa lingua.

Falo de cosmovisións e de universos hexemónicos porque, a diferenza do que poden aparentar, os dicionarios son todo menos asépticos, non esquezamos que as Reais Academias, sobre todo as da lingua, foron creadas como un aparato máis do Estado para manteren o control dos seus súbditos. Nas aparentemente inocentes definicións das palabras acóchanse as relacións de control, xerarquización e exclusión con que o poder, utilizando a correa de transmisión das Academias, controla a realidade. E todo isto, ademais, coa forza que dá o non ser un control explícito e aberto senón *subliminar* das situacións; cando parece que simplemente estamos estudando gramática, na realidade estamos aprendendo a obedecer. A conclusión que se tira de todo isto é que quen controla o poder, coa mediación normalmente inconsciente de lingüistas e gramáticos, trata de ir configurando a nosa cabeza (sistema de valores, crenzas, actitudes etc.) en función dos obxectivos que lle interesa promover.

Se a esta luz tratamos de descubrir cal é a ideoloxía que se acocha debaixo da semántica da palabra *paisaxe* nas distintas edicións do DRAE, o primeiro que constatamos é que se trata dun termo que basicamente mantén o mesmo campo semántico ao longo de toda a historia da institución o que nos permite inferir que se trata dun concepto bastante estabilizado e isto, á súa vez, indica que os xogos de intereses en volta deste campo mantéñense basicamente estables.

En galego a palabra *paisaxe* empeza a usarse en 1872 e en textos literarios (TILGA). Nos dicionarios galegos aparece por primeira vez no de Carré (1928) en Ibáñez (1956), en Rodríguez (1961), Franco (1972), Carré (1972) e García (1985). Todos se limitan a dar a equivalencia castelá (*paisaje*) non sendo Eladio Rodríguez, que dá dúas acepcións ("1. s. m. Paisaje, extensión o porción de terreno que forma un conjunto artístico. 2. Cuadro que representa el campo, un río, un bosque, una aldea etc.") e engádelles unha digresión [7].

Entrando xa na deconstrución do campo semántico, é dicir, se tratamos de descubrir as metáforas básicas sobre as que está edificado o significado da palabra vemos que nas súas distintas edicións o DRAE está botando continuamente man de catro imaxes: a da pintura, a da mirada e a da estética.

Paisaxe como pintura:

-"Pedazo de país en la pintura" (Ed. 1832)

-"Trozo de país mas o menos extenso pintado en un cuadro" (Ed. 1869)

- "Pintura o dibujo" (Ed. 1927)

-"Pintura o dibujo que representa cierta extensión de terreno" (Ed. 1992)

Paisaxe como mirada:

-"Tambien se dice de un terreno en el que fijamos la atención" (Ed. 1869)

-"Porción de terreno que se ve desde un sitio" (Ed. 1989)

-"Extensión que se ve desde un sitio" (Ed. 1992)

Paisaxe como experiencia estética:

-"Terreno en el que fijamos la atención considerándolo artisticamente" (Ed. 1869)

-"Extensión de Terreno considerada en su aspecto artístico" (Ed. 1992)

A conclusión á que se chega despois deste percorrido cruzado no que se combina a mirada estrutural coa diacrónica é que a idea de paisaxe que estivo transmitindo a Academia ao longo das distintas edicións do seu dicionario dinos que *paisaxe* non é tanto un concepto xeográfico ou ecolóxico senón unha experiencia basicamente subxectiva que pertence ao ámbito da estética e dos valores artísticos. Pero hai un

[7] *El paisaje gallego es tan vario, tan múltiple, tan lleno de bellezas naturales y tan pródigo en matices, que en él encuentran nuestros pintores campo vastísimo para producir obras de bretemosas transparencias, como las de Francisco Lloréns; llenas de la jugosidad que campea en los rincones y paisajes de Juan Luis; abundantes de certera y campesina realidad, como los de Manuel Abelenda; ricas en tonalidades y colorido, como las de José Seijo; románticas y suaves de ejecución, como las de Felipe Bello Piñeiro; pletóricas de luz y de color, como las de Carmelo González; espléndidas de efectivo realismo en los alrededores de Ribadeo, como las de Suárez Couto; saturadas de ambiente de égloga, como las de Imeldo Corral; evocadoras de aldeanos rincones de leyenda, como las de Carlos Sobrino; plenas de vigorosa armonía, como las de Alfonso Castelao, y exuberantes de sabor racial, como las de Camilo Díaz Valiño, por no citar más que algunos de los consagrados en el paisaje gallego*.

segundo aspecto que é aínda máis importante, a saber: que esta subxectividade na que se instalan as sucesivas definicións non é a subxectividade da *acción* senón a da mera *contemplación* e do gozo estético, é dicir, non relacionados coa transformación da realidade.

Tentareime explicar. Reducir a paisaxe á contemplación implica ter necesariamente que *externalizalo*, isto é, converter ese anaco de territorio no que *fixamos a atención*, *vemos desde un lugar*, convertemos en *cadro* ou *consideramos no seu aspecto artístico* en algo distinto de nós. Por dicilo nunha palabra, implica convertelo nun obxecto, nun *ob-iacere*, en algo que está fronte a nós e que, polo tanto, é *distinto*.

Entre as múltiples consecuencias que ten converter a paisaxe en *mirada*, ou máis exactamente en marco ou cadro no que se coloca o mirado, neste caso o territorio, está a de trochar a realidade. Como é sabido, xa desde os gregos, a cultura occidental letrada ten definido o home como *animal racional*, animal en canto ten a capacidade de sentimento e emotividade, racional en canto dispón da capacidade de entender. Na vez de consideralas en plano de igualdade, a cultura hexemónica sempre seguiu pensando na estela de Platón e do seu auriga que o correcto era que a racionalidade controlara a animalidade de non ser o caso de poder eliminala (os movementos espiritualistas sempre aspiraron a converter o ser humano en *razón pura*). Agora ben, a grande meta do imperio da razón foi conseguir que as persoas mirasen toda a complexidade de si mesmas e do mundo no que habitan desde a torre de marfil das ideas.

O que veño de dicir preséntanos un problema engadido. A palabra *idea* deriva de ειδος, aoristo do verbo οράω co significado de ver. *Idea*, polo tanto significa simultaneamente "visión" e "concepto". As ideas non son máis que tipos particulares de "visión" pero que comparten a estrutura básica de toda visión, isto é, os humanos só podemos ver se se dá unha relación fondo-figura. Quere isto dicir que, para que haxa visión, ten que haber un recorte dunha imaxe sobre un fondo.

No caso desa particular visión que son as ideas, ese recorte é a *definición*. Cando eu defino, v.g., a *circunferencia* como "curva, pechada, plana, equidistante" o que estou facendo é recortar esa idea-imaxe do fondo formado polo conxunto de todas as imaxes. Agora ben, e aquí vén o problema, cando recorto algo sobre un fondo o que estou a facer é descontextualizar a cousa recortada e polo tanto estou a alterar e mistificar o seu significado.

Se quero comprender unha imaxe, supoñamos dun santo, non chega con que me limite a analizar a imaxe. Como dixen en 1.1., terei que coñecer se está nun museo, nunha igrexa, ou no salón dunha casa porque segundo o contexto no que estea vai ser unha cousa distinta. O mesmo pasa coas ideas: canto máis empeño poño en *de-finilas* (lémbrese 1.2.) máis me estou incapacitando para contextualizalas e polo tanto para entendelas. Non me resisto a dicir, inda que sexa de pasada, que esa particular paixón polo recorte que implica a definición está aínda máis exacerbada na carreira pola especialización que hoxe todo o domina e nos leva a querer saber case todo sobre case nada logrando que as árbores nos deixen sen ver o bosque.

3.1.2. Ocio e visión

Apliquemos isto á cerna da nosa reflexión. A idea de *paisaxe* concibida como "visión" e como "cadro" está a descontextualizar a paisaxe do resto da realidade pola vía de converter en "anaco" o que é un todo ou, quizais máis exactamente, pola vía de converter a propia realidade en fotografía ou en cadro, isto é, en imitación. Estamos na mesma clase de lóxica do que, contando co orixinal, preferise unha fotocopia.

Sabido é que Platón na *República* divide os membros da polis en tres grupos: os campesiños que teñen que encargarse da produción de alimentos para que a cidade poida subsistir, os soldados que teñen que defendela e os señores-filósofos aos que lles corresponde pensala. Cada un destes colectivos ten o seu particular campo de formación e aprendizaxe: os campesiños na agricultura, os soldados no campo de batalla e os filósofos na escola. A nosa palabra *escola* deriva do grego σχολή. Σχολή empezou significando "ocio" e de aí pasou a significar "escola". A razón foi que para Platón os filósofos debían estar preocupados unicamente polo saber e este acadábase a través da contemplación e da visión pura sen ter ningún contacto co mundo dos intereses e das paixóns. Os que a tales cousas se dedicaban, os non-filósofos, dicíase deles que malgastaban a súa vida nos negocios (*nec-otium*).

Interésame destacar esa conexión entre ocio e visión porque nos dá a clave para facer explícitas as esixencias que leva consigo o concepto de paisaxe da cultura urbana. O perfil de actitudes que Platón esixía para os filósofos foi pouco a pouco converténdose en cosmovisión da sociedade urbana no sentido de que a imaxe do señor-filósofo se converte no ideal proclamado (pero non levado á práctica) ao que todos os cidadáns deben aspirar. De aí que se á luz desta filosofía de fondo volvemos a considerar as calidades que fomos detectando na forma de conceptualizar a paisaxe veremos que tanto o presuposto do ocio como o da limitación-imaxe-definición que atopabamos no mundo grego volvemos a atopalos aquí.

3.1.3. Están os galegos de cosmovisión non urbana incapacitados para ter experiencia da paisaxe?

Contamos xa con todos os datos para podermos responder a pregunta que liñas atrás formulei: están os galegos de cosmovisión non urbana incapacitados para ter experiencia da paisaxe? A resposta, unha vez máis, vai ter que volver a ser afirmativa. Se diciamos que o imaxinario do traballo está sobredeterminando o conxunto das actividades da súa vida o que significa que na súa cosmovisión non hai cabida para unha cultura do ocio como experiencia positiva e, ao tempo, que a totalidade (e non a partición) é o preconcepto desde onde se mira todo, é obvio que teremos que concluír que a experiencia urbana da paisaxe non só está fóra senón que é antagónica da cosmovisión tradicional da sociedade campesiña galega.

Dicir que a cultura campesiña non dá cabida para a contemplación da paisaxe non significa que non teña acceso ao mundo da emoción estética. O que acontece é que, coma nos casos anteriormente analizados, teremos que buscar "por detrás" dos conceptos urbanos correspondentes. Quérese dicir: teremos que partir das súas propias

experiencias e imaxinarios e non seguir empeñados en mirar o seu mundo coas nosas lentes.

Para nós, os urbanitas, como estivemos a ver, a paisaxe é unha "representación" da natureza, unha construción da *imaxinación* (non esquecer que deriva de imaxe) que paulatinamente se vai facendo "memoria" ben a través da obxectividade de cadros, fotografías, filmes etc., ben nos xogos imaxinarios de cada un de nós no arcano da súa subxectividade. É interesante que non perdamos de vista a conexión que hai entre o concepto urbano de paisaxe e o que moitas veces se ten denominado *as potencias superiores do home*, isto é, vista, memoria e intelixencia.

3.1.3.1. Inciso verbo da racionalidade e a emoción; da realidade e a idea de realidade

A miña tese vai ser, utilizando a clásica dicotomía platónica, que na cosmovisión da cultura campesiña galega (e, en xeral, nesas que moitas veces etiquetamos como culturas tradicionais) non é a racionalidade senón a animalidade a que sobredetermina a súa forma de relacionarse co mundo. Direino con máis precisión: invertendo o modelo platónico do auriga, non é a razón a que controla as emocións senón que é o mundo das emocións (afectos, desafectos, temores, odios, ilusións, frustracións etc.) o que actúa como condición de posibilidade e de exercicio dos esquemas e dinámicas da racionalidade. Non se perda de vista que, a diferenza da tese que veño de enunciar, o estereotipo máis estendido do urbanita sobre o campesiño tende a pintalo (pero ás veces con certos disimulos e maquillaxes) como a encarnación da animalidade en estado puro.

Cando un urbanita quere criticar a falta de racionalidade dun campesiño, é posible que utilice unha chuscada chauvinista como afirmar que as xentes da aldea teñen un tipo de comportamento semellante ao daquel individuo ao que lle concedían calquera cousa que pedise, cunha única condición: tiña que aceptar de bo grado que ao seu peor inimigo lle desen o dobre; e o que pediu foi quedar chosco, porque con isto conseguía que o seu peor inimigo quedase cego. O interesante da chuscada (como debe pasar con toda caricatura ou estereotipo que aspire ao éxito) é que ten unha non pequena parte de verdade. O que non é verdade, en cambio, é a conclusión que o urbanita tira de que unha tal conduta é clara demostración de estar instalado no absurdo, na falta de lóxica, se se me apura, case que nos límites da demencia. Vamos ao caso: por que o urbanita critica o paisano por pedir o que pediu? Que debía pedir logo? Con seguridade, de ter pedido unha inxente suma de diñeiro, sería xulgado como persoa absolutamente cabal. E, non obstante, o entrar en posesión de tal cantidade de cartos, seguro que afectaba á súa forma de ver o mundo. O urbanita estaría de acordo con esta conclusión e diría que ese cambiar a forma de ver lle traería claras vantaxes. A verdade, en cambio, parece moi outra. A pouco que o pensemos, ese pasar repentino e sen preparación ningunha do case nada a ter case todo provocaría que os esquemas de conduta cos que xestionaba a súa antiga vida, apenas lle servisen na nova situación. E non lle parece a quen lea, que, pedindo o que o urbanita quería, o noso paisano ía quedar verdadeiramente chosco, se é que, ao dereito, non quedaba cego?

Que diferenza hai, se é que hai algunha, entre o desexo que probablemente manifestaría o urbanita e o que, segundo a historia, amosou o paisano? A diferenza básica está en que mentres o urbanita faría a súa petición desde un esquema *abstracto* e *alleo*, o paisano da nosa historia móvese nun mundo *concreto* e *propio*. O urbanita cando toma a súa decisión cre que o move a razón; quere dicir, pensa estar tomando un camiño non guiado por prexuízos subxectivos senón obxectivamente demostrable. O problema está en que, a pesar do que se nos quere facer crer, a razón non é o xuíz en última instancia que decide a verdade ou falsidade dunha proposición ou dunha conduta. Fronte ao que tantas veces se di, a Ilustración burguesa nunca foi quen de cumprir a súa promesa de cambiar a fundamentación do mundo e pasar dun cosmos baseado na fe a outro baseado na razón. A *deusa Razón* non trouxo consigo a desaparición da fe senón o cambio da fe teolóxica pola fe filosófico-económica. Inda que non é o momento de meterse con detalle (Gondar 2003) neste tópico, só quero sinalar que a Razón non é fundante senón fundada. Necesita inescusablemente apoiarse nuns presupostos que non poden ser obxecto de demostración e que só cabe aceptalos ou non aceptalos pero sempre de forma acrítica. Neste sentido digo que o proceso racional precisa sempre apoiarse nunha *fe* por máis que se lle dea o pomposo nome de *sistema axiomático de orixe*.

No mundo medieval (a través do sistema de dogmas, de ritos e de normas) todo estaba pensado para controlar as conciencias dos *súbditos* de xeito que se xerase o sentimento de pecado cada vez que as condutas camiñaban por vieiros distintos. O *sistema axiomático de orixe* (neste caso, a existencia de Deus) era unha realidade externa e allea á materialidade dos seres humanos; de aí que todos os esforzos estivesen encamiñados á condena-domesticación-eliminación do corpo. No mundo clásico e no moderno (un en loita contra os mitos e outro en loita contra os dogmas) todo está pensado tamén para controlar as conciencias dos *cidadáns* pero a través dun sistema axiomático de orixe: a *crenza* na *idea* de Razón. Mentres, no caso anterior, tratábase de que os desviados se sentisen pecadores, o obxectivo agora é que se perciban como *irracionais*. Imos preguntarnos: que implica esa crenza na Razón? Ou, quizabes máis precisamente dito, en que Razón se pretende que creamos? Para empezar nunha Razón estritamente *formal* ou se se prefire *abstracta*.

Valereime da comparación co concepto burgués de *Democracia* para explicar o que quero dicir. Coma na vella fábula de Esopo na que o pastor, desdicíndose da promesa que acababa de facer, dille ao raposo que non vira pasar por alí a galiña ao tempo que lle estaba a facer xestos sinalándolle onde estaba agochada, a sociedade moderna está chea de grandes palabras que non lle importa contradicir coa práctica. É que alguén pode pensar que a sociedade capitalista ilustrada é o *reino* da liberdade, da igualdade e da fraternidade? É obvio que ninguén se atreve a dicilo. O que si se di, en cambio, é que estes principios, por máis que aínda non sexan realidades en acto, son *ideas reguladoras* (*Kant dixit*) que, a modo de pedagogos sociais, están a tirar das condutas desviadas para que, pouco a pouco, se vaian achegando a este ideal de perfección.

Pero non deixa de ser curioso que, ao tempo que (cando nos poñen contra as cordas) recoñecemos a *aínda non* realidade destes grandes principios de Occidente, cando se trata de xustificar as desfeitas e masacres coas que reaccionamos cando algún país

pertencente a *outra civilización* ousa entremeterse nos nosos intereses máis mesquiños (petróleo, control xeopolítico etc.), non temos reparo ningún en acudir ao *principio democracia* e a todo ese conxunto de satélites que leva no seu campo este planeta: xustiza, liberdade, solidariedade... e, por sabido, tamén *tolerancia*.

A incoherencia non está só no escamoteo de converter *intereses* en *principios* (queremos o petróleo pero dicimos que queremos a democracia) senón nas dúas varas de medir que utilizamos cando falamos de democracia. Mentres exculpamos a violencia, manipulacións e fallos da cultura occidental argüíndo que (como pasa nalgunhas páxinas web) esta está aínda *en construción* (e así seguirá ata o fin dos séculos, pois para iso é unha idea reguladora), cando se trata de xulgar as condutas violentas dos outros, non só escamoteamos o que moitas veces teñen de resposta a toda a restra de provocacións previas que nós fixemos senón que, sobre todo, facémolo desde un concepto de *democracia completa* que, caso de ser aplicado aos nosos actos, non habiamos saír mellor parados.

Por todo isto, ao modo socrático, quero facer unha pregunta: Áchase que é posible que na sociedade capitalista exista a democracia e, con ela, eses filliños seus como a xustiza, a tolerancia etc.? E conste que non quero preguntar se existe a *democracia completa* (ao modo daquela Palas Atenea que saíu xa armada, con casco e todo, da cabeza de Zeus) senón, ao menos, esa *democracia en construción*, ese meniño de teta que está aínda por criar. Fago esta pregunta porque é difícil pensar que un sistema económico que ten a súa alma feita de desigualdade e competencia sexa compatible cos principios da igualdade, da solidariedade e da tolerancia. E se as cousas son como eu penso, *Quibus prodest?* a quen aproveita un sistema ideolóxico que di acreditar na igualdade e demais boas palabras cando as prácticas de cada día están a negar a toda hora eses mesmos principios? non será que os chamados grandes valores de Occidente non pasan de ser habelenciosos *artificios contables* que, máis que para ir guiando e mellorando as nosas condutas desviadas, serven para, aplicándollelos aos *outros*, permitirnos seguir acumulando beneficios económicos?

Volvendo ao noso tema da Razón. Así como, no caso da Democracia, todas as mistificacións sinaladas derivan do feito de que a cultura hexemónica non traballa coa *realidade* da democracia senón coa mera *idea* de democracia, o mesmo pasa coa Razón. A cultura occidental tanto na época clásica como na ilustrada, non se fundou na *realidade* da Razón senón na mera *idea* de Razón. Agora ben, cómpre non esquecer que para os ilustrados, o mesmo que para os gregos, as ideas son puras *formas baleiras* (ou por dicilo na linguaxe da que eles gustan, *abstractas*) e polo tanto pódense encher dos contidos que máis nos interesen sen que perdan a súa perfección formal. Se se me permite baixar do ceo á terra, direi que lles pasa coma aos chourizos: sempre manterán o seu aspecto externo independentemente de con que estea feita a zorza que se meter na tripa.

Agora ben, esas formas baleiras que constitúen as definicións nin sequera están construídas en función dos intereses da colectividade (antes falei de como as Reais Academias, por suposto que tamén a da Lingua, son un instrumento ao servizo do aparato do Estado e dos seus adláteres) senón dos pequenos grupos que controlan o

poder e que se esforzan por disfrazar de vantaxes para a colectividade o que na realidade non son máis que os intereses deles mesmos. É por todas estas razóns polas que dixen que o imperio da Razón, ideal supremo de conduta que os Estados e os grupos de presión tentan por todos os medios de internalizar nos seus cidadáns, ao que no fondo leva é a instalar os seus adeptos non só nun esquema baleiro (abstracto) senón tamén alleo ao que son os seus intereses reais.

3.2. Na cultura tradicional é o mundo das emocións o que posibilita o exercicio da racionalidade

Unha vez que vimos a onde conduce esa animalidade domada pola racionalidade, ideal de Paideia desde os gregos ata hoxe, que constitúe o paradigma de referencia da cultura urbana, imos pasar a analizar esa miña hipótese de que na cosmovisión campesiña (e, en xeral, nas chamadas culturas tradicionais) as decisións non se toman desde un mundo abstracto e alleo senón *concreto* e *propio* de xeito que non é a razón a que controla as emocións senón que é o mundo das emocións (afectos, desafectos, temores, odios, ilusións, frustracións etc.) o que actúa como condición de posibilidade e de exercicio dos esquemas e dinámicas da racionalidade.

Como pretendo falar de estilos de vida considerados *canónicos* dentro dunha determinada cultura e para non cometer un paraloxismo na miña argumentación que confunda normas con comportamentos, non vou partir das condutas reais dos protagonistas senón do sistema de símbolos e valores considerados correctos pola comunidade, isto é, do que podiamos chamar a súa deontoloxía cultural, a súa Paideia. E, dado que o sistema simbólico e valorativo, é dicir, a cosmovisión das culturas tradicionais, atópase fundamentalmente na súa tradición oral, dela me vou servir para descubrir o seu paradigma moral de referencia.

3.2.1. Na cultura tradicional non son separables territorio e vida

Dado que a nosa pregunta de partida nesta parte da reflexión segue a ser (fuxindo dese etnocentrismo tan propio dos urbanitas de querer aplicar a outras culturas conceptos da súa) tratar de buscar dentro da cosmovisión campesiña cal sería o equivalente cultural a iso que os urbanos chamamos paisaxe, vou comezar tomando como referencia a forma que eles teñen de entender ese segmento do territorio que é o *bosque*. A maioría dos nosos concidadáns sen dúbida serán dados a pensar que un bosque non pasa de ser un territorio no que crecen árbores e, segundo o tipo de árbore, así será un piñeiral, un souto, unha carballeira etc. Cústanos pensar que para as dúas terceiras partes das culturas que hoxe hai no mundo unha tal visión do bosque sería totalmente superficial e pobre. A diferenza da cultura occidental urbana, para a maioría dos humanos non occidentalizados as árbores teñen, cando menos, tanta *vida biográfica* coma as persoas e, a miúdo, moita máis que as persoas. Son moitos os pobos que consideran o bosque como o seu deus e o seu pai. Os mbuti, coma tal, que habitan na selva ecuatorial do Congo, cren que os seus fillos comezan a vivir cando, co primeiro alento do neno, o vento do bosque penetra nos seus pulmóns. Polo contrario, un mbuti morrerá cando, co seu último suspiro, o vento da súa alma retorna ao bosque. Noutras culturas en cambio o bosque é percibido como o espazo do mal: e, nese caso, é o equivalente ao noso reino

dos demos ou, dito con precisión, o bosque non só é o reino do Mal senón a propia encarnación do Mal. Cando este é o caso, respirar o vento do bosque vai provocar enfermidades e, mesmo, a morte.

Non pensemos que unicamente fóra da cultura occidental é posible atopar estas visións humanizadas do bosque. Na propia cultura galega contamos con mitos que rompen totalmente con esa visión puramente mecanicista da realidade que caracteriza o mundo occidental de cosmovisión urbana. Véxase como exemplo do dito este mito recollido na aldea da Balsa (Triacastela) onde se nos narra unha auténtica cosmogonía na que un tipo de bosque, as carballeiras, cumpren, case ao pe da letra, a función de *umbilicus Mundi*:

> *DE ONDE VEÑEN AS CARBALLEIRAS?*
> *No principio do mundo só había pedras, despois viñeron a chuvia e o vento. A chuvia ao ir mollando as pedras foinas abrandando pouco a pouco. Das pedras marelas naceu o xabre, das pedras vermellas o ferro, das pedras brancas a area e das moitas pedras negras que había foi de onde se foi formando a terra.*
> *Como xa había terra no mundo, Deus deixou caer unha semente na cima do Monte Calvario e desa semente naceu o primeiro carballo, alí, na cima do Monte Calvario. Os fillos dese carballo formaron unha gran carballeira no mesmo lugar onde había morrer Cristo. O vento foi levando as sementes daquelas árbores por todo o largo do mundo e foi así como toda a terra se foi enchendo de carballeiras que foron as primeiras árbores que existiron de todas cantas hai.*
> *O demo que axexaba desde o inferno o que Deus facía no mundo tivo envexa de todas aquelas árbores e, non querendo ser menos, plantou pola terra adiante sementes doutras árbores e tamén fixo aos porcos aos que lles mandou que comeran as landras e así foron acabando cos carballos do mundo. As árbores que sementou o demo duran moitísimo menos que os carballos, de feito moitos dos carballos máis vellos que agora existen son daqueles tempos nos que aínda non había homes sobre da terra.*
> *Vendo o demo que os porcos non daban acabado cos carballos mandou a moitos demiños que ata o de agora viviran con el no inferno a que fosen vivir debaixo dos carballos para que lles mexasen ao pe (o mexo de demo é máis cativo que o peor dos solimáns) e a ver se así podía acabar coas carballeiras. Aqueles demiños tiveron moitos fillos que tamén quedaron a vivir alí; gústalles esta vida porque así poden andar ceibos e, ao estar lonxe do demo maior, non teñen que aturar as súas encomendas; de feito, cando volveu por eles e quixo levalos de novo para o inferno escapábanlle e non houbo maneira de que fosen para aló.*
> *Un día apareceron os homes no mundo e, claro, tiveron que vivir entre as árbores porque era o único que había; os demiños (daquela xa estaban bastante enfrontados entre eles porque había varias familias) uns axudábanos e outros trataban de facerlles mal, cuns e con outros fóronse xuntando os homes. Os que se arrimaron aos malos pronto*

> *souberon das meiguerías que se poden facer coa casca do carballo e coas hedras que lles nacen polo tronco arriba, as bruxas máis vellas aínda falan hoxe deses encantamentos que antes se podían facer cos carballos. Os demiños bos, como querían que Noso Señor lles perdoase e así poder volver para o ceo, aprendéronlle á xente como colgar as súas maldades nas ramas dos carballos e así librarse delas e facerse bos. Foi así como os carballos de todo o mundo se foron cargando de crimes, de roubos e de calumnias.*
> *Cando Cristo veu á terra para que o mataran, a cruz na que o puxeron estaba feita daquel primeiro carballo que Deus sementara no monte Calvario e, no momento de morrer, a súa virtude pasou a todos os carballos e limpounos da carga de maldades que os homes lles foran botando enriba, por iso hoxe todos os carballos son bos, a súa sombra é boa e só serven para facer o ben.*

Para entender o talante con que cómpre achegarse a cosmovisións como a que este mito espella, penso que pode ser de utilidade traer á memoria un comentario gastronómico de Cunqueiro onde falando das filloas di que estas deben ser "da cor con que Piero della Francesca gostaba pintar os seus anxiños". Quen sexa capaz de achegarse así a unha filloa, cando a cate non percibirá unicamente o sabor da mestura de fariña, leite e ovo senón que estará a saborear ao tempo toda a obra de Piero della Francesca. A cultura campesiña galega adopta, inda que a nivel moito máis profundo, unha óptica parecida para ollar a realidade e, concretamente, iso que os urbanos chamamos paisaxe. O que para un urbano é "paisaxe", coas características que xa vimos, para un campesiño non é nin sequera territorio senón "terra" ou, sendo máis preciso "Lebenswelt", mundo vivido.

O territorio para os xeógrafos é "unha porción da superficie terrestre", "o espazo onde se actúa", "o terreo no que se vive" etc. Para un campesiño, esa distinción entre espazo e vida non ten sentido ningún. Só unha cosmovisión que está edificada sobre a abstracción leva a facer estes distingos. Cando, como é o caso das culturas rurais, as vivencias se constrúen desde a totalidade e non desde a partición, a *terra* convértese nunha parte da persoa. Son distintas caras dunha única realidade.

3.2.2. Na cultura tradicional a vida é máis ca o experimentable, medible e pesable

A *vida*, tal como a entende un campesiño, tampouco coincide co imaxinario urbanita. Desde a cultura urbana moderna, a realidade, o *mundo vivido*, remata no *experimentable* e isto, á súa vez, identifícase con todo aquilo que se pode *medir* ou *pesar*. O demais pertence á imaxinación ou, nos casos extremos, á alucinación. Cando un urbanita sente falar, coma tal, de alguén que di que viu a Santa Compaña, seguramente dirá que ese tal está fantasiando, que non está no campo da "realidade" senón noutro. Un paisano galego dos que aínda cren en tales cousas está convencido de que a Compaña é tan real coma a encrucillada desde onde a viu pasar. De feito, cando alguén lle leva a contraria, pode responderlle: —*Non é conto, vina eu cos meus propios ollos!* Para el trátase dunha vivencia totalmente empírica.

Detrás deses dous conceptos de empiria (o urbano moderno e o rural) simplemente están dous preconceptos ou *pre-xuízos* distintos. Mentres para un urbano só é real o que é material, o campesiño galego de cosmovisión tradicional está convencido de que a realidade non é só material senón tamén inmaterial. Dixen liñas atrás que a Razón, a pesar da súa pretensión de ser autofundante, sempre ten detrás unha crenza que non pode ser obxecto de demostración (o sistema axiomático de orixe); o pre-xuízo do científico e o do campesiño pertencen á mesma crase lóxica e, como acontece cos paradigmas, son inconmensurables entre si. O non aceptalo así leva a etnocentrismos gnoseolóxicos do tipo do que os críticos literarios adoitan cometer cando etiquetan como *fantásticas* ou *máxicas* certas literaturas sudamericanas e galegas que toman a súa inspiración das fontes populares. Desde a posición que estou a defender, non cabería falar delas como literaturas que van máis alá da realidade. Simplemente se trata de que as culturas dos pobos nos que beben teñen un concepto de realidade máis amplo que o noso. Se se pretende poñer etiquetas, a única acaída para estas culturas e para estes autores sería a de hiperrealistas. Outra cousa é que esa realidade máis ampla teña capacidade liberadora ou potencie a submisión e a *fuga mundi*. Iso vai depender de circunstancias que non teñen nada que ver coa "amplitude" da realidade. De feito, dentro dese tipo de literaturas, como dentro dese tipo de culturas na que se inspiran, podemos atopar autores, obras e individuos que representan as máis variadas posicións.

3.3. Na cultura tradicional *paisaxe* é o mundo vivido, o territorio humanizado

Sintetizando o dito, vemos que o equivalente funcional na cultura campesiña do que os urbanitas chamamos *paisaxe* sería o "mundo vivido". Mentres para achegarse á paisaxe é preciso o "ocio", a "contemplación" e, en última instancia, a radical separación entre o "suxeito" que contempla e o "obxecto" contemplado, entrar no territorio do "mundo vivido" implica decatarse de que estamos diante dunha gramática, dunha semántica e dunha pragmática fundamentalmente distintas da urbana.

3.4. A cultura tradicional funciona cunha gramática diferente da urbana: síntese e non análise

Digo que estamos nunha gramática distinta por canto non funciona por análise senón por síntese. Por dicilo cunha metáfora, non se trata de, para entendelo, descompoñer o texto en parágrafos, frases, palabras, sílabas e fonemas senón, seguindo o camiño inverso, de integrar os compoñentes dispersos de xeito que se vaian articulando como aspectos e dimensións dun todo común.

Quizabes pensará alguén que o mellor argumento para negar o que estou a dicir é esa infinita ansia por encher o territorio de lindes e marcos que se visualiza no endémico minifundio do país. A resposta está en que as totalidades das que falo non teñen nada que ver con ese imperialismo expansivo a que nos ten habituados o proceso globalizador do presente senón con totalidades a nivel humano. Como é sabido, na aldea o que outorga identidade non é o individuo senón a familia ou, dito na terminoloxía que eles empregan, a "casa" de onde se procede. De aí ese —*E logo ti de quen vés sendo?* que se utiliza cando tratamos de identificar alguén.

3.5. A cultura tradicional funciona cunha semántica diferente da urbana: símbolo e non signo; metáfora e non concepto; emoción e non razón; sedución e non argumentación; relato e non discurso

Estamos tamén, ademais da gramática, dentro dunha semántica distinta por canto non se utiliza o signo senón o símbolo. Non é o concepto senón a metáfora o instrumento comunicativo co que se constrúe o sentido. O resultado é que o xénero literario co que disenten, convencen e soñan, nunha palabra, co que se comunican non é o discurso senón o relato. O campesiño non argumenta, seduce. Basta repasar toda a súa literatura de tradición oral, reflexo do seu estilo de habitar o mundo, para caer na conta de que todo (persoas, animais, plantas, cousas ou territorio) está tratado non como obxecto senón como suxeito. Non é a razón abstracta a que liga e relaciona as cousas senón os afectos e as emocións.

3.6. A cultura tradicional funciona cunha pragmática diferente da urbana: razón concreta ou práctica fronte a razón abstracta ou pura

Quere isto dicir, como moitos pretenden, que a súa forma de vivir a vida se sitúa na irracionalidade e no puro mundo emocional? Responder a iso pasa por caer na conta de que, amais da gramática e da semántica, as culturas tradicionais móvense nunha pragmática tamén distinta á da hexemónica urbana. Se preguntarmos a un defensor desa razón abstracta e baleira da que estiven a falar por cal é a utilidade do chamado discurso racional fronte a outras formas de comunicación, con seguridade hanos dicir, moi no estilo dos vellos gregos que defendían a necesidade de pasar da Δόξα ao Λόγος, que a vantaxe principal está en que, a diferenza doutras formas que só son quen de xerar simples opinións infundadas, esta permítenos irnos achegando á verdade, cando non alcanzala definitivamente. O problema está en que, en coherencia con eses dous xeitos de entender a razón dos que veño falando (*Razón abstracta ou pura* e *Razón concreta ou práctica*) cabe tamén distinguir dúas formas de entender a verdade: desde a teoría e desde a práctica. A *verdade teórica*, máis alá do que os seus defensores presumen, non é outra cousa que a simple coherencia lóxica, isto é, a non contradición entre conceptos baleiros. A *verdade práctica* non se decide a modo de conclusión de siloxismos senón polos froitos que produce. O vello refrán español *Obras son amores y no buenas razones* proporciona unha guía de conduta bastante clara para chegar a un tipo de verdade que, parafraseando a Marx, non se converta en fetichismo da Razón. O refraneiro galego concorda plenamente con esta forma de analizar o problema.

3.6.1. A verdade non nace da elección entre contrarios (como sucede na verdade aristotélica, a dominante nos sectores ilustrados de Occidente) senón da síntese de contrarios:

> *A verdade é filla de Deus e afillada do demo. Algunha vez di o demo a verdade. O tempo é pai da verdade e irmán da mentira. Cala a boca e non digas nada, que as túas verdades son irmás das miñas mentiras.*

3.6.2. A verdade práctica non se define en abstracto (coma a teórica) senón que ten que ver coas condutas:

> *Na moita necesidade coñécese o amigo de verdade. Quen te visita na voda e non na enfermidade non é amigo de verdade.*

3.6.3. A verdade práctica non é independente da ética. Esta última, máis que unha nova dimensión é un corolario da anterior dado que a ética non é outra cousa que a conduta, informada polos principios morais:

> *A verdade é filla da caridade. Máis vale dicir verdades que parezan mentiras ca mentiras que parezan verdades.*

O cantigueiro popular ofrece tamén múltiples referencias; delas escolmo dúas:

De verdades non te fíes,
que todas van ao mercado.
Guíate polo que che fagan
e quedarás ben pagado.

E estoutra, que é unha variante da anterior, pero con final distinto:

Non te guíes por verdades,
que se compran no mercado,
se non queres engordar
a bolsa dos avogados.

A verdade práctica, polo tanto, a diferenza da verdade teórica, non é algo que *está aí*, eterna e necesariamente (ao modo das ideas platónicas e da universalidade e necesidade das leis científicas); non é algo que se pode atopar nun determinado momento nin tampouco, como diría Heidegger xogando coa etimoloxía grega, algo que se "des-vela" e manifesta aos elixidos. Trátase, polo tanto, non dun principio nin dun fundamento senón, polo contrario, de algo que *hai que construír*. A verdade non nace *xa feita* e armada coma Palas Atenea senón que é unha tarefa por realizar, algo que antes de edificio terminado comeza sendo proxecto. É nese sentido que cabe dicir con propiedade que a verdade non é unha teoría senón unha práctica.

Un dato máis quixera destacar. A verdade "práctica" da que estou a falar non é individual senón social. Dicir que na cosmovisión campesiña o criterio último de verdade é a utilidade das accións que estamos a avaliar non significa que sexan as vantaxes e bondades para o individuo concreto o que vai decidir a verdade dunha acción. Mentres na cosmovisión urbana actual, filla do liberalismo, a identidade de cada persoa remata onde termina a súa propia pel, no mundo campesiño tradicional o que confería identidade ás persoas eran os colectivos dos que formaba parte ("casa", lugar e parroquia, fundamentalmente). Esa dimensión social da persoa, sobre todo no que se refire á *casa*, facía que, cando había conflito de intereses entre o individuo e o grupo, eran os intereses da colectividade os que se consideraba que debían prevalecer. Os matrimonios de comenencia, amañados polos vellos en función dos intereses das casas e nos dos contraentes, son clara demostración do dito. Non pretendo dicir que este sacrificio da individualidade ao grupo que se daba nas sociedades tradicionais sexa a situación ideal; mais, se o que se pretende é camiñar cara a un estilo de sociedade no que impere a xustiza e a solidariedade, parece obvio que é nun mellor punto de partida que ese individualismo exacerbado e sen dimensión ningunha de *communitas* que caracteriza o presente.

Do dito dedúcese que esta verdade práctica é moito máis humilde e pegada á terra que a razón abstracta. Para empezar non é eterna, abstracta e inmutable senón *histórica*, *concreta* e *vital*. Outra diferenza fundamental está en que, en coherencia coa súa dimensión de vital e non celeste, non aspira a situarse por riba das emocións, dos afectos e dos intereses da *vida ordinaria*, na liña do *Amicus Plato sed magis amica Veritas* e dos defensores da *Wertfreiheit*, senón que se confesa sobredeterminada polas paixóns, polos valores e polos intereses (*Cada un fala da feira segundo lle vai nela*).

Este mundo dos intereses, dos valores e das emocións que vai aparellado á verdade práctica incide na forma de percibir todas as dimensións da vida, en primeiro lugar o territorio, por canto que é o contexto en que, como seres materiais que somos, temos que desenvolvernos. Un pobo defínese sempre en termos de lugar. Agora ben, non se percibe igual o lugar, se estamos instalados na Razón abstracta ou Razón pura, que se o facemos nisto que estou chamando Razón concreta. No primeiro caso, a visión universalista-imperialista con que se olla a realidade disolve a noción de lugar, desterritorializa e, o máis importante, esfarela a identidade nas mans da universalidade que comporta a abstracción. A autoproclamación de *cidadáns do mundo* a que son tan dados os que comparten esta cosmovisión é unha de tantas manifestacións do que estou a dicir.

3.7. A cultura tradicional funciona cunha estética diferente da urbana: beleza implica bondade

Amais do territorio, un segundo aspecto que resulta alterado é o modo de experimentar a beleza. Fronte á manipulación cartesiana na que se priva á realidade das súas calidades para deixala reducida a extensión e a peso, isto é, a *medida*, a Razón concreta trata co mundo tal como este é. Dentro desa atmosfera de humanización e totalidade da que antes falei, abarca todas as dimensións que se activan no noso trato con el, incluídas emocións e valores. De aí que a Razón práctica con que actúa a cosmovisión campesiña implique un *novo concepto de estética*. Desde esta perspectiva, a estética non é tanto unha contemplación ou reprodución do mundo empírico senón unha superabundancia de emocións e paixóns. Ten que ver máis co expresivo que co imitativo e co contemplativo. De aí que carecer de ocio, de paseo e de paisaxe, como vimos que acontecía na cosmovisión campesiña tradicional, non implica estar incapacitado para acceder á emoción estética.

Se entendemos a estética como o proceso dinámico da vida mesma, o constante movemento entre polos opostos, teremos que concluír que a auténtica experiencia estética non é aquela que se dá cando un suxeito contempla un obxecto (como é forzoso cando se entende a beleza como *proporción*) senón cando as emocións non son subalternizadas. Por non subalternizar as emocións entendo que, fronte ao que reclama a Razón abstracta e todas aquelas estéticas que abominan do compromiso, os intereses (*nec-otia*) e as pulsións dos humanos deben estar en plano de igualdade coas que desde os gregos se denominan potencias superiores do home e, nomeadamente, co intelecto. Na cosmovisión campesiña nin a estética nin a razón son ausencia de paixóns e de utilidade nin apatía estoica senón todo o contrario. Pero, a maiores, estética e razón non conforman dous universos distintos senón que son caras da mesma moeda. Se antes

dixen que, desde a perspectiva da Razón concreta, a verdade identifícase co que é útil, bo e proveitoso para as persoas, o mesmo é de aplicación para o que se refire á beleza. Por iso o refraneiro non dubida en entrelazar estas dúas dimensión ao afirmar *Bonito que non é bo, nin bonito nin bo*.

4. A hermenéutica cultural, impedindo a fragmentación da realidade, impide que a visión das árbores oculte a visión do bosque, e que os textos oculten os contextos

Ao longo de todo este percorrido fomos vendo como na cosmovisión campesiña tradicional e, en xeral, nas chamadas outras culturas, latexa un tipo de razón, no que as dimensións intelectual e emocional do ser humano actúan en sinerxía, que se caracteriza por estar ao servizo das persoas que a usan e non da explotación e da deshumanización do ser humano. O dito non significa que este tipo de cosmovisións encarnen a Razón "concreta" en estado perfecto. Só quere dicir que mentres a cosmovisión urbana co seu modelo de Razón segue un camiño que leva necesariamente á mistificación e ao falseamento da realidade, as cosmovisións das culturas tradicionais con prácticas como a inclusión da diversión no traballo, a superación da psicose do especialismo, a comuñón entre ser humano e natureza etc., cando se está disposto a pensar desde elas o mundo actual permiten albiscar que un novo ecoloxismo de rostro máis humano é posible; que cabe substituír o concepto urbano de paisaxe polo de territorio humanizado; que, en fin, a tradicional separación entre nós e os outros pode atopar o punto de encontro nun *nos-outros* onde *iustum, verum et pulchrum convertuntur*.

As disciplinas e subdisciplinas académicas, como fillas do seu tempo e do seu espazo que son, tenden a espellar para ben e para mal as cosmovisións das sociedades nas que se constrúen. A fraseoloxía non podía por menos de estar trufada tamén polos preconceptos e os sistemas de valores dominantes e de modo sobranceiro por esa paixón pola fragmentación da totalidade que nos está levando a que a árbore nos impida ver o bosque e a que os textos nos oculten os contextos. Dito isto, hai que dicir tamén que na Academia estivo sempre presente tamén a paixón por mellorar os mundos cos que se ía atopando. Introducir a hermenéutica cultural como ferramenta na análise dos "dicta" penso que pode contribuír a paliar (polo menos, a non canonizar) esa descontextualización galopante na que a modernidade nos ten metidos.

5. Referencias bibliográficas

FERREIRO ÁLVAREZ, José Elías (Xoel Ferral) (1966): *Tringueleos.* Orense: La Región.

GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Anexo 27. Santiago de Compostela: Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia).

GONDAR, M. (2003): "¿Un tigre de papel? Epistemoloxía da razón liberal" n'*A trabe de Ouro* 56, 2003, pp. 443-463.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* I (1958), II (1960), III (1961). Vigo: Galaxia.

SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (ed. e dir) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3.0. Ed. dixital en CD-Rom. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

TILGA: SANTAMARINA, Antón (2003): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. http://www.ti.usc.es/TILG/index.asp. [Data de consulta: 07/05/08].

Literal/metafórico, proverbio/non proverbio? Para unha identificación das locucións estereotipadas expresivas

Abdenbi LACHKAR[1]

EA 739 Dipralang, Montpellier 3 / Université Ibn Zohr, Agadir)

As locucións expresivas, entre as que se atopa o proverbio, caracterízanse pola súa forma fixa e a súa ambigüidade léxico-gramatical. As súas diversas implicacións semánticas non poden agochar o seu lado retórico marcado pola súa metaforicidade, idiomaticidade, rima e ritmo. Na práctica lingüística presuponse a existencia de polo menos un trazo diferencial entre os proverbios e os que non proverbios. É o que intenta demostrar este estudo por medio das características metafórico/literal, verdadeiro/falso, referente ou non ao home (G. Kleiber 1989 & 1994) tratando os proverbios do francés e do árabe marroquí.

Palabras clave: metáfora, proverbios, estereotipia expresiva, semántica léxica e referencial.

Expressive idioms, which include proverbs, are characterized by their fixed form and their lexical and grammatical ambiguity. Their diverse semantic implications can not hide their rethorical side, marked by their metaphoricity and idiomaticity, rhyme and rhythm. In linguistic practice the existence of at least a feature distinguishing proverbs and non-proverbs is supposed. This paper will try to demonstrate that statement by means of the characteristics metaphoric/literal, true/false, reference/not reference to humans (G. Kleiber 1989 & 1994), analysing proverbs of French and Moroccan Arabic.

Keywords: metaphor, proverbs, expressive stereotypes, lexical and referential semantics.

O estudo das locucións estereotipadas expresivas como textos fixos e estruturas parcial ou totalmente firmes sitúase no entrecruzamento entre a lingüística textual e a lingüística enunciativa. Estas locucións, entre as que se encontra o proverbio, caracterízanse pola súa forma fixa e pola súa ambigüidade léxico-gramatical; a miúdo esixen lecturas profundas para descubrir o seu sentido lingüístico e ofrecer unha visión que contribúa a determinar o seu potencial cultural, o cal non se pode avaliar sen a comprensión da mensaxe e da imaxe implícita ou explícita que conteñen e transportan.

[1] Tradución de Nerea Aguiar García e Xoán Ribadulla Abuín.

Relativamente fixas, e provistas dun sentido convencional[2], estas expresións implican unha variación temática que complica a súa significación.

De feito, se dicimos que o sentido destas locucións, sobre todo os proverbios, é fixo, aberto e xenérico, a súa forma de pequeno texto máis a súa estrutura semántica permiten captar o seu valor léxico á vez que a súa organización interna. As diversas implicacións semánticas das locucións estereotipadas expresivas non poden agochar o seu lado retórico e métrico. Por iso é importante distinguir os proverbios dos non proverbios na práctica lingüística, así como a busca de medios que favorezan á súa unión ou separación sen matizar a súa contribución léxica á lingua orixe. Este tipo de preguntas presupón a existencia de polo menos un trazo diferencial que ten o valor de fronteira entre unha categoría e outra. É o que se pretende ao facer este estudo inspirándose en traballos do ámbito léxico-gramátical de Maurice Gross, así como os da semántica léxica e referencial de George Kleiber (1989/1994).

Segundo parece, o número de enunciados chamados proverbiais é enorme na lingua (Amapartil 2002; Lachkar 2004). Estes, sexan orais ou escritos, constitúen unha herdanza cultural e forman parte das estratexias de comunicación de varios individuos durante as súas interaccións persoais e interpersoais; estas últimas, estean nunha situación de forza ou de debilidade, de ledicia ou tristura, sérvense destes modos de expresión para actuar, valorar ou responder a un comportamento producido ou sentido no seo da colectividade (Lachkar 2007). Emporiso, malia as crenzas, a súa fixación e a súa posta en marcha pola estereotipación léxica, os proverbios non constitúen en ningún caso a representación total dos obxectos, dos espazos, dos individuos e das sociedades que se implican. É certo que traducen un folclore, un patrimonio cultural e un imaxinario colectivo e discursivo variado, diverso e rico en símbolos, en imaxes e interacción entre verdade e mentira, entre materialización e abstracción dos feitos e elementos do mundo que todo locutor corre o risco de interpretar subxectivamente ou obxectivamente segundo o contexto e a situación de comunicación. Porén, cando se toman como bases universais que serven de referencia na práctica discursiva, poden non axustarse a todas as comunidades lingüísticas, o que nos remite ao caracter local da fraseoloxía en xeral, particularmente os proverbios. Esta particularidade fai depender a estes últimos dun espazo determinado e preciso, remitindo, dese xeito, á propia identidade do usuario que os repite.

A repetición dos proverbios no discurso ten un valor expresivo capital, particularmente no nivel da significación, da construción de sentido así como no das referencias e interferencias. O locutor é o que expresa a súa necesidade de xustificarse con respecto a unha situación servíndose dun proverbio que insire, consciente ou inconscientemente, nas súas transaccións e nas súas producións lingüísticas para recalcar o que acaba de formular e darlle máis importancia comunicativa e simbólica. O locutor que utiliza o proverbio dótase dunha liberdade total para escoller o xeito de enunciar isto último;

[2] Algúns lingüistas opoñen a palabra "convencional" a todo o que se podería obter a partir dun sentido literal a causa da súa composicionalidade. Así, *Verre à/d'eau* será composicional porque non apela a unha convención para se facer comprender, mentres que *comme vache qui pisse* ou *vache à eau* demandarían unha convención específica (Cf. Cadiot 1997 e Visetti & Cadiot 2006).

pode consideralo ben sexa facéndoo preceder a secuencia "como di o proverbio", ou ben introducíndoo noutro enunciado, o que se ve no seguinte esquema:

[----Comezo do enunciado----------"proverbio"-----fin do enunciado--------]

Na escrita, o proverbio está entre comiñas para marcar o préstamo e a interdependencia entre lingua, linguaxe e sabedoría popular.

En efecto, a presenza proverbial na práctica lingüística non pasa desapercibida canto á súa forma e ao seu contido. Esta presenza recoñécese facilmente polos temas que trata e tamén polo seu comportamento estilístico e prosódico, o que lles procura aos enunciados estereotipados, un dos cales é o proverbio, un caracter poético provisto dunha linguaxe embelecida e rítmica. En calquera caso, as observacións que atinxen á expresividade estereotipada, aínda que falen do home e da súa vida diaria situándoo nun período calquera, deben pórse en marcha para traducir, malia a súa opacidade, a importancia das informacións herdadas e transmitidas de xeración en xeración. Esta opacidade é, máis aló da retórica, a que manda e fai da mensaxe proverbial unha mensaxe enigmática poucas veces comprendida.

A retórica está presente no enunciado proverbial ata tal punto que nos leva a varias cuestións relativas á súa función na determinación das propiedades lingüísticas da expresividade, da "gnomía" e da paremia. Esta presenza débese ao emprego continuo das formas de formalidade e vulgarización así como á súa longa tradición na práctica cultural e discursiva. É o que permite adiantar que o emprego do proverbio ten un impacto sobre a súa estruturación interna e tamén externa e sobre a súa dimensión estilística, en tal medida que non se pode tentar abordar as nocións de locucionalidade, de proverbialidade e de estereotipia léxica sen falar da repetición, da literalidade, da aliteración e da metáfora como marcas esenciais da fraseoloxía e das locucións fixas.

A metáfora ten un papel primordial na construción do proverbio. Dende sempre constituíu, particularmente con Aristóteles, un elemento esencial que permite recoñecela entre todas as outras formas expresivas, de aí a denominación de proverbio metafórico. Este trazo definitorio, grazas á polisemia posta en marcha para demostrar o xeito en que o proverbio funciona no discurso, participa na interpretación da polilexicalidade das formas estereotipadas. Axuda tamén a diferenciar entre proverbialización e desproverbialización, estereotipación e desestereotipación (Schapira 1999), proverbio e non proverbio, proverbio e variantes proverbiais e, asemade, entre metaforicidade e literalidade de todas as locucións estereotipadas (Lachkar 2004). Así, os proverbios:

(1) *qul lħaqq walaw ykun muṛṛ*

(= Dis la vérité même si elle est amère)

(2) *Bon mot n'épargne personne*

(3) *L'exception confirme la règle*

teñen sentido literal, o seu sentido é aquel que se obtén no momento de observar a composionalidade dos seus constituíntes sintácticos. Estes proverbios compórtanse

como enunciados ordinarios ata tal punto que non salienta ningunha diferenza entre o "sentido calculado" e "o sentido recoñecido" (Conenna 2002); é por isto polo que a denominación de *proverbios en sentido literal* subliña que, neste tipo de estruturas, o sentido frástico non presenta ningunha evolución estrutural, permanece igual e nada o obriga a cambiar de significado.

Os proverbios metafóricos achéganse aos enunciados polisémicos; isto implica que teñen, polo menos, un sentido figurado:

(4) *lli yrk∂b εla žžm∂l ma yxa:f m lkla:b yεađđu-h*

(= Celui qui monte (à dos de) le chameau ne craint pas les morsures des chiens)

(5) *đđ∂ŗba d lħbi:b ħla: m ∂lmakla d ∂zzbi:b*

(= Les frappes reçues d'un ami sont plus douces que (le manger de) les raisins secs.

(6) *L'amour porte la musique*

(7) *L'amour est aveugle*

Estas estruturas non conteñen sentido literal ningún porque son portadoras de sentido figurado marcando unha metáfora. O sentido composicional de (6) denota que, mediante os trazos distribucionais dos nomes que acompañan ao verbo, e que son nomes abstractos, a secuencia *porter musique* fai intervir a metáfora de *cantar, facer feliz* para facer máis explícito o contido léxico do proverbio. Sucede o mesmo cos proverbios (4), (5) e (7) que poñen de manifesto as irregularidades semánticas que caracterizan a realización existente entre os seus constituíntes sintácticos, na medida en que o SN1 non poder ter a propiedade contida na predicación.

A distinción entre o proverbio e o refrán, por exemplo, necesita pasar polo mesmo criterio, na medida en que a binariedade literal/metamórfica a miúdo se establece a partir da definición das dúas categorías antes citadas. Unha definición que determina que o proverbio é metafórico mentres que o refrán é literal. Emporiso, a clasificación dun enunciado proverbial depende da apreciación, do sentimento e da percepción do locutor; este pode consideralo coma un proverbio aínda que sexa literal ou ben coma un refrán aínda que o enunciado sexa metafórico:

(8) *lg∂zza:r ka y tε∂šša b ll∂ft*

(= Le boucher dîne avec des navets)

(9) *ħ∂dda:d w ma εand-ù s∂kki:n*

(= Il est forgeron et n'a pas de couteau!)

En efecto, coa ausencia do ritmo e da rima, faise máis difícil distinguir os enunciados que comparten a mesma característica lingüística (ser unha forma fraseolóxica), que teñen unha estrutura sintáctica, xeralmente binaria, e un contido semántico equilibrado

ou compartido entre as dúas partes do proverbio en favor da metáfora que as caracteriza.

(10) *hd∂r εla lk∂lb w w∂žž∂d l-ù lhra:wa*

(= Parle du chien et prépare-lui le bâton !)

(11) *Quand on parle du loup on en voit la queue*

Así, a metaforicidade non pode abranxer todos os elementos da fórmula proverbial:

(12)*εiš nha:r t.smaε xba:r*

(= Vis un jour en plus, et tu entendras des nouvelles en plus)

(13) *ra:k∂b εlà ħma:r-ù w ka yqall∂b εli-h*

(= Il monte (sur) son âne et il le cherche)

(14) *Qui vivra verra.*

(15) *Qui se ressemble s'assemble*

Ocorre o mesmo con estruturas coma:

(16) *fày∂n εayn-∂k, fày∂n ġayr-∂k*

(= Là où est ton regard, là où se fixent d'autres regards)

(17) *Tel arbre, tel fruit*

Unha gran parte dos usuarios da fraseoloxía e da estereotipia expresiva consideran estes enunciados como proverbios, sobre todo os do árabe marroquí. Esta característica aplícase a todos os proverbios meteorolóxicos en sentido literal:

(18) *yla d∂xl∂t šša lluwla lb∂s şşuf wa la tkun md∂rbla*

(= Lorsqu'arrivent les premières pluies, vêts-toi en laine même si elle est lacérée)

(19) *Quand il pleut à la Saint-Médard, il pleut quarante jours plus tard.*

Agora ben, a distinción entre *proverbio* e *máxima* fúndase, tamén, na dicotomía metafórico/literal porque o primeiro se emprega metaforicamente no discurso ou como metafórico, mentres que a segunda se concibe literalmente.

O *Dictionnaire des dictons, proverbes et maximes* (Ripert 2002) contén unha cantidade importante de formas fraseolóxicas con sentido literal que a miúdo son consideradas coma proverbios:

(20) *L'argent est le nerf de la guerre*

(21) *Tous les goûts sont dans la nature*

(22) *Qui veut la fin veut les moyens.*

Este criterio definitorio de literalidade obsérvase concretamente nas seguintes máximas :

(23) *L'adversité fait beaucoup de coupables et d'imprudents* (Vauvenargues 1746).

(24) *Si vous voulez faire des ennemis, surpassez vos amis ; mais si vous voulez vous faire alliés, laissez vos amis vous surpasser* (La Rochefoucauld 1664).

O carácter totalmente literal da máxima axúdanos a destacar proverbios parcialmente literais:

(25) *Renard qui dort la matinée……..*

e parcialmente metafóricos:

(25') - *n'a pas la langue emplumée.*

O caso máis delicado é o dos proverbios meteorolóxicos que, debido á súa literalidade, non son considerados coma proverbios completos:

(26) *saɛd blaɛ ka yžmϴd ϴlma: f ɣa:s ϴlqɣa:ɛ.*

(= Pendant Saad blaa, l'eau gèle sur la tête du teigneux).

(27) *A la sainte Luce, les jours croissent du saut d'une puce.*

Deste xeito semella que a dicotomía metafórico/literal constitúe o trazo definitorio por excelencia que nos permite recoñecer o proverbio da máxima como produtos discursivos. Foucault explica isto en *l'Ordre du discours* cando sinala que "dans toute société, la production de discours est à la fois contrôlée, sélectionnée, organisée et redistribuée par un certain nombre de procédures qui ont pour rôle d'en conjurer les pouvoirs et les dangers, d'en maîtriser l'événement aléatoire, d'en esquiver la lourde, la redoutable matérialité" (Foucault 1971: 10). Por iso, a distinción entre o proverbio, o refrán, o adaxio e as outras formas fraseolóxicas e gnómicas suscita sempre a atención de numerosos lingüistas e investigadores de ciencias humanas e sociais. Isto último une o proverbio e o seu contido co home e coas súas prácticas socioculturais e sociolingüísticas. Segundo Meleuc (1969: 69): "[...]la maxime –en plus de constituer un type spécifique de discours littéraire- énonce un universel à propos de l'homme"[3] Isto implica que a fraseoloxía, máis alá de gobernar a identidade do home, representa e refírese exclusivamente a este último e ás súas relacións co seu contorno social, cultural, económico, político e natural. Todos estes criterios mostran a súa identidade universal como a universalidade do proverbio e de todos os textos fixos, especialmente os textos relixiosos (Lachkar 2004c), cuxa universalidade debe a súa existencia ao uso e á repetición polo home no espazo e no tempo.

El conservou nestas estruturas as súas emocións, afeccións, relacións sociais e prácticas interactivas, feito que explica que os proverbios e mais as locucións estereotipadas veñen da experiencia do ser humano. Esta propiedade creou unha teoría semántica que

[3] Meleuc (1969: 66). Foi tamén citado por Schapira (1999: 69).

se ocupa do estudo do sentido indirecto –representado polas nocións de metonimia e de metáfora– que caracteriza a fraseoloxía e a estereotipia léxica. G. Kleiber (1994) estableceu, neste sentido, a súa noción de proverbio como "denominación" dunha situación xenérica. Dito isto, os refráns e as máximas son tamén enunciados xenéricos e implican que as tres nocións actúan na lingua coma unidades codificadas que o código lingüístico denomina "entidades xerais" ou "tipos". A denominación necesita a fixación da forma que significa sistematicamente a fixación do sentido. Pero queda por precisar que o recoñecemento do sentido do proverbio vén da súa unidade léxica. En oposición á frase libre, onde o sentido pode establecerse a partir da composición do sentido dos seus elementos sintácticos, o proverbio non pode ser comprendido dende a súa constitución sintáctica pero si dende a unión entre o sentido e maila forma de todos os seus compoñentes léxicos.

Alén das explicacións fornecidas polas análises da semántica referencial, revélase que a case totalidade dos enunciados proverbiais se aplican ou se refiren intrinsecamente ao home; isto realízase moitas veces mediante a metáfora:

(28) *Le singe est toujours singe, fût-il déguisé en prince.*

(29) *A chaque saint sa chandelle.*

(30) *lhadra εla ttrid w ma sðksu šðbε-ù-h lεbid.*

(= On parle des petites galettes; quant au couscous, les esclaves en ont mangé à leur faim).

onde o home é comparado indirectamente ben a un animal (mono), ben a alguén que se xulga polas súas calidades e os seus defectos (santo, escravo), ben a un obxecto apreciado pola sociedade (torta, cuscús). Tales enunciados representan a maior parte dos datos proverbiais das linguas naturais; a súa opacidade explica que non son transparentes semanticamente e xustifican as razóns polas cales a súa interpretación non é composicional.

En efecto, a pesares das dificultades existentes para recoñecer as formas proverbiais, a observación da categorización de certos enunciados amosa a existencia de proverbios literais que se aplican directamente ao home:

(31) *žul t.εɣðf nna:s*

(= Voyage, tu connaîtras les gens)

(32) *Tel père, tel fils*

Agora ben, a clasificación das formas estereotipadas compromete o sentido literal do proverbio. Con todo, se un proverbio non fala do home, pode considerarse coma un refrán:

(33) *saεd blaε ka yžmðd lma: f ɣa:s ðlqɣaε*

(= Pendant Saad blaa, l'eau gèle sur la tête du teigneux)

(34) *A la suite Luce, les jours croissent du saut d'une puce.*

De certo, o interese deste proxecto limítase a distinguir os trazos distintivos do proverbio dos das outras formas estereotipadas expresivas, porque ten un emprego discursivo e situacional considerable. Así, o enunciado:

(35) *Petite pluie abat grand vent.*

se se limita ao seu sentido literal e mantén o seu valor meteorolóxico, queda como un refrán (Buridant 1976 e 1984). Pero, se ten un sentido figurado, nese momento, vólvese un proverbio, o que fai del "une règle par défaut concernant les hommes" (Kleiber 1994: 222). Deste xeito dedúcese que a distinción entre o proverbio, o refrán e a máxima pode realizarse, alén do que se aclarou nos traballos de Kleiber (1994), segundo as fórmulas de J. C. Anscombre (1994: 97-98):

- Proverbio: +/-M, +H
- Máxima: -M, +H
- Refrán: -M, -H

Nestas fórmulas a distinción baseábase na binaridade literal/metafórico anotada como -M/+M e nos os trazos +H/-H para substituír a dicotomía "referencia ao home/falta de referencia ao home". Deste xeito, a regra de C. Buridant (1976/1984), que distingue entre proverbio e refrán, semella máis práctica e máis decisiva, porque o feito de dicir que o proverbio se refire ao home e que o refrán non ocupa a mesma función depende da metaforicidade ou da non metaforicidade do enunciado en cuestión e tamén da elección ou non dunha interpretación meteorolóxica. En realidade, o refrán emprégase a miúdo na práctica lingüística como o sinónimo do proverbio e é por este motivo polo que, mesmo se é un enunciado saturado de valores e de crenzas humanas, a interpretación meteorolóxica constitúe o único trazo capaz de diferenciala das outras formas estereotipadas expresivas.

A expresión de verdade xeral é tamén un trazo aparente das formas expresivas estereotipadas. Remítenos á autoridade exercida por estas estruturas sobre os comportamentos e as mentalidades dos individuos e dos grupos que as empregan. Agora ben, a importancia do valor de verdade esixe tamén o da denominación xenérica destas formas porque unha completa á outra, e a ausencia dunha contribúe á disfunción semántica e comunicativa da outra.

De certo, a gramática e a semántica referencial axudan a detectar os trazos que caracterizan a noción de verdade. Deste xeito, o enunciado:

(36) *L'Homme est mortel.*

E o enunciado:

(37) *L'Homme est éternel.*

son de estrutura idéntica. Son enunciados xenéricos, pero que non dan ningún indicio da verdade da información que producen ou que transmiten. Isto permite adiantar que:

a) os dous enunciados se rexeitan reciprocamente: se o enunciado (36) é verdadeiro, entón o enunciado (37) é falso e viceversa.

b) a falsidade dun non confirma a do outro: si (36) é falso, entón (37) non é necesariamente verdadeiro e viceversa.

c) non poden, ao mesmo tempo, ser os dous verdadeiros, e ao mesmo tempo, non poden ser os dous falsos.

Porén, e a pesar do grao de importancia da análise emprendida, a integración deste tipo de enunciados na lingua só pode realizarse a partir do alcance enunciativo do seu contido semántico que se limita á súa aceptación ou ao seu rexeitamento polos falantes desa mesma lingua. Os valores de verdade ou de falsidade da mensaxe emitida dependen da maneira en que son percibidos e apreciados ao mesmo tempo polos emisores e os seus receptores. Dito doutro xeito, hai que ver se estes valores son defendíbeis, e isto só pode comprenderse mediante o desvío de diferentes modalidades que marcan as locucións e os enunciados estereotipados expresivos.

Conclusión

Non é doado opoñer proverbio ao non proverbio para chegar a precisar o valor lingüístico e discursivo das producións orais do ser humano, xa que o feito de falar de proverbio e estereotipia léxica non é outra cousa que unha maneira de producir unha literatura que se pensa ou non se pensa: polo menos, tentouse distinguir o literal do metafórico e o proverbio do non proverbio, nun cadro onde a literatura oral se xunta coa lingüística para completar o discurso e construír o texto.

As estruturas fraseolóxicas, sobre todo os proverbios, son formas lingüísticas omnipresentes na práctica discursiva. Son tan visíbeis e lexíbeis que abonda con pronuncialas para que a transacción comunicativa se volva máis atraente e máis intelixíbel coa realidade sociolingüística dos falantes. Cada forma fraseolóxica, cada locución fixada e cada proverbio contén unha marca que chama a atención no momento da súa produción, da súa audición e da súa lectura, na medida en que a súa integración no discurso se fai sen ningún esforzo e sen ningunha dificultade, o que explica que a fraseoloxía e a expresividade estereotipada leva ao dominio do que se adquiriu lingüística e culturalmente. Isto demostra tamén o papel que desempeñan as locucións estereotipadas expresivas para o bo funcionamento da expresión e da súa participación no éxito da comunicación inter/individual e colectiva.

A tradición gramatical e tamén a semántica léxica aceptan que os proverbios son formas sentenciosas (Kleiber 1994), fixas, opacas, sólidas e difíciles de comprender, de situar e de limitar nun só contexto e nunha única situación (Lachkar 2004). Evidentemente, un proverbio non pode ter un só sentido, senón varios sentidos, o que leva á polisemia do seu contido semántico; de aí o risco de influír ao mesmo tempo sobre o cometido gramatical dos seus compoñentes, sobre a súa función e sobre os vínculos sintácticos que unen uns aos outros. Dito doutro xeito, o sentido expresado por unha locución expresiva, por exemplo o proverbio, non é nunca definitivo senón que depende da situación de cada emprego, do tipo de espazo e dos falantes e tamén das

diferentes indicacións estilísticas, prosódicas e referenciais que os seus constituíntes poden ofrecer a pesar da especificidade da súa configuración estrutural. O proverbio aparece deste xeito coma algo xa construído e preestablecido, onde as unidades léxicas están xa limitadas polo uso. Isto demostra a especificidade dos proverbios en tanto que formas lingüísticas universais, ao mesmo tempo que a universalidade do seu contido, onde a riqueza semántica e sociocultural está compartida entre a veracidade e a falsidade da implicación semántica e semiótica deles, e tamén co vínculo co home que o utiliza ou que se atopa implicado.

Referencias bibliográficas

ANSCOMBRE, J. C. (1994): "Proverbes et formes proverbiales: valeur évidentielle et argumentative", en *Langue française* 102, pp. 95- 107.

(1997): "Reflexiones críticas sobre la naturaleza y el funcionamiento de las paremias", en *Paremia* n° 6, pp. 43-54.

(1999): "Estructura métrica y función semántica de los refranes", en *Paremia* n° 8, pp. 25-36.

(2000): "La parole proverbiale", en *Langages* 139. Paris: Larousse, pp. 6-26.

BALIBAR-MRABTI, M. e CONENNA, M. (2002): "Présentation. Nouvelles approches de la métaphore", en *Langue française* 134. Paris: Larousse.

BURIDANT, C. (1976): "Nature et fonction des proverbes dans les jeux-partis", en *Revue des sciences humaines*, t. XLI, n°163, pp. 377-418.

(1984): "Avant-propos", en Suard, F. et Buridant, C. (eds.): *Richesse du proverbe*. Lille: PUL, pp. 1-5.

CONNENA, M. (2000): "Structure syntaxique des proverbes français et italiens", en *Langages*, 139, pp. 27-38.

FOUCAULT, M. (1971): *L'ordre du discours*. Paris: Gallimard.

GREIMAS, A. J. (1970): "Les Proverbes et les dictons", en *Du sens*. Paris: Editions du Seuil, pp. 309-314.

GROSS, G. (1997): "Du bon usage de la notion de locution", en Martin-Baltar, M. (comp.): *La locution entre langue et usage*. Saint-Cloud: ENS Editions Fontenay / Paris: Diffusion Ophrys.

GROSS, M. (1988): " Les limites de la phrase figée", en *Langages* 90, pp. 7-22.

(1994a): "Classes d'objets et synonymie ", en *Annales littéraires de l'Université de Besançon, Linguistique sémiotique* 23, pp. 93-103.

KLEIBER, G. (1994): "Sur la définition du proverbe", en *Nominales. Essais de sémantique référentielle*. Paris: Armand Colin, pp. 207- 225.

(1999): "Les proverbes: des dénominations d'un type très très spécial", en *Langue française* n°123, pp. 52-69.

LA ROCHEFOUCAULD, F. de (1664): *Maximes*. Paris: C. Barbin [reproduction Bordas 1992].

LACHKAR, A. (2004): *Lexiques-grammaires comparés: étude lexicale des proverbes en arabe marocain (parlers de Fès, Taounate et les environs) et en français.* Thèse de doctorat, t.1 et t.2. Université Montpellier 3.

(2007): "Stéréotypes de langue et stéréotypes de pensée: réflexion sur le contenu lexical d'un discours 'très' spécifique", en Boyer, Henri (dir.): *Stéréotypage, stéréotypes: fonctionnement ordinaire et mise en scène*. Paris: L'Harmattan.

MEJRI, S. (2000-1): "Figement et renouvellement du lexique: quand le processus détermine la dynamique du système," en *Le français moderne*.

MELEUC, S. (1969): "Structure de la maxime", en *Langages* 13, pp. 69-99.

PRANDI, M. (2002): "La métaphore: de la définition à la typologie", en *Langue française* n° 134.

RIPERT, P. (2002): *Dictionnaire des dictons, proverbes et maximes*. Maxilivres-Profrance: Manchecourt.

SCHAPIRA, C. (1999): *Les stéréotypes en français. Proverbes et autres formules*. Paris / Gap: Ophrys.

(2000): "Proverbe, proverbialisation et déproverbialisation", en *Langages* n°139, pp.81-97.

TAMBA, I. (2000): "Formules et dire proverbial", en *Langages* n°139, pp. 110-118.

VAUVENARGUES (1746): *Réflexions et maximes*. Paris: Librairie Croville (Édité par Charbonnel, J. R.1934).

Locucións e colocacións: algunhas causas da coaparición dos seus formantes

Juan A. Martínez López e Gunn Aarli[1]

Norges Handelshøyskole – Forsiden (NHH) - Universitetet i Bergen

Neste estudo tratamos de constatar que tanto na maioría das locucións coma nun grupo das consideradas colocacións está subxacente un proceso metafórico, aínda que de diferente natureza.

Un grupo de expresións entre as chamadas colocacións e locucións é o das construcións con pouca complexidade estrutural onde non queda especialmente claro o nivel de abstracción ou metaforización, polo que se adoitan atopar tanto en repertorios locucionais como colocacionais.

Palabras clave: locución, colocación, polilexicalidade, metaforización.

In this paper we will try to demonstrate that both in most idioms and in a group of the so-called collocations underlies a metaphoric process, but of a different nature.

A group of expressions between idioms and collocations is that of constructions with little structural complexity not showing clearly the abstraction or the metaphorical level – that is the reason why they are usually included both in idioms and collocations collections.

Keywords: idiom, collocation, multilexical unit, metaphoric process.

1. Introdución

Durante as catro últimas décadas foise perfilando unha nova rama dentro da Lingüística moderna, cuxo obxecto de estudo son as expresións fixas ou unidades fraseolóxicas. Hai que resaltar, emporiso, que dende moito antes eruditos e lingüistas xa constataran a existencia de certos conglomerados de palabras que non só se resisten a acatar en maior ou menor medida as regras máis elementais da gramática, coma a flexión ou a combinación duns elementos con outros, senón que, ademais, ditas estruturas son capaces de proxectar un significado de conxunto non coincidente, polo xeral, cos compoñentes léxicos que as forman. Cómpre salientar, porén, que o interese por estas

[1] Tradución de Nerea Aguiar García.

unidades da lingua non pasou de observacións máis ou menos pintorescas de carácter intuitivo, carentes dun marco teórico o metodolóxico, o que non foi atranco para que se levasen a cabo recompilacións de certa importancia[2].

Ben entrada a segunda parte do pasado século, novos enfoques no estudo da lingua como a lingüística textual ou todo o relacionado coa oralidade propiciaron un estudo máis detallado de determinadas combinacións sintácticas que se caracterizan por presentar unha certa fixación estrutural e sentido figurado en moitos dos casos.

A chamada fixación estrutural, a pesar de ser unha característica fundamental, non representa unha propiedade absloluta no conxunto das unidades fraseolóxicas; máis ben pode dicirse que se trata dun certo grao de estabilidade formal que varía dende a combinatoria libre ata as formadas por unha estrutura inamobible (petrificada), pasando por un *continuum* ou abano de fenómenos intermedios ou de transición (Weinreich 1966; Fraser 1970; Makkai 1972: 117-87; Thun 1978; Zuluaga 1980: 95-13; Mendivil 1991; Ruiz Gurillo 1997: 45-72; García Page 2000 etc.). O propio Zuluaga[3] fala deste asunto nos seguintes termos:

> *Los rasgos formales y semánticos de las E. F. no se explican mediante las reglas que rigen la combinación libre de los elementos del discurso (técnica del discurso); y ello no tanto porque pueden presentar 'anomalías' sintácticas o semánticas, 'defectividades transformacionales' o elementos únicos gramaticales o léxicos, sino, ante todo, porque son fijas. Es decir, la estabilidad o petrificación ("Starrheit") o congelación ("frozenness") se presenta como el rasgo formal constitutivo de dichas combinaciones y justifica el nombre de E. F. o unidades de texto repetido*.

Agora ben, a Fraseoloxía española, que nos seus estadios iniciais se debate no ámbito terminolóxico entre modismos, locucións ou expresións fixas (o fixadas) -por entender a fixación coma característica fundamental- acaba rendíndose ao empuxe da lingüística anglosaxona e adoptando "expresión idiomática" (do inglés *idioms*) como sinónimo de expresión fixa e, recoñecendo -aínda que sexa de xeito tácito- que o sentido figurado (idiomaticidade) é outra das características fundamentais das unidades que deben estudarse no marco fraseolóxico.

Hai que indicar que a maioría dos estudos fraseolóxicos no ámbito da lingua española coinciden en sinalar a fixación estrutural dos fraseoloxismos como o trazo fundamental e excluínte; é dicir, a falta dun certo grao de fixación na estrutura impide que un ente

---

[2] No ámbito do español contamos dende o século XVII con traballos lexicográficos nos que a fraseoloxía xoga un papel preponderante, incluso ás veces no traballo de repertorización circunscríbese só a elas. A este respecto temos que sinalar a obra de Gonzalo Correas *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana en que van todos los impresos antes y otra gran copia* ou o primeiro dicionario da RAE *Diccionario de la lengua castellana en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las phrases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras formas convenientes al uso de la lengua*.

[3] Op. Cit., p. 226

lingüístico sexa denominado unidade fraseolóxica. Por outra banda, e como propiedade supletoria, téndese a sinalar a idiomaticidade, sabendo que non son poucas as unidades que, consideradas pola inmensa maioría expresións fixas, carecen de dito trazo: *común y corriente, fruncir el ceño* etc.

Cómpre engadir, chegado este punto, que para a lingüística anglosaxona e gran parte da europea o arranque dos estudos fraseolóxicos fundaméntase en primeira instancia na chamada "idiomaticidade" (sentido figurado das estruturas), mentres que a fixación da estrutura se considera como o soporte formal necesario que dá fundamento ao significado non compoñencial.

Debido -ao noso xuízo- ao cruce de dous feitos: por unha banda, a erupción repentina do estudo dos conglomerados lingüísticos afectado en certa medida polos dous trazos considerados (fixación e idiomaticidade); e por outro a notable influencia da lingüística estranxeira -non sempre ben comprendida, particularmente no que se refire ás cuestións de terminoloxía-, nin o obxecto de estudo quedou nitidamente precisado, nin a terminoloxía ao respecto é plenamente satisfactoria para facer referencia ás peculiaridades conceptuais dos diferentes grupos que se pretende abranguer.

Dados os precedentes aos que acabamos de facer referencia, non chama excesivamente a atención que os lingüistas no ámbito da lingua española foran tomando diferentes posicións -enfrontadas nalgúns casos- á hora de incluír ou non no grupo de unidades fraseolóxicas aquelas que, tendo en conta a definición tan laxa coa que se traballa en Fraseoloxía, están ao límite dos trazos cos que se pretende limitar o marco de traballo. Un destes grupos aos que nos estamos a referir é o das entidades pluriverbais, cuxa fixación é discutible, no sentido de que seus elementos son combinables con outras unidades co sentido que lle é propio: *entablar amistad, escanciar vino*; un segundo grupo fórmano aqueles que carecen de sentido figurado: *doblarse de dolor, mearse de risa* e un terceiro grupo formado por entidades portadoras de elementos únicos (palabras idiomáticas) de discutible posicionamento canto ao seu sentido figurado: *error garrafal, de bruces, hacer el paripé, a hurtadillas etc.*

Moitos destes entrecruzamentos pluriverbais aos que estamos aludindo entran dentro do marco das chamadas colocacións, ás que nos referiremos unhas liñas máis abaixo. Ditas colocacións, volvendo ao anterior, son consideradas por algúns lingüistas como elementos fraseolóxicos, xa que a frecuente coaparición dos seus membros se asemella á fixación da estrutura do grupo central das expresións fixas (Corpas Pastor 1996/2001). Outros consideran que tales combinacións non poden encadrarse baixo a rúbrica de unidade fraseolóxica, pois ditas formacións son froito de restricións combinatorias propiciadas pola semántica interna dun ou varios dos seus compoñentes (Alonso Ramos 1994/1995; Bosque 2001).

Como engadido á polémica xa asentada poderíase dicir que tanto a fixación estrutural coma a idiomaticidade non son conceptos absolutos, senón que poden afectarlles de xeito moi diferente aos citados conglomerados pluriverbais e, ademais, ambas as propiedades poden afectar ou non á totalidade dos membros da composición, co que o asunto se complica aínda máis.

Para continuarmos, imos establecer os diferentes enfoques dende onde se intentou abordar estes particulares entrecruzamentos sintácticos, para continuar con algúns apuntamentos que poderían ser útiles para deitar algo de luz sobre estes problemas.

2. Outros enfoques

Paralelamente á liña de investigación enmarcada na Fraseoloxía, dende a década de 1980 vénse producindo unha converxencia con certos estudos lingüísticos que, malia estaren orixinados en postulados ben diferentes, manteñen un certo denominador común: o seu obxecto de estudo son os "conglomerados léxicos" que se reproducen no discurso con maior frecuencia do previsible nas regras de combinación que lle dan forma á linguaxe. Ditos enfoques teñen o seu antecedente en postulados diferentes, coma tal: por unha banda, a frecuente coaparición de elementos no decurso, produto da particular relación semántica das palabras que integran o ente en cuestión (*perro-ladrar; caballo-bayo*). Por outra banda, a frecuente coaparición na correlación sintáctica de vocábulos alicerzada agora en metaforizacións máis ou menos artificiosas que terminan por imporse entre os falantes por precisaren conceptos en gran medida abstractos: *acariciar una idea, llorar amargamente.* As dúas ideas sinaladas responden *grosso modo* a dous conceptos que representan xa unha certa tradición: as solidariedades léxicas e as colocacións.

2.1. Solidariedades léxicas

A noción de solidariedade léxica ten moito que ver coa semántica interna das palabras, pois é dita relación a que desencadea as restricións combinatorias, cuxo máis visible expoñente no decurso sintáctico é a alta frecuencia de coaparición. Coseriu (1986: 148) define solidariedade léxica como:

> […] *determinación semántica de una palabra por medio de una clase, un archilexema o un lexema, precisamente, en el sentido de que una clase determinada, un determinado archilexema o un determinado lexema funciona como rasgo distintivo de la palabra considerada.*

Para este autor, dita relación de solidariedade prodúcese cando un determinado lexema implica a existencia doutro; dito doutro xeito, o lexema determinado mantén trazos distintivos que obrigan no decurso á existencia do lexema determinante. Así, *relinchar* carece de sentido fóra da combinación con *caballo*. Agora ben, a relación entre determinante e determinado pode variar enormemente en virtude da importancia do compoñente semántico común; de feito, mentres *fruncir* practicamente presupón *ceño*, *talar* permite unha maior capacidade combinatoria, xa que inda que presupón *árbol* son moitos os lexemas cos que pode combinar: *manzano, pino, bosque* etc. Cómpre sinalar a este respecto que conforme se amplían as posibilidades combinatorias, diminúe a frecuencia de coaparición dunha determinada combinación. Dita solidariedade entre termos é ás veces tan marcada que chegou a solaparse na práctica coa fixación estrutural propia das expresións fixas[4].

[4] Véxase a este respecto o traballo de García-Page 1990b.

Tales implicacións semánticas poden estar motivadas tanto no comportamento da mesma natureza (*gato-maullar*), como en restricións artificiais creadas na propia linguaxe (*anclas-levar*).

2.2. As colocacións

Como sinala Corpas Pastor (1996: 53), o termo colocación introduciuse recentemente, na década de 1980, na filoloxía española. A súa orixe, *collocation,* foi cuñada por J. R. Firth, quen a utilizou no seu *Papers of Linguistics* (1939-1951) como concepto básico para desenvolver a súa teoría xeral do significado[5]. Malia Firth utilizar o termo *colocación* para referirse a un dos varios niveis de análise sobre os que orbita o significado léxico, e tamén para facer referencia á coaparición de unidades léxicas, nunca chegou a definir explicitamente o que entendía por dito termo. Foron posteriormente os seus colaboradores, os neofirthianos da escola sistémica británica, os que reelaboraron a noción de colocación. Nun principio, as investigacións centráronse no ámbito formal e foron de carácter puramente estatístico. Neste sentido, foi M. A. Halliday (1966) quen chegou a definir "colocación" coma a asociación sintagmática de unidades léxicas baseada no índice de frecuencia de coaparición estatística, na que era irrelevante a categoría gramatical de ditas palabras. Tamén J. M. Sinclair (1966) estudou a coaparición lineal de palabras coa axuda de córpora extensos, á marxe de consideracións semánticas ou sintácticas, de modo coherente cos postulados que xa expuxera Firth.

A teoría colocacional recibiu importantes contribucións dende o campo da lexicografía, posto que esta disciplina permite no plano didáctico -e concretamente na L2- establecer os criterios de restrición combinatoria (semántica ou sintáctica) que fundamentan a noción de colocación. De entre estes estudos cabe destacar os de Cowie (1978/1981/1984), quen penetra nos diferentes graos de restrición que afectan os grupos colocacionais e nos problemas que estes grupos presentan dende a vertente da lexicografía pedagóxica. Con este enfoque lexicográfico, Benson (1985) e Benson *et al.* (1986a/1986b) establecen dous tipos de colocacións en función de que teñan dúas palabras léxicas ou unha palabra léxica e outra gramatical. O equivalente español deste segundo grupo representaríano aqueles verbos formados con preposición. En xeral, pode dicirse que os estudos dedicados á semántica das colocacións tratan de poñer de relevo que son as relacións dos significados as que propician que os formantes aparezan xuntos máis frecuentemente do que o fan con outros elementos do discurso.

No que atinxe ao ámbito español, o termo colocación aparece hai poucas décadas nalgúns dicionarios de lingüística traducidos (G. Mounin 1974 e J. Dubois *et al.* 1979), nos que se sinala que con el se denota tanto un método para descubrir o significado como a coaparición sistemática de unidades léxicas. Non obstante, non foi ata a aparición da obra de A. Downing (1982) sobre as relacións sintagmáticas en inglés, cando se presentan os fundamentos da teoría colocacional de xeito preciso, mediante un estudo contrastivo inglés-español. A partir desa data o termo xeneralízase para facer

[5] Porén, Alonso Ramos (1994/1995) e (2002: 67) dá a entender, baseándose no comentario doutros autores, que o termo foi cuñado por H. E. Palmer.

referencia a: 1.- Un tipo de significado lexemático. 2.- A coaparición de palabras. Estas dúas acepcións do mesmo termo non poden verse como fenómenos independentes; máis ben ten que tomarse o segundo, polo xeral aínda que non sempre, como unha consecuencia do primeiro.

Ata hai pouco a lexicografía mostrou moi pouco interese nas colocacións se cadra por se trataren de construcións cuxos compoñentes teñen significado independente e nos que a norma de uso foi a que xeneralizou a súa combinación, á vez que restrinxía en maior ou menor grao a súa combinación con outros elementos do discurso. Non obstante, si se tivo en conta, en xeral, dita especialización combinatoria. Por exemplo, na entrada "garrafal" é xeral facer referencia a "error", case a única palabra coa que combina no discurso. Noutros casos, a colocación queda máis difuminada por se abriren as posibilidades combinatorias: "entablar" (*amistad, guerra, batalla, relación* etc.). A dificultade neste caso céntrase en ata onde chegar, pois estas colocacións forman un *continuum* que vai dende a combinación en exclusiva ata practicamente a libre combinación. Dende o punto de vista semántico son sintagmas bastante transparentes. Non obstante, a este aspecto referirémonos máis profundamente na parte dedicada á análise.

Como queda probado, as colocacións como tales son froito de meticulosas análises de frecuencia de coaparición de certas combinacións, que se viron xustificadas á luz dos avances da semántica ao longo do século XX (no sentido de que a semántica interna das palabras predeterminaba relacións sintácticas e por tanto a combinación de vocábulos).

Alén de falarmos en qué medida as construcións do tipo que estamos a ver pertencen ou deben estudarse na fraseoloxía, o noso obxectivo vai centrarse nas causas que propician que instintivamente creamos ter consciencia de que estamos perante un grupo de palabras que forman unha unidade ou, dito noutras palabras, que a relación entre os seus termos presenta calidades das que carece a linguaxe composicional máis extrema.

3. A fixación e a proxección semántica

Xa se dixo que as locucións son normalmente sintagmas oracionais dende o punto de vista formal e unidades léxicas dende unha perspectiva semántica. Este tipo de unidades pluriverbais cobre a totalidade das categorías léxicas (a excepción da que correspondería ao artigo), así temos que os equivalentes semánticos a un substantivo son as locucións substantivas: *cabeza de turco, año de la polca, mosquita muerta* etc.; verbais: *vivir del cuento, cantar las cuarenta, estar pez* etc.; adverbiais: *de higos a brevas, cuando las ranas crien pelo, gota a gota etc.*

En todas elas chama a atención o sentido figurado, relativamente transparente nunhas e completamente opaco noutras. En certos casos, dito sentido figurado non é global na estrutura, senón nunha parte dela: *vivir del cuento*, *año de la polca*, e mesmo, aínda que é máis discutible o de *estar pez*. O que si parece estar claro é que a proxección metafórica que faculta o cambio de significado está baseada en similitudes de diverso tipo que superan -como agora veremos- o proceso de abstracción connatural na

linguaxe. Por outra banda, o proceso metafórico nos casos vistos e do tipo sinalado ten que afectar como mínimo a dúas palabras da expresión.

De xeito diferente ao xa mencionado, os estudosos sobre este asunto definiron as colocacións como sintagmas, ao non poder atribuírlles a estas o significado de conxunto, polo menos no sentido das anteriores. Así, ao trataren a taxonomía das colocacións, o máis común é facer referencia ás categorías e funcións dos integrantes: substantivo (sux.) + verbo: *zarpar un barco, correr un rumor*; verbo + substantivo (obx.): *zanjar una discusión, conciliar el sueño*; adxectivo + substantivo: *enemigo acérrimo, error garrafal, ignorancia supina*; verbo + adverbio: *negar rotundamente, rechazar categóricamente* etc.; adxectivo + adverbio: *radicalmente opuesto, profundamente dormido, estrechamente ligado* etc. A diferenza fundamental entre un grupo e outro subxace nos diferentes mecanismos para conformar os significados.

Unha rápida ollada aos exemplos cos que ilustramos, sen ánimo de exhaustividade, a variada tipoloxía pon de manifesto un primeiro feito relevante: a ligazón dos termos sinalados responde a diferente natureza, malia que a lingüística os considere baixo a mesma rúbrica. Así, un primeiro grupo presenta un certo grao de metaforización, que os achega ás locucións, se ben dita metaforización afecta a unha única palabra e ao mecanismo utilizado tradicionalmente polas linguas para facer referencia ás abstraccións partindo de vocábulos xa existentes para conceptualizar feitos ou obxectos físicos ou de natureza máis primaria[6]. De feito en *correr un rumor* o rechamante está en que é *correr* o verbo elixido para a expresión abstracta; é dicir, do *correr* de movemento físico cara a *correr* co significado de "expandir" ou "ampliarse" aplicado a *murmurio*. En teoría a lingua dispuña outras posibilidades coma **agrandar el rumor*, **mover el rumor* etc., ou, mesmo, puido crear un novo termo para este contido abstracto; porén, foi *correr* o termo que triunfou[7]. Do mesmo xeito poderían explicarse outros moitos como *entablar una conversación* ou *zanjar una discusión*.

Pódese sinalar que dita transposición cognitiva ou metaforización cara a unha noción máis abstracta do termo ten que estar suxeita, como toda metáfora, a algún tipo de motivación. Dita ampliación de significado, seguindo o natural desenvolvemento diacrónico dunha lingua, prodúcese nun momento determinado por un individuo ata que se xeneraliza na comunidade de fala. A distancia entre o significado recto e figurado do termo pode variar dende unha pequena ou leve proxección semántica ata

---

[6] Lyons (1989: 248) fai referencia a este aspecto ao sinalar en relación con algúns verbos que foron ampliando o seu significado que "…consiste en ilustrar lo que Porzig entiende por extensión a partir de un significado altamente específico hacia otro posterior más general. Los principios que promueven las ampliaciones de este tipo -generalización y abstracción- han sido hace mucho tiempo reconocidos por la semántica diacrónica (cf. Breal 1897) y los análisis tradicionales de la metáfora, de una parte, y por los estudios sobre la adquisición de la lengua, por otra".

[7] Nótese que unha das maiores dificultades dos estranxeiros, xunto ás expresións fixas e os usos preposicionais, é este tipo de unidades. Porén, a explicación para todos estes feitos é a mesma: o léxico das diferentes linguas, polo menos no que atinxe ás indoeuropeas, presenta fortes equivalencias en todo o relativo a fenómenos físicos ou de gran concreción: *traballar, ler, casa, río etc.*; o problema respecto das equivalencias preséntase nos procesos de abstracción ou metaforización, pois aquí cada lingua compórtase, polas razóns que sexan, de xeito peculiar.

casos nos que a distancia entre un e outro significado fan moi difícil ou imposible establecer a súa relación[8]. Así, pode dicirse que o proceso de metaforización é leve entre *estallar una bomba* e *estallar un conflicto*; de grao medio entre *entablar las vigas de la casa* e *entablar una hermosa amistad*; e vólvese practicamente opaca en *ignorancia supina, comer opíparamente* ou *enemigo acérrimo*.

Non é difícil notar que algúns dos exemplos sinalados anteriormente presentan certas dificultades para ser explicados co proceso de abstracción xa sinalado, polo que nos referiremos a eles no seguinte epígrafe.

Un terceiro tipo de sintagmas é o que responde á solidariedade léxica. Cómpre lembrar que as solidariedades léxicas cobren unha parte das chamadas colocacións, no sentido de que un termo -o determinante- mantén entre os seus trazos distintivos algúns dos trazos esenciais do outro -o determinado. Así, o termo *zarpar* determina 'medios de transporte marítimo' como *barco* ou *flota*; non así ao contrario. Do mesmo xeito cabería tratar relacións como *caballo-bayo, ladrar-perro, asestar-golpe o fruncir-ceño*. A interrelación de trazos do termo determinante é tan complexa cara ao determinado que na práctica impide o seu uso noutro contexto. Cabe sinalar que dita implicación de trazos esenciais dun termo noutro supón dous aspectos complementarios: por unha banda, faculta unha maior concreción e exactitude na comunicación; pola outra, dificulta as posibilidades de combinación dos lexemas determinantes.

Como se observa, o presente grupo presenta poucas similitudes coas denominadas locucións, máis alá da tendencia dos termos a aparecer xuntos; é dicir, non presentan sentido figurado nin parece haber fixación en tanto os termos permiten a súa total adaptación ao decurso sintáctico. Con respecto ao segundo grupo dos expostos, cómpre salientar que as solidariedades léxicas presentan un certo grao de conexión cun dos subtipos que imos sinalar. De certo, pouca conexión vemos coas ligazóns que poderíamos chamar "naturais", é dicir, as impostas polo mundo exterior: *perro-ladrar* ou *león-rugir*. Emporiso, outros casos nos que se observa maior artificialidade á hora de constituir o proceso de selección para xerar a abstracción, como son *zarpar-barco* e *asestar-golpe*, presentan maior dificultade para a súa explicación e un acercamento ao grupo anterior. Agora ben, malia ser certo que hoxe en día *zarpar* nos parece totalmente opaco -en relación co significado de "saír" (un barco)-, cabería preguntarse se sempre foi así ou se a súa opacidade é froito da historia do termo, da súa propia diacronía. A solución a esta cuestión acláranola o DUE, cando se afirma o seguinte respecto de *zarpar*: "(Del it. ant. "sarpare", antes "serpare" y hoy "selpare", quizá de "serpe", espacio en la proa del barco donde se deposita el ancla al levarla, así llamado por unos maderos de forma semejante a la de la serpiente que lo limitaban...)" . Con dita información o proceso de abstracción é moito máis transparente; porén, a medida que se volve opaco debido á evolución da propia lingua ou á perda, por outras causas,

[8] A motivación pode facerse plenamente opaca se temos en conta a evolución da propia lingua; así nun estadio inicial sería comprensible e o paso do tempo iría aumentando a súa opacidade. Por outra banda, poden influír en dito proceso factores moi localizados ou situacionais que xustifican a súa aparición, mais que esquecida a situación concreta fan opaca a transposición semántica.

da conexión entre os sentidos, dita especialización semántica vai enguedellando os significados ata aparecer ante os nosos ollos como mera solidariedade léxica.

4. Colocacións: restricións semánticas e cambios morfosintácticos

Referímonos xa a algúns dos mecanismos que dan fundamento a diferentes grupos, que a lingüística vén definindo como locucións e colocacións. Estes fundamentos circunscribímolos ata agora as proxeccións semánticas ou metaforizacións, se ben de diferente natureza. Porén, podemos adiantar outras causas de carácter formal, aínda que non faltan os casos en que se mesturan trazos semánticos e formais que dificultan a súa observación e impiden ver con nitidez a causa que orixina o alto índice de coaparición de determinados vocábulos.

Unha vez que se produciu e xeneralizou o novo significado dun termo, en virtude da citada metaforización (ou sentido figurado) como proxección do sentido literal que facultan a dito vocábulo para ser utilizado en diferentes contextos, ambos os sentidos (e o que é o mesmo, as súas combinacións) poden seguir procesos gramaticais moi diferentes. Sen ánimo de ser exhaustivos, imos sinalar algúns aspectos de carácter morfosintáctico que xustifican que ditas formacións se incluísen entre as chamadas colocacións en virtude da coaparición dos seus formantes. Dita ampliación metafórica proxéctase sobre un vocábulo, o que xera un uso con el e cos seus correspondentes noutras categorías léxicas[9], feito que termina xerando unha especie de petrificación ou asociación, que o invalida para outros usos[10]. Vexamos, a este respecto, algúns casos:

1. Creación dunha peculiar estrutura sintáctica, e con ela o sentido do verbo: *conciliar el sueño.*
2. Modificación da voz dun verbo (uso medio dun verbo activo): *declararse un incendio.*
3. Especialización dunha das posibilidades categoriais dunha palabra: *llorar amargamente.*
4. Supervivencia de só un dos membros do paradigma léxico dunha palabra (o que facilita a súa especialización): *problema acuciante.*
5. Entrada de dialectalismos na linguaxe xeral, cuxo significado xenuíno por parte dos falantes facilita a súa especialización: *error garrafal.*

O primeiro caso dos expostos amósanos unha estrutura sintáctica peculiar, pouco produtiva e portadora dun novo significado. No seu sentido non colocacional, o suxeito

---

[9] Halliday (1966: 151) fixo referencia ás relacións paradigmáticas das colocacións e advertiu da existencia de series léxicas formadas por vocábulos que presentan o mesmo grao colocacional, con estruturas moi heteroxéneas dende o punto de vista formal: así dá exemplos como *…argued strongly*, *the strength of his argument*, *his argument was strengthened* etc. Isto é: *argumentou contundentemente*, *a contundencia do seu argumento*, *o seu argumento foi contundente*.

[10] É nesta proxección semántica, dirixida nun sentido e non noutro (p. ex. *profundamente dormido*, pero non **profundamente callado*) cara a nocións psíquicas ou abstractas onde subxace a dificultade dos estranxeiros para acadaren o uso figurado de moitos vocábulos e concretamente de moitas colocacións.

de *conciliar* ten que ser sempre un ser animado e o obxecto directo ten que estar necesariamente en plural. Así, podemos dicir *¿si ellos concilian el trabajo y las obligaciones del hogar, por que tú no?* O sentido aquí de *conciliar* equivale a 'combinar satisfactoriamente'. Polo contrario, a estrutura colocacional permite un único obxecto directo, *el sueño*, á vez que o verbo proxecta un novo sentido 'inducir, facer que se produza'. En consecuencia, en tales casos a colocación xustifícase nunha estrutura particular que á vez modula un novo significado no verbo, e que establece un patrón combinatorio moi limitado, se non único.

Mediante o segundo caso facemos referencia a outra peculiar estrutura, non existente fóra da esfera colocacional. No sentido recto (ou regularizado) o verbo *declarar* ten que portar un suxeito animado, e é susceptible de uso tanto intransitivo coma transitivo: *mañana tengo que ir a declarar / si no declaras tu deseo de ir, nadie te invitará*[11]. Existe, ademais, un uso pronominalizado de dito verbo, cuxo suxieto debe ser necesariamente un ser animado. Neste caso co sentido de 'manifestar o namorado o seu amor á persoa amada pedíndolle relacións'[12]: *Luís declaró su amor a María = Luís se declaró a María*. Pero á marxe destas construcións, moitas das cales habería tamén que considerar colocacións, a presentada anteriormente exhibe unha particularidade especial: dito verbo pronominalizado (con valor medio) esixe un suxeito inanimado: *se ha declarado un incendio, se ha declarado una fuerte polémica*, feito que establece unha diferenza cualitativa que marca de maneira nidia que estamos ante unha colocación.

O terceiro caso, a colocación *llorar amargamente*, presenta outra particularidade digna de salientar. Está claro que *amargamente* forma parte do paradigma amargar-amargo; porén, esta forma regular do paradigma quedou hoxe recluída a usos colocacionais moi reducidos como *llorar amargamente* ou *dolerse amargamente*, e foi a forma adverbial curta a que se impuxo no uso regularizado: *el té sabía amargo* -**el té sabía amargamente*. Ademais -como xa vimos dicindo-, ao desuso de dita forma (que a deixa recluída ao ámbito combinatorio antedito), habería que engadir o proceso sufrido por *amargamente* dende a súa noción física, relacionada co sentido do gusto, cara ao seu sentido máis abstracto que enlaza co de 'sentimento desagradable' no ámbito espiritual da persoa.

Con respecto ao cuarto enunciado, *problema acuciante*, o segundo membro é o participio de presente de acuciar: "(Del lat.**acutiare*, de *acutus*, agudo) tr. Estimular, dar prisa. 2. Impulsar a una persona a ejecutar una acción; incitar, instigar. 3. Inquietar, desazonar. 4. p. us. Desear con vehemencia. 5. ant. Cuidar con diligencia"[13]. Entón, que é o que fai que *problema acuciante* sexa colocación e, por exemplo, *problema estresante* non sexa considerada como tal? Ao noso xuízo, nos casos deste tipo parece claro que o proceso de xestación dalgunhas colocacións está íntimamente relacionado

[11] Deixamos á marxe outro tipo de construcións con este verbo que, aínda relacionadas, non implican unha modificación na estrutura morfosintáctica: *declarar la guerra / una tregua / un armisticio; declarar un producto* (ao pasar unha alfándega).
[12] DRAE (1992: *declarar*, acep. 7).
[13] DRAE (1992).

coa supervivencia dos formantes do seu paradigma léxico. Ao que o paradigma vai desaparecendo, xa sexa porque outros vocábulos absorben o seu significado ou por outras causas, a forma que sobrevive fíxase en certos usos á vez que se vai especializando semanticamente con eles. O caso que nos ocupa parece ser un bo exemplo de proceso en marcha, aínda que xa avanzado. Así, o feito de que o verbo *acuciar*, xunto co seu correspondente paradigma, case desaparecera na práctica da linguaxe oral motivou o sentimento de estrañeza que fai que moitos falantes nativos, e máis aínda os estranxeiros, o perciban case como unha palabra "idiomática"[14]. Poderíase engadir que, en paralelo con ese movemento no conxunto do paradigma pola exclusión de *acuciar,* foise producindo un leve desprazamento semántico causado pola estreita relación entre "acuciante" e os poucos vocábulos cos que combina: *problema acuciante* ou *situación acuciante*. Con respecto ao leve proceso semántico ao que nos referimos, este parece estar na distancia semántica entre "ter présa" por unha banda e "esixir unha rápida solución"; diferenza máis que todo de matiz. Este cambio de matiz, debido á combinación reiterada dun elemento con outro, pode, unha vez desaparecida na práctica a súa ancoraxe semántica cos demais membros do paradigma, ser interpretado, coma un intercambio de lexemas dende o que se xustifican as aludidas solidariedades léxicas.

Por último, imos comentar o caso do *error garrafal*, no que se expón un caso especial que está entre as colocacións e as locucións. En dita combinación, ao igual ca noutras moitas colocacións, hai un vocábulo que se mantén no seu sentido "recto" -*error*- e outro que presenta unha certa anomalía. En efecto, a primera vista e para o común dos falantes, o vocábulo "garrafal" non ten máis significado do que se deduce da combinación *error garrafal*; isto é, adxectivo co valor de 'tremendo' ou 'grave' que se aplica exclusivamente a *error*. Malia o dito, o DRAE precisa outras acepcións: "(De garrofal.) adj. Dícese de cierta especie de guindas y cerezas, mayores y menos tiernas que las comunes. 2. Dícese de los árboles que las producen". Poida que o "garrafal" de *error garrafal* estea orixinado na acepción sinalada polo DRAE, por exemplo a partir dun feito concreto que foi o punto de partida e del terminou xeneralizándose[15] partindo da idea de algo "maior do común". Non obstante, calquera vínculo entre un significado e outro desapareceu, polo que -a palabra quedou recluída a un único uso xunto ao vocábulo *error*-, este feito converte a palabra en idiomática.

Visto o visto, parece claro que a existencia dunha colocación faise máis evidente conforme un dos elementos se afasta do significado canónico que, por regra xeral, os falantes lle atribúen a un vocábulo. Este sentido canónico ou máis xeneralizado na mente dos falantes tende a ser o máis xeral, ou o esteado sobre nocións máis físicas ou concretas. Por outra banda, o sentimento de estar unha combinación colocacional

---

[14] Por palabras "idiomáticas" entendemos as unidades léxicas formadas por un elemento lingüístico que, por diversas razóns, aparece exclusivamente dentro do marco dunha locución e que, polo tanto, funciona como "signo diacrítico" (Zuluaga 1980: 102).

[15] Está ben documentada a existencia de procesos deste tipo na creación de moitas das locucións. Véxase a este respecto o traballo de A. Buitrago (2002).

acrecéntase se o novo significado se ve complementado cunha certa particularidade formal.

5. Conclusións

Como resumo pode dicirse que, independentemente de que certos grupos de unidades poliverbais, entre o que destaca o das colocacións, poidan encadrarse ou non no ámbito da Fraseoloxía, cuestión que dependerá da precisión ou lasitude dos criterios cos que se configure o marco do estudo de dita disciplina, o que si cremos ter deixado claro é que o que hoxe se entende por colocación é un tipo de entidade lingüística que os falantes nativos captan por simple intuición, malia estaren fundamentadas en fenómenos de diferente natureza. O feito de que os falantes non versados na lingua non adoiten presentar dificultades á hora de determinar se están ou non perante unha destas construcións débese, ao noso xuízo, a dous factores: en primeiro lugar unha certa ruptura de dita formación (xa sexa formal, xa sexa semántica) con respecto ao funcionamento de ditos formantes no ámbito máis composicional da lingua. En segundo lugar, tampouco escapa aos ollos dos falantes a alta frecuencia de aparición dos membros da colocación no decurso.

Ao longo deste estudo, puidemos constatar que tanto na maioría das locucións coma nun grupo das consideradas colocacións está subxacente un proceso metafórico, aínda que de diferente natureza. Así, de entre as locucións con sentido figurado establecemos dous grupos: as locucións cuxa proxección metafórica abrangue toda a unidade (*hacer de tripas corazón, a las mil maravillas, dar gato por liebre*), e aquelas que poderíamos chamar mixtas, que manteñen unha parte literal e outra figurada (*vivir do conto, dormir como una marmota*). Nestes últimos casos, a pluriverbalidade da parte figurada fai que esteamos perante unha locución. Cuestión diferente é o xa visto no campo das colocacións. Nestas preséntase polo xeral unha estrutura polimembre (como mínimo dúas palabras plenas), onde un dos seus membros presenta unha particularidade, tal como sinalamos en liñas anteriores con exemplos coma *conciliar el sueño, declararse un incendio, llorar amargamente, problema acuciante, éxito fulgurante* e *error garrafal*.

Un grupo de expresións a cabalo entre as chamadas colocacións e locucións é o de construcións con pouca complexidade estrutural onde non queda especialmente claro o nivel de abstracción ou metaforización dos vocábulos que a forman; non é de extrañar, quizais por esta razón, que moitas delas se atopan tanto en repertorios locucionais coma colocacionais*: tener gancho, llevar un chasco, armar un cacao, hacer el primo; armar gresca, dar el coñazo*.

6. Referencias bibliográficas

ALONSO RAMOS, M. (1994/1995): "Hacia una definición del concepto de colocación: de J. R. Firt a I. A. Mel´cuk", en *Revista de Lexicografía* 1, pp. 9-28.

(2002): "Colocaciones y contorno de la definición lexicográfica", en *Lingüística Española Actual* 24-1, pp. 63-96.

BÄCKLUND, U. (1977): "Frozen adjective-noun collocations in English", en Reich, P. A. (ed.), pp. 255-271.

BENSON, M. (1985): "Collocations and Idioms", en Ilson, R. (ed.), pp. 61-68.

BENSON, M.; BENSON, E.; ILSON, R. (1986ª): *Lexicographic Description of English*. Amsterdam: John Benjamins.

(1986b): *The BBI Combinatory Dictionary of English: A guide to word Conbinations*. Amsterdam: John Benjamins.

BOSQUE, I. (2001): "Sobre el concepto de 'colocación' y sus límites", en *Lingüística Española Actual* 23-1, pp. 9-40.

BURGER, H. (1973): *Idiomatik der Deutschen*. Tubingen: Max Niemeyer.

CASARES, J. [1950] (1992): *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: CSIC.

CORPAS, G. (1996): *Manual de Fraseología*. Madrid: Gredos.

(2001): "Apuntes para el estudio de la colocación", en *Lingüística Española Actual* 23-1, pp. 41-56.

CORREAS, G. (2000): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales y otras fórmulas comunes de la lengua castellana en que van todos los impresos antes y otra gran copia* (preparado para su impresión en 1627). Madrid: Castalia.

COSERIU, E. (1986): "Las solidaridades léxicas", en *Principios de semántica estructural*. Madrid: Gredos, pp. 143-161.

COWIE, A. P. (1978): "The place of illustrative material and colllocation in the design of a learner´s dictionary", en Strevens, P. (ed.), pp. 127-39.

(1981): "The treatment of Collocations and Idioms in Learner´s Dictionaries", en *Applied Linguistics* 2 (3), pp. 223-35.

(1984): "EFL Dictionaries: Past Achievements and Present needs", en Hartmann, R. R. K. (ed.), pp. 155-64.

DOWNING, A. (1982): "Un tipo de relaciones sintagmáticas en inglés", en *Filología Moderna* 74-76, pp. 241-259.

DUBOIS, J. *et al.* (1979): *Diccionario de Lingüística*. Madrid: Alianza.

FIRTH, J. R. (1957): *Papers in Linguistics 1934-1951*. Londres: Oxford University Press.

FRASER, B. (1970): "Idioms within a Transformational Grammar", en *Folia Lingüística* 6, pp. 22-42.

GARCÍA-PAGE, M. (1990): "Léxico y sintaxis locucionales. Algunas consideraciones sobre las palabras 'idiomáticas"', en *Estudios Humanísticos. Filología* 12, pp. 279-290.

(1990b): "Sobre implicaciones lingüísticas. Solidaridad léxica y expresión fija", en *Estudios humanísticos. Filología* 12, pp. 215-227.

(2000): "Expresiones fijas idiomáticas, semiidiomáticas y libres", en *Cahiers du P.R.O.H.E.M.I.O.* 3, pp. 95-109.

GREENBAUM, S. (1970): *Verb-Intensifier Collocations in English: an Experimental Approach*. La Haya: Mouton.

(1988): *Good English and the Grammarian*. Londres: Longman.

HALLIDAY, M. A. K. (1966): "Lexis as a Linguistic Level", en Bazell, C. E. *et al.* (eds.), pp. 148-162.

(1990): "Patterns of Collocability", en Aarts, J. e Meijs, W. (eds.), pp. 233-252.

LYONS, J. (1989): *Semántica*. Barcelona: Teide.

MAKKAI, A. (1972): *Idiom Structure in English*. La Haya: Mouton.

MENDÍVIL, J. L. (1991): "Consideraciones sobre el carácter no discreto de las expresiones fijas", en Martín Vide, C. (ed.): *Lenguajes naturales y lenguajes formales VI*. Barcelona: PPU, 2, pp. 711-736.

MOLINER, M. (1992): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.

MOUNIN, G. (1974): *Diccionario de Lingüística*. Barcelona: Labor.

PORZIG, W. (1957): *Das Wunder der Sprache*, 2. Berna: Franke.

RAE (1726-1739): *Diccionario de la lengua castellana en que se explica el verdadero sentido de las voces, su naturaleza y calidad, con las phrases o modos de hablar, los proverbios o refranes, y otras formas convenientes al uso de la lengua*.

RUIZ GURILLO, L. (1997): *Aspectos de fraseología teórica aplicada*. Valencia: Universidad de Valencia, anejo 24 de *CF*.

SINCLAIR, M. (1966): "Beginning the study of lexis", en Bazell, C. E. *et al.*, pp. 410-430.

THUN, H. (1978): *Probleme der Phraseologie (Untersuchungen zur wiederholten Rede mit Beispielen aus dem französischen, Italianischen, Spanischen und Rümanischen)*. Tubingen: Max Niemeyer Verlag.

WEINREICH, U. (1966): "Problems in the Análisis of Idioms", en Puhver, J. (ed.): *Substance and Structure of Language*. Berkeley/Los Ángeles: University of California Press, pp. 23-81.

ZULUAGA, A. (1975): "La fijación fraseológica", en *Thesaurus*, BICC, XXX, pp.225-248.

(1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt: Verlag Peter D. Lang.

As funcións da cor *verde* en unidades fraseolóxicas españolas, húngaras e alemás

Angelika Menaker[1]

Eötvös Loránd Tudományegyetem (Budapest)

As cores pertencen aos elementos fundamentais da percepción do home. Na lingua dispoñen dunha forza expresiva especial. O verde –como unha das cores principais– aparece en moitas unidades fraseolóxicas nas que dispón de diferentes funcións, cuxa análise é o obxecto deste artigo. Ademais das asociacións xerais (natureza, temperán, semáforo) cada nación ten unha achega diferente á realidade, que reflicte a súa lingua tamén. Este traballo introduce o lector no mundo dos varios usos do verde no español, húngaro e alemán ofrecéndolle unha análise comparativa das súas unidades fraseolóxicas que conteñen esta cor.

Palabras clave: fraseoloxía, análise comparativa, a cor verde en fraseoloxismos.

Colours are included by the basic elements of human perception. They have a special expressive power in language. Green, as one of the primary colours, is present in a lot of collocations, in which it has several functions. Analysis of these functions is the object of this article. Beyond general associations (like green as colour of nature, inmaturity, traffic light), each nation has its special relation to the reality that is reflected in its language as well. This article introduces the readers to the different usage of the green colour in Spanish, Hungarian and German languages, and simultaneously, it also gives a comparative analysis of the phrases containing this colour.

Keywords: phraseology, comparative analysis, green colour in phrases.

1. Introdución

O presente traballo ofrece unha análise comparativa dunhas unidades fraseolóxicas (UFs) das tres linguas mencionadas que teñen entre os seus elementos constitutivos o nome da cor *verde*. Pretendo analizar e comparar os contidos que transmite esta cor e os significados que apoia. Así espero obter informacións sobre as funcións do verde dentro dos fraseoloxismos e sobre as asociacións que serven como base das expresións.

[1] Tradución de Omar García del Campo e Estefanía Rodríguez Casal.

Antes de analizar e comparar as UFs das tres linguas, vexamos primeiro unhas informacións sobre as cores que xogan un papel importante nas artes. Existen diferentes teorías sobre a súa función e valor na pintura. Naturalmente, dispoñen doutras funcións na lingua. Goethe (1983: 63-65) di que a lingua representa os obxectos soamente dun modo simbólico e non directo, principalmente se se trata de fenómenos que non son obxectos, pero o ser humano percíbeos e así nace a necesidade de expresalos e así se crean comparacións. Os ollos necesitan as cores e a luz. As cores causan impresións no corpo e na alma do ser humano. Os obxectos reciben a súa cor a través da luz. As cores teñen forza expresiva, a da cor *verde* imos analizala máis adiante.

2. Unidades fraseolóxicas que conteñen o nome da cor *verde*

A seguir gustaríame enumerar e analizar as UFs e expresións que conteñen a cor *verde* como atributo ou como substantivo. Primeiro dou algunhas ideas e informacións xerais sobre esta cor, sobre as súas funcións, trazos e forzas expresivas. Logo analizo o seu uso en UFs concretas e intento constatar en que medida contribúe a cor ao significado da UF ou que papel xoga na construción. Ao final do capítulo resumirei as funcións da cor nas tres linguas analizadas.

Obtense a cor verde mesturando o marelo e o azul; así non se trata dunha cor principal, é a cuarta cor do espectro solar. Como é o resultado do acorde harmónico entre o ceo azul e o sol marelo está relacionada coa natureza, a xuventude, o desexo, o descanso e o equilibrio. Goethe di (1983: 69-71) que ao observar o verde, os nosos ollos descansan e poñémonos contentos. Segundo Itten (1997: 88-89) é a cor da flora e da clorofila que se produce no proceso da fotosíntese. Expresa frutuosidade, esperanza, calma e alegría e nel únense a fe e a sabenza. Se o verde se achega ao marelo, ten un carácter mozo e é como a primavera. Se se achega ao azul, aumenta o seu compoñente mental. O verde azulado contén frío e agresión. Para Iribarren (1974: 624-625) o verde é ante todo cor da esperanza, porque na primavera, o verde que cobre os campos e que enche as árbores sinala a esperanza de que a terra dará os seus froitos. É a cor natural das herbas e plantas. O verde expresa ademais festexo e alegría.

Esta cor aparece en moitas Ufs e o seu papel é importante na creación de novos significados ou matización dos xa existentes. O español ten as seguintes UFs, nas que atopamos o verde:

> (1) *darse un verde* [alguén] (Seco 1992; Moliner 2001; Iribarren 1974; Sarto 1996; Hispanoteca).

Esta UF significa: gozar moito; comer etc. dunha cousa en moita cantidade e con moito pracer; repousar ou gozar, fartarse de facer algunha cousa. Iribarren (1974: 133-134) dá explicacións posibles canto á súa orixe: esta UF orixinalmente significou en sentido metafórico "folgar con muller pública" e aínda se usa nesta acepción. A primitiva locución foi a de *tomar un verde entre dos azules* que significaba a intención ou o acto de andar polos trigos de Deus en compaña dunha moza do partido, das que usaban medias azuis en vez do xibón de picos pardos que no antigo usaron por lei. A expresión antiga era "darse un verde con dos azules" (por pracer). Darse un verde provén do

grego 'chortos' que significa herba seca ou herba verde e do verbo 'chortar', equivalente a saciar e fartar de herba seca e "tómase por calquera maneira de fartura e pasto", aplicándose metaforicamente aos homes.

O significado desta UF segundo Julio Cegador (Iribarren 1974: 134) é o seguinte: "empaparse (una persona) bestialmente en obra de su gusto, como el caballo se empapa del verde en primavera". Provén da frase "retozar con el verde" que alude aos gandos e trasládase ás persoas, alcuñando a estas de bestas cando se mofan e toman deporte neciamente con outros.

(2) *estar verde* [algo] (Seco 1992; Beinhauer 1978; Moliner 2001; Sarto 1996).

Significa: ser inaccesible ou inalcanzable; aínda non listo, que necesita máis elaboración; que algo está nos seus comezos e fáltalle moito para chegar a ser útil, dar proveito ou estar solidamente establecido.

(3) *estar verde* [alguén] (Seco 1992; Moliner 2001; Sarto 1996).

Significa: ter pouca pericia ou experiencia; non estar maduro, non ter experiencia nunha actividade ou na vida en xeral.

Nas últimas dúas UFs o verde sinala o comezo do proceso de madurecer, de realizarse. Marca o primeiro paso nun camiño. Utilízase o verde como oposición a maduro referíndose a froitos que non alcanzaron a sazón conveniente para seren comidos e por iso non tomaron a cor vermella ou marela que, xeralmente, chegan a ter.

(4) *están verdes* (Moliner 2001).

Trátase dunha expresión baseada na fábula da raposa e as uvas coa que se comenta que unha persoa nos quere convencer de que é ela a que renuncia a certa cousa que, en realidade, non pode conseguir. Aquí o verde ten a función de marcar un trazo negativo que serve como base de rexeitamento. En realidade a persoa que non é capaz de conseguir unha cousa intenta mitigar a súa tristeza ou compensar o seu fracaso diminuíndo o valor da cousa en cuestión, así a renuncia o entristece menos. No caso orixinal foi o pretexto que as uvas estaban verdes, é dicir, non estaban maduras. O uso da expresión e así a aplicación do verde estendeuse a outras cousas tamén.

Na seguinte UF aparece ao lado do verde como a súa parella, o seu antónimo 'maduro':

(5) *estar a las verdes y a las maduras* (Hispanoteca).

Esta UF quere dicir: estar preparado tanto para unha época boa coma para unha época má. As dúas palabras antónimas cobren practicamente todo, representan todas as cousas que poden ocorrer e que non sorprenderán a persoa ben preparada. Como xeralmente os mozos teñen pouca experiencia e eles son os que non están aínda maduros, existen expresións que se refiren á xuventude, á súa conduta activa e vida sexual.

(6) *ser un viejo verde* (Moliner 2001; Iribarren 1974; Hispanoteca).

Aplícase esta expresión ás persoas que teñen inclinacións galantes ou apetitos carnais impropias da súa idade. Fernando Lázaro di (Iribarren 1974: 504-505) que a "verde vejez" foi para os clásicos a vellez non abatida polo tempo. É dicir, un vello compórtase coma un mozo na súa su vida sexual. Con esta expresión está en estreita relación a seguinte:

(7) *chiste verde* (Moliner 2001; Iribarren 1974; Sarto 1996; Hispanoteca).

Trátase dun chiste picante, que conten cousas obscenas e ten algún tema sexual.

(8) *ponerse verde* [alguén de algo] (Seco 1992).

Significa: fartarse de algo. Lamentablemente sobre a súa orixe non atopei nada.

(9) *poner verde* [a unha persoa ou cousa] (Seco 1992; Moliner 2001; Sarto 1996; Hispanoteca).

Significa: criticala ou censurala duramente; reprendela, insultala ou desacreditala. Sobre a súa orixe non teño información.

Hai expresións onde o verde aparece como cor típica da natureza:

(10) *dormir a cortinas verdes* (Hispanoteca).

A imaxe que evoca esta UF é o conxunto da follaxe de árbores e matogueiras que se atopan como cortinas ao redor dunha persoa tombada nun bosque. Envólvea e deféndea a natureza.

(11) *zonas verdes* (Moliner 2001; Sarto 1996; Dorogman 1992; Hispanoteca).

Esta expresión aplicase á zona urbanística non edificable, reservada para xardín ou parque. O verde aparece como cor das árbores e das plantas.

(12) *no dejar verde ni seco* (Hispanoteca).

Vimos xa o verde como antónimo de maduro, agora aparece como o de seco. As plantas verdes aínda conservan zume que as secas perderon xa. Coa utilización destas dúas palabras antónimas vense incluídos todos os obxectos na acción, é dicir, a actividade diríxese a todo. Esta UF significa: destruír, derrotar todo profundamente, sen excepción.

As mesmas palabras antepostas atópanse na seguinte UF:

(13) *arder verde por seco* (Hispanoteca).

Expresa unha situación, onde o inocente queda castigado en vez do culpable. O verbo 'arder' equivale a morrer; o verde aparece como algo positivo que sería mellor manter e o seco practicamente xa non vive e non ten valor. Así pérdese algo valioso.

(14) *dar luz verde* (DRAE; Sarto 1996; Hispanoteca).

Esta expresión está vinculada coa circulación dos vehículos que poden seguir adiante se o semáforo está en verde. No sentido abstracto a luz verde equivale segundo o DRAE a

un procedemento disposto para o logro dun asunto e a expresión total segundo Sarto (1996) significa: autorizar a que se faga unha cousa.

(15) *estar verde de envidia* (Seco 1992; Hispanoteca).

Esta expresión describe un estado non natural do ser humano ('estar verde') quen, como consecuencia de ter o alto grao dun sentimento (aquí 'envexa'), se altera deste modo. Pódese observar a relación estreita que hai entre o verde e o marelo, porque outras linguas operan co marelo como p. ex. o húngaro: *sárgul az irigységtől* (Bárdosi 2003: 'ponerse amarillo de envidia') ou o alemán: *gelb vor Neid werden* (Hispanoteca: 'ponerse amarillo de envidia') ou *grün und gelb vor Neid sein* (Hispanoteca: 'estar verde y amarillo de envidia').

(16) *estar verde de rabia* (Seco 1992).

Como a expresión anterior, esta serve tamén para destacar, comunicar dunha maneira máis intensiva a presenza dun sentimento.

(17) *verde y con asas* (Seco 1992).

Cando se trata de algo inequívoco, pódese utilizar esta expresión.

(18) *verdes las han segado* (Seco 1992).

Úsase esta expresión para caracterizar situacións nas que non hai nada que facer. É como o punto final dunha acción que foi acabada más cedo do que se esperaba; a iso alude a cor verde.

Sigamos analizando as UFs do húngaro[2], empezando cunha comparación:

(1) *olyan sápadt, mint a zöld béka* (Bárdosi 2003; O. Nagy 1976) [literalmente: 'pálido como unha ra verde'].

Aplícase esta expresión a persoas que están moi pálidas.

(2) *szép zöld* (Bárdosi 2003) [literalmente: 'ben verde'].

Esta expresión refírese tamén ao aspecto físico dunha persoa e significa que alguén parece doente. É unha expresión humorística e informal.

(3) *zöldfülű* [literalmente: 'ter as orellas verdes']

Así podemos caracterizar a persoas con pouca experiencia ou sen ela.

(4) *sok zöldet összehord* (Bárdosi 2003) [literalmente: 'amontoar moitas cousas verdes'].

(5) *zöldeket beszél* (Bárdosi 2003) [literalmente: 'falar cousas verdes'].

---

[2] Xunto aos fraseoloxismos húngaros poden constar as seguintes abreviauras: *vkinek* a alguén (en caso dativo); *vkit* alguén (en caso acusativo); *vkivel* con alguén; *vminek* algo (en caso dativo); *vmivel* con algo.

As dúas UFs expresan que un fala disparates, parvadas. As expresións teñen estilo chistoso e son informais.

(6) *zöld ágra vergődik* (vkivel v. vmivel) (Bárdosi 2003; O. Nagy 1976 e 1979) [literalmente: 'chegar a unha póla verde' (con alguén ou con algo)].

Esta UF ten dous significados (O. Nagy 1979: 39-42):

a) solucionar un problema difícil, arranxar unha situación difícil

b) chegar a un acordo con alguén, obter éxito con alguén

O. Nagy infórmanos do significado a da orixe desta UF. Aplícase esta expresión a persoas cuxos problemas económicos se arranxan e que por fin logran chegar a un acordo con alguén; que dalgunha maneira van adiante na vida. O húngaro recibiu esta UF do alemán: "auf keinen grünen Zweig (Ast) kommen", que foi traducida primeiro así: "zöld ágra nem mehet", pero existían outras variantes tamén, como: "zöld ágra jut", "zöld ágra vihetem". O. Nagy parte na súa explicación da orixe da UF alemá. O sintagma 'póla verde' foi utilizado como símbolo do crecemento e da natureza e, en sentido figurativo, da felicidade e do éxito obtido por alcanzar algunha meta. A 'póla verde' non era unha construción ocasional, senón que as dúas palabras xuntas marcaban unha noción que hoxe chamamos follaxe. Como o home ve a follaxe sempre encima de si, esta noción entrou en contacto coa dirección 'cara arriba', que en sentido figurativo significa ir adiante. O verbo 'vergődik' foi a perífrase máis expresiva da noción 'cara a arriba', porque se remonta ao verbo con prefixo 'felvergődik', cuxo significado estaba vinculado co de "zöld ágra jut" e "zöld ágra megy", onde os verbos do movemento non determinan a dirección da acción. Así, a forma actual da UF naceu a través da substitución do prefixo verbal 'fel' polo sintagma 'zöld ágra' e é a explicación da aparición do verbo 'felvergődik' sen prefixo na UF.

(7) *zöld utat ad* [*biztosít*] (vkinek v. vminek) (Bárdosi 2003) [literalmente: 'darlle [asegurarlle] un camiño verde' (a alguén ou algo)].

Como o verde é unha das cores do semáforo, existen expresións que están relacionadas co significado do verde na circulación. Esta UF expresa que un fai posible, fomenta o desenvolvemento, o progreso e a evolución de algo ou de alguén. A seguinte expresión refírese ao outro lado desta actividade:

(8) *zöld utat kap* (Bárdosi 2003) [literalmente: 'recibir un camiño verde'].

Significa que alguén recibe o dereito ou a posibilidade de actuar libre, seguindo as súas propias ideas.

(9) *ugyanaz zöldben* (Bárdosi 2003) [literalmente: 'o mesmo en verde'].

Aplícase esta expresión para dicir que non hai ningunha diferenza entre dúas cousas. Sobre a súa orixe non teño información, pero poder ser que se trate dunha tradución da expresión alemá.

A seguinte expresión está vinculada coa natureza:

(10) *zöld nap* [literalmente: 'día verde']

Esta expresión ten referencia dobre: por un lado trátase dun día cheo de actividades para a protección do medio natural (o verde aparece aquí como a cor da flora) pero, por outro, utilízase esta expresión no mundo das finanzas onde designa a tendencia do ascenso, a alza na bolsa (o verde ao mellor aparece aquí como a cor da esperanza).

Para rematar vexamos unha expresión que sinala un día festivo:

(11) *zöld csütörtök o nagycsütörtök* (Pallas Nagy Lexicona) [literalmente: 'xoves verde ou gran xoves'].

Trátase do xoves da Semana Santa, antes do día de Pascua.

Vexamos agora as UFs do alemán.

Lutz Röhrich destaca que o verde é orixinalmente a cor da natureza fresca que medra e así os seus antónimos son atributos como seco, pasado e maduro. Hai expresións nas que o verde alude á xuventude inexperta:

(1) *grüner Junge* (Röhrich 1978; Hessky 1993; Ármósné e Rátz 1991) [literalmente: 'mozo verde'].

(2) *Grünschnabel* (Röhrich 1978; Hispanoteca) [literalmente: 'pico verde'].

O mozo verde necesita tempo para madurar, o pico verde (como *Gelbschnabel*) é moi novo aínda: non dispón de ningunha experiencia de vida.

No alemán tamén existe a aplicación do verde para sinalar o comezo de algo:

(3) *etwas zu grün angreifen* (Röhrich 1978) [literalmente: 'agarrar algo nun período demasiado verde'].

Significa: comezar algo demasiado cedo, facelo con moita présa e sen preparación previa. Esta UF ten como parella a seguinte:

(4) *etwas zu grün abbrechen* (Röhrich 1978) [literalmente: 'interromper algo nun período demasiado verde'].

Significa: terminar algo demasiado cedo, sen deixar madurar.

(5) *sich grün machen* (Röhrich 1978; Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954) [literalmente: 'facerse verde'].

Aplícase esta UF a persoas que pensan que son mellores do que son en realidade. A través da cor verde recibe atributos como fresco, novo, vivo e forte.

(6) *jm nicht grün sein* (Röhrich 1978; Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hessky 1993; Ármósné e Rátz 1991; Hispanoteca) [literalmente: 'non ser verde para alguén'].

Trátase dunha UF frecuente, cuxo significado aparece nos manuais en dúas versións. Os autores alemáns din que esta expresión sinala unha situación na que un non se comporta con alguén con boa vontade e non se mostra ben intencionado. Hessky

(1993) ten outra opinión: segundo ela esta UF significa que un non é simpático para o outro, que non lle cae ben. A Hispanoteca fala de dúas persoas que non se levan ben. O significado da cor verde sofre un cambio e en vez de 'fresco, vivo, novo' significa 'ben intencionado'.

> (7) *auf keinen grünen Zweig / Ast kommen* (Röhrich 1978; Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hessky 1993; Ármósné e Rátz 1991; Griesbach e Schulz 1991; Hispanoteca) [literalmente: 'chegar a unha póla verde'].

Xa coñecemos a variante húngara desta UF orixinalmente alemá. É importante mencionar que a expresión alemá contén a negación da actividade e así significa: non ter éxito, non conseguir nada; non ter sorte, non ir adiante; non ter éxito económico. É interesante que o manual de Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht (1992) mencione tamén unha variante sen negación que pasou ao húngaro tamén. Os manuais non explican a orixe da UF, simplemente mencionan que a 'póla verde' como imaxe transmite o símbolo do crecemento da natureza en primavera.

Evidentemente en alemán hai tamén algunhas UFs que están en relación coa natureza.

> (8) *bei Mutter Grün schlafen / übernachten* (Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954; Röhrich 1978; Ármósné e Rátz 1991; Hispanoteca) [literalmente: 'durmir / trasnoitar en Nai Verde'].

Significa: pasar a noite en campo raso ao aire libre. O manual de Borchardt, Wustmann e Schoppe (1954) di que esta expresión naceu en Berlín e de alí estendeuse á lingua estándar. O verde alude á follaxe das árbores e matogueiras que un encontra ao seu redor se se deita nun campo ou nun bosque.

> (9) *eine grüne Hand / einen grünen Daumen haben* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hispanoteca) [literalmente: 'ter unha man / un polgar verde'].

Esta persoa que ten as mans verdes ou o polgar verde ocúpase das plantas con moito éxito, está dotada de talento para coidar, atender as plantas e flores. É evidente que o verde substitúe aquí as plantas e é importante que as mans sexan verdes, porque un pode coidar as plantas utilizando as mans, é dicir, a través das mans establece contacto con elas.

> (10) *die grüne Hölle* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992) [literalmente: 'o inferno verde'].

Así se denomina a selva porque aparece como un hábitat perigoso. O ser humano, se quere entrar na súa vexetación abundante, ten que facer moitos esforzos e agárdano animais perigosos que lle poñen medo e lle dan sorpresas desagradables, porque non coñece este territorio.

> (11) *grüne Witwe sein* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992) [literalmente: 'ser viúva verde'].

Chámase así a muller que pasa moito tempo soa, vive como se fose viúva, porque habita co seu marido unha casa na zona verde, lonxe da cidade, ás aforas. Como o seu marido traballa no centro, na cidade, pasa moito tempo no seu lugar de traballo e así deixa soa a súa muller. O verde alude á natureza, que se atopa ao redor da casa.

(12) *grüne Weihnachten* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hispanoteca) [literalmente: 'Nadal verde'].

Significa: Nadal sen neve, onde a natureza co seu verde vivo non está cuberta e agochada pola branca neve.

O verde pode substituír atributos como fresco, vivo:

(13) *grüner Hering* (Röhrich 1978) [literalmente: 'arenque verde'].

Trátase dun arenque fresco, aínda non elaborado. Existen outras expresións tamén coa mesma lóxica, p. ex. "grüner Speck" [literalmente: 'touciño verde'].

(14) *die grüne Seite* (Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954; Röhrich 1978; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Ármósné e Rátz 1991) [literalmente: 'o lado verde'].

Trátase do lado esquerdo do corpo humano, onde se atopa o corazón. O verde significa aquí fresco, vivo, adxectivos aos que se engaden outros atributos positivos, como destro, favorable e gracioso. O manual de Borchardt, Wustmann e Schoppe (1954) tamén dá un contexto, unha frase, onde se utiliza esta expresión: "sich an js grüne Seite setzen".

O verde como unha das cores do semáforo aparece na seguinte UF:

(15) *grünes Licht für eine Sache (eine Person) geben* (Röhrich 1978; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hessky 1993; Ármósné e Rátz 1991; Hispanoteca) [literalmente: 'dar luz verde a unha cousa (a unha persoa)'].

Significa que unha persoa recibe o dereito de actuar segundo o seu libre albedrío e que nada obstaculiza a súa actuación. No caso de cousas, planos, proxectos significa que foron aceptados e que poden ser realizados. A analoxía que serve para base desta expresión procede do tránsito, xa que os coches poden seguir adiante se o semáforo está en verde. Funciona como un permiso.

(16) *es ist alles im grünen Bereich* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992) [literalmente: 'todo está no ámbito verde'].

Con esta UF podemos expresar que todo está en orde, baixo control, todo vai normal. A súa orixe está vinculada coa técnica, porque se remonta á sinalización das máquinas que xeralmente marcaban a función normal coa cor verde e a función anormal, perigosa coa vermella. Así, se algo se atopaba na rexión do verde, non había problemas.

O verde ten outras aplicacións máis:

(17) *jn (etwas) über den grünen Klee loben* (Röhrich 1978; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hessky 1993; Ármósné e Rátz 1991; Griesbach e

Schulz 1991; Hispanoteca) [literalmente: gabar a alguén (algo) máis ca o trevo verde'].

Significa: loar, gabar demasiado, dun modo exaxerado a alguén ou algo destacando os seus mellores trazos. O verde ten aquí función intensificadora e apoia o acto de esaxerar. A orixe desta UF non é clara, pero segundo Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht (1992) o trevo verde (é dicir o céspede verde coas flores do trevo) representaba na poesía da Idade Media, e logo no uso normal da lingua, a frescura da primavera. Os poetas loaban nas súas obras os elementos da natureza, entre eles o trevo tamén. A UF significaba orixinalmente: 'loar algo máis ca o trevo'.

Nas dúas seguintes expresións o verde está noutro contexto:

(18) *unter dem kühlen / grünen Rasen liegen / ruhen* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992) [literalmente: 'estar deitado / descansar baixo o céspede fresco / verde'].

(19) *jn deckt der kühle / grüne Rasen* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992) [literalmente: 'o céspede fresco / verde cobre a alguén'].

Ambas as UFs expresan que alguén está morto e enterrado. Ambas transmiten a mesma imaxe pero dun modo diferente. A primeira di que alguén está tombado debaixo do céspede verde, onde o verde representa a vida, que se atopa noutro nivel, xa non alcanzable. A segunda di que o céspede verde cobre a alguén, onde o punto de vista parte do nivel da vida e chega ao mundo dos mortos, ao estado debaixo da terra.

Nalgúns casos o verde é a cor dun obxecto que ten importancia na expresión, pero non aparece nela; soamente a súa cor alude á súa existencia.

(20) *vom grünen Tisch aus* (Röhrich 1978; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Ármósné e Rátz 1991; Griesbach e Schulz 1991; Hispanoteca) [literalmente: "dende a mesa verde"].

Trátase dun método ou modo de decidir algo. Aplícase a situacións onde un toma unha decisión sen coñecer a posibilidade da súa realización. Por exemplo, coñece soamente os planos dun proxecto; a teoría, e non ten nin idea da súa realización, da praxe, porque non coñece as circunstancias. Esta UF ten como orixe ao feito de que as mesas das salas de conferencia estaban cubertas de teas verdes.

(21) *grüne Minna* (Röhrich 1978; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hessky 1993) [literalmente: 'serventa verde'].

Trátase da furgoneta da policía na que transportaba os reos detidos. O verde aparece como a cor da policía e do seu medio de transporte. O substantivo significa serventa, criada que lles axuda aos policías cando fan unha redada.

(22) *dasselbe in Grün* (Röhrich 1978; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hessky 1993; Ármósné e Rátz 1991; Griesbach e Schulz 1991; Földes 1987; Hispanoteca) [literalmente: 'o mesmo en verde'].

Aplícase esta expresión a cousas que son moi parecidas, que case son iguais. Lamentablemente non se sabe nada da súa orixe.

(23) *Gründonnerstag* [literalmente: 'xoves verde'].

Así se chama o xoves da Semana Santa, antes do día de Pascua.

Resumamos os significados, as funcións da cor verde nas UFs:

	Español	**húngaro**	**alemán**
gozar, folgar	+	-	-
algo que comeza; cedo	+	+	+
xuventude, vida sexual	+	-	-
fartarse	+	-	-
insultar	+	-	-
natureza	+	+	+
aspecto físico (palidez)	-	+	-
parvadas	-	+	-
ir adiante	-	+	+
indicación	+	+	+
non hai diferenza	-	+	+
fresco, vivo	+	-	+
relixión	-	+	+
función intensificadora	+	-	+
ser inequívoco	+	-	-
obxectos verdes	+	-	+

Baseándonos nos datos do cadro podemos constatar que a cor verde participa na expresión do mesmo contido tres veces (algo que comeza, aínda non maduro; natureza e indicación) nas tres linguas. As outras coincidencias refírense xa soamente a dúas das linguas analizadas.

Vexamos o número dos casos en que dúas linguas dispoñen do mesmo trazo:

	existencia do uso (+)	**non existencia do uso (-)**
español / húngaro	**Ø**	**Ø**
español / alemán	**3**	**2**
húngaro / alemán	**3**	**5**

Entre o húngaro e o alemán hai un contacto máis estreito ca entre o español e as outras dúas linguas. Este feito vese xustificado a través da análise do grupo das UFs nas que o verde aparece xunto a outras cores. Antes de tratar os exemplos concretos, temos aquí as posibilidades e o número das súas combinacións nas tres linguas:

	español	**húngaro**	**alemán**
marelo / verde	**-**	**-**	**6**
azul / verde	**1**	**2**	**3**

1) marelo / verde

O alemán ten seis UFs que conteñen ambas as cores.

> (1) *es wird ihm gelb und grün vor Augen* (Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954; Röhrich 1978) [literalmente: 'todo se pon verde e marelo diante dos seus ollos'].
>
> *jm wird es grün und gelb vor Augen* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hispanoteca [literalmente: 'todo se pon verde e marelo diante dos seus ollos'].

É interesante observar que esta UF existe en dúas variantes onde as cores se trocan. A expresión significa sentirse mal e baséase no sentimento do mareo cando poden aparecer estas cores ante os ollos dunha persoa que empeza a enfermar.

> (2) *sich grün und gelb ärgern* (Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954; Röhrich 1978, Hispanoteca) [literalmente: 'aborrecer ata poñerse verde e marelo'].
>
> *sich gelb und grün ärgern* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992) [literalmente: 'aborrecer ata poñerse marelo e verde'].

Significa: poñerse moi nervioso, anoxarse moito. As cores se cadra aluden ao cambio da cor da cara da persoa que se pon nerviosa, onde o corpo reflicte a alteración do estado de ánimo.

> (3) *grün und gelb vor Ärger werden* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992) [literalmente: 'poñerse verde e marelo por enfado'].

Trátase do mesmo contido ca na UF anterior; a única diferenza é que aquí o verbo 'ärgern' queda expresado polo grupo nominal de 'vor Ärger werden'.

> (4) *vor Neid gelb und grün werden* (Borchardt, Wustmann e Schoppe 1954) [literalmente: 'poñerse marelo e verde por envexa'].
>
> *vor Neid grün und gelb werden* (Röhrich 1978; Ármósné e Rátz 1991) [literalmente: 'poñerse marelo e verde por envexa'].
>
> *grün und gelb vor Neid sein* (Hispanoteca) [literalmente: 'estar verde e marelo por envexa'].

Esta UF existe soamente coa cor amarela e expresa o sentimento forte da envexa.

> (5) *jn grün und gelb schlagen* (Hispanoteca; Ármósné e Rátz 1991) [literalmente: 'pegar a alguén ata que se poña verde e marelo'].

Significa: pegar moito a alguén ata que teña mazaduras. As cores aluden ás manchas que quedan coma pegadas dos golpes fortes no corpo. As cores teñen función intensificadora tamén neste caso.

Nestes exemplos vemos a estreita relación entre o marelo e o verde no alemán que nuns casos poden substituírse (*Gelbschnabel – Grünschnabel*) e noutros, conectados pola conxunción 'e', poden expresar a intensidade da acción do verbo; así equivalen a 'moito'. Pero hai unha UF onde estas dúas cores que en xeral se reforzan, se opoñen:

> (6) *sagt er grün, sagt sie gelb* (Röhrich 1978) [literalmente: 'se el di verde, ela di marelo'].

Aplícase esta expresión a dúas persoas (ante todo a un home /*er*/ e a unha muller /*sie*/) que rifan e non son quen de chegar a un acordo. El di verde e ela marelo, así as dúas cores están contrapostas.

2) azul / verde

No español atopamos unha expresión, na que aparece o verde co azul:

> (1) *darse un verde con dos azules* (Iribarren 1974).

A expresión ten o significado: gozar moito; comer, gozar etc. dunha cousa en moita cantidade e con moito pracer; folgar ou divertirse, fartarse de facer algunha cousa.

O húngaro ten dúas UFs con estas cores.

> (1) *kékre, zöldre válik* (Bárdosi 2003) [literalmente: 'pórse verde, azul'].

Aplícase esta expresión á gran alteración da cor da cara dunha persoa que se asusta ou se anoxa. O azul e o verde son cores anormais da cara, opostos ao equilibrio e harmonía.

> (2) *kékre, zöldre ver vkit* (Bárdosi 2003) [literalmente: 'pegar a alguén ata que se pon azul, verde'].

Significa: pegarlle moito a alguén ata que o seu corpo estea cheo de mazaduras. Aquí expresan as cores a intensidade da acción do verbo, porque son elementos constitutivos das mazaduras.

O alemán ten tres UFs con estas cores.

> (1) *jn grün und blau schlagen* (Röhrich 1978; Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hispanoteca) [literalmente: 'pegarlle a alguén ata que se pon verde e azul'].
>
> *jn blau und grün schlagen* (Földes 1987) [literalmente: 'pegarlle a alguén ata que se pon azul e verde'].

Trátase da versión alemá da UF húngara Nr. 2; a única diferenza vese na orde das cores e en que o alemán emprega a conxunción 'und', mentres que o húngaro pon soamente unha coma entre o azul e o verde.

> (2) *jm wird es grün und blau vor Augen* (Dosdrowski e Scholze-Stubenrecht 1992; Hispanoteca) [literalmente: 'todo se pon verde e azul diante dos seus ollos'].

Esta expresión tamén existe co marelo e co verde e significa o mesmo, expresa o malestar, o mareo dunha persoa.

> (3) *sich grün und blau ärgern* (Griesbach e Schulz 1991; Hispanoteca) [literalmente: 'aborrecer ata poñerse verde e azul'].
>
> *sich blau und grün ärgern* (Müller 1995) [literalmente: 'aborrecer ata poñerse azul e verde'].

Significa: anoxarse moito, onde as cores teñen función intensificadora.

Resumo dos usos das UFs que conteñen o nome de dúas cores:

	función intensificadora	**contraposición**	**outros usos**
gelb / grün	+	+	malestar
azul / verde	-	-	obxecto azul
kék / zöld	+	-	cambio
grün / blau	+	-	malestar

3. Análise das relacións entre os usos da cor *verde* nas tres linguas

O corpus do capítulo 2 ofrécenos diferentes posibilidades da análise semántica. Xa temos visto os usos da cor verde nas tres linguas e agora gustaríame comparar as expresións desde o punto de vista da forma/estrutura e tamén do contido. Poderíanse comparar as relacións das cores dentro dunha lingua pero, como este traballo ten o obxectivo de revelar as relacións entre as tres linguas, non faremos esa análise.

Existen varias alternativas da comparación, eu elixín as dúas seguintes:

a) UFs que teñen a mesma estrutura sintáctica e o mesmo contido, é dicir, existe coincidencia total dos compoñentes das expresións.

b) UFs que teñen a mesma ou moi parecida estrutura sintáctica pero as expresións distínguense no uso da cor e posúen significado diferente.

Ao analizar as UFs que conteñen a cor verde non atopamos coincidencias nas tres linguas; soamente existe interferencia ou algunha relación entre o húngaro e o alemán:

a) UFs idénticas no húngaro e no alemán

> (6) *zöld ágra vergodik (vkivel v. vmivel)*

(7) *auf keinen grünen Zweig / Ast kommen*

(9) *ugyanaz zöldben*

(22) *dasselbe in Grün*

(11) *zöld csütörtök*

(23) *Gründonnerstag*

Cando analizamos as UFs que conteñen ademais do verde outra cor, vemos que estas son mais complexas e que operan co contido de dúas cores. Así, temos menos elementos e case non hai expresións totalmente idénticas. Neste caso propoño ampliar un pouco o significado do atributo 'idéntico' e enumero as UFs que teñen estrutura moi semellante, porque a diferenza provén soamente do feito de que unhas linguas expresan un contido dado mais detalladamente ou dunha maneira mais explicativa ca outras. Lamentablemente aquí tampouco atopamos UFs idénticas nas tres linguas.

a. 1) UFs idénticas no húngaro e no alemán

azul / verde

(2) *kékre, zöldre ver vkit*

(1) *jn grün und blau schlagen*

jn blau und grün schlagen

A categoría b) é un grupo produtivo no caso doutras cores. Co verde hai soamente dous casos en que na mesma estrutura aparecen diferentes cores nas tres linguas:

b) UFs que teñen unha estrutura semellante

Nesta parte gustaríame descubrir as relacións entre as parellas de cores. Contamos con poucos exemplos. Antes de comparar as tres linguas quero destacar que naturalmente tamén existe a posibilidade de analizar as relacións entre as parellas de cores dentro da mesma lingua, p.ex. no alemán as parellas marelo / verde e azul / verde son substituíbles. Ambas as expresións describen o malestar no momento antes de desmaiarse: 'es wird ihm gelb und grün vor Augen' – 'es wird ihm grün und blau vor Augen'. Pero interésannos máis neste traballo as relacións entre as tres linguas.

b. 1) para expresar o contido 'contradicir, levar a contraria'

O español utiliza o negro / branco; o alemán o verde / marelo (e o negro / branco):

basta que yo diga blanco para que él diga negro

(6) *sagt er grün, sagt sie gelb*

einer sagte schwarz, der andere weiss [literalmente: 'un dixo negro, o outro branco'].

b. 2) para expresar o contido 'pegar moito a alguén'

O húngaro aplica soamente o azul / verde, pero o alemán emprega unha chea de cores: o marelo / verde, o azul / verde e o azul / pardo.

(2) *kékre, zöldre ver valakit*

(5) *jn grün und gelb schlagen*

(1) *jn grün und blau schlagen*

jn blau und grün schlagen

jn braun und blau schlagen

[literalmente: 'pegarlle a alguén ata que se pon pardo e azul']

Se tomamos estas expresións coma elementos relativamente motivados das linguas, podemos dicir que a utilización das cores depende da percepción da persoa, ou mellor dito do que considera máis importante na súa concepción.

Cos exemplos vemos que hai unha relación máis estreita entre o húngaro e o alemán ca entre o español e as outras linguas por causas diferentes:

- o húngaro ten moitas UFs que son traducións de UFs alemás;
- o húngaro e o alemán tiveron no pasado e teñen hoxe en día unha estreita relación (pola historia de Hungría e Austria e pola proximidade xeográfica dos dous países);
- España e os seus falantes atópanse lonxe dos húngaros e alemáns, así nunca houbo intercambio ou influencia entre eles.

Cando se fai unha análise comparativa, un alégrase das coincidencias pero non debemos menosprezar as diferenzas que, ás veces, resultan mais interesantes que os elementos idénticos e, neste caso, mostran a riqueza das linguas tratadas no ámbito da forza e modo expresivos. As diferenzas poden constituír a base dunha investigación máis profunda que intente revelar a través dos costumes a cultura dos falantes, as condicións do nacemento das UFs e as causas da súa existencia. Unha análise así será o obxecto doutro traballo.

4. Referencias bibliográficas

ÁRMÓSNÉ, Magda e RÁTZ, Ottó (1991): *8000 germanizmus*, *Német szólások és kifejezések*, *szerk*. Budapest: Terra Kiadó.

BEINHAUER, Werner (1978): *Stilistisch-phraseológisches Wörterbuch, spanisch-deutsch*. München: Max Hueber Verlag.

BORCHARDT, Wilhelm; WUSTMANN, Gustav e Georg SCHOPPE (1954): *Die sprichwörtlichen Redensarten im deutschen Volksmund, nach Sinn und Ursprung erläutert, 7. Auflage, VEB F.A.* Leipzig: Brockhaus Verlag.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996)*: Manual de fraseología española.* Madrid: Gredos.

DOROGMAN, György (1992): *Spanyol-magyar kéziszótár*. Budapest: Akadémiai Kiadó.

DOSDROWSKI, Günther e SCHOLZE-STUBENRECHT, Werner (1992) : *Redewendungen und sprichwörtliche Redensarten, Wörterbuch zur deutschen Idiomatik* (= Duden Band 11). Mannheim: Dudenverlag.

FÖLDES, Csaba (1987): *Magyar-német-orosz beszédfordulatok*. Budapest: Tankönyvkiadó.

GOETHE, Johann Wolfgang (1983): *Színtan, didaktikai rész.* Corvina Kiadó.

GRIESBACH, Heinz e SCHULZ, Dora (1991): *1000 deutsche Redensarten, mit Erklärungen und Anwendungsbeispielen, szerk.* Berlin-Schöneberg: Langenscheidt Verlag.

HESSKY, Regina (1993): *Durch die Blume, Virágnyelven, Arbeitsbuch zur deutschen Phraseologie für Fortgeschrittene*. Budapest: Nemzeti Tankönyvkiadó.

IRIBARREN, José María (1974): *El porqué de los dichos, Sentido, origen y anécdota de los dichos. Modismos y frases proverbiales de España con otras muchas curiosidades*. Madrid: Aguilar.

ITTEN, Johannes (1997): *A színek művészete.* Debrecen: Göncöl Kiadó.

BÁRDOSI, Vilmos (2003): *Magyar szolastar. Szólások, helyzetmondatok, közmondások értelmező és fogalomköri szótára, főszerk*. Budapest: Tinta Könyvkiadó.

MOLINER, María (dir.) (2001): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos.

MÜLLER, József (1995): *Német beszédfordulatok A-Z-ig, 2*. kiadás, Mozaik Oktatási Stúdió, Szeged.

O. NAGY, Gábor (1976): *Magyar szólások és közmondások, 2*. kiadás, Budapest: Gondolat Kiadó.

(1979): *Mi fán terem? Magyar szólásmondások eredete*. Budapest: Gondolat Kiadó.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la Real Academia Española* (DRAE). 22. edición. Madrid: Editorial Espasa Calpe, S. A.

RÖHRICH, Lutz (1978): *Lexikon der sprichwörtlichen Redensarten,* 5. Auflage, Freiburg im Breisgrau: Verlag Herder.

SARTO, María José (dir) (1996): *Gran Diccionario de la lengua española*. Edición Larousse Editorial, S. A.

SECO, Manuel (1992): *Diccionario fraseológico documentado del español actual, Locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar.

Referencias electrónicas

http://www.florbilbao.com/colores.htm [Data de consulta: 07/05/08].

http://www.hispanoteca.de - *Phraseológisches Lexikon, szerk.*: Justo Fernández López [Data de consulta: 07/05/08].

http://www.nek.iif.hu/porta/szint/egyeb/lexikon/pallas/html (*Pallas Nagy Lexicona*) [Data de consulta: 07/05/08].

http://www.vg.hu/index.php?apps=cikk&cikk=210602&fr=rss [Data de consulta: 07/05/08].

Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos

Silvia Molina Plaza[1]

Universidad Politécnica de Madrid

Neste traballo explórase a relación entre unidades pluriverbais con carácter metafórico e metonímico (expresións idiomáticas e refráns) do inglés e do español. Hai veces en que a linguaxe figurativa se preserva na tradución, mais hai outras en que a imaxe se perde ou se substitúe por unha diferente. Estudaranse trinta unidades pluriverbais no discurso, proporcionando algúns datos sobre a súa orixe e as estratexias de tradución utilizadas.

Palabras clave: refrán, expresión idiomática, tradución, metáfora, metonimia.

The relationship among metaphorical and metonymic multiword units (proverbs and idioms) in English and Spanish is explored. There are times when the figurative language is preserved in the translation but there are others when the image is lost or portrayed by a different image schema. Thirty highly frequent multiword units in discourse are studied, providing some clues about their origin and the translation strategies used.

Keywords: proverbs, idioms, translation, metaphor, metonymy.

1. Introdución

A relación entre a linguaxe figurada e a fixación da expresión[2] está moi documentada na bibliografía do campo da fraseoloxía. A definición de unidade fraseolóxica como

[1] Tradución de Rubén Lado Riomao e Vanessa Vieites Abelenda.

[2] Os refráns son unidades indivisibles cuxos componentes non poden variar ou varían soamente dentro duns límites definidos. Zuluaga (1980) dá a seguinte definición de idiomaticidade:

> *Es el rasgo semántico propio de ciertas construcciones lingüísticas fijas cuyo sentido no puede establecerse a partir de los significados de sus elementos componentes ni el de su combinación*.

De xeito máis específico, e segundo Deignan (2005: 195), os refráns comparten as seguintes características:

- Están compostos por máis dunha palabra.
- Non teñen un significado transparente; son máis que a suma das súas partes e, polo tanto, non se poden descompoñer.

"puras" expresións idiomáticas ou refráns adoita incluír a metáfora, máis ou menos opaca ou transparente no que atinxe ao seu contido semántico, como característica definitoria de tales cadeas. Estas cadeas metafóricas desenvolven unha función primordial na lingua, pois transforman o inintelixible en intelixible e captan a atención do lector ou oínte. Tamén exemplifican, explican e implican o lector no texto. Polo tanto, a esencia da metáfora é entender e experimentar unha clase de obxectos en termos doutra clase de obxectos (Lakoff and Johnson 1980). Por exemplo, *pasarlas negras,* significa en español *to have a hard time* en inglés, o que implica neste caso que a cor negra marca a "dificultade". Existe un sinónimo desta expresión en español relacionado tamén coa cor malva, *pasarlas moradas*, un coloquialismo que subliña expresivamente as dificultades que alguén está a pasar, en comparanza co significado denotativo e non metafórico de *pasarlo mal*.

Ambos os exemplos fan que xurdan preguntas como: Como conseguen este efecto as metáforas? Como as metáforas achegan o lector ao libro? Dende unha perspectiva cognitiva, este significado metafórico provén do contexto, isto é, do coñecemento cultural e convencional, como se explica na *Conceptual Metaphor Theory* (1994) de Gibbs, na obra de Kövecses (2002) ou na de Lakoff e Johnson (1980). Estes estudos fixeron un grande labor na descrición da motivación figurada dun elevado número de unidades pluriverbais de diversas linguas e mostraron como as relacións sistemáticas entre un ámbito de orixe e un ámbito meta son coherentes entre un grande número de expresións sen relación aparente, así como coas súas correspondentes implicacións.

Outra característica importante das metáforas é que son un apoio físico das ideas mediante unha estrutura lingüística, a cal non posuía de antemán. As metáforas axúdannos a traducir o noso mundo a palabras. Polo tanto, poida que teñamos moitas ideas na cabeza, pero o que conta é que sexamos capaces de presentalas ante outros por medio de palabras, facelas comprensibles, entendibles, é dicir, que sexamos capaces de comunicalas. Estes pasos son un requisito previo para traducir estas metáforas axeitadamente, sen esquecer que son multifuncionais en moitos casos, posto que combinan funcións descritivas, informativas e persuasivas. O proceso da tradución de metáforas non é sinxelo. Snell-Homby (1995: 56) recórdanos que "is a complex of (at least) three dimensions (*object* or the item described by the metaphor, *image* or the item in terms of which the metaphor is described [*vehicle* na terminoloxía de Richard] and *sense* [*tenor* para Richard] or the traditional *tertium comparationis*, which shows in what particular aspects the object and the image are similar)".

Vexamos pois a continuación como funcionan no seguinte apartado do traballo:

- Están fixados lexicamente: normalmente non se pode substituír un dos seus compoñentes por un sinónimo; se se fai, pérdese o significado idiomático e a expresión interprétase de xeito literal.
- Están gramaticalmente fixados; normalmente non poden pasarse a pasiva ou poñelos en plural sen que perdan o seu significado idiomático.

Dende unha perspectiva congnitiva, un refrán é o produto dun sistema conceptual e está motivado por mecanismos cognitivos como a metáfora e metonimia, para as que os modelos culturais desempeñan unha función importante (Kövecses & Szabó 1996).

No texto a seguir escollín 30 exemplos de linguaxe figurada literal e convencional. Escollinas pola súa alta frecuencia de uso no discurso oral e escrito en español e en inglés, usando principalmente o *Longman Idioms Dictionary* (1998) para o inglés e os dicionarios de Buitrago (2002) e Seco (2004) para a fraseoloxía castelá. Teño interese polas unidades lingüísticas convencionais con sentido figurado que forman parte do sistema léxico das dúas linguas. O meu obxectivo é comentar as súas orixes metafóricas e metonímicas e debater sobre que estratexias de tradución nos permiten transmitilas axeitadamente, ademais de explicar se se traducen metaforicamente ou non na lingua meta. Os exemplos do 1 ao 15 son refráns e expresións idiomáticas en inglés (do 1 ao 5 son símbolos culturais xerais onde o enlace motivacional entre unha lectura literal e a figurada vén dado por un coñecemento semiótico do símbolo en cuestión, polo seu significado en sistemas de signos relevantes na cultura diferentes da lingua; do 6 ao 11 están relacionados con imaxes de animais en ambas as dúas linguas e do 12 ao 15 teñen o demo como referencia. Os exemplos do 16 ao 30 son españois).

2. A tradución de metáforas e metonimias do inglés ao español

Algunhas das unidades poliléxicas (exemplos do 1 ao 6) poden ser adscritas a obxectos físicos dunha cultura e comunidade específicas. Isto ocorre coa comida tradicional (as mazás nos exemplo 3 e 6), onde as diferenzas entre culturas nacionais poden xurdir.

Porén, algúns fenómenos culturais son comúns: dúas culturas posúen frasemas coa cor negra simbolizando o mal ou a mala sorte (coma no exemplo 4). É un símbolo moi forte que denota sempre varios aspectos do concepto "malo".

1. *A Catch 22 (situation).* Esta expresión idiomática provén do título dun libro que trata sobre a Segunda Guerra Mundial escrito por Joseph Heller. O personaxe principal ten medo de que o maten e pretende facer crer aos oficiais militares que está tolo para non ter que pilotar nos ataques aéreos contra o inimigo. Mais os oficiais non o cren e ten que volver pilotar unha e outra vez. Esta é a situación *the Catch 22*, traducida nos dicionarios de español estándar como *círculo vicioso* (situación paradoxal). A metáfora estándar do inglés pérdese pero mantense o sentido. Dende unha perspectiva da adecuación da tradución, a expresión idiomática da L1 só se traduce á L2 por unha colocación. A idea de que é importante conservar o mesmo número de expresións idiomáticas do texto orixe no texto meta é utópica. Hai moitos exemplos prácticos coma este nos que simplemente non funciona. Os tradutores non se deben centrar na equivalencia formal, senón no texto en conxunto.

2. *Be eating somebody's dust* significa ter moito menos éxito nunha competición, nos deportes ou nos negocios ca outra persoa. A imaxe que transmite esta expresión é que unha persoa é coma un condutor de carreiras. Cando un coche choca contra outro nunha carreira, o segundo condutor vese forzado a conducir entre as nubes de po que produce o primeiro coche. A imaxe varía levemente en español, xa que no canto de comer, a xente morde o po, *morder el polvo*. As dúas expresións teñen un parecido semántico de base e os contextos nos que se usan reflicten o mesmo estado mental e emocional.

3. *As sure as (God made) little green apples (AmE)*. A mazá é unha froita que na linguaxe figurada convencional é recoñecida facilmente coma un símbolo bíblico. Pero estes compoñentes semánticos sacros elimínanse neste frasema coa tradución ao español: *tan cierto como que dos y dos son cuatro, como que yo me llamo X* (Oxford Superlex). A expresión inglesa semella estar motivada polo coñecemento de que Deus é o creador do universo e das mazás en particular, a froita máis común e estereotipada dos países anglosaxóns.

4. *Somebody is not as black as he/ she is painted*. Esta anticuada expresión idiomática británica úsase para dicir de alguén que non é tan malo como a xente di. A maioría dos estudos das metáforas relacionadas coa cor posúen unha conexión coas emocións (Kövecses 1990), coa influencia da sinestesia (Ramachandran and Hubbard 2003) ou foron estudadas en textos literarios (Cazeaux 2002; Cacciari *et al.* 2004). O significado metafórico desta expresión desenvólvese a partir da asociación da escuridade co enfado, a depresión e a maldade. Segundo Barcelona (2000: 39-40), a metáfora "o negativo é a escuridade", algo que funciona en ambas as dúas linguas, xorde a partir da xeneralización da metonimia "escuridade para estados negativos causados polo escuro". A tradución ao español é case literal, *no es tan negro como lo pintan* pero aplícase normalmente a situacións e non a persoas (bardante o Demo), como no exemplo seguinte tirado da Internet: *¿Entonces el futuro es* ***tan negro como lo pintan****?*, ou *Is the future as black as it is painted?* en inglés. Outra tradución posible ao español é: *no es tan fiero el león como lo pintan*. Nela trócase a imaxe negativa común da cor negra por outra, a do león que se considera un animal potencialmente perigoso para a xente. Esta segunda alternativa úsase cunha persoa en particular e non con situacións. Existe unha similitude semántica moi alta entre as dúas traducións posibles, xa que se poden tratar como verdadeiros equivalentes debido a que comparten significados e características sintácticas e pragmáticas similares.

5. *Something makes my/your blood boil*. A metáfora usada neste caso é "o enfado é calor". Esta expresión úsase no inglés oral para expresar que algo anoxa moito a alguén. A equivalencia en español é igual de apaixonada e, daquela, tradúcese literalmente: *hervir la sangre*. O enfado nestas expresións móstrase como moi grande e incontrolable. As dúas linguas usan a mesma metáfora baseada no corpo, indirectamente influenciada pola medicina tradicional pre-científica que se remonta á antigüidade clásica e que pasou ás crenzas populares dos pobos europeos, dende a Idade Media ata o século XVIII, co nome de "patoloxía dos humores". O DRAE tamén recolle expresións sinónimas que son traducións factibles: *Hervir de ira* ou *hervir en cólera*, as cales son específicas da cultura.

6. *You can't compare apples and oranges (it's like comparing apples and oranges)*. Este refrán sen sentido figurado úsase para referirse a dúas cousas que son totalmente diferentes e que non deberían ser comparadas. A tradución ao español é *no se puede comparar las churras con las merinas*. As *churras* e as *merinas* son dous tipos de ovellas. A la da *churra* tradúcese ao inglés como

kempy wool, segundo a IATE ("Inter Active Terminology for Europe"), a base de datos de tradución da UE, e *merina* aparece co mesmo nome na mesma base de datos. Non é de estrañar que ambas as dúas palabras non teñan nos dicionarios bilingües estándar unha tradución inglesa, xa que reflicten unha especificidade cultural española a través da imaxe da la: a importancia que tivo para os Reis Católicos o comercio da la cos Países Baixos, do que recadaban impostos que usaron no novo reino que acababan de fundar, España. Tanto *churras* coma *merinas* son palabras con connotacións culturais que evocan asociacións co concepto da cultura tradicional de España. Daquela, a connotación cultural está baseada nos obxectos reais en si mesmos. Existe outra opción factible para traducir este refrán ao español coloquial, *no se puede comparar la velocidad con el tocino*, unidade que tamén expresa unha verdade universal (ou sabedoría popular) posto que non se pode comparar un obxecto físico, o touciño, co movemento, representado coa palabra velocidade. A semántica deste refrán ten unha forza ilocutiva de recomendación, xa que suxire como comportarse nunha situación na que se ten que comparar cousas diferentes. Proporciona un apoio moral para non facer tal comparación referíndose a unha proposición xeral que afirma xusto o contrario.

7. *As wise as an owl*. Este símil está relacionado coa crenza de que un bufo é un símbolo de intelixencia e sabedoría nas culturas occidentais e tamén, polo menos, no Xapón. O refrán equivalente en español cambia a imaxe por completo. Tradúcese por *más sabio que Salomón*, unha referencia intertextual obvia á Biblia. Cómpre subliñar que a Biblia era o único libro que posuían as familias europeas despois da invención da imprenta. Non é estraño que conxuntos fixados de palabras dela fosen transferidos ao léxico das linguas europeas coma o inglés e o español.

8. *A bird in the hand (is worth two in the bush)*. Este refrán úsase para dicir que é mellor conformarse con algo que tes que intentar conseguir algo mellor coa posibilidade de non logralo. A imaxe ten como referencia a cetrería medieval, onde un paxaro na man -o falcón- era de seguro moito mellor ca dous polas xestas -as presas-. En español aínda se torna máis hiperbólica, xa que os dous paxaros pasan a ser cen: *más vale pájaro en mano que ciento volando*, literalmente no inglés, *a bird in the hand is better than a hundred flying*. Segundo a páxina web http://www.phrases.org.uk/meanings/64950.html, a versión máis temperá do refrán inglés provén da Biblia e foi traducida ao inglés na versión de Wycliffe no ano 1382, malia os textos en latín recollérena dende o século XIII (Ecclesiastes IX – *A living dog is better than a dead lion*). As traducións alternativas que mencionaban explicitamente os paxaros na man aparecen máis tarde. O máis antigo destes casos aparece na obra de Hugh Rhodes (1530), *The boke of nurture of schoole of good manners*: "A byrd in hand – is worth ten flye at large". Anos máis tarde, John Heywood, un compilador de refráns do século XVI, recollía outra versión na súa ambiciosa obra de 1546 titulada *A dialogue conteinyng the nomber in effect of all the*

prouerbes in the Englishe tongue: "Better one byrde in hande than ten in the wood".

9. *When the cat is away, the mice will play*. Este refrán significa que cando unha persoa que ten autoridade non está presente, aquelas que están baixo o seu mando poden gozar da súa liberdade. A tradución ao español é a seguinte: *cuando el gato no está, los ratones bailan*. Trátase dunha tradución case literal agás para o segundo verbo: os ratos andan noutra actividade ben agradable, o baile.

10. *(Like) a bull in a china shop.* Úsase para dicir de alguén que está a falar ou a se comportar de xeito maleducado ou dunha maneira demasiado directa, sen se decatar ou importarlle que poida molestar ou ofender a outras persoas. Esta expresión pasou ao español como: *como un elefante en una cacharrería*, cuxa tradución inversa ao inglés sería *like an elephant in a junk shop*, onde se cambia a imaxe pola dun animal tamén grande, a do elefante.

11. *Somebody swims around the bowl once and forgets who s/he is*. Esta graciosa expresión indica que alguén é parvo, comparando unha persoa cun peixiño de cores do que se supón que só se lembra das cousas durante tres segundos, o xusto para poder nadar no tanque onde está. Esta metáfora estándar non pode ser traducida con exactitude, posto que a imaxe non pode ser transferida ao español mediante a metáfora correspondente. Xa que logo, o tradutor debe optar por un equivalente funcional que explique o significado evitando a metáfora: *ser idiota*, *estúpido*, en inglés *be and idiot*, *stupid*. Existe outro sinónimo desta expresión no inglés: *to be slow on the uptake*, que se usa para expresar a falta de habilidade para a rápida compresión de algo e cuxa metáfora conceptual é "entender é apreixar", segundo a Teoría Cognitiva da Metáfora. A súa tradución ao español tamén se refire á comprensión: *ser duro de mollera*. Comparar a xente cun peixe é algo que está presente na expresión *there are plenty more fish in the sea*, que se usa no inglés oral para dicirlle a alguén que non se amole por non ter un amor correspondido, que axiña se atopa outra persoa. Esta idea pode reproducirse en español da seguinte maneira: a) Reducindo a metáfora ao sentido, xa que a xente logo realiza a conexión coa idea de que "a xente é peixe", aínda que tamén se pode traducir o significado: *hay otras oportunidades/ personas que conocerás > there are other opportunities/ people you'll meet*; b) traducindo a metáfora estándar do inglés a unha metáfora estándar do español: *hay otros/muchos peces en el mar*. Esta segunda opción é o procedemento máis acaído xa que reproduce a mesma imaxe na lingua meta e os españois poden entender facilmente a metáfora "a xente é peixe" no sentido de que ambos os dous conceptos son igualmente comúns. A primeira opción, que traduce o sentido, perde o impacto pragmático e emotivo.

12. Hai un mangado de expresións relacionadas co Demo nos exemplos do 12 ao 15. Compárase a xente co Demo e coas súas malas calidades, coma tal, ter moi mal carácter etc., en expresións como *better the devil you know (than the devil*

you don't) que se emprega para dicir que, aínda que a persoa coa que se trata sexa agora rabuda, é máis aquelado seguir relacionándose con ela que adoptar outra actitude que poida que sexa peor. Esta metáfora clixé tradúcese para o español cun equivalente funcional *más vale lo malo conocido que lo bueno por conocer*.

13. *The devil makes/ finds work for idle hands*, un proverbio anticuado que di que a xente, representada pola metonimia "as mans coas que traballa", debería ter sempre traballo que facer, para non comezaren cousas que están mal ou non fan xeito. Este uso da metonimia en inglés e a súa recuperación está constrinxido por un corpo de experiencias sancionadas socialmente nunha comunidade específica de falantes, que colle a forma de crenzas sociais compartidas, neste caso, que os traballadores usan as mans para traballar. A tradución para o español perde o seu compoñente metonímico: *gente ociosa, malos pensamientos* ["Lazy people", "bad thoughts"] ou *cuando el diablo no sabe que hacer, mata moscas con el rabo,* que conserva a imaxe tradicional do demo, rabo incluído ["When the devil does not know to do it kills flies with his tail"].
14. *Give the devil his due* emprégase para expresar que, a pesar de que non gusta ou que non se está de acordo con alguén, esa persoa fixo algo bo ou ten unha calidade boa. Esta expresión pode traducirse para o español cun equivalente próximo: *dar al César lo que es del César* ["render unto Caesar the things which are Caesar's"] que se refire ao feito de que lle hai que dar a cada un o que é seu.
15. *There'll be the devil (all) hell to pay* é un proverbio tamén caído en desuso, empregado para dicir que se terán moitos problemas se algo sucede, especialmente se alguén descobre o que un está a facer. Esta metáfora expresiva non sempre se mantén en español polo que os dicionarios estándar propoñen as seguintes alternativas: a) *tener problemas* ["have problems"]. Nin *devil* nin *hell*, conceptos ficticios e non-científicos, que son produtivos nunha linguaxe convencional e figurativa e coñecemento cultural compartido, se manteñen na tradución española; b) *armarse la gorda* é unha expresión coloquial no español da península cuxo significado explícao o Centro Virtual Cervantes como segue: "En Andalucía llamaban *La Gorda* a la revolución que se estaba preparando contra Isabel II" e c) *armarse la de Dios es Cristo* é outra expresión coloquial do español actual cuxa orixe se refire ás disputas violentas nos primeiros concilios ecuménicos celebrados en Nicea, onde se discutiu a divindade e a natureza humana de Xesús.

3. Tradución de expresións metafóricas e metonímicas e refráns do español cara ao inglés

Todos os exemplos analizados abaixo son metáforas e metonimias que denotan emocións (fundamentalmente a ira, exemplos do 25 ao 30) en español e mostran como se conceptualizan na lingua meta, neste caso, na cultura anglo-americana. Tamén se analizan outros códigos culturais relacionados coa transmisión de emocións, que

abranguen dende a relixión (no exemplo 17 onde as tradicións cristiás contribuíron ao desenvolvemento de símbolos coma o demo que son importantes na linguaxe convencional figurativa) ata as crenzas populares, os costumes e as tradicións étnicas (como as corridas de touros no exemplo 19 ou diferentes crenzas do pobo como nos exemplos do 20 ao 24).

16. *A donde el corazón se inclina, el pie camina*. Este proverbio español refírese a que a xente anda á procura de lugares onde haxa amor e felicidade polo que se dirixen alí. Isto tradúcese en inglés como *home is where the heart is.* A equivalencia é moi aproximada xa que as metáforas en ambas as dúas linguas derivan do mesmo tema, o amor. Porén, a tradución inglesa perde o compoñente do movemento presente en "el corazón se inclina" e na segunda frase do proverbio español, "el pie camina". A tradución inglesa tamén expresa unha idea xeral, unha regra que se pode aplicar ao comportamento social: é unha verdade ben coñecida e parte da vida social de tempos idos que a xente procuraba e procura o amor para formar un fogar.

17. *Como alma que lleva el Diablo*. Esta expresión úsase cando alguén vai, corre ou marcha ás présas porque está moi asustado, coma se o Demo fose atrás del. Tradúcese en inglés como *shoot out like a bat out of hell.* A imaxe da lingua fonte "alma" substitúese por outra imaxe establecida na lingua de chegada, un morcego, igualmente frecuente nese mesmo rexistro. Un dominio conceptual ficticio coma "Demo" aínda hoxe está vivo no español actual. A interpretación desta expresión baséase no coñecemento de certas ideas cristiás, segundo as cales o Demo se asusta e escapa da auga bieita.

18. *Comerse un marrón (pillar/ caerle a alguien un marrón).* Esta recente expresión coloquial metonímica, que significa estar ensarillado nunha situación moi difícil, estendeuse rapidamente en español. Alberto Buitrago (2002: 127) no seu *Diccionario de dichos y frases hechas* propón unha explicación convincente relacionada coa historia e coa cultura española: durante o réxime de Franco, dábanlles aos prisioneiros políticos unha tarxeta marrón se permanecían detidos ou eran enviados ao cárcere. Isto explicaría claramente o uso do verbo metafórico "comer". A tradución ao inglés é *to grin and bear it* que significa "aguantar algo que non nos agrada sen queixa ningunha". Esta tradución reduce a metonimia do español ao seu significado, facéndoa comprensible para os falantes de lingua inglesa. Unha expresión relacionada é *pillar con el marrón* que se refire á cor marrón do papel que tiñan os contrabandistas para envolver as drogas ou outras mercadorías ilegais. Esta orixe metonímica mantense na tradución inglesa, mais alterando a imaxe, *to catch somebody red-handed* "pillar a alguén coas mans vermellas", isto é, coas mans aínda manchadas co sangue do crime que acaba de cometer.

19. *Echarle a alguien un capote*. Esta expresión provén das corridas de touros e significa "axudar a alguén". Este frasema cultural activa no nivel das imaxes un obxecto específico da comunidade española, o *capote.* Tradúcese como unha metonimia en inglés, *to give somebody a hand.* O *capote* cámbiase por

unha imaxe diferente, "hand". De novo, as mans, coma no exemplo 12, son unha metonimia para "axuda" xa que as mans están moi asociadas co traballo que a xente fai, para axudar, ademais de ser unha parte do corpo.

20. *A buen(a) hambre, no hay mal pan / pan duro (ni falta salsa a ninguno)*. Este proverbio e o seu sinónimo, *a falta de pan, buenas son tortas*, significa que temos que estar contentos co que temos e tradúcese ao inglés de moitas maneiras: a) *Begars can't be choosers*; b) *For a good appetite there is no hard / bad bread*; c) *Hunger is good kitchen/ Hunger is the best sauce*. b) é unha interpretación literal. A tradución a) substitúe as imaxes da lingua fonte -*hambre* e *pan*- con outras imaxes establecidas da lingua inglesa, -*beggars* e *choosing*-. A tradución c) tamén cambia parte do proverbio: o *pan duro* convértese en *kitchen* ou *sauce*. Esta última opción establece unha correlación coa versión completa do proverbio en español, indicada entre parénteses, que caeu en desuso e non se atopa nos textos actuais.

21. *Hierba mala nunca muere*. Literalmente traduciríase "bad weeds never die". O significado real é que é moito máis difícil desfacerse das cousas malas ca das boas. Tradúcese en inglés de dúas maneiras distintas: a) *The devil looks after himself / his own*; b) *A bad penny always turns up* (E. Savaiano e L. Winget 2001). En ambos os dous casos a equivalencia está lonxe de ser precisa. Son bastante suaves e propias dunha clase media cultivada e perden o forte impacto emocional do orixinal español. O segundo equivalente inglés contén un elemento, o penique, que é relevante dende o punto de vista da "cultura material". Ten un interese lingüístico xa que desempeña funcións pragmáticas específicas, como por exemplo, as connotacións culturais.

22. *Las palabras se las lleva el viento*. Este dito de orixe latina (*verba volant, scripta manent*) emprégase cando en ocasións esquecemos o que dixemos ou acordamos, e suxire que é recomendable escribir o que é importante. A tradución estándar en inglés é *actions speak louder than words*. O proverbio inglés interprétase literalmente. Só significa que cando se fai algo (en relación cun problema), mellor que falar del é "falar" con feitos. A lingua de chegada non ten un significado metafórico neste caso.

23. *Mas se perdió en Cuba/ en la guerra*. Emprégase cando queremos consolar unha persoa que fracasou. Este proverbio refírese á grande perda que sufriu España cando tanto Cuba coma Filipinas obtiveron a independencia en 1898. Esta unidade figurativa e convencional denota un feito específico da cultura cuxo significado é único xa que se refire a un país, Cuba. Por razóns obvias, as traducións cara ao inglés só reteñen o sentido esencial de que se algo pasa non causará problemas graves: a) *it's not the end of the world*; b) *worse things happened at sea*. A primeira opción, que é moi común no inglés actual, emprégase normalmente en actos de fala coa función ilocutoria de "consello", e a segunda refírese especificamente á disciplina severa á que estaban afeitos os mariñeiros ingleses e que actualmente non se practica.

24. *Tonto del haba/ del higo*. Esta expresión emprégase para expoñer a crenza do falante sobre a falta de intelixencia dunha persoa cunha función referencial. Tradúcese en inglés cunha metáfora distinta, *prize idiot*, de significado lixeiramente distinto: esa persoa prézase de ser idiota. As imaxes españolas *haba* e *higo* denota que as froitas e as verduras non son moi apreciadas, xa que paradigmaticamente se refire ao que é simple ou inútil. Porén, non contén a imaxe meta de "orgullo" que achega o equivalente inglés, salientada en dicionarios bilingües estándar. Hai tamén outras traducións posibles que alteran o significado segundo o rexistro e que representan a mesma estrutura conceptual básica "ausencia de intelixencia, estupidez": *to be as dumb as they come* é unha expresión coloquial, moi similar a *be daft as a brush* (inglés británico coloquial), traducidas ao español como *ser más tonto que Abundio* ou *que hecho de encargo* ou *que una mata de habas*. Abundio seica viviu en Córdoba a comezos do século XVIII e fíxose tristemente célebre por tratar de regar un terreo con moi pouca auga. Por último, aínda que non menos importantes, tamén hai expresións no español coloquial da península como *ser tonto del bote/ de capirote/ del culo* cuxos significados son "ser un completo idiota".

    Por último, pero non por iso menos importante, os proverbios e expresións finais (da 25 á 30) están relacionados coa ira en español. Corpas (1996: 192) clasifica estas unidades segundo o contexto da situación. O oínte reacciona de xeito negativo a unha certa situación ou expresión na súa quenda de conversa. O enunciado polo oínte ten valores semánticos que dependen do seu obxectivo comunicativo (manifestar un sentimento, unha orde etc.) e significado (ira, sorpresa, indiferenza, lamento etc.).

25. *Pasar de castaño oscuro*. Un falante fai uso desta expresión cando algo que é máis ou menos soportable se está convertendo en insoportable. Ten unha función expresiva e indica a sorpresa do falante perante o que está a suceder. Tradúcese ao inglés como *this is beyond a joke*. A imaxe está, xa que logo, cambiada: movémonos das cores da cultura española cara a un dominio diferente, os chistes. Moita xente insire un artigo indefinido entre castaño e escuro, pero a opción máis adecuada é sen el, segundo o *Diccionario Panhispánico de Dudas*.

26. *Tonto de capirote* expresa irritación (función expresiva) e úsase para reprocharlle algo a alguén (función conativa). Tradúcese por equivalentes funcionais que só reteñen o sentido: *to be an utter fool/ to be really stupid*. Os "capirotes" son un tipo de carapucha que usaba a xente presa pola Inquisición; vestíana tamén os nenos que eran uns fedellos na escola a xeito de castigo. Tamén os actores en obras de teatro que interpretaban o papel de parvos e os estudantes que non eran moi brillantes malia andaren no estudo.

27. *Tiene mucho morro*. Esta expresión coloquial é moi frecuente e significa que alguén é un atrevido e un cara lavada. Mostra enfado (función expresiva) e emprégase para convencer a alguén do punto de vista negativo que se ten

sobre a mesma (función conativa). Tradúcese ao inglés polo seu sentido: *S/he has got a nerve*. Esta expresión española ten tamén outras imaxes alternativas: *tener mucha cara/ jeta/ hocico/ papo/ rostro*. A *jeta* é o fociño do porco [en español "hocico"], mentres que *papo* é a moega dos paxaros e *cara,* e o seu sinónimo culto *rostro*, refírese á faciana das persoas.

28. *¡Habráse visto!* Expresa a sorpresa do falante, o enfado e a ira ao mesmo tempo cunha función expresiva. As súas traducións ao inglés perden o compoñente metonímico: *Unbelievable!/ What a nerve!*

29. *Pasarse de la raya* significa ir demasiado lonxe. O falante emprégao para reprocharlle algo a alguén (función conativa). Este proverbio debe ter a súa orixe nas corridas de touros: cando o picador se dirixe a un determinado lugar non pode pasar das liñas paralelas debuxadas no *ruedo*. A imaxe pérdese no inglés polo que esta expresión só retén o seu significado básico: "ir moi lonxe".

30. *Mucho ruido y pocas nueces* / *all talk (and no action)*. A súa orixe refírese á ruidosa recollida das noces que non tiñan moito froito no interior. O proverbio inglés *all talk (and no action)* úsase para dicir que alguén está sempre falando sobre o que fixo ou o que vai facer pero que, en realidade, nunca fai nada. Outra tradución posible é *Much ado about nothing*, da coñecida comedia shakespeareana traducida ao español usando este proverbio. Unha opción moi coloquial é *all mouth and no trousers* que, en inglés británico, significa "falar moito de sexo pero practicalo pouco".

4. Conclusións

A linguaxe cotiá ten moitos miles de frases idiomáticas e refráns cuxas interpretacións figuradas non coinciden cos significados literais. As unidades figuradas convencionais expresan diferentes tipos de coñecemento acumulado a través do tempo nunha determinada lingua.

A análise contrastiva de trinta proverbios e expresións con significados figurados, frecuentes tanto en inglés coma en español, tentou amosar catro patróns que xorden cando se estuda a relación entre a linguaxe figurada, unidades pluriverbais (expresións e proverbios) e tradución:

- Primeiro, metáforas e metonimias mortas, orixinais, típicas e clixés teñen unha grande importancia no desenvolvemento do vocabulario idiomático. Moitos falantes non saben de onde proveñen as metáforas e as metonimias mais fan uso delas na lingua oral e na escrita para engadir énfase e condensar os principais puntos dun argumento ou dun tema.

- Segundo, en contra do estendido mito, a linguaxe idiomática retén moita da súa metaforicidade, como amosan os exemplos anteriores. Ademais, os refráns e ditos están vivos, son creativos e orixinais, en ocasións incluso teñen rima e móstranse reticentes a ser parafraseados. Isto explica por que son tan difíciles de traducir en moitas ocasións, se se desexa manter o seu valor metafórico e metonímico.

- Terceiro, os refráns e ditos metafóricos e metonímicos son capaces de dar un ton persoal, de marcar o estilo dun texto e de reflectir valores comúns e unha base cultural metafórica e metonímica común en varias linguas europeas, como a asociación do negro cos estados emotivos negativos tanto na cultura inglesa coma na española, ou o feito de compartir a Biblia ou os refráns de orixe latina e as diferentes situacións da vida diaria.

- Cuarto, os dicionarios bilingües estándar e incluso os dicionarios fraseolóxicos inclúen a tradución de expresións idiomáticas mais os refráns aparecen ao chou.

En poucas palabras, cada cultura e cada persoa percibe, en ocasións, os mesmos refráns e expresións idiomáticas de xeito diferente, e o reflexo do individual no universal é un reto que desafía os tradutores. Polo tanto, non sempre é fácil traducir metáforas e metonimias na fraseoloxía, xa que o proceso abrangue diversas etapas, despois de identificalas no discurso: a) comprobar a súa relevancia para entender o texto meta; b) avaliar se a imaxe metafórica / metonímica se mantén ou se transforma no texto meta e c) decidir a mellor estratexia para interpretala no texto meta, perante un lector do texto meta tendo sempre presente as súas bases culturais. O tradutor ten que escoller entre o sentido ou a imaxe, combinándoa ou modificándoa, como intentaron mostrar os anteriores exemplos, dependendo dos factores contextuais e, asemade, da importancia da fraseoloxía metafórica ou metonímica dentro do discurso.

5. Referencias bibliográficas

BUITRAGO, A. (2002): *Diccionario de dichos y frases hechas*. Madrid: Espasa.

CACCIARI, C. *et al.* (2004): "When Color Names Are Used Metaphorically: The Role of Linguistic and Chromatic Information", en *Metaphor and Symbol*, Vol. 19, nº. 3, pp. 169-190.

CORPAS, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

CAZEAUX, C. (2002): "Metaphor and the categorization of the senses", en *Metaphor and symbolic activity*, n°17, vol. 1.

DEIGNAN, A. (2005): *Metaphor and Corpus Linguistics*. Amsterdam: John Benjamins.

GIBBS, R. (1994): *The Poetics of Mind: Figurative Thought, Language, and Understanding.* Cambridge, England: Cambridge University Press.

HEYWOOD, J. (1546): "A dialogue conteinyng the nomber in effect of all the prouerbes in the Englishe tongue", en Bartlett, J. (comp) (1919): *Familiar Quotations: A collection of Passages, Phrases, and Proverbs traced to their Sources in Ancient and Modern Literature*. 10ª edición. Boston: Little, Brown, and Company.

HUBBARD E. e RAMACHANDRAN V. (2003): "The Phenomenology of Synaesthesia", en *Journal of Consciousness Studies*, vol. 10, nº 8, pp. 49-57(9).

KÖVECSES, Z. (1990): *Emotion Concepts.* Berlin: Springer. Verlag.

KÖVECSES, Z. e SZABÓ, P. (1996): "Idioms: A View from Cognitive Idioms: A View from Cognitive Semantics", en *Applied Linguistics*, vol. 17 (3), pp. 326-355.

LAKOFF, G. (1990) [1987]: *Women, Fire, and Dangerous Things: What Categories Reveal about the Mind.* Chicago: University of Chicago Press.

VV. AA. (1998): *Longman Idioms Dictionary*. London: Longman.

RADDEN, G. (2000): "How metonymic are metaphors", en Barcelona, A. (ed.): *Metaphor and metonymy at the crossroads: a cognitive perspective.* Berlin & New York: Mouton de Gruyter, pp. 93-108.

RHODES, H. (1860-1890): *The boke of nurture of schoole of good manners, for men, servants and children with stans puer ad mensam*. John Childs and Sons.

RICOEUR, P. (1980): *La metáfora viva* (versión española de Agustín Neira). Madrid: Europa.

SAVAIANO, E. e WINGET, L. (2001): *2001 Spanish and English idioms*. Woodbury, New York: Barron Educational Series.

SECO, M. (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual, locuciones y modismos*. Madrid: Aguilar.

ZULUAGA, A. (1980) : *Introducción al estudio de las expresiones fijas*, cap. IV, pp. 121-135. Frankfurt am Main: Peter Lang.

Referencias electrónicas:

http://www.phrases.org.uk/meanings/64950.html. [Data de consulta: 07/05/08]

Os grandes pícaros nas anécdotas e modismos alemáns e árabes. Un estudo comparativo

Mona Noueshi[1]

Universidade do Cairo

Neste artigo realízase un estudo comparativo que nos ofrece unha idea xeral sobre Eulenspiegel e Goha, os pícaros máis célebres da literatura alemá e árabe, concretamente exipcia, e sobre as súas anécdotas, que son orixe dalgúns fraseoloxismos. Analízase a procedencia de ambas as figuras, o lugar que ocupan na literatura e a súa influencia sobre os pobos respectivos para poñer de relevo as semellanzas e diferenzas entre elas. A través desta comparación preténdese demostrar que estes personaxes non son intercambiables no que respecta ás funcións específicas que desempeñan nas anécdotas e expresións idiomáticas malia as moitas características que comparten, como son a posición social, a inmortalidade social etc.[2]

Palabras clave: anécdota, expresión idiomática, alemán, árabe.

This article is a confrontative research, which gives us a view about Eulenspiegel and Goh; the buffoons in the german and the arabic, respectively the egyptian, literature and their anecdotes, which are the source of some proverbs. The extraction of both figures, their position in the literature and their effects on the people should be analysed to emphazise similarities and differences between them. This comparison should prove that both figures are not to be interchanged – inspite of all similarities between them, for example their function in the anecdotes and proverbs and their immortality.

Keywords: anecdote, idiom, German, Arabic.

[1] Tradución de Cristina Veiga Novoa.

[2] Aínda que as historias deste pícaro son moi antigas, seguen a ser coñecidas na actualidade. Eulenspiegel segue presente, o que se aprecia sobre todo en Bemburg. Aquí está a torre Eulenspiegel e en toda a localidade abundan as estatuas desta figura. E por se fose pouco, todos os anos se celebra en Bemburg un festival de cabaré, onde actúan os cabaretistas máis populares de "Till". Hai museos dedicados a Eulenspiegel e este tamén ten presenza na Internet. Mesmo ten a súa propia páxina web. Véxase ao respecto: Till Eulenspiegel http://en.wikipedia.org/wiki/Ulenspiegel, e Till Eulenspiegel en: http://www.eulenspiegel-museum.de/index.htm.

1. Introdución

A confrontación de ambos os personaxes pícaros ha de permitir, con base nas pescudas realizadas, comparalos dun xeito moi preciso para lograr unha maior comprensión das funcións que cumpren nas anécdotas e frases feitas, así como para explicar a transcendencia que acadaron ata hoxe nos ámbitos culturais respectivos.

Se repasamos a historia cultural dos pobos alemán e exipcio, pásanos por diante unha multitude diversa de bufóns, pícaros e truáns. En alemán, o termo *Schalk*[3] é:

> *(...) ein Mittelwort, welches sowohl einen groben arglistigen Betreiber bezeichnen kann, als auch eine Person, welche andere durch ein unschuldig scheinendes Betragen nur im Scherz zu hintergehen sucht*[4].

Todos os países teñen un algareiro que reflicte a idiosincrasia do pobo. En moitos países existe un personaxe pícaro que adoita actuar con torpeza, e outras veces de forma arteira ou mesmo afectada. No contorno alemán ou árabe hai un gran número de protagonistas a través dos cales se narran historias e anécdotas divertidas, cómicas, curiosas e en ocasións tamén cun contido máis profundo.

O máis célebre dos chamados *weisen Narren* (pícaros sabios) na literatura alemá é Till Eulenspiegel, o coñecido heroe e protagonista dun anecdotario anónimo[5]; mentres que na literatura exipcia é Goha.

Ambos os personaxes deron lugar non só a relatos, senón tamén a ditos e expresións, especialmente a numerosos proverbios cita.

Antes de tratar polo miúdo as figuras dos pícaros, cómpre abordar as anécdotas na literatura alemá e árabe.

En todos os pobos existen chanzas e anécdotas moi difundidas, provenientes dunha época en que todas as nacións contaban chistes sobre situacións concretas. Estas brincadeiras servían de válvula de escape do descontento reinante en tempos de opresión e sublevación, pero tamén como protesta contra abusivas reformas.

As anécdotas describen personaxes das nacións retratados na súa historia, e os que as recollían facíano de forma absolutamente accidental.

A tendencia a contar chanzas que lles proporcionaban desafogo ás nacións en tempos de represión é practicamente idéntica en todos os países.

As anécdotas son famosas pola súa agudeza e as súas enxeñosas e graciosas ocorrencias, sendo o seu propósito o escarnio e a retranca.

---

[3] Véxase respecto ao significado de "Schalk": Baumann e Oberle (1997: 49); Wiswe (1976: 176 e ss.); Lindow (1979: 183); Könneker (1970: 110); Schmidt (1963: 299); Braak (1980: 198 e 206).

[4] Tradución: "(…) unha palabra que pode designar tanto un simple bromista como unha persoa que tenta mofarse doutros enganándoos co seu comportamento aparentemente inocente".

[5] Véxase Steiner (1959: 145); Frenzel (1988: 837 e ss.); Kunze e Obländer (1976: 14 e ss.); Braak (1980: 205); Schweikle (1984: 418); Beutin *et al*. (1989: 80).

Unha anécdota é

> *(...) heute eine kurze Erzählung, die eine historische Persönlichkeit, einen Charaktertyp, eine Gesellschaftsschicht oder eine merkwürdige Begebenheit schlaflichtartig beleuchtet. Prägnanz und Objektivität der Darstellung sowie eine Pointe sind ihre wesentlichen Merkmale*[6]. (Kunze e Obländer 1976: 15)

A anécdota é un xénero épico menor tendente a un desenlace sorprendente ou á graza, e que procura capturar cunha linguaxe e estilo lacónicos un instante no que se mostran trazos característicos dos seres humanos.

Orixinariamente, este termo foi o título dun escrito contra o emperador Xustiniano e Teodora (lat. *Arcana Historia*) da autoría de Procopio de Cesarea (século VI), no que se narraban historias reveladoras da corte bizantina que o autor non publicou na súa historia oficial do réxime de Xustiniano.

Máis tarde, o termo "anécdota" emprégase nos títulos de manuscritos inéditos ou para historias da literatura francesa de memorias dos séculos XVII e XVIII. Seguindo o exemplo francés, é empregado por primeira vez en Alemaña por K. W. Ramler e J. G. Herder.

A graza da anécdota reside nunha réplica aguda e acertada, nun xogo de palabras, nun paradoxo ou nunha acción inesperada, do que resulta a proximidade coas chanzas, aforismos e epigramas.

Os temas habituais da anécdota son personalidades e sucesos históricos, aínda que tamén personaxes ficticios pero tipificados e, en xeral, situacións e actos humanos.

A anécdota chega a Alemaña como xénero literario independente no século XV, baseada nos patróns latinos e a raíz da *Novella* de Boccaccio e a súa emulación. É formalmente simple, xa que o único que interesa é o seu contido.

Durante o século XVI as anécdotas reúnense en anecdotarios. Posteriormente foron obxecto dunha ampla difusión a través de revistas e coleccións. Na década de 1810 a anécdota converteuse nunha forma de arte elevada e independente. No século XX tamén ten presenza, concretamente como artificio nas novelas de Theodor Fontane. Así mesmo, Bertold Brecht abraza o anecdótico en *Kalendergeschichten* e *Geschichten von Herrn Keuner* (Braak 1980: 206 e Schweikle 1984: 13 e ss.)

Na literatura árabe a "nadira" (نادرة، نوادر) ou anécdota é unha narración breve, unha historia irrisoria normalmente escrita ou un relato curto.

As antoloxías tradicionais árabes, e especialmente exipcias, conteñen diversas anécdotas sobre mestres, xuíces, avarentos etc. (شوقى ضيف، الفكاهة فى مصر، ص11)

[6] Tradución: "(…) un relato breve e ilustrativo sobre un personaxe histórico, unha idiosincrasia, un estrato social ou un suceso curioso. A concisión, a obxectividade e certa graza na exposición dos feitos son as súas principais características".
Véxase tamén ao respecto http://www.pohlw.de/literatur/epochen/renaiss.htm

A anécdota é un chiste que precisa dunha historia relacionada coa ocupación do protagonista. É, ao igual que o chiste, un alivio para o pobo nun escenario político represor ou unha forma de rebelarse contra os cambios e reformas que se están a difundir.

As anécdotas popularizáronse en distintos niveis sociais a partir do século XII. Así, as que contaban os exipcios durante a ocupación turca no tempo dos mamelucos e ata a época do xedive (vicerrei) Ismail presentaban características moi particulares, atopando o pobo alivio na descrición da necidade dos seus gobernantes.

A situación social e política dos cidadáns exipcios foi a orixe das diferenzas que existen entre as anécdotas de Exipto e as doutras nacións de Europa. Por exemplo, os gobernantes dos que se fala nas anécdotas exipcias eran caracterizados como descoidados e inútiles, posto que non eran exipcios, algo pouco habitual nas anécdotas doutros países (باس محمود العقاد، جحا الضاحك المضحك، ص85،86.).

> *Geschichten wurden in der deutschen so wie in der europäischen Literatur während des gesamten Mittelalters in gebundener Form erzählt. Sowohl die grossen Epen der höfischen Blütezeit als auch die kurzen Dichtungen erzählenden Charakters bedienten sich der Verse ... meist paarig gereimter Kurzzeilen, wie sie seit dem 12. Jhd. Dominierten...*[7]

...ata o século XVI (Streller 1986: 11).

No ámbito alemán, as farsas e fábulas seguían a constituír unha antiga tradición, pero incorporaban moitas novidades.

En Brunswick apareceu o libro de Till Eulenspiegel, de autor anónimo (Streller 1986: 12 e ss.), que critica as condutas de todos os estamentos sociais sen moralizar.

2. Eulenspiegel e as súas anécdotas

O libro popular de Eulenspiegel, que narra a vida e aventuras do protagonista desde o seu nacemento ata a súa morte, acadou a súa maior difusión entre 1530 e 1580 (Streller 1986: 16 e ss.).

A extraordinaria vida deste personaxe (Hildebrandt 1979: 188 e Mackensen 1979: 29) dáballe un enfoque crítico a unha parte da cultura popular alemá nunha época de bromas "pesadas" e de algareiros provincianos.

A Eulenspiegel atribuíronselle infinidade de anécdotas, falcatruadas e aventuras. Supostamente estas historias non son produto da fantasía do narrador. Nun principio xorden as fábulas populares, séguese a persoa próxima ao pobo que recolle as historias, e só entón aparece o poeta ou cantor (Mackensen 1979: 29).

Gran parte das anécdotas e aventuras populares contábanse na Baixa Saxonia, principalmente na zona de Brunswick. Probablemente foron recollidas e escritas en baixo alemán para o prelo.

[7] Tradución: "Na literatura alemá e mais na europea, durante toda a Idade Media as historias contábanse de forma sintética. Tanto as grandes epopeas do apoxeo palaciano como os poemas breves dos trobadores facían uso dos versos (…) normalmente breves con rima par, predominantes desde o século XII…"

Brecht quixo dramatizar a figura de Eulenspiegel. O poema satírico *Till Eulenspiegel* de Hauptmann (Knopf 1980: 371) narra en hexámetros as aventuras de Till, "des grossen Kampffliegers, Landfahrers, Gauklers und Magiers" (o maior piloto de combate, vagabundo, saltimbanqui e mago) (Nürnberger 1992: 240)[8].

O libro popular de Eulenspiegel forma parte da herdanza viva da literatura alemá debido á forza e sabedoría realistas e ligadas ao pobo dos "unbekümmert offen vorgetragenen Inhalts und wegen seiner dichterisch reifen Ausformung" (os seus contidos, transmitidos de forma abertamente frívola, e debido á madureza do seu estilo poético) (Lindow 1979: 182).

Eulenspiegel (Streller 1986: 45 e ss. e Albrecht *et al.* 1972: 198) é un nome composto formado a partir de *Ul'n Spigel*, onde *ulen* significa 'varrer, limpar' e *Spiegel* 'cachas' (Steiner 1959: 131 e ss.). O mesmo nome *ulden Spiegel* ten un significado groseiro (Könneker: 123). Outra interpretación consiste en que "die Eule als der Minerva, der Göttin der Weisheit, zugeordnete Vogel dem Narren den Spiegel vorhält" (Könneker: 118 e ss.) (a curuxa, o paxaro atribuído a Minerva, deusa da sabedoría, presentáballes o espello aos pícaros[9]).

Eulenspiegel sobreviviu con moito o seu tempo (Könneker: 128). Así e todo, os estudosos teñen opinións encontradas canto á súa figura. Mentres uns din que Eulenspiegel non é máis que un personaxe de lenda, outras fontes afirman que realmente viviu (Könneker: 108). Naceu, con moita probabilidade, no ano 1350 nunha granxa situada preto da fraga Elm (Haug 1979: 202), na vila de Kneitlingen; e ao parecer recibiu sepultura en Mölln, preto de Lauenburg (ao sur de Lübeck). Os datos indican que probablemente foi o vinculeiro de Claus Eulenspiegel e da súa muller Ann Wibcke (Kenner 1979: 93[10]).

Nalgunhas obras é presentado como fillo dun campesiño (Steiner 1959: 159 e ss.). Noutra fonte suponse que Eulenspiegel é de orixe aldeá, o que non quere dicir que o seu pai fose agricultor (Steiner 1959: 137). Noutra fonte afírmase, en cambio, que Claus Eulenspiegel foi un criado de a cabalo ao servizo do Señor von Utzen en Knetilingen (Wiswe 1976: 160).

Hai quen cre que Eulenspiegel foi fillo dun braceiro aldeán e que se converteu no voceiro de todos os desposuídos das clases plebeas (Albrecht *et al.* 1972: 198).

> *(...) ein schmidtknecht vnd sein gesel,*
> *Die müssn all beid hart ston,*
> *Wann sie wollen zu werek gon*[11]. (Lindow 1979: 182)

Tras a morte do seu pai quixo exercer como saltimbanqui (Steiner 1959: 137). Así, practicou o funambulismo, pero facíase pasar por panadeiro, ferreiro, barbeiro etc. (Steiner 1959: 165).

---

[8] Véxase tamén ao respecto: Frenzel (1988: 200); Wetzel (1986: 127); Steiner (1959: 152).
[9] Téñase en conta que en alemán *Eule* e *Spiegel* significan, respectivamente, 'curuxa' e 'espello'.
[10] Véxase tamén ao respecto Nürnberg (1992: 59).
[11] Tradución: "(…) un ferreiro e o seu asno / teñen que manterse fortes / se queren ir traballar".

Algúns libros populares describen a Eulenspiegel como un pícaro, outros como un moinante arteiro ou como un sátiro. Pero tamén hai escritos populares nos que se retrata este personaxe como un compañeiro de oficio ambulante e famélico, considerado un parvo, un necio, un pícaro e un bufón (Steiner 1959: 135). Noutras obras populares é caracterizado como un "Laffe, ein Schuft und eine Schurke" (Lindow 1979: 182) (un tolo, un pillabán e un rufián). Con todo, os seus veciños da vila de Kneitlingen víano como un "retranqueiro" (Lindow 1979: 186).

Segundo o parecer maioritario, estas divertidas historias burlescas agochaban unha fonda sabedoría (Haug 1979: 203). Como pícaro e bufón, Eulenspiegel encarnaba o principio da individualidade e a liberdade (Könneker: 127).

Outros achaban que era un cínico, talvez un delincuente. Pero non era un "delator", porque non delataba as persoas senón as súas condutas (Haug 1979: 206).

> *Eulenspiegel contaba coa agudeza necesaria para captar as lagoas nos pensamentos e palabras dos mais* (Frenzel 1988: 20).

Debuxaba con xiz ou carbón os seus símbolos, unha curuxa e un espello, nas portas das casas onde facía das súas, escribindo debaixo as palabras "Hic fuit" (Kenner 1979: 93).

Foi logo Eulenspiegel, quen aparecía aquí e acolá para espertar os paisanos do sono do costume (Könneker: 117 e ss.), unha única persoa ou dúas distintas? Nunha fonte indícase que Eulenspiegel, cuxa figura penetrou na literatura universal (Mackensen 1979: 31), non foi unha única persoa, senón unha mestura de dúas persoas diferentes (Steiner 1959: 153).

3. Goha e as súas anécdotas

Na literatura árabe, concretamente exipcia, temos tamén unha figura semellante a Eulenspiegel, con móbiles e misións sociais parecidos. Esta figura é coñecida co nome de Goha e é protagonista dos anecdotarios do mundo árabe. Goha non é só considerado un pillabán e un histrión, ao igual que o baixo alemán Till Eulenspiegel, xa que nas anécdotas ancestrais de e verbo del adoita agocharse certo saber.

Desde tempos antigos, o humor é unha calidade particular dos exipcios, que son coñecidos pola súa afección aos xogos de palabras e ás chanzas. Criticaron con ironía os seus inimigos e pintaron nas paredes historias humorísticas desde a época dos faraóns. O humor estendeuse na literatura medieval dos fatimidas, con maior intensidade durante a época dos mamelucos. A fame, a pobreza e a miseria convertéronse en humor e chanza (Steiner 1959: 32 e ss.). A finais do século pasado e principios do actual, os cafés e clubs foron centros de reunión literaria onde mellor se relataban algunhas historias divertidas, preferentemente adornadas con expresións populares (Steiner 1959: 167).

Co paso do tempo fixéronse certas modificacións e engadidos nas anécdotas[12].

[12] Velaquí algunhas obras:

البيان و التبيان للجاحظ

أخبار الحمقى والمغفلين لابن الجوزى

المحاضرات لأبى القاسم الراغب الأصفهانى

As opinións dos investigadores difiren no relativo á personalidade de Goha, á súa existencia e á súa nacionalidade (.5 ص ،جحا قال لى ،فهمى عبد اللطيف).

Os estudosos teñen puntos de vista distintos sobre a súa procedencia e as fontes das súas anécdotas. Algunhas fontes afirman que Goha só é unha figura literaria (عباس محمود العقاد، 142،143). Outras, en cambio, din que realmente existiu. Por último, outras sinalan que as anécdotas de Goha son de orixe turca (.81 ،شوقى ضيف.).

Un grupo de investigadores defende que as anécdotas de Goha se narraron a finais do século X, que este proviña da estirpe Fazara e que residiu na cidade de Kufa. Segundo estes investigadores, a transmisión oral fixo que tales anécdotas chegasen a Turquía. Outras fontes afirman que a maioría das anécdotas de Goha proceden da literatura árabe, moi rica nelas (.82 ،شوقى ضيف).

Goha era visto como un home simpático, sobre o que só os seus veciños, que o odiaban, contaban historias estúpidas e incertas (103 ،عباس محمود العقاد).

Nalgunhas compilacións fraseolóxicas (102 ،عباس محمود العقاد) e mais na literatura árabe (142 e ss. ،عباس محمود العقاد) dise que Goha pertencía á estirpe dos Fazara (101 e 142 ،عباس محمود العقاد).

A xeneralidade dos exipcios, que retratan a Goha como un crítico social, cren que este viviu en Exipto durante o tempo dos mamelucos e que se opuxo aos gobernantes e á represión exercida por eles recorrendo á ironía e ao escarnio.

Foi entón Goha en todas as literaturas a mesma persoa? Algunhas fontes indican que non é posible atribuírlle tal cantidade de anécdotas a unha única persoa dadas as moitas contradicións, contrastes e extremos que xorden en relación co tempo, co lugar, cos pensamentos e co personaxe (100 e ss. ،عباس محمود العقاد). Crese, máis ben, que viaxeiros e trotamundos transmitiron oralmente esta infinidade de historias (103 e ss.،عباس محمود العقاد).

4. Semellanzas e diferenzas características entre ambos os pícaros populares

Ambas as figuras referidas non son intercambiables de xeito ningún, existindo apenas certas características comúns e diferenzas entre elas. Nin Eulenspiegel nin Goha son caracterizados de forma positiva ou negativa. Ambos seguen presentes non só na oralidade, senón tamén na literatura universal, polo que son inmortais. Ambos teñen certas características distintivas. Os atributos de Eulenspiegel son a curuxa e o espello, e no caso de Goha son típicos a gorra e o asno.

Ambos tiñan funcións específicas que conseguiron cumprir, e sobreviviron moi alén do seu tempo. En xeral, avogan pola emancipación do ser humano fronte á lei e á orde.

Eulenspiegel, ao igual que Goha, foi considerado un heroe popular, dado que moitos pobos quixeron atribuírse a súa figura.

Historicamente, tanto Eulenspiegel coma Goha carecen de patria. Ambos son como o pícaro que é un recipiente baleiro e que as distintas épocas encheron de contido. Así, estes personaxes foron e seguen a ser "imperecedoiros" (Haug 1979: 202 e ss.).

Anteriormente indicouse que as anécdotas dos libros populares de Eulenspiegel e Goha son esencialmente moi diversas, tanto que algunhas fontes afirman que non se lle poden atribuír a unha única persoa. En moitas historias retrátase a Eulenspiegel como un compañeiro de oficio errante e famélico, e noutras como unha celebridade que todo o mundo arela coñecer. Estas e outras contradicións tan extremas pódense atopar na caracterización de Eulenspiegel.

Como Goha, Eulenspiegel viviu e morreu pobre, abandonado e miserento. Nunca fixeron patrimonio, apenas sobreviviron. A existencia de Eulenspiegel estivo caracterizada, ao igual que a de Goha, polo seu "ständige Wechsel des Ortes und der Maske, und die Fähigkeit, gleichzeitig in allen Ständen und Lebensbereichen zu Hause zu sein" (Könneker: 117) (constante cambio de paradoiro e de máscara, e pola capacidade de adaptación a todas as condicións e aspectos da vida).

Mesmo sen recibir formación, tanto Eulenspiegel coma Goha mostráronse habilidosos ben no círculo dos burgueses e da xente sinxela, ben no círculo dos grandes señores laicos e eclesiásticos.

Con todo, en ningures se documenta a permanencia prolongada destas figuras nunha condición ou nun lugar. O auténtico elemento vital de ambas é a súa peregrinación incansable sen un fin manifesto. Como Goha, Eulenspiegel é totalmente libre, é dicir, procúrase a súa independencia con traballos ocasionais. Ambos aparecen como panadeiros, xastres, zapateiros, practicantes etc. A diversidade de ocupacións e caracterizacións que asumiu Eulenspiegel, así como a multiplicidade dos lugares onde levou a cabo os seus feitos, demostran que a súa táctica se pode aplicar en calquera parte e que non está asociada ao individuo Till como trazo propio da súa personalidade (Haug 1979: 204 e ss.).

O propósito de todas as anécdotas de Eulenspiegel, como o das de Goha, ao parecer é inquietar, perturbar e provocar perplexidade mediante a confrontación co estraño e co inesperado (Könneker: 118).

Nalgunhas anécdotas a función de Eulenspiegel, ao igual que a de Goha, consiste en poñerlles diante, como pícaro, aos seus semellantes o espello da vida a través das convencións, os costumes e os prexuízos, así como revelarlles as contradicións que existen entre a realidade e a coacción da moral, dos usos e da relixión.

En ambas as figuras emerxe claramente o pícaro popular san e vivaz, o artista que move a sociedade á risa mediante o escarnio.

Ambos foron buscadores da verdade e filántropos. Desenmascararon a inxustiza e a estupidez, que non lles afectan menos aos oprimidos e aos pobres que aos ricos e poderosos.

Eulenspiegel extraeu material para anécdotas do círculo de figuras afíns a el. Librou a súa loita contra as supersticións, as agresións da Igrexa e o engano do pobo.

As vítimas de Eulenspiegel e Goha adoitaban reaccionar á mofa cunha mestura curiosa de anoxo, desconcerto e estupor, que se exteriorizaba con ira ou cunha gargallada en función da natureza do personaxe.

No mundo en que se movían Eulenspiegel e Goha, o mundo dos pequenos burgueses, os artesáns e os comerciantes, entre outros, eles eran os únicos que non acataban norma ningunha e que non se sentían obrigados por ningunha lei.

Nas súas historias, como nas viaxes ao redor do mundo, ambos os burlóns saen sempre vitoriosos das aventuras grazas á súa gran rapidez de pensamento.

Non hai nada que estea máis lonxe da intención destas figuras que cambiar o mundo. Como pícaros, son antiheroes e antimoralistas. As anécdotas dos libros populares sobre estes dous pillabáns son heteroxéneas: non existen unha motivación e un obxectivo inequívocos.

De cando en cando atópanse contidos coincidentes nas anécdotas de ambas as figuras como, por exemplo, o conto do pai, o fillo e o asno.

En ambas as persoas cotifeiras agóchase unha profunda sabedoría atemporal (Haug 1979). Nunca conseguiron nada facendo uso da violencia, as armas son algo alleo á súa natureza. Os seus medios eran o humor benintencionado e a sempre apreciada ironía picante.

Para alcanzar o seu fin, valoran sobre todo o xogo lingüístico coa ambigüidade e cos chistes baseados nas palabras. O estilo da linguaxe anecdótica é sinxelo e chan á vez que atinado, non precisa dun gran vocabulario e incorpora reiteracións e xiros abondos.

> *Denn das Besondere und Ungewöhnliche seiner Gestalt tritt plastisch hervor erst vor dem Hintergrund der gesell schaftlichen Wirklichkeit, wie sie in jener Epoche besonders für Deutschland typisch war*[13]. (Könneker: 124)

Tanto Eulenspiegel coma Goha desempeñaron importantes funcións educativas a través dos elementos satíricos de todas as súas anécdotas.

As historias burlescas que Eulenspiegel e Goha protagonizaron na súa mocidade non difiren na súa esencia pola distancia temporal. Daquela, son intercambiables e poden inverterse ou complementarse.

Os símbolos que Eulenspiegel pintaba nas portas das casas, a curuxa e o espello, non se dan en Goha. Este non debuxou nada nas casas (Kenner 1979: 93).

Tres personaxes acompañan sempre a Goha na literatura árabe. Son unha especie de complemento da súa personalidade. En canto que no caso de Goha sempre aparecen tres figuras xunto a el na maioría das anécdotas (a súa muller, o seu fillo e o seu burro), polo

[13] Tradución: "Pois o especial e insólito da súa figura destaca claramente ante o fondo da realidade social típica daquela época, especialmente en Alemaña".

xeral Eulenspiegel está só. Nunca se falou dun compromiso cunha muller. Ao contrario do que ocorre con Goha, as mulleres non figuran na vida de Eulenspiegel (Mackensen 1979: 89).

No que respecta á familia e á nenez, Eulenspiegel procede dunha familia de campesiños moi humildes, o seu pai morreu novo e a súa nai era pobre. No caso de Goha, non existe comentario ningún sobre nai, pai ou infancia.

A diferenza de Goha, a miúdo Eulenspiegel recibe un traxe novo ou unha comida de balde polo seu traballo. Ás veces mesmo o puxeron na rúa sen xornal anoxados mestres artesáns.

Eulenspiegel conta con certos trazos dos que Goha carece, como a insensibilidade, a pallasada e a extravagancia no vestir. Non leva gorro de bufón como Goha, que poñía na cabeza unha gorra de algodón grande, ancha e de cores. Nunhas poucas historias, Eulenspiegel aparece disfrazado de sacerdote.

Segundo algunhas fontes, Eulenspiegel ten certa inclinación ao sadismo, algo que nunca se dá en Goha. Por outra banda, carecía totalmente de vertixe, xa que gabeaba con frecuencia por teitos e fiestras. Tamén tiña certo éxito como funámbulo, unha especialidade maniática que Goha non cultivaba.

Ao contrario do que acontece nos libros de Goha, a grosería e o desamaño de Eulenspiegel fanse patentes nos seus libros populares (Könneker: 121 e ss.).

Eulenspiegel, non así Goha, era un gran comedor e bebedor que desbarataba os cuartos. Adoitaba estar bébedo e durmía longas horas en calquera lugar. Era un escéptico e un melancólico, un fracasado xenial.

Goha tivo unha longa vida, pois observaba dieta no seu camiño, mentres que Eulenspiegel estaba sempre doente. Con case cincuenta anos acabou no Hospital do Espírito Santo de Mölln, onde permaneceu moito tempo. Padecía unha doenza hepática, recibiu un longo tratamento e finalmente morreu de peste.

Mentres que Goha foi soterrado dun xeito moi normal, consonte os costumes relixiosos, aproximadamente en 1305, os curas esixiron que Eulenspiegel non xacese na súa sepultura como os demais cristiáns. Quedaron, por iso, moi satisfeitos ao comprobar que o defunto Eulenspiegel foi soterrado de pé. A súa tumba está en Mölln, preto de Lübeck, debaixo dun tileiro, coa curuxa e co espello gravados na pedra (Steiner 1959: 143). Estes símbolos e o seu nome alegórico denotan impersonalidade (Görres 1979: 27).

> *(...) lassen in ston wan er ist wunderlich gewesen in seinem leben, wunderlich wil er auch sein in in seinem tod*[14]. (Könneker: 116)

Na súa tumba lense estas palabras:

> *Diesen Stein soll niemand haben,*
> *Eulenspiegel staht hie begraben*[15]. (Kenner 1979: 95; Görres 1979: 27; Steiner 1959: 143; Könneker: 116)

[14] Tradución: "(…) deixádeo de pé, pois foi singular en vida e tamén será singular na morte".

A lápida mortuoria de Goha aínda hoxe é visitada polos seus admiradores.

5. Eulenspiegel e Goha nos ditos

Algúns relatos populares xa desaparecidos ou perdidos consérvanse en parte na fraseoloxía, e só a través deles podemos acceder a tales historias. Así, as referencias a frases feitas da literatura poden mesmo datar de tempos en que aínda non contabamos con rexistros e colecciónsistemáticos.

Eulenspiegel e Goha encóntranse entre as figuras que non só inspiraron historias, senón tamén proverbios e expresións idiomáticas.

Estes pícaros seguen a ser populares sobre todo en incontables proverbios cita. Algunhas expresións idiomáticas ou refráns están relacionados con anécdotas concretas de Eulenspiegel e Goha (Röhrich e Mieder 1977: 84).

Entre estes fraseoloxismos referidos a anécdotas concretas de Eulenspiegel están:

Brillen verkaufen ou jemanden brillen

Esta locución, xa desaparecida, aínda se escoita en certos dialectos como, por exemplo, na expresión baixoalemá *Ik laat mi keen Brillen verkoopen*, que significa "Non me deixo enganar".

No libro popular de Eulenspiegel (historia LXIII), este móstrase, entre outras cousas, como vendedor de lentes, e leva o xogo de palabras máis alá cando se queixa de que "sein Gewerbe auf dem absteigenden Aste sei, weil so viele Leute jetzt durch die Finger sähen"[16] (literal: o seu negocio está na póla descendente porque agora moita xente ve polos dedos; equivalente a: o seu negocio está de capa caída porque agora moita xente fai coma quen non ve). Este xogo de palabras debía ser moi usual arredor de 1500, pois hai toda unha serie de testemuños metafóricos segundo os cales a venda de lentes obviamente se consideraba sinónimo de engano e estafa.

Aparece recorrentemente o tema da moza que lle pon lentes ao seu vello home para poder enganalo cun mozo:

> *Den kalten alten Mann ich brill,*
> *weil er's doch gern so haben will.*[17]

Outro exemplo:

A locución *die Katze im Sack kaufen*, que quere dicir 'comprar ou aceptar algo sen inspeccionalo primeiro, sendo así enganado'.

A orixe histórica deste fraseoloxismo sitúase na venda de animais durante o medievo tardío, onde non todo era xema de ovo. Presuntamente, o primeiro en empregar esta locución con este significado foi Eulenspiegel no libro popular baixoalemán do século

[15] Tradución: "Ninguén ha de ter esta pedra, Eulenspiegel está sepultado aquí de pé".
[16] Segundo Röhrich (1973: 166 e ss.).
[17] Tradución: "Póñolle gafas ao frío home vello, / porque así o quere el".

XIV. Nesta obra nárrase por primeira vez a anécdota do gato que estaba no saco e que foi vendido por lebre[18].

Outro exemplo:

Er machts wie Eulenspiegel, er verleidet der Baeuerin das Mus, um es allein zu essen (literal: Fai como Eulenspiegel, quítalle á campesiña as ganas das papas para comelas el todas).

Esta expresión fai referencia á historia XVI do libro popular, titulada *wie vlenspiegel ein weiss muoss alein vss ass, darumb daz er ein klumpen vss der nassen daryn liess fallen* (de como Eulenspiegel comeu todas as papas porque deixou caer nelas unha pinga do seu nariz).

Er spielt (singt) Eulenspiegels Stück [Toca (canta) a peza de Eulenspiegel]: cre que as cousas van cambiar (mellorar) algún día. Eulenspiegel non aprendeu a tocar nada máis co violín que a peza *Alle Dinge eine Weile*.

Noutros ditos Eulenspiegel aparece no lugar doutros personaxes das anécdotas (o xigante ou o demo), como se pode ver na expresión do suabo *Du bist ein Kerl wie der Eulenspiegel, und der hat seine Mutter mit der Mistgabel zu Tode gekitzelt* (Ti es un tipo como Eulenspiegel, que lle fixo cóxegas á súa nai coa forquita ata matala).

Cando alguén enliñaba un fío moi longo ao coser, dicíase na zona do río Eger: *Bist wei der Eilenspiegel. Huppst beim Fenster raus und wieder ei mit deimem longen Foden* (literal: Es como o Eilenspiegel. Podes saltar pola fiestra e volver entrar co teu longo fío). Neste caso faise alusión á coñecida anécdota da competición de costura entre o xastre e o demo.

O dito rexistrado en Frisia Oriental *'n Knuep foer de Drad! is Ulenspegels Rad* (literal: Un nó para o fío é o consello de Ulenspegel!) fai referencia ao relato do libro popular no que Eulenspiegel convoca todos os xastres en Rostock para darlles o consello universal de que non esquezan facer o nó cando enfíen.

A locución *einem den Pelz waschen*, que significa 'acosar ou abafar alguén', aparece na historia XXX do libro de Eulenspiegel, onde este quere lavarlles as peles ás mulleres. Con todo, neste caso a expresión non xorde deste relato, dado que xa dá testemuño dela Geiler von Kaisersberg, aínda que a anécdota de Eulenspiegel lle dá un enfoque literal e real, levándoa así ao absurdo (Segundo Röhrich 1973: 250 e ss.).

O exemplo que se cita a seguir procede do repertorio fraseolóxico das locucións:

Eulenspiegelspossen machen (oder treiben): literal 'facer bromas de Eulenspiegel', 'facer trasnadas, especialmente: facer un encargo demasiado ao pé da letra'.

Á parte das anécdotas, os fraseoloxismos representan unha parte considerable e importante da literatura de sabedoría oriental ou exipcia. Os ditos e refráns sérvense dos nomes para presentar dunha forma concreta determinadas accións, calidades e estados.

[18] Véxase ao respecto *"Die Katze im Sack kaufen" statt einen Ferkel* en: http://science.orf.at/science/ays/144167

Deste xeito prodúcese un efecto particular que obriga o oínte a reflexionar e prestar especial atención. Nisto maniféstase a creatividade poética do pobo (cfr. Röhrich e Mieder 1977: 83 e ss.).

Na literatura árabe ou exipcia, a figura de Goha débelles a súa celebridade non só ás historias e anécdotas divertidas e irónicas que seguen vivas no pobo, senón tamén a que desempeña unha función relevante na fraseoloxía exipcia.

Goha aparece nos ditos e refráns con distintas formas, imaxes e características. Nalgúns casos é o asisado e sabio que lle traslada sabedoría ao pobo a través dunha experiencia persoal[19].

Nalgúns ditos sobre Goha faise unha parodia do seu proceder cos mais, principalmente coa súa muller, como acontece no seguinte:

قالوا: يا جحا ، فين بلدك ؟

قال: اللى امرأتى فيها .

(Un di: –Onde está a túa patria, Goha?

El responde: –Está alí onde vive a miña muller.)

A relación de Goha coa súa sogra era turbia. A expresión seguinte trata desta relación:

قالوا: يا جحا، امرأة أبوك بتحبك.

قال: هى اتجننت!!

(Un di: –A túa sogra quéreche ben, Goha.

El di: –Xa non está no seu acordo?)

Goha destaca aquí a relación entre as sogras e os seus xenros.

O egoísmo e a altivez son elementos importantes nos ditos sobre Goha:

قالوا: يا جحا، امتى تقوم القيامة؟

قال: لما أموت أنا.

(Un di: –Cando será o día do Xuízo Final, Goha?

El responde: –Cando eu morra.)

Neste caso pode observarse a tendencia dos ditos á hipérbole, ao drástico e ao grotesco.

O seguinte refrán tamén ten como tema o egoísmo:

جحا أولى بلحم طوره

[19] A partir de aquí a tradución dos ditos e refráns é o máis literal posible, como é habitual. Puxen especial dedicación en manter a riqueza de imaxes e metáforas da lingua e en facilitar a comprensión do valor intrínseco destas a través da súa reprodución. Con todo, foi necesario realizar certos cambios para aproximar as devanditas imaxes ao lector occidental.

(Goha ten máis dereito á carne do seu boi que outros.)

Un tema que aparece recorrentemente con distintos matices é o problema da mesquindade e da prudencia:

قالوا: يا جحا، عد غنمك.

قال: واحدة نايمة، و واحدة قايمة.

(Eles dinlle a Goha: –Conta as túas ovellas.

El responde: –Para que contar? Unha está deitada e a outra de pé.)

Nos ditos seguintes Goha tamén é presentado como exemplo de mesquindade e prudencia excesiva:

جحا طلع النخلة و خد بلغته معاه.

(Goha gabeou pola palmeira arriba cos zapatos na man.)

O dito anterior é unha desas máximas típicas nas que se combinan astucia e sabedoría.

A través da figura de Goha transmitíronse experiencias e, ás veces, tamén visións optimistas dalgunhas persoas do pobo. Así ocorre no dito:

قالو: ياجحا، عد موج البحر.
قال: الجيات أكثر من الريحات.

(Un di: –Goha, conta as ondas do mar.

El responde: –As que veñen son máis que as que van.)

O heroe popular Goha recalca que non se debe pensar no que xa pasou, pois sempre chegan tempos novos, bos e prósperos cargados de moitos acontecementos ditosos que non se poden contar. Deste xeito enúnciase unha boa ensinanza dunha forma amena.

Tamén pode agocharse unha ensinanza en ditos correntes sobre outros acontecementos. O dito seguinte é un exemplo representativo disto:

زى بوابة جحا، وسع و قلة فايدة.

(É como a porta de Goha, demasiado ancha e innecesaria.)

Este dito critica con ironía os inútiles e aqueles que non valen para nada nin fan nada de proveito para a sociedade. Neste caso trasládase tamén unha ensinanza particular que o lector ou oínte debe extraer. Ditos como este disimulan cousas ou feitos, posto que non se lles chama polo seu nome.

A seguir ofrécese unha selección de ditos deste xocoso personaxe popular que fan alusión a determinadas anécdotas do mesmo:

Nalgúns ditos Goha é retratado como un parvo, como no seguinte:

قالوا: يا جحا، فين مراتك؟

قال: بتطحن بالكرا.

قالوا: و طحينك؟

قال: كريت عليه.

(Un di: –Onde vai a túa muller?

El responde: –A miña muller moe para outros a cambio dun xornal. Eles preguntan: –E a túa gra?

El di: –Encargueille a moenda a alguén a cambio dun xornal.)

Con respecto a Goha o omnisciente, neste caso nas lides do matrimonio, ofrecemos como exemplo o seguinte dito:

الله يقطع اللى اتجوزوا قبلى و اللى اتجوزوا بعدى.

(Deus maldiga aqueles que casen antes e despois de min.)

Este dito provén da seguinte anécdota:

سألوا جحا عن الزواج . فقال: الله يقطع اللى اتجوزوا قبلى و اللى اتجوزوا بعدى.

فسألوه: ماذا تقصد؟

فقال: اللى اتجوزوا قبلى لم ينصحونى، و اللى اتجوزوا بعدى لم يستشيرونى.

(Preguntáronlle a Goha polo matrimonio.

El dixo: –Deus maldiga aqueles que casen antes e despois de min. Entón preguntaron: –Que queres dicir?

El dixo: –Os que casaron antes de min non me aconsellaron, e os que casaron despois de min non me preguntaron).

Outro exemplo:

من فاته اللحم فعليه بالمرق.

(Quen perdeu a carne confórmase co caldo.)

A orixe deste refrán é a seguinte anécdota:

رأى جحا جماعة من البط تسبح فى ماء بركة. فلما أراد صيدها طارت كلها. فغمس رغيفا فى ماء البركة، و قعد يأكله. فرآه صديقا له ، فقال: ما هذا يا جحا؟ فقال: *من فاته اللحم* ، فعليه *بالمرق*.

(Goha viu unha bandada de parrulos a nadar na lagoa. Cando quixo apañalos, todos alzaron o voo. A seguir mergullou un anaco de pan na auga e comeuno enteiro. O seu amigo viuno e dixo: –"Que fas, Goha?" Goha respondeu: –"Quen perdeu a carne confórmase co caldo").

No seguinte dito descríbese un comportamento dun xeito divertido:

لولاك يا كمى ، ما كلت يا فمى.

(Se non fose polas miñas mangas, ti non comerías, miña boca).

Este dito procede da anécdota que se transcribe a seguir:

أقام جماعة حفلة عرس ، فذهب اليها جحا و هو يلبس جلبابا مهلهلا قذرا ، فتأفف أصحاب العرس منه و طردوه، فذهب الى منزله و لبس أفخر ثيابه و ذهب الى الحفل، فاستقبله أصحاب العرس أحسن استقبال و أجلسوه بصدر السرادق، و قدموا له القهوة و الشراب وكانوا يحيونه قائلين: أهلل و سهلل، آنستنا و نورتنا، و شرفتنا. ولما جاء ميعاد الأكل قدموه عليهم فجعل جحا يأكل و كمه الطويل يلوث بالطبخ. فقال له بعض الآكلين: شمّر كمك يا سيدنا الشيخ. فقال جحا: لماذا؟*لولاك ياكمى ما كلت يا فمى*. ان له فضلا كبيرا على. وهو أحق بالأكل منى.

(Un día festexouse unha voda. Goha achegouse á festa vestido como un farrapeiro, pero os convidados botárono de aí. Entón marchou á casa, vestiu as súas mellores roupas e volveu á festa. Desta vez os anfitrións recibírono con moita reverencia e deixárono sentar no medio da carpa. Leváronlle café e bebidas e saudárono coas seguintes palabras: –"Benvido, a túa presenza hónranos e énchenos de ledicia".

A medida que ían traendo os pratos, pasábanllos a Goha e este comezou a comer, quedándolle as longas mangas metidas na comida. Algúns dos comensais dixéronlle: –"Sayh (vello), súbase as mangas". Goha replicou: –"Por que? Se as miñas mangas non comen, tampouco come a miña boca. Danme un gran servizo. Teñen dereito a comer. Se non fose polas miñas mangas, ti non comerías, miña boca").

O próximo dito explica como as persoas adoitan dirixirse a Deus cando sofren unha desgraza e rezar unicamente cando están nun apuro:

انما هى زوبعة و تسكن.

(Só é unha tormenta e amainará.)

Este dito ten a súa orixe na seguinte anécdota:

هب يوما ريح شديدة، فأقبل الناس يدعون الل و يتوبون، فصاح جحا: يا قوم، لا تتعجلوا التوبة،*انما هى زوبعة و تسكن*.

(Un día soprou un vento moi forte. Entón a xente comezou a rezarlle a Deus e a dirixirse a El con arrepentimento. Goha exclamou: –"Xente, non vos apresuredes a facer penitencia. Só é unha tormenta e amainará".)

Ditos como este ás veces expresan mellor o que se quere dicir.

Outra máxima do "pícaro sabio" que agocha sabedoría e prudencia e que destaca polo seu carácter cómico e divertido é a seguinte:

من يأخذ المكسب يتحمل الخسارة.

(Quen leva a ganancia asume a perda.)

Esta máxima provén da seguinte anécdota:

استلف جحا من جاره قدرا كبيرا، فطبخ فيها، ثم وضع فيها قدرا صغيرا و ردها له. فرأى الجار القدر الصغيرة، فعجب و قال لجحا: ما هذا يا جحا؟ فقال جحا: هذه قدر صغيرة ولدتها قدرك الكبيرة عندى. و بعد أيام طلب جحا من جاره القدر و أخفاها فى منزله. فلما غابت عنده طلبها صاحبها، فقال جحا: لقد ماتت قدرك يا صديقى، والبركة فيكم، عوضكم الله عنها خيرا. فدهش صاحبها، وقال فى عجب: كيف تموت القدر، يا جحا؟ فقال جحا: الذى جعل القدر تلد جعل القدر تموت*، ومن يأخذ المكسب، يتحمل الخسارة*.

(Goha collera prestada unha pota grande do seu veciño e cociñou con ela. Despois meteu nela unhas potas pequeniñas e devolveuna. O veciño viu as potiñas e preguntoulle a Goha: –"Que é isto, Goha?" Goha respondeu: –"Son unhas potiñas que a túa pota grande pariu na miña casa".

Pasados uns días, Goha pediulle as potiñas ao seu veciño a agochounas na casa. Como xa levaba moito tempo con elas, o veciño reclamoullas.

Goha dixo: –"As túas potiñas morreron, meu amigo. Que Deus as bendiga! Deus cho pague con ben!".

O seu amigo quedou perplexo e dixo con asombro: –"Como morreron as potiñas, Goha?".

Goha respondeu: –"Foi algo sorprendente! O que fixo nacer as potiñas deixounas morrer. E quen leva a ganancia asume a perda".)

Como xa se indicou anteriormente, ademais das anécdotas, existen moitos fraseoloxismos relacionados con Eulenspiegel e Goha. Todo o que encarnan ambas as figuras manifestase nas súas anécdotas e frases feitas. Algunhas expresións, por outra banda, aluden a certas anécdotas de Eulenspiegel e Goha.

Malia as moitas características comúns destes dous pícaros, como a posición social, a súa inmortalidade no pobo e moitas máis, non son intercambiables no que respecta ás súas funcións específicas.

6. Referencias bibliográficas

ALBRECHT, G. *et al*. (eds.) (1972): *Lexikon deutschsprachiger Schriftsteller: von den Angänfen bis zur Gegenwart*. I. Leipzig: Bibliographishes Institut.

BAUMANN, B. e OBERLE, B. (1997): *Deutsche Literatur in Epochen*. München: Max Hueber Verlag.

BEUTIN, W. *et al.* (1989): *Deutsche Literaturgeschichte. Von den Anfängen bis zur Gegenwart*. Stuttgart: Merzler.

BRAAK, I. (1980): *Poetik in Stichworten, Literaturwissenschaftliche Grundbegriffe*. Kiel: Ferdinand Hirt.

FRENZEL, E. (1988): *Stoffe der Weltliteratur. Ein Lexikon dichtungsgeschichtlicher Längsschnitte*. Stuttgart: Kröner.

GÖRRES, J. (1979): "Der wiedererstandene Eulenspiegel", en *Eulenspiegel-Interpretationen. Der Schalk im Spiegel der Forschung*. München: Werner Wunderlich, pp. 26-27.

HAUG, W. F. (1979): "Die Einübung bürgerlicher Verkehrsformen bei Eulenspiegel", en *Eulenspiegel – Interpretationen. Der Schalk im Spiegel der Forschung*, pp. 201-224. München: Werner Wunderlich.

HILDEBRANDT, H. (1979): "Sozialkritik in der List Till Eulenspiegels", en *Eulenspiegel – Interpretationen. Der Schalk im Spiegel der Forschung*, pp. 187-200. München: Werner Wunderlich.

KENNER, D. (1979): "Till Eulenspiegel", en *Eulenspiegel – Interpretationen. Der Schalk im Spiegel der Forschung*. München: Werner Wunderlich.

KNOPF, J. (ed.) (1980): *Brecht-Handbuch: Theater*. Stuttgart: Metzler.

KÖNNEKER, B. (1970): "Strickers 'Pfaffe Amis' und das Volksbuch von Ulenspiegel", en *Euphorion* 64, pp. 242-280.

"Das Volsksbuch von Ulenspiegel" en *Eulenspiegel-Interpretationen*, a.a. O., pp. 108-130

KUNZE, K. e OBLÄNDER, H. (eds.) (1976): *Grundwissen. Deutsche Literatur*. Stuttgart: Klett.

LINDOW, W. (1979): "Der Narr und sein Publikum. Einige Anmerkungen zur Rolle des Titelhelden im Volksbuch vom Eulenspiegel", en *Eulenspiegel – Interpretationen. Der Schalk im Spiegel der Forschung*. München: Werner Wunderlich, pp. 182-186.

MACKENSEN, L. (1979): "Zur Entstehung des Volksbuches von Eulenspiegel", en *Eulenspiegel – Interpretationen. Der Schalk im Spiegel der Forschung*, pp. 28-56. München: Werner Wunderlich.

NÜRNBERG, H. (1992): *Geschichte der deutschen Literatur*. München: Bayerischer Schulbuch Verlag.

RÖHRICH, K. e MIEDER, W. (1977): *Sprichwort*. Stuttgart: Metzler.

RÖHRICH, L. (1973): *Lexikon: der sprichwörtlichen Redensarten* I. Freiburg.

SCHMIDT, L. (1963): *Die Volkserzählung. Märchen, Sage, Legende, Schwank*. Berlin: Erich Schmidt.

SCHWEIKLE G. e I. (eds.) (1984): *Metzler Literatur Lexikon. Stichwörter zur Weltliteratur*. Metzler. Véxase páx. 418.

STEINER, G. (1959): "Zur Exegese des Volksbuchs von Till Eulenspiegel", en *Acta Litteraria Academiae Scientiarum Hungaricae* 2, pp. 251-275.

STRELLER, S. (ed.) (1986): *Deutschsprachige Erzähler des 16. und 17. Jahrhunderts*. Leipzig: Sammlung Dieterich.

WETZEL, C. (ed.) (1986): *Lexikon der Autoren und Werke*. Stuttgart: Klett.

WISWE, H. (1976): "Sozialgeschichtliches um Till Eulenspiegel II", en *Braunschweigisches Jahrbuch* 57, pp. 175-181.

Referencias electrónicas:

http://en.wikipedia.org/wiki/Ulenspiegel [Data de consulta: 14/01/08]

http://www.eulenspiegel-museum.de/index.htm [Data da consulta: 15/03/06]

http://www.pohlw.de/literatur/epochen/renaiss.htm [Data da consulta: 07/05/08]

http://www.science.orf.at/science/ays/144167 [Data da consulta: 07/05/08]

Recadádivas

Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro

Edición dun manuscrito de 1935 que recolle as paremias máis usadas naquela data en Grou, unha aldea do suroeste de Galicia.

Palabras clave: paremioloxía galega, traballo de campo.

Edition of a manuscript dated of 1935 which compiles the most used idioms by that date in Grou, a village located in the southwest of Galicia.

Keywords: Galician paremiology, fieldwork.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

1. Once anos despois de publicar eu un traballiño de fraseoloxía de tema relixioso na revista *Encrucillada* (12, 1979, 163-195) recibiuse na Redacción unha carta de Bieito Fernández, datada no 12.1.1990. A carta ofrecía para publicación a copia parcial *dunha vella libreta* que contiña 13 oracións populares galegas recollidas por el en 1935.

En nome da revista respondinlle eu. Pasados algúns anos, volvemos estar en contacto e el, sabedor do meu interese pola divulgación dos refráns galegos, remitiume a xenerosa fotocopia dunha parte meirande desa *vella libreta* na que primeiro (páxinas 1-36) figura unha colección de 254 refráns que el recollera en Grou (Lobios) para que eu os incorporase ós meus fondos (*para aumentar os que de seguro terá recollido*). Engadiu 13 fotocopias, que parecen conter 26 páxinas máis desa *vella libreta.* O contido é o seguinte: 9 pp. con 14 *Orazóns varias*; 3 pp. con 9 citas de tipo sociolingüístico; 6 pp. con dúas nadaliñas e 3 pp. con un romance. O colector anota que un dos cantos de reis recolleuno en Silvares de Grou en xaneiro de 1937 e o outro en Bande en 1946; e que o *Romance* o recolleu en Grou o 16.10.1936. Para a cronoloxía daquel manuscrito temos, polo tanto, dúas datas límite: a de 1935 (que el dá na carta primeira) e maila de 1991, que aparece ó citar na páxina 59 un artigo de Ramón Mariño publicado na revista *Grial* no segundo trimestre dese ano.

Lamentablemente neste medio tempo aconteceron dúas cousas. A primeira é que nun traslado de domicilio eu extraviei esas fotocopias e a segunda que, agora que dei con elas, xa non está entre nós o xeneroso colector, que morreu en 1999.

Interpretando a intención do colector e como merecida homenaxe quero dar á luz este *Refraneiro de Grou (Lobios)* pero non como parte dun conxunto senón como conxunto con entidade propia, polo que direi máis en diante.

2. Bieito Fernández Álvarez, (Silvares de Grou, Lobios, 1909 – Lugo, 1999) foi un galeguista moi activo, dende a súa mocidade de mozo emigrante en Bos Aires (1926-1935), nos difíceis tempos da guerra civil (1936-1939) xa en Galicia, nos nada fáciles tempos da posguerra e nos esforzos por xerar unha transición política. Garda forestal de profesión, sempre tivo na cabeza e no corazón a idea dunha Galicia dona de si e estivo en moitos intentos de artellar grupos de traballo nesa dirección. Bieito Fernández foi unha desas persoas que constrúen o futuro cultural e político dun país fuxindo de todo protagonismo persoal e, por esa razón, a historia case nunca é xusta con eles. García Bodaño defíneo como "unha persoa leal e firme e solidaria. Unha persoa de elevados valores humáns, cun profundo amor pola súa patria galega, correcto e prudente, mais tamén decidido e consecuente na defensa e propagación dos ideais galeguistas". Puiden asistir trala morte de Bieito Fernández á homenaxe que recibiu no seu Grou natal o día 20.6.1999, na que se descubriu un monolito e placa que perpetúa a súa memoria. Pouco a pouco empezan a aparecer, basicamente en blogs e outras publicacións electrónicas, referencias e mesmos textos autobiográficos do noso paremiólogo [1].

3. O refraneiro que me remitiu leva o seguinte título: *Refraneiro galego recollido na parroquia de Grou (Lobios) por Bieito Fernandes do Palheiro*.

O refraneiro contén 254 refráns e está dividido en dúas partes: unha primeira na que ofrece refráns dos diferentes meses do ano e outra (que titula *Varios*) de tema misceláneo. Nesta edición alfabetizo as dúas partes indicando as páxinas do manuscrito en cada caso entre paréntese. O refraneiro aparece numerado polo colector das páxinas 1 á 36, estando esta última xa en branco. Os refráns chegan, polo tanto, á páxina 35

[1] Para a biografía de Bieito Fernández pódense encontrar referencias na revista *A Fouce,* que testemuña que foi membro fundador da Sociedade Nacionalista Pondal (*A Fouce* 14, 15.6.1930; 4), e dela momentaneamente presidente (*A Fouce* 69, abril 1933, 4). Nesta revista publicou "A prensa de Galiza" (60; 15.5.1933; 2); "Necesidade d'unha pubricazón agrícola" (67, xaneiro 1934;2), "A xuventude galega e o arredismo" (76; nov-nadal 1934; 3); "Nazonalismo económico" (82, agosto 1935; 1) e outros co nome da casa "do Palleiro" ou co pseudónimo *Heraldo.* As súas preocupacións son o problema agrario, a lingua galega, a necesidade dunha arte galega e maila independencia de Galicia.

Máis recentemente empezaron a aparecer documentos en revistas e na Rede. Véxase no blog de Marcos Valcárcel (VALCÁRCEL 2006) o manifesto que espallou o 25.7.1936. Véxase tamén o blog de Silvio Falcó (FALCÓ 2008) e a edición electrónica da revista *Arraianos*. Véxanse tamén as referencias a Bieito na longa introdución de Xosé M. Núñez Seixas á reedición facsímile da revista *A Fouce* (NÚÑEZ 1992).

Da homenaxe que se lle fixo en Lobios deu conta *La Región* (21.6.1999; 9) baixo o título "Bieito Fernández, 'estrela que xa eres aturuxo'".

pero na portada sen numerar, baixo o título e o nome do colector, están anotados dous refráns do mes de xaneiro.

Este pequeno refraneiro é valioso pola data e mais pola fidelidade da recolleita, xa que algúns refráns aparecen aquí por primeira e única vez e tamén porque algunhas palabras aparecen aquí por primeira vez en contexto paremiolóxico, coma *més* (1), *grañeiro* (98), *sobreixe* (149), *portairo* (209); *agostiña* (adx.) (41); *derrudo* oposto a *froumudo* (245), *esperingallado* (130), *furrica* oposto a *dura* (62), *guldrida* (230); *chura* (que non parece de *churir* senón de *churar* "florecer") (107), *escarapetea* (20), *gol* (de *goler*) (202); obsérvanse peculiaridades gramaticais coma *ixame* (37), *ixamea* (20), *oubiar* (142), *colle* (ind.) (80) contra *culle* (imp.) (85), *ares* (s. pl) (87), *caibe* (156), *agalimar* (192), *andádalas* (45), *decaio* (28), futuro de subx. (32, 85, 171, 204), *ca* (conx. expl.) (111, 141); *mal* é subst. ou adv. pero o adx. é *mau* (207) / *má* (199), aínda que tamén *mala* (148, 172). É curioso que sitúe os refráns de san Miguel (29.9) no mes de outubro.

Non é a única vez que Bieito Fernández recolleu elementos da nosa tradición oral: na revista *A Fouce* (87, maio 1936; 4) dáse conta de que Bieito recollera e remitira un *alalá de Lobeira* do que alí se informa que xa quedara incorporado ó repertorio das corais galegas daquela cidade. Era ben que alguén comprobase se é o mesmo *alalá de Lobeira* que Xaquín Lorenzo recolleu para a Coral de Ruada ou se é outro diferente.

A grafía desta edición, como é natural, é a grafía orixinal do manuscrito coas mínimas intervencións nos casos que sinalo. Uso a puntuación que hoxe é habitual, maioritariamente nos refráns de verbo elíptico (*Xaneiro, xeadeiro*). Debo advertir que Bieito asina normalmente como Bieito Fernández ou como Bieito Fernández do Palleiro (nome da súa casa, en Grou). No encabezado deste refraneiriño utiliza a grafía *Fernandes do Palheiro* e algunha vez máis escribe *lhe* por *lle* (refráns 80,162,179,181) e *trabalhiño* por *traballiño* (125). Pero o lector debe saber que son as únicas excepcións fronte ó sistemático uso do dígrafo *ll*[2] e que tampouco estende en ningún caso esa opción a outras semellantes.

Sirva esta edición como homenaxe póstuma ó colector que mos remitiu para que corresen e non se perdesen. Vaia tamén a miña gratitude á familia.

[2] *lle* (refs. 7, 84, 173, 216, 219, 224, 231) así como *válelle* (ref. 1), *palleiro* (2,10), *chámaselle* (113), *sábelle* (158) etc.

Refraneiro galego, recollido na parroquia de Grou = Lobios, por Bieito Fernandes do Palheiro.

—

O parariño arleiro, fai o niño no. neg de xaneiro
O que queira bo alleiro sumente no mes de xaneiro

— 1 —

Xaneiro

En. xaneiro becerro enteiro.

En xaneiro fónte no outeiro, se ves verdegar fónte a chorar e se ves secar fonte a cantar.

~~En xaneiro mata o xaro, mata o xaneiro~~

O luar de xaneiro non ten compañeiro, so o d'agosto que lle dá pol-o rosto.

En xaneiro, poda liseiro.

Xaneiro xeadeiro.

A sacha á mês en xaneiro, vá lelle por un estorqueiro.

Hasta xaneiro calquera vaca pasa o regueiro.

En xaneiro, sabe a auga coma carneiro

En xaneiro meia arca e medio palleiro.

Xaneiro beneiro, nin boa tulla nin bo palleiro

Refraneiro galego recollido na parroquia de Grou (Lobios) por Bieito Fernandes do Palheiro

Xaneiro

1. **A sacha á més en xaneiro válelle por un esterqueiro.** ms.: "mês" (1).

2. **En xaneiro meia arca e medio palleiro** (1).

3. **En xaneiro poda lixeiro** (1).

4. **En xaneiro ponte no outeiro; se ves verdegar, ponte a chorar; e se ves secar, ponte a cantar.** ms.: "pônte" (1).

5. **En xaneiro sabe a auga coma carneiro** (1).

6. **En xaneiro, becerro enteiro** (1).

7. **O luar de xaneiro non ten compañeiro, só o d'agosto que lle dá polo rosto.** ms.: "so", "pol-o" (1).

8. **O paxariño arteiro fai o niño no mes de xaneiro** (00).

9. **O que queira bo alleiro semente no mes de xaneiro** (00).

10. **Xaneiro berceiro, nin boa tulla nin bo palleiro** (1).

11. **Xaneiro, xeadeiro** (1).

12. ***Hasta xaneiro calquera vaca pasa o regueiro** (1).

Febreiro

13. **Cando a Candeloria chora vai o inverno fóra; que chore que cante, inda hai inverno atrás e adiante.** ms.: "fora" (2).

14. **Ehí vén o febreiro co seu cadeleiro.** ms.: "ven" (2).

15. **En febreiro mite obreiro, antes no fin ca no primeiro** (2).

16. **Febreiriño curto cos seus días 28, se durara máis catro non ficaba can nin gato.** ms.: "mais" (2).

17. **Febreiro ventoleiro, cada suco seu regueiro** (2).

18. **O febreiro a febrexar i-a porretiña do pan a medrar.** O centeo (2).

19. **O febreiro quente trai o diabo no ventre** (2).

Marzo

20. **Marzo marzán, á mañán cara de can; ó mediodía, ixamea a colmea; á noite chove, neva e escarapetea; e á mañán morre a ovella** (3).

21. **Marzo pelarzo e igualarzo** (3).

22. **Neve marzá vén á noite e marcha á mañá** (3).

23. **O sol de marzo queima a dama no palacio** (3).

Abril

24. **Abril e maio son as chaves do ano.** ms.: "Maio" (4).

25. **En abril augas mil; todas xuntas non apagan un candil** (4).

26. **En abril, augas mil coadas por un funil** (4).

27. **En abril, augas mil; todas caiben nun barril** (4).

28. **En Abril, déixame durmir; no maio, de meu me decaio** (4).

29. **Garda no pan pra maio e na leña pra abril ca che ha de cumprir.** ms.: "Maio", "Abril" (4).

30. **O Abril mete o porco no cubil** (4).

31. **O primeiro d'abril van os burros onde non deben ir** (4).

32. **Se o 10 d'abril o cuco non vir, ou o cuquiño é morto ou a fin quer vir** (4).

Maio

33. **Abril chuviñoso, maio louro e sanxoán claro, valen máis cós bois e o carro.** ms.: "S. Xoán", "mais cos" (5).

34. **Pola Santa Cruz a viña reluz.** ms.: "Pol-a" (31).

Xuño

35. **A chuvia no sanxoán tolle o viño e non dá pan.** ms.: "S. Xoán" (6).

36. **A sardiña no sanxoán pinga no pan.** ms.: "S. Xoán" (6).

37. **O ixame de xuño anque for coma un puño** (6).

38. **Por san Pedro rega con medo; por san Beito rega a feito.** ms.: "S. Pedro,", "S. Beito,", "afeito", "Pol-o millo". Polo millo (31).

Xullo

39. **A auga de Seitura cura** (7).

40. **Pola Santa Mariiña, rapa a túa añiña.** ms.: "Pol-a" (31).

Agosto

41. **A sardiña, agostiña** (8).

42. **En agosto seca monte e en setembro seca fonte.** ms.: "Agosto", "Setembro" (8).

43. **Se non chove en agosto terás bos nabos, bo viño e bo magosto** (8).

44. **Seitura pra segar e agosto pra mallar, 31 han de levar.** ms.: "Agosto" (8).

45. **Vas ó san Bartolomeu e vés polo san Xes, e as festas do vrau andádalas tes.** ms.: "S.", "vês", "pol-o", "andadal-as" (22).

Setembro

46. **A castaña en agosto quer arder e en setembro beber** (9).

Outubro

47. **Quen en san Miguel esterca, desd'a casa rega.** ms.: "S. Miguel" (10).

48. **Quen en san Miguel planta, un ano adianta.** ms.: "S. Miguel" (10).

49. **San Miguel das uvas, tarde vés e pouco duras.** ms.: "S. Miguel", "vês" (10).

Santos ou Novembro

[No tema tiña *Santos ou Novembro* e chatou *Santos*]

50. **Ditoso mes qu'empezas con tódolos santos e acabas con san Andrés.** ms.: "todol-os Santos", "S. Andrés". (11).

51. **O día de tódolos santos anda o pan e o viño por tódolos cantos.** ms.: "todol-os", "Santos". (11).

52. **O vrau do san Martiño dura en canto o can pasa o camiño.** ms.: "S. Martiño, dura" (24).

53. **Pola santa Cataliña deixa a túa campiña.** ms.: "Pol-a Sta. Cataliña, deixa" (27-28).

Natal

54. **O que non é día de santa Lucía, é pró outro día.** ms.: "Sta. Lucía, é pr'o" (26).

55. **O que vai ó san Silvestre a Souto vai nun ano e vén noutro.** ms.: "ven" (22).

Varios

56. **A boda e a bautizado non vaias sen ser convidado.** ms.: "bautizado, non" (27).

57. **A castaña vai con quen a apaña** (15).

58. **A chuvia d'orballeira é herbeira** (23).

59. **A galiña e a vaca polo bico o papa.** ms.: "pol-o" (21).

60. **A laranxa á mañán é ouro; ó mediodía, prata e á noite mata.** ms.: "ouro ó", "mediodía prata" (29).

61. **A leña torta o lume a corta** (29).

62. **A masa dura ó seu dono axuda, e a furrica pon a ama rica** (28).

63. **A mortos e a idos, non hai máis amigos.** ms.: "mais" (32).

64. **A ovella que ve moscar e non mosca, ou é cega ou tosca** (24).

65. **A pereira é de quen está á beira.** ms.: "veira" (22).

66. **A pita onde pon os ovos ten os ollos** (28).

67. **A poliña de xaneiro pon no colmeiro.** ms.: "pôn" (33).

68. **A porco gordo, untarlle o rabo.** ms.: "gordo untarlle" (27).

69. **Á porta do rezador non botes o grau ó sol; e á do que non reza nada, nen grau nen cebada** (14).

70. **A vaca do pobre, cando ha de parir, morre** (32).

71. **A vontade de comer fai á vella correr.** ms.: "comer," (24).

72. **Amor, con amor se paga** (17).

73. **Ano de herba, ano de m[erda]** (15).

74. **Ás nove déitate, home; e ás dez, muller, se a tes.** ms.: "deitate home, e ás dez muller" (24).

75. **Ás virxes, salves; ós santos, credos; e os cartos quedos.** ms.: "virxes salves, ós santos credos" (32).

76. **Babas de sapos nunca chegaron ás barbas dos homes** (16).

77. **Becerro de herba, becerro de m[erda]** (17).

78. **Ben *aúna quen mal come.** ms.: "auna" (29).

79. **Besta grande, ande ou non ande** (14).

80. **Besta vella non colle andadura e, se a colle, pouco lhe dura.** ms.: "andadura e se a colle pouco". [Obsérvese a grafía do pronome] (30).

81. **Besta vella, ós toxos co'ela** (15).

82. **Boi pequeno en corno carga** (24).

83. **Boi solto, de seu se lambe** (20).

84. **Cabalo dado non se lle mira a boca** (15).

85. **Cando a roliña rolar, culle o foliño e vai sementar** (16).

86. **Cando che dan unha ovella, culle a corda e vai por ela** (31-32).

87. **Cando Deus o quería, de tódolos ares chovía.** ms.: "todol-os" (16).

88. **Cando o ceo está color de lan, ou chove hoxe ou mañán** (28).

89. **Cando unha vella mexa, todos lle tén envexa.** ms.: "têñ" (27).

90. **Cando vai o lobo á res ¡coitado do que ten tres!** ms.: "res, ¡coitado" (30).

91. **Cen esmolas non fan un xantar** (16-17).

92. **Comida sen grasa, pan sen tasa** (17-18).

93. **Corre o ouro pr'ond'o tesouro** (27).

94. **Costureira sen dedal cose pouco e mal.** ms.: "dedal, cose" (25-26).

95. **Cousa gabada, cousa c[agada]** (17).

96. **Chámame can pero dáme pan.** ms.: "dame" (18).

97. **De costipaciós e grandes ceas están as tumbas cheas** (20).

98. **De grañeiro a grañeiro, o tombo dun carneiro; e de pataca a pataca, o dunha vaca.** ms.: "carneiro, e de pataca a pataca o" (24).

99. **De vello, gaiteiro** (15).

100. **Deus consente e non é sempre** (25).

101. **Do año d'abril garda pró mandil; e o do maio, se cho piden, daio.** ms.: "pr'o", "maio se cho piden daio" (25).

102. **Do dito ó feito hai un gran treito** (28).

103. **Do que non se ve non se dá fe.** ms.:"fé" (18).

104. **Dos desenganos viven os escribanos** (26).

105. **Dous candiles a arder botan unha casa a perder.** ms.: "arder, botan" (24).

106. **En cada roca, seu fuso; e en cada terra, seu uso.** ms.: "En cada roca seu fuso e en cada terra seu uso" (27).

107. **En canto chura e madurece, un palmo crece.** ms.: "Pol-o liño". Polo liño (19-20).

108. **En canto teño avea non vou á tulla allea** (21).

109. **En tempo de guerra non se limpan armas.** ms.: "guerra, non" (25).

110. **Encoanto o forte labra, o delgado acaba.** ms.: "labra o" (29).

111. **Entre santos e natal, arreeiriño non vaias ó sal, ca perdes o burro e o capital.** ms.: "Santos", "Natal" (12).

112. **Entre santos e natal, ou ben chover ou ben nevar.** ms.: "Santos", "Natal" (12).

113. **Faguer e desfaguer chámaselle aprender.** ms.: "desfaguer, chámaselle" (25).

114. **Fai ben e non olles a quen** (23).

115. **Festa de curas, morte de burras** (33).

116. **Galiña de campo non quer capoeira.** ms.: "campo, non" (30).

117. **Galiña gorda por pouco diñeiro, ou está choca ou morreu no poleiro** (18).

118. **Garda que comer e non que faguer** (19).

119. **Gato escaldado á auga fría ten medo** (19).

120. **Grou, Grou, quen te viu e te deixou pouco gañou** (18).

121. **Grou, Grou, quen te viu e te deixou que mal andou** (18).

122. **Gustos e vontades non se poden mercar** (27).

123. **Hai que padecer pra merecer** (33).

124. **Home con bigote non precisa dote** (18).

125. **Home de chanca e muller de meniño, Deus che mos libre do meu trabalhiño.** [Obsérvese a grafía de "trabalhiño"] (32).

126. **Home pequeno, fol de veneno** (18).

127. **Horta mal collida e vaca mal munguida, non hai cousa máis perdida.** ms.: "mais" (33).

128. **Lúa nova tronada, trinta días mollada** (20-21).

129. **Máis vale casarse ca arruinarse.** ms.: "mais" (17).

130. **Mal esperingallado, morte no cabo.** ms.: "Mál" (33).

131. **Mentres dorme o ollo, descansa o óso.** ms.: "oso" (33).

132. **Mercar sen poder, é vender sen querer** (30).

133. **Moito e ben, non hai quen** (16).

134. **Muller composta saca o home de outra porta** (34).

135. **Muller doente, muller pra sempre** (34).

136. **Muller garrida, da primeira vez, parida.** ms.: "vez parida" (30).

137. **Muller rideira, ou p[uta] ou feiticeira** (14).

138. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau; e na do carpinteiro, séntanse no chau** (22).

139. **Na casa do home de ben, carne grosa e pan tamén** (19).

140. **Na casa do home honrado, carne grosa e pan delgado** (19).

141. **Na semana de Ramos lava os teus panos, ca na da Pasión ou poderás ou non** (34).

142. **Na terra dos lobos hai que oubiar com'eles** (20).

143. **Nace o corvo na pena e sempre tira a ela** (34).

144. ***Nariz de can e c[u] de xente nunca está quente** (21).

145. **No enterro e na boda verás quen te honra.** ms.: "boda, verás" (33).

146. **Non hai atallo sen traballo** (15).

147. **Non hai cego que se vexa nin coxo que se coñeza.** ms.: "vexa, nin" (33).

148. **Non hai feira mala: o que un perde outro gaña** (14).

149. **Non hai feixe como o do sobreixe.** ms.: "ó" (21).

150. **Non hai mal que dure cen anos** (17).

151. **Non hai pan sen afán** (34).

152. **Non hai pega sen mancha negra** (26).

153. **Non hai sábado sen sol, nen romeu sen flor, nen meniña sen amor** (23).

154. **Nunca deixes arrodeo por atallo, nen o seguro polo dudoso.** ms.: "pol-o" (15-16).

155. **Nunca sirvas a quen serviu, nin pidas a quen pediu** (17).

156. **O ano bisesto caibe a novidade nun cesto.** ms.: "bisesto," (22).

157. **O borracho di o que ten no papo** (18).

158. **O can ó lobo en xaneiro sábelle coma carneiro** (23).

159. **O can pra caza, quere ser de raza** (25).

160. **O can que máis ladra non é o que máis morde.** ms.: "mais" (15).

161. **O catarro cúrase co xarro** (21).

162. **Ó dente e ó parente hai que lhe desimular sempre.** [Obsérvese a grafía do pronome] (31).

163. **O fruto basto trai o amo arrastro, e o rabo d'acabalo** (23).

164. **O fruto temperau carga en palla ou en grau.** ms.: "temperau, carga" (28).

165. **O home que ten a muller parida, ten qu'andar carreira abaixo, carreira arriba** (25).

166. **O leite co viño fai do vello meniño** (20).

167. **O lume ond'a estopa, vén o diabo e sopra.** ms.: "ven" (28).

168. **Ó martes nin o teu porco mates, nin o teu fillo cases** (26).

169. **O moíño e o castelo, o que o quer vélao.** ms.: "moiño" (24).

170. **O porco celeiro non quer compañeiro.** ms.: "celeiro, non" (28).

171. **O que á hora non viñer, comerá do que trouxer** (29).

172. **O que acaba de comer e se vai deitar mala noite ha de pasar** (20).

173. **O que cabirtos mata e cabras non ten, d'algures lle vén** ms.: "ven" (21).

174. **O que canta na cama e asubía na mesa pouco xuízo ten na cabeza.** ms.: "mesa, pouco xuizo" (29).

175. **O que cedo madruga Deus o axuda** (14).

176. **O que co demo ata a viña, co demo a vendima** (26-27).

177. **O que con vergas atou nunca con cordas lidou** (14).

178. **O que dá unha pera quer unha mazán** (14).

179. **O que feo ama, bonito lhe parece** (30).

180. **O que ha de levar o rato, que o leve o gato** (26).

181. **O que lhe queira tirar o forno á veciña, tape o isco con fariña.** [Obsérvese a grafía do pronome] (30).

182. **O que non aparece, esquece** (33).

183. **O que non poupa a leña, non poupa nada que teña** (25).

184. **O que non remenda non sai da tenda** (21).

185. **O que non rouba o ladrón aparece nun rincón** (19).

186. **O que non ten bois, ou antes ou despois** (31).

187. **O que non vai no saco vai na baraza** (26).

188. **O que queira librar as arcas, ande de bicas e de papas** (29).

189. **O que queira ter tenda que a entenda.** ms.: "têr" (28).

190. **O que queira un bo allal, seménteo no mes de natal** (12).

191. **O que rouba a ladrón ten cen anos de perdón** (19).

192. **O que s'agalima debaixo de folla dúas veces se molla.** ms.: "duas" (18).

193. **O que ten quen o chore, cada hora morre.** ms.: "chore cada" (30).

194. **O que vai á adega e non bebe é rolda que perde** (19).

195. **O sarampelo tres veces muda o pelo.** ms.: "sarampelo, tres" (31).

196. **Odre por odre, algún ha de ser podre** (17).

197. **Ollos que non ven, corazón que non sinte** (19).

198. **Onde entra o sol non entra o doutor** (20).

199. **Onde hai morte, hai má sorte.** ms.: "mâ" (26).

200. **Onde todos mandan e ninguén obedece, todo *fallece.** ms.: "mandan, e" (31).

201. **Os gatos só comen o mal gardado.** ms.: "so" (15).

202. **Pan duro, dente agudo; pan mol, de seu se gol** (23-24).

203. **Parente que non sirve e coitelo que non corta, anque os leve o río, non importa.** ms.: "rio non" (34).

204. **Pasa o Antroido onde puderes e a Noiteboa coas túas mulleres** (27).

205. **Pescador de caña máis perde ca gaña.** ms.: "mais" (18).

206. **Píllase máis depresa un mintirán ca un coxo.** ms.: "mais" (22).

207. **Polo bo tempo non te agaches e polo mau non te mates.** ms.: "Pol-o", "pol-o" (22).

208. **Polo San Pedro abre o rego.** ms.: "Pol-o S." (32).

209. **Portairo de homes, tente ca podes; portairo de mulleres, tente se queres.** Portairo (portelo) (20).

210. **Que chova que neve, quen come, bebe.** ms.: "come bebe" (33).

211. **Quen a vacas gabou nunca con bois traballou** (16).

212. **Quen adiante non olla atrás queda** (14).

213. **Quen contas non bota, contas non atopa** (29).

214. **Quen de seu se ofrece, de seu se mente** (31).

215. **Quen do alleo se viste, polas orellas se ispe.** ms.: "pol-as" (16).

216. **Quen lle doi o dente vai ó escabente** (20).

217. **Quen moito dorme pouco aprende** (15).

218. **Quen non anda do pé, non come do que quer.** ms.: "pe" (29).

219. **Quen porcos lle faltan, silveiras lle roncan** (17).

220. **Quen prás herbas nasce, no monte as pace.** ms.: "pr'as" (30).

221. **Quen ten burra e a vende, ben s'entende.** ms.: "vende ben" (31).

222. **Quen ten tenda que a atenda, e senón que a venda.** ms.: "se non" (15).

223. **Quen teña o tellado de vidro non tire coa pedra ó do veciño** (15).

224. **Quen teña vellos na casa, non me veña con queixas; non lle dea a comer garabanzos nen cereixas** (26).

225. **Ramos mollados, pascuas enxoitas; ano de pan, de viño e de froitas** (14).

226. **Rei é quen rei non vé** (30).

227. **Rubiés ó mar, vellas a asoallar** (24).

228. **Rubiés ó nacente, chuvia de repente** (16).

229. **Sáchame no aguillón e réndame no pendón e estremarasme no montón.** ms.: "pendón, e"·. O millo (32).

230. **Sardiña que o gato leva guldrida vai** (19).

231. **Se o porco voara, non había ave que lle gañara** (25).

232. **Seméntame no po e de min non terás dó.** ms.: "do", "Pol-a mês". Pola més (29).

233. **Sempre os moíños moan e os fornos cozan.** ms.: "moiños" (27).

234. **Sempre vai a língoa onde o dente doi** (32).

235. **Sol que regaña, chuvia que apaña.** ms.: "regaña, chuvia" (23).

236. **Tan grande o uriciño, tan grande o mazaroquiño** (32).

237. **Tempo de neve, tempo alegre** (23).

238. **Tronco mudado, tronco acabado** (30).

239. **Un sábado a chover é coma un borracho a beber.** ms.: "chover, é coma" (23).

240. **Vaca d'Entrimo e muller de Gaiás, fuxe d'ela coma dos cas.** ms.: "d'ela" (23).

241. **Vaca gabada, non enche a canada; e, se a enche, dá a patada.** ms.: "e se a enche dá" (34).

242. **Vaca que non dá leite, quer se tumbe, quer se deite.** ms.: "tumbe quer" (31).

243. **Val máis corda *vacía ca ruín mercancía.** ms.: "mais" (22).

244. **Val máis deixar a ruís ca pedir a bos.** ms.: "mais", "ruis" (21).

245. **Val máis eido derrudo ca monte froumudo.** ms.: "mais" (21).

246. **Val mais o pouco ben aforrado, ca o moito mal gastado** (28).

247. **Val máis onza de trato, ca arroba de traballo.** ms.: "ca @. de". [A grafía da palabra "arroba" é "@"] (32).

248. **Val máis rubiés na cara ca perdas na casa.** ms.: "mais" (18).

249. **Vale máis a pegada dun boi cá de cen mosquitos.** ms.: "mais", "ca" (16).

250. **Vale máis quen Deus axuda ca quen cedo madruga.** ms.: "mais" (17).

251. **Vale tanto o ben poupado como o ben gañado.** ms.: "poupado, como" (25).

252. **Van as leis onde queren os reis** (21).

253. **Vístete, cepo, e serás un mancebo.** ms.: "Vístete cepo e" (27).

254. **Xeada na lama, chuvia na cama** (16).

Bibliografía

ANÓNIMO (2005): "Biografía dun fuxido arraiano" en *Arraianos* 3, primavera 2005; 26-29. [http://www.arraianos.com/ARRAIANOS3.pdf // 12/09/2008].

ARRAIANOS: http://www.arraianos.com/ARRAIANOS3.pdf [Data de consulta: 12/09/2008].

FALCÓ, Silvio (2006): http://eu-e-galiza.blogspot.com/2006/10/biografa-de-bieito-fernndez.html [Data de consulta: 10/08/08].
http://eu-e-galiza.blogspot.com/2006/10/ao-povo-de-grou.html [Data de consulta: 10/08/08].
http://eu-e-galiza.blogspot.com/2006/10/correspondencia-de-bieito.html [Data de consulta: 10/08/08].

FERNÁNDEZ, Bieito: ["Diario dun fuxido galego"] en *Arraianos* 3, primavera 2005; 26-28. [http://www.arraianos.com/ARRAIANOS3.pdf // 12/09/2008]. A edición non permite ve-lo título. No final asina Bieito Fernández dicindo "Rematado en Grou, Lobios o dia 12 de abril de 1937". Hai unha engádega da revista que di "Artigo cedido pola Asociación Cultural Pomba do Arco, Foz, A Mariña Lucense.

A Fouce. Periódico galego (Publicación da I.N.G.) I (1.1926-4.1931); II (15.4.1931 – 17.12.19339); III (25.6.1923 a 10.1923). Reedición facsímile; Nova Galicia Edicións, Vigo 1995.

GARCÍA BODAÑO, Salvador (1999): "Contra o silencio dos días" en *El Correo Gallego* 20.6.1999.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992): "'A Fouce' e o nacionalismo galego en Buenos Aires (1926-1936)" en *A Fouce. Periódico galego.* Vigo, Nova Galicia Edicións 1995; 27 páxinas sen numerar.

VALCÁRCEL, Marcos (2006): http://asuvasnasolaina.blogspot.com/2006/10/bieito-fernndez-adhesin-unha-homenaxe.html [Data de consulta: 10/08/08].

Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo

Dorinda Penín Rodríguez

Escola Oficial de Idiomas. Vigo

Edición de material fraseolóxico recollido en 2008 en Abelendo (Porqueira), localidade ao suroeste de Galicia.

Palabras clave: fraseoloxía galega, traballo de campo.

Edition of phraseological material compiled in 2008 in Abelendo (Porqueira), a village located in the southwest of Galicia.

Keywords: Galicial phraseology, fieldwork.

Recollo neste traballo expresións usadas por min ou ouvidas en San Lourenzo de Abelendo, unha aldea do concello de Porqueira, situado na comarca da Limia, da que son nativa.

En moitos casos trátase de expresións comúns que aparecen noutras partes do territorio. Outras veces teñen un uso menos habitual e algunhas delas son case exclusivas de persoas maiores.

O galego que se fala en San Lourenzo de Abelendo sitúase no bloque central. Dentro del podemos destacar os seguintes trazos:

- Existencia de gheada suave: *ghato*.
- Formas dos demostrativos neutros con *e-* (*esto*, *eso*, *aquelo*) e masculinos con *i-* (*iste, ise, aquil*).
- Formas do pronome persoal *tu* e *il*.
- Adverbio *eiquí*.

Manteño as formas dialectais nas expresións cando son necesarias por causa da rima, por exemplo en *cesto nun cesto non saio desto*.

Espero que este traballo poida servir para que se difundan estas expresións polo resto da xeografía do noso país.

Abreviaturas e símbolos:

COL.: coloquial

comp.: expresión comparativa

fór.: fórmula

HUM.: humorístico

IRÓN.: irónico

loc. adv.: locución adverbial

loc. adx.: locución adxectiva

loc. pro.: locución pronominal

loc. sub.: locución substantiva

loc. ver.: locución verbal

PEX.: pexorativo

VUL.: vulgar

forma como foi ouvida a expresión

1. a dúbida inda non morreu quen lla puxo *fór*. COL. [Úsase para contradicir a quen usa a expresión "*non ten dúbida*", que significa "non ten importancia" ou "non está mal, serve ben"]. *–Non ten dúbida*. *–A dúbida inda non morreu quen lla puxo*. # duda.

2. a feito *loc. adv*. Sen escoller, seguido, de xeito ordenado e sen deixar nada atrás. *Vós apañades as patacas a feito ou separades as grandes das pequenas? | Le o libro a feito e non saltes ningunha páxina*.

3. á gachía *loc. adv*. COL. En celo [os gatos] ou con desexo sexual [as persoas]. [Úsase cos verbos *andar* e *estar*]. *Onte á noite debían andar os gatos á gachía e parecía que choraban persoas. Non durmín nada.*

4. a ningún cagado lle cheira a súa merda *fór*. VUL. [Dise para criticar a quen non parece o máis indicado para dicir algo determinado]. *–Non se molesta nadiña en reciclar, e iso que ten uns colectores ao pé da casa. É un irresponsable. –A ningún cagado lle cheira a súa merda. Aínda non te vin un só día baixar o lixo separado.*

5. a pan pedir *loc. adx*. COL. Sen nada; decaído, débil. [Úsase con verbos como *estar* ou *quedar*]. *Estivo 15 días ingresado e non comeu nada. Quedou a pan pedir.*

6. a pitar *loc. adx.* COL**.** Apertado economicamente, a velas vir. *Gastaron todo na voda da filla e agora andan a pitar.*

7. á rasca *loc. adv*. COL**.** Apertado economicamente, en dificultades, en apuros. Tamén se aplica a cousas que escasean (comida para os animais ou para

a xente*). Desde que compraron o coche quedaron á rasca*. | *O centeo ándame á rasca, non sei se terei que comprar*. | *Non comas chourizos, que andan á rasca*.

8. a uso *loc. adx*. COL. Sen tapar ou taparse, sen cubrir. *Poño a mesa a uso ou póñolle mantel?* | *Esta noite foi tanta calor que durmín a uso*.

9. a velas vir *loc. adx*. COL. Sen nada. [Úsase cos verbos *andar*, *estar* ou *quedar*]. *Parecíame todo tan barato que dei en comprar e quedei a velas vir.*

10. amargo coma os piornos *comp*. COL. Moi amargo. *Fixo o arroz para a carrexa e como non tiña neveira estragóuselle; estaba amargo coma os piornos*.

11. andar/ser coma o porco de santo Antonio *comp*. COL. [Dise de quen vai comer ás casas sen que o conviden ou non sae da casa dos demais]. *Vai a unha casa, danlle galletas, vai a outra, danlle caramelos; anda coma o porco de santo Antonio*. # san Antonio.

12. ás apalpadelas *loc. adv*. Axudándose do tacto [por falta de vista ou pola escuridade]. *Acende a luz, ho, que andas aí ás apalpadelas*.

13. bater a chanca *loc. ver*. COL. Ir a un sitio en balde. [Úsase con verbos como *ir* ou *vir*]. *Fomos alá arriba bater a chanca e non estaba o muiñeiro*. | *Se me leva ela a reclamación á delegación da Xunta xa non vou eu alá bater a chanca.*

14. bico pregado *loc. sub.* COL. Persoa delicada para comer, que non come calquera cousa. *O grande cómeme ben pero o pequeno é un bico pregado.*

15. boi de Belén *loc. sub*. COL. Home moi bo. *O que lle fai mal ao Antonio peca; é un boi de Belén.*

16. boi de posto *loc. sub*. COL. Home que anda con moitas mulleres. *Ese dálle servizo a todas, é un boi de posto*. # boi de puesto.

17. branco e migado *loc. adx*. COL. Feito, limpo, preparado de xeito que sexa fácil de facer, empregar ou entender. *Tivo moita sorte na vida, sempre llo deron todo branco e migado*. # blanco e migado.

18. bruto coma un arado de vertedeira / máis bruto ca un arado de vertedeira *com*p. COL. Moi bruto. *Non sei a quen saíu, co delicados e finos que eran os pais e el é bruto coma un arado de vertedeira*. [Os arados poden ser de tres tipos: os primeiros que viñeron eran de pau e abrían a terra ao medio; logo viñeron os de mosquito, semellantes aos de pau, pero de ferro; finalmente chegou o arado de vertedeira, tamén de ferro, pero moito máis pesado que o de mosquito e, ademais de abrir a terra ao medio, vaina volteando; por iso se chama de vertedeira. O arado de vertedeira non é tan lixeiro coma os outros; de aí a expresión *bruto coma un arado de vertedeira*]. # vertedera.

19. bulir as orellas [a alguén] *loc. ver*. COL. Buscar o proveito propio aínda que prexudique os demais. *Non te fíes dese, que lle bolen moito as orellas.*

20. burra fateira *loc. sub*. COL. PEX. Persoa falsa e maliciosa. *Ten coidado con ela, que é unha burra fateira.* [Unha burra fateira é unha burra falsa, pouco segura, que tira coa persoa que a monta ou que cando a vai montar foxe].

21. cada cando *loc. adv*. A miúdo. *–Vas moito alí? –Si, ho, cada cando*.

22. Cando non hai pan, cómese bica *refrán* [Hai que conformarse co que hai].

–Encargueiche viño bo e mira con que me vés. –Ai, cando non hai pan cómese bica. [Antes facíase o pan na casa ou no forno comunitario. A bica era unha especie de pan que non necesitaba levedar, polo que se facía no momento. Cando se acababa o pan e non estaba preparada a masa para facer máis, facíase a bica].

23. cando ti naciches xa eu rabuñaba *fór*. COL. Ser experto, ser veterano nun asunto. [Dise cando unha persoa lle quere ensinar algo a outra que sabe máis ca ela]. *E ti quéresme ensinar a min a podar? Non ves que cando ti naciches xa eu rabuñaba?* # cando tu naciches xa eu arrabuñaba.

24. cesta rota *loc. sub.* COL. Persoa que non garda segredos, que o conta todo. *Para que falas á vista da María, non ves que é unha cesta rota?*

25. cesto nun cesto non saio desto *fór.* COL. [Dise en situacións en que alguén non avanza ou decide]. *Acaba, ho, estás aí xemendo e non dás acabado. Cesto nun cesto non saio desto.*

26. coller capa en brazo *loc. ver*. COL. Proporse facer algo e conseguilo. *Collín capa en brazo e non lle falei máis*. | *Collín capa en brazo e aprobei a oposición*.

27. coller de punta [a alguén] *loc. ver*. COL. Collerlle manía. *Deixou o traballo porque o xefe colleuno de punta e facíalle a vida imposible.*

28. colón da Habana *loc. sub*. COL. Persoa que non para na casa, que anda sempre por fóra. *Esa é un colón da Habana*.

29. coma un colondro *comp.* COL. Estar moi gordo. [Úsase cos verbos *estar* ou *ser*]. *Está coma un colondro, non cabe polas portas.* [Un colondro é unha especie de cabazo (cabaza) moi redondo, fronte ao cabazo, que é máis alongado].

30. cu aberto *loc. sub.* COL. Persoa que deixa a porta aberta. *Es un cu aberto! Pecha a porta!*

31. cun pé aquí e outro alá *loc. adx*. COL. Moi enfermo, a piques de morrer [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *seguir*]. *–Como esta a túa nai? –Está..., cun pé aquí e outro alá.* # cun pé eiquí e outro alá.

32. dar no corpo [a alguén algo] *loc. ver*. COL. Presentir [algo]. *–Sabes que se separaron os veciños? –A min xa mo daba no corpo.*

33. dar o brazo a torcer *loc. ver.* Ceder, transixir, deixarse dominar. [Úsase máis en enunciados negativos, como non dar o brazo a torcer ou sen dar o brazo a torcer]. *Andan atrás del para que lles venda a leira, pero el non dá o brazo a torcer.*

34. dar un xeito [a algo] *loc. ver*. Non ser un experto nun labor, pero defenderse. *–Que tal se che dá a cociña? –Home, doulle un xeito.*

35. (de) branco e migado calquera di que é leite *fór.* COL. [Úsase para contestarlle a alguén que di que é moi fácil facer unha cousa]. *–Pois non me custou moito facelo. –Home claro, de branco e migado, calquera di que é leite.* # blanco.

36. De burro morto cebada ao rabo *refrán* [Dise cando xa é demasiado tarde para facer unha cousa, cando se fixo algo mal e xa non ten arranxo]. *En vida tratárona mal e agora veña terlle misas e traerlle flores: de burro morto, cebada ao rabo* | *Desde que estaba para casar,*

ela ordenou de volver con el: de burro morto, cebada ao rabo.

37. de cacho para canizo *loc. adv.* COL. Dun sitio para outro sen parar [Úsase con verbos como *andar*, *traer* etc.]. *Fomos á consulta e non nos atenderon porque non atopaban as placas; mandáronnos ir á primeira planta e, como non as atoparon, fomos a Atención ao Paciente. Andamos toda a mañá de cacho para canizo.*

38. de carallo virado *loc. adx*. VUL. 1. De moito carácter. *–A miña filla dixo que lle tiña que dar outra man de pintura. –Home, eu xa o tiña pensado, pero a rapaza é de carallo virado.* 2. Mala persoa; pouco formal. *Axudeille a apañar as patacas e agora que me fixo falta un saco cobroumo ben cobrado. É de carallo virado!*

39. de collón de mico *loc. adx.* VUL. [Cousa] de moi boa calidade. *Diego, a ver se traes mercancía máis boa, que a xitana de Paradela trae sabas de collón de mico*.

40. de corrillera *loc. adv.* COL. Fóra da casa, na rúa a pasear ou divertirse. [Dise xeralmente como recriminación ou crítica e úsase xeralmente con verbos como *andar*, *ir* e *saír*]. *Andas todo o día de corrillera e tes a casa feita un cortello.*

41. de pé feito *loc. adv*. De propósito, de maneira intencionada. *Dixéronme que estabas aquí e vin de pé feito para verte.*

42. de propio intento *loc. adv*. De propósito, de maneira intencionada. *Fun de propio intento para probar o vestido e inda non mo cortara.*

43. de vigairo *loc. adv.* COL. Fóra da casa, na rúa a pasear ou divertirse. [Dise xeralmente como recriminación ou crítica e úsase xeralmente con verbos como *andar*, *ir* e *saír*]. *Andas todo o día de vigairo e tes a casa feita un cortello.*

44. deixar o endego *loc. ver.* COL. [Dise cando se deixa algo no prato]. *Inda deixas aí o endego? A ver, ho, acaba iso.* [O endego é un ovo que se lles deixa de sinal ás pitas para que poñan alí os ovos].

45. (delgado) coma un fouciño / máis delgado ca un fouciño *comp.* COL. Moi delgado. *De pequena era coma un fouciño e agora mira como me puxen.*

46. Deus cho/llo... pague *fór*. [Úsase para expresar agradecemento]. *–Tróuxenche o sulfato. –Pois Deus cho pague.* # Dios.

47. Deus cho pague / Deus nos libre *loc. sub*. COL. Coitado, infeliz. [Pódese aplicar a homes e mulleres]. *A muller fai del o que quere, é un Deus cho pague.* # Dios.

48. Deus nos libre dun "xa foi" *fór*. COL. [Dise cando non hai remedio para unha cousa, cando xa non hai volta atrás]. *Comprei un coche de segunda man e agora vin un novo que me valía case o mesmo. Deus nos libre dun xa foi.* # Dios.

49. Deus o descanse / Deus o teña no ceo *fór*. [Utilízase cando se menciona a algunha persoa morta]. *O meu home, Deus o descanse, marchou para Alemaña con 20 anos*. | *Mañá vai ser a misa da miña irmá, Deus a teña no ceo.* # diolo descanse, diola teña no ceo.

50. Deus o faga mellor *fór.* COL. [Dise para expresar o desexo de que algo mencionado non ocorra]. *–Ti aínda has ser miña nora. –Ai, Deus o faga mellor.* # Dios.

51. Deus o queira! *fór*. IRÓN. [Úsase para expresar desacordo con algo que ten pensado facer unha persoa. Equivale a "Deus te libre", "nin se che ocorra"]. –

Vou tirar esta mesa e comprar outra. – Deus o queira! # diolo queira.

52. do cedo *loc. adx*. Temperán, que madura antes do habitual (froito) ou que dá o froito cedo (planta). *Plantamos un millo do cedo que se dá moi ben aquí.* | *Xa botamos as patacas do cedo.*

53. do tarde *loc. adx*. Serodio, que madura tarde (froito) ou que dá o froito tarde (planta). *Esas mazairas do tarde dan unhas mazás moi saborosas.*

54. en boa man dá o pandeiro *fór*. COL. [Dise cando algunha persoa é moi competente para realizar algún traballo]. *Escúsaslle ir dirixir ti que en boa man dá o pandeiro*. # *mao*.

55. en porrancha loc. adx. COL. Espido, sen roupa. [Úsase con verbos como andar, deixar, estar ou pórse]. *Cando iamos ao río, bañabámonos todos en porrancha*.

56. enferrar polo cu dunha agulla [a alguén] *loc. ver.* COL. Facer [con alguén] o que quere [por ser moi agudo, moi espelido]. *Ese parece parvo pero enférrate polo cu dunha agulla*.

57. entre si loc. adx. Moi reservado, moi introvertido. [Úsase habitualmente co verbo ser]. *Como é moi entre si, non se lle nota nada, pero débeo estar pasando moi mal*.

58. facer a zonza *loc. ver*. COL. Aparentar que se fai algo que non se fai [referido a un traballo]. *E ti, que?, estás aí facendo a zonza e non dás feito nada.* # faer.

59. fociño de lesma *loc. sub*. COL. Persoa moi delicada para comer. *O meu fillo é un fociño de lesma, xa se fai un pouco aburrido*. # fuciño de lerme.

60. fóra a alma (e a figura) *fór*. COL. [Dise cando se compara un animal cunha persoa ou unha persoa cun animal]. *O can que tiñamos antes entendía que metía medo, era coma a xente, fóra a alma e a figura*. | *Ese home come coma un animal, fóra a alma.*

61. furar sete paredes *loc. ver*. COL. Defenderse moi ben na vida, ser persoa lista de máis. *Esa, esa fura sete paredes!*

62. grande coma un día sen pan / máis grande ca un día sen pan *comp.* COL. Moi dificultoso, difícil de levar, sobre todo referido ao traballo. *Ai, este rego non se acaba nunca, é máis grande ca un día sen pan.*

63. inda onte te/o... ensinei a miañar e xa me fungas/funga... *fór*. COL. [Díselle a outra persoa que se considera entendida nun asunto sen entender del]. *Vasme ti dicir a min como se poda, inda onte te ensinei a miañar e xa me fungas.* | *–Eu creo que iso non se fai así. –Si, home, si. Inda onte te ensinei a miañar e xa me fungas.*

64. ir co brazo crebado [a alguén] *loc. ver*. COL. Subornar [alguén], gratificar para conseguir un favor. *Á miña filla fixérona repetir, pero as outras non repetiron porque lle foron á mestra co brazo crebado.* [Dise que vai o brazo crebado porque se leva nel unha cesta con cousas, polo tanto vai dobrado].

65. ir de fouce e saír de ateiro *loc. ver.* COL. Descender de categoría. *Marchou para Barcelona para traballar na oficina do tío e acabou de albanel. Foi de fouce e saíu de ateiro*. [Fouce e ateiro fan referencia ás persoas que se encargan de segar e atar a palla na sega dos cereais (centeo ou trigo). Fouce é o que sega e ateiro o que ata. En Porqueira para ser ateiro había que ser especialista, xa que os mollos (feixes de palla) eran moi grandes e levaban nós moi complicados (con dúas ou tres chaves). Pero en

Castela era máis importante a categoría de fouce que a de ateiro, xa que os feixes eran pequenos e podíanse atar de calquera maneira (mesmo ataban os rapaces). Entón ir a Castela de fouce e vir de ateiro era descender de categoría].

66. ir moitas veces aos ramos dediante [de alguén] *loc. ver.* COL. Ter máis experiencia nunha cousa [ca alguén] ou saber máis. *Ti que me vas ensinar a min!, non ves que xa fun moitas veces aos ramos dediante de ti?* [A xente ía buscar os ramos para o Domingo de Ramos. O que ía dediante escollía o ramo mellor, o máis bonito, o máis dereito].

67. lingua de preguntadores *fór*. COL. HUM. [Emprégase para responder a quen fai unha pregunta indiscreta "que levas aí?", "que vas comer hoxe?"]. *–Que levas aí? –Lingua de preguntadores*. # lengua?

68. mala morte te mate, meu can (que mal agradeces o ben que che fan) *fór*. COL. [Díselle a unha persoa á que se lle fixo un favor e non o agradece]. *Deixeiche enterrar a filla no panteón e agora págasme así. Mala morte te mate, meu can.*

69. manda mecha (na Habana)! *fór*. COL**.** [Úsase para expresar admiración, incredulidade ou sorpresa]. *Ti viches o que fixo? Manda mecha!*

70. mandar a Allariz [a alguén] *loc. ver.* COL. Deixar [a alguén] a cero [nunha partida de cartas]. *Trae para acá esas cartas que os imos mandar a Allariz.*

71. mexarlle nas brasas *loc. ver*. VUL. Pasalo ben, gozar da festa e aguantar ata o último momento. *Ide á festa e pasádeo ben, a ver se lles dades nos fociños: mexádelle nas brasas.*

72. na fura dianteira *loc. adx*. COL. O primeiro en todo. *O Pepe?, viña a carrexa, el era o primeiro; viña a sega, el era o primeiro; viña a apaña das patacas, el era o primeiro. Sempre andaba na fura dianteira*.

73. nin arre nin xo *fór.* COL**.** [Dise cando alguén non dá escollido entre dúas opcións opostas]. *A ver, cómpralo ou non o compras?, que xa levamos aquí media hora. Nin arre nin xo!*

74. (nin) un guizo *loc. adv*. Nada absolutamente. [Úsase con valor ponderativo con verbos, xeralmente en oracións negativas, como quedar, ter, valer, dar etc.]. *De min non vai levar nin un guizo.* [Un guizo é un garabato, un pau delgado, a leña miúda que serve para prender o lume].

75. non atar nin desatar *loc. ver*. COL. Non decidirse, dubidar, ser persoa indecisa. *Ao final tiven que tomar eu a decisión porque el non ataba nin desataba.*

76. non caber un garavanzo no cu [a alguén] *loc. ver*. COL. [Dise de quen está moi contento ou moi orgulloso por algunha cousa que fixo ou de quen está envaidecido]. *Ía toda orgullosa co seu coche novo. Non lle cabía un garavanzo no cu.*

77. non chegar a un dente *loc. ver.* COL. Non ser cantidade suficiente. *Só trouxeches media ducia de roscas? A min iso non me chega a un dente.*

78. non dar feito *loc. ver*. Non ser capaz de acabar algunha tarefa. *A oposición, as clases, este traballo... Non dou feito*. | *Teño que acabar catro traxes para a voda. Non vou dar feito.*

79. non dar puntada sen nó *loc. ver*. COL. Non dicir ou facer algo se non é para sacarlle proveito; dicir algo con segundas intencións. *Quen che dixo iso, María? Ela se o dixo é por algo, que esa non dá puntada sen nó.*

80. non haber nin pan partido nin bica asada *loc. ver*. COL. Seren [dúas persoas] moi amigas. *Leváronse toda a vida moi ben, non había nin pan partido nin bica asada.*

81. non poder coa alma/figura *loc. ver*. COL. Estar moi canso. *Non podes coa figura, vaite deitar.*

82. non ser ollo de galo *loc. ver*. COL. **1**. Non ser tan importante como para ter que acadar a perfección. *Non perdas o tempo arranxando a cama que non é ollo de galo*. **2.** Non ser moi bo, non ser grande cousa. – *Que tal che saíu o pantalón? –Pois non é ollo de galo.*

83. non ser quen se vende *loc. ver*. COL. Non ser o que aparenta. [Dise de terceiras persoas]. *Non te fíes da María non é quen se vende.*

84. non ter dúbida *loc. ver*. COL. **1** Non ter importancia unha cousa, non ir mal. – *Que tal vai o teu fillo? –Vai indo, a cousa non tivo dúbida, puido ser peor*. | *–Perdoa, mancheite. –Non ten dúbida.* **2.** Non ser moi ruín unha cousa ou unha persoa, servir ben. -*Que tal é o viño? –Non ten dúbida*. # duda.

85. non ter para mandar tocar un cego *loc. ver*. COL. Non ter diñeiro; [nos xogos de cartas] non ter boas cartas. *Presume moito, pero non ten para mandar tocar un cego*. [Antigamente os cegos tocaban nas festas e feiras por moi pouco diñeiro. Se non tiñas nin para mandar tocar un cego é porque non tiñas nada].

86. fumo vai para onda os guapos (pensando que son parañeiras) *fór.* COL. IRÓN. [Díselle a alguén que se queixa porque lle vai moito fume]. – *Vénme fumo. –O fumo vai para onda os guapos pensando que son parañeiras.*

87. Que coas mans non pode, cos dentes acode *refrán* [Dise cando alguén se vale da maña porque ten algunha limitación para facer algo]. *Como era pequeno, o Benito apertouno contra o peito, pero foi el e mordeuno no peito. O que coas mans non pode, cos dentes acode.*

88. Que non vai na maza, vai na espadela *refrán* [Aplícase a diferentes situacións co significado de "se non é nunha cousa é noutra"]. *Ferroume o burro e non me quixo cobrar pero tiven que lle pagar a comida. O que non vai na maza vai na espadela.* [O liño mazábase para que lle saíse a fibra, senón era unha herba. Ao mazalo quedáballe un po que se chamaba tasco. Para sacarlle o tasco dábaselle coa espadela. Se non se mazaba ben había que pasar máis tempo espadelándoo para que quedase ben preparado].

89. Zapato quere media *refrán* [Unha cousa boa pide outra semellante]. *Si, tiña moi boa comida pero o viño non servía para nada. O zapato quere media.*

90. outra besta no trigo! *fór.* COL. [Utilízase cando alguén fai ou di algo mal que xa fixera ou dixera outra persoa mal]. *Si home si, así tamén o facía eu. Outra besta no trigo!*

91. ouvidos de porca parida *loc. sub*. COL. Ouvido moi fino. *Fala baixo que esa ten ouvidos de porca parida e non quero que saiba nada.* [As porcas paridas teñen medo de que lles leven os bacoriños entón están moi vixiantes].

92. parecer un palio *loc. ver.* COL. [Díselle a alguén que aparece por sorpresa, sen avisar, de repente]. *Ah, estabas aí? Pareces un palio.*

93. parecer unha seña *loc. ver*. COL. [Díselle a alguén que aparece por sorpresa, sen avisar, de repente]. *Ah, estabas aí? Pareces unha seña.*

94. pasar [a alguén] **coma ao burro dos xitanos (que cando xa se acostumara a non comer, morreu)** *loc. ver*. COL. [Dise de quen come pouco]. *Si, ti non comas, a ver se che vai pasar coma ao burro dos xitanos.*

95. pecha a porta por fóra *fór*. COL. [Dise de xeito irónico cando se quere botar a alguén dun sitio porque molesta]. *Mira, pecha a porta por fóra.*

96. pór as beiras [a algo] *loc. ver*. COL. Facer algo con esmero, para que quede moi ben. *Hoxe a comida saíuche moi ben, puxéchesllе as beiras*.

97. pór ladrais [a algo] *loc. ver*. COL. [Dise cando un prato de comida ou un vaso de bebida está moi cheo]. *A este prato hai que pórlle ladrais*. | *Xefe (camareiro), póñalle ladrais.* # ladrás.

98. pra quen nada quere teño de sobra *fór.* COL. [Díselle a quen (ou de quen) rexeita ou despreza algo que outro lle ofrece]. *Non queredes nada? Pois pra quen nada quere teño de sobra.*

99. romper as olas *loc. ver*. COL. Enfadarse, romper a amizade. *Tendes todo en común e chega un día en que rompedes as olas, e que?*

100. róncalle o nabizo/peito *fór.* COL. [Amosa incredulidade ou sorpresa]. *Vaia casa fixo, róncalle o nabizo!*

101. saír a porca furada [a alguén] *loc. ver*. COL. Saír [a alguén] mal algo que esperaba que lle saíse ben, levar un desengano, unha decepción. *O rapaz xa sabía conducir e pensou que ía aprobar á primeira, pero saíulle a porca furada*.

102. saír as contas do boi pequeno *loc. ver*. COL. [Dise cando a alguén non lle sae algo como esperaba]. *Pensou que se ía pór rico co restaurante, pero logo tivo que pechar. Saíronlle as contas do boi pequeno*. [Unha posible explicación é que un boi pequeno custa menos cartos ca un boi grande].

103. saír collona *loc. ver.* VUL. Saír [a alguén] mal algo que esperaba que lle saíse ben, levar un desengano, unha decepción. *Gastou todo o que tiña na leira para facer unha casa e agora non pode construír alí. Saíulle collona.* | *Deixou o traballo que tiña porque lle prometeron metela no concello, pero meteron a outra: saíulle collona.*

104. saír da pica prá renda *loc. ver*. COL. Pasar dun extremo a outro oposto. *Saíu da pica prá renda, antes non gastaba un peso e agora non para de gastar*. | *Antes era acuquinado e despois esturriou: saíu da pica prá renda*. [A pica é a primeira sacha que se lle dá ao millo. A renda é a segunda sacha].

105. se chegas/chega... a ser muller non te/se... logras/logra... *fór.* COL. [Dise de homes moi impacientes, que non poden esperar para facer algo. "Non se lograr" significa abortar, non conseguir un fillo]. *Tiña eu os bombóns gardados para o domingo e xa os encetaches. Se chegas a ser muller non te logras.*

106. se non fora o rabo empreñaba a burra *fór.* COL. [Dise cando hai algún inconveniente para facer algo]. *–Se non fose aquel semáforo, aprobaba o carné*

de conducir. –Home claro, se non fora o rabo empreñaba a burra.

107. (seica / parece que) viches/vistes... o lobo! *fór*. COL. [Dise para referirse a quen vai co cabelo despeiteado ou de punta ou ten aspecto de ter sufrido unha forte conmoción]. *Vaia pinta que traes, seica viches o lobo!*

108. ser dúas almas metidas nun corpo *loc. ver*. COL. Seren [dúas persoas] moi amigas. *De pequenas facían todo xuntas, eran íntimas, dúas almas metidas nun corpo*.

109. ser máis parvo ca os pelos do cu (que ven vir a merda e non lle apartan) *loc. ver*. VUL. Ser moi parvo. *Cala, home, que es máis parvo ca os pelos do cu.*

110. ter o cu pelado (de andar en xaulas) *loc. ver*. VUL. Ter levado moitos desenganos, ter moita experiencia. *Métella a outro que eu xa che teño o cu pelado de andar en xaulas*. | *A ese non creo que o enganes, xa ten o cu pelado*. # xaulas

111. ter sete cuartas debaixo da terra *loc. ver*. COL. Ser unha persoa moi pequena pero moi espelida. *A esa non hai quen a engane, ten sete cuartas debaixo da terra*. [Unha cuarta é unha medida que equivale aproximadamente a 25 cm. Cando se di que unha persoa ten sete cuartas debaixo da terra, estase xogando coa altura física da persoa e coa intelixencia (a intelixencia non se ve fisicamente, está debaixo da terra)].

112. tiliguí tiligá *fór*. COL. [Dise para expresar que dúas persoas ou cousas son idénticas]. *É tiliguí tiligá*. # tilighí tilighá.

113. tirar da pabesa [a alguén] *loc. ver*. COL. Amolar, ferir o orgullo. *Claro, se fas algo mal está todo o tempo recordándocho e iso tírache da pabesa.* [Antigamente alumeábase cun candil de gas. A pabesa é o fío ou trapo que se lle pon ao candil en que se prende o lume. Cando se ía consumindo, íase tirando por ela para que dese máis luz].

114. tocar nun pelo da roupa [a alguén] *loc. ver*. COL. Ser parente (próximo ou afastado) [desa persoa]. *Pois a que mo dixo inda che toca a ti nun pelo da roupa*.

115. tomar o fallo [a alguén] *loc. ver*. COL. Ver os defectos [de alguén]. *Ti aínda impós respecto nas clases pero a min enseguida me toman o fallo.*

116. torto coma o río de Alvarellos / máis torto ca o río de Alvarellos *comp*. COL. Moi retorcido, que non actúa como se espera. *Compráballe un coche e non o quixo e agora foille pedir o diñeiro ao tío. É torto coma o río de Alvarellos*.

117. Vaca gabada, leite nos cornos *refrán* [Dise en sentido irónico cando alguén gaba moito unha persoa que non merece tantos eloxios]. *–A miña nora é moi boa, faime a comida, limpa a casa, cómprame roupa. –Si, home, si; vaca gabada leite nos cornos.*

118. vai/ide para a cacha da cinsa! *fór*. COL. [Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Mira, déixame en paz. Vai para a cacha da cinsa*.

119. vir coa espiga mallada *loc. ver*. COL.Vir como se foi, sen resolver algo. *Foi ao médico e estaban en folga. Veu coa espiga mallada*. [Dise que a espiga está mallada cando só ten a palla e non o gran].

Recensións

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed) (2008): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Frankfurt am Main: Ed. Peter Lang, 302 páxinas.

Os traballos presentados no *Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía* que se celebrou na Universidade de Santiago de Compostela entre os días 19 e 22 de setembro de 2006 deron orixe a una serie de publicacións, entre as que figura a aquí comentada e outras varias das que se dá conta neste mesmo número de CFG.

Esta obra consta dunha introdución a cargo da editora e de dezaseis colaboracións presentadas no mencionado congreso. Delas, a de Xesús Ferro Ruibal ("A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística"), polo seu carácter de conferencia plenaria, ten unha extensión considerablemente maior que o resto. Todas elas están integradas no volume por trataren temas relacionados, como indica o título, cos conceptos de motivación e linguaxe figurada no ámbito da fraseoloxía.

Na súa introdución (pp. 7-18), Mª Álvarez de la Granja realiza unha presentación de cada un dos relatorios recollidos, de xeito que quen estea interesado na lectura dalgún artigo en concreto dispón do seu valioso xuízo como complemento do resumo que antecede a cada colaboración, como información adicional útil.

Nesta presentación a editora tamén xustifica a orde en que aparecen os distintos traballos. Estas cuestións son tratadas desde un punto de vista xeral nos tres primeiros artigos (**Véselka Ángelova Nénkova**: "La comparación, la metáfora y la metonimia: recursos principales para la creación de las unidades fraseológicas", pp. 19-28; **Hans Schemann**: "Die «Geburt» eines idiomatischen Ausdrucks: Symbol für die «Geburt» des Worts?", pp. 29-49; e **Inmaculada Penadés Martínez/Mª Tadea Díaz Hormigo**: "Hacia la noción lingüística de motivación", pp. 51-68). O problema da motivación lingüística, que afecta todos os ámbitos das linguas, é un asunto debatido desde a Antigüidade clásica. Retomado pola lingüística moderna (Saussure defende o seu carácter esencialmente arbitrario a pesar de recoñecer facetas relativamente motivadas), nos últimos anos abundan os estudos nos que desde unha perspectiva variada (lingüística cognitiva, etnolingüística, lingüística funcional, psicolingüística etc.) se constata a importancia da motivación como fundamento das linguas (xorde así o concepto de *iconicidade* como unha das características fundamentais das linguas naturais). Nas unidades fraseolóxicas a importancia deste mecanismo é proporcionalmente maior que noutras facetas da linguaxe porque o significado

figurado, aínda que existente noutras unidades léxicas illadas, no caso da fraseoloxía convértese nun trazo distintivo. Mecanismos como a metáfora, a metonimia, a sinécdoque, a comparación e outros similares actúan como vehículo dunha relación semántica motivada entre un significado literal e un significado figurado derivado.

Todas estas cuestións son debatidas con detalle nas tres achegas arriba mencionadas: estudo histórico do concepto de motivación, análise dos mecanismos figurativos, o carácter gradual da motivación (entre un significado literal, un significado figurado motivado e un significado idiomático impredicible ou desmotivado), o que deriva na importancia da análise etimolóxica para poder comprender o proceso motivador orixinal a través da evolución histórica da frase, moitas veces envolto nun recorrente mecanismo de motivación-desmotivación-remotivación[1], o carácter universal dos mecanismos (metáforas universais) convivindo con outras propias de cada cultura e lingua etc.

Os traballos inmediatamente seguintes céntranse na análise de casos máis concretos, aplicacións particulares, que desenvolven as ideas arriba mencionadas.

Mario García-Page ("Los animales verdaderos y falsos de la fraseología", pp. 69-80) detense na análise dos zoomorfismos (locucións que conteñen substantivos que designan animais). Cada cultura asocia determinados animais con certos valores ou características. Aínda que estuda estas locucións desde perspectivas variadas, céntrase nos casos de motivación apuntada (*burro, touro*), pero sobre todo nos casos de falsa motivación; é dicir, casos nos que baixo a aparencia dun apelativo de animal, por homonimia ou polisemia en realidade o estudo etimolóxico mostra a existencia doutra realidade totalmente allea (*mandar a freír monas* 'roscas con ovos', *hablar por boca de ganso* 'antigamente pedagogo') . Aínda que infrecuentes, tamén analiza algúns casos de desmotivación (como en *andar a la caza de gangas* 'aves columbiformes parecidas ás rulas').

Vilmos Bárdosi ("Les figés du français: héritage classique et renouvellement", pp. 81-96) presenta un traballo organizado en torno a varios puntos de interese, aínda que a perspectiva dominante é a diacrónica: formación, permanencia, renovación das unidades fraseolóxicas. Observa así como os fraseoloxismos con frecuencia son auténticos fósiles lingüísticos nos que a fixación permite a conservación de unidades léxicas desaparecidas practicamente da lingua actual (neste caso o francés), como sucede, por exemplo, con *avoir maille à partir avec quelqu'un* 'ter un conflito con alguén'. En todo caso, as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías (especialmente internet) permítenlle constatar que este material arcaico en calquera momento se pode actualizar adquirindo novos valores (relativos a conflitos coa administración ou coas empresas na expresión que nos ocupa). Internet ofrécese igualmente como un poderoso instrumento para rexistrar a evolución doutras unidades que presenta e, incluso, para detectar a creación de novos frasemas antes de que os

[1] Álvarez de la Granja menciona algúns casos de remotivación. Engadimos *estar de caspa caída*, pola celebridade do seu autor e a difusión conseguinte.

rexistren os dicionarios (por exemplo, *surfer sur la vague de quelque chose* 'aproveitar a ocasión ofrecida por un fenómeno de moda'). Outro aspecto no que insiste Bárdosi é na necesidade de diferenciar os falsos amigos na tradución de fraseoloxismos (así, a expresión *poñer os puntos sobre os is* que ten un valor común en francés, galego ou castelán, en búlgaro significa 'dar o último toque a algunha cousa').

O traballo de **Marija Omazic** e **Goran Schmidt** ("Polisemy in phraseology", pp. 97-109) céntrase nun asunto directamente relacionado cos mecanismos de ampliación de significado mencionados nos primeiros traballos do volume: a polisemia. O traballo ten unha forte carga teórica de posta ao día na investigación sobre este tema, pero os autores están máis interesados na polisemia provocada polas lecturas literal e idiomática dos fraseoloxismos (que, fronte a outras opinións tradicionais, eles consideran verdadeira polisemia). Tomando en consideración expresións fraseolóxicas do inglés como *red-eye* (composto máis ben que frasema) ou *spill the bean* (cast. 'descubrir el pastel, levantar la liebre', literalmente 'tirar as fabas polo chan') observa a existencia de tres tipos de significación: literal, idiomática e unha terceira, contextual ou *ad hoc*, procedente das anteriores (uso que se aprecia ben na linguaxe da publicidade que gusta de xogar coa ambivalencia, poderiamos engadir). Outra peculiaridade destacada polos autores é a posibilidade de que os significados figurados adquiridos polas unidades no fraseoloxismo se poidan actualizar neses mesmas unidades usadas illadamente (o que orixinaría polisemia léxica). Aínda que na expresión inglesa mencionada este feito non ten unha clara constatación, cremos que o equivalente castelán si ilustra o fenómeno (así o DRAE rexistra para a palabra *pastel* a acepción 'convenio secreto entre varias personas, con malos fines o con excesiva transigencia', claramente derivado de *descubrir el pastel*).

A achega de **Anna Cieślicka** ("Hemispheric differences in processing salient and nonsalient meanings of L1 and L2 fixed expressions", pp. 111-127) presenta unha orientación diferente á do resto de traballos. Desde unha perspectiva psicolingüística, a autora analiza os resultados de dous experimentos realizados con 40 estudantes avanzados de inglés como L2 e polaco como L1, para demostrar a fiabilidade de dúas hipóteses propostas neste ámbito científico para xustificar o desequilibrio natural que presentan os dous hemisferios cerebrais no procesamento da linguaxe figurada: segundo a hipótese tradicional de división de labores, o hemisferio dereito estaría especializado no procesamento da linguaxe figurada, en tanto que o esquerdo se encargaría dos significados literais. Pola contra, outra hipótese máis recente establece que a especialización cerebral estaría máis ben relacionada co grado de relevancia dos significados (*salient/nonsalient meanings*), sendo procesados polo hemisferio esquerdo os máis relevantes (o das expresións de significado literal e o significado figurado das expresións idiomáticas) e os menos salientables polo dereito (o significado literal das expresións idiomáticas e os significados metafóricos da literatura). Outros estudos suxiren o distinto tratamento que o cerebro dá á interpretación das expresións idiomáticas en L1 e L2 (nesta última ten maior relevancia a interpretación literal dos fraseoloxismos, ao contrario que en L1). Con todo, as dúas probas que realiza (unha en inglés L2 e outra en polaco L1) non aportan resultados concluíntes, polo que abre outras liñas de investigación.

No seu amplo e documentado estudo, "A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística", **Xesús Ferro Ruibal** (pp. 129-189) analiza os aproximadamente 3.500 fraseoloxismos comparativo-elativos que, extraídos do *Tesouro Fraseolóxico Galego,* viña de publicar en CFG 6 organizados ideoloxicamente. Neste traballo analízanse os máis frecuentes desde tres puntos de vista (fraseoloxismos máis frecuentes, calidades, defectos ou accións que o pobo galego sente necesidade de subliñar e os referentes ou comparandos que sorprenden para ser escollidos a tal fin) para intentar captar como nos fraseoloxismos se ve reflectido o espírito do pobo anónimo que os crea, que en cada caso selecciona como características dun referente non necesariamente as máis relevantes ("o proceso de comparación ofrece unha radiografía, non unha fotografía da realidade", p. 182) e con frecuencia mostran unha visión poliédrica da realidade (de todos os referentes os falantes poden extraer símbolos positivos, neutros ou negativos, incluso de termos tan marcados como *deus* ou o *demo*).

O traballo ten un carácter xeral (analiza o procedemento de comparación común e universal, que non só ten caracter elativo senón tamén modulador, a existencia de arquimetáforas ou comparacións compartidas por moitas linguas, procesos de explicitación e implicitación...) pero, evidentemente, o máis destacable son as peculiaridades que observa en galego: o predominio da comparación de igualdade (*branco como folerpas de neve*) e de usos irónicos (*branco coma o chocolate*) fronte á supremacía da comparanza de superioridade e dos valores elativos do castelán (*más bajito que El Fari sentado)*, o aproveitamento da polisemia das expresións lingüísticas (como se aprecia en casos como *[persoa] máis rara ca unha criba,* onde o segundo termo da comparanza se aplica á acepción 'pouco denso' e non a 'estraño, extravagante' que ten aquí o adxectivo *raro,* cf. en castelán *pesado como un plomo, agarrado como un chotis*). Seguidamente, extrae observacións psicolóxicas (predominio do negativo sobre o positivo ou o neutro como fonte de comparanzas) e sociolóxicas (importancia de conceptos como a *fame, comer, gordura* na nosa fraseoloxía).

Interesantes son outras apreciación de carácter xeral: os fraseoloxismos deben verse como un conxunto integrado ("analizando un por un os fraseoloxismos parecemos científicos que, en vez de veren a película, fosen analizando fotograma a fotograma", p. 180), non funcionan coa linguaxe sígnica (monosémica) senón coa simbólica, caracterizada polos principios de contigüidade e transferencia (de aí o predominio da polisemia, dos valores connotativos e emotivos).

Remata a súa intervención lamentando que os procesos de normalización e urbanización supuxesen un certo estancamento na vitalidade dos fraseoloxismos galegos. O primeiro por desatender este ámbito da lingua e o segundo pola perda de motivación do ambiente rural en que naceron (*gardar* [algo] *coma o millo da semente*).

Ferro Ruibal sinala, referíndose aos fraseoloxismos galegos, que "hai máis comparanzas do mundo agrícola e gandeiro ca do mundo mariñeiro" (p. 165), aínda que *peixe, troita, sardiña* e *pulpo-polbo* figuran entre os referentes máis usados nas comparanzas recollidas. Este mundo marítimo é precisamente o obxecto de estudo do

seguinte traballo, de **Maslina Ljubicic** e **Vinko Kovacic** ("Alcuni ittionimi nella fraseologia croata", pp. 191-207). A existencia dunha longa faixa costeira e multitude de illas no Adriático ocasiona que con frecuencia os *ictiónimos* (ou máis ben os *talasozoónimos*, porque no mar non só viven peixes) se usen metaforicamente ou nos seus valores connotativos en multitude de fraseoloxismos en Croacia. Evidentemente, as linguas que se toman como punto de partida son o croata e o dialecto véneto falado na costa oriental do Adriático, pero abundan as referencias a outras linguas (especialmente o italiano estándar ou dialectal) porque con relativa frecuencia eses fraseoloxismos son universais ou moi difundidos (cr. *asjećati se kao riba u vodi-* it. *sentirsi come un pesce in acqua,* cast. *sentirse como un pez en el agua*, *učišribu plivati-insegnare a nuotare ai pesci, pliva kao riba-nuota come un pesce-nada como un peixe*, it. *l'ospite è come il pesce: dopo tre giorni puzza*, fr. *l'hôte et le poisson, après trois jours puants sont*, cast. ant. *el huésped y el pece, a los tres día hiede* etc.). Con todo, os autores centran a súa análise nese conxunto de connotacións propias da fala dos habitantes da costa croata, das que saca interesantes conclusións para "migliorare la nostra conoscenza di lingue e culture stranieri, nonché di mettere in pratica, soprattuto nella traduzione, le solozioni e correspondenze stabilite" (204). Así, o que Ferro ilustra en galego para 'comer moito' con *un cura, un lobo, un burro, unha lima* etc. (pp. 140-141) en croata aplícase aos golfiños (*najil se kako dupin* 'come como un golfiño'). Estes mamíferos acuáticos tamén se utilizan para expresar a presunción (*napuhao se ko pliskavica* 'incharse como un golfiño', gal. *inchado coma a ra,* cast. *como un pavo*), a fortuna (*Zapūhô mu je dupîn,* literalmente 'soprarlle o golfiño'), o aviso das tempestades (cr. *kada dupin skače, znači zlo vrime,* véneto *co'l dolfin in mar fa festa s'ciopa in mar granda tempesta*) ou a habilidade natatoria (véneto *nudar come un dolfin*). Outros animais mariños que recollen Ljubicic e Kovacic son o bacallau, a sardiña (fácil de pescar, abundante e barata, delgada e enxoita, apretada en latas ou banastras e, curiosamente, pouco dixestivas en xullo (*Tko ilinštaka ije srdele, listopada im sere drače* 'quen come en xullo a sardiña, en outubro defeca a súa espiña', cando unha semana antes *En San Xoán a sardiña molla o pan* -ou *empeza a mollar o pan* segundo algúns máis expertos- en Galicia)), o polbo, a anguía, o congro e outros peixes menos coñecidos entre nós como a cabra (*serranus cabrilla*) e o serrán riscado (*serranus scriba*), paradigmas da estupidez (*glup ka kanjac* 'estúpido como o peixe cabra') ou do mal definido (*ni pîrka ni kánjac* 'nin serrán nin cabra', cast. *ni chicha ni limoná*), entre outros valores.

Relacionada tamén co mundo mariño, aínda que elaborada desde unha perspectiva e con obxectivos distintos (lingüística computacional e cognitiva), está a achega de **Rita Marinelli** ("Idiomatic expressions and metaphors from the maritime domain", pp. 209-220). Partindo dunha base de datos terminolóxica especializada no dominio náutico-mariño e elaborada segundo o modelo EuroWordNet/ItalWordNet, e doutra parte dos avances da lingüística cognitiva na análise dos procesos de elaboración de metáforas e metonimias nas linguas naturais, a autora realiza unha aplicación concreta no ámbito indicado, sen perder o horizonte da tradución italiano-inglés. O punto de partida é o complexo metafórico identificado por Lakoff e colaboradores como *Event Structure*, segundo o cal "the many aspects of an event (states, changes, processes, actions, causes, aims, means) are metaphorized in terms of space, movement and forces" (p.

221), facilmente aplicable no ámbito da navegación, como se comproba no feito de que moitas das expresións italianas ou inglesas encontran correspondencia en castelán ou galego (it. *giungere/condurre in porto*-cast. *llevar a buen puerto*, *colare a pico–ir a pico*, *prendere il mare-hacerse a la mar*, *mollare gli ormeggi-soltar amarras*, *avere il vento in poppa-viento en popa, perder la rotta-perder el rumbo, perdere la bussola-perder la brújula/perder el norte, seguire la corrente, navigare in acque tranquille, fare acqua, essere sulla cresta dell'onda* etc.).

Na base de datos anunciada todas estas ampliacións de significado metafórico ou metonímico quedan rexistradas para permitir a tradución automática, xa que, como vimos no parágrafo anterior, con frecuencia son traducibles literalmente, aínda que noutros casos presentan diverxencias que poden ser maiores ou menores: Así, por exemplo, a expresión italiana *tirare i remi in barca* encontra a súa correspondencia en castelán no mundo do boxeo (*arrojar la toalla*), e a inglesa *to clear the decks* (literalmente 'limpar a cuberta do barco') tradúcese en italiano por *fare tabula rasa* (cast. *hacer tabla rasa*), *contro corrente* (cast. *contra corriente*) por *agains the tide* (literalmente 'contra a marea', cast. *contra viento y marea*). E así se poderían engadir moitos exemplos.

Unha observación importante coa que conclúe R. Marinelli é a constatación –de acordo cos datos extraídos do *Corpus di Lingua Italiana Contemporanea*– de que en italiano, e especialmente na prensa escrita, termos náuticos como os apuntados utilízanse con maior frecuencia no sentido figurado adquirido nas locucións que no literal.

No seguinte traballo recollido neste volume ("Fraseología metafórica de contenido metalingüístico en español: aproximación a las unidades basadas en el plano gráfico", pp. 221-238), **Inés Olza Moreno** e **Ramón González Ruiz**, mantendo a mesma orientación do estudo dos procesos de elaboración de metáforas dentro do marco da lingüística cognitiva, cambian totalmente o obxecto de investigación, fixado agora nas unidades fraseolóxicas que teñen como base a escritura, sexan os elementos integrantes do código gráfico (letras, signos de puntuación), unidades do texto escrito (*líneas*, *párrafos*) ou soportes da escritura (*libro*, *papel*). Son en total unhas cincuenta unidades do tipo de *al pie de la letra, letra pequeña, despacito y buena letra, punto por punto, leer entre líneas, a renglón seguido,* etc.

O traballo enmárcase no estudo do metalingüístico, polo que deixan fóra expresións carentes de tal valor (*no saber hacer la o con un canuto, pasar página*). Con todo, as unidades obxecto de estudo máis alá do seu valor metalingüístico ofrecen extensións metafóricas ampliables a outros dominios. O obxectivo final do traballo é dar conta do valor que culturalmente se atribúe á escritura na comunidade de falantes. En concreto, fronte á lingua oral, estas unidades fraseolóxicas caracterizan a lingua escrita por valores positivos como a literalidade ou textualidade, de onde derivan outros secundarios como precisión, exactitude, claridade, perfección etc.

Menor relación coa fraseoloxía ten o traballo de **M[anue]la Susana Domínguez Pena** ("The evil eye belief", pp. 239-248, que podemos topar traducido ao castelán en *Garoza*, 7 (2007), pp. 47-61), pois o enfoque sobre o chamado *mal de ollo* realízase desde un punto de vista antropolóxico, literario e cultural antes que fraseolóxico. Só un

dos apartados (§3. "Lingüistic context: proverbs and expressions on the subject") ofrece refráns e expresións fraseolóxicas do inglés, galego e castelán relacionadas cos ollos (non co *mal de ollo*): *Tye eye is the window of the heart-el ojo es el espejo del alma, lonxe dos ollos, lonxe do corazón-ojos que no ven, corazón que no siente.*

Blanca Elena Sanz Martín e **María del Refugio Pérez Paredes** na súa colaboración ("Frases hechas con el verbo *tener* y partes del cuerpo", pp. 249-258) analizan expresións fraseolóxicas do castelán do tipo *no tener corazón, no tener pies ni cabeza, tener los pies en la tierra*, estudados sobre todo desde o punto de vista das características lingüísticas da súa fixación e das series asociativas (*marcos semánticos* na súa terminoloxía) a que dan lugar.

Un importante fondo etnolingüístico, aínda que neste caso máis centrado no estudo fraseolóxico, anima tamén o traballo de **Stefana Kaldieva-Zaharieva** ("La connaissance de l'âme selon la phraséologie bulgare et roumaine", pp. 287-302). Como indica o título do traballo, a análise das expresións fraseolóxicas relacionadas coa *alma* en búlgaro e rumano serve de punto de partida para describir a visión popular que se ten deste compoñente vital nas dúas linguas. Constata a gran coincidencia existente na concepción que as dúas linguas presentan, extensible a outras moitas comunidades europeas e semellante tamén á que ofrece Aristóteles no seu tratado sobre a alma, e salienta a importancia da Biblia neste proceso de semellanzas interlingüísticas.

Noemí Álvarez Villar ("Expresións do léxico do fútbol", pp. 259-271) enmarca o seu traballo dentro do ámbito da terminoloxía do galego. Partindo das 1.700 entradas do *Dicionario plurilingüe de fútbol*, elaborado por ela, céntrase naquelas formadas por máis dunha palabra, con independencia de que se trate de verdadeiras unidades fraseolóxicas con significado idiomático ou semiidiomático, compostos morfolóxicos ou simplemente de combinacións frecuentes e repetidas. Para o seu estudo parte da distinción habitual entre enunciados fraseolóxicos e locucións, se ben centra a súa atención nestas últimas, que clasifica de acordo coa súa frecuencia en substantivas (*fóra de xogo, carta de liberdade, gol de ouro*), verbais (*colgar as botas, conxelar o balón*), adverbiais (*a lume de carozo, a balón parado, de cabeza*) e adxectivas (*de seda, para a bancada*).

Antonio Pamies, **Wenceslao C. Lozano** e **Beatriz Cortina** ("Las metáforas del alcohol: contraste translingüístico e intercultural", pp. 273-286), ofrecen un estudo no que partindo do caso concreto do tratamento do consumo de alcol en distintas linguas presentan interesantes conclusións de carácter teórico e metodolóxico na aproximación á investigación fraseolóxica. O marco analítico cognitivo dos modelos icónicos e arquimetáforas mostra a relevancia duns mecanismos creativos comúns con grande produtividade interlingüística. No caso concreto que nos ocupa cinco modelos icónicos (*animal, movemento, corpo, agresión, planta*) permiten xerar trece arquimetáforas que ilustran en múltiples linguas. Agora ben, o que salientan neste traballo é a insuficiencia deste modelo: seguindo a Dobrovol'skii e Piirainen comproban a incidencia de factores culturais propios de cada comunidade como outro importante mecanismo na elaboración de metáforas fraseolóxicas. Neste caso tópanse as ampliacións metalingüísticas, nas que por asociación dunha unidade léxica van xurdindo novas

formacións figuradas (así, por exemplo, a borracheira relaciónase coa cegueira, o que permite novas asociacións: coa toupa en castelán e galego e co morcego en inglés: *blind as a bat*). Os tres tipos de metaforización (cognitiva, cultural, metalingüística) interactúan, de xeito que se poden crear metáforas en cadea nas que moitas veces é difícil sinalar (por perda de elos nalgún punto da cadea) o vínculo de unión.

Cremos que estas liñas mostran a variedade de temas tratados e de puntos de vista adoptados, así como o interese que a maioría dos traballos presentan para os estudosos da fraseoloxía.

Para rematar, só nos queda felicitar a María Álvarez de la Granja e ao resto de organizadores do *Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía* polos resultados acadados, dos que esta publicación é boa mostra.

Luis González García

Universidade da Coruña

CONDE TARRIO, Germán (2007): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: E.M.E. & InterCommunications S.P.R.L., 264 páxinas.

Baixo un título moi atraínte, Germán Conde Tarrío dirixe esta obra que compila 12 artigos de paremiólogos e fraseólogos de 9 países europeos (Bélxica, Bulgaria, Dinamarca, España, Francia, Grecia, Noruega, Portugal e Rusia).

Este libro, xunto con outra publicación do mesmo autor (*El componente etnolingüístico de la paremiología*) e as obras doutros fraseólogos da nosa comunidade: María Álvarez de la Granja (2008): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*; Mª Isabel González Rey (2007): *Les expressions figées en didactique de langue étrangère* e *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos* e *La didactique du français idiomatique*; Carme López Taboada e Mª Rosario Soto Arias (2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*; e Carmen Mellado Blanco (2008): *Beiträge zur Phraseologie aus Textueller Sicht* e *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*, é unha mostra do gran momento que se está a vivir no ámbito da fraseoloxía en Galicia. Ademais, tamén os proxectos Fraseonet e Frasespal (dirixidos por Mª Isabel González Rey e Carmen Mellado Blanco, respectivamente) son un exemplo de que na nosa comunidade se están desenvolvendo moitas investigacións neste eido. Todo isto sen esquecer o Congreso Internacional de Fraseoloxía que tivo lugar en Santiago de Compostela no 2006 e que, sen dúbida, marcou un fito na historia dos estudos fraseolóxicos do noso país.

Como o seu título indica, este volume inclúe novas achegas ao estudo das expresións fixas. Aínda que os artigos aparecen no libro presentados por orde alfabética (esa é a orde que seguiremos posteriormente para presentar o contido de cada un deles), pódense agrupar en 3 grandes bloques:

Artigos que investigan o aspecto terminolóxico e clasificacións fraseo-paremiolóxicas (María Josefa Postigo Aldeamil, Germán Conde Tarrío, Jean-Claude Anscombre, Antonio Pamies Bertrán e Pilar Río Corbacho).

Os que inclúen estudos globais da fraseoloxía e paremioloxía de varias linguas: portugués (Iovka Bojílova Tchobánova), grego moderno (Alberto Crida Álvarez) e italiano (Paula Quiroga Munguía).

Traballos que estudan un aspecto concreto das formas fixas (Nadezhda Bayzhanova, Lars Brink, Jean René Klein e Katarzyna Kozak).

Inaugura o volume **J. C. Anscombre** con "Hacia una clasificación lingüística de las formas sentenciosas", onde de forma rigorosa e cunha gran cantidade de exemplos propón unha clasificación dos enunciados parémicos baseada na súa posible combinación con distintos marcadores mediativos (marcadores do discurso cuxa función é sinalar cal é a orixe dun discurso ou dun punto de vista). Divide estes enunciados nos de "L-locutor" (locutor específico: máximas, sentencias, apotegmas etc) e os de "OMNI-locutor" (autor anónimo).

Anscombre céntrase neste segundo tipo ("OMNI-locutor"), que se manifesta mediante un marcador mediativo xenérico do tipo *Como se dice* e distingue 6 categorías (refrán, enunciado meteorolóxico, enunciado agrícola, adaxio, tautoloxía e frase situacional) das que analiza as súas características, posibilidades de combinación e restricións lingüísticas.

N. Bayzhanova ofrécenos no seu artigo "On structural semantic peculiarities of different types of metaphors –substantive, adjectival and verbal– in Altayan proverbs" unha exposición das peculiaridades semánticas e estruturais dos tipos de metáforas existentes nos proverbios do altai (lingua da República de Altai, Rusia).

Analiza en primeiro lugar as metáforas substantivas (as de transferencia metafórica animal → persoa e as de transferencia metafórica planta → persoa), para posteriormente centrarse nas metáforas adxectivas e verbais, cada unha delas coa súa peculiaridade funcional. Dentro das verbais, fai unha división entre aquelas nas que a transferencia metafórica é 'estado físico dun suxeito / fenómeno → esfera psíquica dunha persoa'; 'acción dunha persoa → acción dun concepto'; 'obxecto da acción dunha persoa – un obxecto → obxecto da acción dunha persoa – un concepto'.

Da autoría de **I. Bojílova Tchobánova** é "Classificação temática dos fraseologismos na língua portuguesa", un artigo ameno que achega moitas UFs en portugués que exemplifican e complementan as explicacións teóricas. Pretende Bojílova cubrir con este texto o baleiro existente nas clasificacións das UFs en portugués, baseándose en criterios temáticos (división en grupos, segundo os conceptos que conteñen). Achégase a esa clasificación dende un punto de vista onomasiolóxico, e toma como base a de Keti Nitcheva (1978), pero con algunhas modificacións.

Explica as relacións de sinonimia e antonimia que existen entre varias UFs para demostrar o carácter sistemático das unidades fraseolóxicas nesa lingua, e aborda os grandes grupos temáticos e fraseolóxicos do portugués: o home e o seu aspecto

exterior; o home e as súas calidades morais e intelectuais; o home e as súas accións e estados; o home e as súas relacións coas outras persoas ou obxectos; natureza; vida cotiá; fenómenos sociais; UFs adverbiais; cantidade e grao; as comparacións fixas; e grupos temáticos non representados.

Considera Bojílova que esta clasificación temática pode servir de base para a elaboración dun dicionario temático ou ideográfico da fraseoloxía portuguesa.

O traballo de **L. Brink** "Speech Act Switching Idioms" céntrase en exemplos tirados do danés e do inglés que permiten chegar á conclusión de que existen diferenzas evidentes entre o significado literal e o real dunha unidade fraseolóxica, e nos casos nos que a diferenza entre ambos os significados é moi grande poderiamos falar de dous actos de fala diferentes.

Comeza o estudo cunha relación bastante extensa de definicións de termos lingüísticos (pp. 79-82), que se complementa con constantes aclaracións terminolóxicas. Brink estrutura o texto baseándose no estudo de varios tipos de actos de fala básicos (segundo el): ordes, preguntas, peticións, expresión de sentimentos e afirmacións.

Outro artigo moi interesante é o de **G. Conde Tarrío**: "El refrán según los trovadores de las *Cantigas* (s. XII – s. XIV)", no que destaca a relevancia que tiveron as cantigas medievais galaico-portuguesas, importantísimas dende o punto de vista paremiolóxico, xa que se poden considerar o primeiro documento de refráns en galego e portugués.

As cantigas serviron de salvagarda de moitas paremias e mesmo podemos atopar nelas algunhas formas sentenciosas que hoxe en día non se atopan documentadas nos refraneiros.

Destaca Conde Tarrío que a supervivencia dunha forma sentenciosa é o que lle dá experiencia, característica necesaria para que o pobo a considere verdadeira. Porén, cando un trobador insire a forma sentenciosa dentro da súa composición, o refrán perde en certa maneira a súa veracidade, e ten que recorrer a personaxes influentes da época para que lle sirvan de testemuña da *veritas* do refrán.

Resulta moi ilustrativo o cadro final que aparece na conclusión, no que se exemplifican as similitudes e diferenzas entre a forma sentenciosa medieval e a actual (p. 109), e onde se pode comprobar que as descricións de refrán que facían os trobadores non difiren moito das que se propoñen na actualidade.

C. A. Crida Álvarez ofrécenos a continuación no seu artigo "Fraseología comparada del español y el griego moderno: campo virgen" unha explicación da situación dos estudos de fraseoloxía nestas dúas linguas (centrándose no grego moderno), e esboza o que se ten investigado e o que queda por facer canto á fraseoloxía comparada das mesmas.

Ao non existir unha clasificación dos fraseoloxismos en grego moderno, Crida propón empregar a clasificación de G. Corpas Pastor coa excepción dos enunciados da esfera III (denominados "paremias"), onde prefire a clasificación de J. Sevilla Muñoz. Achega en todos os casos exemplos coa tradución literal ao castelán.

Como ben indica o seu título, afirma o autor que non é esaxerado falar de campo virxe ao ser referir á fraseoloxía comparada entre o español e o grego moderno, e sinala a necesidade de realizar unha clasificación que sirva como base de repertorios e dicionarios fraseolóxicos etc.

No estudo "Le figement dans les proverbes et les expressions verbales: un débat qui n'est pas encore… figé", **J. R. Klein**, baseándose na análise de varias expresións verbais fixas e proverbios da lingua actual, demostra que ambos os tipos presentan variacións diacrónicas e sincrónicas, o que non lles impide constituír secuencias fixas de diferentes graos.

Especialmente útiles pola súa claridade son as 15 táboas que se inclúen no texto (como a que ilustra o exemplo *Chat échaudé craint l'eau froide* onde se expoñen 42 variantes: pp. 137-141), que Klein complementa con pertinentes comentarios e explicacións.

A seguir, **K. Kozak** reflexiona no seu artigo "Prototypical idioms vs. terms and common names: how to differentiate noun phrase idioms from other MWU" sobre os criterios que permiten diferenciar as *multi-word units* (como por exemplo os termos ou nomes comúns) e os *prototypical idioms*, dúas categorías lingüísticas que en moitas ocasións se superpoñen.

Kozak toma como base as investigacións de Dobrovolski'j, Čermák e Farø e chega á conclusión de que os *prototypical idioms* teñen unha maior capacidade denotacional e referencial e están marcados emocional, emotiva e iconograficamente, ademais de posuír outras características diferenciadoras.

Os exemplos que inclúe están tirados do polaco con equivalentes / explicacións en inglés.

A. Pamies Bertrán explica en "De la idiomaticidad y sus paradojas" que os tres criterios considerados básicos para definir unha unidade fraseolóxica (multilexicalidade, fixación e idiomaticidade) están estreitamente ligados entre si, polo que calquera modificación na formulación dun deles ten consecuencias para os outros dous. Critica neste traballo o concepto de multilexicalidade, o que obriga a retocar a clasificación xeral do ámbito fraseolóxico.

As UFs son, segundo este autor, "unidades multilexemáticas más o menos fijas y potencialmente idiomáticas" (p. 195), que se dividen en pseudo-sintagmas (sintemas: palabras compostas, locucións, fraseotermos, *phrasal verbs* e construcións onímicas)), verdadeiros sintagmas (comparacións estereotipadas e colocacións) e micro-textos (paremias, fórmulas e apotegmas non sentenciosos). Ao ser sincrónica, a súa proposta non distingue entre as diferentes clases de paremias, cuestión que considera etimolóxica.

Estas tres macrocategorías coinciden coas tres esferas de Gloria Corpas (fixación na lingua, a norma e a fala), pero ampliando o primeiro grupo a todos os sintemas.

Complementa o seu discurso con 5 gráficas (pp. 194, 195 e 196) e 3 táboas (pp. 177, 182 e 198), e conclúe coa afirmación de que a fixación non sempre indica

idiomaticidade, pero si inversamente. Este é o máis longo e máis denso de todos os textos contidos nesta obra.

M. J. Postigo Aldeamil no seu artigo "Términos paremiológicos en el portugués de los siglos XVI y XVII" realiza un percorrido histórico sobre o uso de termos paremiolóxicos na historia da lingua portuguesa. O seu obxectivo é reunir un conxunto de diversas designacións de proverbio en portugués (*parémia, provérbio, dito, sentença, adágio / adajo, rifão, exemplo, anexim, aforismo*) seleccionadas entre textos deses dous séculos e acompañadas de comentarios esclarecedores sobre o contexto no que se atopan.

Baséase en fontes de 3 tipos sobre as que estrutura o seu estudo: obras lexicográficas (dicionarios, lexicóns, vocabularios), colecciónns de proverbios e outras obras de escritores (glosarios, índices etc.).

Segue o artigo de **P. Quiroga Munguía** "Los estudios fraseológicos del italiano y el español en contraste", no que, como o seu título indica, a autora repasa a evolución dos estudos da fraseoloxía italiana e tamén comenta a situación actual das investigacións fraseolóxicas no español.

A investigación da fraseoloxía italiana abórdase dende cinco perspectivas diferentes que Quiroga explica e comenta: a morfolóxica (Dardano), a lexicográfica (De Mauro), a léxico-sintáctica (Vietri e o proxecto LGLI: *Lessico Grammatica della Lingua Italiana*), a semántica cognitiva (Casadei) e a perspectiva multidisciplinar (que a autora denomina *aproximación integrada* (Voguera)). Coméntanse tamén neste traballo os estudos levados a cabo por Luca Serianni (que estuda a fraseoloxía en dúas das súas gramáticas, pero non dunha maneira explícita) e Miriam Voguera (que ofrece a única clasificación xeral que existe para as UFs italianas.

Como crítica, poderíase engadir que aínda que o título fai alusión aos estudos fraseolóxicos de dúas linguas, a práctica totalidade do mesmo céntrase na análise do italiano.

Pecha este volume **P. Río Corbacho** con "la paremia hagiográfica castellana, gallega y francesa: su clasificación", onde ofrece unha exhaustiva clasificación das paremias que inclúen no seu enunciado o nome dun santo ou dunha festividade relixiosa nesas tres linguas.

De grande utilidade son os esquemas que aparecen nas páxinas 245, 247, 249 e 252 que ilustran con claridade o contido do texto e permiten ao lector seguir o fío do discurso. O artigo conta con numerosos exemplos en cada un dos apartados da clasificación.

As paremias haxiográficas (que forman parte das xeocosmolóxicas) poden ser de tres tipos, segundo Río Corbacho: haxioxeotemáticas (describen as actividades que realizan os seres vivos no seu hábitat natural), haxioastronómicas (amosan a importancia dos astros sobre o home e os seus traballos), e haxiometereolóxicas (baséanse na importancia que ten o tempo para o home e os seus traballos). Á súa vez cada unha destas clases está subdividida noutras, chegando a ofrecer unha clasificación dunha precisión extraordinaria.

A maioría dos estudos contidos neste volume fan referencia á imprecisión semántica á hora de achegarse ao fenómeno fraseolóxico ou paremiolóxico (vacilacións que dificultan o traballo do paremiólogo), e moitos deles fan algunha aclaración terminolóxica ao inicio dos estudos.

Como se poderá deducir, a lectura deste libro constitúe un valioso tesouro que debemos engadir á xa frutífera biblioteca de estudos fraseolóxicos que están proliferando en Galicia nos últimos anos. Cabe engadir que se espera que este libro, xunto coas outras obras que se mencionaron ao principio desta recensión, favoreza o impulso de estudos deste tipo na nosa comunidade.

Emma Mª Salgueiro Veiga

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

CONDE TARRÍO, Germán (2007): *El componente etnolingüístico de la paremiología*. Cortil-Wodon: E.M.E. & InterCommunications S.P.R.L., 266 páxinas

O presente volume ofrece unha recompilación de doce artigos firmados por fraseólogos de diferentes universidades españolas, así como da Universidade do Algarve (Portugal) e do Centro Superior de Hostalería de Galicia.

Como di no prólogo o seu editor, Germán Conde Tarrío, profesor da Universidade de Santiago de Compostela, "podemos afirmar que el refranero de cada país presenta los rasgos distintivos de su cultura", é dicir, grazas á paremioloxía podemos chegar a coñecer en profundidade a vida e os costumes dunha sociedade.

A publicación abre co estudo de **Aziz Amahjour** "Las sentencias poéticas del sufí Sidi Abderrahmán El Meydúb. Estudio semántico-pragmático". Neste traballo o autor analiza algunhas sentenzas poéticas pronunciadas por El Meydúb (personaxe moi popular en todo o Magreb tradicional, Marrocos, Alxeria e Tunes) e recollidas en cuartetos. Cabe salientar a súa presentación, pois Aziz Amahjour facilita a transcrición da versión orixinal e mais a súa tradución co fin de que apreciemos a súa rima e musicalidade. Así mesmo, o autor clasifica estas sentenzas en cinco bloques temáticos que teñen como nexo de unión a crítica á sociedade, a preguiza e o culto á vaidade e ás aparencias. Chega á conclusión de que os cuartetos son un compendio de vivencias e unha reflexión sobre a sociedade na que lle tocou vivir a Sidi Abderrahmán El Meydúb, aínda que non obstante é interesante destacar que moitos dos temas que se tratan neles tamén están presentes na sociedade actual.

No traballo "El refranero y el viaje: propuestas antiguas para conceptos modernos", **Rosa Aneiros** pon de manifesto que, aínda que o turismo e todo o que hai ao seu redor é un fenómeno recente, o acto de viaxar non o é, xa que as viaxes e os desprazamentos estiveron presentes ao longo de toda a historia do ser humano. Así, centra o seu estudo naqueles refráns dentro do refraneiro español referidos ao concepto de viaxe. A autora

chega á conclusión de que, aínda que non se pode afirmar rotundamente que exista unha correlación entre o acto de viaxar na actualidade e o que se recolle no refraneiro (por exemplo, a imposibilidade que tiñan as mulleres de viaxar antigamente, algo impensable hoxe en día), constata que a maioría destes refráns, ou máis ben a mensaxe que queren transmitir, seguen estando vixentes na actualidade.

Por outra parte, formulado desde unha perspectiva comparativa, encontramos o traballo de **Jennifer Aparicio Morgado** "La paremiología jurídica: el refrán y la justicia". Este artigo destaca polo intento de aproximación de dous ámbitos aparentemente moi afastados entre si: a paremioloxía e o mundo xurídico. Jennifer Aparicio selecciona 6 formas sentenciais recollidas no refraneiro castelán e vasco referidas á xustiza co fin de analizar a súa vixencia. Confirma que todos os refráns examinados e estudados son xuridicamente verdadeiros agás "Los abogados hacen a dos manos: a moros y cristianos / Abokatuak haserretik bizi dira (los abogados viven de los enfados)" posto que vai en contra do principio de igualdade.

Da autoría de **Rosalía Crespo Jiménez** é o estudo "Reflexiones sobre la casa. El Refranero Español como fuente de las paremias en torno a este concepto". A autora aclara que o concepto de casa foi estudado en diferentes ámbitos de investigación como a sociolingüística, psicoloxía etc., aínda que ela escolle unha perspectiva diferente, a tradición, é dicir, o refraneiro español. Este traballo reflicte o pensamento que tiña a xente da época sobre algo tan seu como o lugar onde viven, así como outros aspectos relacionados con ela. Deste xeito, ponse de manifesto a gran riqueza do refraneiro.

Outro traballo é "Refranes y frases de mujeres en el *Vocabulario* de Correas" de **Isabel Echevarría Isusquiza**. Este artigo centráse no que a súa autora denomina "fraseoloxía das mulleres", termo que designa tanto aqueles refráns que conteñen a palabra "muller" como aqueles que manifestan tópicos ou trazos propios delas. O aspecto máis destacable destes dous grupos é a caracterización despectiva e pexorativa das mulleres, é dicir, a misoxinia.

O artigo de **José Enrique Gargallo Gil** '"La lluna setembrina, set llunes endevina'. Refráns meteorolóxicos con lúa na Romania" enmárcase dentro do proxecto *Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania* do Ministerio de Educación y Ciencia. O autor presenta un estudo comparativo de refráns meteorolóxicos referidos á lúa en 14 linguas románicas (agás o romanés) coa finalidade de pór de manifesto o influxo deste astro na vida e nos traballos tradicionais do mar e do campo. Despois dunha exhaustiva análise, José Enrique Gargallo chega á conclusión de que este tipo de paremias teñen dúas orixes diferentes: a superstición e a experiencia vital.

Outras achegas, coma "El proverbio en contexto. Análisis diacrónico de las ocurrencias de '*Qui veut tuer son chien l'accuse de la rage*'" de **Sonia Gómez-Jordana Ferary** e "El valor etnolingüístico de los refranes" de **Julia Sevilla Muñoz**, enmárcanse dentro dunha perspectiva diacrónica. O primeiro estuda as diferentes maneiras de introducir o proverbio *Qui veut tuer son chien l'accuse de la rage* no texto dende o século XV ata o XX. A autora conclúe que as paremias se empregaban con maior naturalidade na Idade Media e que o proverbio analizado se integraba por medio dos verbos *savoir* e *dire*, do

conector *mais* e da fórmula *on dit que*. Por outra parte, Julia Sevilla engade á perspectiva diacrónica, unha perspectiva contrastiva e céntrase no refraneiro, xa que considera que o "refrán" destaca sobre todas as manifestacións fraseolóxicas e paremiolóxicas existentes debido ao seu elevado número, a súa orixe eminentemente rural e ao feito de seren un compendio dos saberes populares doutras épocas. Para a autora, os refraneiros condensan a forma de pensar e a maneira de vivir das diferentes sociedades e culturas, é dicir, a idiosincrasia dunha sociedade, polo tanto, calquera estudo que faga referencia á cultura, ou a outros aspectos relacionados con ela, non pode esquecer deterse nos refráns. Julia Muñoz analiza os refraneiros casteláns e franceses para demostrar que ao achegármonos a eles poderemos coñecer dúas culturas diferentes. Neste caso, céntrase nos refráns cun referente gastronómico ou relativos ao mundo animal, e acouta a diversidade temática a 4: costumes e usos, crenzas e supersticións, festas e prognósticos e conclúe que son máis as semellanzas ca as diferenzas.

O interese que esperta a fraseoloxía noutros campos lingüísticos maniféstase en "La representación de las figuras del emisor y el receptor en el refranero español de contenido metalingüístico" de **Elvira Manero Richard**, artigo que se encadra dentro da reflexión metalingüística. Este estudo utiliza un corpus de case 3.000 refráns referidos á linguaxe que lle permite comprobar a grande cantidade de expresións centradas en elementos non verbais da comunicación. Elvira Manero analiza os xuízos e as normas que se crean na interacción entre emisor e receptor, así como tamén os que se reflicten na relación que se establece entre eles. Tendo en conta estes elementos e o contido dos refráns, diferencia por unha parte un grupo de expresións descritivas e por outra parte un grupo de expresións prescritivas. A autora conclúe que o refraneiro clasifica os posibles emisores e receptores tendo en conta as súas características (morais, físicas etc.); por exemplo a experiencia (o sabio e o vello) é un trazo esencial para ser un emisor ou receptor idóneos fronte á non experiencia ou á necidade. Desta maneira Elvira Manero afirma que "el saber lingüístico que aplican los hablantes en la configuración de su hablar es en esencia de corte pragmático", e recórdanos que no estudo da linguaxe hai que ter en conta máis elementos ca as palabras.

Outro dos artigos é '"Quem sai aos seus (não) degenera': estructuras sintácticas de la Antigüedad greco-latina en proverbios portugueses" de **Adriana Nogueira**, que trata aspectos relacionados co ámbito da tradución. A autora pretende esclarecer algúns dos problemas cos que se teñen que enfrontar os tradutores á hora de traduciren os textos clásicos ás linguas modernas (neste caso, o portugués moderno) e céntrase no estudo de aspectos como o sincretismo, a diferenza na orde das palabras, o uso da segunda persoa do singular, a rima e a antítese. Finalmente constata que todos eles seguen estando presentes nas linguas actuais, malia cambios léxicos ou sintácticos.

Por outra parte, desde un punto de vista didáctico atopamos o traballo de **Nicolás Roser Nebot** "*Al-qawl, Al-kalima, al-mazal wa-l-hikma*: fraseología y paremiología árabes en el Corán". Neste artigo lémbranos que na tradición oral está a esencia do Corán e que por esta razón a estrutura dialogada é a que está máis presente nos seus textos e con ela o seu extenso material fraseolóxico e paremiolóxico. Nicolás Roser analiza varias expresións coas que se introduce a existencia dunha unidade fraseolóxica

no texto coránico e expón que no discurso interpersoal existen restricións no uso dos versículos coránicos asociados a Deus, a pesar de teren estrutura fraseolóxica, ou conteren un aspecto paremiolóxico. Un punto interesante deste artigo é a referencia que se fai á estratificación socio-cultural caracterizada polo uso dunhas ou doutras expresións coránicas que ten a súa orixe no profundo ou escaso coñecemento do Corán e, por conseguinte, da lingua árabe. De aí o valor que ten este texto, e por extensión os elementos fraseolóxicos e paremiolóxicos que contén para o ensino e aprendizaxe da lingua árabe.

Finalmente, atopamos o artigo de **Anna Sztuba** "Los autorretratos y retratos lingüísticos en el refranero polaco. *El hábito hace al monje. Habit czyni mnicha*". Este traballo presenta unha análise da auto-descrición da sociedade polaca (persoas valentes e con capacidade de resistencia e influenciables polas modas estranxeiras) e as diferentes maneiras que teñen os polacos de veren as sociedades do seu redor, concretamente a alemá e a rusa (consideradas negativamente) e a italiana (considerada positivamente) no refraneiro polaco. Anna Sztuba afirma que os feitos históricos teñen unha grande influencia no sentimento de nación e que a lingua é o espello no se reflicte a historia dunha sociedade.

En definitiva, *El componente etnolingüístico de la Paremiología* pón á vista a importancia que teñen os elementos fraseolóxicos e paremiolóxicos, especialmente os refráns, para o coñecemento dunha sociedade tanto desde unha perspectiva diacrónica coma sincrónica, porque son un resumo dos coñecementos, das vivencias e das experiencias dos nosos devanceiros, pero tamén das nosas. As principais características que se lles atribúen resúmense en oralidade, sabedoría, moralidade e veracidade, é dicir, características sempre positivas.

Para acabar reproducimos as palabras de Julia Muñoz que resumen todo este volume: "Las paremias que han ilustrado nuestro trabajo pertenecen a 'la lengua con memoria histórica' [...], porque son 'elementos lingüísticos [que] se toman de la realidad cotidiana del hombre', lo que nos facilita el descubrimiento de la sociedad que los emplea con profusión. Los refranes y frases proverbiales constituyen una fuente histórica válida construir la base sólida de un estudio etnolingüístico".

Cristina Rodríguez Nieto

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

GONZÁLEZ REY, Isabel (2007) : *La didactique du français idiomatique*. E.M.E : Fernelmont, 218 páxinas.

Todo aquel que se achega a unha lingua diferente á súa debe enfrontarse coa súa fraseoloxía, terreo que adoita supoñer para algúns falantes un atranco insalvable.

A fraseoloxía soe presentarse nos manuais empregados para o estudo dunha lingua estranxeira como apéndice dunha lección: a función principal era servir como exemplo dun determinado tema e tiña como destino unha aprendizaxe memorística.

Faise necesario aplicar ás formas fraseolóxicas un tratamento diferente ao que tradicionalmente, como xa dixemos, se lle viña dando, pois presentan, ademais dun lado lingüístico que se debe analizar e estudar, un valor sociocultural, no que a figura do profesor faise vital para achegar ao estudante á realidade dunha expresión fixa (EF).

González Rey, autora que conta na súa investigación cunha abondosa bibliografía en fraseodidáctica (*La phraséologie du français*, 2002; *A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada*, 2004; *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*, 2007; *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*, 2007; etc.) tenta con *La didactique du français idiomatique* achegar ao estudante de francés lingua estranxeira (FLE) a fraseoloxía desta lingua. González Rey propón este método de aprendizaxe baseando a súa metodoloxía nos seguintes obxectivos:

- Adquisición das unidades fraseolóxicas do FLE por medio de exercicios que faciliten a súa memorización a través do léxico (a autora encadra este apartado no que chama "Niveau I")

- A partir da adquisición destas formas fraseolóxicas debe estudarse o funcionamento destas unidades no discurso, polo que se fai necesario coñecer a súa semántica, o seu funcionamento sintáctico etc. (González Rey abrangue estes conceptos no " Niveau II").

En ambos os dous niveis, a autora pon en práctica toda unha exemplificación de situacións, algunhas inventadas, outras que deben recoñecerse en textos literarios, para facilitar o adestramento do alumno e propoñer novas vías de traballo ao profesor. No transcurso desta tarefa González Rey propón ao docente toda una estratexia de anticipación, presentando ao comezo de cada lección os obxectivos que se pretenden en cada tema. Divide cada nivel en 4 grandes apartados: as fórmulas ou expresións rutineiras de uso dialóxico, as expresións idiomáticas de tipo gráfico, as colocacións e as paremias. Para cada apartado concibe catro lecciónns compostas de 5 exercicios cada unha. Entre os dous niveis, o método desta autora reúne uns 160 exercicios que presentan unha progresión susceptible de proporcionar ao alumno unha competencia activa da fraseoloxía do francés.

Como colofón a este traballo, e baixo o apartado "Glossaire thématique", recóllense, como di González Rey, "l'ensemble des expressions travaillées, en respectant l'ordre de présentation des deux niveaux".

En conclusión, estamos diante dun método de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Pero este traballo non é un máis dos que hai no mercado, pois este método versa sobre un dos problemas máis grandes da aprendizaxe dunha lingua estranxeira: o coñecemento e emprego da fraseoloxía dunha lingua non materna. Inspirándose nas recomendacións do Marco Europeo Común de Referencia para as linguas, González Rey proponnos un ensino que segue o proceso da aprendizaxe lóxica que toda persoa realiza na súa lingua materna: vaise do mero recoñecemento a un emprego correcto no código oral e escrito.

As situacións coas que o alumno debe enfrontarse ao longo do libro (exercicios de casas valeiras, exemplos que deben ser completados, capacidade para explicar o sentido dalgunhas formas fraseolóxicas etc.) lévanlle a ser quen de recoñecer e empregar os fraseoloxismos do FLE: así mesmo, a presenza de textos escritos (literarios ou xornalísticos) permítenlle ao alumno analizar o emprego que se fai das unidades fraseolóxicas no código escrito.

Xermán Conde Tarrío

Universidade de Santiago de Compostela

LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario (2008): *Dicionario de Fraseoloxía Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 650 páxinas.

A aparición, este mesmo ano, deste novo dicionario de fraseoloxía galega non fai máis que confirmar o interese que a publicación de obras lexicográficas especializadas no tratamento dos fraseoloxismos suscita nas editoriais galegas, un interese que non se pode explicar máis que polo feito de que cada vez máis se está a traballar neste eido da lingüística dunha maneira sistemática e, tamén, pola constatación de que hai unha demanda real dos posibles usuarios deste tipo de produtos.

Se a finais de 2007 aparecía o *Dicionario de Fraseoloxía Castelán-Galego* da Editorial do Cumio e da Editorial Galaxia, en 2008, poucos meses despois, a Editorial Xerais preséntanos a obra de dúas autoras que levan tempo traballando arreo na difusión dos aspectos da nosa lingua que máis están conectados coa cultura do país. Carme López e Rosario Soto son veteranas nesta angueira. En 1995, cando os materiais sobre fraseoloxía non paremiolóxica eran en Galicia escasos, practicamente inexistentes, feito que dificultaba o seu coñecemento e ensino, publicaron na editorial Galinova (A Coruña) o manual titulado *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica* que nos ofrecía case catro mil unidades fraseolóxicas, ordenadas con criterios semánticos, con información do seu significado e un repertorio de aplicacións didácticas. Aquel libro foi utilizado, e séguese a utilizar, durante moitos anos e ben seguro que lles serviu a moitos profesores, e lectores en xeral, para coñecer a fraseoloxía da nosa lingua.

A obra que nos presentan agora, froito sen dúbida de anos de paciente traballo, ten unha estrutura e unhas informacións completamente distintas, axeitadas a un formato

lexicográfico máis clásico, feito que facilita a súa consulta. Cales son as principais características deste dicionario? Comentarei algunha delas. Esta obra é principalmente un repertorio de unidades fraseolóxicas, locucións e fórmulas principalmente, na que non se inclúen refráns. Na macroestrutura, o máis salientable é a utilización dunha clave semántica, "a palabra de maior peso semántico da frase" (VII) que funciona coma un lema onde aparecen as "subentradas" que son as verdadeiras unidades fraseolóxicas. É esta unha opción que facilita moito a utilización do dicionario e foxe de clasificacións ideolóxicas, ou interpretacións do significado que, ás xeiras, presentan problemas. Malia esta vantaxe, hai que salientar que a opción de utilizar unha clave tampouco está exenta de problemas. Nalgúns casos non é doado identificar a palabra que ten o "maior peso semántico" e, dende logo, a orde na frase, un criterio utilizado polas autoras, non sempre proporciona pistas. No exemplo que aparece na introdución *nadar en fartura* poderíase discutir se é o verbo, ou o substantivo, o núcleo semántico da unidade fraseolóxica. Do mesmo xeito, *darlle o pé e collerlle a man* [*u.p. a alguén*] (páx. 423), poderíase falar de se *man* ou *pé* compiten por ese posto de núcleo, aínda que *pé* está situado antes. Malia isto, cómpre recoñecer que as autoras dan co fío do nobelo no que atinxe á escolla das entradas e a súa proposta non leva a erro, como poderán comprobar os lectores. A continuación das entradas aparece o que as autoras chaman "frase", enténdase a "unidade fraseolóxica". É moi interesante, e innovador, o tratamento que lles dan, xa que utilizan conceptos sintácticos, os de núcleo e contorna, que pode ser de grande utilidade para albiscar qué elementos da unidade están realmente fixados. As autoras, con todo, na introdución, creo que fan unha interpretación un pouco restritiva do concepto citado. Afirman que a "contorna" (marcada por corchetes) se refire normalmente "a un verbo de frecuente aparición nesa frase, pero non de aparición única e exclusiva". Sobreenténdese que tamén esa contorna son os suxeitos e os complementos. Neste punto, a lectura do dicionario si que pode causar certa confusión nunha persoa interesada na análise da fixación fraseolóxica, non así para un lector que non teña especiais inquedanzas académicas. Por exemplo, casos escolleitos ao chou, non se entende ben que *chorar coma un neno* non teña unha contorna, como a definen as autoras ou entendida como fixación dos elementos constitutivos da frase (núcleo fronte a contorna) e si a teña [*enganar u.p. a alguén*] *coma un neno,* sendo "enganar" un verbo fixado fraseoloxicamente. O concepto de contorna tamén se confunde, en poucas ocasións, co de variación sinonímica (unha propiedade das unidades fraseolóxicas moi ben tratada no dicionario): compárese *saber onde lle proe/doe* (VIII), marcada a sinonimia pola barra, con *botar/sacar* (sen contorna) *a lingua a pacer* (303), con [*chegar/vir*] (contorna) *coa lingua de fóra* (303) ou [*sacar/tirar u.p. algo*] *en limpo.*

O significado das unidades repertoriadas tamén ten un tratamento rigoroso. Os fraseoloxismos constitúen basicamente unidades de significado e, polo tanto, na súa descrición a través da definición débense incluír as informacións que corresponden ao núcleo e contorna, inseridos ambos nun contexto de uso determinado. É moi interesante e útil a información que aparece entre corchetes nas definicións. As expresións *Dise para, dise cando, úsase, expresión que* dannos pistas claras para identificar en moitos casos as fórmulas que aparecen no dicionario: *nada/ninguén que vai para ningures* (367), *¡Tócalle o corno que vai para a feira!* (155); ou axudan á comprensión do

significado cando non é posible ou doado facer unha definición lexicográfica. Tamén a información metalingüística está perfectamente tratada e axuda ao uso correcto da unidade: *de agárrate que hai curvas* [Precedido de substantivo]. Agradécense moito as indicacións de rexistro, aspecto ás veces esquecido, ás veces mal enfocado nos dicionarios xerais e, tamén, nos fraseolóxicos. O rexistro é un valor que debe ser tido en conta sempre na descrición do significado pero é tan necesario coma difícil de describir. É ben certo que [*andar u.p*] *ao rabo* [*de algo/alguén*] (477) é coloquial pero por que non o é *quentarlle o rabo ao porco* (478) ou [*berrar u.p*] *coma un marrán no banco* (336)? É curioso observar como as palabras tabús inflúen na adscrición do rexistro. Das 98 unidades fraseolóxicas, clasificadas coa clave "demo", 67 teñen a marca de coloquial e esta abundancia de unidades marcadas leva a preguntarse por que *aínda o demo ten cara de coello* é neutra (non marcada) e *andar o demo solto* é coloquial? Como dixen, é este un tema difícil de aquelar e, xaora, o traballo que fixeron as autoras non pode recibir máis ca gabanza, xa que nos achegan a súa experiencia sobre o uso das unidades que estudan. Sobre as fontes, que se pode dicir! Non hai outro dicionario galego de fraseoloxía tan documentado coma o que analizamos. É este un feito importante, xa que, malia existiren outros que documentan as expresións compiladas (por exemplo, o excelente traballo de Martínez Seixo co seu *Dicionario fraseolóxico galego*. Vigo: Ed. A Nosa Terra), non hai outro tan exhaustivo. O baleirado de máis de 160 obras literarias en prosa, e algunha en verso, tamén textos xornalísticos, dende principios do século XIX ata o ano 2006 permítenos ter nas nosas mans unha obra cun moi alto grao de fiabilidade, tanto no que atinxe á escolla das entradas coma á información semántica. Neste sentido, o *Dicionario de fraseoloxía galega* foxe dos exemplos inventados que non fan máis que axustarse á información semántica e gramatical previamente descrita. A inxente documentación, de seu, é garantía dunha obra ben feita.

O apéndice final de correspondencias galego-casteláns é de moita utilidade. Non acada a extensión dos dicionarios de Pena e de Do Cumio-Galaxia pero as súas achegas son moi interesantes. Gustoume moito *ser lavado coma as pedras* para *tener un morro que se lo pisa* e coronoume *ser o doe-doe* para *ser el ojo derecho* (de alguén). Con todo, eu diría *ser fariña doutra muiñada* para *ser harina doutro costal* pero nisto, coma en todo, hai opinións e cada un tira da súa experiencia.

Para rematar, que significa este dicionario no panorama da lexicografía e da fraseoloxía galega? É o expoñente de que en Galicia temos bos profesionais que, con rigor e moitas horas de traballo que non se poden recompensar, poñen ao dispor do público obras que son imprescindibles. Un repertorio fraseolóxico que chega aos lectores, profesores, aprendentes ou curiosos, é un chanzo máis no proceso de recuperación desta parte da nosa lingua que botou moitos anos arrombada nas gabetas dos nosos lingüistas, salvante as excepcións que todos coñecemos. Tamén é unha proba ben clara de que a calidade dos nosos estudos e traballos fraseolóxicos está ao mesmo nivel do doutras linguas da contorna ou, por que non afirmalo, a un nivel superior. Hai uns meses comentábame unha profesora catalá que veu de visita polo país que estaba sorprendida pola cantidade de obras sobre fraseoloxía que se publicaban en Galicia, sen comparanza co traballo que se está a desenvolver en Cataluña. Eu respondinlle que aí

está a cerna da lingua, o elo que nos comunica coa nosa cultura, coa nosa historia, en definitiva, con nós mesmos. E, daquela, aínda queda moito traballo por facer.

Xosé María Gómez Clemente

Universidade de Vigo

MELLADO BLANCO, Carmen (Ed.) (2008). *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Dr.Kovač, 316 páxinas.

En setembro de 2006, a profesora C. Melado Branco foi a organizadora dun importante congreso, que reuniu especialistas de distintas partes do mundo: o Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía, que tivo lugar na Universidade de Santiago de Compostela.

Os traballos que foron recollidos neste volume *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht* son froito dese congreso. Como xa se anuncia no prólogo do libro (p. 21), a característica común dos distintos traballos é que "todos eles abordan o tema dos fraseoloxismos a un nivel textual".

Sublíñase que un tema ao que se lle presta especial atención é o da modificabilidade dos fraseoloxismos no texto. Por iso inténtase poñer atención en diferentes cuestións como cales son as modificacións máis recorrentes, que tipo de fraseoloxismos se prestan mellor a modificacións textuais ou cal é a relevancia das modificacións para as funcións pragmáticas dos fraseoloxismos no texto. Tamén interesa saber que tipo de modificacións chaman máis a atención ao receptor da mensaxe, onde se atopan os límites da modificabilidade e que mecanismos son os máis eficaces á hora de traducir os textos con fraseoloxismos modificados. Así mesmo se afonda na cuestión de que clases de fraseoloxismos aparecen con máis frecuencia en distintos tipos de texto e por que. Chégase á conclusión de que os fraseoloxismos aparecen a miúdo en textos xornalísticos e publicitarios debido ás funcións de fala que desempeñan. Grazas ao seu carácter institucionalizado, é dicir ao feito de tratarse dun discurso repetido e xa coñecido, os fraseoloxismos apelan a un nivel emocional do receptor e persuaden coa súa moldeabilidade e poder de evocación. Por iso cumpren unha función argumentativa e serven para persuadir ou convencer. Outra función é a de estruturar e cohesionar o discurso.

A un nivel semántico os fraseoloxismos tamén se prestan a xogos de palabras entre os propios lexemas integrados neles e o resto do texto.

Destas funcións da fala tratan os distintos autores nos seus textos. **Alberto Zuluaga** encárgase de tratar as funcións específicas dos fraseoloxismos nos titulares de prensa. **Orballo Anguiano** analiza anuncios de publicidade franceses, nos que pon atención ás distintas funcións argumentativas desempeñadas polas modificacións. **Harald Burger** trata igualmente a publicidade, pero facendo fincapé na importancia das imaxes. Intenta mostrar en que medida axudan a cumprir a función desexada xunto á propia mensaxe,

composta en parte por fraseoloxismos. **Noah Bubenhofer** estuda a función argumentativa a partir das cartas ao director, tan frecuentes na prensa. Nelas a misión principal é a de opinar e intentar convencer os lectores da validez desa opinión. Mediante o corpus que presenta, Bubenhofer mostra os variados matices argumentativos contidos en certos fraseoloxismos, o que demostra que a pesar de aparecer na estrutura superficial do discurso, os fraseoloxismos son utilizados co fin de argumentar dende a estrutura profunda.

Patricia Buján analiza no seu traballo as funcións da linguaxe para a tradución, seguindo o modelo de Christiane Nord, que integra moitos factores do acto comunicativo. Elixe tres textos traducidos ao galego, no que os fraseoloxismos resaltan pola súa función semántica intensificadora, e mostra as deficiencias lexicográficas que existen no par de linguas alemán-galego e o difícil que é para os tradutores pasar un texto con fraseoloxismos a outra lingua, se se queren respectar as funcións textuais da obra orixinal.

Ademais de estruturar os traballos segundo a súa análise das funcións textuais, tamén se poden organizar segundo os bloques temáticos que abordan. Podemos falar de tres grandes bloques: o primeiro sería o xa mencionado da publicidade. O segundo o que se basea en textos procedentes de obras literarias e o terceiro, aquel que trata un tipo de textos utilizados con frecuencia en clases de lingua estranxeira, polas súas vantaxes didácticas, que son os chistes e as cancións de autor. Da publicidade tratan os textos de Orballo Anguiano, Harald Burger e Raúl Urbina. **Orballo Anguiano** mostra as dificultades que presentan as imaxes publicitarias que acompañan os slogans á hora de traducir, sobre todo cando un determinado fraseoloxismo non ten equivalencia plena na lingua de chegada ou cando existe unha dobre lectura literal e idiomática. Por iso a autora propón determinadas estratexias que reproducen e respectan a carga pragmático-discursiva da mensaxe orixinal. **Burger** parte no seu artigo da perspectiva do receptor das mensaxes publicitarias e interésase polo tipo de imaxes e de modificacións máis eficaces. O enfoque de **Raúl Urbina** é máis sociolingüístico. Constata que os slogans cos que medramos forman parte do noso saber enciclopédico e que necesitamos a nosa bagaxe sociocultural para interpretalos correctamente. Así mesmo, interésase polos distintos mecanismos de modificación fraseolóxica.

Tanto **Alsu Zalyaleeva** coma **Alberto Zuluaga** analizan os titulares de artigos de xornais e revistas. Zalyaleeva parte da revista semanal *Profil* e o xornal semanal *Vostochnyi Express* para estudar o uso de fraseoloxismos e paremias. Son analizadas as modificacións máis frecuentes e a repartición de paremias e fraseoloxismos substantivos e verbais en titulares e subtitulares. Ambos os dous autores comparten a opinión da utilidade de elixir titulares curtos claros que impresionan o lector. **Anita Pavi Pintari** utiliza os textos xornalísticos para unha análise comparativa. Analiza 101 fraseoloxismos croatas e 132 alemáns publicados en revistas mensuais de moda. O que lle interesa saber é que tipo de fraseoloxismos predomina máis en cada lingua, se algunha estrutura fraseolóxica tende especialmente ás modificacións e, se é así, de que clase.

Sabine Fiedler, Georg Gimpl, Manuel Sánchez García, Elena Semushina e Grzegorz Szpila estudan o uso de fraseoloxismos en obras literarias, analizando os medios idiomáticos dos que se serve o escritor para a caracterización dos seus personaxes.

Fiedler aborda o tema dende unha perspectiva tradutolóxica, comparando dúas versións da obra de J. D. Salinger *The Catcher in the Rye* (1951) traducidas ao alemán, unha realizada por Heinrich Böll nos anos 50 e outra por Eike Schönfeld en 2003. Por un lado mostra a importancia do uso de fraseoloxismos para caracterizar personaxes, pero por outro o difícil que resulta traducir estas expresións sobre todo se están modificadas. Traballa cun corpus de 630 unidades fraseolóxicas e presenta catro posibilidades para traducir os fraseoloxismos. **Georg Gimpl** mostra como determinados autores se serven da fraseoloxía para criticar e desenmascarar usos e abusos da sociedade dende o humor e a ironía.

Manuel Sánchez García e **Grzegorz Szpila** tratan o tema das modificacións nas obras literarias. O primeiro deles parte dun corpus de fraseoloxismos extraídos da obra *The Taming of the Shrew*, de Shakespeare, e o segundo, Grzegorz Szpila, estuda as modificacións por metonimia na obra de Salman Rushdie.

Elena Semushina analiza as modificacións fraseolóxicas en obras literarias pero no par de idiomas inglés e ruso. Para iso inclúe a análise de compostos fraseolóxicos en literatura, entre os que constata menor índice de variacións creativas que nos fraseoloxismos.
Dende unha perspectiva didáctica, **Laskowski** demostra a conveniencia de aprender fraseoloxismos no seu contexto para optimizar a aprendizaxe da lingua estranxeira. Partindo dun corpus de 150 chistes, Laskowski analiza os tipos máis frecuentes de fraseoloxismos, así como a súa posible explotación didáctica.
O uso de fraseoloxismos no repertorio de cancións do cantautor francés Georges Brassens é o tema do traballo de María Isabel Veiga Levray, para o que parte dun corpus de 175 fraseoloxismos extraídos de 55 cancións.

Polos exemplos citados pódese ver como aparecen os fraseoloxismos en ámbitos textuais moi variados e as funcións que desempeñan, o que mostra a súa importancia na lingua. De igual modo, os lectores toman conciencia do corrente que é a modificación nos fraseoloxismos e os distintos tipos de modificacións que hai.

Claudia Herrero Kaczmarek[2]

Universidade de Santiago de Compostela

[2] Tradución de Emma Salgueiro Veiga.

MELLADO BLANCO, C. (ed.) (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 335 páxinas.

Volume editado por Carmen Mellado Blanco, profesora titular de Filoloxía Alemá na Universidade de Santiago de Compostela que dirixe actualmente un proxecto de investigación do Ministerio de Educación e Ciencia sobre fraseografía contrastiva alemán-español. Nel recóllese unha miscelánea de 21 artigos de diferentes especialistas que versan sobre diversos aspectos relacionados coas colocacións e a fraseografía. Os traballos que forman parte desta publicación divídense en dous bloques: o primeiro bloque está composto por artigos realizados desde unha perspectiva máis ben sintáctica, mentres que o segundo bloque confórmano traballos de corte fraseográfico.

Dentro do primeiro bloque ofrécensenos reflexións sobre colocacións e aspectos morfosintácticos das unidades fraseolóxicas que contribúen ao bo momento que está a atravesar o estudo das colocacións desde o punto de vista teórico e desde o punto de vista lexicográfico en España e outros países europeos. Como moi ben explica a editora na introdución, a investigación das colocacións é fundamental para a didáctica e aprendizaxe das linguas estranxeiras, pois unha parte moi importante da lingua é discurso repetido, interiorizado polos falantes nativos sen esforzo e automaticamente, o que lles confire esa naturalidade no modo de falar que para os estudantes de lingua estranxeira supón case un imposible. Por iso é interesante que se profunde no estudo de elementos como as colocacións, que só desde hai pouco tempo, unha vez abandonada unha concepción estreita da fraseoloxía, se comezaron a considerar fraseolóxicos.

Inaugúrase este volume coa colaboración de **Álvarez de la Granja** "As variantes funcionais das locucións verbais", onde se analizan as variantes funcionais a partir dun corpus de 850 locucións verbais galegas. Concíbense como variantes os fraseoloxismos figurados relacionados entre si semántica ou gramaticalmente, diferenciando variantes sinonímicas e variantes funcionais: opositivas, aspectuais e causativo-resultativas.

Por outra parte, **Bustos Plaza** co seu artigo titulado "Relaciones de dependencia sintáctica y semántica en combinaciones verbonominales lexicalizadas" analiza un tipo de construcións bimembres lexicalizadas funcionalmente equivalentes a un verbo (como *dar sepultura*) e nas que o substantivo leva o peso semántico consideradas, porén, colocacións por outros autores como Wotjak (o que manifesta os problemas terminolóxicos relacionados con este campo de estudo).

A seguir, mediante a análise dun extenso corpus xurídico de colocacións en "Las colocaciones en el lenguaje jurídico", **Fernández Bello** parte da perspectiva lingüística estrutural europea para profundar nunha reflexión teórica que propón renovacións e novos campos de discusión na terminoloxía, chegando a incorporar orixinais achegas desde a teoría da acción comunicativa de Habermas ou da hermenéutica filosófica de Gadamer.

No traballo de **Fernandes** e **Baptista** ("Frozen sentences with obligatory negation: linguistic challenges for natural language processing") emprégase un método estatístico baseado na "Lexique-grammaire" para procurar nun corpus de 180 millóns de palabras expresións fraseolóxicas portuguesas con negación intrínseca e poder analizar este tipo

de *frozen sentences*. Para isto, os autores atopáronse con problemas para recoñecer computacionalmente todas as expresións que contiñan negación, xa que non se restrinxen a presentar partículas negativas como *não*, *nenhum*, *ninguém*, *nunca*, senón que ás veces estas expresións aparecen usadas en forma afirmativa (por exemplo, cando a negación se dá na oración principal e na subordinada aparece o fraseoloxismo na súa forma afirmativa). Recoñecen así a necesidade de mellorar este método para poder estudar con rigor os fenómenos lingüísticos.

No artigo de **Larreta Zulategui** "Theorie zum Begriff "Kollokation" und kontrastive Methodologie" preséntase unha división xeral das colocacións, interpretadas en sentido amplo. Ademais, o autor parte da idea de que nas construcións verbonominais existe unha estrutura lóxico-prelingüística e unha estrutura correspondente lóxico-semántica común que se manifesta (após unha serie de modificacións) nas colocacións, de modo que é posible atopar equivalencias e diverxencias cando se comparan dúas linguas.

Baseándose nunha clasificación funcional dos fraseoloxismos, **Martínez López** escolle tratar as locucións adxectivas entendidas non como unha categoría léxica senón atendendo á súa función como adxacente do núcleo nun sintagma nominal. Así, na súa contribución "Sobre la estructura morfosintáctica de las locuciones adjetivas" analízanse os diferentes esquemas estruturais destas locucións (iniciadas por un substantivo, por un adxectivo verbal, por un adxectivo nominal, por un adverbio e por unha preposición) e conclúese que a maior parte delas están baseadas en poucos esquemas sintácticos, o que implica que as estruturas fraseolóxicas son repetitivas e produtivas (a maior complexidade estrutural, menor produtividade) facilitando así a súa consolidación.

Un artigo que se centra na análise das colocacións nas linguaxes de especialidade é "Las colocaciones en la prosa académica médica: Análisis contrastivo inglés-español" de **Méndez Cendón**, que utiliza diversas ferramentas estatísticas para levar a cabo unha análise computacional contrastiva nun corpus bilingüe castelán e inglés (formado por artigos científicos das revistas *Radiología* e *Radiology*) onde estuda as colocacións compostas polos verbos *perform* e *realizar*. A continuación, en "El concepto de 'locución con casillas vacías'" atopamos unha importante reflexión teórica sobre as variantes fraseolóxicas. Trátase dun traballo onde **Montoro del Arco** explica e aclara a noción de "casilla vacía" de Zuluaga, ademais de comparar e establecer diferenzas entre "casilla vacía" e "casilla libre", elementos estruturais dos fraseoloxismos que dan lugar ás variantes fraseolóxicas. Así mesmo, tamén distingue entre variantes léxicas e gramaticais.

Considerando por unha parte as colocacións e pola outra as solidariedades léxicas (ademais dos predicados de verbo funcional e as locucións), **Rivas González** reflexiona no seu artigo "Sobre la vinculación de algunas estructuras a la fraseología. Las solidaridades de Coseriu y sus derivaciones" sobre as devanditas categorías lingüísticas habitualmente relacionadas coa fraseoloxía, tentando aclarar cuestións teóricas esenciais relativas a estas unidades, para o que comenta e revisa as teorías de Coseriu e doutros autores.

Por outra parte, e aínda no bloque dos traballos de carácter morfosintáctico, **Travalia** ("Las colocaciones coloquiales en español") fai unha achega moi interesante sobre o concepto de colocación coloquial, que define e clasifica. Así mesmo, distingue entre colocacións coloquiais propias (onde algún dos seus elementos é coloquial) e impropias (estas últimas non son coloquiais de seu, pero empregadas noutro contexto poden adquirir esta connotación). Establece tamén unha clasificación exhaustiva das colocacións coloquiais, especialmente das impropias, entre as que distingue variantes tópicas, variantes diastráticas e combinacións persoais (características do estilo ou da maneira de comunicarse dunha persoa ou dun grupo de persoas, pero non da maioría da poboación). No seguinte artigo, "Clasificación léxico-gramatical de las unidades fraseológicas deanimalísticas de la lengua rusa", **Velasco Menéndez** seguindo neste caso criterios funcionais, sintácticos, léxicos e pragmáticos tamén establece unha clasificación moi completa das unidades fraseolóxicas relativas a animais na lingua rusa.

Para finalizar esta primeira parte do volume, contamos coa contribución de **Wotjak** que, con exemplos do alemán e do castelán, ofrece unha profunda reflexión teórica sobre as colocacións no seu traballo "Acerca del potencial combinatorio de las UL: procedimientos escenogenésicos y preferencias sintagmático-colocacionales".

O segundo bloque de traballos está dedicado a aspectos fraseográficos. Aquí atopamos traballos que dan conta de novos dicionarios fraseolóxicos e traballos que profundan en cuestións de carácter metafraseográfico e descritivo, ben analizando dicionarios existentes, ben propondo fórmulas para o tratamento lexicográfico dos fraseoloxismos.

No primeiro traballo deste bloque, **Barrios Rodríguez** ("Propuesta de descomposición semántica de fórmulas rutinarias del español en el marco de la Teoría Sentido-Texto") propón o tratamento dalgúns pragmatemas (fórmulas rutineiras) do español, inglés e francés mediante a utilización de funcións léxicas, partindo da idea de que o sentido das fórmulas é común e o que cambia é a maneira de se manifestaren nas distintas linguas. Así, grazas a esta descomposición semántica é posible entender o sentido das expresións e saber cando se deben usar.

"La técnica fraseográfica: el DRAE-2001 frente al DEA-1999", de **Ortega Ojeda** e **González Aguiar**, é un traballo onde se establece unha comparación entre o *Diccionario de la Real Academia Española* do 2001 e o *Diccionario del Español Actual* do 1999, analizando tanto a macroestrutura como a microestrutura, aínda que os mesmos autores comentan que non se pode facer unha comparación rigorosa entre os dous xa que se trata de dous dicionarios bastante diferentes: un é xeral e outro é do español de España, un é normativo e outro descritivo, un é pancrónico e outro sincrónico. Conclúen os autores que o DEA é mais moderno, tanto porque inclúe moitas expresións da lingua actual, como porque dá exemplos, ten definicións máis claras e concisas e o material está mais actualizado. Outra comparación entre dicionarios é a que establece **Heinemann** en "El tratamiento de las unidades fraseológicas en las diferentes ediciones del Diccionario de la Academia", onde fai unha análise metalexicográfica dos somatismos relacionados con *boca* en diferentes edicións do DRAE, desde a de 1726-1739 ata a de 1832, tratando aspectos como as

marcas diasistemáticas e o modo de definición. Compróbase así o carácter conservador do DRAE e maniféstanse os problemas lexicográficos da inclusión de marcas diasistemáticas que, no entanto, son necesarias por conteren información pragmática útil para os usuarios do dicionario.

Un par de traballos que tratan as dificultades dos fraseógrafos ao realizaren o seu labor son o de **Lampinen** e o de **López Taboada** e **Soto Arias**. No primeiro ("Diccionario paremiológico español-finés") a autora describe o seu proxecto de elaboración dun dicionario paremiolóxico español-finés e finés-español de 1000 entradas e no segundo ("Problemas na elaboración dun dicionario fraseolóxico galego") as autoras comentan os problemas cos que se atoparon durante a realización do seu dicionario fraseolóxico, que se comenta nesta mesma revista, aos que, ademais dos problemas fraseográficos habituais, hailles que sumar os derivados da situación particular da lingua galega, aínda en vías de normalización.

O traballo de **Mogorrón Huerta** ("Diccionario electrónico multilingüe de construcciones verbales aplicado a la traducción") resulta especialmente interesante ao amosar as utilidades do emprego da lingüística computacional en fraseografía (seguindo a metodoloxía da "Lexique-Grammaire" de Gross, ao igual que no artigo de Fernandes e Baptista neste volume) aplicada neste caso a un proxecto dun dicionario electrónico multilingüe. Así mesmo, no artigo de **Xatara** ("Expressions idiomatiques en interface bilingue électronique") tamén quedan patentes as vantaxes da utilización da lingüística de corpus neste eido e descríbese como, para a elaboración do seu repertorio de expresións idiomáticas frecuentes en francés e portugués do Brasil, a autora utilizou a web e o buscador Google como base textual para recoller os datos e presentou os resultados estruturados nun sistema de hipertexto que permite realizar buscas moi completas. Outro artigo, que analiza os fraseoloxismos adoptando unha perspectiva pragmática, é o de **Náray-Szabó** ("Figement, pragmatique et syntaxe"). A autora realiza unha clasificación na que distingue expresións fixas evocativas, evaluativas e dialóxicas e propón que, nunha representación lexicográfica, tamén se deberían especificar tanto as funcións pragmáticas como as restricións gramaticais, o rexistro, os exemplos e, eventualmente, os sinónimos.

Finalmente, o artigo "El tratamiento lexicográfico de las locuciones verbales con *se*", de **Olimpio de Oliveira Silva** analiza a situación das locucións verbais que presentan a partícula 'se' en varios dicionarios fraseolóxicos e xerais e presenta unha proposta que, para o tratamento lexicográfico destas expresións, considera a obrigatoriedade, a combinatoria sintagmática e os cambios semánticos relacionados con este tipo de locucións.

Volume, polo tanto, dirixido principalmente a especialistas que analiza tanto aspectos teóricos como prácticos relacionados coas colocacións e a fraseografía.

Alba Vidal Fernández

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

NETZLAFF, Marion (2005): *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol*. Norderstedt: Books on Demand, 280 páxinas.

Esta obra corresponde á tese de doutoramento que a Dra. Marion Netzlaff, da universidade de Augsburg, realizou baixo a dirección do profesor Franz Josef Hausmann, Catedrático da Universidade de Erlangen-Nuremberg en Alemaña. O seu tema versa sobre as combinacións fraseolóxicas do tipo *gravement malade, profondément déçu, éperdument amoureux* en lingua francesa. Son colocacións adxectivo-adverbio (CAA) que pasaron desapercibidas ata agora na investigación sobre a fraseoloxía. A análise de varios dicionarios (entre eles os máis recentes dicionarios electrónicos) demostrou que incluso a lexicografía francesa as ten ignorado.

O punto de partida desta investigación ten a súa orixe nunhas prácticas que a autora desenvolveu nunha editorial francesa no seu departamento de lexicografía bilingüe e que lle permitiron comprobar a falta de información dos dicionarios sobre os adverbios desde o punto de vista das expectativas dun usuario estranxeiro. O obxectivo principal deste traballo consiste en proporcionar os medios para mellorar o tratamento lexicográfico dos adverbios ao presentalos nos seus contextos típicos e usuais, como no caso das colocacións adxectivo-adverbio.

O traballo divídese en 6 partes: na primeira a autora define o termo *colocación* e traza a súa historia; na segunda trata as colocacións adxectivo-adverbio, enfocando as categorías de adverbios que forman esas combinacións e as súas particularidades sintácticas, mostrando as diverxencias entre o alemán e o francés e a súa importancia no ensino do francés como lingua estranxeira, co apoio de exercicios, e a súa incidencia nas linguas de especialidade; na terceira e cuarta parte avalíase o tratamento das colocacións adxectivo-adverbio na lexicografía monolingüe e bilingüe (francés-alemán) coa finalidade de propoñer nunha quinta parte a elaboración dun dicionario francés de colocacións que inclúa as colocacións deste tipo; na última parte achégase a autora á investigación e ao tratamento lexicográfico destas colocacións no castelán.

Arranca o estudo coa definición de colocación como "une combinaison qui, dans l'usage, est préférée aux autres combinaisons possibles et devient norme" (p. 11) e parte da distinción que fai Hausmann (1984) entre colocacións (chamadas combinacións usuais), combinacións libres (ou co-creacións) e combinacións inusuais (ou contra-creacións). As colocacións pertencen, xunto coas locucións e as paremias, ao ámbito da fraseoloxía, pero distínguense das primeiras polo feito de que están constituídas por dous elementos, a base e o colocativo, ambos os dous ligados xerarquicamente, estando o colocativo suxeito á base por unha forte relación de dependencia. Así o resume a autora: "C'est la hiérarchie entre les éléments d'une collocation qui différencie la collocation de la locution" (p. 12), aínda que recoñece que non se pode negar que os criterios que definen a colocación e que a distinguen da locución sexan pouco claros nalgúns casos. Porén, non hai confusión posible no tipo de colocación composta por adxectivo e adverbio, xa que non existen locucións formadas unicamente por estes dous elementos.

Ao longo da historia do concepto e do termo *colocación*, que vai trazando a continuación, a autora localiza o primeiro dicionario de colocacións, o *Combinatory Dictionary of English* de Benson, Benson e Ilson de 1986, coñecido polo nome de BBI. Como o concepto de colocación distaba daquela do senso que lle deu Hausmann, xa que se consideraba que os constituíntes dunha colocación non estaban subordinados uns aos outros senón que tiñan igual rango, fóronse creando distintas teorías con dúas tendencias ben diferenciadas: o enfoque semántico (seguido por Mel'čuk, Cowie, Hausmann, e outros) e o enfoque estatístico (inspirado pola escola de Firth). A autora opta pola primeira xa que a considera máis útil polo feito de que se desenvolveu no contexto da lexicografía didáctica e da aprendizaxe das linguas estranxeiras que a ela tanto lle interesa, lembrando ademais que Charles Bally foi quen esbozou en 1909 a primeira das teorías sobre as colocacións na súa obra *Traité de stylistique française* cando era profesor de francés lingua estranxeira. De feito, a autora indica que os seguintes a Bally en indagar no tema foron precisamente lingüistas estranxeiros antes de seren os propios lingüistas franceses: "Les collocations francaises ont d'abord été étudiées par des linguistes étrangers, comme Mel'čuk et Hausmann, dans le domaine de la linguistique appliquée et de la (meta)lexicographie, avant de s'établir comme concept aux yeux des linguistes francophones dans les années 90: elles ne sont aujourd'hui plus seulement un objet d'étude de la linguistique appliquée mais de la linguistique générale." (p. 21). Aínda así, desde o punto de vista da didáctica das linguas estranxeiras, as colocacións representan unha parte importante da lingua que hai que aprender para sermos capaces de falala idiomaticamente.

Centrándose no caso das CAA, a autora basea o seu estudo nas composicións con adxectivos e adverbios derivados en *–mente*, chegando a distinguir 4 categorías de adverbios:

1) o adverbio de intensidade –de tipo cuantitativo (*hautement spécialisé*, *supérieurement intelligent*, *sensiblement touché*, *hautement concentré*, *faiblement éclairé*, *puissamment armé*), de tipo apreciativo (*horriblement laid*, *follement amoureux*, *admirablement belle*, *mortellement ennuyeux*, *gravement malade*, *fortement impressionné*, *fortement industrialisé*, *grièvement blessé*, *profondément déçu* etc.), con adverbios de plenitude (*entièrement satisfait*, *absolument indispensable*, *parfaitement heureux*)–;

2) o adverbio de maneira (*pauvrement vêtu*, *joliment décoré*, *coquettement meublé*, *vivement débattu*, *injustement accusé*, *bassement intéressé*);

3) o adverbio de dominio, chamado tamén adverbio de punto de vista (*statistiquement représentatif*, *statistiquement significatif*, *politiquement correct*, *moralement douteux* etc.);

4) o adverbio que expresa unha referencia temporal (*récemment débarqué*, (article, produit) *récemment lancé, fraîchement moulu/repeint*, (film) *nouvellement* / *récemment sorti* etc.).

Como o obxectivo deste estudo consiste en subliñar a importancia deste fenómeno colocacional e tratalo desde un punto de vista lexicográfico introducindo os usos

contextuais que poderían interesarlle a un estudante estranxeiro que aprenda o idioma, a autora analiza 20 CAA sacadas dun corpus xornalístico composto por 50 contextos mínimos da edición dixital *Europresse* no mes de marzo de 2004. Citamos algunhas destas colocacións adxectivo-adverbio: *absolument faux, diamétralement opposé, étroitement lié, hautement qualifié, politiquement correct, strictement confidentiel, visiblement ému…*A dedución á que chega é que este tipo de colocacións non teñen empregos restrinxidos desde a óptica da súa posición con respecto ao nome que acompañan, xa que poden aparecer tanto en posición de epíteto ou atributo coma en aposición. En canto ao grao de cohesión entre o adxectivo e o adverbio advírtese que non é tan forte coma nos demais tipos de colocacións, posto que un usuario dispón dunha maior elección entre adverbios para un mesmo adxectivo. Como di a autora: "Pour les CAA, le locuteur a, en général, le choix entre plusieurs adverbes sémantiquement apparentés pour exprimer la même idée: *intimement lié* ou *étroitement lié*; *sérieusement endommagé, sévèrement endommagé* ou *fortement endommagé* (p. 54).

Desde o punto de vista da aprendizaxe das linguas, importa coñecer a equivalencia enteira dunha CAA e non só estudar os seus compoñentes dun xeito illado. Por unha banda o enfoque contrastivo permite evidenciar as diferenzas ou as semellanzas que existen entre cada lingua e por outra banda facilita a adquisición destas unidades no lexicón mental dos aprendices, xa que se demostrou que as palabras novas se memorizan mellor se van acompañadas dos termos aos que se asocian. Neste senso, o concepto de colocación axuda a estruturar o ensino do vocabulario xa que permite relacionar as palabras entre si e evita que os estudantes se perdan no océano dos elementos léxicos dunha lingua. Afianzalos na posibilidade de adquirir as colocacións dende o principio da súa aprendizaxe levaríaos a transferir directamente as colocacións da súa lingua materna á lingua estranxeira, perdéndolle o medo a este tipo de unidades, moitas veces de senso non deducible e de emprego non previsible. Para lograr esta aprendizaxe a autora avoga por fixar a atención do aprendiz nas diferenzas entre as CAA da lingua de orixe e as da lingua de destino, sobre todo no relativo ao colocativo. Este feito é aínda máis evidente nas linguas de especialidade, moi produtivas en adverbios en *–mente*, e polo tanto moi ricas en CAA, influíndo na súa difusión sobre todo os medios de comunicación, como no caso das linguaxes médica ou xurídica: *génétiquement modifié, sexuellement transmissible, cliniquement mort, strictement confidentiel* (document)*, juridiquement contraignant/validé, formulaire dûment rempli* (formulaire)*, marié civilement / religieusement, légalement reconnu* etc.

Como este estudo se centra no lugar que ocupa xeralmente a colocación na lexicografía, a autora dedica o resto da súa obra, a partir do capítulo 3 en diante, a este tema. Despois de comprobar que ningún dicionario especializado en colocacións, nin inglés nin francés nin alemán, se interesa especialmente polas CAA con adverbios en *–mente*, escolle un centenar de colocacións sacadas de diferentes contextos xornalísticos e seleccionados en base ás necesidades dun aprendiz de nivel avanzado e analiza o seu tratamento nos dicionarios monolingües e bilingües. Os dicionarios xerais e monolingües estudados e comparados son tres: o *Dictionnaire du Français Apprentissage et Référence* (Robert-CLE), o *Petit Robert* e o *Trésor de la Langue*

française, mailas versións electrónicas dos dous últimos. As conclusións desta parte demostran que o *Petit Robert* recolle máis CAA ca os outros dicionarios en papel e, que, non obstante, o *Trésor de la Langue française informatisé* é a versión electrónica máis útil para o usuario que quere atopalas. O defecto de todos eles, no entanto, desde o punto de vista da organización dos artigos, con respecto ás CAA, consiste en que as presentan na entrada do adverbio, cando o preferible sería que fosen na entrada do adxectivo. En canto aos dicionarios bilingües, a autora analiza os editados polas editoriais Pons e Langenscheidt (francés-alemán/alemán-francés). As súas conclusións nesta sección non difiren das anteriores, xa que ningún deles abunda na recensión das CAA nin as trata de xeito sistemático. Porén, no relativo á organización das entradas, estes dicionarios inclínanse por indexar as CAA desde as bases e non desde os colocativos (o que lamenta a autora posto que son os elementos menos predicibles para o aprendiz e polo tanto os que marcan a diferenza con respecto aos usos na lingua materna).

Á vista desta situación, a autora ofrece no capítulo quinto unha serie de suxestións para a confección dun dicionario de colocacións francesas, en soporte papel, coa inclusión das CAA, demostrando as súas vantaxes para o estudo desa lingua. Como ilustración das súas suxestións ofrece estes modelos de entrada coa finalidade de distinguir entre a CAA *gravement malade* e a CAA *grièvement blessé*:

malade : ADJ

qui souffre de maladie, de troubles de la santé.

+ ADVERBE :

HAUT DEGRÉ: gravement malade

plus rare sérieusement malade

fam. malade comme un chien [si on inclut la langue familière]

BAS DEGRÉ : un peu, légèrement malade

blessé: ADJ

1. *qui a reçu une blessure* + ADVERBE :

HAUT DEGRÉ : grièvement blessé

plus rare dangereusement blessé

BAS DEGRÉ : légèrement blessé

2. fig. *touché ou impressionné désagréablement*…….

O interese destes dous exemplos consiste no feito de que representan o punto de partida do pioneiro da reflexión colocacional –o lingüista Charles Bally– e á autora sérvenlle de paradigma da organización das CAA dentro do dicionario de colocacións que propón para a lingua francesa.

Finaliza este estudo coa análise do tratamento das CAA noutra lingua románica: o castelán. Despois de repasar a traxectoria das investigacións dos fraseólogos interesados nas colocacións desta lingua, desde a súa orixe, que a autora sitúa a partir de 1990 da man de Jesús Írsula Peña ata o ano 2004, pasando polas referencias ao dicionario de Ignacio Bosque (2005) e ao grupo de traballo de Margarita Alonso Ramos, tamén observa un déficit de atención por parte das gramáticas e dos dicionarios analizados, tanto os monolingües (o *María Moliner* ou o *Dicionario da Real Academia*, en papel e en CD-ROM) coma os bilingües (o *Pons Großwörterbuch Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch* (PGW-S)). As conclusións ás que chegou no caso das CAA francesas son transferibles ás castelás, polo que remata recomendando a creación dun dicionario de colocacións castelás destinado aos aprendices desa lingua.

En definitiva, este estudo sobre as colocacións adxectivo-adverbio demostra que se trata dun tipo de unidade fraseolóxica moi produtivo nas linguas, que porén recibiu escasa atención por parte da lexicografía. Por outra banda, o uso do colocativo é non predicible en moitísimos casos desde o punto de vista da codificación e por iso resulta fundamental que os aprendices sexan conscientes da súa idiomaticidade e que a poidan adquirir co apoio de dicionarios especializados en colocacións. A conclusión é clara: a lexicografía didáctica das linguas estranxeiras (e en particular do francés) debe compensar o atraso acumulado canto antes e crear un verdadeiro dicionario monolingüe de aprendizaxe activa das colocacións adxectivo-adverbio coa información necesaria para a codificación en lingua estranxeira.

Mª Isabel González Rey

Universidade de Santiago de Compostela

OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Berlín / Frankfurt a.M.: Peter Lang, 335 páxinas

Esta obra leva por título *Fraseografía teórica y práctica*[3]. O título, en por si, lévanos a reflexionar sobre varios aspectos: primeiro, que este leva implícito o recoñecemento do termo "fraseografía", que ata agora fixo escasa aparición na lingüística e lexicografía españolas. Segundo, que os estudos sobre os dicionarios idiomáticos están o suficientemente maduros para que se poida dedicar toda unha obra a este tema (hai dez anos, sen ir máis lonxe, unha obra destas características sería impensable). Terceiro, que a través da fraseografía se confirma indirectamente a importancia e a dedicación que se lle está prestando na lingüística española á fraseoloxía.

[3] Esta recensión enmárcase dentro dun proxecto de investigación sobre fraseografía contrastiva (FRASESPAL) do *Ministerio de Educación y Ciencia* (código HUM2007-62198/FILO) financiado con fondos FEDER, e dirixido desde a USC por Carmen Mellado Blanco.

Debemos felicitarnos, desde logo, polo feito de que a profesora Maria Eugênia Olímpio de Oliveira Silva achegue esta gran obra ao panorama da investigación fraseolóxica española. Os beneficiarios directos dos resultados da investigación da autora son tanto fraseólogos como fraseógrafos e lexicógrafos. Pero de xeito indirecto beneficiase todo o público interesado nos dicionarios idiomáticos, xa que as propostas da autora constitúen un paso adiante na modernización dos dicionarios idiomáticos actuais. Os estudantes de español como lingua estranxeira botan en falta, a miúdo, unha maior sistematización na información contida nos dicionarios que consultan, xa sexan idiomáticos ou xerais. Sobre todo de cara a un uso activo do dicionario, os datos que se ofrecen son a miúdo insatisfactorios e non permiten que o estudante sexa capaz de usar un fraseoloxismo de xeito acorde coa situación de fala e co contexto lingüístico.

Olímpio de Oliveira Silva toma como referencia máis dunha ducia de dicionarios monolingües do español, de distinta concepción e volume. Nesta selección están presentes dicionarios xerais e idiomáticos. A problemática que supoñen ambos os tipos de dicionarios é desigual, principalmente no aspecto da lematización, posto que nos xerais, dentro do artigo dun lema simple débese organizar a serie de fraseoloxismos que o conteñen como compoñente fixo. A autora preferiu excluír da súa análise os dicionarios bilingües polo distinto enfoque de estudo que estes requiren, en primeiro lugar polo tema da equivalencia e das definicións interlinguais.

A obra é o resultado dunha traxectoria investigadora iniciada coa elaboración da tese doutoral[4], defendida pola autora na Universidade de Alcalá en 2004, baixo a dirección da Dra. Inmaculada Penadés Martínez. A experiencia da doutora Penadés no terreo da fraseografía teórica e práctica, dirixida en primeiro termo a estudantes de ELE, contribuíu sen dúbida a que o libro que aquí nos ocupa alcance de xeito óptimo os obxectivos que se propuña.

A estrutura do libro consta de nove capítulos: "O ámbito da fraseografía", "A selección das unidades fraseolóxicas", "O lema das unidades fraseolóxicas", "A localización das unidades fraseolóxicas na macroestrutura ou na microestrutura. A lematización. A ordenación no interior do artigo", "A definición lexicográfica das unidades fraseolóxicas", "A marcación lexicográfica das unidades fraseolóxicas", "A exemplificación das unidades fraseolóxicas", "As relacións semánticas das unidades fraseolóxicas" e "Consideracións finais". Así mesmo, a obra conta cunha ampla bibliografía onde se recollen as obras publicadas sobre fraseografía do español e os traballos máis emblemáticos da fraseoloxía española.

A obra, no seu conxunto, representa unha reflexión sobre o tratamento lexicográfico que se dispensa aos fraseoloxismos nos dicionarios do español de máis distinta índole, tendo en conta que ese tratamento varía moito segundo se trate dun dicionario xeral ou dun específico idiomático. En todo o volume, a autora transmítenos a idea do necesario

[4] A tese de doutoramento levaba por título *Fraseografía teórica y práctica. Bases para un diccionario de locuciones verbales español-portugués*, e como advertimos polo propio título, o obxecto de estudo estaba máis centrado na fraseografía bilingüe, a diferenza da obra que aquí nos ocupa.

vínculo entre investigación fraseolóxica e fraseografía teórica e práctica. Este pensamento constitúe, sen dúbida, un alicerce básico na concepción da obra no seu conxunto.
No primeiro capítulo destaca a formulación reivindicativa da autora con respecto ao status de disciplina autónoma da fraseografía, xustificándoo con diversos argumentos[5]. Consideramos este punto de partida esencial para a actualización e modernización dos dicionarios, tanto xerais como idiomáticos: se non lle concedemos á investigación fraseográfica o lugar que merece, dificilmente imos lograr un avance significativo na optimización dos dicionarios, de maneira que poidan ser unha ferramenta realmente útil para o usuario, xa sexa nativo ou aprendiz da lingua, xa sexa para un uso pasivo de comprensión dos fraseoloxismos no código oral e escrito e/ou xa sexa para garantir o seu uso activo correcto.

No segundo capítulo abórdase o complicado tema da selección das unidades fraseolóxicas que se recollen no dicionario. A miúdo as obras lexicográficas pecan de falta de criterios claros con respecto aos tipos de fraseoloxismos que teñen cabida nelas. É fundamental que no prólogo das obras se especifique que se entende por fraseoloxismo e que modalidades destes se recollen na obra, para o que é fundamental que o lexicógrafo teña nocións de fraseoloxía. Por outra banda, a autora é consciente da importancia dos *corpora* textuais á hora da extracción de fraseoloxismos que conformen o dicionario. Deste xeito pódese contrarrestar a tremenda inercia de repetir as unidades recollidas noutros dicionarios sen contrastar se se tratan de fraseoloxismos da fala actual.

No capítulo do lema, a autora aborda, entre outros, o tema do que se coñece baixo o nome de "contorno", é dicir os compoñentes externos combinatorios e contextuais. Trátase en realidade dos actantes obrigatorios e dos circunstantes que forman parte do fraseoloxismo e que son imprescindibles para que os enunciados creados sexan gramaticalmente correctos. A codificación destes no lema non sempre é levada a cabo de xeito sistemático, co cal o lema aparece incompleto e non permite o uso activo correcto do fraseoloxismo.

No cuarto capítulo estúdase a localización, lematización e ordenación dos fraseoloxismos nos dicionarios. A autora expón a controversia que se dá nos dicionarios xerais entre tratar os fraseoloxismos na macroestrutura como entrada propia, ou máis ben como subentradas dentro de lemas simples, para o que dá argumentos a favor e en contra. Na tradición hispana dáse a tendencia á última opción, con todos os problemas que iso carrexa. Neste contexto, a autora denuncia unha

[5] "Se entiende, pues, que la fraseografía se encuentra en el mismo plano que la lexicografía, aunque posee un carácter más específico: la primera se ocupa de una parte del léxico en concreto, las combinaciones fijas de palabras, mientras que la segunda tiene un objetivo mucho más general. […] por las causas señaladas anteriormente, cabe reivindicar un estatus independiente para las tareas fraseográficas" (páx. 27). A autora defende para a fraseografía unha vertente teórica e outra práctica. É unha visión innovadora para a lingüística española considerar a fraseografía ao mesmo nivel da lexicografía e distinguir no seu plano teórico os seguintes obxectivos: "la historia de la fraseografía, la crítica fraseográfica, la investigación fraseográfica y la teoría fraseográfica" (páx. 27).

práctica moi estendida na lexicografía española, que consiste en ofrecer os fraseoloxismos como exemplos de uso do lema (lexema simple nos dicionarios xerais). Con este procedemento, o usuario obtén unha idea terxiversada do que é o uso normal do lexema en cuestión e non identifica o fraseoloxismo como tal.

En canto á definición dos fraseoloxismos (capítulo quinto), Olímpio de Oliveira Silva ofrece distintos tipos de definición, cuxa conveniencia depende do tipo de fraseoloxismo. Non é o mesmo definir unha fórmula pragmática que unha locución idiomática ou que unha colocación. Deste xeito, a autora valora de xeito independente cada estratexia definitoria (xa sexa por definición sinonímica, por definición perifrástica, por definición pragmático-comunicativa, por definición con datos enciclopédicos etc.) e recoñece que non hai fórmulas universais que sexan válidas para todos os tipos de fraseoloxismos. Ao noso modo de ver, un dos maiores acertos da obra de Olímpio de Oliveira Silva é saber comprender a heteroxeneidade do material fraseolóxico e a necesidade dunha teoría fraseográfica que se axuste á devandita realidade. Na páx. 184 do libro, a autora realiza un comentario que ao noso xuízo reviste especial importancia: trátase do tema dos *corpora* como fonte de inspiración á hora de elaborar as definicións. De feito, con este parágrafo[6], a autora incide en que moitos fraseoloxismos non posúen un significado fixo, senón que este adquire un significado no contexto. Isto cobra especial transcendencia se consideramos que dependendo do contorno contextual, o fraseoloxismo pode desenvolver distintos sememas. Deste xeito, o lexicógrafo terá que tomar a decisión de presentar o fraseoloxismo en cuestión como dúas entradas homónimas ou como un fraseoloxismo polisémico. Volvendo á obra da autora, bótase en falta en certo maneira un enfoque máis concreto sobre a extracción de datos de *corpora* de cara á elaboración de definicións que se axeiten ao uso real no discurso, aínda que este tema queda máis ou menos perfilado nas conclusións finais[7]. Este é o camiño (o da información extraída dos *corpora* textuais) que parece que vai adoptar a fraseografía europea nas próximas décadas e ao que deberemos sumarnos para lograr a modernización da lexicografía e a fraseografía[8] da lingua española e que estas se axusten ás necesidades reais do usuario.

No capítulo seis, analízase a marcación gramatical, a diacrónica ou temporal, a diatópica, a diastrática ou diafásica, a técnica, a connotativa, a marca de transición semántica e a marcación normativa. O tema da marcación foi descoidado desde o inicio da investigación lexicográfica, quizais porque, como a mesma autora sinala (páx. 202),

---

[6] "En todos estos casos, queda patente que los *corpora* pueder ser un instrumento eficiente, útil y, muchas veces, un recurso imprescindible para el lexicógrafo […] Este hecho […] refuerza la necesidad de tener en cuenta en todo momento el marco de uso de este tipo de unidad" (páx. 184).

[7] "Considerando el tratamiento dado a la definición en varios diccionarios, ha quedado patente la necesidad de usar de forma conjunta recursos como los corpora y las obras lexicográficas, a fin de aclarar ciertas cuestiones, como la separación de acepciones que figuran juntas en una sola definición, la vigencia de las acpeciones presentadas y la determinación del significado de la unidad" (páx. 313).

[8] Entendemos que o fin último das definicións lexicográficas é garantir o uso correcto das unidades no discurso, para o cal deben conter toda la información semántica, pragmática e sintáctica necesaria, que, por outra parte, só é deducible a partir da análisie de situacións reais de uso (cfr. Dobrovol'skij 2002: 364).

para o seu correcto tratamento requírese un enfoque multidisciplinar (dialectoloxía, sociolingüística, linguaxes especializadas etc.). Á hora de colocar as marcas das unidades obsérvase nos dicionarios actuais un índice moi acusado de subxectividade por parte do lexicógrafo, así como unha desorde xeneralizada na súa presentación dentro do artigo lexicográfico.

O capítulo sétimo trata sobre os exemplos. Exponse aquí a cuestión fundamental de se os exemplos deben ser construídos *ad hoc* ou tomados de textos reais. Está claro que o que debe predominar ante todo é a naturalidade co fin de que poidan funcionar como "verdaderos modelos a partir de los cuales el usuario del diccionario pueda generar nuevas frases" (páx. 268). De todas as maneiras, parécenos moi acertada a reflexión da autora de que os *corpora* non teñen por que excluír os exemplos inventados e adaptados, xa que, dependendo dos fraseoloxismos, estes poden cumprir mellor a súa función explicativa, pragmática e ilustrativa para o usuario. Por outra banda, os *corpora* requiren sempre unha manipulación consciente do lexicógrafo, xa que é este quen os selecciona e, dado o caso, tamén adapta. O criterio de autenticidade que se persegue coa técnica dos *corpora* non debe, en ningún caso, impoñerse ao da conveniencia e necesidades do usuario[9]. A exemplificación é un dos capítulos pendentes da lexicografía española, tal como sinala Olímpio de Oliveira Silva (páx. 254), xa que ata ben entrado o s. XX a maior parte dos dicionarios de español para estranxeiros non utilizan exemplos como mecanismo de explicitación das definicións dadas. E os exemplos non deben servir só para documentar a aparición dun fraseoloxismo dado nun determinado texto, senón tamén e sobre todo, para aclarar o uso desa unidade e capacitar o usuario para a súa utilización activa no discurso. Neste sentido, aínda queda un longo camiño por percorrer.

No capítulo oitavo estúdanse as relacións semánticas das unidades fraseolóxicas, dedicando especial atención á sinonimia, ao sistema de remisións do dicionario e ao xeito de codificar as variantes dun fraseoloxismo (moitas veces sinónimas) no lema. Un logro importante da obra da autora consiste en combinar as análises prácticas dos dicionarios obxecto de estudo con reflexións teóricas de distintos fraseólogos sobre os aspectos tratados. Deste xeito, por exemplo no tema da estreita vinculación entre sinonimia e variación, menciónanse artigos paradigmáticos que abordaron este tema recentemente e ofrécense resultados da investigación que poden repercutir moi positivamente na elaboración de dicionarios idiomáticos no futuro.

O capítulo noveno está dedicado a analizar o prólogo de trece dicionarios do español e ás conclusións. En canto ao primeiro apartado, é obvio que a atención e a

[9] Neste punto cabe sinalar que a inmensa maioría dos exemplos extraídos de *corpora* proceden do ámbito periodístico. Isto significa que nunha gran porcentaxe, estes fraseoloxismos están usados de maneira desautomatizada e/ou con finalidade lúdica, o cal non sempre constitúe un exemplo paradigmático do uso dese fraseoloxismo en todos os niveis textuais, e menos de cara a un usuario non-nativo do dicionario. Por outra parte, queda por formular o enorme reto que supoñen os dicionarios en formato dixitalizado, xa que a lonxitude dos artigos ata o momento constituía un problema de espazo e tamén de mercado. Trátase dunha revolución á volta da esquina para a que debemos estar preparados e poder así optimizar as ferramentas que os medios informáticos nos ofrecen para tal fin.

minuciosidade coa que se debulla a información referida á macro e microestrutura dos fraseoloxismos nun dicionario xeral e nun propiamente idiomático é moi distinta. Unha vez asumido isto, o que a autora nos traslada con esta investigación en realidade é –indirectamente– unha radiografía do estado da fraseografía teórica e práctica do español: a calidade, rigorosidade e fiabilidade dos datos contidos no prólogo, a súa aplicación efectiva ou non ao longo do dicionario é unha proba bastante exacta de como se atopa a fraseografía no noso país na actualidade. As investigacións fraseolóxicas teñen que repercutir na calidade e nas directrices fraseográficas dos prólogos dos dicionarios, directrices que, por outra banda, deben seguirse de xeito real no dicionario (p. ex. en canto ao tipo de fraseoloxismos que se recollen na obra, en canto á súa frecuencia ou á súa lematización na macroestrutura). Así mesmo, a autora bota en falta consenso en canto ao enunciado que deben adoptar os fraseoloxismos (páx. 311) de xeito xeral. Pensamos que o desexable neste caso é que existise un procedemento único para a indicación dos actantes obrigatorios, facultativos e circunstantes.

A xeito de conclusión quereriamos incidir na transcendencia da obra que nos ocupa, especialmente por abrir unha necesaria brecha no noso panorama lingüístico. É desexable que se cumpran os desexos da autora e que os estudos fraseográficos e os dicionarios reciban o impulso que está experimentando a fraseoloxía nos nosos días e que os logros conseguidos nesta teñan eco no ámbito da fraseografía.

Bibliografía

BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter; NORRICK, Neal R. (ed.) (2008): *Phraseologie / Phraseology. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung / An International Handbook of Contemporary Research*. Vol. II. § Phraseografie XVII. Berlin / New York: de Gruyter.

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2002): „Phraseologismen im de Gruyter Wörterbuch Deutsch als Fremdsprache“, en: Wiegand, Herbert E. (ed.): *Perspektiven der pädagogischen Lexikographie des Deutschen II. Untersuchungen anhand des "de Gruyter Wörterbuch Deutsch als Fremdsprache"* (= Lexicographica. Series Maior, Bd. 110). Tübingen: Niemeyer, pp. 363-374.

MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2008): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Dr.Kovač.

(2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Berlin / Frankfurt a. M.: Peter Lang.

(no prelo): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher* (*Reihe Lexicographica Series Maior*). Tübingen: Niemeyer.

TORRENT-LENZEN, Aina e URÍA FERNÁNDEZ, Lucía (2006): "Reflexiones críticas sobre el *Diccionario fraseológico documentado del español actual* de Manuel Seco *et al*.", en: *Romanistik in Geschichte und Gegenwart* 12:2. Hamburgo: Helmut Buske, pp. 167-178.

Carmen Mellado Blanco

Universidade de Santiago de Compostela

ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora e SIMONA, Federica (2006): *Hai Voluto la bicicletta… Esercizi su fraseología e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2.* Perugia: Guerra Edizioni, 213 páxinas.

Son moitos os autores que opinan que para chegar a dominar unha lingua estranxeira a aprendizaxe da fraseoloxía é esencial, xa que os recursos fraseolóxicos permiten a xestión do discurso tanto na faceta produtiva coma na interpretativa. Así, aumenta o interese pola fraseoloxía dende a didáctica e, a pesares das dificultades que se sinalan na súa ensinanza-aprendizaxe, cada vez son máis numerosos os exercicios relacionados coa fraseoloxía nos materias didácticos xerais. Tamén aumenta, canda ela, a elaboración de produtos dedicados especificamente ao ensino e á aprendizaxe das UUFF como, para o italiano, o manual *Hai voluto la bicicletta*...

Este manual é relevante por dúas razóns. En primeiro lugar porque se adica especificamente á didáctica da fraseoloxía e, en segundo lugar, porque se ocupa da lingua italiana. Este segundo motivo convérteo nun libro se cadra máis necesario, xa que, xeralmente, o tratamento da fraseoloxía nos manuais de italiano para estranxeiros é moi precario.

Como se sinala na introdución de *Hai voluto la bicicletta...:*

> *E' infatti sufficiente un rapido sguardo ai principali manuali destinati all'insegnamento della lingua italiana, per rendersi conto della scarsa attenzione dedicata alla fraseologia: nella maggior parte di essi manca qualsiasi riferimento specifico. Nei pochi casi in cui è possibile trovare degli accenni, questi si riducono generalmente alla presentazione di un esiguo gruppo di locuzioni, le più semplici, non solo prive di qualunque caratterizzazione tipologica e di spiegazioni sulla loro funzione pragmatica, ma trattate attraverso elenchi da memorizzare e/o esercizi di cloze in cui le strutture appaiono totalmente decontestualizzate (Introduzione: 9).*

De acordo cos estudosos que se ocupan da fraseoloxía italiana, en italiano, as UUFF son moi abundantes. Parece, entón, necesario sinalar a importancia do uso correcto das UUFF máis frecuentes para o desenvolvemento eficaz e adecuado do acto comunicativo. Porén, os traballos que se dedican a este fin son escasos. Leváronse a cabo algunhas investigacións sobre os métodos de ensino das UUFF italianas para falantes ingleses e franceses. Incluso hai estudos sobre a didáctica das UUFF italianas a falantes serbocroatas e alemáns. Pero, pola contra, non son traballos abondos nin tiveron ningún tipo de repercusión na didáctica do italiano como lingua estranxeira. Menos escasos son os traballos sobre a Fraseoloxía contrastiva entre o italiano e outras linguas. Con todo, estes estudos contrastivos só poden ser útiles no tratamento didáctico se nos ocupamos de unidades cunha correspondencia total semántica, formal, pragmática e de frecuencia de uso.

Publicáronse tamén traballos que ofrecen unha recompilación de UUFF, pero que non presentan ningún tipo de exercicios para favorecer a súa aprendizaxe en contexto ou a súa memorización. Outros materiais dirixidos especificamente a estudantes de italiano como LE proporcionan para cada UF contextos de utilización e exemplos, pero aínda que son máis completos ca os anteriores, non son suficientes.

Pola súa parte, o recente manual *Hai voluto la bicicletta… Esercizi su fraseología e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2* (2006), dedicado exclusivamente ao ensino da fraseoloxía italiana a estranxeiros, supón un salto cualitativo nos materiais didácticos sobre a fraseoloxía italiana. Os autores, fraseólogos españois e italianos, aplican o resultado das investigacións teóricas que se levaron a cabo en ambas as tradicións lingüísticas, o que lles facilita unha organización máis adecuada do manual e lles permite ofrecer o mellor tratamento das UUFF para o seu ensino e aprendizaxe.

Este libro constitúe un produto de referencia na didáctica das UUFF italianas, xa que nel se ofrecen propostas metodolóxicas e aplicacións prácticas que permiten un ensino e unha aprendizaxe adecuadas. Trátase polo tanto dun material que cobre parte das deficiencias deste campo de investigación.

En *Hai voluto la bicicletta…* os autores non se limitan a dar un único significado e contexto situacional, senón que proporcionan toda a información necesaria para que o alumno sexa capaz de reproducir correctamente as unidades en diferentes contextos. Ademais, ofrécenlle ao profesor de italiano como lingua estranxeira moita información sobre as UUFF, o que facilitará a súa tarefa.

A primeira vista, parece oportuno pensar que *Hai voluto la bicicletta…* está dirixido a estudantes que teñen xa un nivel avanzado ou intermedio da lingua, xa que como se sinala na introdución:

> *L'obiettivo principale di ogni studente di qualsiasi lingua straniera è fare in modo che le sue produzioni linguistiche si avvicinino a quelle dei parlanti nativi; il raggiungimento di tale obbiettivo passa attraverso l'apprendimento delle espressioni fraseologiche e il riconoscimento dei contesti di interazione comunicativa in cui il loro uso non solo è opportuno e appropriato, ma in molti casi necessario (Introduzione: 8).*

Con todo, algunhas das UUFF estudadas pódense introducir no nivel inicial, ben sexa porque están moi difundidas ou se cadra pola súa construción simple. É incluso recomendable que as UUFF se vaian introducindo no nivel elemental para que os estudantes se familiaricen de xeito gradual con este tipo de unidades e a súa aprendizaxe.

O manual non está dirixido en particular a hispanofalantes, pero os autores observaron o seguinte:

> *Un altro elemento di cui tener conto nell'approccio alla didattica della fraeologia, soprattutto nel caso di lingue affini, sono gli aspetti contrastivi tra la lengua materna dell'alunno (l1) e l'italiano (L2): ciò significa prestare particolare attenzione a ciò che per lo studente può essere facile perché uguale o simile nella propria lengua d'origine e, soprattuttto, a ciò che può risultargli più difficile perché non esiste o è formulato in modo diverso (Introduzione: 11)*

Así é, é esencial no ensino do italiano en xeral e da fraseoloxía italiana en particular ter presentes as diferenzas e as semellanzas coa lingua materna do estudante. Un hispanofalante, por exemplo, aprenderá un maior número de UUFF italianas nun nivel elemental ou intermedio pola súa equivalencia total semántica, formal e pragmática coas da súa lingua materna. Con todo, non basta con dar o equivalente na clase, tamén hai que

practicar con exercicios que busquen a competencia activa. É dicir, incluso nos niveis iniciais, non son suficientes a identificación e interpretación da unidade, senón que tamén hai que aprender a reproducila en contextos apropiados e dun xeito adecuado. Ocorre ás veces, polo contrario, que o alumno hispanofalante nos primeiros niveis iniciais recoñece estas unidades pola súa semellanza entrambas as dúas linguas, pero non chega a utilizalas porque non se lles dedicou a atención necesaria ou as usa dunha forma incorrecta, debido a diferenzas mínimas ás que non se lles prestaron atención. Por exemplo, a unidade *Non morde non mica* (*Hai voluto la bicicletta...* páx. 139). Unha unidade así precisa dunha explicación e dun esforzo de aprendizaxe importante por parte do alumno se na súa L1 non hai unha unidade equivalente polo menos semanticamente. Para un hispanofalante unha unidade así podería introducirse nun nivel elemental pero acompañada, asemade, de exercicios completos coma os que propoñen os autores.

En *Hai voluto la bicicletta* préstase atención principalmente a cinco clases de UUFF. É moi importante sinalar que os autores se ocupan especialmente de unidades que teñen como particularidade o seu contido pragmático: *locuzioni idiomatiche pragmatiche, enunciati idiomatici pragmatici ed enunciati pragmatici, frasi implico-situazionali o schemi sintattici fraseologici pragmatici*. O tratamento destas unidades presenta diversas dificultades porque hai que proporcionar os contextos situacionais válidos para introducir tal unidade, os significados que adquiren neles etc. Neste libro, o seu tratamento é tan completo que incluso se aclaran e se explican detidamente os diferentes usos que, dependendo do contexto situacional, pode ter unha mesma unidade tal coma "*figurati*" ou "*non mi dire*".

Os exercicios propostos son variados, pero non abafan coa súa novidade. Practicamente vanse repetindo nas diferentes lecciónes e adáptanse para poderen resaltar en cada caso as especificidades das unidades en cuestión. Son particularmente interesantes os exercicios en que o alumno terá que deducir a función pragmática das unidades. Os autores explican a posibilidade de que como réplica indiquen: *rassegnazione, rimprovero, indifferenza, sorpresa, disaccordo* etc. En definitiva, é evidente que a proposta destes exercicios foi precedida por unha análise profunda e detida das UUFF tomadas en consideración. Trátase polo tanto dun material útil tanto para os alumnos coma para os profesores de italiano LE que terán unha nova oportunidade de reflexionar sobre a lingua e para os italianistas en xeral, que poderán reunir novo material para futuras investigacións, xa que o libro se ocupa de aspectos de grande interese na lingüística teórica e aplicada actual.

Ademais, en *Hai voluto la bicicletta* fálase dun aspecto bastante marxinado no ensino da fraseoloxía e nos diferentes traballos pero que, polo contrario, se trata dun trazo esencial para a correcta utilización dalgunhas UUFF. O aspecto ao que nos estamos a referir é a entoación. Neste manual propóñense exercicios específicos que axudan a establecer o tipo correcto de entoación.

En canto á terminoloxía utilizada e aos conceptos metalingüísticos que se manexan no libro, os autores cren que é necesario que o alumnado adquira uns coñecementos lingüísticos esenciais e se familiarice con certa terminoloxía. O propio Zamora Muñoz pregúntase se é posible estudar-aprender as unidades pragmáticas sen o coñecemento dos tipos de actos lingüísticos que conforman. Outros autores, pola súa parte, opinan que a información teórica e a terminoloxía lingüística poden obstaculizar o proceso de aprendizaxe. Está claro

que neste asunto é esencial ter en conta a formación dos alumnos e os motivos polos que aprenden italiano. Non é o mesmo ensinar a filólogos que a enxeñeiros, a adultos ou a adolescentes. Por outra banda, parece obvio pensar que as explicacións metalingüísticas non son imprescindibles. Non todos os falantes dunha lingua coñecen na súa propia lingua termos como unidade fraseolóxica, enunciado pragmático, fórmula rutineira etc. e, non obstante, utilízanas correctamente porque as aprenderon no seu contexto. Tamén habería que recoñecer que nun libro tan especializado como *Hai voluto la bicicletta*..., o uso da terminoloxía lingüística parece resultar inevitable, pois dótao de rigor científico e consegue orde na exposición.

Hai voluto la bicicletta... constitúe, ao fin e ao cabo, un material de consulta imprescindible na didáctica da fraseoloxía italiana a estranxeiros porque se ocupa de unidades con contido pragmático e o tratamento que lles proporciona é moi completo. Ademais a súa novidade non radica unicamente en que se ocupe da lingua italiana, senón en que materiais destas características non se elaboraron aínda para outras linguas, nin tan sequera para o español LE. As UUFF que trata pertencen sobre todo ao italiano falado e, en particular, ao rexistro coloquial, campo que, na didáctica do italiano LE, non está moi estudado nin se dispón de material abondo.

Con instrumentos de traballo como *Hai voluto la bicicletta*..., a tarefa de integrar a fraseoloxía na programación dun curso xeral de italiano, como elemento que axuda ao desenvolvemento da competencia comunicativa do estudante, pode empezar a ser menos ardua, pois trátase dun manual complementario moi útil para os profesores, que poden ir introducindo unidades devagar con toda a información necesaria, e para o alumnado, que vai adquirir as unidades sabendo exactamente en que contextos poden utilizarse. Ademais, en *Hai voluto la bicicletta*... propóñense unidades tanto de nivel avanzado coma tamén de niveis inferiores.

Hai voluto la bicicletta..., como xa sinalamos, cobre parte das carencias que abouxan a didáctica da fraseoloxía italiana e é, á súa vez, un modelo para a elaboración doutros manuais. Con todo, é natural que lembremos aquí algunha das tarefas que aínda quedan por desenvolver no ensino do italiano en xeral e da fraseoloxía italiana en particular. Trátase de estudos sobre as denominadas *colocacións, polirematiche*, etc, moi importantes tamén no dominio dunha lingua pola súa frecuencia e abandonadas case por completo na didáctica de linguas estranxeiras por pasaren inadvertidas. Son unidades como: *Compilare un modulo; Dente cariato; Bandire un concorso; Alte sfere*. De todos os xeitos, malia que aínda falta moito por facer neste campo da didáctica, non é posible deixar de dicir unha vez máis que con *Hai voluto la bicicletta*... se marca un punto de saída para seguirmos a analizar e examinar outras unidades moi numerosas e relevantes na interacción cotiá.

Paula Quiroga[10]

Universidad de Valladolid

[10] Tradución de Diana Pereira Valverde.

Novas

Fraseonet

FRASEONET é o novo grupo de investigación sobre Fraseoloxía e Paremioloxía que crearon profesores e profesoras da Universidade de Santiago de Compostela. Consta a súa integración no catálogo de grupos de investigación da USC co código GI-2061 desde o mes de abril de 2008. Foi posto a andar por iniciativa da súa coordinadora, Mª Isabel González Rey, profesora do Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana, co apoio dun equipo composto por especialistas cun longo percorrido docente e investigador, avalado polas súas numerosas publicacións no mundo das frases feitas e das paremias. Nestes momentos, entre os investigadores principais -o grupo está aberto a calquera que solicite formar parte del- atópanse Germán Conde Tarrío, Pilar Río Corbacho, María Montes López; entre os colaboradores externos están Julia Sevilla Muñoz, da Universidade Complutense de Madrid e Virginia Fernández López, da E.O.I. de Ferrol. As súas liñas de investigación van dirixidas aos estudos teóricos da fraseoloxía e da paremioloxía xeral e técnica, á creación de córpora de frases feitas en linguas nacionais e estranxeiras, á clasificación e tratamento lexicográfico das frases feitas, á didáctica das expresións fixas en linguas estranxeiras, aos estudos contrastivos do sistema fraseolóxico e paremiolóxico das linguas, á creación dun atlas en fraseoloxía e paremioloxía europeas, á identificación do mínimo fraseolóxico e paremiolóxico nas linguas, e mais aos estudos etnolingüísticos e interculturais da Fraseoloxía e Paremioloxía. Máis concretamente os seus obxectivos consisten na elaboración de material didáctico para o ensino das expresións fixas en linguas estranxeiras (ata o nivel C2 do Marco Europeo Común de Referencia), no apoio á mellora da competencia comprensiva e expresiva dos falantes, na preservación do patrimonio lingüístico e cultural, e na creación dun centro de recursos en liña para a investigación en Fraseoloxía e Paremioloxía. Este amplo elenco de temas que abarca o grupo pretende recoller así os aspectos máis actuais da investigación sobre Fraseoloxía e Paremioloxía. O grupo conta, ademais, cun medio de visibilidade do seu traballo grazas á web http://www.phraseonet.com, creada orixinalmente a raíz dun proxecto de investigación dirixido pola actual coordinadora do grupo e aprobado pola Xunta de Galicia. En definitiva, o propósito deste grupo radica en ser un referente dos avances acadados na investigación da Fraseoloxía e da Paremioloxía non só no ámbito académico da USC senón tamén para os demais organismos dedicados ás mesmas.

Frasespal

La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico
[http://www.usc.es/aleman/adj/MELLADO_PROJECT_GERMANSPANISH_IDIOMS.pdf]

Proxecto de investigación financiado polo *MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA / Plan Nacional I+D* (2007-2010)
HUM2007-62198/FILO

FRASESPAL é o acrónimo do proxecto de investigación interuniversitario *La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiológico,* concedido polo Ministerio de Educación y Ciencia (Plan Nacional I+D, 2007-2010) en outubro de 2007, co código HUM2007-62198/FILO. A investigadora principal é a profesora Carmen Mellado Blanco, da Universidade de Santiago de Compostela ([http://www.usc.es/aleman/mellado.htm]), e está integrado polos seguintes membros: Claudia Herrero Kaczmarek e Mª Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela), Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo), Ana Mansilla Pérez (Universidad de Murcia), Nely Iglesias Iglesias (Universidad de Salamanca), Juan Pablo Larreta Zulategui (Universidad de Sevilla) e finalmente Hans Schemann (Universidade do Minho, Braga).

Os membros integrantes do proxecto son todos eles fraseólogos recoñecidos nacional e internacionalmente polas súas publicacións. Así mesmo, o profesor Schemann é o autor de numerosos dicionarios idiomáticos do alemán xunto coas linguas europeas máis importantes.

Neste proxecto trabállase na elaboración dun corpus bilingüe onomasiolóxico coas expresións idiomáticas máis frecuentes en alemán e en español. A lematización do corpus sigue un esquema xerárquico de taxóns e hipertaxóns descritores que corresponden a campos conceptuais representativos de cada lingua. Na segunda fase do proxecto determinaranse os modelos metafóricos máis recorrentes nos distintos campos semánticos (dominios meta), seguindo principalmente os presupostos da Lingüística Cognitiva. Desta maneira poranse de relevo as afinidades e diverxencias interlinguais na cosmovisión e conceptualización da realidade externa de ambas as comunidades lingüísticas.

O resultado final do proxecto pretende ser unha ferramenta didáctica útil non só para a fraseoloxía do alemán como lingua estranxeira, senón tamén para a fraseoloxía do español. A vantaxe dos

córpora destas características fronte aos tradicionais dicionarios alfabéticos semasiolóxicos é que permiten o seu uso activo (p. ex. na procura de sinónimos) e favorecen a aprendizaxe de fraseoloxismos mediante asociacións lóxico-semánticas. Outro obxectivo é que este corpus sirva para profundar no estudo teórico da fraseoloxía contrastiva do alemán e do español.

No marco do proxecto están previstos na Universidade de Santiago de Compostela varios seminarios internacionais sobre Fraseografía e Lingüística de corpus impartidos por fraseólogos e autores de dicionarios idiomáticos, entre os que se atopan: Aina Torrent-Lenz (*Universidad de Colonia*, Alemania), Kathrin Steyer (*Institut für Deutsche Sprache*, Mannheim, Alemania), Vida Ješensek (*Universidad de Maribor*, Eslovenia), Irma Hyvärinen (*Universidad de Helsinki,* Finlandia). Tamén terá lugar un Coloquio Internacional de Fraseoloxía e Fraseografía Contrastiva (Alemán/Español) a finais de 2009, que xa ten abertos os mecanismos de inscrición para participar nel (c.mellado@usc.es).

Libros, revistas ou artigos recibidos

(2001): ""Aseo" y "limpieza". Su significado a partir de algunos textos de divulgación del siglo XIX" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 161-180.

(2006): "Las expresiones fijas con animales. El valor simbólico a través de las lenguas". En 7º Congrès de Lingüística General. Actes del 18 al 21 d'abril de 2006. Barcelona: Departament de Lingüística General. Universitat de Barcelona, p. 15.

(2006)[2]: *Praktische Grammatik der katalanischen Sprache*. Wilhelmsfeld: Gottfried Egert Verlag.

(2006)[2]: *Übungsbuch zur katalanischen Grammatik. Schlüssel zu den Übungen*. Wilhelmsfeld: Gottfried Egert Verlag.

(2006)[2]: *Übungsbuch zur katalanischen Grammatik*. Wilhelmsfeld: Gottfried Egert Verlag.

(2007): "El lenguaje de la lechuza (apuntes para un diccionario intercultural)" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 375-404.

(2007): "El papel de la conciencia fraseológica en la enseñanza y aprendizaje de una lengua extranjera" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 201-221.

(2007): "El valor etnolingüñistico de los refranes" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 213-249.

(2007): "Factores socioculturales para la formación de las unidades fraseológicas" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 165-172.

(2007): "Gotzon Garate, impulsor de la Paremiología vasca" en *Paremia* 16, 2007, 9-17.

(2007): "La Biblia como fuente de idiomaticidad en alemán y español" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 99-108.

(2007): "La interculturalidad a través del refrán (francés-español): el día de San Juan" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 151-163.

(2007): "La *Zucca* (1551) de Anton Francesco Doni y su versión española" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 233-252.

(2007): "Las estancias del hogar en las paremias españolas y francesas (la cocina)" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 59-68.

(2007): "Las obras de Pierre-Marie Quitard en la *Colección paremiológica* (Biblioteca Histórica Municipal de Madrid)" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 129-140.

(2007): "Las paremias en *Le sottilissime astuzie di Bertoldo* (1606) de Giulio Cesare Croce y su correspondencia italiana" en *Paremia* 16, 2007, 117-128.

(2007): "Les identités de genre dans les expressions idiomatiques du Français" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 253-263.

(2007): "Un ejemplo de evolución en las ediciones de Hernán Núñez en la *Colección paremiológica*" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 97-112.

(2007): "Una aproximación metodológica a los fraseologismos de los actos de habla en las segundas lenguas" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 209-224.

(2007): *La didactique du français idiomatique*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L .

(2007): Véxase ALIJO JIMÉNEZ, Isabel e AL JALLAD, Nader (2007).

(2007): Véxase LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.).
(2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Rubí (Barcelona): Antrophos Editorial.
(dir.) (2007): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L.
(dir.) (2007): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L.
(dir.) (2007): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L.
(ed.) (2001): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia*. Frankfurt am Main: Vervuert Verlag.

ACHÚCARRO FERNÁNDEZ, Lourdes (2007): Véxase SARDELLI, Mª Antonella e ACHÚCARRO FERNÁNDEZ, Lourdes (2007).

AGUERRI MARTÍNEZ, Ascensión e BARRIO CUENCA-ROMERO, Luis (2007): "José María Sbarbi en la *Colección paremiológica*. Libros impresos en el siglo XVII" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 57-72.

AL JALLAD, Nader (2007): "The concepts of *al-jihad*, *al-hijab*, and *al-shahid* in the Arab-Muslim Culture and language: a lexicological and lexicographical study" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 109-119.

AL-AFIF, Ahmad Husein (2007): Véxase GOGAZEH, Ziyah Mamad e AL-AFIF, Ahmad Husein (2007).

ALIJO JIMÉNEZ, Isabel e AL JALLAD, Nader (2007): "Los conceptos árabes *zawash*, *durrah*, *mutallaga*, *hamma* y *kinneh* a través de la fraseología. Una perspectiva sobre la mujer" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 1-13.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2008): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

ÁLVAREZ DÍAZ, Juan José (2007): "Refranes españoles de la mujer y las armas" en *Paremia* 16, 2007, 51-62.

ÁLVAREZ VILLAR, Noemí (2008): "Expresións do léxico do fútbol", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 259-272.

AMAHJOUR, Aziz (2007): "Las sentencias poéticas del sufí *Sidi Abderrahmán El Meydúb*. Aproximación semántico-pragmática" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 11-23.

ANEIROS GÓMEZ, Mª Rosa (2007): "El refranero y el viaje: propuestas antiguas para conceptos modernos" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente*

etnolingüístico de la Paremiología. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 25-43.

ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka (2008): "La comparación, la metáfora y la metonimia: recursos principales para la creación de las unidades fraseológicas", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 19-28.

ANGUIANO PÉREZ, Rocío (2008): "La desautomatización de unidades fraseológicas a través de la imagen: un reto para el traductor de mensajes publicitarios" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 33-52.

ANSCOMBRE, Jean-Claude (2007): "Hacia una clasificación lingüística de las formas sentenciosas" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 11-37.

APARECIDA MARQUES, Elizabete (2007) : "Las unidades fraseológicas desde la perspectiva cognitiva. Estado de la cuestión" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 11-31.

APARICIO MORGADO, Jennifer (2007): "La paremiología jurídica: el refrán y la justicia" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 45-65.

ARIZA, Mercedes *et al*. (2007): "La fraseología de las emociones y la adquisición de la competencia comunicativa intercultural" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 92-116.

ARRIBAS ESTERAS, Nieves (2007): "Contraste entre unidades fraseológicas españolas e italianas sobre fobias y supersticiones" en *Paremia* 16, 2007, 73-87.

BABARDILLO DE LA FUENTE, Mª Teresa (2007): "Interés paremiológico de los *Diálogos familiares* de Juan de Luna" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 207-218.

BACH MARTORELL, Carme (2001): "La reformulació en els textos d'especialitat, un mecanisme per a la divulgaició de la ciència" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 245-257.

BAJO SANTIAGO, Francisca (2001): "El *Arte de hacer y conservar el vino* de Francisco Carbonell y Bravo: primer manual de enología científica española" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 131-144.

BARANI, Nazia (2007): "Cincuenta refranes entre los más frecuentes del español actual con su correspondencia en farsi" en *Paremia* 16, 2007, 99-105.

BARBADILLO DE LA FUENTE, Mª Teresa (2007): "Enseñar refranes mediante textos literarios" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 63-90.

BÁRDOSI, Vilmos (2008): "Les figés du français: héritage classique et renouvellement", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 81-96.

BARONA, Josep Lluis (2001): Véxase BERNABEU MESTRE, Joseph e BARONA, Josep Lluis (2001).

BARRADO BELMAR, Mari Carmen (2007): "Estudio comparado latín-italiano-español de paremias referidas al amor" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 219-232.

BARRIO CUENCA-ROMERO, Luis (2007). Véxase AGUERRI MARTÍNEZ, Ascensión e BARRIO CUENCA-ROMERO, Luis (2007).

BATTANER, Paz (2001): "La traducción de los diccionarios de especialidad: estudiio de algunos casos del siglo XIX" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 223-241.

BAYÓN GARCÍA, Cristina (2007): "La fraseología del campo de la biotecnología como expresión de juicios de valor y prejuicios de la sociedad" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 15-27.

BAYZHANOVA, Nadezhda (2007): "On structural semantic peculiarities of different types of metaphors —substantive, adjectival and verbal – in Altayan Proverbs" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 39-51.

BERNABEU MESTRE, Josep e BARONA, Josep Lluis (2001): "La divulgació de la ciència entre els moviments socials i la seua reinterpretació en la premsa llibertària (1923-1937)" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 181- 193.

BLANCO, Pilar (2007): "La didáctica de las paremias en la enseñanza rural en España y Provenza: dos realidades distintas, una misma solución" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 15-41.

BOJÍLOVA TCHOBÁNOVA, Iovka (2007): "Classificação temática dos fraseologismos na língua portuguesa" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 53-78.

BOLLY, Catherine (2007): "La notion de compétence 'phraséologique'. Verbes à haute fréquence et corpus d'apprenants anglophones avancé" en GONZÁLEZ REY,

María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 33-51.

BRINK, Lars (2007): "Speech Act Switching Idioms" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 79-94.

BRUMME, Jenny (2007) "La valeur symbolique des expressions figées avec numéral en roumain" en *Limba Română, Limbă Romanică*, Institutul de Linguistică "Iorgu Iordan – Al. Rosetti", Editura Academiei Române, 51- 59.

BUBENHOFER, Noah (2008): "'Es liegt in der Natur der Sache...' Korpuslinguistische Untersuchungen zu Kollokationen in Argumentationsfiguren" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 53-72.

BUCCITELLI, Anthony (2008): "'Cleanliness of the Body is Due Reverence to God": A Proverbial Rallying Cry Turned Cultural Defense" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 23-46.

BUJÁN OTERO, Patricia (2008) : "Analyse von Phraseologismen im Text: Ein übersetzungsdidaktisch orientierter Ansatz" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 73-87.

BURGUER, Harald (2008) : "Das idiomatische „Bild" und seine Modifikationen durch materielle Bilder – theoretische und empirische Aspekte" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 89-113.

CAHIERS DU P.R.O.H.E.M.I.O., nº10 (2008): *Memoria histórica-Historia oral : Guerra, Postguerra y otras partes*. II Vol. de las Actas de las III Jornadas Internacionales de Estudio de El Rebollar. VII Coloquio del P.R.O.H.E.M.I.O. Curso extraordinario de la Universidad de Salamanca (20-22 de julio de 2007). Presses Universitaires d'Orleáns.

CAHIERS DU P.R.O.H.E.M.I.O., nº9 (2008): *Memoria histórica-Historia oral : Guerra, Postguerra y otras partes*. I Vol. de las Actas de las III Jornadas Internacionales de Estudio de El Rebollar. VII Coloquio del P.R.O.H.E.M.I.O. Curso extraordinario de la Universidad de Salamanca (20-22 de julio de 2007). Presses Universitaires d'Orleáns.

CALSAMIGLIA BLANCAFORT, Helena (2001): "La comunicació social de la ciència com a pràctica discursiva. Presentació d'un projecte" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 273-281.

CANTERA ORTÍZ DE URBINA, Jesús (2007): "La sabiduría en el libro de los Proverbios del Antiguo Testamento" en *Paremia* 16, 2007, 19-27.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (2007): "Los apotegmas de Erasmo en su versión española de Juan Jarava" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 33-56.

CARBONELL BASSET, Delfín (2008): *Diccionario Panhispánico de citas (1900-2008)*. Barcelona: Ediciones del Serbal.

CARSON WILLIAMS, Fionnuala (2008): "'A Pictorial Tribute for Wolfang Mieder' — Wolfang Mieder, Editor of *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship*, 1984 to the Present" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 1-21.

CHABAS, José (2001): "Astronomía y traduccion en el siglo XV: Los inicios de un lenguaje de especialidad en castellano" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 45- 51.

CHACOTO, Lucília (2007): "Las paremias en la *Comedia Eufrosina* de Jorge Ferreira de Vasconcellos" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 73-96.

CHELMI, Evlampia (2007): "El fondo griego de la *Colección paremiológica* (Biblioteca Histórica Municipal de Madrid)" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 155-174.

CIAPUSCIO, Guiomar Elena (2001): "Procesos y recursos de producción textual en la divulgación de ciencia" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 17-42.

CIEŚLICKA, Anna (2008): "Hemispheric Differences in Processing Salient and Nonsalient Meanings of L1 and L2 Fixed Expressions", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 111-128.

CIRUELA ALFÉREZ, Juan José (2007): "Algunos aspectos socio-culturales del insulto en chino" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 29-35.

CLAVERÍA NADAL, Gloría (2001): "El léxico especializado en la lexicografía de finales del siglo XIX: la decimotercera edición (1899) del *Diccionario de la Lengua Castellana* de la Academia" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 207- 222.

COKER, Adesina e COKER, Oluwole (2008): "The Modern Legal System in Yoruba Proverbs" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 47-58.

CONDE TARRÍO, Germán (2007): "El refrán según los trovadores de las *Cantigas* (s. XII - s.XIV) en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 95-111.

CORTINA PÉREZ, Beatriz (2008): Véxase PAMIES, Antonio, LOZANO, Wenceslao C. e CORTINA, Beatriz (2008).

CORVO SÁNCHEZ, Mª José (2007): "Los refranes en los manuales de lenguas extranjeras" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las*

expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 43-60.

CRESPO JIMÉNEZ, Rosalía (2007): "Reflexiones sobre la *casa*. El refranero español como fuente de las paremias en torno a este concepto" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 68-85.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2007): "Fraseología comparada del español y el griego moderno: campo virgen" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 113-127.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2007): "Marzo en los refraneros español, griego moderno y de otras lenguas europeas" en Paremia 16, 2007, 29-43.

DANIEL, Iyabode Omolara (2008): "The Woman's Place in the Yoruba Proverbs" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 59-77.

DÍAZ HORMIGO, Mª Tadea (2008): Véxase PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada e DÍAZ HORMIGO, Mª Tadea (2008).

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2007): "Idiom semantics from a cognitive perspective" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 37-48.

DOMÈNECH BAGARIA, Meritxell (2001): "Textos especialitzats I nivells d'especialització" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 309- 316.

DOMÉNECH DEL RÍO, Antonio (2007): "Descubriendo los códigos: palabras claves en la concepción del mundo de las mujeres coreanas" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 309-318.

DOMÍNGUEZ PENA, Mla. Susana (2008): "The evil eye belief", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 239-248.

DUNDES, Alan (2008): *"The Kushmaker" and other essays on folk speech and folk humor.* Supplement of *Proverbium*. *Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008. Vermont: University of Vermont.

ECHEVARRÍA ISUSQUIZA, Isabel (2007): "Refranes y frases de mujeres en el *Vocabulario* de Correas" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 87-116.

EZEJIDEAKU, Emmanuel e OKEKE, Okechukwu (2008): "A Morpho-Syntactic Analysis of Igbo Proverbs" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 79-93.

FAULSTICH, Andrea (2001): " A metáfora na divulgação do saber sobre a União Monetária Europeia – aspectos cognitivos e histórico-culturais" en BRUMME,

Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 339- 349.

FERRO RUIBAL, Xesús (2008): "A comparación fraseolóxica galega como radiografía lingüística", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 129-190.

FIEDLER, Sabine (2008) : "Phraseologismen in J. D. Salingers Roman *Der Fänger im Roggen*. Eine übersetzungswissenchaftliche Studie" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 115-133.

GALLEGO BARNÉS, Andrés (2007): "Las dos ediciones de *El estudioso cortesano* del humanista aragonés Juan Lorenzo Palmireno" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 11-32.

GARCÍA FUENTES, Araceli (2007): "*There's no such thing as a free lunch*: The acquisition of negative polarity idioms in English as a foreign language" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 53-70.

GARCÍA YELO, Marina (2007) "Georges Duplessis en la *Colección paremiológica: Petite encyclopédie des proverbes français* y *La fleur des proverbes français*" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 193-206.

GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): "Los animales verdaderos y falsos de la fraseología", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 69-80.

GARGALLO GIL, José Enrique (2007): "La *lluna setembrina*, *set lluna endevina*. Refráns meteorolóxicos con lúa na Romania" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 117-134.

GARRIGA, Cecilio *et alii* (2001): "Proyecto: la formación de la terminología química en español" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 105-117.

GIMPL, Georg (2008) : "*Phrasen stehen auf zwei Beinen* (Karl Kraus). Sprachkritik als Gesellschaftskritik" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 135-152.

GOGAZEH, Ziyah Mohammad e AL-AFIF, Ahmad Husein (2007): "Los proverbios árabes extraídos del *Corán*: recopilación, traducción y estudio" en *Paremia* 16, 2007, 129-138.

GÓMEZ DE ENTERRÍA, Josefa (2001): "Neologismos que llegan hasta el español de la segunda mitad del siglo XVIII a través de los textos de la divulgación científica" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes*

iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia. Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 79-88.

GÓMEZ-JORDANA FERARY, Sonia (2007): "El proverbio en contexto. Análisis diacrónico de las ocurrencias de *Qui veut tuer son chien l'accuse de la rage*" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 135-155.

GONZÁLEZ CARRILLO, Antonio M. (2007): "Condición e hipótesis. Consideraciones lingüísticas y culturales" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 183-192.

GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.) (2007): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L.

GONZÁLEZ RUIZ, Ramón (2008): Véxase OLZA MORENO, Inés e GONZÁLEZ RUIZ, Ramón (2008).

GULI, Meri (2008): "The Current Paremiological Values of the First Book in Albanian and Their Historical Denial" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 95-110.

GUTIÉRREZ RODILLA, Bertha M. (2001): "El orden alfabético como instrumento de divulgación médica en el siglo XIX" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 145-160.

HASSLER, Gerda (2001): "Proyectos y críticas: nacimiento y función de nuevos tipos de textos en el siglo XVIII" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 63-78.

HOGAN, Erin K. (2008): "'En tus apuros y afanes, pide consejo a los refranes': Popular Wisdom in Mateo Alemán's *Guzmán de Alfarache*" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 111-127.

IGLESIAS IGLESIAS, Nely Milagros (2007): "Vermittlung von Phraseologismen im DaF-Unterricht für Anfänger" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 71-83.

ILHAMI, Naima (2007): Véxase SANTILLÁN GRIMM, Paula e ILHAMI, Naima (2007).

ISENSEE, Christina (2008): "'Jede alte Schachtel weiß Bescheid'? Wahrheit, Manipulation und Verwendung von Sprichwörten und Redensarten in Droste-Hülshoffs *Judenbuche*" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 129-157.

IVCHENKO, Yaroslava (2007): "*Devil's Headquarters* in phraseology and proverbs: a comparative analysis based on Polish, Ukrainian, Russian and Belarusian" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 173-181.

JAIME LORÉN, José María de e JAIME GÓMEZ, José de (2008): "El queso en la refranística castellana" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 159-178.

JEGEDE, Olutoyin B. (2008): "Reconstructing Social and Cultural Reality: Proverbs and Postproverbials in Selected Nigerian Literary Works" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 179-198.

JIA, Lu (2007): "(xiao) el núcleo de las relaciones familiares y el concepto clave del confucionismo en la cultura china" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 301-308.

KALDIEVA-ZAHARIEVA, Stefana (2008): "La connaissance de l'âme selon la phraséologie bulgare et roumaine", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 287-302.

KAPCHITS, Georgi (2008): "Variants and Variations of Somali Proverbs" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 199-205.

KLEIN, Jean René (2007) : "Le figement dans les proverbes et les expressions verbales : un débat qui n' est pas encore… figé" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 129-155.

KOBIELA-KWAŚNIEWSKA, Marta (2007): "Lengua, tradición y cultura: refranes, dichos y frases proverbiales populares del calendario festivo polaco" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 69-81.

KOCJANČIČ, Polonca (2007): "Zgrabiti bika za roge – o "coger el toro por los cuernos": fraseología en la lexicografía bilingüe" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 201-211.

KOVAČIĆ, Vinko (2008): Véxase LJUBIČIĆ, Maslina e KOVAČIĆ, Vinko (2008).

KOZAK, Katarzyna (2007) : "Prototypical idioms vs. Terms and common names: how to differentiate noun prhase idioms from other NWU" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 157-172.

LAÍN MARTÍNEZ, Milagro e RUIZ OTÍN, Doris (2001): "Lengua científica y lengua general en la *Metaphora Medicine* de Fray Bernardino de Laredo" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 53-61.

LASKOWSKI, Marek (2008): "Phraseologische Wortverbindungen in der Textsorte Witz als didaktische und psycholinguistische Herausforderung" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 153-173.

LEE, Alejandro (2008): '"Matar dos pájaros de un tiro': Usos de la paremia en el *Diálogo de la lengua* de Juan de Valdés" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*" 25, 2008, 207-218.

LELLI, Emanuele (2007): "Towards a classification of Greek proverbs" en *Paremia* 16, 2007, 139-148.

LIBROVA, Bohdana (2008): "Le proverbe français médiéval dans la perspective de la parémiologie diachronique et comparée" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 219-248.

LITOVKINA, Anna T.; VARGHA, Katalin; BARTA, Péter e HRISZTOVA-GOTTHARDT, Hrisztalina (2008): "Punning in Anglo-American, German, French, Russian and Hungarian Anti-Proverbs" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 249-288.

LIU LIU, Limei (2007): "El diálogo intercultural sino-hispano: la paremiología como expresión de la identidad y de los sistemas de valores" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 289-300.

LJUBIČIĆ, Maslina e KOVAČIĆ, Vinko (2008): "Alcuni ittionimi nella fraseologia croata", ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 191-208.

LÓPEZ GARCÍA, Ángel (2007): "¿Alianza de lenguas, de culturas o de civilizaciones?" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 83-97.

LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario (2008): *Dicionario de Fraseoloxía Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

LOZANO, Wenceslao C. (2008): Véxase PAMIES, Antonio, LOZANO, Wenceslao C. e CORTINA, Beatriz (2008).

LUGO MIRÓN, Susana (2007): "Algunas consideraciones sobre enseñanza-aprendizaje de la fraseología española con estudiantes griegos" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 85-102.

LUQUE DURÁN, Juan de Dios (2007): "La codificación de la información lingüístico-cultural en los diccionarios (inter)culturales" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 329-373.

LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.) (2007): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica.

LUQUE NADAL, Lucía (2007): "Presupuestos teóricos y metodológicos para la redacción de la entrada 'sangre' en un diccionario intercultural" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 405-429.

LUQUE TORO, Luis (2007): "Parámetros socio-culturales en la equivalencia léxica: limitaciones en la afinidad italiano-español" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 193-200.

MADROÑAL DURÁN, Abraham (2007): "Un diccionario fraseológico del Siglo de Oro: la *Fraseología o Estilística castellana* de Julio Cejador y Frauca" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 253-270.

MANERO RICHARD, Elvira (2007): "El lenguaje valorado por los hablantes: el refranero español como expresión de la lingüística implícita de la comunidad lingüística española" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 49-58.

MANERO RICHARD, Elvira (2007): "La representación de las figuras del emisor y el receptor en el refranero español de contenido metalingüístico" en en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 157-181.

MARINELLI, Rita (2008): "Idiomatic expressions and metaphors from the maritime domain", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 209-220.

MARTÍN BOSQUE, Adelaida (2007): "Fraseología, didáctica y traducción: español e italiano" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 103-119.

MARTÍN ORTIZ, Patricia (2007): "La adaptación al teatro de la obra de Roald Dahl como técnica de enseñanza de la fraseología. Una propuesta práctica" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 157-178.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, María José (2007): "Las unidades fraseológicas del español: una propuesta didáctica en la clase de E/LE" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 117-153.

MCKENNA, Kevin J. (2008): "Didactics and the Proverb: The Case of Alexander Solzhenitsyn's Literary Memoir, *The Oak and the Calf*" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 289-317.

MELLADO BLANCO, Carmen (2008): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač.

MELLADO SAN MÁXIMO, Marta (2007): "Didáctica de la fraseología en lengua alemana a través de textos de literatura infantil y juvenil" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 179-189.

MIEDER, Wolfang (ed.) (2007): *Sprichwörter sind goldes Wert. Parömiologische Studien zu Kultur, Literatur und Medien*. Supplement of *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008. Vermont: University of Vermont.

MIEDER, Wolfgang (2008): '"Let Us Have Faith that Right Makes Might': Proverbial Rhetoric in Decisive Moments of American Politics" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 319-352.

MITKOVA, Adriana (2007): "Estereotipos del habla femenina en el refranero español" en *Paremia* 16, 2007, 89-97.

MONTES LÓPEZ, María (2007): "Observacións e estudio contrastivo dalgúns proverbios e frases feitas en italiano e galego" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 121-136.

MOREL SANTASUSAGNA, Jordi (2001): "Observacions sobre la divulgació del coneixement especialitzat a propòsit del dret de família" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 295- 307.

MORENO JAÉN, María (2007): "Un modelo para la enseñanza de colocaciones de una lengua extranjera mediante herramientas digitales" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 225-247.

MORENO PEREIRO, Sabela (2007): "El tebeo como recurso didáctico para la enseñanza de unidades fraseológicas" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Adquisición de las expresiones fijas. Metodología y recursos didácticos*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 193-206.

MUHSIN ISMAIL, Lawin (2007): "Los refranes kurdos como reflejo de la sociedad" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 431-437.

NOGUEIRA, Adriana (2007): "*Quem sai aos seus* (*não*) *degenera*: estructuras sintácticas de la Antigüedad greco-latina en proverbios portugueses" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 183-191.

NOUESHI, Mona (2007): "Feste Wortverbindungen im DaF-Unterricht fuer aegyptische Studenten. Ein sprachliches Hindernis der Hilfe? Einige Ueberlegungen sur Phraseodidaktik" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 137-158.

OLZA MORENO, Inés (2007): "¿Cómo conceptualizan el lenguaje los hablantes de español? El caso de los somatismos metalingüísticos basados en boca" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 235-251.

OLZA MORENO, Inés e GONZÁLEZ RUIZ, Ramón (2008): "Fraseología metafórica de contenido metalingüístico en español: aproximación a las unidades basadas en el plano gráfico", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y* motivación. Frankfurt am Main: Peter Lang, 221-238.

OMAZIĆ, Marija e SCHMIDT, Goran (2008): "Polisemy in phraseology", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 97-110.

ORDUÑA LÓPEZ, José Luís (2001): "La divulgación de la terminología" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 283-294.

ORTIZ ÁLVAREZ, Maria Luisa (2007): "As expressões idiomáticas nas aulas de ELE: *um bicho de sete cabeças?*" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 159-179.

ÖZTÜRK KASAR, Sündüz (2007): "La traduction des stereotypes idiomatiques du turc en français" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 121-128.

PAMIES BERTRÁN, Antonio (2007) : "De la idiomaticidad y sus paradojas" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 173-204.

PAMIES, Antonio, LOZANO, Wenceslao C. e CORTINA, Beatriz (2008): "Las metáforas del alcohol: contraste translingüístico e intercultural", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación.* Frankfurt am Main: Peter Lang, 273-286.

PAVIĆ PINTARIĆ, Anita (2008): "Phraseologismen im kroatischen und deutschen Modejargon" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 175-192.

PAZOS BRETAÑA, José Manuel (2007): "Aspectos culturales de algunos somatismos alemanes" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 439-444.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada e DÍAZ HORMIGO, Mª Tadea (2008): "Hacia la noción lingüística de motivación", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 51-68.

PÉREZ PAREDES, María del Refugio (2008): Véxase SANZ MARTÍN, Blanca Elena e PÉREZ PAREDES, María del Refugio (2008).

PÉREZ PÉREZ, Herón (2007): "La fortuna del refranero mexicano" en *Paremia* 16, 2007, 45-50.

PIIRAINEN, Elisabeth (2008): "*Gegen Windmühlen kämpfen* — Ein weit verbreitetes europäisches Idiom" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 353-366.

PI-MALLARACH, Josep (2001): "Els neologismes com a indicadors de l'evolució fonològica de la llengua. El cas de les vocals mitjanes en el català central actual" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 317-321.

POSTIGO ALDEAMIL, María Josefa (2007): "Términos paremiológicos en el portugués de los siglos XVI y XVII" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 205-217.

QUIROGA, Paula (2007): "Los estudios fraseológicos del italiano y el español en contraste" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 219-242.

REVISTA *Edad de Oro XXVII* (2008), Departamento de Filología Española, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid.

REVISTA *Estudos de Literatura Oral* (ELO), nº 11/12 (2005-2206): *Homenagem a Julio Camarena (1949-2004)*, Centro de Estudos Ataíde Oliveira. Universidade do Algarve. Patrocinado pela Fundação para a Ciencia e Tecnologia.

REVISTA *Estudos de Literatura Oral* (ELO), nº 7/8 (2001-2002), Centro de Estudos Ataíde Oliveira. Universidade do Algarve. Patrocinado pela Fundação para a Ciencia e Tecnologia.

REVISTA *Estudos de Literatura Oral* (ELO), nº 9/10 (2003-2004), Centro de Estudos Ataíde Oliveira. Universidade do Algarve. Patrocinado pela Fundação para a Ciencia e Tecnologia.

REYES GÓMEZ, Fermín de los (2007): "Juan y Luis Rufo y sus *Apotegmas*" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 175-192.

REYNOS, Lena V. (2008): "'Like Dogs Barking at the Rear of an Elephant': The Animal's *Place* in Maly Proverbs" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 367-378.

RÍO CORBACHO, Mª Pilar (2007): "Refranes meteorológicos y del calendario en *Refranes o proverbios en romance* de Hernán Núñez (1555)" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 113-128.

RÍO CORBACHO, María Pilar (2007): "La paremia hagiográfica castellana, gallega y francesa: su clasificación" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 243-259.

ROMO HERRERO, Lidia (2007): "Refranes recopilados en Tresjuncos (Cuenca)" en *Paremia* 16, 2007, 157-163.

ROSER NEBOT, Nicolás (2007): "*Al-qawl*, *Al-kalima*, *al-mazal wa-l-hikma*: fraseología y paremiología árabes en el Corán" en CONDE TARRÍO, Germán

(Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 193-211.

RUIZ OTÍN, Doris (2001): Véxase LAÍN MARTÍNEZ, Milagro e RUIZ OTÍN, Doris (2001).

RUIZ QUEMOUN, Fernande (2007): "Les expressions idiomatiques, tributaires de la notion de figement" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 181-199.

SABBAN, Annette (2001) : "Funciones de la narración en las revistas de divulgación científica" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 259-271.

SALA CAJA, Lidia (2001): "La sinonimia en el vocabulario de la química del siglo XIX" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 119-129.

SÁNCHEZ GARCÍA, Manuel (2008): "Manipulación fraseológica en la obra de Shakespeare" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 193-205.

SANTILLÁN GRIMM, Paula e ILHAMI, Naima (2007): "Mapeo interdialectal del piropeo en árabe" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 129-140.

SANZ MARTÍN, Blanca Elena e PÉREZ PAREDES, María del Refugio (2008): "Frases hechas con el verbo *tener* y partes del cuerpo", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 249-258.

SARDELLI, Mª Antonella (2007): "Análisis contrastivo español-italiano de fraseologismos relacionados con los brazos" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 141-150.

SARDELLI, Mª Antonella e ACHÚCARRO FERNÁNDEZ, Lourdes (2007): "Florilegio aforístico" en *Paremias* 16, 2007, 165-168.

SCHEMANN, Hans (2008): "Die 'Geburt' eines idiomatischen Ausdrucks: Symbol für die 'Geburt' des Worts?", en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 29-50.

SCHMIDT, Goran (2008): Véxase OMAZIĆ, Marija e SCHMIDT, Goran (2008).

SEMPERE MARTÍNEZ, Joan A. (2001): "La formació del llenguatge de la cibernètica i els anglicismes tècnics" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 333- 338.

SEMUSHINA, Elena (2008): "Instantial usage of phraseological units and compounds in English and Russian" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 207-224.

SEVILLA MUÑOZ, Julia (2007): "El refranero hoy" en *Paremia* 16, 2007, 149-156.

SINNER, Carsten (2001) : "Contextualização de terminologia especializada em textos técnicos portugueses do século XVIII" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 89-103.

SKOREPOVA KOUDELKOVA, Andrea (2007): "*Flaco como un francés*: reflejo de la visión de las demás nacionalidades, razas y religiones en la fraseología checa" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 265-272.

SÖHRMAN, Ingmar (2001): "Comodines semánticos e hipercorrecciones" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 351-361.

SOLANO RODRÍGUEZ, Mª Ángeles (2007): "Coup en la fraseología francesa: el caso del enunciado fraseológico pragmático du coup" en *Paremia* 16, 2007, 107-115.

SOTO ARIAS, Mª Rosario (2008): Véxase LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario (2008).

SULKOWSKA, Monika (2007): "Expressions figées au cours de l'enseignement-apprentissage des langes étrangères" en GONZÁLEZ REY, María Isabel (Dir.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 223-233.

SZPILA, Grzegorz (2008): "Metonymic Replacements in Idioms" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 225-235.

SZPILA, Grzegorz (2008): "Paremic Allusions in Salman Rushdie's Novels" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 379-398.

SZTUBA, Anna (2007): "Los autorretratos y retratos lingüísticos en el refranero polaco. *El hábito hace al monje*. *Habit czyni mnicha*" en CONDE TARRÍO, Germán (Dir.): *El componente etnolingüístico de la Paremiología*. Cortil-Wodon: EME & InterCommunications S.P.R.L., 251-263.

TABLERO VALLAS, Francisco Javier (2007): "Representación acústica y mediación cultural en la onomatopeya japonesa" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 319-328.

TEJEDOR DE FELIPE, Didier (2007): "Estereotipos de España en los dichos y refranes del Barón de Nervo" en LAFUENTE NIÑO, Carmen *et alii* (eds.): *Seminario Internacional 'Colección paremiológica, Madrid 1922-2007'*. Madrid: Biblioteca Histórica Municipal de Madrid, 141-154.

TORRES, Antonio (2001) : "Bases para el estudio del léxico hispánico de flora, fauna y minería recogido en el *Diccionario de voces americanas* (siglo XVIII) de Manuel José de Ayala" en BRUMME, Jenny (ed.): *La historia de los lenguajes iberorrománicos de especialidad. La divulgación de la ciencia.* Frankfurt am Main: Vervuert Verlag, 195-205.

UNSETH, Peter (2008): "How to Collect 1.000 Proverbs Quickly: Field Methods for Collecting Proverbs" en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship* 25, 2008, 399-418.

URBINA FONTURBEL, Raúl (2008): "La cratividad fraseológica en el lenguaje publicitario" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 237-257.

VEIGA LEVRAY, Mª Isabel (2008): "Les expressins figées chez Brassens" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 259-272.

VV.AA. (2007) : *Revista de Llengua i dret*. Generalitat de Catalunya. Escola d' Administració Pública de Catalunya, Barcelona, 518 páxinas.

VYSHNYA, Natalia (2007): "Espacio fraseológico conceptual del 'mal' en ucraniano y español a través de la oposición con el 'diablo' y su hábitat" en *Paremia* 16, 2007, 63-72.

WOTJAK, Gerd (2007): "Algunas reflexiones acerca de lengua y cultura" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 213-234.

ZALYALEEVA, Alsu (2008): "Russian Phraseological Units and Proverbs as Headlines of Newspaper and Magazine Articles" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 273-286.

ZHENG QUAN, Zhang (2007): "Expresiones de la sabiduría de vida en boca de los chinos" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje I. El significado como corolario cultural.* Granada: Granada Lingvistica, 273-287.

ZULUAGA OSPINA, Alberto (2008): "La unidad fraseológica como título" en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Hamburgo: Verlag Dr. Kovač, 287-312.

Balance

Índice dos dez primeiros números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 1, 2000 – 10, 2008

1. Relación de autores e traballos

1.1. Artigos

AARLI, Gunn (2008): Véxase MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A. e AARLI, Gunn.

ACUÑA, Ana (2006): "Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas" en *CFG* 8,2006,13-27.

ALONSO RAMOS, Margarita (2006): "Entón, ¿é unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións" en *CFG* 8,2006,29-43.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): "Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas" en *CFG* 4,2003,9-34.

(2005): "Glosario de locucións adverbiais do galego medieval" en *CFG* 7,2005,13-40.

ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka e GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos (2008): "Alternancia e fixación do diminutivo nas unidades fraseolóxicas" en *CFG* 10,2008,15-33.

ARBULU AGUIRRE, Javier (2008): Véxase ECHEVARRÍA ISUSQUIZA, Isabel e ARBULU AGUIRRE, Javier (2008).

ARES LICER, Elisabete (2007): "Deseño dun banco de datos de equivalencias entre unidades fraseolóxicas do portugués do Brasil (LO) e o galego (LM)" en *CFG* 9,2007,13-30.

BAPTISTA, Jorge, FERNANDES, Graça e CORREIA, Anabela (2005): "Léxico-gramática das frases fixas do portugués europeo. Breve presentación" en *CFG* 7,2005,41-53.

BARÁNOV, Anatolij e DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2006): "Tesouro de fraseoloxía como problema semántico e lexicográfico" en *CFG* 8,2006,45-94.

BLANCO ESCODA, Xavier (2006): "Significacións gramaticais e sentidos colocacionais: ¿máis ca unha simple coincidencia?" en *CFG* 8,2006,95-110.

BRUMME, Jenny (2008): "As unidades fraseolóxicas no castelán de Cataluña. Revisión dunha norma constituínte a partir da perspectiva histórica" en *CFG* 10,2008,35-53.

CARBONELL BASSET, Delfín (2005): "O clixé e a fraseoloxía tópica española" en *CFG* 7,2005,55-73.

CATALÀ GUITART, Dolors (2004): "Formalización lingüística dos adverbios compostos do catalán" en *CFG* 6,2004,11-26.

(2008): "Elementos de descrición dos adverbios fixos do catalán no dominio culinario" en *CFG* 10,2008,55-65.

CHACOTO, Lucilia (2007): "A sintaxe dos proverbios. As estruturas *quem* / *quien* en portugués " en *CFG* 9,2007,31-53.

CONCA, Maria (2005): "Achegas da fraseoloxía á didáctica da lingua e a literatura" en *CFG* 7,2005,75-89.

CONDE TARRÍO, Germán (2004): "Hernán Núñez (1555) e Gonzalo Correas (1627): os primeiros refraneiros galegos" en *CFG* 6,2004,27-56.

CORREIA, Anabela (2005): Véxase BAPTISTA, Jorge, FERNANDES, Graça e CORREIA, Anabela (2005).

CORVO SÁNCHEZ, Mª José (2008): "Dúas seccións fraseolóxicas plurilingües nos Sprachbücher de Juan Ángel de Zumaran" en *CFG* 10,2008,67-78.

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2007): "Comparación das paremias relacionadas coa meteoroloxía e os labores dependentes do clima en español e grego moderno" en *CFG* 9,2007,55-66.

DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2006): Véxase BARÁNOV, Anatolij e DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij.

ECHEVARRÍA ISUSQUIZA, Isabel e ARBULU AGUIRRE, Javier (2008): "Apuntamentos sobre fraseoloxía e literatura" en *CFG* 10,2008,79-94.

ETTINGER, Stefan (2008): "Alcances e límites da fraseodidáctica. Dez preguntas clave sobre o estado actual da investigación" en *CFG* 10,2008,95-127.

FERNANDES, Graça (2005): Véxase BAPTISTA, Jorge, FERNANDES, Graça e CORREIA, Anabela (2005).

FERRO RUIBAL, Xesús (2004): "Explicitación e implicitación fraseolóxica. Notas galegas" en *CFG* 6,2004,57-80.

(2007): "'Cando chove e dá o sol' ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?" en *CFG* 9,2007,67-94.

FERRO RUIBAL, Xesús e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega" en *CFG* 4,2003,35-58.

GARCÍA-PAGE, Mario (2006): "O acrónimo fraseolóxico" en *CFG* 8,2006,111-121.

GARGALLO GIL, José Enrique (2007): "'Garda o teu saio para maio' Consellos de abrigo no calendario romance de refráns" en *CFG* 9,2007,95-112.

GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María (2004): "Os rexistros e os niveis de lingua na fraseoloxía: unha aproximación descritiva das locucións nun corpus textual galego" en *CFG* 6,2004,81-112.

GONDAR PORTASANY, Marcial (2008): "A hermenéutica cultural como ferramenta para a fraseoloxía. O caso dos "dicta" populares sobre o paseo e a paisaxe" en *CFG* 10,2008,129-161.

GONZÁLEZ-ESPRESATI, Carlos (2008): Véxase ÁNGELOVA NÉNKOVA, Véselka e GONZÁLEZ-ESPRESATI.

GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2005): "Castelán 'a hecho', galego 'a eito': dúas locucións de diferente fortuna" en *CFG* 7,2005,91-117.

(2007): Véxase SOTO ARIAS, María Rosario e GONZÁLEZ GARCÍA, Luis.

GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (2004): "A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada" en *CFG* 6,2004,113-130.

(2006): "A fraseodidáctica e o Marco europeo común de referencia paras as linguas" en *CFG* 8,2006,123-145.

GUERBEK, Ekaterina; MOKIENKO, Valerii e VLASÁKOVÁ, Kateřina (2004): "Aplicación da teoría de modelos semántico-estruturais das locucións á organización dun dicionario plurilingüe de sinónimos fraseolóxicos" en *CFG* 6,2004,131-139.

HEINEMANN, Axel (2007): "La langue dans la langue: O tratamento metalexicográfico das unidades fraseolóxicas seleccionadas nos dicionarios académicos do século XVIII en Francia, Italia e España " en *CFG* 9,2007,113-135.

JORGE, Guilhermina (2005): "Periplo pola fraseoloxía portuguesa: abordaxe lexicográfica" en *CFG* 7,2005,119-133.

KLEIN, Jean René (2006): "Problemas relacionados coa determinación da forma «canónica» nunha base de datos de refráns franceses (DicAuPro)" en *CFG* 8,2006,147-163.

KÓTOVA, Marina (2005): "Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía" en *CFG* 7,2005,135-148.

LACHKAR, Abdenbi (2008): "Literal/metafórico, proverbio/non proverbio? Para identificar as locucións estereotipadas expresivas" en *CFG* 10,2008,163-173.

LARRETA ZULATEGUI, Juan Pablo (2004): "Colocacións verbais: estabilidade fraseolóxica vs. combinatoria sintáctico-semántica" en *CFG* 6,2004,141-147.

MANSILLA, Ana (2007): "A fraseoloxía da música na vida cotiá Un estudo contrastivo (alemán - español)" en *CFG* 9,2007,137-144.

MARTÍNEZ LÓPEZ, Juan A. e AARLI, Gunn (2008): "Locucións e colocacións: algunhas causas da coaparición dos seus formantes" en *CFG* 10,2008,175-188.

MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2003): "O labor de fraseógrafo de Manuel Leiras Pulpeiro" en *CFG* 4,2003,59-77.

MASIULIONYTĖ, Virginija e ŠILEIKAITĖ, Diana (2007): "¿Como enfadarse en lituano? Comparacións fixas para expresar enfado, carraxe e ruindade na fraseoloxía lituana" en *CFG* 9,2007,145-165.

MELLADO BLANCO, Carmen (2004): "A relevancia da teoría da modelabilidade de Valerii Mokienko a través da súa monografía 'Fraseoloxía Eslava' (1980/trad. 2000)" en *CFG* 6,2004,149-158.

MENAKER, Angelika (2008): "As funcións da cor verde en unidades fraseolóxicas españolas, húngaras e alemás" en *CFG* 10,2008,189-205.

MOGORRÓN HUERTA, Pedro (2005): "As locucións verbais nos dicionarios" en *CFG* 7,2005,149-176.

MOKIENKO, Valerii (2004): Véxase GUERBEK, Ekaterina, MOKIENKO, Valerii e VLASÁKÓVA, Kateřina.

MOLINA PLAZA, Silvia (2008): "Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos" en *CFG* 10,2008,207-219.

MORVAY, Károly (2004): "Por unha metafraseografía peninsular" en *CFG* 6,2004,159-168.

(2004): "Reflexións verbo da 'Fraseoloxía eslava' de V. Mokienko" en *CFG* 6,2004,169-189.

MUÑIZ ÁLVAREZ, Eva María (2005): "Notas para unha análise comparativa das nocións de 'restrición léxica' e 'colocación'" en *CFG* 7,2005,177-190.

NOGUEIRA SANTOS, Antonio (2006): "Fraseoloxía comparada portugués-inglés: cão/gato-dog/cat" en *CFG* 8,2006,165-175.

(2007): "Fraseoloxía comparada — hendíade en inglés e portugués " en *CFG* 9,2007,167-171.

NOUESHI, Mona (2008): "Os grandes pícaros nas anécdotas e modismos alemáns e árabes. Un estudo comparativo" en *CFG* 10,2008,221-238.

PAMIES BERTRÁN, Antonio e PAZOS BRETAÑA[1], José Manuel (2004): "Extracción automática de colocacións e modismos" en *CFG* 6,2004,191-203.

PAZ ROCA, Mª Carmen (2004): "Estudo das colocacións a través da análise de corpus: un estudo práctico das colocacións co verbo galego 'caer' e o correspondente inglés 'to fall'" en *CFG* 6,2004,205-219.

PAZOS BRETAÑA[2], José Manuel (2004): Véxase PAMIES BERTRÁN, Antonio e PAZOS BRETAÑA, José Manuel.

PEREIRA GINET, Tomás (2005): "Fiando paremias (I): glosario paremiolóxico multilingüe galego, portugués, castelán, francés, italiano e inglés" en *CFG* 7,2005,191-223.

PÉREZ MARTÍNEZ, Herón (2005): "Os ditos do 'Diccionario de mejicanismos' de Santamaría" en *CFG* 7,2005,225-238.

PIIRAINEN, Elisabeth (2007): "Locucións espalladas por Europa e máis alá" en *CFG* 9,2007,173-193.

RÍO CORBACHO, Pilar (2005): "O 'refrán meteorolóxico': estudo, comparación con outras linguas (castelán e francés) e proposta de nova denominación" en *CFG* 7,2005,239-260.

SCHEMANN, Hans (2007): "Factores modelo xeométricos descritibles e non descritibles para a constitución semántica de expresións idiomáticas e perspectivas de elaboración dun dicionario idiomático monolingüe e bilingüe galego" en *CFG* 9,2007,195-221.

SEVILLA MUÑOZ, Julia (2004): "O concepto 'correspondencia' na tradución paremiolóxica" en *CFG* 6,2004,221-229.

ŠILEIKAITĖ, Diana (2007): Véxase MASIULIONYTĖ, Virginija e ŠILEIKAITĖ, Diana.

SOTO ARIAS, Mª do Rosario (2004): "Aplicacións didácticas dos refráns" en *CFG* 6,2004,231-250.

[1] Na edición do artigo figurou por error PAZOS GRANADA.
[2] Na edición do artigo figurou por error PAZOS GRANADA.

SOTO ARIAS, María Rosario e GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2007): "Do verbo antigo en Johan Garcia de Guilhade" en *CFG* 9,2007,223-232.

VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Aproximación ó 'mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica" en *CFG* 4,2003,9-116.

(2003): Véxase FERRO RUIBAL, Xesús e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana.

VLASÁKOVÁ, Kateřina (2004): Véxase GUERBEK, Ekaterina, MOKIENKO, Valerii e VLASÁKÓVA, Kateřina.

WIRRER, Jan (2005): "'Wat mehr regelt en Gesett'. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada" en *CFG* 7,2005,261-276.

ZULUAGA OSPINA, Alberto (2005): "Interpretación textolingüística de fraseoloxismos quixotescos" en *CFG* 7,2005,277-289.

1.2. Recadádivas

BARBEITO LORENZO, María Dolores (2005): "Frases feitas do Concello das Neves" en *CFG* 7,2005,293-301.

BELOSO GÓMEZ, Josefa (2003): Véxase VÁZQUEZ SACO, Francisco.

BUJÁN OTERO, Patricia (2003): "El refrán y su sombra (Faro de Vigo) por José Sesto" en *CFG* 4,2003,345-369.

(2003): Véxase VÁZQUEZ SACO, Francisco.

BUJÁN OTERO, Patricia, FERRO RUIBAL, Xesús, PAZ ROCA, Mª Carmen, RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)" en *CFG* 4,2003,173-343.

EIROA GARCÍA-GARABAL, Juan A. (2003): Véxase RUÍZ LEIVAS, Cristovo e EIROA GARCÍA-GARABAL, Juan A.

FERRO RUIBAL, Xesús (2003): Véxase BUJÁN OTERO, Patricia, FERRO RUIBAL, Xesús, PAZ ROCA, Mª Carmen, RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana.

(2003): Véxase VÁZQUEZ SACO, Francisco.

(2006): "Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas" en *CFG* 8,2006,179-264.

(2007): Véxase VENTÍN DURÁN, José Augusto.

(2008): "Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro" en *CFG* 10,2008,241-253.

FERRO RUIBAL, Xesús e VEIGA NOVOA, Cristina (2006): "'Paremias selectas'. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópiz Méndez" en *CFG* 8,2006,267-315.

LÓPEZ BARREIRO, Margarita (2006): "Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)" en *CFG* 8,2006,317-327.

MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2007): "108 fórmulas galegas" en *CFG* 9,2007,235-246.

PAZ ROCA, Mª Carmen (2003): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)" en *CFG* 4,2003,129-141.

(2003): Véxase BUJÁN OTERO, Patricia, FERRO RUIBAL, Xesús, PAZ ROCA, Mª Carmen, RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana.
(2003): Véxase VÁZQUEZ SACO, Francisco.
(2007): "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco" en *CFG* 9,2007,247-293.

PAZ ROCA, Mª Carmen e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2004): "Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco" en *CFG* 6,2004,253-264.

PENÍN RODRÍGUEZ, Dorinda (2008): "Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo" en *CFG* 10,2008,255-264.

RIAL SANTOS, Raquel (2007): Véxase VENTÍN DURÁN, José Augusto.

RIVAS, Paco (2000): "Fraseoloxía do mar na mariña luguesa" en *CFG* 1,2000 (vol. monográfico; 90 pp).

RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta (2003): Véxase BUJÁN OTERO, Patricia, FERRO RUIBAL, Xesús, PAZ ROCA, Mª Carmen, RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana.

RUÍZ LEIVAS, Cristovo e EIROA GARCÍA-GARABAL, Juan A. (2003): "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos" en *CFG* 4,2003,371-387.

SALGUEIRO VEIGA, Emma Mª (2007): Véxase VENTÍN DURÁN, José Augusto.

SOTO ARIAS, Mª do Rosario (200): "Achegas a un dicionario de refráns galego castelán, castelán -galego" en *CFG* 3, 2003 (vol. monográfico; 344 pp.).

TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): "Refraneiro galego" en *CFG* 2,2000 (vol. monográfico; 192 pp.).

VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal e Mª Carmen Paz Roca" en *CFG* 5,2003. (vol. monográfico; CXVII + 1067 pp.).

VÁZQUEZ, Lois (2003): "Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López" en *CFG* 4,2003,143-171.

VEIGA NOVOA, Cristina (2006): Véxase FERRO RUIBAL, Xesús e VEIGA NOVOA, Cristina.

VENTÍN DURÁN, José Augusto (2007): "Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Edición crítica de Xesús Ferro Ruibal, Raquel Rial Santos, Emma Mª Salgueiro Veiga, Ana Vidal Castiñeira, e cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira." en Anexo 1,2007 de *CFG*. (Volume monográfico).

VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía" en *CFG* 4,2003,117-128.
(2003): Véxase BUJÁN OTERO, Patricia, FERRO RUIBAL, Xesús, PAZ ROCA, Mª Carmen, RODRÍGUEZ AÑÓN, Marta e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana.
(2004): Véxase PAZ ROCA, Mª Carme e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana.
(2007): Véxase VENTÍN DURÁN, José Augusto.

1.3. Recensións

ALESSANDRO, Arianna (2006): Véxase ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora e SIMONA, Federica.

ALMELA, R, RAMÓN, E. e WOTJAK, G (eds) (2005): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*. Reseña de Carmen Mellado Blanco en *CFG* 8,2006,331-333.

ALONSO RAMOS, Margarita (ed) (2006): *Diccionarios y Fraseología*. Reseña de Cristina Veiga Novoa en *CFG* 9,2007,297-322.

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas*. Reseña de Jorge Leiva Rojo en *CFG* 6,2004,267-270.

(2004): Reseña de GONZÁLEZ REY, Mª Isabel (2002): *La phraséologie du français* en *CFG* 6,2004,272-274.

(2008): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología*. Reseña de Luis González García en *CFG* 10,2008,267-274.

ANDRÉS, Olimpia de (2005): Véxase SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS, Gabino.

BIRIKH, Alexander K., MOKIENKO, Valerii M., STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998): *Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник* ('Dicionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas'). Reseña de Ekaterina Guerbek en *CFG* 7,2005,305-308.

BOSQUE MUÑOZ, Ignacio (2004): *Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo*. Reseña de María Isabel González Rey en *CFG* 7,2005,308-313.

BUJÁN OTERO, Patricia (2005): Reseña de IÑESTA MENA, Eva María e PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos* en *CFG* 7,2005,320-323.

CAÑIZO DURÁN, Leopoldo (2006): Reseña de LUQUE DURÁN, J. de D. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología* en *CFG* 8,2006,337-340.

CARBONELL BASSET, Delfín (2004): *Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Usted necesita) A Spanish and English Dictionary of Idioms (The phrases you need)*. Reseña de Ana García Lozano en *CFG* 6,2004,271-272.

CASTRO OTERO, Salvador e outros (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Reseña de Xesús Ferro Ruibal en *CFG* 7,2005,314-316. .

CONDE TARRÍO, Xermán (2008): Reseña de GONZÁLEZ REY, Isabel (2007): *La didactique du français idiomatique* en *CFG* 10,2008,283-284.

(2007): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées*. Reseña de Emma Mª Salgueiro Veiga en *CFG* 10,2008,274-279.

(2007): *El componente etnolingüístico de la paremiología*. Reseña de Cristina Rodríguez Nieto en *CFG* 10,2008,279-282.

CONSELLO DE REDACCIÓN (2004): "Noticia de traballos fraseolóxicos feitos en Galicia ou en curso de elaboración dende o ano 2000 e que están inéditos en prensa ou en elaboración" en *CFG* 6,2004,285-288.

COUCEIRO, Xosé (2005): *Expresións populares da nosa comarca [Forcarei]*. Reseña de Xesús Ferro Ruibal en *CFG* 7,2005,318-320.

DOBROVOL'SKIJ, D. e PIIRAINEN, E. (2005): *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives*. Reseña de Cristina Veiga Novoa en *CFG* 8,2006,334-337.

ETTINGER, Stefan e NUNES, Manuela (2006): *Portugiesische Redewendungen*. Reseña de Carmen Mellado Blanco en *CFG* 9,2007,301-304.

FERRO RUIBAL, Xesús (2005): Reseña de CASTRO OTERO, Salvador e outros (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo* en *CFG* 7,2005,314-316.

(2005): Reseña de RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel (2005): *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias* en *CFG* 7,2005,316-318.

(2005): Reseña de COUCEIRO, Xosé (2005): *Expresións populares da nosa comarca [Forcarei]* en *CFG* 7,2005,318-320.

(2006): Reseña de MIEDER, Wolfgang (2004): *Proverbs: a handbook* en *CFG* 8,2006,340-342.

(2007): Reseña de LURATI, Ottavio (2002): *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee* en *CFG* 9,2007,305-311.

GARCÍA LOZANO, Ana (2004): Reseña de CARBONELL BASSET, Delfín (2004): *Diccionario inglés y español de modismos (Las frases que Usted necesita) A Spanish and English Dictionary of Idioms (The phrases you need)* en *CFG* 6,2004,271-272.

GIRÁLDEZ ARIAS, Isabel (2007): Reseña de SCHEMANN, H. e SCHEMANN-DIAS, L. (1979): *Dicionario Idiomático Português-Alemão* en *CFG* 9,2007,314-318.

(2007): Reseña de SCHEMANN, H. (2002): *Idiomatik Deutsch – Portugiesisch* en *CFG* 9,2007,314-318.

(2007): Reseña de SCHEMANN, H. e SCHEMANN-DIAS, L. (2005): *Dicionario Idiomático Português–Alemão*. Reseña de Isabel Giráldez Arias en *CFG* 9,2007,314-318.

GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María (2008): Reseña de LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario (2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia en *CFG* 10,2008, 284-287.

GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2005): Reseña de SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles* en *CFG* 7,2005,330-333.

(2008): Reseña de ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2008): *Lenguaje figurado y motivación. Una perspectiva desde la fraseología* en *CFG* 10,2008,267-274.

GONZÁLEZ REY, Isabel (2002): *La phraséologie du français*. Reseña de María Álvarez de la Granja en *CFG* 6,2004,272-274.

(2005): Reseña de BOSQUE MUÑOZ, Ignacio (2004): *Redes (las palabras en su contexto). Diccionario combinatorio del español contemporáneo* en *CFG* 7,2005,308-313.

(2007): Reseña de PAMIES BERTRÁN, Antonio e RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005): *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes)* en *CFG* 9,2007,311-313.

(2007): *La didactique du français idiomatique*. Reseña de Xermán Conde Tarrío en *CFG* 10,2008,283-284.

(2008): Reseña de NETZLAFF, Marion (2005) : *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol* en *CFG* 10,2008,294-298.

GUERBEK, Ekaterina (2005): Reseña de BIRIKH, Alexander K., MOKIENKO, Valerii M., STEPÁNOVA, Liudmila I. (1998): *Словарь русской фразеологии: Историко-этимологический справочник* ('Dicionario de fraseoloxía rusa: libro de referencias histórico-etimolóxicas') en *CFG* 7,2005,305-308.

HERRERO KACZMAREK, Claudia (2008): Reseña de MELLADO BLANCO, Carmen (2008): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht* en *CFG* 10,2008,287-289.

IÑESTA MENA, Eva María e PAMIES BERTRÁN, Antonio (2002): *Fraseología y metáfora: aspectos tipológicos y cognitivos*. Reseña de Patricia Buján Otero en *CFG* 7,2005,320-323.

IOPPOLI, Eleonora (2006): Véxase ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora e SIMONA, Federica.

LEIVA ROJO, Jorge (2004): Reseña de ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas* en *CFG* 6,2004,267-270.

LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario (2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Reseña de Xosé María Gómez Clemente en *CFG* 10,2008,284-287.

LUQUE DURÁN, J. de D. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Reseña de Leopoldo Cañizo Durán en *CFG* 8,2006,337-340.

LURATI, Ottavio (2002): *Per modo di dire. Storia della lingua e antropologia nelle locuzioni italiane ed europee.* Reseña de Xesús Ferro Ruibal en *CFG* 9,2007,305-311.

MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán*. Reseña de Cristina Veiga Novoa en *CFG* 6,2004,275-279.

(2005): Reseña de RODRÍGUEZ VIDA, Susana (2004): *Diccionario temático de frases hechas* en *CFG* 7,2005,323-329.

(2006): Reseña de ALMELA, R., RAMÓN, E. e WOTJAK, G. (eds) (2005): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano* en *CFG* 8,2006,331-333.

(2007): Reseña de ETTINGER, Stefan e NUNES, Manuela (2006): *Portugiesische Redewendungen* en *CFG* 9,2007,301-304. (2008): *Beiträge zur Phraseologie aus textueller Sicht*. Reseña de Claudia Herrero Kaczmarek en *CFG* 10,2008,287-289.

(2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios*. Reseña de Alba Vidal Fernández en *CFG* 10,2008,290-293.

(2008): Reseña de OLIMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica* en *CFG* 10,2008,298-303.

MIEDER, Wolfgang (2004): *Proverbs: a handbook*. Reseña de Xesús Ferro Ruibal en *CFG* 8,2006,340-342.

MOKIENKO, Valerii (2005): Véxase BIRIKH, Alexander K., MOKIENKO, Valerii M., STEPÁNOVA, Liudmila I.

NETZLAFF, Marion (2005): *La collocation adjectif-adverbe et son traitement lexicographique. Français – allemand – espagnol*. Reseña de Mª Isabel González Rey en *CFG* 10,2008,294-298.

NUNES, Manuela (2006): Véxase ETTINGER, Stefan e NUNES, Manuela (2006).

OLIMPIO DE OLIVEIRA SILVA, Maria Eugênia (2007): *Fraseografía teórica y práctica*. Por Carmen Mellado Blanco en *CFG* 10,2008,298-303.

PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds) (2005): Véxase LUQUE DURÁN, J. de D. e PAMIES BERTRÁN.

(2002): Véxase IÑESTA MENA, Eva María e PAMIES BERTRÁN, Antonio.

PAMIES BERTRÁN, Antonio e RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005): *El lenguaje de los enfermos (Metáfora y fraseología en el habla espontánea de los pacientes)*. Reseña de Mª Isabel González Rey en *CFG* 9,2007,311-313.

PIIRAINEN, E. (2006): Véxase DOBROVOL'SKIJ, D. e PIIRAINEN, E.

QUIROGA MUNGUÍA, Paula (2008): Reseña de ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora e SIMONA, Federica (2006): *Hai Voluto la bicicletta… Esercizi su fraseología e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2* en *CFG* 10,2008,304-307.

RAMÓN, E. (2005): Véxase ALMELA, R., RAMÓN, E. e WOTJAK, G.

RAMOS, Gabino (2005): Véxase SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS, Gabino.

RODRÍGUEZ LEÓN, Mª Esmeralda (2003): *Pequeno refraneiro alemán-galego*. Reseña de Cristina Veiga Novoa en *CFG* 6,2004,279-283.

RODRÍGUEZ NIETO, Cristina (2008): Reseña de CONDE TARRÍO (2007): *El componente etnolingüístico de la paremiología* en *CFG* 10,2008,279-282.

RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca (2005): Véxase PAMIES BERTRÁN, Antonio e RODRÍGUEZ SIMÓN, Francisca.

RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel (2005): *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume. Guntín da Caniza. Memorias*. Reseña de Xesús Ferro Ruibal en *CFG* 7,2005,316-318.

RODRÍGUEZ VIDA, Susana (2005): *Diccionario temático de frases hechas*. Reseña de Carmen Mellado Blanco en *CFG* 7,2005,323-329.

SALGUEIRO VEIGA, Emma Mª (2008): Reseña de CONDE TARRÍO (2007): *Nouveaux apports à l'étude des expressions figées* en *CFG* 10,2008,274-279.

SCHEMANN, H. (2002): *Idiomatik Deutsch – Portugiesisch*. Reseña de Isabel Giráldez Arias en *CFG* 9,2007,314-318.

SCHEMANN, H. e SCHEMANN-DIAS, L. (1979): *Dicionario Idiomático Português-Alemão*. Reseña de Isabel Giráldez Arias en *CFG* 9,2007,314-318.

(2005): *Dicionario Idiomático Português–Alemão*. Reseña de Isabel Giráldez Arias en *CFG* 9,2007,314-318.

SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia de e RAMOS Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles*. Reseña de Luis González García en *CFG* 7,2005,330-333.

SIMONA, Federica (2006): Véxase ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora e SIMONA, Federica.

SOTO ARIAS, María Rosario (2008): Véxase LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario.

STEPÁNOVA, Liudmila I. (2005): Véxase BIRIKH, Alexander K., MOKIENKO, Valerii M., STEPÁNOVA, Liudmila I.

VEIGA NOVOA, Cristina (2004): Reseña de MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán* en *CFG* 6,2004,275-279.

(2004): Reseña de RODRÍGUEZ LEÓN, Mª Esmeralda (2003): *Pequeno refraneiro alemán-galego* en *CFG* 6,2004,279-283.

(2006): Reseña de DOBROVOL'SKIJ, D. e PIIRAINEN, E.: (2005): *Figurative Language: Cross-cultural and Cross-linguistic Perspectives* en *CFG* 8,2006,334-337.

(2007): Reseña de ALONSO RAMOS, Margarita (ed) (2006): *Diccionarios y Fraseología* en *CFG* 9,2007,297-322.

VIDAL FERNÁNDEZ, Alba (2008): Reseña de MELLADO BLANCO, Carmen (2008): *Colocaciones y fraseología en los diccionarios* en *CFG* 10,2008,290-293.

WOTJAK, G. (eds) (2006): Véxase ALMELA, R., RAMÓN, E. e WOTJAK, G.

ZAMORA MUÑOZ, Pablo; ALESSANDRO, Arianna; IOPPOLI, Eleonora e SIMONA, Federica (2006): *Hai Voluto la bicicletta… Esercizi su fraseología e segnali discorsivi per studenti di italiano LS/L2*. Reseña de Paula Quiroga Munguía en *CFG* 10,2008,304-307.

1.4. Novas

Novas (2005): Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía en *CFG* 7,2005,337-338.

Novas (2005): *Europhras* en *CFG* 7,2005,338.

Novas (2005): *Paremia* en *CFG* 7,2005,338-339.

Novas (2005): *Proverbium* en *CFG* 7,2005,339-340.

Novas (2006): Congreso Internacional de Fraseoloxía e Paremioloxía en *CFG* 8,2006,345-351.

Novas (2008): Fraseonet en *CFG* 10,2008,311.

Novas (2008): Frasespal en *CFG* 10,2008,312-313.

1.5. Publicacións recibidas na redacción

Libros e separatas recibidos na Redacción en *CFG* 7,2005,340-343.

Libros, separatas e revistas recibidas na Redacción en *CFG* 8,2006,352-363.

Libros, revistas ou artigos recibidos en *CFG* 9,2007,325-332.

Libros, revistas ou artigos recibidos en *CFG* 10,2008,313-331.

2. Procedencia dos autores

A	Universität Salzburg	Heinemann, Axel
B	Université Catholique de Louvain	Klein, Jean René
D	Universität Bielefeld	Wirrer, Jan
	Universität Tübingen	Zuluaga Ospina, Alberto
	Universität Augsburg	Ettinger, Stefan
	Steinfurt	Piirainen, Elisabeth
E	Universidade da Coruña	Alonso Ramos, Margarita
		González García, Luís (3)
	Universidade de Santiago de Compostela	Conde Tarrío, Germán (2)
		Gondar Portasany, Marcial
		González Rey, Mª Isabel (6)
		Herrero Kaczmarek, Claudia
		Mellado Blanco, Carmen (6)
		Muñiz Álvarez, Eva María
		Río Corbacho, Pilar
	Instituto da Lingua Galega. USC; Universidade de Santiago de Compostela	Álvarez de la Granja, María (2)
	Universidade de Vigo	Acuña, Ana
		Corvo Sánchez, Mª José
		Gómez Clemente, Xosé María
		Pereira Ginet, Tomás
		Ares Licer, Elisabete
	Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela	Guerbek, Ekaterina (2)
		Katerina Vlasáková
	Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	Buján Otero, Patricia (2)
		Cañizo Durán, Leopoldo
		Ferro Ruibal, Xesús (8)
		García Lozano, Ana
		Giráldez Arias, Isabel
		Paz Roca, Mª Carmen
		Rodríguez Añón, Marta
		Rodríguez Nieto, Cristina
		Salgueiro Veiga, Emma Mª
		Veiga Novoa, Cristina (5)
		Vidal Castiñeira, Ana (4)
		Vidal Fernández, Alba
	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Rivas, Paco
	I.E.S. Eusebio da Guarda. A Coruña	Soto Arias, Mª do Rosario (2)
	Escola Oficial de Idiomas. Vigo	Barbeito Lorenzo, Mª Dolores
		López Barreiro, Margarita
		Martíns Seixo, Ramón Anxo
		Penín Rodríguez, Dorinda
	Escola Oficial de Idiomas. Vilagarcía	Paz Roca, Mª Carmen
	Lugo	Rivas, Paco
	Madrid	Carbonell Basset, Delfín

	Ourense	Ruíz Leivas, Cristovo
	Santiago de Compostela	Veiga Novoa, Cristina
	Revista *Estudios* (Madrid)	Vázquez, Lois
	Euskal Erico Unibertsitatea (Universidade do País Vasco)	Echevarría Isusquiza, Isabel
		Arbulu, Aguirre, Javier
	Universitat Autònoma de Barcelona	Blanco Escoda, Xavier
		Català Guitart, Dolors (2)
	Universidad Complutense de Madrid	Sevilla Muñoz, Julia
	Universitat d'Alacant	Mogorrón Huerta, Pedro
	Universitat de Barcelona	Gargallo Gil, José Enrique
	Universidad de Granada	Pamies Bertrán, Antonio
		Pazos Bretaña, José Manuel
	Universidad de Málaga	Leiva Rojo, Jorge
	Universidad de Murcia	Mansilla, Ana
	UNED	García-Page, Mario
	Universidad Politécnica de Madrid	Molina Plaza, Silvia
	Universitat Pompeu Fabra	Brumme, Jenny
	Universidad de Sevilla	Larreta Zulategui, Juan Pablo
	Universitat de València	Conca, Maria
	Universidad de Valladolid	Ángelova Nénkova, Véselka
		González-Espresati, Carlos
		Quiroga Munguía, Paula
EG	Universidade do Cairo	Noueshi, Mona
GR	Universidade de Atenas	Crida Álvarez, Carlos Alberto
LT	Universiteto Vilnius	Masiulionytė, Virginija
		Šileikaitė, Diana
MA	Université Ibn Zohr, Agadir	Lachkar, Abdendi
MX	Colegio de Michoacán, México	Pérez Martínez, Herón
NO	Norges Handelshøyskole Forsiden (NHH)	Martínez López, Juan A,
	Universitetet i Bergen	Aarli, Gunn
P	Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa	Jorge, Guilhermina
	Universidade do Algarve	Baptista, Jorge
	Universidade do Algarve e Onset-CEL	Chacoto, Lucília
	Universidade do Minho	Schemann, Hans
	L2F - Spoken Language Laboratory, INESC-ID Lisboa	Correia, Anabela
	San Pedro de Moel, Portugal	Nogueira Santos, Antonio (2)
RU	Academia Rusa das Ciencias; Universidade Estatal de Moscova	Dmitrij Dobrovol'skij
	Academia Rusa das Ciencias	Baránov, Anatolij
	Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet	Kótova, Marina
RU, D	Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet; Institut für Slawistik, Universität Greifswald	Mokienko, Valerii
UK	University of Wolverhampton	Paz Roca, Mª Carmen

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Notas para a presentación de colaboracións

1. O obxectivo dos Cadernos de Fraseoloxía Galega é difundir materiais fraseolóxicos galegos inéditos e reflexións teóricas sobre a fraseoloxía así como traballos referidos á súa tradución e didáctica. Terán tamén cabida recensións de publicacións ou teses de doutoramento así como traducións de grandes contribucións fraseolóxicas que tiveron circulación restrinxida por razón da lingua orixinal ou porque nunca se reeditaron.

2. A lingua de publicación é a galega seguindo as normas da Real Academia Galega. A revista ofrecerá un servizo de tradución ó galego para os artigos dos investigadores que non puidesen redactalos directamente nesta lingua.

3. As seccións da revista son as seguintes: estudos, recadádivas, recensións e bibliografía. Os estudos terán un peso cuantitativo maior cás recadádivas e aquí incluiranse todo tipo de traballos teóricos relacionados coa fraseoloxía. Nas recensións presentaranse e comentaranse brevemente as publicacións fraseolóxicas máis recentes, mentres que a bibliografía dará conta de traballos fraseolóxicos igualmente recentes, aínda que inéditos.

4. Os traballos serán inéditos e a extensión máxima desexable é de 15 páxinas mecanografadas en fonte Times New Roman de corpo 12.

5. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que non afecten ó contido. Nese caso solicitarase a autorización do autor ou

6. O autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de texto máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos

7. No inicio do artigo deberá incluírse un resumo ou *abstract* en galego e inglés dunha extensión máxima de dez liñas, así como unha enumeración de, como máximo, 5 palabras clave.

8. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor ou autora e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións encabezaranse coa ficha bibliográfica completa do traballo comentado. O nome do autor ou autora poñerase ó final do traballo.

9. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2...; 1.1., 1.2...; 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

10. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas incluiranse no texto indicando entre parénteses o primeiro apelido do autor ou autora, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e.: "... (Corpas 1996) ou (Álvarez 1999:20)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

11. As citas curtas que non superen as tres liñas deben situarse entre comiñas dobres dentro do texto principal, en letra redonda. No caso de citas máis longas, deberán situarse en parágrafos á parte, con sangría pola esquerda, en cursiva. Empregaranse comiñas simples para marcar unha cita dentro doutra cita.

Respecto ó uso de comiñas e cursiva, no próximo número do 2009:

a) En xeral, usaranse preferente as comiñas altas ou inglesas ("..."), e nun segundo nivel as simples ('...').

b) Os fraseoloxismos marcaranse sempre mediante cursiva, mentres que a explicación dos seus significados debe figurar entre comiñas simples.

c) Os estranxeirismos e préstamos marcaranse mediante cursiva.

12. Ó final dos artigos deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas por orde alfabética. No caso de referencias de tres ou máis autores, deben figurar todos cando se citen por primeira vez e despois só o primeiro autor seguido de: *et al*.

No próximo número 11, 2009, haberá que axustarse ás seguintes normas para as referencias de texto impreso e as referencias electrónicas:

a) Referencias de texto impreso:

LIBRO: APELIDOS, Nome do autor (ano de publicación): *Título do libro.* Lugar de publicación: Editorial:

FOLE, A. (1997): *Obra galega completa*. Vigo: Galaxia.

ARTIGO: APELIDOS, Nome do autor (ano de publicación): "Título do artigo", en *Título da publicación*. Lugar de publicación: Editorial, páxinas:

ALEIXANDRE, M. (1995): "A verdadeira historia do rato de biblioteca", en *Contos da Travesía. Pontevedra*: Caixa Galicia / Xunta de Galicia / Renfe, 35-57.

b) Referencias electrónicas:

http://www.realacademiagalega.org/volga/ [Data de consulta: 01/10/07].

13. Os orixinais en papel remitiranse para a publicación a:

Cadernos de Fraseoloxía Galega

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Estrada Santiago - Noia, Km. 1 - A Barcia
15896 - Santiago de Compostela
Galicia (España)

A copia electrónica débese remitir por correo electrónico a: paremias@cirp.es

14. O prazo para a recepción de traballos será o 1 de marzo de 2009, e o prazo de aceptación o 15 de maio de 2009.

15. Os editores reservámo-lo dereito de facermos leves alteracións nos traballos recibidos. O obxectivo destas alteracións será o de corrixir erros mecánicos ou lingüísticos. No caso de que as modificacións necesarias fosen considerables, consultarase co autor ou autores para pedirlle- la súa aprobación.

16. Os autores dos traballos publicados recibirán un exemplar da revista e 20 separatas. Trinta dos máis acreditados fraseólogos do mundo recibirán un exemplar da revista, que manterá intercambio con outras publicacións similares.

17. Os traballos recibidos que se axusten a estas normas técnicas serán avaliados por especialistas integrados no Comité Científico de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* e, eventualmente, por avaliadores externos. En último termo, será o Comité de Redacción quen decida sobre a súa publicación.

PUBLICACIÓNS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES 1994-2008

RECURSOS	EN LIÑA
Lingüística	BILEGA*:* Bibliografía informatizada da lingua galega. CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae). CORGA (Corpus de Referencia do Galego Actual). ESGA (Tradutor automático español-galego). ARRECADA Servicio de Terminoloxía Galega (TERMIGAL) da Real Academia Galega (RAG) e do Centro Ramón Piñeiro (CIRP). COTOVÍA (Conversor texto-voz). *Cadernos de fraseoloxía galega* 1,2,3,4,5,6,7,8 (formato PDF). *Fraseoloxía Eslava..* *As imaxes da lingua rusa.*
Literatura	MedDB: Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa. Diccionario de termos literarios (na rede as letras A-D). Informes de literatura (anos 1995-2001, formato ZIP). *A gaita gallega.* *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire.* *Galicia moderna.* *Tapal.* *Aires d'a miña terra* (Bos Aires, 1908-1909). *Eco de Galicia* (A Habana, 1917-1936). *Tierra Gallega* (Montevideo, 1917-1918).

PUBLICACIÓNS	EN LIBRO e / ou CD	
	Título	Nº publ.
LINGÜÍSTICA	*Repertorio bibliográfico da lingüística galega.* Francisco García Gondar (coord.).	11
	Euromosaïc. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE (edición en lingua galega). Peter Nelde, Miquel Strubell E Glyn Williams.	22
	Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.	114
	Bibliografía analítica da lingua galega (2004) Francisco García Gondar (coord.).	144
Fraseoloxía	*Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía.*	30
	Refraneiro galego da vaca. Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
	As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía. Valerii Mokienko [trad. de Ekaterina Lossik].	52
	Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas. Valerii Mokienko [trad. de Ekaterina Guerbek]	53
	Cadernos de fraseoloxía galega 1. Fraseoloxía do mar na mariña luguesa. Paco Rivas.	54
	Cadernos de fraseoloxía galega 2. Refraneiro galego. Xesús Taboada Chivite.	55
	Cadernos de fraseoloxía galega 3. Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego. Mª do Rosario Soto Arias.	84
	Cadernos de fraseoloxía galega 4. Estudos e recadádivas. Varios.	85
	Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Francisco Vázquez Saco.	86
	Cadernos de fraseoloxía galega 6.	107
	Cadernos de fraseoloxía galega 7.	118

	Cadernos de fraseoloxía galega 8.	129
	Cadernos de fraseoloxía galega 9.	146
	Cadernos de fraseoloxía galega 10.	155
	Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1,2007 de Cadernos de fraseoloxía galega. José Augusto Ventín Durán.	147
Terminoloxía (TERMIGAL: RAG / CIRP)	*Formulario notarial* (tamén en disquete). Victorino Gutiérrez Aller.	40
	Regulamentos municipais I (tamén en disquete). Xoaquín Monteagudo Romero.	41
	Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos. Fernando Lahuerta Mouriño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
	Vocabulario multilingüe de acuicultura. Fernando Lahuerta Mouriño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
	Dicionario galego da televisión. Edith Pazó Fernández.	117
Lexicografía	*Diccionario Italiano-Galego.* Isabel González (coord.).	64
	O libro das palabras (obra xornalística completa). Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
LITERATURA	*Lírica profana galego-portuguesa.* Mercedes Brea.	19
	Cantigas do mar de Vigo. Antonio Fernández Guiadanes, Fernando Magna Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María Rodríguez Castaño, Xosé Xabier Ron Fernández e María del Carmen Vázquez Pacho.	35
Literatura	*As Cantigas de Loor de Santa María.* Milagros Muíña, Fernando Magna Abelleira e Mª Xesús BotanaVillar (equipo investigador).	106
e fontes	*Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario.* Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
medievais	*Tratado de Albeitaria.* José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
	Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII). Santiago Gutiérrez García.	75
	Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani. Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coord.).	4
	Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, boxe. Mercedes Brea (coord.).	113
	Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica. Elvira Fidalgo, Milagros Muíña.	116
	O cancioneiro de Pero Meendiz de Fonseca. Laura Tato Fontaíña	148
	Diccionario de termos literarios. A-D. Equipo Glifo.	38
	Diccionario de termos literarios. E-H. Equipo Glifo.	81
	Informe de literatura 1995. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	14
	Informe de literatura 1996. Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	25
	Informe de literatura 1997 (tamén en CD-ROM, que contén este e os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	37
	Informe de literatura 1998 (tamén en CD-ROM, que contén este e mailos tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	48
	Informe de literatura 1999 (tamén en CD-ROM, que contén este e mailos catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	62
	Informe de literatura 1995-2000 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	73
	Informe de literatura 1995-2001 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	79
	Informe de literatura 1995-2002 (tamén en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	93
	Informe de literatura 2003 (en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.).	109

	Informe de literatura 2004 (en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.)	119
	Informe de literatura 2006 (en CD-ROM), Blanca-Ana Roig Rechou (coord.)	145
	Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Luís Alonso Girgado (coord.).	39
	Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico. Mª de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
	Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia. Úrsula Heinze de Lorenzo (Introducción, selección e traducción).	15
	Antoloxía do conto neozelandés. María Fe González Fernández (ed.). [Véxanse tamén os Recursos en liña e mailo Caderno Ramón Piñeiro (VI)].	58
Facsímiles	*A gaita gallega (A Habana 1885-1889*). [Luís Alonso Girgado (ed.)] / 2ª ed.: 2006.	51, 122
	A saudade nos poetas gallegos. Ramón Cabanillas Enriquez Ee Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
	Aires d'a miña terra (Bos Aires 1908-1909). [Carmen Fariña Miranda (ed.)].	97
	Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909). [María Cuquejo (ed.)].	112
	Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 - Vigo 1956). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	8
	Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967). [Luís Alonso Girgado, María Vilariño Suárez (eds.)].	126
	Arazua (Montevideo, 1929-1930) / *Raza Celta* (Montevideo, 1934-1935). [Luís Alonso Girgado, María Vilariño Suárez (eds.)].	125
	Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol 1952-1960). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	2
	Aturuxos. Ramón Armada Teixeiro. [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
	Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915). [Luís Alonso Girgado (introd.) e Marisa Moreda Leirado (ed.)]	152
	Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13). [Luís Alonso Girgado, María Cuquejo (eds.)].	109
	Cristal (Pontevedra 1932-1933). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	29
	Cultura Gallega (A Habana 1936-1940). (Edición dos anos 1936-1937). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	45
	Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal. Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
	Eco de Galicia. (A Habana 1917-1936). [María Lojo Abeijón (ed.)].	96
	El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre. [Manuel Quintáns e Marisa Moreda (eds.)]	150
	Eufonía (Bos Aires 1958-1959). [Luís Alonso, María Cuquejo, Manuel Quintáns (eds.)].	111
	Galicia (Montevideo, número 151, 1929). [María Cuquejo (ed.)].	114
	Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana 1885-1890). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	76
	Galicia Nueva (Montevideo, 1918). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	124
	Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana 1902-1930). Con cd. [Edición, estudo e índices de María Vilariño Suárez]	151
	Galiza. (Mondoñedo 1930-1933). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	42
	Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela 1945-1946). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	12
	La Alborada (A Habana 1912). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	43
	La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela 1949-1950). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	20

	La Primera Luz. Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
	La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896). [Luís Alonso Girgado (ed.)]	80
	La Tierra Gallega (A Habana 1915). [Luís Alonso Girgado (ed.)]	44
	Mundo gallego. Revista de Galicia en América. Bos Aires 1951-1952[Luís Alonso Girgado (ed.)].	142
	Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste'. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.).	69
	Plumas e Letras en 'La Noche' (1946-1949). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	13
	Posío (Ourense 1945-1946). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	9
	Posío, Arte y Letras (Ourense 1951-1954). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	17
	Resol (Galicia 1932-1936). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	28
	Saudade (Verba galega nas américas (México D.F. 1942-1953). [Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.)]	149
	Tapal. [Carmen Fariña Miranda (ed.)].	88
	Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado (Montevideo, 1917-1918). [Carmen Fariña Miranda (ed.)].	110
	Universitarios. Revista de la F.U.E. (Santiago de Compostela 1932-1933). [Luís Alonso Girgado (ed.)].	123
	Galicia. Revista semanal ilustrada. A Habana (1902-1930) (con cd) [Luís Alonso Girgado (ed.)].	138
	Prensa galega en Arxentina (1907-1963) (cd) [Luís Alonso Girgado (ed.)].	139
	Suevia. (*Bos Aires 1913. Revista gallega regionalista) (Bos Aires, 1916. Revista gallega*) [Luís Alonso Girgado (ed.)].	140
Narrativa e poesía recuperada	*A cruz de salgueiro*. Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
	A obra narrativa en galego. Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
	Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos. Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
	As noites no fogar e outros textos. Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
	Baixo do alpendre e outros relatos. M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
	Escolma. Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
	Escolma. Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
	Folla Bricia. Poesía galega Completa. Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
	Gallegada e outros textos en prosa de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
	Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve). [Modesto Hermida (coord.)].	101
	O vento segrel. Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
	Obra galega. Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
	Obra narrativa en galego. Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
	Obra narrativa en galego. Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
	Obra narrativa en galego. Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66

	Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras. José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
	Relatos e outras prosas. Roque Pesqueira Crespo. [Mª Teresa Araújo García (ed.)]	71
	Salayos e outros poemas. Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
	Sulco e vento. Álvaro de las Casas.	95
	Obra galega. Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
	Obra narrativa en galego. Amador Montenegro Saavedra .	141
Filosofía e ensaio	*A filosofía krausista en Galicia*. Ramón López Vázquez.	3
	Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra. Manuel Forcadela (Manuel Fernández Álvarez).	120
	Ética xeral. Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
	Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao. Anxo González Fernández.	46
	Castelao humorista. Siro López.	16
	Hamlet e a realidade cunqueirana. Anxo González Fernández.	10
	Historia do pensamento antropolóxico en Galicia. Alfredo Iglesias Diéguez.	50
	O Padre Feixoo, escolástico. Ramón López Vázquez.	7
	O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André. Do europeísmo ó galeguismo, Ramón López Vázquez.	21
	Sobre Humor de Cervantes no Quixote. Siro López.	127
	Suma da lóxica. Guillerme De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
	Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas. Luís Rey Núñez.	94
	Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica). Ramón López Vázquez.	99
	Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo. Ramón López Vázquez.	143
Cine	*Filmografía galega. Longametraxes de ficción*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	33
	Filmografía galega. Curtametraxes. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	74
Ramón Piñeiro e Cadernos Ramón Piñeiro	*Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos*. VV. AA.	1
	Ramón Piñeiro (video-libro). Carlos Casares Mouriño.	24
	Conversa con Ramón Piñeiro. Manuel Rico Verea.	87
	Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas. Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
	Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas. Luis Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
	Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución. Luis Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
	Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía. José Ángel García López.	98
	Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
	Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469). Xoán Bernárdez Villar .	103
	Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue. Emilio Xosé Ínsua López.	104
	Véxase apartado de Filosofía e Ensaio.	
Outros	*Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Alexandre Rodríguez Guerra.	67
	Guía de alimentación. Pedro Benavente Jareño.	5
	Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro. Xavier Rodríguez Vergara	153
	Glosario de termos para a avaliación de linguas. Alte	154